
ANUARIO BRIGANTINO



2014 Nº 37



Óleo de Fernando Fraga da exposición «Almas urbanas», realizada no Edificio Liceo no 2014.



Óleo de Fernando Fraga da exposición «Almas urbanas», realizada no Edificio Liceo no 2014.

ANUARIO BRIGANTINO

Historia - Arte - Literatura - Antropoloxía - Entidades culturais e deportivas - Acontecementos do ano - Administración Municipal

Fundado por D. Francisco Vales Villamarín

Comité científico

Alfredo Erias Martínez (director)
Xosé Mª Veiga Ferreira (subdirector)
Alberto López Fernández (secretario)

Fernando Alonso Romero
Manuel Ares Faraldo
Manuel Mª de Artaza Montero
Pablo Cancelo López
Marta Colón Alonso
Concepción Delgado Corral
Mª Jesús Lorenzo Modia
Carmen Manso Porto
Xosé Luís Mosquera Camba
Manuel Núñez Rodríguez
Xosé Ramón Barreiro Fernández
José García Oro
Luís Monteagudo García
Carlos Pereira Martínez
Antonio Raúl de Toro
Xesús Torres Regueiro
José Manuel Vázquez Mosquera

Sempre no recordo (†)*:*
José Antonio Fernández de Rota
Antonio Meijide Pardo
José Antonio Miguez Rodríguez

Colaboradores técnicos
Ermita Rodríguez Pérez

Excmo. Concello de Betanzos

2014 **nº 37**

Dos traballos asinados responden os seus autores; dos demais, a dirección do ANUARIO BRIGANTINO

Data límite de admisión de orixinais:
31 de MARZO

REDACCIÓN E INTERCAMBIO

Excmo. Concello de Betanzos
Arquivo e Biblioteca Municipais
Rúa Emilio Romay, 1
15300 Betanzos, A Coruña
Tlf. (981) 771946
anuariobrigantino@gmail.com
alfredoerias@gmail.com

O *Anuario Brigantino* é unha revista de investigación, editada polo Concello de Betanzos, que está considerada na categoría "C-Normal" segundo valoración do Ministerio de Cultura, e clasificada, así mesmo, pola UNESCO (080000, Multidisciplinares. Humanidades).
A presentación e a aceptación de traballos implica a cesión automática de dereitos de publicación por parte do autor, tanto en formato papel como en Internet. O *Anuario Brigantino* completo (desde 1948 ata hoxe) pode consultarse nas webs:
http://www.betanzos.net
http://anuariobrigantino.betanzos.net
http://hemeroteca.betanzos.net
Ademais, intégrase nas bases de datos da BIBLIOTECA XERAL da UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, accesible na páxina: **http://busc.usc.es**
Tamén aparece nas seguintes bases de datos: RISO e ISOC, esta realizada polo *«Centro de Información y Documentación Científica»* (C.I.N.D.O.C.) do C.S.I.C; DICE (*«Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas»*); DIALNET (*«Portal de Difusión de la Producción Científica Hispana»*); RILM *Abstracts of Music Literature* (*Repertoire International de Litterature Musicale*); MIAR (*Matriu d'Informació per a l'Avaluació de Revistes*); LATINDEX (*Difusión y Calidad Editorial de las Revistas Españolas de Humanidades y Ciencias Sociales y Jurídicas*); *Ulrich's Periodicals Directory*; REBIUN (Red de Bibliotecas Universitarias Españolas) Catálogo de Publicaciones Periódicas...

Cuberta:
Torques, brazaletes e argolas da «Colección Rafael Seoane» do Museo das Mariñas. Foto: Lois Ladra.

Contracuberta:
Mes de Novembro no calendario medieval da igrexa de Santa María do Azougue, de Betanzos; debuxo de Alfredo Erias.

Deseño da cuberta, composición e maqueta: Alfredo Erias.

Depósito legal: C-680/96
ISSN: 1130-7625
Imprime: LUGAMI -Betanzos-





Ilmo. Sr. Don José Ramón García Vázquez

Alcalde-Presidente
do Excmo. Concello de Betanzos

Un ano máis teño a enorme satisfacción de presentar o *Anuario Brigantino 2014, nº 37,* que, coma sempre, non soamente se edita en papel, senón tamén en Internet e, conta co complemento dun ciclo anual de conferencias.

A vida cultural de Betanzos neste 2014 foi intensa e dos moitos acontecementos que tiveron lugar, quixera subliñar algúns. Por exemplo, a «XIV Semana Internacional de Cine de Betanzos», adicada a Luis Eduardo Aute; O «III Festival BetanJazz»; a «Historia de Betanzos en fotografías», organizada por Ton Pena e Moncho Presedo; a reedición da Bienal Balconadas, etc. Especial foi a visita do gran barítono italiano Leo Nucci.

E no capítulo das homenaxes, foron moi emotivos os actos de entrega do título de Fillo Predilecto de Betanzos a Santiago de la Fuente García sj., a título póstumo, e tamén o de Fillo Adoptivo de Betanzos a Francisco Javier Etcheverría de la Muela. O concello organizou ademais o Memorial Carlos López García-Picos. E unha Comisión de Antigos Alumnos celebrou o centenario das Escolas García Naveira con diversos actos en homenaxe a estes irmáns que tanto marcaron a vida social e cultural dos betanceiros.

E agora permítanme que felicite ao director do *Anuario Brigantino*, Alfredo Erias, porque o 30 de xaneiro de 2014 leu na Univ. de Santiago de Compostela a súa tese de doutoramento pola que acadou un «Sobresaínte *cum laude»*, e que nos deixa para sempre unha obra monumental, *«Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos...»* que subliña amplamente o feito de ser a nosa cidade a capital do gótico galego.

Sen embargo, a familia do *Anuario* tamén tivo a súa faciana triste, porque faleceu o seu secretario de tantos anos, Xulio Cuns Lousa, Fillo Predilecto de Betanzos, gran figura intelectual da nosa cidade, que destacou como guitarrista, actor, escritor, conferenciante, tradutor, investigador, etc. Del quédanos ademais a súa querencia pola conversa cos amigos e o seu nome ligado á Aula Municipal de Cultura.

Por último, agradezo ao Banco Etcheverría e á Fundación Manuel Villuendas Pena a súa axuda. E, coma sempre, o meu agradecemento especial aos autores, ao concelleiro de Cultura saínte, Francisco Díaz, á concelleira entrante, María Barral, ao director, Alfredo Erias, ao subdirector, Xosé Mª Veiga e a todos os membros do Comité Científico e técnicos.

MOI AGRADECIDO!



Óleo de Fernando Fraga da exposición «Almas urbanas», realizada no Edificio Liceo no 2014.

ÍNDICE

Historia...

* Túmulos prehistóricos dos concellos de Neda, Fene, Mugardos e Ares (A Coruña), polo GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS 11

* Ourivería galaica no Museo das Mariñas: a Colección Seoane, por LOIS LADRA, XOSÉ-LOIS ARMADA e MARCOS MARTINÓN-TORRES..... 25

* Conexións lingüísticas entre as Illas Británicas e a Península Ibérica: Unha perspectiva nova para unha pregunta vella, por JAMES DURAN / SÉAMAS Ó DIREÁIN..... 53

* La embarcación de la jarra romana del río Ulla (Galicia), por FERNANDO ALONSO ROMERO..... 93

* Mozas-dragón e mozas de dragóns, por Mª AURORA LESTÓN MAYO..... 103

* Un ejemplo de contrato de aprendizaje suscrito en Ferrol durante el Antiguo Régimen: el platero Juan Pasqual y su aprendiz Francisco Cordido, por PEDRO JAVIER GONZÁLEZ RODRÍGUEZ..... 123

* Reflexiones en torno a la acción educativa de los Hermanos García Naveira en Betanzos, por EDUARDO JOSÉ FUENTES ABELEDO..... 137

* As *Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza* na vila de Betanzos (1936-1951), por SARA RODRÍGUEZ PÉREZ..... 161

* El Teatro Alfonsetti de Betanzos -Tercer acto-, por MARTA GONZÁLEZ RODRÍGUEZ..... 201

* El Sanatorio Marítimo de Oza: institución pionera en la atención de la infancia enferma española (1910-1936), por ANA L. RODRÍGUEZ DÍAZ..... 235

Arte, Literatura, Antropoloxía...

* Ermidas e capelas desaparecidas na comarca das Mariñas, por XOSÉ MARÍA VEIGA FERREIRA e JUAN SOBRINO CEBALLOS..... 253

* Camiño Mariñán de peregrinación, por ALFREDO ERIAS, JOSÉ FRANCISCO CASTRO, EDUARDO MUÑOZ (da Asociación de Custodia do Patrimonio Cultural «Vedoreira») e JOSÉ SOTO (da Asociación «Refuxios do Río Mandeo»)... 311

* Informe sobre o escudo heráldico municipal de Betanzos, por ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ..... 345

* Ricardo Vilanova, pintor de cámara en época de Isabel II, por JOSÉ HERVELLA VÁZQUEZ..... 417

* Santos profilácticos e curativos de diferentes doenzas do gando na provincia lucense, por JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO..... 423

* Juegos Florales de Galicia (IV): Juegos Florales de Betanzos (1946), por JOSÉ-DOMINGO VALES VÍA..... 445

* Obra poética de Salvador Cabeza de León,
por CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL..... 457
* Herba Moura: a historia de tres «sabichonas garabateiras»,
por IRIS GEY LÓPEZ..... 471
* Unha proposta de lectura de GRUPO ABELIANO,
por MARÍA GARCÍA GONZÁLEZ..... 481
* Berger, Betanzos y mi hijo, por CARLOS PENELAS..... 489
* Berger, otra vez Berger, por CARLOS PENELAS..... 493
* «Desta imos presos». A miña relación con Carlos López-García,
por MARGARITA VISO SOTO..... 497
* Entrega del TÍTULO DE HIJO PREDILECTO y MEMORIAL en honor y
reconocimiento a SANTIAGO DE LA FUENTE GARCÍA S. J.,
por VICENTE DE LA FUENTE GARCÍA..... 505
* Historias de Betanzos: LOS CUPIDOS JUAN Mª GARCÍA OTERO..... 525
* Presentación del Anuario Brigantino 2013, nº 36,
por Mª TERESA AMADO RODRÍGUEZ..... 529

Entidades culturais e deportivas...


* FUNDACIÓN CIEC..... 539
* Outras entidades..... 547

Acontecementos do ano 569

* Pregón da XVII Feira Franca Medieval de Betanzos,
por TONI SIVA..... 579
* Pregón das Festas Patronais, por SUSANA VÁZQEZ CUPEIRO..... 583
* Función do Voto, por JOSÉ RAMÓN GARCÍA VÁZQUEZ..... 586



HISTORIA...



Óleo de Fernando Fraga da exposición «Almas urbanas», realizada no Edificio Liceo no 2014.

Túmulos prehistóricos dos concellos de Neda, Fene, Mugardos e Ares (A Coruña)

GRUPO DE ARQUEOLOXÍA DA TERRA DE TRASANCOS*

Sumario

O estudo do fenómeno tumular dos concellos de Neda , Fene, Mugardos e Ares (A Coruña), e continuación dos traballos realizados no ano 1997-8 sobre os concellos da Ría de Ferrol. Ó igual que os traballos anteriores, informamos do entorno e emprazamento dos túmulos, reflectando cal é na actualidade a situación na que se encontran estos xacementos.

Abstract

The study of the phenomenon of tombs in the municipalities of Neda, Fene, Ares and Mugardos (A Coruña). This work is the continuation of the work done in 1997 and 1998 on the councils of Ferrol and Neda. With this study is completed the geographic scope of the municipalities of the Ría de Ferrol. As in previous works, we report the location of the tombs and also what is the situation in which, currently, are found these deposits.

I – INTRODUCIÓN

O traballo que agora presentamos, sae á luz despois de que fora iniciado hai máis de dúas décadas, cando algúns dos membros da nosa Asociación axudaban a facer o traballo de campo da historia do concello de Narón[1] (entre os anos 1988 e 1991), que incluía na súa parte de prehistoria ó resto de concellos da Ría de Ferrol.

Pero este non era o primeiro, nin foi o último traballo; neses anos diversos autores fixaron as súas investigacións neste territorio, algo que xa foi reflectido nunha análise publicada pola nosa Asociación no ano 2000[2].

O que fixemos agora foi actualizar os datos obtidos daquela e, coa experiencia acumulada ó longo destes anos, mellorar a técnica de prospección, oque nos levou á localización de novos túmulos, en especial os dos concellos de Mugardos e Ares, territorio este no que ata a data non se tiña localizado ningún túmulo.

II - SITUACIÓN XEOGRÁFICA

A zona de estudo comprende catro pequenos concellos do leste (Neda e Fene) e sur da Ría de Ferrol (Mugardos e Ares), en total uns 82 km² que forman parte da área xeográfica coñecida como Golfo Ártabro.

***** A **Asociación Cultural «Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos»** constituíuse en Ferrol en 1991, tendo por fins a investigación, inventariado, divulgación e preservación do patrimonio histórico-arqueolóxico.

[1] Pena Graña, A., «Narón, un concello con Historia de seu», concello de Narón, 1991, reeditado no 2010.

[2] Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos, «O «boom» arqueolóxico de finais do s. XX na bisbarra de Ferrol: análise comparativa», *Anuario Brigantino 2000*, nº 23, páxs. 21-38.

Esta zona sitúase baixo o dominio climático oceánico húmido, propio da costa setentrional galega, caracterizado por unha suavidade térmica que oscila entre os 13 e 15º, con precipitacións moderadas.

No aspecto litolóxico está composto maioritariamente por cuarzoxistos e, en menor medida por facies graníticas moi alteradas na zona oriental dos concellos de Neda e Fene (Coto de Ancos e Montes de Marraxón), e granodiorita tardía na zona occidental dos concellos de Mugardos e Ares (dende Montefaro ata a costa).

III-DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA DOS TÚMULOS

Como ben sendo costume, para unha mellor comprensión do texto describiremos os túmulos atopados de N a S, por parroquias dentro de cada concello.

CONCELLO DE NEDA

O termo municipal ten 23,68 km^2 cunha orografía chea de suaves elevacións, que baixan graduadamente dende o monte das Louseiras (465 m de altitude), que é a máxima altura do concello, Montes de Marraxón (334 m) e Coto de Ancos (269 m) ata os ríos Belelle, Castro e Xuvia, compartimentando o terreo sen apenas chairas.

Na actualidade o concello está dividido en catro parroquias: San Pedro de Anca, San Andrés de Viladonelle, Santa María de Neda e San Nicolás de Neda, sendo esta última a parroquia onde se sitúa o núcleo urbano, e onde non localizamos ningún túmulo nin referencia.

San Pedro de Anca:

A parroquia está situada ó NNL do concello, nela tan só localizamos os restos dunha mámoa no linde coa parroquia de Santa María de Narahío (concello de San Sadurniño). (fig.1).

1) Mámoa da Cortella (coordenadas UTM 573387 – 4816449, xeográficas 08º 05' 32,42" – 43º 29'47,68"). Emprazamento (Emp.): Chaira. Altitude (Alt.): 228 m. Regato máis achegado a (Reg.): 300 m. Substrato xeolóxico (Subst.): Cuarzoxistos. Terreo dedicado a (Terr.): Arborado de repoboación. Medidas (Med.): 18 m N-S x 15,50 L-O x 0,60 de altura; burato de violación 3,50 m de Ø x 0,50 de profundidade. É posible que o burato sexa moderno, xa que del foi arrincado o cepo dunha árbore. Estado de conservación (Est.): Malo. A metade da mámoa que se conserva está bastante ben, sen embargo hai dous anos fíxose unha pista na divisoria dos concellos que se levou por diante a parte do túmulo que estaba dentro do concello de Neda.

San Andrés de Viladonelle:

É a parroquia situada ó L do concello, nela tan só localizamos un túmulo, situado na parte máis elevada do concello, nunha pequena portela de apenas 30 m. de ancho entre a Louseira Alta e a Louseira Baixa (fig.1).

2) Mámoa do Inglés ou Pena Uzal (coordenadas UTM 573122 – 4814410, xeográficas 08º 05'45,20" – 43º 28'41,70"). Emp.: Portela. Alt.: 421 m. Reg.: 115 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Monte baixo. Med: 10 m de N-S x 11 L-O x 0,80 de alto; burato de violación 3,50 m N-S x 5 L-O x 0,50 de profundidade. Est.: Regular.

Convén aclarar que o túmulo, bautizámolo como Mámoa do Inglés durante o transcurso dun traballo de campo que desenrolamos os membros desta Asociación na década de 1990, ó preguntarlle a uns veciños da zona de Narahío sobre se coñecían algunha mámoa, nos respondéronnos que non sabían que era iso, e tras aclararlles que eran enterramentos

nos dixéronnos: «*Comentaron meus pais, hai uns 50 anos* (seguramente referíanse a principios do século XX) *que andaba un home buscando minerais pola Louseira, e era inglés, nunca máis se soubo del, e sei que morrera por aí. Ó mellor está aí enterrado*». Posteriormente, durante o traballo de prospección encargado pola Dirección Xeral de Patrimonio no ano 1995, foi inventariado polo arqueólogo Alfosín Soliño, quen trasladou o nome ó inventario da Xunta.

Este bautizo "inocente" serviu como un pretexto máis para un bautizo posterior, pero con máis transcendencia: o do camiño de peregrinación que vai dende Ferrol a Compostela, o Camiño Inglés. Polo tanto hai que dicir o nome do "inglés" foi inventado polos autores que agora escriben este artigo. O inglés en cuestión non era peregrino nin de lonxe, senón que se supón buscaba minerais. O túmulo é 3000 anos anterior a que existisen os camiños de peregrinación a Compostela. Ademais o túmulo non se ve, nin está nas proximidades do Camiño de peregrinación, senón a 6 km. de distancia en liña recta cara ó leste.

Postos a aclarar despropósitos sobre este túmulo, dicir que non é un dolmen, nin está no lugar de Chao de Aldea (Viladonelle), como poñen a maioría de artigos e noticias publicadas en internet.



Fig. 1.- Plano de situación dos túmulos de Cortella e Louseira (Neda)..

Santa María de Neda:

É a parroquia máis extensa e a que ocupa a zona central e O/SSO do concello, nela atopamos dous túmulos.

3) Mámoa de Gunturiz (coordenadas UTM 568242 – 4815310, xeográficas 08º 09'21,99" – 43º 29'12,52"). Emp.: Ladeira. Alt.: 114 m. Reg.: 400 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 11 m de Ø x 0,40 de alto; burato de violación 3 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular, e en perigo xa que está situada nunha zona urbanizable. Na actualidade entre dúas casas. (fig.2)



Fig. 2.- Plano de situación do túmulo de Gunturiz (Neda).



Foto 1.- Mámoa de Marraxón (Neda).

4) Mámoa de Marraxón[3] (coordenadas UTM 569950 – 4815644, xeográficas 08º 08'05,81" – 43º 29'22,78"). Emp.: Cume. Alt.: 334 m. Reg.: 400 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 9 m N-S x 12 L-O x 0,40 de alto; burato de violación 3 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Malo. A principios da década dos 90, situou enriba del o Instituto Geográfico Nacional (IGN) un vértice xeodésico, que rompeu o túmulo polo N; tamén está cortado ó L por un camiño (Foto1). No monte de Marraxón este é o único túmulo que localizamos no concello de Neda, xa que a necrópole continúa ó longo do mesmo, pero xa pertencendo ó concello de Fene, onde foron localizados outros vintedous (figs. 3-4).

CONCELLO DE FENE

O termo municipal ten 27,24 km^2 cunha orografía igual que a do concello de Neda, con suaves elevacións, que gradualmente baixan dende o Monte de Marraxón (Coto do Rei 355 m., que é a máxima altitude do concello), na parte máis oriental do concello, cara ó mar. As parroquias occidentais son costeiras e fortemente poboadas o cal dificultou claramente a conservación dos túmulos.

Na actualidade o concello está dividido en sete parroquias: San Salvador de Fene, Santo Estevo de Perlío, Santa Marina de Sillobre, San Xurxo de Magalofes, Santiago de Barallobre, San Salvador de Maniños e Santa Olaia de Limodre. Nelas tan só localizamos túmulos nas de Sillobre e Barallobre.

Santa Marina de Sillobre:

É xunto coa de Magalofes a parroquia situada ó leste do concello. Nela localizamos a maior concentración de túmulos desta zona de estudo (22)[4], que se espallan pola dorsal do monte de Marraxón que separa a ribeira do mar, ó O, co río Belelle, ó L. Tamén no linde coa parroquia de Magalofes atopamos unha referencia documental.

---

[3] Opus cit, Pena Graña, A.; 1991 e 2010; Carneiro Rey, J.A e Serrano Otero, J. «Arqueoloxía e paisaxe, o arco Ártabro desde a prehistoria recente ata o medievo», *Cátedra, Resvista eumesa de estudios*, Pontedeume 2000, nº 7. A maiores neste último traballo se nomea outro túmulo máis ó N do anterior que nos non localizamos.

[4] De tódolos traballos que falan ou nomean os túmulos do concello de Fene, tan só podemos considerar os de Pena Graña, A, 1991 e 2010, Opus cit, que localiza 18 túmulos; e o de Carneiro Rey, J.A. e Serrano Otero, J, 2000, Opus cit, que localiza 17 túmulos (aínda que tan só hai unha diferenza dun túmulo entre ambos traballos, os túmulos nomeados non son os mesmos, a xulgar polos planos de situación que presentan os seus autores). A maiores existen outros traballos que falan dos túmulos de Marraxón, pero que non aportan nada e o que fan e copiarse entre sí ou copiar ós autores anteriores: Romero Masía, A. Mª e Pose Mesura, X.M., «Catalogación arqueolóxica da Ría de Ferrol», *Monografías urxentes do Museu,* Museu Arqueolóxico Provincial Concello de A Coruña, nº 2, 1985, en que tan só se describe unha mámoa (a nº 10 deste estudo) e se di que como referencia haberá entre 20/25 túmulos. Tamén no mesmo ano os alumnos de FP Electrónica do curso 1983/1984 do IFP de Barallobre en «Arqueoloxía

Monte de Marraxón/Coto do Rei: Esta é a zona NO do monte, que linda co concello de Neda. Nela localizamos seis túmulos (fig.3).

5) Marraxón/Coto do Rei-1 (coordenadas UTM 569937 – 4815321, xeográficas 08º 08'06,53" – 43º 29'12,31"). Emp.: Chaira. Alt.: 323 m. Reg.: 400 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo e arborado de repoboación. Med: 12 m N-S x 9 L-O x 0,30 de alto. Est.: Malo, está moi arrasado e só é posible a súa localización co monte limpo.

6) Marraxón/Coto do Rei-2 (coordenadas UTM 570034 – 4815072, xeográficas 08º 08'02,33" – 43º 29'04,21"). Emp.: Chaira. Alt.: 330 m. Reg.: 500 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 13 m N-S x 12 L-O x 0,30 de alto. Est.: Malo, está moi arrasado e só é posible a súa localización co monte limpo.




Fig. 3.- Plano de situación dos túmulos de Marraxón nos concellos de Neda e Fene.

7) Marraxón/Coto do Rei-3 (coordenadas UTM 570121 – 4815033, xeográficas 08º 07'58,48" – 43º 29'02,92"). Emp.: Chaira. Alt.: 335 m. Reg.: 500 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 18 m N-S x 13 L-O x 0,60 de alto. Est.: Malo, está cortado ó medio (dirección N-S) polo camiño que vai dende o Coto de Marraxón a Coto de Rei.

8) Marraxón/Coto do Rei-4 (coordenadas UTM 570249 – 4814725, xeográficas 08º 07'52,98" – 43º 28'52,89"). Emp.: Chaira. Alt.: 340 m. Reg.: 600 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo e arborado de repoboación. Med: 17 m de Ø x 0,60 de alto; ten varios buratos o principal mide 5 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Regular.

9) Marraxón/Coto do Rei-5 (coordenadas UTM 570223 – 4814684, xeográficas 08º 07'54,10" – 43º 28'51,57"). Emp.: Chaira. Alt.: 336 m. Reg.: 600 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo e arborado de repoboación. Med: 13 m de Ø x 0,40 de alto. Est.: Regular, está moi alterado.

10) Coto do Rei (coordenadas UTM 570306 – 4814534, xeográficas 08º 07'50,47" – 43º 28'46,68"). Emp.: Cume. Alt.: 355 m. Reg.: 450 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 19 m de Ø e unha altura que oscila entre os 1,10 polo O ata os 0,80 polo L; burato de violación 6 m N-S x 6,50 L-O x 0,70 de profundidade. Est.: Regular, debido á forte violación e ás constantes agresións que sofre. Cabe salientar, que é un túmulo que se pode visualizar dende máis de 15 km. de distancia. Está situado nun

---

prehistórica no concello de Fene», *Cardeno nº 2* do Servizo de normalización lingüística do concello de Fene, 1985, que aporta os mesmos datos que o anterior (entre 20/25 mámoas); e Rivera Rodríguez, Mª, «Restos Arqueológicos en la parroquia de Sillobre», *Ferrol Análisis*, nº 12, páxs. 40-49, 1998 e *Sillobre ven de antigo*, Comisión de Cultura, Xuventude, Ensino e Deportes do Concello de Fene, páxs. 11-14, 2000 onde a autora parte do traballo de Pena Graña, sen aportar nada novo.




Fig. 4.- Plano de situación dos grupos de Cal do Foxo e Carreira (Marraxón - Fene).

enclave privilexiado, dende onde se divisa a maior parte do Golfo Ártabro, dende A Coruña ata Ferrol. É coñecido dende mediados do século XX. Foi publicado en 1985, inventariado na Dirección Xeral de Patrimonio en 1995, é protexido polo PXOM do concello de Fene dende 1998. A pesares desto, dende está última data, o túmulo sigue a padecer constantes agresións sen que as administracións competentes fagan nada ó respecto. Primeiro colocouse a caseta dun repetidor, coa súa antena a menos de 15 m do túmulo e posteriormente foi chantado enriba mesmo do túmulo un panel explicativo, para que os «turistas» podan apreciar as fermosas vistas da Ría de Ferrol. Por suposto, sen facer nin a máis mínima mención a que están «pisoteando» o túmulo (fotos 2 e 6).

Monte de Marraxón/Cal do Foxo, é a zona central da dorsal, nela localizamos sete túmulos (fig.4).

11) Marraxón/Cal do Foxo-1 (coordenadas UTM 570528 – 4813952, xeográficas 08º 07'40,86– 43º 28'27,75") Emp.: Chaira. Alt.: 332 m. Reg.: 210 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 15 m. x 13 x 1 de altura; burato de violación 8 m N-S x 5 L-O x 0,90 de profundidade. Est.: Bo a pesar da forte violación.

12) Marraxón/Cal do Foxo-2 (coordenadas UTM 570525 – 4813980, xeográficas 08º 07'40,99" – 43º 28'27,75"). Emp.: Chaira. Alt.: 332 m. Reg.: 210 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 12 m de Ø x 0,50 de alto; burato de violación 5 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Bo.

13) Marraxón/Cal do Foxo-3 (coordenadas UTM 570561 – 4813981, xeográficas 08º 07'39,38" – 43º 28'28,67"). Emp.: Chaira. Alt.: 333 m. Reg.: 180 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 13 m N-S x 12 L-O x 0,60 de alto; burato de violación 3,5 m de Ø x 0,50 de profundidade. Est.: Regular.

14) Marraxón/Cal do Foxo-4 (coordenadas UTM 570476 – 4813972, xeográficas 08º 07'43,17" – 43º 28'28,41"). Emp.: Chaira. Alt.: 327 m. Reg.: 270 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Arborado de repoboación. Med: 18 m N-S x 18 L-O e unha altura que oscila entre os 1,10 polo S e O ata os 0,50 m polo N; burato de violación 4 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular, está cortado ó N por un valo de pedras e polo Lpor unha estrada (foto 3).

15) Marraxón/Cal do Foxo-5 (coordenadas UTM 570451 – 4813944, xeográficas 08º 07'44,27" – 43º 28'29,13"). Emp.: Ladeira. Alt.: 325 m. Reg.: 280 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 9 m N-S x 10,5 L-O x 0,40 de altura; burato de violación 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Malo. Está cruzado ó medio (dirección L-O) por un camiño. Este túmulo xunto co nº 6 deste grupo están dentro dunha finca que durante tempo foi utilizada como circuíto de motocross e vertedoiro ilegal. Na actualidade os dous túmulos inda seguen tendo os restos deste vertedoiro.



Foto 2.- Mámoa do Coto do Rei (Fene) na que se poden apreciar as diferentes agresións sufridas ó longo do tempo.



Foto 3.- Mámoa de Cal do Foxo 4 (Fene).

16) Marraxón/Cal do Foxo-6 (coordenadas UTM 570426 – 4813989, xeográficas 08º 07'45,39" – 43º 28'28,98"). Emp.: Ladeira. Alt.: 324 m. Reg.: 300 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 11 m N-S x 12 L-O x 0,70 de alto; burato de violación 4 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Malo, polos mesmos motivos expostos no túmulo anterior.

17) Marraxón/Cal do Foxo-7 (coordenadas UTM 570606 – 4813893, xeográficas 08º 07'37,42" – 43º 28'25,81"). Emp.: Cume. Alt.: 337 m. Reg.: 220 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 13 m N-S x 12 L-O x 0,60 de alto; burato de violación 3 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo. Pegado ó túmulo, na parte SO hai un pequeno afloramento granítico no que se poden ollar dúas cazoletas.

Marraxón/Carreira, é a zona con máis densidade de túmulos, e sitúase ó SL da dorsal, nela atopamos nove túmulos (fig.4), dos cales os números 5, 6, e 9 están arrasados.

18) Marraxón/Carreira-1 (coordenadas UTM 570652 – 4813756, xeográficas 08º 07'35,44" – 43º 28'21,35"). Emp.: Chaira. Alt.: 333 m. Reg.: 315 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 18 N-S x 20 L-O x e unha altura que oscila entre os 1,00 polo Le S ata os 0,60 m polo N; burato de violación 3 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Bo (foto 4).

19) Marraxón/Carreira-2 (coordenadas UTM 570653 – 4815724, xeográficas 08º 07'35,41" – 43º 28'20,31"). Emp.: Chaira. Alt.: 332 m. Reg.: 350 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 11 m de Ø x 0,40 de altura; burato de violación 2,50 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular.

20) Marraxón/Carreira-3 (coordenadas UTM 570671 – 4813698, xeográficas 08º 07'34,62" – 43º 28'19,46"). Emp.: Ladeira. Alt.: 331 m. Reg.: 350 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 10 m N-S x 11 L-O x 0,40 de altura; burato de violación 2,50 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular.

21) Marraxón/Carreira-4 (coordenadas UTM 570681 – 48136894, xeográficas 08º 07'34,18" – 43º 28'19,17"). Emp.: Ladeira. Alt.: 330 m. Reg.: 360 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 14,50 m N-S x 15 L-O e unha altura que oscila entre os 0,80 polo L e S ata os 0,40 polo O e N; burato de violación moi alterado de 4,50 m de Ø. Est.: Regular.

22) Marraxón/Carreira-5 (coordenadas UTM 570699 – 4813729, xeográficas 08º 07'33,36" – 43º 28'20,46"). Emp.: Chaira. Alt.: 334 m. Reg.: 340 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 11 m de Ø x 0,20 de alto. Est.: Malo, está practicamente achaiado.

23) Marraxón/Carreira-6 (coordenadas UTM 570748 – 4813687, xeográficas 08º 07'31,20" – 43º 28'19,08"). Emp.: Ladeira. Alt.: 327 m. Reg.: 340 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 11 m de Ø x 0,20 de alto. Est.: Malo, está practicamente achaiado.

24) Marraxón/Carreira-7 (coordenadas UTM 570747 – 481367, xeográficas 08º 07'31,25" – 43º 28'18,76"). Emp.: Ladeira. Alt.: 326 m. Reg.: 355 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 13 m de Ø e unha altura que oscila entre 1,00 polo O ata os 0,40 polo N. Est.: Regular.

25) Marraxón/Carreira-8 (coordenadas UTM 570753 – 4813657, xeográficas 08º 07'30,99" – 43º 28'18,11"). Emp.: Ladeira. Alt.: 324 m. Reg.: 390 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo. Med: 14 m N-S x 15 L-O x 0,70 de altura; burato de violación 3,50 m de Ø x 0,40 de profundidade. Est.: Regular.



Foto 4.- Mámoa de Carreira 1 (Fene).

26) Marraxón/Carreira-9 (coordenadas UTM 570755 – 4813635, xeográficas 08º 07'30,91" – 43º 28'17,39"). Emp.: Ladeira. Alt.: 323 m. Reg.: 410 m. Subst.: Granito de dúas micas moi deformado. Terr.: Monte baixo e arborado de repoboación. Med: 12 m de Ø x 0,30 de alto. Est.: Malo, está practicamente achaiado.

Nesta parroquia atopamos a referencia documental dun túmulo no seu linde coa parroquia con San Xurxo de Magalofes[5]: *«.. a la fuente do Carballo, y al marco que estta en el coro de la Capilla de san Marco, y desde este* ***a la modia*** *del mismo nombre y de alli a la Picavella y a la pica parda».* Hoxe en día aínda se conserva o topónimo de Coto das Modias, pero de momento o túmulo non foi localizado.

Santiago de Barallobre:

É unha parroquia situada na zona central do concello. É unha zona urbanizada, na que tan só localizamos un túmulo, tendo constancia da desaparición doutros dous (fig.5).

27) Vilar do Colo-2 (coordenadas UTM 570736 – 4811536, xeográficas 08º 10'30,69" – 43º 27'10,69"). Emp.: Ladeira. Alt.: 187 m. Reg.: 500 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de Repoboación. Med: 19 m N-S x 13 L-O x 1,20 de alto polo N e S. Est.: Regular, está cortado polo S e polo O.

[5] Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio sobre a parroquia de Santa Marina de Sillobre, folios 3867v e 3868r e tamén sobre a parroquia de San Xurxo de Magalofes folio, 2332v.

28) O túmulo denominado Vilar do Colo-1, foi inventariado en 1995 co número GA15035005 por Alfosín Soliño e recollido no PXOM do concello de Fene en 1998, nas fincas catastrais números 269-270 (polígono 23), encontrábase a uns 150 m OSO do túmulo anterior. A pesares desta protección foi destruído durante a construción dunha nave industrial do Polígono Industrial de Vilar do Colo.

Aportamos os datos que figuran no inventario da Xunta e no PXOM do concello: (coordenadas UTM 566820 – 4811420, xeográficas 08º 10'27,00" – 43º 27'06,91"). Emp.: Chaira. Alt.: 186 m. Reg.: 650 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de Repoboación. Med: 12 m N-S x 11 L-O x 0,50 de alto; burato do violación 3 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Bo. Hoxe en día, como acabamos de ver, está destruído na súa totalidade.

Outro túmulo que se encontraba nesta zona era o denominado Mámoa do Campo da Arca[6], duns 28 m de Ø, foi destruído na década dos 80 para a construción do Cemiterio Municipal de Fene.

Tamén localizamos no Catastro del Marqués de la Ensenada[7] unha referencia documental na parroquia de Santa Olaia de Limodre *«... al Marco que se halla en el Coro de la Hermita de San Lorenzo, desde este a las* ***mamoas do Prismo****, y desde este a la fuente ciega».* No obstante este topónimo coincide co Castro de Prismos, polo que creemos que como ocorre noutras ocasións confúndense as murallas do castro con mámoas.

CONCELLOS DE MUGARDOS E ARES

Trátase dos dous concellos situados ó S da Ría de Ferrol. Tratarémolos en conxunto xa que dos cinco túmulos localizados, todos menos un, a xulgar pola documentación consultada, serviron antano de linde entre os dous concellos.

O termo municipal de Mugardos con 12,77 km^2 e o de Ares con 18,20 km^2 teñen unha orografía moi similar cunha dorsal que serve de linde entre os concellos de L-O e que non supera os 100 m de altitude (agás nos extremos oriental –Topueira, 122m- e occidental – Montefaro 266 m-) baixando gradualmente cara á costa.

Esta orografía meramente costeira e con forte presenza poboacional fixeron que apenas se conservasen os túmulos.

O Termo municipal de Mugardos, está composto na actualidade por catro parroquias: San Xoán de Piñeiro, Santiago de Franza, San Vicente de Mehá e San Xiao de Mugardos; mentres que o concello de Ares, está composto por tres parroquias: San Pedro de Cervás, San Xosé de Ares e San Vicente de Caamouco.

San Xoán de Piñeiro e Santiago de Franza:

Trátanse das parroquias máis orientais do concello de Mugardos, en nelas localizamos un túmulo (fig.5) recollido no Interrogatorio do Catastro do Marqués de la Ensenada[8] de ámbalas dúas parroquias: *«...circulando al Poniente confina con el soto nominado de*

[6] Opus Cit, Romero Masía, A.Mª e Pose Mesura, X.M., 1985 e no mesmo ano os alumnos de IFP de Barallobre.

[7] Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio sobre a parroquia de Santa Olaia de Limodre, folio 2197v.

[8] Catastro del Marqués de la Ensenada, pregunta 3 do interrogatorio sobre a parroquia de Santiago de Franza , folios 1746 –r e 1747-v; e no da parroquia de San Xoán de Piñeiro, folio 3177-v, na que denomina como *«medoña»*.

Juana, y bolteando acia el S. limita conl a ***Modoña de dn. Nicolás Piñeiro****, desde ésta vá siguiendo al Marco de piedra de grano establecido Junto a la Capilla su adbocacion de nuestra señora de Lodairo...»*[9].



Fig 5.- Plano de situación dos túmulos de Vilar do Colo (Fene) e Monte do Pazo (Mugardos).

29) Monte do Pazo/*Modoña de Dn. Nicolás Piñeiro* (coordenadas UTM 563806 – 4810678, xeográficas 08º 12'41,41" – 43º 26'43,80"). Emp.: Chaira. Alt.: 85 m. Reg.: 300 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de Repoboación. Med: 28 m N-S x 21 L-O x 1,50 de alto. Est.: Bo, a pesar de estar cortada ó L por un camiño. Creemos que se trata da *modoña* nomeada no Catastro del Marqués de la Ensenada, aínda que hoxe en día está 110 m ó O do actual linde das parroquias.

San Xiao de Mugardos e San Xosé de Ares:

Foron localizados catro túmulos todos eles no linde entre os dous concellos (fig.6). Dous deles encontrámolos referenciados nun preito con data do 16/01/1625[10] pola xurisdición do mar entre o Conde de Lemos e Mosteiro de Santa Catalina de Montefaro:

> *...nel pleito con el menistro y convento de Santa catalina de Monte Faro San Jurxo su procurador sobre <u>la juridicion de la mar de la rria del Fferrol</u> digo que para que mas claramente conste a V.ss en como toda dha rria y puerto lo que toca a la mar hestando dentro del agua hes jurdicion cibil y criminal de la dha villa ques del señor conde de Lemos...*

Nel apórtanse como probas as confirmacións duns apeos do coto de Mugardos con data do 03/11/1611 e de 29/12/1624[11] nos que se di:

> *...la hestada do ynfante que es una piedra seixo blanco y grande parte del sobre terra que sse dexa bien de ber hen donde dizen se parten las tres jurdicciones de mugardos y del conde y de besoucos que hesta al leste de la dha fuente da bulla que todas hestas senales moxones y terminos confinan con tierra he jurdiccion del conde lemos luego Prosiguiendo*

---

[9] Carneiro Rey, J.A. e Rodríguez Vázquez, M.A.; *Historia de Mugardos*, Concellería de Cultura do Concello de Mugardos, 2004, páx. 4, que nomean a existencia do túmulo sen localizado; Careniro Rey, J.A., «Fontes para o estudo da toponimia en Mugardos», *Cátedra, Resvista eumesa de estudios*, Pontedeume 2004, nº 11, páxs. 169-207.

[10] Queremos expresar o noso agradecemento a D. José López Hermida (presidente da Asociación Cultural Columba) que nos entregou unha transcripción do preito, grazas ó cal foron localizadas as mámoas. Descoñece o paradeiro do orixinal, xa que a transcrición fóralle entregada polo difunto D. Angel Felpeto.

[11] Opus Cit. Carneiro Rey, J.A. e Rodríguez Vázquez, M.A., Hist. de Mugardos 2004; Opus Cit Carneiro Rey, J.A., «Fontes para o estudo da toponimia... » 2004, que ó igual que no anterior citan o documento e a existencia dos túmulos sen nomealos nin localizalos.

en la dha vesita de terminos binieron a la ***mamoa q se dice do juycio ensinia que hes un alto de tierra*** *questa derecho al sur de la dha hestada do ynfante y de alli vinieron* ***a la mamoa do marañon questa al sudeste que es un alto de tierra como la de arriba*** *luego binieron a un marco ques de lousa q tambien se dize de maranon questa al sudeste dela mamoa darriba...*

As dúas mámoas anteriormente mencionadas foron localizadas e a maiores, próximas a elas outras dúas. Se ben todas elas se encontran hoxe en día, administrativamente no concello de Ares, ningunha delas está apartada máis de 70 m do linde actual entre os concellos de Ares e Mugardos.

30) Mámoa da Seaña (coordenadas UTM 561053 – 4810729, xeográficas 08º 14'43,85" – 43º 26'46,28"). Emp.: Ladeira. Alt.: 66 m. Reg.: 500 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de Repoboación e monte baixo. Med: 18,50 m N-S x 19 L-O x 0,50 de alto. Est.: Bo, é o túmulo que se encontra máis afastado do linde actual dos concellos.

31) Mámoa do Muiño do Vento/*Mámoa do Juycio ensinia* (coordenadas UTM 560738 – 4810726, xeográficas 08º 14'57,80" – 43º 26'46,28"). Emp.: Chaira. Alt.: 79 m. Reg.: 650 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de Repoboación. Med: 24,50 m N-S x 24 L-O x 0,80 de alto; burato de violación 5 m de Ø x 0,30 de profundidade. Est.: Bo, esta é a mámoa que identificamos como a *Mámoa do Juycio ensinia.* Na actualidade está preto do camiño que sirve de linde entre os dous concellos, de feito o camiño fai un xiro e bordea a mámoa para non pasarlle por enriba (foto 5).

32) Mámoa do Marañón-1 (coordenadas UTM 560142 – 4810520, xeográficas 08º 15'24,46" – 43º 26'39,77"). Emp.: Chaira. Alt.: 79 m. Reg.: 550 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de Repoboación. Med: 19 m N-S x 18 L-O x 0,50 de alto; burato de violación 6 m N-S x 5 L-O x 0,30 de profundidade. Est.: Regular, está bastante achaiada. Este é o túmulo que identificamos como *Mámoa do Marañón*, xa que correspóndese co seguinte marco do preito. Está apartado 30 m do camiño do Marañón, que é o actual linde entre concellos.

33) Mámoa do Marañón-2 (coordenadas UTM 560059 – 4810481, xeográficas 08º 15'28,17" – 43º 26'38,53"). Emp.: Cume. Alt.: 80 m. Reg.: 500 m. Subst.: Cuarzoxistos. Terr.: Arborado de Repoboación. Med: 16,80 m N-S x 20 L-O x 0,50 de alto; burato de violación 5 m de Ø x 0,20 de profundidade. Est.: Regular, está bastante achaiada. Ó igual que a anterior tamén se encontra a preto do camiño do Marañón, a 24 m., aínda que creemos que é o anterior o que se menciona no apeo do século XVII.

CONSIDERACIÓNS ARQUEOLÓXICAS

Durante este traballo foron localizados 32 túmulos, o que hai que sumarlle o túmulo de Vilar de Colo-1 (nº 28) destruído polo Polígono do mesmo nome, que incluiremos nestas consideracións, xa que temos todos os datos necesarios para verificar que realmente se situaba neste emprazamento. Ademais temos referencias bibliográficas doutros dous, un deles, o de Campo de Arca destruído.

Temos a certeza de que habería moitos máis, xa que amplas zonas dos concellos están fortemente urbanizadas e outras moitas non foron prospectadas.

Dende o punto de vista xeográfico: o emprazamento maioritario destes xacementos tende a situarse nas zonas chairas (46 % - 15 túmulos) seguidos polos emprazamentos en ladeira (39% - 13 túmulos), e por último os 5 situados en cume (15%).



Fig 6.- Plano de situación dos túmulos do linde dos concellos de Mugardos e Ares.



Foto 5.- Mámoa de Muiño do Vento(Mugardos). Foto: José M. Salgado.

En canto á altitude, os datos que nos aporta está análise non son fiables, xa que a maioría (70% - 23 túmulos) se encontran nas cotas de 320 a 355 m, pero estes túmulos correspóndense integramente coa zona do Monte Marraxón. O resto dos túmulos en zonas altas son: tres deles (9%) nas cotas de 186 e 228 m; un na cota de 114 e un túmulo na cota dos 421 m, que se corresponden co da Pena Louseira, no linde dos concellos de Neda e San Sadurniño. Destacan polo inusual os localizados en zonas baixas (5 túmulos – 15%, nas cotas entre 66 a 85 m, que tamén corresponden a unha zona concreta: os concellos de Mugardos e Ares). Con total seguridade esta proporción sería maior si se tiveran conservados os túmulos de chaira, pero estas soen ser zonas moi traballadas pola man do home.

En referencia á relación dos túmulos cos cursos de auga, vemos que a maioría están bastantes separados deles, que son os situados na dorsal do monte Marraxón. Entre 600 a 700 m hai 5 túmulos (15%); entre 400 a 500 m, 10 (30%); entre os 300 a 400 m, 11 (33%); entre 200 a 300 m, 5 (15%) e a tan só unha distancia inferior ós 200 m, dous túmulos (7%).

Ó respecto do substrato xeolóxico sobre o que se asentan os túmulos, encontramos tan só 9 túmulos (27%), en terreo de cuarzoxistos, que se corresponden coa zona do N do concello de Neda, e coa parte central dos concellos de Fene,Ares e Mugardos. Mentres que en terreo de granito de dúas micas moi deformado encontraríamos a maioría (73% - 24 túmulos); terreo este que se corresponden coa zona oriental dos concellos de Neda e Fene.

En canto ás consideracións propias destes xacementos podemos dicir que a maioría dos túmulos: un 55% (18 túmulos) miden como mínimo nun dos seus eixos entre 9 a 13 m, todos eles na zona de Monte Marraxón. É unha medida bastante pequena en relación co resto dos túmulos que levamos localizado nos concellos limítrofes. Con medidas de entre 14 e 18 m (24% - 8 túmulos); entre 19 e 25 m (18% - 6 túmulos) e un de 28 m (o nº 29), que é o que sirve de linde entre as parroquias de Franza e Piñeiro (Mugardos).

En canto á altura, nestes momentos a maioría deles (49% - 16 túmulos) están bastante achaiados e non conservan unha altura superior ós 0,50 m; mentres que 11 (33%) conservan unha altura de entre 0,60 a 1 m, es que tan só 6 (18%) conservan unha altura superior a 1 metro; sendo o máis alto de 1,50 m (tamén o nº 29).

Á vista destos datos, pódese dicir que a pesares da próximidade entre as zonas, hai unha diferenza salientable nas medidas dos túmulos sendo máis pequenos os localizados nas partes máis elevadas (entre as cotas 325 a 421 m; Monte Marraxón – Pena Louseiras) onde dos 24 túmulos localizados, tan só dous pasan de 18 m nalgún dos seus eixos, mentres que os máis grandes son os das zonas máis baixas (entre as cotas 66 a 85 m; concellos de Mugardos e Ares), onde todos eles presentan unhas medidas entre os 19 a 28 m nalgún dos seus eixos.



Foto 6.- Mámoa do Coto do Rei (Fene), situada nun lugar privilexiado sobre a ría de Ferrol. Foto: José M. Salgado.

Ourivería galaica no Museo das Mariñas: a Colección Seoane

LOIS LADRA*, XOSÉ-LOIS ARMADA**
e MARCOS MARTINÓN-TORRES***

Sumario

Recentemente deu entrada no Museo das Mariñas de Betanzos unha importante doazón privada de materiais arqueolóxicos: a Colección Seoane. Entre os diversos elementos que a integran están varias pezas de ourivería atribuíbeis á Segunda Idade do Ferro. Neste artigo preséntanse un total de oito exemplares inéditos: tres torques, tres brazaletes e dúas argolas, interpretadas como posíbeis prendedores ou lingotes. As análises de Fluorescencia de Raios X (FRX) realizadas permitiron coñecer os metais que foron utilizados na sua confección. A composición química dos obxectos levounos a clasificalos en tres grupos: as argolas, que están fabricadas con un ouro bastante puro; os dous torques e o brazalete de ouro, con porcentaxes de prata próximas ao 20 % e finalmente un torques e dous brazaletes, todos eles realizados con unha prata moi pura. Compáranse os resultados co repertorio analítico actualmente disponíbel para a ourivería da Idade do Ferro do Noroeste, salientándose as semellanzas con dous lotes conservados no Museo Arqueológico Nacional (MAN).

Abstract

Northwest Iberian Iron Age gold and silver artefacts at the Museo das Mariñas: the Seoane Collection. The Seoane Collection, comprising numerous archaeological artefacts, was recently donated to the Museo das Mariñas. Among them, several gold and silver artefacts can be attributed to the goldsmithing tradition of the Late Iron Age in the Northwest of the Iberian Peninsula. Here we present the study of eight previously unpublished objects, including three torcs, three bracelets and two small hoops – possibly brooches or ingots. Analyses by portable X-ray fluorescence (pXRF) allowed us to determine the alloys employed to make them, and to classify them in three groups: the hoops, made with rather pure gold; the two torcs and one gold bracelet, with silver levels around 20%; and a torc and two braceletes made of almost pure silver. Our results were compared with the data available in the literature, and remarkable similarities were found with two assemblages held at the National Archaeological Museum in Madrid.

ENCADRAMENTO

O Museo das Mariñas recibiu recentemente en doazón a Colección Seoane, composta por varias centenas de obxectos, a maioria deles de natureza arqueolóxica, que felizmente ingresaron nesta institución pública para poder garantir así mellor a súa futura conservación, exposición e desfrute[1].

* **Lois Ladra** é investigador independente, antropólogo e mestre en Arqueoloxía pola Universidade do Porto.

** **Xosé-Lois Armada** é Marie Curie Research Fellow no UCL Institute of Archaeology.

*** **Marcos Martinón-Torres** é Catedrático de Ciencia Arqueolóxica no UCL Institute of Archaeology.

1 Ver a edición coruñesa dos xornais *La Voz de Galicia* e *La Opinión*, do domingo 29-03-2015, en concreto as noticias tituladas respectivamente «Descubren unos restos que atribuyen al castro de Untia de Betanzos» e «El tesoro del ilustre huésped de Potosí».

En termos xerais, pouco é o que sabemos desta heteroxénea colección, para alén do que aparece referido na imprensa diaria galega e do feito de que o seu anterior propietario, Rafael José Seoane Martínez, é un coñecido avogado e anticuario, outrora colaborador do *Anuario Brigantino* e autor de varias publicacións (SEOANE, 1991a; 1991b e 1993).

Neste artigo presentamos oito pezas de ourivería tipoloxicamente encadrábeis na Idade do Ferro do Noroeste. Por desgraza, nada sabemos sobre as circunstancias orixinais deste conxunto: a súa procedencia, a(s) data(s) de achado, o(s) contexto(s) de deposición e recuperación...

Nembargantes, considerando o seu estatuto de pezas inéditas e as varias novidades que se derivan do presente estudo, coidamos que merecen ser expostas e dadas a coñecer publicamente, aproveitando a oportunidade que para elo se nos brinda e aceptando o desafío que o director do Museo das Mariñas e do *Anuario Brigantino* nos lanzou.

DESCRICIÓN DAS PEZAS

De seguido presentamos as oito pezas de ourivería galaica pertencentes á Colección Seoane, seguindo a orde que corresponde aos seus números específicos de inventario no Museo das Mariñas (SEO-1, SEO-2, SEO-3…).

En total son cinco obxectos de ouro e tres de prata, que, atendendo ás súas características morfométricas, serán clasificados a efeitos descriptivos en tres tipos: torques, brazaletes e argolas. Estas últimas poderían ser interpretadas como prendedores de roupa ou, en opinión de García-Vuelta e Montero-Ruiz (2007: 103), como material en bruto ou lingotes.

Para o esquema que seguiremos na descrición individualizada destes elementos foron considerados os seguintes parámetros: atribución formal (torques, brazalete, argola), materia prima básica (ouro, prata), elementos estruturais (haste/corpo/varela + terminais/remates), adscrición morfotipolóxica (seguindo as propostas de PÉREZ OUTEIRIÑO, 1990), caracterización xeral da haste (maciza ou oca, tipo de sección, lisa ou decorada), caracterización xeral dos remates (macizos ou ocos, lisos ou decorados), estado de conservación (excelente, moi bon, bon, regular), peso (expresado sempre en gramos e obtido con unha balanza de precisión COBOS JCP-3, sendo o desvío máximo de 0,1 gr), manipulacións (aboladuras, deformacións do perfil orixinal, reparacións…), así como certos valores métricos de referencia (expresados sempre en centímetros).

Seoane n.º 1 (SEO-1): Torques de ouro composto por unha varela e dous terminais unidos aos seus cabos distais. Morfotipo E1b.

A haste é maciza e lisa, de sección subcircular, con 0,7 cm. de espesura no centro; presenta arames plano-convexos enrolados con cincuenta e cinco voltas completas nos módulos distais, estando unidos nos cabos. O módulo central, de 8,9 cm. de lonxitude, é liso, sen indicio macrovisual algún de ter estado algunha vez decorado.

Os remates, lisos e posibelmente macizos, son a xeito de dúas escocias desiguais, con 2,8 cm. de lonxitude total, 1,5 cm. de diámetro nos planos proximais, 2,1 cm. de diámetro na zona central de ensanchamento e 1,1 cm. de diámetro en cada un dos cabos distais.

O seu estado de conservación é moi bon, aínda que a forma xeral da haste sexa máis oval que circular, se cadra por unha manipulación; en algunhas zonas da superficie dos remates obsérvanse varios picotados.

O seu peso é de 380,7 gramos, sendo o exemplar mais pesado do conxunto. No estado actual o seu diámetro interior máximo é de 18,6 cm.



Foto 1. Elementos de ourivería galaica na Colección Seoane. Foto: L. L.



Fig. 1. Colección Seoane. Torques de ouro SEO-01. Debuxo de António Fernando Barbosa.




Foto 2. Colección Seoane. Torques de ouro SEO-01. Detalle da unión da haste co terminal. Foto: L. L.



Foto 3. Colección Seoane. Torques de ouro SEO-01. Detalle da parte central da haste. Foto: L. L.



Foto 4. Colección Seoane. Torques de ouro SEO-01. Ponto de soldadura do arame enrolado na haste. Foto: L. L.




Fig. 2. Colección Seoane. Torques de ouro SEO-02. Debuxo de António Fernando Barbosa.

Seoane n.º 2 (SEO-02): Torques de ouro composto por unha varela e dous terminais unidos aos seus cabos distais. Morfotipo C2a.

A haste é maciza e lisa, de sección subcadrangular, con 0,7 cm. de espesura diagonal no centro e 0,5 cm. de lado. Estes valores centrais van decrecendo progresivamente até atinxir nos extremos distais os 0,5 cm. de sección diagonal e os 0,4 cm. de lado. Carece de calquer tipo de decoración.

Os remates, lisos e posibelmente ocos, son do tipo piriforme, co cabo truncado, con 3,3 cm. de lonxitude total, 2,6 cm. de anchura máxima central e discos proximais de 1,6 cm., sendo que os distais apresentan 0,8 cm. de diámetro.



Foto 5. Colección Seoane. Torques de ouro SEO-02. Detalle dos terminais. Foto: L. L.



Foto 6. Colección Seoane. Torques de ouro SEO-02. Unión aro-remate. Foto: L. L.

O seu estado de conservación é moi bon, aínda que sexa claramente perceptíbel unha manipulación que alterou a simetría orixinal, estando agora un dos remates lixeiramente mais aberto que o outro. Amostra varias pequenas aboladuras superficiais. O seu peso é de 288,8 gramos e no seu estado actual o diámetro interior máximo é de 12,2 cm.

Seoane n.º 3 (SEO-03): Brazalete de ouro composto por unha varela e dous terminais unidos aos seus extremos. Morfotipo E1a.

A haste é maciza e lisa, de sección subcircular, con 0,7 cm. de espesura no centro e 0,4 cm. nos extremos. Carece de decoración.

Os terminais, lisos e posibelmente macizos, son a xeito de duas escocias desiguais, con 1,9 cm. de lonxitude total, 1,2 cm. de diámetro nos planos proximais, 1,9 cm. de diámetro na zona central de ensanchamento e 0,8 cm. de diámetro nos cabos distais.

O seu estado de conservación é excelente, mantendo sensivelmente a regularidade na curvatura. Porén, na haste son perceptíbeis algúns pequenos cortes superficiais, dos que ignoramos as súas orixes e causas. Nas zonas de unión por soldadura dos terminais e da varela pódense apreciar claramente coloracións enegrecidas que contrastan fortemente con os tons dourados da peza. O seu peso é de 154,5 gramos e no seu estado actual o diámetro interior máximo horizontal é de 7,5 cm.



Fig. 3. Colección Seoane. Brazalete de ouro SEO-03. Debuxo de António Fernando Barbosa.



Foto 7. Colección Seoane. Brazalete de ouro SEO-03. Detalle dos remates. Foto: L. L.




Fig. 4. Colección Seoane. Torques de prata SEO-04. Debuxo de António Fernando Barbosa.

Seoane n.º 4 (SEO-04): Torques de prata composto por unha varela e dous terminais unidos aos seus extremos. Morfotipo E2a.

A haste é maciza e lisa, de sección subcadrangular, con 1,0 cm. de espesura diagonal no centro e 0,6 cm. de lado. Estes valores centrais mantéñense relativamente uniformes en toda a extensión da haste, que carece de decoración.





Fotos 8 e 9. Colección Seoane. Torques de prata SEO-04. Detalle de un dos remates (acima) e pormenor da unión da haste con un dos terminais, no que se pode apreciar o respiradouro obliterado no disco proximal (dereita). Fotos: L. L.

Os terminais, ocos e lisos, son a xeito de dúas escocias desiguais, con 3,2 cm. de lonxitude total, 2,0 cm. de diámetro nos planos proximais, 2,5 cm. de diámetro na zona central de ensanchamento e 1,7 cm. de diámetro nos cabos distais. Convén salientar o feito de que nun dos remates aínda se pode ver o respiradouro orixinal, actualmente obliterado.

O seu estado de conservación é moi bon. Porén, en varias zonas da haste son perceptíbeis certas diferencias cromáticas superficiais que denotan unha posíbel tentativa mal sucedida de limpeza recente, que eliminou a pátina en certas áreas, deixando unha superficie máis brillante. O seu peso é de 348,3 gramos e no seu estado actual o diámetro interior máximo horizontal é de 12,6 cm.



Fig. 5. Colección Seoane. Brazalete de prata SEO-05. Debuxo de António Fernando Barbosa.

Seoane n.º 5 (SEO-05): Brazalete de prata composto por unha varela e dous remates unidos soldados aos seus cabos. Morfotipo E1a.

A haste é maciza e lisa, de sección subcircular, con 6,0 cm. de espesura no centro e 0,5 cm. nos extremos. A varela carece de decoración.

Os terminais, lisos e posibelmente ocos, son a xeito de dúas escocias desiguais, con 2,5 cm. de lonxitude total, 1,4 cm. de diámetro nos planos proximais, 1,7 cm. de diámetro na zona central de ensanchamento e 1,2 cm. de diámetro nos cabos distais. Convén salientar o feito de que nun dos remates se pode ver unha pequenísima depresión circular obliterada, que hipoteticamente poderia corresponder a un antigo respiradouro disimulado.

O seu estado de conservación é moi bon, aínda que o desenvolvimento da curvatura anular sexa levemente imperfecto. Por outro lado, en varias zonas da haste son perceptíbeis alguns picotados espallados. O seu peso é de 131,8 gramos e no seu estado actual o diámetro interior máximo horizontal é de 7,9 cm.




Foto 10. Colección Seoane. Brazalete de prata SEO-05.
Detalle dos remates. Foto: L. L.



Fig. 6. Colección Seoane. Brazalete de prata SEO-06.
Debuxo de António Fernando Barbosa.

Seoane n.º 6 (SEO-06): Brazalete de prata composto por unha varela e dous terminais unidos aos seus extremos. Morfotipo E2a.

A haste é maciza e lisa, de sección subcadrangular, con 0,6 cm. de espesura diagonal no centro e 0,5 cm. de lado. Estes valores centrais mantéñense relativamente uniformes en toda a extensión da haste, que carece de decoración.

Os terminais, lisos e posibelmente ocos, son a xeito de dúas escocias desiguais, con 2,3 cm. de lonxitude total, 1,3 cm. de diámetro nos planos proximais, 1,6 cm. de diámetro na zona central de ensanchamento e 1,3 cm. de diámetro nos cabos distais.

O seu estado de conservación é moi bon, con unha circunvolución do aro de perfil regular e homoxéneo. Porén, en varias zonas da haste son perceptíbeis certas diferencias cromáticas superficiais, similares ás descritas anteriormente para o exemplar SEO-04 e que denotan unha manipulación recente. O seu peso é de 111,9 gramos e no seu estado actual o diámetro interior máximo horizontal é de 7,8 cm.



Foto 11. Colección Seoane. Brazalete de prata SEO-06. Foto: L. L.



Foto 12. Colección Seoane. Brazalete de prata SEO-06. Foto: Alfredo Erias.



Foto 13. Colección Seoane. Argolas de ouro SEO-07 (esq.) e SEO-08 (dta.). Foto: L. L..

Seoane n.º 7 (SEO-07): Argola de ouro. Presenta un corpo de sección subcircular, cos extremos espalmados por martelado e posteriormente decorados bifacialmente. A haste é maciza, con 0,5 cm. de espesura central e 0,4 cm. nos extremos. Os cabos están enfrontados, aínda que o perfil xeral da peza é irregular, non apoiando completamente sobre un plano horizontal. A estampaxe bifacial con punzón que presenta consiste nunha serie de pares de triángulos contrapostos polos seus vértices. As series son desiguais, apresentando unha delas oito pares, mentres que a outra se compón de apenas seis. Obsérvase unha certa imperícia ornamental por parte do ourive, que non conseguiu uns resultados demasiado simétricos. O peso desta argola é de 31,8 gr. e no seu estado actual o diámetro interior máximo horizontal é de 2,5 cm.




Fig. 7. Colección Seoane. Argola de ouro SEO-07. Debuxo de António Fernando Barbosa.

Seoane n.º 8 (SEO-08): Argola de ouro. Presenta un corpo de sección subcircular, cos extremos espalmados por martelado e posteriormente decorados bifacialmente. A haste é maciza, con 0,5 cm. de espesura central e 0,4 cm. nos extremos. Os cabos están enfrontados desigualmente, estando un deles mais desprazado para o interior do perfil xeral da peza. O desenvolvimento do aro tamén é irregular se o consideramos en relación con un plano de apoio horizontal. A estampaxe bifacial con punzón que amostra, consiste nunha serie de pares de medias lúas ou motivos unguliformes. As series son moi desiguais entre si, tanto no número de estampacións como na súa disposición. O peso desta argola é de 31,9 gramos e no seu estado actual o diámetro interior máximo horizontal é de 2,6 cm.




Fig. 8. Colección Seoane. Argola de ouro SEO-08. Debuxo de António Fernando Barbosa.

CUESTIÓNS FORMAIS, ANALOXÍAS VARIAS E DISTRIBUCIÓNS TERRITORIAIS

A primeira vez que tivemos a oportunidade de observar este conxunto de pezas nas instalacións do Museo das Mariñas, lembrámonos automaticamente de dous lotes conservados no Museo Arqueológico Nacional de Madrid (MAN) e que un de nós estudou e deu a coñecer hai case que vinte anos (LADRA, 1997-98), tendo sido tamén posteriormente estudados por O. García-Vuelta (2007). Referímonos aos lotes que integran os expedientes de ingreso 1972/64 e 1972/113 na referida institución. No primeiro caso estaríamos perante un grupo de pezas eventualmente atopadas no lugar de A Madorra (Pazo de Pumares, freguesía de San Paio de Arcillá, concello de Cospeito, provincia de Lugo), mentres que no segundo ignoramos o seu lugar de procedencia, aínda que, pola súa tipoloxía, parecerían ser oriundas da metade septentrional da Galiza.

Ao carecermos de calquer información relativa ao contexto orixinal destas pezas, consideramos que se impón un necesario encadramento das mesmas a partir das súas analoxías formais, materiais, tecnolóxicas, ornamentais e de composición química.

En termos formais, as pezas de ourivería da Colección Seoane poden ser clasificadas en tres grupos: torques, braceletes e argolas. Para os dous primeiros contamos con múltiplos paralelos, mentres que para o último apenas podemos citar a existencia de unha única analoxía, aínda que case idéntica en forma, materia prima, tecnoloxía de elaboración, decoración e peso: no MAN custódianse dúas argolas (N.º inv. 1972/113/7 e 1972/113/8) practicamente idénticas ás que aquí amostramos (LADRA, 1997-98: 67-69 e lámina XV; GARCÍA VUELTA, 2007: 250-253). Por desgraza, estas pezas tamén carecen de procedencia segura. A hipótese funcional que nos semella mais verosímil para estas catro argolas é a do seu uso pretérito como prendedores de roupa. A ausencia clara de paralelos homologábeis no mundo galaico-romano e a súa dupla asociación con torques e brazaletes tipicamente galaicos, da Segunda Idade do Ferro, lévannos a propoñer con todas as debidas cautelas unhas orixes e cronoloxías prerromanas para elas. Agardamos que futuros achados no marco de escavacións arqueolóxicas nos fornezan maiores paralelos con informacións contextuais.

No relativo aos torques e brazaletes da Colección Seoane e se procuramos paralelos directos para as pezas que agora damos a coñecer, teríamos que facer, como mínimo e sen pretender demasiados alongamentos, as seguintes consideracións:

1. O torques de ouro SEO-01 encádrase no grupo «asturnorcalaico» (MONTEAGUDO, 1952), coa particularidade de carecer da filigrana aplicada no módulo central. Este grupo conta con unha ampla serie de achados con localizacións precisas, todas elas distribuídas xeograficamente polo Norte da actual provincia de Lugo, a excepción do exemplar oriundo de Valentín, que, mesmo así, foi atopado ao Oeste do rio Navia, en territorio tradicionalmente atribuído aos galaicos albións (LADRA, 2005: 106).

2. O torques de ouro SEO-02 vencéllase ao grupo «nordorientalgalaico» (BOUZA, 1965), no que tamén estarían exemplares como os de S. Vicente de Curtis –que coñecemos a partir de unha reprodución– ou o do Campo da Matanza, Melide (LADRA, 1999). A distribución xeográfica dos torques que conforman este grupo situaríase na «parte nordoriental de Galicia, pero sin penetrar en Asturias» (BOUZA, 1965: 10).

3. O brazalete de ouro SEO-03 ten unha morfoloxía que nos remete para o torques 1972/113/4 do MAN (LADRA, 1997-98: 63-64; GARCÍA VUELTA, 2007: 167-170) e para outro semellante, eventualmente achado nalgures, perto de Astorga (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951: 27 e fig. 20).

4. O torques de prata SEO-04 apenas ten un único paralelo arxénteo, máis concretamente un exemplar procedente dos montes de Sobrado dos Monxes (A Coruña): MAN 1972/64/6 (LADRA, 1997-98: 57-58 e Lám. VIII; GARCÍA VUELTA, 2007: 147-150).

5. O brazalete de prata SEO-05 constituiría unha aparente rareza formal (polo seu reducido tamaño) e material (arxénteo). O que máis se lle asemella é o brazalete SEO-03, aínda que a materia prima sexa diferente (neste caso, ouro) e que os remates amosen claras disparidades morfolóxicas. Por outro lado, convén aínda salientar a existencia de un torques áureo con varela de sección subcircular e remates en dupla escocia recuperado perto do castro de Masma, Mondoñedo (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951: 31), un fragmento do cal se conserva no Museo Provincial de Lugo (BALSEIRO, 1994: 116-123).

6. O brazalete de prata SEO-06 entraría no grupo xa referido para o torques SEO-04,

con paralelo no torques dos montes de Sobrado dos Monxes (A Coruña), aínda que coa peculiaridade formal de que o seu tamaño obriga a consideralo como un obxecto máis axeitado para colocar no brazo que no pescozo.

En resumidas contas, se atendemos ás analoxías formais e materiais que acabamos de indicar para todas as pezas de ourivería galaica que conforman a Colección Seoane e nos centramos nas áreas de procedencia segura das mesmas, teríamos que afirmar que todas elas apontan, sen excepción, para a metade septentrional da antiga Gallaecia, isto é, para o que os investigadores adoitan designar como *Conventus Lucensis.*

Máis concretamente, se exceptuamos as dúas localizacións claramente periféricas que apontan, a Este para o rio Navia e a Oeste para os montes de Sobrado dos Monxes, entón poderíamos falar de unha zona ao Norte da actual provincia de Lugo na que se concentrarían a maioria dos achados que amosan estreitos paralelos cos torques e cos brazaletes da Colección Seoane. Aínda que por desgraza non teñamos nestes momentos calquera información sobre o lugar exacto do achado destas pezas, todo indica que a zona á volta das Mariñas lucenses sería, *a priori*, a mellor candidata a unha eventual ubicación da procedencia xenérica das mesmas.

ESTUDO ANALÍTICO

As oito pezas foron analizadas mediante espectrometría de fluorescencia de raios X por enerxías dispersivas (pFRX) para determinar a súa composición química, empregando un equipo portátil que nos permitíu traballar no propio Museo (sobre a técnica empregada poden verse, entre outros, POLLARD *et al*., 2007: 93-122; LIRITZIS e ZACHARIAS, 2011; SHACKLEY, 2011; SHUGAR e MASS, 2012; SHUGAR, 2013).

Empregamos un espectrómetro Innov-X Systems de Olympus, cuxa fonte de raios X é un ánodo de rodio e está equipado con un *silicon drift detector* (SDD). En particular, empregamos un protocolo baseado no programa Alloys de Innov-X e optimizado en UCL para a análise de aliaxes arqueolóxicas. Este programa funciona con unha voltaxe de aceleración de 40 kV, unha corrente de 100 μA, un filtro de aluminio de 2 mm de espesor e un colimador de 3 mm de diámetro. O tempo de adquisición foi de 40 segundos por medición. Os espectros cuantificáronse mediante o software Alloys creado por Innov-X Systems, baseado nunha combinación de parámetros fundamentais e estandarización con patróns de referencia, que ofrece os resultados normalizados a 100% en peso.

Unha das principais vantaxes da FRX é que permite realizar análises non destrutivas sobre as superficies dos obxectos. O equipo está configurado para traballar en contacto directo co obxecto, polo que convén escoller preferentemente superficies planas. No caso dos terminais de torques e brazaletes analizamos habitualmente o disco exterior. Os aros de sección sub-cadrangular tamén resultan óptimos para análise. En cambio, a precisión e a exactitude dos resultados diminúen en superficies irregulares, non sendo posíbel analizar en ángulos pechados como as zonas de unión entre aro e terminal.

Peza	Parte analizada	Cu	s	Ag	s	Au	s	Trazas
Argola SEO-07	Parte central	0.1	0.03	5.7	0.10	94.2	0.03	
	Extremo (a)	<0.1		5.5	0.13	94.5	0.03	
	Extremo (b)	<0.1		5.7	0.10	94.3	0.26	
Argola SEO-08	Parte central	<0.1		5.4	0.04	94.6	0.04	
	Extremo (a)	0.1	0.01	5.6	0.05	94.3	0.06	
Torques SEO-01	Aro (parte central)	0.2	0.01	19.5	0.04	80.3	0.03	
	Arame lateral (a)	1.1	0.02	19.3	0.10	79.6	0.09	
	Arame lateral (b)	1.0	0.05	19.3	0.11	79.7	0.11	
	Zona soldadura arame-aro (a)	10.2	0.22	22.8	0.16	67.0	0.38	
	Zona soldadura arame-aro (b)	1.1	0.02	19.3	0.22	79.6	0.23	
	Terminal (a)	0.6	0.02	19.3	0.09	80.1	0.10	
	Terminal (b)	0.7	0.01	19.4	0.01	79.9	0.01	
Torques SEO-02	Aro (parte central)	0.9	0.05	15.6	0.10	83.5	0.11	
	Terminal (a)	0.5	0.00	20.6	0.07	78.9	0.08	
	Terminal (b)	0.7	0.02	18.1	0.02	81.2	0.01	
Brazalete SEO-03	Aro (parte central)	0.1	0.02	18.8	0.28	81.1	0.25	
	Terminal (a)	0.7	0.01	21.1	0.36	78.2	0.37	
	Terminal (b)	0.1	0.10	20.2	0.33	79.7	0.60	
Torques SEO-04	Aro (parte central)	0.1	0.02	99.8	0.04	0.1	0.01	
	Aro (zona limpeza lateral)	0.1	0.02	99.6	0.08	0.3	0.00	Zn
	Aro (zona limpeza extremo)	0.1	0.01	99.8	0.03	0.1	0.02	
	Terminal (a)	0.1	0.02	99.8	0.06	0.1	0.01	
	Terminal (b)	0.4	0.05	99.5	0.08	0.1	0.02	
	Terminal (b), disco interior	0.6	0.32	99.3	0.40	0.1	0.01	Zn
Brazalete SEO-05	Aro (parte central)	0.1	0.02	99.6	0.04	0.3	0.01	
	Terminal (a)	0.1	0.01	99.7	0.02	0.2	0.01	
	Terminal (a), disco interior	0.3	0.25	99.6	0.29	0.1	0.01	Zn
	Terminal (b)	0.1	0.01	99.8	0.05	0.1	0.01	Ni, Zn
	Terminal (b), disco interior	0.2	0.01	99.7	0.02	0.1	0.01	Zn
Brazalete SEO-06	Aro (parte central)	0.1	0.01	99.8	0.02	0.1	0.01	
	Aro (zona limpeza central)	0.1	0.02	99.9	0.05	<0.1		Zn
	Terminal (a)	0.2	0.03	99.4	0.02	0.4	0.02	Ni
	Terminal (a), disco interior	0.2	0.01	99.3	0.06	0.5	0.03	
	Terminal (b)	0.5	0.09	99.2	0.12	0.3	0.03	Zn, Pb

Táboa 1. Composición química, expresada como porcentaxes en peso, dos obxectos da Colección Seoane (determinada mediante FRX). As cifras presentadas son medias de tres análises realizadas en cada unha das partes indicadas; inclúese a desviación estándar (s). Elaboración: XLA-MMT.

Os resultados obtidos figuran na táboa 1. As cifras que presentamos son medias de tres análises efectuadas en cada unha das zonas que indicamos. Os resultados están renormalizados a 100 % ofrecendo unicamente as proporcións de ouro, prata e cobre. Nas pezas de ouro estes tres elementos son os únicos presentes na aliaxe. Unicamente un dos terminais do brazalete SEO-03 presenta unha concentración media de ferro do 0,4 %, que pode deberse a contaminación superficial; a mesma explicación é aplicábel, neste caso con seguridade, a un extremo da argola SEO-07 con unha concentración media de ferro do 0,8 %, xa que este elemento non aparece nas outras dúas análises da peza. Os exemplares de prata presentan trazas de ferro en todas as análises, na maior parte en concentracións en torno ao 0,1 %. Sen embargo, ante as dificultades para determinar se este elemento forma parte da aliaxe ou é froito de contaminación superficial, decidimos non telo en conta no presente estudo. Os restantes elementos traza aparecen indicados nunha columna da táboa, sen cuantificar, logo de ter verificado a súa presencia mediante inspección visual de todos os espectros.




Fig. 9. Gráfica de dispersión das concentracións de prata e ouro nos obxectos da Colección Seoane, amosando tres grupos composicionais. Elaboración: MMT-XLA.

Os obxectos analizados poden agruparse en tres conxuntos diferenciados en canto á súa composición química (fig. 9). O primeiro grupo, que aparece na parte superior da táboa, está conformado polas dúas argolas, que presentan una taxa de ouro próxima ao 95 %. O segundo grupo intégrano os dous torques e o brazalete de ouro, con porcentaxes deste metal á volta do 80 %. Por último, un torques e dous brazaletes foron elaborados con unha prata moi pura, que en todos os casos supera o 99 %.

As argolas

Como xa sinalamos, as argolas contan con un único paralelo na ourivería castrexa, que son os dous exemplares entrelazados do MAN. É importante sinalar que as claras similitudes formais van tamén acompañadas de unha marcada semellanza na composición química, xa que as dúas pezas do MAN presentan porcentaxes próximas ao 95 % de ouro, con pequenas cantidades de prata, e tampouco teñen cobre (GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007: 101-103). Os autores do seu estudo analítico xa subliñaron o carácter atípico destas composicións, que en todo caso non son inéditas na ourivería castrexa, posto que unha diadema-cinturón e un broche do conxunto da Veiga de Ribadeo, conservados no MAN, amosan composicións semellantes, aínda que con unha taxa de prata lixeiramente superior (HARTMANN, 1982: 116-117, nº 1848, 1858; GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007: 103).

É difícil determinar a funcionalidade destes obxectos, non sendo descartábel a súa interpretación como lingotes (GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007: 103) ou prendedores. En calquer caso, a identidade formal e compositiva entre os exemplares do MAN e os que estudamos neste traballo suxire a posibilidade de que orixinalmente formasen parte dun mesmo lote ou mesmo que tivesen sido fabricados con unha mesma remesa de metal.

Os torques e o brazalete de ouro

O segundo grupo está composto por dous torques e o brazalete de ouro. O torques SEO-01 amosa unha composición bastante homoxénea en todas as partes analizadas, con porcentaxes de ouro á volta do 80 %, de prata lixeiramente superiores ao 19 % e con cantidades de cobre que só acadan o 1 % nos arames enrolados que decoran os dous terzos laterais do aro. No remate de un destes tramos de arame é visíbel a soldadura que o une á varela, que ten nesa zona unha coloración máis escura; a análise desta zona ofrece concentracións de cobre máis altas, á volta do 10 %, por tanto coherentes co emprego de unha aliaxe con punto de fusión relativamente máis baixo para a soldadura. A soldadura do tramo de arame situado no outro lateral é moito máis coidada, resultando apenas perceptíbel a nivel visual: as análises desa zona non amosan variación con respecto ao resto da peza, sen dúbida porque o feixe de raios X incidiu no corpo do torques e non na soldadura propiamente.

O torques SEO-02 ten unha composición relativamente similar, aínda que con porcentaxes de prata algo máis baixas. Neste caso, o aro ten unha cantidade de ouro (83,5 %) superior á dos terminais (78,9 e 81,2 %). Un patrón semellante detectámolo no brazalete SEO-03. Novamente a súa composición ronda o 80 % de ouro e o 20 % de prata, con taxas de cobre moi baixas (0,1 % no aro e nun terminal, e 0,7 % no outro terminal); ao igual que na peza anterior, a cantidade de ouro é lixeiramente máis elevada no aro que nos terminais.

Como xa sucedía no caso das argolas, o feito que máis chama a atención é a semellanza compositiva que existe entre estas pezas e os lotes correspondentes aos expedientes de ingreso no MAN 1972/64 e 1972/113. Coa excepción dun torques de prata (inv. 1972/64/6) e das argolas citadas, a característica común ás restantes 11 pezas que integran ambos lotes é que son aliaxes de ouro con unha porcentaxe de prata en torno ao 15-20 % e cantidades de cobre moi baixas, case sempre por debaixo do 1 % e en bastantes casos por debaixo dos límites de detección do espectrómetro (GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007). Unha revisión do repertorio analítico dispoñíbel para os ouros castrexos pon de manifesto que estas composicións son específicas das tres pezas que aquí estamos estudando e destes dous lotes do MAN. Á marxe desta sintonía xeral, se comparamos pezas formalmente afíns podemos atopar algunhas semellanzas aínda máis específicas, como as composicións dos aros dos torques SEO-02 e 1972/113/6.[2]

A nota predominante na ourivería protohistórica do Noroeste, como xa apuntaran Montero e Rovira (1991: 14-19), son porcentaxes máis baixas de ouro, coa conseguinte presenza de cantidades máis elevadas de prata e cobre nas aliaxes. Nesta tendencia sitúanse a maior parte das análises publicadas por Hartmann (1982), os torques do lote da colección Soto Cortés (GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007), as pezas do castro de Viladonga (LADRA e MARTINÓN-TORRES, 2009) e torques como os de Orbellido (ACUÑA e CASAL, 1984-85: 267), Campo da Matanza / Santiago de Xubial (ROVIRA, 2004: 420), Chaves (ALVES *et al*., 2002; MONGE SOARES *et al*., 2004: 132-137) ou Codeçais (TISSOT e LEMOS, 2013: 88; TISSOT *et al*., 2013).

Entre as análises publicadas por Hartmann para o Noroeste, teñen composicións similares ás pezas que nos ocupan algunhas crono-tipoloxicamente anteriores, como os cilindros laminares da cista de Atios (HARTMANN, 1982: 96-97, nº 2867-2868; COMENDADOR, 1998: 82-83, 153), os aros de Bougado (HARTMANN, 1982: 96-97, nº 2893-2894; COMENDADOR, 1998: 89) e algunhas das pezas do tesouro das Silgadas / Caldas de Reis (HARTMANN, 1982: 86-89, 96-97, nº 2923-2944, 2949-2962; COMENDADOR, 1998: 72-76, 153).[3] Entre os obxectos propiamente castrexos, cómpre sinalar que a análise do torques de Burela publicada polo investigador alemán contén porcentaxes de prata do 10-15 % e de cobre lixeiramente superiores ao 1 % (HARTMANN, 1982: 122-123, nº 2966).[4]

Hartmann (1971: 129-130) propuxo que os aros de Bougado foron elaborados con ouro arxentífero nativo, sen aliar, xa que os seus contidos de prata e cobre encaixan nun tipo de composición moi frecuente en ámbito peninsular durante as primeiras etapas da Idade do Bronce; ao mesmo tempo, a presenza de trazas de estaño indicaría na súa opinión a orixe secundaria do ouro, obtido mediante o bateado de praceres fluviais, procedemento habitual de obtención deste metal no Noroeste até a conquista romana. Pola súa parte, Montero e Rovira (1991: 11) subliñaron, a partir da revisión dos datos publicados por Hartmann, que os ourives peninsulares comezan a empregar aliaxes intencionais de ouro dende momentos

2 Este último é tamén un torques de aro de sección subcadrangular e terminais periformes. A composición do aro é 84,52 Au e 15,5 Ag (Cu non detectado) (GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007: 99, 102, est. II.6).

3 Convén sinalar, sen embargo, que en opinión de diversos autores a prata aparece infravalorada nas análises de Hartmann (WARNER, 2004; GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007: 109).

4 Hartmann achega a cifra de 1,5 % de cobre calculada sobre a porcentaxe do peso do ouro (ouro = 100), polo que a cantidade de cobre é lixeiramente inferior se a recalculamos ó 100 % en peso da aliaxe.

bastante temperáns, aínda que esta práctica increméntase de maneira moi notábel dende comezos da Idade do Ferro, sendo habitual na ourivería castrexa. Porén, é moi difícil determinar á luz da información disponíbel se as pezas que nos ocupan foron elaboradas con ouros naturais ou son froito de aliaxes intencionais. Logo de décadas de investigación, a información disponíbel sobre a composición do ouro nativo peninsular segue sendo moi escasa. Tentativamente, Montero e Rovira (1991: 10) estableceron nas cifras de 25 %Ag e 1 % Cu os límites por enriba dos que podemos falar de aliaxes indubidabelmente artificiais. As tres pezas que estamos a comentar sitúanse por debaixo deses umbrais, pero o emprego de ouro aliado non é descartábel se temos en conta o habitual desta práctica no ámbito castrexo. Ben ao contrario, as semellanzas compositivas cos dous lotes do MAN poderían suxerir a existencia de un obradoiro ou tradición artesanal que traballa de maneira deliberada con ese tipo de aliaxes. Nese caso cabería preguntarse polas razóns desta escolla nun ámbito, o Noroeste, que semella amosar unha certa preferencia cultural ou estética polo emprego de aliaxes de alto contido arxentífero (LADRA e MARTINÓN-TORRES, 2009: 38-41).[5]

Outro aspecto que merece comentarse respecto a estas tres pezas é o grao de variabilidade na composición dos diferentes elementos que as integran. No exemplar SEO-01 existe unha elevada homoxeneidade na composición de aro, arames enrolados e terminais, sendo moi probábel que todos eles fosen obtidos a partir de unha única coada; como xa vimos, unicamente unha das zonas de soldadura entre un dos arames e o aro ofrece un resultado diferente. No torques SEO-02 existe unha maior variación, situándose nuns 5 puntos as diferencias de Au e Ag entre o aro e un dos terminais. Por último, esta variación é menor (un máximo de 2,3 puntos) no brazalete SEO-03, detectándose de novo unha porcentaxe de ouro máis elevada no aro que nos terminais. Noutros exemplares analizados atopamos situacións diversas. Hai torques con variacións escasas nas composicións de aro e terminais, como os de Chaves (ALVES *et al*., 2002: 122; MONGE SOARES *et al*., 2004: 133), Codeçais (TISSOT e LEMOS, 2013: 88) ou Santiago de Xubial / Campo da Matanza (ROVIRA, 2004: 420). Nos exemplares 1974/02/21 eA.74.4 do castro de Viladonga as composicións de aro, terminais e arames son relativamente homoxéneas (LADRA e MARTINÓN-TORRES, 2009: 34-35), pero máis variábeis que no torques SEO-01. Os lotes 1972/113 e 1972/64 do MAN, que constitúen o principal referente comparativo para estes tres exemplares do Museo das Mariñas, amosan certa diversidade dentro do patrón compositivo xa sinalado. Nalgúns casos existe unha variación reducida na composición de aro e terminais, mentres que noutros as diferencias nas porcentaxes de ouro e prata sitúanse no 3 % e até no 5 % (GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007: 107). O estudo da similitude composicional entre as distintas partes de unha mesma peza, ou entre varias pezas dun mesmo conxunto, pode ofrecer información interesante sobre a posibilidade de que deriven de unha mesma coada de metal. Porén, neste caso a comparación non se pode levar alén polas incertezas asociadas ás análises de superficie, que poden estar afectadas por corrosión ou por irregularidades topográficas que engadan variabilidade aos datos obtidos. Asemade, carecemos de referencias claras con respecto ao grao de variabilidade que cabe esperar de unha mesma coada de metal, que tamén vén afectada pola súa propia composición e pola temperatura e rapidez de vaciado e solidificación.

5 A nivel tecnolóxico, unha aliaxe 80/20 mantén un punto de fusión elevado (comeza a fundir a 1.040 ºC, só uns 20 ºC menos que o ouro puro) (MONTERO e ROVIRA, 1991: 8).

O torques e os brazaletes de prata

O terceiro grupo en canto a composición química está integrado polo torques SEO-04 e os brazaletes SEO-05 e SEO-06. Estes tres exemplares presentan a particularidade de estar elaborados con unha prata moi pura, sempre superior ao 99 %, con cobre e ouro como impurezas menores.[6] As variacións nas composicións de aro e terminais son practicamente inexistentes en calquera das tres pezas. No torques SEO-04 e no brazalete SEO-06 analizamos tamén as zonas que foron obxecto de limpeza en época recente, sen se constataren diferencias con respecto ás superficies que manteñen unha pátina de coloración máis escura. Debe notarse, porén, que as pátinas escuras que se forman sobre a prata son, polo xeral, ricas en compostos de prata con cloro ou xofre, e ningún destes elementos pode ser detectado con seguridade cos protocolos analíticos empregados.

É ben sabido que na protohistoria do Noroeste a produción de obxectos de prata é moi escasa. Até o presente coñecíanse uns dez torques fabricados integramente neste metal: destacan un exemplar de tipo funicular procedente das proximidades de Mondoñedo, habitualmente considerado unha produción meseteña (BALSEIRO, 1999-2000); os cinco do castro de Bagunte, a maioría interpretábeis tamén como tipos foráneos (LADRA, 2001); ou o exemplar 1972/64/6 do MAN, de procedencia atribuída a Sobrado dos Monxes. Como xa sinalamos, este último, con varela de sección cadrangular e remates en duas escocias, é tipoloxicamente semellante ao torques SEO-04 e ao brazalete SEO-06. Sen embargo, a aliaxe empregada para a fabricación de aro e terminais contén perto do 90 % de prata, máis do 9 % de cobre e máis do 1 % de ouro (GARCÍA-VUELTA e MONTERO-RUIZ, 2007: 102). Ademais, na ourivería castrexa a prata emprégase ocasionalmente como ánima metálica en algunhas pezas, tanto en aros como en terminais, aos que logo se lles dá apariencia áurea mediante técnicas diversas como o chapado, o recubrimento con arame enrolado ou o dourado por amalgama (MARTINÓN-TORRES e LADRA, 2011). Sen embargo, nos reducidos casos nos que contamos con datos analíticos, as pratas son, polo xeral, moito menos puras. Como excepción podemos referir os lingotes planoconvexos do tesouriño de Calvos de Randín (Ourense), con valores de prata situados entre aprox. 92 e 98,5 %, e o balance fundamentalmente cobre.[7] Trátase de pezas moi estandarizadas tanto en peso como en composición, que corresponden a un momento de presenza romana no Noroeste –aínda que probabelmente previo á súa conquista definitiva– e que posibelmente terían tamén unha función premonetal.

Obxectos fabricados con prata tan pura son pouco frecuentes na pre e protohistoria peninsular, pero non inexistentes. As análises de obxectos de prata recompiladas por Murillo-Barroso (2013: 261-275) demostran un emprego de prata moi pura xa na época argárica. Esta tendencia refórzase na época orientalizante, momento no que practicamente a metade das 41 análises recollidas por esta investigadora amosa porcentaxes de prata superiores ao 98 % (MURILLO-BARROSO, 2013: 275-280). O emprego de pratas moi puras semella descender en momentos posteriores: así, apenas 17 das 70 análises (un 24,3 %) de obxectos ibéricos de prata recollidas por Bandera Romero (1996: 692-694) superan a

6 Mesmo se observamos as medicións individuais, sen promediar nin renormalizar, as porcentaxes máis baixas de prata (dúas medicións dun total de 48) sitúanse no 98,8 %.

7 O estudo deste tesouriño, incluíndo a análise das pezas mediante FRX, atópase en curso de publicación por parte de un de nós (XLA) en coautoría con Óscar García-Vuelta. Con carácter preliminar, pode verse un breve comentario dos resultados en Armada e García-Vuelta (no prelo).

porcentaxe do 98 % deste metal; e entre os 17 obxectos protohistóricos de prata de Cataluña estudados en Montero *et al*. (2008: 304) unicamente un anel de Ampurias –con un 99,9 % de Ag– supera a porcentaxe referida.

Así pois, a elaboración destas tres pezas da Colección Seoane no Noroeste, con unha prata tan refinada, constitúe un feito insólito e tamén interesante. Como vimos de apuntar, temos constancia de que o emprego deste metal era frecuente por parte dos ourives castrexos, especialmente para aliar co ouro ou para crear ánimas metálicas ou terminais que posteriormente se dotaban de apariencia dourada. Este último fenómeno semella ter lugar sobre todo na etapa final da ourivería castrexa (cf. p. e. PEREA, 2003). Destes usos da prata entre os ourives do Noroeste son tamén testemuña algúns lingotes planoconvexos que, como os de Calvos de Randín, están feitos deste metal. Aínda que en todos os casos nos que contamos con datos analíticos se trata de pratas moito menos puras, por algunha razón decidíuse empregar unha prata máis refinada do habitual na elaboración destas pezas. Outra hipótese alternativa sería considerar que estamos ante obxectos da I Idade do Ferro feitos con prata importada dende o ámbito orientalizante, no que como xa vimos o emprego de pratas moi puras na elaboración de obxectos era bastante frecuente. Sen embargo, cos datos actualmente disponíbeis esta opción parécenos improbábel. En todo caso, as impurezas de ouro e cobre detectadas en todas as análises, así como a presenza de zinc en varias delas, indican unha homoxeneidade que podería ser coherente con unha única coada de metal. Esta uniformidade composicional reforza as similitudes estilísticas notadas anteriormente.

CONSIDERACIÓNS FINAIS

Ao longo deste traballo demos a coñecer un lote de oito pezas inéditas da ourivería protohistórica galaica, recentemente ingresadas no Museo das Mariñas de Betanzos: tres torques, tres brazaletes e dúas argolas. Todas elas foran descritas e analizadas individualmente, para logo teren sido inseridas no contexto xeral da Segunda Idade do Ferro do Noroeste. Varios son os aspectos materiais e formais que deben ser salientados na súa valoración final.

En primeiro lugar, consideramos que, malia o feito de ser descoñecido o seu contexto de achado, unha vez realizadas as correspondentes análises, podemos afirmar que tanto a morfoloxía como a composición química dos obxectos son coherentes coa súa adscrición cronocultural á Idade do Ferro do Noroeste.

En segundo lugar, o estudo comparativo destas pezas e das súas homólogas no ámbito da comunmente denominada Cultura Castrexa aponta para a existencia de diversos paralelos cuxos achados remeten para unha zona moi específica da xeografía galaica: o Nordeste da actual provincia de Lugo.

En terceiro lugar, as analoxías morfolóxicas, materiais, tecnolóxicas e químicas máis próximas para os obxectos aquí presentados atópanse en dous lotes de pezas actualmente conservados no MAN (1972/64 e 1972/113). As semellanzas compositivas dos torques e do brazalete de ouro (SEO-01, SEO-2 e SEO-03) cos lotes referidos, xunto a outras analoxías xa sinaladas, apuntan posibelmente a unha tradición artesanal ou a un ourive que traballa con unhas aliaxes determinadas, con taxas de prata e cobre inferiores á tendencia xeral que observamos no Noroeste. A hipótese de que todas estas pezas fosen froito de unha única coada, ou de unha única comisión ou encargo, parécenos arriscada e difícil de verificar analiticamente.

Outro factor que dificulta a interpretación destas semellanzas é a ausencia de datos sobre as procedencias e condicións de recuperación dos materiais. Por desgraza, carecemos de calquer información sobre posíbeis asociacións ou achados conxuntos, pero tendo en conta todas as casuísticas sinaladas non é descartábel que algunhas destas pezas fosen depositadas orixinalmente formando conxuntos ou, aínda mesmo, que os dous lotes do MAN e este outro que aquí estudamos integrasen un único conxunto, dispersado logo do seu achado.

Esta cuestión non resulta nada baladí, pois viría ao encontro de unha tradición moi arraigada na prehistória do Noroeste, onde, para alén dos frecuentes achados de elementos isolados senlleiros, tamén se rexistran descobertas de conxuntos moi significativos no que se refere á deposición de grandes cantidades de ouro e prata. Por citar apenas algúns exemplos, poderíamos referir o tesouro das Silgadas, en Caldas de Reis - Pontevedra (DOMATO e COMENDADOR, 1998), o achado do Castrelo, en Santa María de Foxados, Curtis – A Coruña (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951: 24-26), o do Castro de Masma, en Mondoñedo - Lugo (LÓPEZ CUEVILLAS, 1951: 30-31) ou o da Cividade de Bagunte, en Vila do Conde - Portugal (LADRA, 2001).

BIBLIOGRAFÍA

ACUÑA CASTROVIEJO, Fernando; CASAL GARCÍA, Raquel (1984-85): «Un novo torques de aramios enrolados». *Brigantium*, 5: 261-269.

ALVES, Luís Cerqueira; ARAÚJO, Maria de Fátima; MONGE SOARES, António (2002): «Estudo de um torques proveniente do noroeste peninsular – aplicação de métodos instrumentais de análise química não destrutivos». *O Arqueólogo Português*, série IV, 20: 115-134.

ARMADA, Xosé-Lois; GARCÍA-VUELTA, Óscar (no prelo): «Dating Iron Age goldwork: First direct ^{14}C AMS results from NW Iberia». *Trabajos de Prehistoria*.

BALSEIRO GARCÍA, Aurelia (1994): *El oro prerromano en la provincia de Lugo*. Lugo: Servicio de Publicacións da Deputación Provincial.

BALSEIRO GARCÍA, Aurelia (1999-2000): «El torques argénteo de Mondoñedo: un producto foráneo». *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, 9: 17-25.

BANDERA ROMERO, María Luisa de la (1996): «Objetos de plata que acompañan a las tesaurizaciones». En F. Chaves Tristán*: Los tesoros en el Sur de Hispania. Conjuntos de denarios y objetos de plata durante los siglos II y I a.C.*: 601-702. Sevilla: Fundación El Monte.

BOUZA BREY, Fermín (1965): «Tres torques áureos de Galicia». Separata de *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XX (60): 5-11.

COMENDADOR REY, Beatriz (1998): *Los inicios de la metalurgia en el Noroeste de la Península Ibérica*. Brigantium, 11. A Coruña: Museu Arqueolóxico e Histórico.

DOMATO CASTRO, Xoán M.; COMENDADOR REY, Beatriz (1998): *El tesoro desencantado (As Silgadas, Caldas de Reis)*. Caldas de Reis: Concello de Caldas de Reis.

GARCÍA VUELTA, Óscar (2007): *Orfebrería castreña del Museo Arqueológico Nacional.* Madrid: Ministerio de Cultura.

GARCÍA-VUELTA, Óscar; MONTERO-RUIZ, Ignacio (2007): «Aportaciones analíticas sobre orfebrería castreña: problemas de caracterización en piezas de la colección del Museo Arqueológico Nacional (Madrid)». *Conimbriga*, 46: 89-115.

HARTMANN, Axel (1971): «Análises de alguns objectos pré-históricos de ouro, procedentes do Norte de Portugal». *Revista de Guimarães*, 81(1-2): 129-132.

HARTMANN, Axel (1982): *Prähistorische Goldfunde aus Europa II. Spektralanalytische Untersuchungen und deren Auswertung.* SAM 5. Berlin: Gebr. Mann Verlag.

LADRA, Lois (1997-98): «Ouros no desterro: notas encol de dous conxuntos inéditos de ourivesaría castrexa actualmente depositados no M. A. N.». *Boletín do Museo Provincial de Lugo*, VIII (1): 45-78.

LADRA, Lois (1999): «O torques do Agro da Matanza». *Boletín do Centro de Estudios Melidenses*, 12: 23-34.

LADRA, Lois (2001): «Os torques de prata da cividade de Bagunte». *Estudos Pré-Históricos*, 9: 111-122.

LADRA, Lois (2005): «Análisis territorial de la distribución de hallazgos de torques áureos de la II Edad del Hierro en el NO peninsular». En A. Blanco González, C. Cancelo e Á. Esparza (eds.): *Bronce Final y Edad del Hierro en la Península Ibérica. Encuentro de jóvenes investigadores*: 94-110. Salamanca: Fundación Duques de Soria – Ediciones Universidad de Salamanca.

LADRA, Lois; MARTINÓN-TORRES, Marcos (2009): «Variacións tecnolóxicas e preferencias culturais: estudo analítico dos ouros do castro de Viladonga». *Croa*, 19: 32-43.

LIRITZIS, Ioannis; ZACHARIAS, Nikolaos (2011): «Portable XRF of archaeological artifacts: Current research, potentials and limitations». In M. S. Shackley (ed.): *X-Ray Fluorescence Spectrometry (XRF) in Geoarchaeology*: 109-142. New York: Springer.

LÓPEZ CUEVILLAS, Florentino (1951): *Las joyas castreñas.* Madrid: CSIC.

MARTINÓN-TORRES, Marcos; LADRA, Lois (2011): «Orígenes del dorado por amalgama: aportaciones desde la orfebrería protohistórica del noroeste de la Península Ibérica». *Trabajos de Prehistoria,* 68 (1): 187-198.

MONGE SOARES, António; ARAÚJO, Maria de Fátima; ALVES, Luís Cerqueira (2004): «Análise química não-destrutiva de artefactos em ouro pré e proto-históricos: alguns exemplos». *Revista Portuguesa de Arqueologia*, 7 (2): 125-138.

MONTEAGUDO, Luis (1952): «Torques castreños de alambres enrolados». *Archivo Español de Arqueología*, XXV (86): 287-298.

MONTERO, Ignacio; GENER, Marc; HUNT, Mark; RENZI, Martina; ROVIRA, Salvador (2008): «Caracterización analítica de la producción metalúrgica protohistórica de plata en Cataluña». *Revista d'Arqueologia de Ponent*, 18: 292-316.

MONTERO, Ignacio; ROVIRA, Salvador (1991): «El oro y sus aleaciones en la orfebrería prerromana». *Archivo Español de Arqueología*, 64: 7-21.

MURILLO-BARROSO, M. (2013): *Producción y consumo de plata en la Península Ibérica. Un análisis comparativo entre la sociedad argárica y los primeros asentamientos orientalizantes*. Tese de Doutoramento. Universidad de Granada.

PEREA, Alicia (2003): «Los torques castreños en perspectiva». *Brigantium*, 14: 139-149.

PÉREZ OUTEIRIÑO, Bieito (1990): «Achega tipolóxica para o estudo dos torques áureos do NW». *Gallaecia*, 12: 139-151.

POLLARD, Mark; BATT, Catherine; STERN, Ben; YOUNG, Suzanne M. M. (2007): *Analytical chemistry in Archaeology*. Cambridge: Cambridge University Press.

ROVIRA, Salvador (2004): «Apéndice III. Análisis metalográfico». En M. Almagro-Gorbea, D. Casado, F. Fontes, A. Mederos e M. Torres: *Prehistoria. Antigüedades Españolas I*: 419-421. Madrid: Real Academia de la Historia.

SEOANE, Rafael (1991a): *Ama Llula. La verdad sobre América del Sur*. Caamouco: XYZ.
SEOANE, Rafael (1991b): *Roteiro do antigo*. Óbidos: Antiqvvs V.
SEOANE, Rafael (1993): *Ensayos de ensayo*. Caamouco: XYZ.
SHACKLEY, M. Steven (2011): «An introduction to X-Ray Fluorescence (XRF) analysis in Archaeology». In M. S. Shackley (ed.): *X-Ray Fluorescence Spectrometry (XRF) in Geoarchaeology*: 7-44. New York: Springer.
SHUGAR, Aaron N. (2013): «Portable X-ray Fluorescence and Archaeology: Limitations of the instrument and suggested methods to archieve desired results». En R. Armitage *et al*. (eds.): *Archaeological Chemistry VIII*: 173-193. Washington: American Chemical Society.
SHUGAR, Aaron N.; MASS, Jennifer L. (eds.) (2012): *Handheld XRF for Art and Archaeology*. Leuven: Leuven University Press.
TISSOT, Isabel; MARTINHO, Carla; GUERRA, Maria Filomena (2013): «Estudo de torques, braceletes e brincos do MNA». En M. F. Guerra e I. Tissot (eds.): *A ourivesaria pré-histórica do Ocidente peninsular atlántico - Compreender para preservar*. 95-99. Lisboa: Projecto AuCorre.
TISSOT, Matthias; LEMOS, Manuel (2013): «Levantamento do estado de conservação das jóias arcaicas em ouro da Sala do Tesouro». En M. F. Guerra e I. Tissot (eds.): *A ourivesaria pré-histórica do Ocidente peninsular atlántico - Compreender para preservar*: 86-89. Lisboa: Projecto AuCorre.
WARNER, Richard (2004): «Irish gold artefacts: Observations from Hartmann's analytical data». En H. Roche, E. Grogan, J. Bradley, J. Coles e B. Raftery (eds.): *From megaliths to metal. Essays in honour of George Eogan*. 72-82. Oxford: Oxbow Books.

AGRADECEMENTOS

Os autores queren expresar publicamente o seu agradecemento ao director do Museo das Mariñas, Dr. Alfredo Erias, por ternos convidado para a realización deste estudo, ofrecéndonos todos os medios e facilidades que estaban ao seu alcance; foi grazas a el e ás suas prolongadas e pacientes xestións que a Colección Seoane acabou por ingresar nesta institución museolóxica betanceira. Tamén queremos agradecer ao noso colega lusitano António Fernando Barbosa a súa xenerosidade pola realización desinteresada dos debuxos que acompañan o texto. Asemade, tamén ficamos gratos ao xemólogo Xan Cristovo Fernández Casás, que realizou unha primeira inspección ocular das pezas, alertándonos para diversas manipulacións recentes, referidas ao longo do texto. Pola súa parte, Óscar García-Vuelta e Mercedes Murillo-Barroso achegaron tamén útiles suxerencias. O estudo analítico realizouse no marco do proxecto «Atlantic Late Bronze Age interaction through metal hoards» (ALBIMEH), financiado pola Unión Europea a través do Programa People (Marie Curie Actions, IEF, FP7/2007-2013) e actualmente en curso no UCL Institute of Archaeology.



Foto 14. Diversos tipos de terminais presentes nos torques e brazaletes da Colección Seoane. Composición fotográfica de Alfredo Erias a partir de fotografías de Lois Ladra.

Conexións lingüísticas entre as Illas Británicas e a Península Ibérica:

Unha perspectiva nova para unha pregunta vella [1]

JAMES DURAN/SÉAMAS Ó DIREÁIN*

Sumario

Usando datos de linguas vivas e arcaicas dentro da sólida estrutura proporcionada por amplas referencias históricas, arqueolóxicas e xenéticas, é posible resolver moitas cuestións relacionadas coa prehistoria lingüística e social dunha rexión.

Abstract

By using data from living languages and older languages within a solid framework provided by extensive historical, archeological and genetic data, it is possible to solve many questions regarding the linguistic and social prehistory of a region.

CONTIDO

-Introdución 12
-A Prehistoria das Comunidades de Lingua Celta na Europa Occidental 2
-A Evidencia Arqueolóxica e as súas Limitacións 3
-As Linguas Celtas na Antigüidade 5
-Os Pobos Celtas na Península Ibérica 7
-Celticización desde o Oeste 9
-Desde os Balcáns á Península Ibérica 11
-Buscadores de Minerais dos Balcáns na Península Ibérica 15
-A Chegada a Irlanda dos Buscadores de Minerais desde a Península Ibérica 17
-Evidencia da Prehistoria nas Linguas Vivas 18
-A Importancia dos Paradigmas verbais *Ser / Estar* e os seus Equivalentes nas Linguas Gaélicas 23
-Paradigmas Verbais en Galego Moderno e en Irlandés Antigo: Unha Conexión Moi Inesperada 24
-Explicación do Fenómeno *Ser / Estar* 26
-Outras similitudes entre as Linguas Gaélicas e o Galego 27
-A Antigüidade do «Verbo Substantivo» en Irlandés Antigo 29
-O Arcaísmo da Morfoloxía Verbal no Irlandés Antigo: A Conexión Balcánica 29(30)
-Pistas sobre a Prehistoria Celta nos Sistemas Sonoros de Linguas Vivas 31
-Evidencia Útil de África Oriental 34
-Unha Conexión coa Galia Belga? 35
-Unha Lingua Franca no Bronce Final Atlántico? 36
-Evidencia Xenética 38
-A Conexión Fenicia 39
-O Adstrato Afro-Asiático nas Linguas Celtas 40
-Hispano-Celtas e Iberos 41
-Conclusión
-Referencias

***James Duran/Séamas Ó Direáin**, Ph.D. Acadamh na hOllscolaíochta Gaeilge. University of Ireland, Galway.

[1]Moitos dos temas tratados neste ensaio foron discutidos en dúas presentacións previas: *Prehistoria, Linguística e Galicia: Antigos Lazos entre Galicia e Irlanda* (presentado en O Facho, A Coruña, en setembro, 2014) e *Conferencia Ateneo Liberal Santiago* (presentado en O Ateneo en Santiago de Compostela no mesmo mes.) Pódense ver as dúas presentacións no sitio web do Proxecto Gaelaico <www.progael.com>.

Introdución

Son sociolingüista e dialectólogo. Estudo a variación lingüística en comunidades vivas. Estudei a expansión dunha lingua vehicular — KiSuahili – nunha pequena vila ferroviaria no oeste de Kenya, habitada por catro grupos de diferente etnia, cada un cunha lingua marcadamente distinta. Tamén estudei as diferenzas sociolingüísticas e dialectais entre tres xeracións de falantes de gaélico irlandés que viven nun arquipélago de tres illas, na costa occidental de Irlanda.

Como sociolingüista, creo que cando unha lingua experimenta un cambio importante na súa fonoloxía, gramática ou léxico, é debido a que ocorreu un cambio na vida social ou cultural desa comunidade de falantes. Normalmente, isto sucede porque a comunidade que fala esa lingua pasou a estar baixo a influencia doutra comunidade que fala unha lingua ou un dialecto distintos.

Por conseguinte, a pronuncia das xeracións máis novas da comunidade orixinal de falantes pode chegar a reflectir a pronuncia dos seus novos veciños; ou formas ou estruturas gramaticais noveis da fala da devandita comunidade poden reflectir aquelas das linguas dos seus veciños. E novos elementos lexicais poden introducirse nunha lingua en calquera momento e desde calquera dirección, por suposto.

Tamén se poden dar cambios espontáneos, e eu vin como se daban na fala dos mencionados falantes de gaélico irlandés, pero tamén aquí a dimensión social pode ser importante, xa que estas innovacións se difunden desde individuos ou subgrupos á comunidade máis ampla. Por outra parte, unha innovación pode pasar de moda rapidamente xunto coa xeración que a orixinou ou tamén pode ser considerada como unha idiosincrasia característica dun individuo concreto soamente, sen ser parte do repertorio lingüístico da comunidade de falantes, e permitir que finalmente desapareza coa morte dese individuo.

Claro que, téndoo todo en conta, o que atrae a atención dun sociolingüista son os cambios lingüísticos a grande escala. E como os cambios lingüísticos a grande escala decote indican un contacto entre poboacións distintas, poden revelar moitas cousas sobre contactos entre poboacións no pasado, en épocas tan remotas da Prehistoria que hoxe non son máis ca construtos na mente dos arqueólogos.

Digo todo isto a xeito de introdución á miña maneira de tratar a evidencia lingüística e antropolóxica ó intentar interpretar pautas nos datos que poidan revelar – aínda que sexa indirectamente – as cambiantes paisaxes da Prehistoria.

A Prehistoria das Comunidades de Linguas Celtas na Europa Occidental

En décadas recentes, falouse moito da prehistoria das comunidades de persoas que falaban linguas celtas no occidente de Europa. Na época da conquista romana da Europa celta, os autores clásicos, gregos e latinos, deixaron informes bastante amplos dos pobos celtas que atoparon, tanto por vía comercial como por conquista e asimilación no Imperio Romano en expansión. En *De Bello Gallico*, Xulio César dános información de primeira man sobre sociedades celtas en funcionamento, escritas pola man do home que posiblemente fose quen máis fixo para desmantelar esas sociedades.

En total, o mundo celta descrito polos autores clásicos abranguía desde o suroeste de España ó norte de Gran Bretaña e de Irlanda, ata o norte, o centro e o sueste de Francia e ata o sur de Alemaña, de Suíza e de Austria. Os pobos celtas expandíranse recentemente ata o norte de Italia, os Balcáns e Grecia, mesmo chegando a Galatia, en Asia Menor, nas

súas amplas incursións e expedicións de saqueo. Na época da conquista romana, os propios celtas notaban a presión dos pobos xermánicos que avanzaban cara ó sur.

Existen interesantes evidencias lingüísticas desta masiva entrada posterior de pobos xermánicos nas zonas celtas do sur de Alemaña, de Suíza e de Austria durante a era das grandes migracións dos pobos xermánicos cara ó sur e o oeste, mentres se colapsaba o Imperio Romano.

> «...ó mirar un mapa dos dialectos das zonas nas que se fala alemán en Europa central, vese axiña un aumento de espirantización ó pasar das chairas do norte de Alemaña ás terras altas de Baviera, e desde alí ós altos vales de montaña dos Alpes Suízos. Dito doutro xeito, as palabras *Kuh*, «vaca», e *Beke*, «regato», convértense en *Chuh* e en *Bach*, respectivamente, adoptando formas fonéticas cando menos superficialmente similares ás formas de termos modernos do celta insular ó seguir cara ó sur...
>
> ...a explicación que se dá tradicionalmente é que un cambio de son – ou unha serie de cambios de sons – se espallou cara ó norte desde os vales remotos e de pouca poboación dos Alpes centrais «nalgún momento entre os séculos V e VIII d.C» [2]. Que escenario ten máis sentido? Un grupo de suízo-alemáns espallando o cambio dun son en dirección norte ante un cambio masivo da poboación alemá cara ó sur ou unha marea crecente de colonos alemáns internándose cada vez máis nos territorios celtas, acomodándose lingüisticamente ó mesturarse coa poboación celta local? O caso é que, ó explicar a dispersión xeográfica de características lingüísticas, debemos ter sempre presente os portadores humanos das características segundo loitan, conquistan, converten, comercian, se asentan e casan con persoas doutra etnia. [3]

De feito, ó examinarmos a evidencia lingüística neste artigo, é importante ter este punto presente – que «calquera enfoque conceptual ...debería estar ben fundamentado na realidade social e histórica». [4]

Volvendo ó noso estudo das zonas de fala celta de Europa occidental en vésperas da conquista romana, é importante observar que só Irlanda e o norte de Gran Bretaña escaparon totalmente da conquista romana, e é en Irlanda, en Gran Bretaña e posteriormente en Bretaña / Armórica (a través de asentamentos desde Cornualles segundo se desintegraba o Imperio Romano) onde as linguas e culturas celtas continuaron ata o presente cunha existencia amplamente independente en lugares privilexiados.

Unha grande unidade lingüística como a zona de fala celta non podía ser unha comunidade de falantes moi homoxénea na época da conquista romana. Tiña que estar composta por moitas poboacións relativamente separadas, aínda que conectadas, que falaban diversas linguas e dialectos celtas individuais. De ser así, cal foi o lugar de orixe da comunidade de falantes celtas orixinal e por que rutas se espallou a lingua celta orixinal nunha área tan grande? Cando comezou esa expansión?

As últimas preguntas foron abordadas por xeracións de lingüistas e arqueólogos nun esforzo por elucidar a Prehistoria de Europa occidental. O problema principal é que as evidencias lingüísticas son escasas na Europa occidental, aínda que aparecen evidencias novas constantemente.

---

[2]Barbour e Stevenson (1990), p. 33.
[3]Cf. Duran (1995), pp. 78-79.
[4]Ibid.

A parte principal e ampla de evidencia textual procede de Irlanda, das zonas de Gran Bretaña nas que se falaba galés e de Bretaña, pero esa evidencia non empeza a aparecer ata comezos da Idade Media. Esta evidencia é extremadamente valiosa e unha parte da evidencia irlandesa é de natureza xenuinamente arcaica, pero procede soamente dunha esquina remota do mundo de fala celta, e chega nun período relativamente tardío da historia.

A Evidencia Arqueolóxica e as súas Limitacións

Para responder as preguntas da orixe e da expansión da comunidade orixinal de fala celta, que co tempo se convertería no mundo de fala celta, os arqueólogos metéronse na brecha coa esperanza de poder seguir a evolución física desta comunidade de falantes por medio da súa cultura material (p. ex., ferramentas e apeiros da casa, armas e ornamentos persoais, formas das casas e tipos de fortificación) e da súa cultura inmaterial (p. ex., ritos funerarios, símbolos relixiosos).[5]

O problema, claro, está en que os restos materiais dunha comunidade non adoitan achegar probas fiables da lingua falada por esa comunidade. Como hai tempo que saben os antropólogos, as áreas lingüísticas e culturais non coinciden necesariamente. Nas sociedades tradicionais, as lindes étnicas non son tan ríxidas como imaxina decote a xente que son as lindes tribais — teñen certa fluidez.

Unha das razóns principais desa fluidez é o movemento constante de mulleres a través de lindes étnicas nas sociedades pastorais da Idade do Ferro, por medio da escravitude na guerra e de casamentos con persoas doutras etnias.[6] O que isto significa para a diversidade lingüística das poboacións é que os fillos das devanditas mulleres sempre serán bilingües, falando ata certo grao a fala da nai. Onde os casamentos entre grupos étnicos son sistemáticos, pódese dar un bilingüismo amplo dentro das sociedades, e é probable que este bilingüismo deixe a súa marca na lingua dominante do grupo étnico na forma de «influencias de substrato».[7]

Pasando de cuestións sociolingüísticas a cuestións máis puramente lingüísticas, intentemos calcular a variación lingüística das comunidades de fala celta en vésperas da conquista romana. Se o facemos baseándonos nas comunidades de falantes de linguas celtas hoxe en día en Irlanda, Gran Bretaña e Bretaña, obteremos unha resposta clara. Descubriremos unha profunda fenda lingüística entre os falantes de gaélico de Irlanda e de Escocia por un lado, e os falantes de galés en Gran Bretaña e os falantes de bretón en Bretaña polo outro. Pero estes dous grupos de falantes de linguas celtas viven a uns quilómetros de distancia.[8]

---

[5]Para unha boa visión de conxunto dos problemas relacionados coa reconstrución da vida dunha comunidade no pasado distante a través da evidencia arqueolóxica, véxase Alberro e Jordán Cólera (2008), especialmente a primeira sección do libro (pp. 17-109).

[6] Lembremos que na antiga sociedade irlandesa, antes da introdución da moeda, as dúas unidades de troco con finalidades comerciais eran o gando e as escravas.

[7]Para unha excelente discusión deste tipo de temas sociolingüísticos no contexto da Europa prehistórica, véxase Wodtko (2013). Para as miñas investigacións sociolingüísticas nunha comunidade multiétnica nas montañas occidentais de Kenya, véxase Duran (1974).

[8]Normalmente, referímonos ós falantes de linguas gaélicas como falantes de linguas goidélicas, mentres que nos referimos ós falantes de galés e de bretón como falantes de linguas británicas. Tamén se empregan frecuentemente as designacións «celtas-Q» e «celtas-P», en referencia ós falantes destes respectivos grupos de linguas. Neste artigo empréganse todos estes termos.

Estas son algunhas das preguntas principais que responder a estas alturas: (1) Que profundidade ten a fenda lingüística entre estes dous grupos concretos? (2) Cando e como se orixinou esta fenda? (3) Constituíron estes grupos un só grupo lingüístico nas Illas Británicas que se foi separando gradualmente durante séculos ou constituíron dous grupos de fala celta que se orixinaron noutro lugar e que posteriormente converxeron nas Illas Británicas para despois compartir certos trazos lingüísticos por medio da interacción social? (4) Reflicte dalgunha maneira esta división entre os dous grupos unha división lingüística similar no continente europeo en vésperas da conquista romana?

Como veremos máis adiante, seguen saíndo á luz probas moi significativas con respecto á natureza das linguas celtas que se falaron noutras zonas de Europa, especialmente no que noutrora foi a Galia, no norte de Italia, e na Península Ibérica, pero unha e outra vez inténtanse conectar estas linguas con calquera dos dous grupos mencionados anteriormente. Por conseguinte, está claro que polo menos na mente dos lingüistas que levan a cabo a investigación sobre as linguas celtas na Prehistoria, estes dous grupos reflicten unha maior división lingüística no mundo de fala celta e non simplemente unha división local restrinxida ás Illas Británicas e á península de Armórica.

As Linguas Celtas na Antigüidade

Comecemos a nosa exposición sobre as linguas celtas cunha breve visión de conxunto das linguas celtas da antigüidade á luz da erudición actual.[9] En primeiro lugar, os dous grupos de linguas mencionados anteriormente, as linguas goidélicas (incluídos o gaélico irlandés e o gaélico escocés, xunto co gaélico manés, xa extinto) e as linguas britónicas (incluídos o galés e o bretón, xunto co córnico, tamén extinto) están agrupados conxuntamente como as linguas celtas insulares.

Como acabo de mencionar, que estes dous grupos de linguas derivasen dunha lingua ancestral común falada nas illas ou que os dous grupos de linguas tivesen a súa orixe noutro lugar e fosen traídas ás illas posteriormente por distintos grupos de falantes do continente europeo é unha cuestión que aínda non está decidida.

En canto ás linguas celtas continentais, temos o galo (falado na Francia actual), o lepóntico (falado no norte de Italia) e o hispano-celta[10] (falado nunha ampla rexión triangular que abranguía a maior parte de España, pero excluíndo a zona próxima ós Perineos, habitada polos vascos, e as rexións mediterráneas costeiras do sueste, habitadas polos iberos).

O galo e o lepóntico foron agrupados coas linguas celtas-P, mentres que o hispano-celta foi agrupado coas linguas celtas-Q.[11] En xeral, as linguas celtas-P foron consideradas

---

[9]Cf. Alberro e Jordán Cólera (2008), pp. 241-245, para unha relación das teorías principais ata a data de publicación. Cf. Mallory (1989) para unha relación anterior, pero moi completa de tódalas linguas indoeuropeas e as súas comunidades de falantes á luz das investigacións arqueolóxicas.

[10]Neste artigo usarei o termo «hispano-celta», debido en parte a que o termo «celtibérico» empregado polos autores clásicos pode levar a engano. A lingua celtibérica, segundo as inscricións, non só é unha lingua celta totalmente distinta á lingua ibérica (unha lingua non indoeuropea), tamén parece ser distinta do tarteso ata certo grao, tamén unha lingua Celta (cf. Koch (2012), pp. 288-295, pero especialmente pp. 293-295). En canto ó lusitano, a maioría dos eruditos non a consideran unha lingua especificamente celta, aínda que, certamente, é indoeuropea (cf. Wodtko (2012)).

[11]Os termos «celta-P» e «celta-Q» reflicten os distintos reflexos fonolóxicos da consoante labiovelar protoindoeuropea ***k^{w}** presente no léxico de ámbalas dúas linguas. Observemos, por exemplo, a palabra galesa *pen* («cabeza») vs. *cenn* en gaélico irlandés. Móstrase un contraste similar entre o termo grego *ippos* («cabalo») e o latino *equus*.

linguas innovadoras e cunha situación xeográfica máis central, mentres que as linguas celtas-Q foron consideradas moito máis arcaicas e xeograficamente periféricas.

A clave da cuestión está en se as linguas goidélicas e as linguas hispano-celtas forman unha rama común das linguas celtas ou se simplemente son dous grupos distintos de linguas celtas na periferia da zona celta que simplemente conservaron certos trazos lingüísticos arcaicos en común, pero sen ningunha conexión específica entre elas na Prehistoria.

Ó leste dos pobos de fala celta había dúas grandes áreas ocupadas por falantes doutras linguas indoeuropeas: falantes de linguas xermánicas e falantes de linguas itálicas, incluído o latín. Pénsase que as linguas xermánicas non teñen unha relación especial coas linguas celtas, pero hai tempo que se cre que as linguas itálicas teñen un parentesco especial coas linguas celtas, e que formaron unha unidade lingüística orixinal: as linguas italo-célticas.

Estes tres grupos de linguas indoeuropeas occidentais foron clasificadas conxuntamente como linguas *centum*, diferenciándose do resto das linguas indoeuropeas, chamadas linguas *satem* e situadas ó leste delas. Neste caso, as etiquetas lingüísticas tiñan que ver cos diferentes reflexos fonolóxicos da consoante velar palatalizada protoindoeuropea ***k^{j}**, atopada, por exemplo, na palabra para dicir «cen» nas linguas das dúas áreas.

Así é todo, co descubrimento da lingua tocaria no Turquestán chinés, púxose a proba este concepto dunha simple división leste-oeste das linguas indoeuropeas. O tocario era claramente unha lingua *centum*, pero os falantes viviran a miles de quilómetros ó leste!

Claro que este era un claro caso do «arcaísmo da periferia». Aparentemente, os falantes de tocario, unha lingua que ten varias características arcaicas en común co celta, migraran cara ó leste desde a zona da patria dos indoeuropeos nunha época moi temperá, mentres que os falantes das outras linguas *centum* avanzaran cara ó oeste. Posteriormente, os falantes de indoeuropeo que permaneceran máis preto da zona da patria orixinal produciron as innovacións fonolóxicas características das linguas *satem*, aínda que algúns dos falantes destas linguas *satem* migraron despois cara ó leste ata lugares tan distantes como Irán ou India.

Posteriormente, veremos que as linguas celtas preservan trazos arcaicos característicos non só do tocario, senón tamén do hitita, considerado unha lingua irmá do protoindoeuropeo ou un dos descendentes máis temperáns do protoindoeuropeo.

Os Pobos Celtas na Península Ibérica

Pasando agora ó material arqueolóxico que reflicte as comunidades físicas dos pobos que falaban as linguas celtas, diriximos a nosa atención á Península Ibérica. Aquí, a pregunta básica é se os grupos de fala celta que entraron na Península Ibérica simplemente cruzaron os Perineos e entraron en España desde o nordés (a opinión tradicional)[12], ou se os celtas chegaron a España por mar desde o Mediterráneo oriental, asentándose directamente no suroeste de España (a hipótese alternativa proposta recentemente por eruditos asociados á teoría xeral «celticización desde o oeste»).[13]

Con respecto á idea de que chegasen pobos de fala celta desde o sur deAlemaña e Austria durante o período de Hallstatt, a comezos da Idade do Ferro, e cruzasen os Perineos para

[12] Cf. Bosch Gimpera (1942) e a exposición en Alberro e Jordán Cólera (2008), p. 24 ff. Véxase tamén o mapa en Koch (2012), p. 140, que mostra as rutas de expansión segundo o modelo tradicional.
[13]Cf. Cunliffe e Koch (2012), e tamén Koch e Cunliffe (2013). Obsérvese o mapa en Koch (2012), p. 193, que mostra a súa opinión sobre a distribución das linguas celtas contra a época de Herodoto.

asentarse en España, hai un problema lingüístico e un problema demográfico.[14] O problema lingüístico é que os pobos de fala hispano-celta falaban unha lingua celta moi arcaica con trazos celta-Q, como testemuñan as inscricións peninsulares con crecente claridade.

Non obstante, está demostrado que a grande área lingüística da que se supón que chegaron (que inclúe as linguas gala e lepóntica) era unha área puramente celta-P, sen indicio algún de que en ningunha parte da zona se falasen linguas celta-Q. Argumentar a favor deste hipótese sería argumentar que tivo lugar un cambio de lingua na área da patria despois da súa partida, co resultado de innovacións lingüísticas celta-P nas linguas locais, mentres que eles, na súa nova patria, en España e Portugal, conservaron as arcaicas formas celta-Q orixinais. Pero non hai ningunha evidencia lingüística dun cambio tan radical nas áreas do seu territorio nativo.

O problema demográfico é que a teoría supón que os pobos celtas pasaron por zonas ocupadas por aquitanos, vascos e iberos. Non obstante, no momento da conquista romana, estas zonas seguían ocupadas por estes falantes de linguas non indoeuropeas e non por colonias espalladas de falantes de linguas celtas. Ademais, como suxire o castro da Idade do Bronce de La Bastida, en Murcia, os iberos eran un pobo militarmente poderoso e sofisticado e non proclive a permitir que un grupo estranxeiro pasase polo seu territorio sen trabas.

É como se agardase que crésemos que un Moisés celta dirixiu o seu pobo sen sufrir danos a través dun mar dos pobos da zona para chegar á terra prometida do centro e do sur de España, e que as augas se volveron cerrar unha vez que pasaron. En canto á terra prometida, parece que os celtas tiñan a posesión total do centro e do oeste de España e Portugal (excepto a zona dos lusitanos en Portugal), sen indicio de conflitos coas poboacións indíxenas, e isto tamén parece estraño.

A segunda hipótese, a asociada ás propostas de «Celticización desde o Oeste», teoriza que un gran grupo de indoeuropeos que falaban unha variedade tardía de indoeuropeo nuclear que despois se convertería no antepasado das linguas celtas, chegou por mar directamente desde o Mediterráneo oriental, asentándose inicialmente no suroeste de España. Posteriormente, expandiríase en dirección norte ó longo da costa e cara ó interior da península desde o suroeste. En migracións posteriores, explorarían a costa occidental de Francia, viaxando río arriba cara ó interior, e utilizando Bretaña como base, expandiríanse cara ó norte ata Gran Bretaña e Irlanda.

Nesta teoría, a expansión da poboación que se convertería nos celtas realizaríase totalmente por mar, primeiro desde o Mediterráneo oriental ó suroeste de España, e despois ó norte polo Atlántico ata as Illas Británicas, pero principalmente ata Irlanda.

O sostén principal desta teoría é o satisfactorio descifre de inscricións na zona próxima á antiga Tartesos (Huelva) realizado por John Koch.[15] Koch identificou estas inscricións como escritas nunha lingua que é claramente celta. Ata agora atopáronse unhas 95 inscricións no suroeste de España e no sur de Portugal e foron datadas no período 700-500 a.C. Por conseguinte, a cultura arqueolóxica asociada ás inscricións xa estaba no seu apoxeo na época na que estaban florecendo as culturas de Hallstatt na Europa central. Por tanto, a cultura de Hallstatt non pode ser a fonte de procedencia da lingua tartesa, xa que as dúas culturas foron contemporáneas.

[14]Cf. Koch (2013a).
[15]Cf. Koch (2012).

Unha vez máis, creo que sería un erro intentar derivar tódalas linguas celtas, as celtas-P e as celtas-Q, das linguas hispano-celtas temperás, espallándose río arriba cara ó norte e ó leste por medio dos sistemas fluviais continentais que flúen a través de Francia cara ó oeste. Facelo sería negar a importancia directa non só do galo, senón do lepóntico, sendo ámbalas dúas linguas celtas-P, na xénese das linguas celtas continentais. Tamén podería restarlle importancia á singular conexión italo-céltica, unha forte conexión lingüística que resistiu a proba do tempo no debate académico.

Pero, ó mesmo tempo, a nova teoría permítenos conectar as linguas celtas directamente coas linguas europeas orientais nunha época tardía e vincular o gaélico irlandés especificamente coas devanditas linguas. Máis adiante, volveremos a este tema máis detalladamente.

Celticización desde o oeste

Pero pasemos agora á reconstrución da realidade lingüística segundo esta segunda hipótese, a da «celticización desde o oeste». Esta teoría presupón a chegada repentina, por mar, dos devanceiros da poboación de fala celta da Península Ibérica, procedentes do Mediterráneo oriental, quizais xa no Período Calcolítico (Idade do Cobre) e quizais asociada coa expansión da cultura do vaso campaniforme, pero certamente ó comezo da Idade do Bronce na costa atlántica europea.


A motivación sería a busca de metais por parte de pobos que xa estaban familiarizados coa tecnoloxía de fundición e da metalurxia. En 2800 a.C., esta tecnoloxía estaba espallada pola metade sur da Península Ibérica, incluído o importante xacemento de Cabezo Juré, no suroeste de España. Como menciona Koch, «moitos [xacementos] teñen fortificacións extraordinarias e reflicten complexas sociedades xerárquicas...»[16] Isto non foi un desenvolvemento evolutivo lento das culturas locais, senón un desenvolvemento rápido dos recursos locais realizado por poderosos e sofisticados grupos que acababan de chegar doutros lugares.

Pouco despois, en 2400 a.C., percibimos outro avance tecnolóxico en Ross Island, na costa suroeste de Irlanda, «...a onde a metalurxia e a cerámica campaniforme chegaron xuntas evidentemente...» [17] En 2100 a.C., coa adición de estaño (presumiblemente de Cornualles), temos unha «... transición abrupta ó bronce de alto contido de estaño en Gran Bretaña e en Irlanda... mentres que Ross Island continuou sendo a fonte prominente de cobre para o estaño-bronce ata 1900 a.C... quen controlaba a produción de Ross Island tiña información para comunicar eficientemente ó longo de grandes distancias durante cinco séculos. As conexións con esta rede metalúrxica insular do comezo da Idade do Bronce definen o grupo Vilavella-Atios de Galicia e Norte de Portugal, comunidades que tamén tiveron predecesores asociados á cerámica campaniforme.»[18]


A rede comercial de Vilavella-Atios funcionou durante case un milenio, desde 2200 a.C. ata c. 1300 a.C., e incluía Irlanda, Wessex, Armórica e Galicia/Norte de Portugal.[19]

Koch di posteriormente que «…o protocelta foi o resultado da expansión do indoeuropeo nuclear ó territorio de fala ibera durante o Bronce Final Atlántico...» e ve

[16]Koch (2013b), p. 131.
[17]Ibid., p. 135.
[18]Ibid.
[19]Ibid., p. 119.



Mapa A. O Suroeste da Península na Época das Inscricións Tartesas (Cf. Cunliffe e Koch [2012], Fig. 9.1, p. 187).



Mapa B. A Área de Formación das Linguas Celtas nos Milenios Terceiro e Segundo a.C. segundo a Nova Teoría (Cf. Koch e Cunliffe [2013], Fig. 8.5, p. 215).

«...[a actividade comercial do] comezo do Bronce Final Atlántico como a fonte [ou unha fonte] deste indoeuropeo nuclear...»,[20] facéndose eco das opinións manifestadas moito antes por Barry Cunliffe sobre que «...o celta atlántico debeu existir como lingua franca desde Portugal a Gran Bretaña desde finais da Idade do Bronce como mínimo.[21]

Volveremos á discusión de temas lingüísticos un pouco máis tarde, pero neste punto é oportuno observar que, ata agora, os datos arqueolóxicos son consistentes coas opinións respecto ás orixes dos pobos celtas contidas nas súas tradicións. Primeiro, que os devanceiros dos gaeles en Irlanda son produto dun movemento demográfico cuantioso desde as costas do norte de Galicia a Irlanda nun período moi temperán[22], e segundo, que os *celtici* que se asentaron ó longo da costa occidental da Península Ibérica crían que os seus devanceiros viñeran do suroeste da península, da rexión do río Guadiana, e non do nordés.[23]

Por último, aínda que non menos importante, hai parte dunha tradición que non está incluída no *Lebor Gabála Érenn* (O Libro das Invasións de Irlanda). Deixemos que nolo conte John Koch:

> «[Os etnónimos] ... *Érainn* e *Érna* aparecen na literatura temperá irlandesa, referíndose maiormente a un grupo marxinal que en tempos históricos temperáns residía no suroeste... Aínda que os literatos irlandeses temperáns non o din nunca, que eu saiba, para eles debía resultar obvio que Érainn significaba simplemente «persoas de Ériu, irlandeses». Ese era, sen dúbida, un uso confuso para un grupo da periferia do país... sen grande importancia en tempos históricos... Nos acontecementos rexistrados nas crónicas contemporáneas, os reis Érainn nunca tiveron aspiracións serias de chegar ó preeminente lugar real de Tara, no val do Boyne. Por conseguinte, hai dous relatos memorables e elaborados no Ciclo Temperán dos Reis Irlandeses que explican como conspiraron forzas sobrenaturais para botar os reis Érainn da mitoloxía prehistórica do reino de Tara e trasladar os seus sucesores dinásticos ó suroeste... O que non sabían os escritores irlandeses do comezo do medievo, e o que non soubemos nós ata hai pouco, é que, antano, o país dos Érainn foi culturalmente dominante, máis có val do Boyne, na época na que a posición social alta estaba definida polas armas e ornamentos feitos co «metal A» de Ross Island. Non é inconcibible que o grupo que trouxo a metalurxia a toda Irlanda, cambiando o estilo de vida do país por completo e para sempre, lle dese o seu nome e a súa identidade á nación».[24]

Así, parece que as cambiantes fortunas das dinastías irlandesas e dos grupos étnicos relacionados con elas causaron un conveniente lapso na memoria dos historiadores tradicionais, de xeito que mesmo datos evidentes puidesen ser «esquecidos». Esta sería unha excelente ilustración da etnohistoria como un «espellismo da realidade», fiel, no principal, á realidade antiga, pero cos detalles manipulados polos recitadores da tradición cando resultase politicamente conveniente.[25]

Non obstante, antes de abandonar Irlanda, temos información adicional procedente da tradición irlandesa que axuda a poñer toda a información anterior nunha perspectiva

---

[20]Ibid., p. 133.
[21]Cf. Cunliffe (2001), pp. 296-297.
[22]Cf. *Lebor Gabála Érenn* en Koch e Carey (2000), pp. 226-271.
[23]Cf. Alberro e Jordán Cólera (2008), p. 70.
[24]Koch (2013b), pp. 134-135.
[25]Cf. Vansina (1965), a obra clásica do etnohistoriador Jan Vansina, que seguiu a pista da historia oral de varios reinos bantús na África central.

moito máis clara. Como indica o xenetista Stephen Oppenheimer, se sumamos os anos de reinado de cada rei segundo as listas tradicionais de reis irlandeses, descubrimos que os reinados comezan uns 2000 anos antes de Cristo, xusto a comezos da Idade do Bronce, cando empezou a revolución tecnolóxica en Irlanda.[26]

Desde os Balcáns á Península Ibérica

Pero o *Lebor Gabála Érenn* tamén fala dun movemento anterior dos gaeles desde o Mediterráneo a España. Vexamos agora o que teñen que dicir os datos arqueolóxicos, xenéticos e lingüísticos sobre esa parte da tradición.

Aquí, terá grande importancia o traballo de dous eruditos. O xenetista Stephen Oppenheimer usou probas xenéticas e arqueolóxicas para conectar as Illas Británicas e a Península Ibérica co occidente da Península Balcánica.[27] O material é abundante e merece unha discusión moito máis ampla, pero as implicacións son concluíntes. Irlanda e Gran Bretaña están conectadas — vía Galicia – co oeste da Península Balcánica, con Albania como epicentro xenético. Os fíos xenéticos que conducen a Irlanda e a Gran Bretaña parecen ser fíos separados, indicando movementos diferentes en épocas distintas, uns a finais do período neolítico e outros durante o período calcolítico ou comezos da Idade do Bronce. Como di Oppenheimer, «...estas rutas separadas e paralelas ata Gran Bretaña e Irlanda puideron ser a base das diferenzas sonoras sistemáticas entre as ramas das linguas goidélicas e britónicas». [28]

Desde a perspectiva da arqueoloxía, a motivación para un movemento tan rápido e de tan longa distancia sería a busca de cobre por parte de experimentados tecnólogos.

A distribución do haplotipo E3b1 parece seguir principalmente unha ruta terrestre que vai directamente desde Albania ós Alpes e a través do norte de Francia ata un «punto xenético clave» nas minas de cobre de Great Ormes Head, no norte de Gales.[29]

A distribución do haplotipo J2-M12 segue unha ruta maiormente marítima en dirección oeste a través do Mediterráneo ata dous «puntos xenéticos clave» na Península Ibérica: Galicia e o sueste de España, na zona dos iberos.[30]

Parece que o grupo que se asentou entre os iberos no sueste da Península Ibérica foi absorbido pola comunidade de fala ibera, mentres que parece que o grupo que navegou a través do Estreito de Xibraltar se asentou principalmente en Galicia. Alí, presumiblemente, estableceron unha próspera comunidade de fala celta que quizais desenvolvese a distintiva «cultura castrexa» e utilizase a zona como trampolín para a súa posterior expansión, tanto ó norte, a Gran Bretaña e a Irlanda, como ó sueste, ó interior da Península Ibérica.

Ó mesmo tempo, se o grupo que migrou por terra desde Albania e avanzou cara ó norte a través dos Alpes se asentou ó longo da ruta, puido establecer comunidades de fala en lugares escollidos da Europa continental e, co tempo, por medio da interacción e dos matrimonios mixtos con comunidades veciñas, introducirían innovacións na súa lingua. Entrementres, os seus parentes que seguiran a ruta marítima cara ó oeste, desenvolverían innovacións lingüísticas como resultado da interacción cos pobos da Península Ibérica.

---

[26]Cf. Oppenheimer (2007), pp. 100-106, pero especialmente p. 102.
[27] Cf. Oppenheimer (2012), particularmente pp. 144-147.
[28]Ibid., p. 145. Cf. tamén Figura 6.5 na p. 142.
[29]Ibid., p. 146.
[30] Cf. Figura 6.4 na p. 139.

Como dixo Oppenheimer, nese caso, poderiamos estar vendo a xénese das profundas diferenzas entre as linguas goidélicas e britónicas de hoxe. O primeiro grupo representaría os falantes das que se converterían nas linguas celtas-P, mentres que o segundo grupo representaría os falantes das que se converterían nas linguas celtas-Q. O camiño seguido polo primeiro grupo explicaría a existencia das linguas celtas-P ó longo da ruta, tales como o lepóntico (no norte de Italia) e o galo. Tamén explicaría as características lingüísticas comúns compartidas polas linguas itálicas e as linguas celtas. Por suposto, os falantes de protoitálico e de protocelta tamén puideron ser veciños no oeste dos Balcáns antes de migrar ó oeste a través ou arredor do Mar Adriático.

Así e todo, é importante sinalar que os dous grupos, os putativos celtas-P e celtas-Q, saen do mesmo punto de partida, dun epicentro situado en Albania, e que a distribución dos dous haplotipos se superpón de varios xeitos interesantes.

Non obstante, antes de abandonar os Balcáns, volvemos ós datos lingüísticos, onde o traballo de Graham Isaac ten grande importancia.[31] Isaac non se centra en ningunha área xeográfica, incluídos os Balcáns, pero as súas opinións atraen a nosa atención ós Balcáns. Isaac mantén que as linguas celtas conteñen moitas innovacións lingüísticas que son específicas das linguas indoeuropeas orientais.

Teñamos presente que estas características lingüísticas non son trazos herdados da lingua protoindoeruopea nai orixinal. Son innovacións lingüísticas que xurdiron en diferentes ramas destas linguas orientais despois da separación do protoindoeuropeo – e estas innovacións ocorren nas linguas celtas. As linguas e os grupos que menciona son: indoiranio, báltico, eslavo, grego, tocario e albanés.[32] Observemos que todas estas linguas son linguas *satem* – agás o tocario, que é unha lingua *centum*, pero como observamos antes, os tocarios estaban situados ó leste, nada menos que no Turquestán chinés!

De feito, en canto a que as linguas celtas sexan linguas *centum*, xunto coas linguas itálicas e as xermánicas, Isaac mesmo chega a dicir que «...malia a situación occidental dos celtas en tempos históricos, non comparte trazos innovadores significativos coas outras linguas prominentes do oeste indoeuropeo, itálicas e xermánicas. Hai características compartidas con estes grupos, por suposto, pero son dunha natureza cronoloxicamente trivial».[33]

Para Isaac, compartir palabras tomadas como préstamos entre grupos lingüísticos veciños significa pouco en termos de ascendencia xenética. Para el, «...son as innovacións gramaticais as que teñen peso, como as reveladas en alteracións inusitadas dos sistemas fonolóxico e morfolóxico da lingua.[34]

A morfoloxía do verbo ten un interese particular para Isaac, en especial, as innovacións relacionadas coas cambiantes funcións do morfema *-s-,* atopadas nas raíces de certos verbos protoindoeuropeos que orixinalmente marcaron o tempo aoristo (pretérito) da protolingua.

---

[31]Cf. Isaac (2012).

[32]Ibid., p. 165.

[33]Ibid., p. 157. Como afirma detalladamente na p. 158, o «italo-celta» non existe como unha entidade xenética especial. As linguas celtas e as linguas itálicas simplemente compartiron algúns trazos como veciños nalgún momento da Prehistoria.

[34] Ibid., p. 158.



Mapa C. Rutas Marítimas no Mediterráneo na Idade do Bronce Tardío
(Cf. Koch e Cunliffe [2013], Fig. 4.9, p. 117).

> «As dúas formacións sigmáticas..., futura e desiderativa, son sintomáticas dunha explosión xeral na produtividade de formas verbais sigmáticas en xeral, representadas tamén, e moi sorprendentemente, polo aumento e xeneralización do aoristo sigmático, como se ve en grego, indoiranio, eslavo e celta. A formación está presente incipientemente noutras linguas e, de feito, tamén acadou unha produtividade limitada en itálico. Pero só é en grego, indoiranio, eslavo e celta onde o aoristo sigmático se converte na formación produtiva por excelencia para tódolos novos verbos, ademais de ser xeneralizada en moitos casos a verbos vellos cuxas herdadas formacións do aoristo estaban moribundas». [35]

Despois de dar diversos exemplos moi específicos, Isaac salienta que:

> «innovacións morfolóxicas distintivas tales como estas só se poden compartir polas comunidades lingüísticas que as empregan cando estas comunidades son contiguas. Xa que ... o grego e o indoiranio en particular, tamén o báltico e o eslavo, son representativos dunha configuración dialectal moi tardía, innovando moitos trazos non compartidos en común por outras linguas indoeuropeas..., dedúcese que o celta tamén xurdiu dunha sección desa configuración dialectal. Polo tanto, unha gran parte do que é distintivo, do que identifica as linguas celtas, pertence a esta configuración, á que a xeografía e a historia lingüística nos obrigan a situar en Europa oriental no cuarto ou no terceiro milenio a.C.». [36]

Unha innovación específica leva a Isaac á conclusión de que os devanceiros daqueles que despois falaron celta común «...eran parte dunha zona de contacto lingüístico contra o 2000 a.C. que abranguía tamén os devanceiros dos bálticos, eslavos, albaneses e iranianos».[37]

Pero, onde estaría situado este continuo dialectal indoeuropeo tardío? É moi posible que estivese na Península Balcánica e nos seus arredores. Pode sorprender a algúns que a lingua grega e a armenia estean tan estreitamente relacionadas, xa que agora os armenios están situados no extremo meridional do Cáucaso. Non obstante, como nolo recorda J. P. Mallory, os armenios migraron dos Balcáns ó lugar no que se atopan agora nos albores da historia.[38] Se os armenios trashumantes puideron migrar ata tan lonxe a través de Asia Menor, por que non os tocarios?

Pero, temos algunha confirmación de que tipo de lingua empregaban estes falantes de dialectos indoeuropeos balcánicos nese período da Prehistoria? Temos textos dos gregos micénicos e resulta que a forma moi temperá de grego que falaban se conservou «esencialmente como indoeuropeo nuclear no seu desenvolvemento». Koch, resumindo a Garrett (2006), di que as análises de Garrett do grego micénico «...implican un continuo dialectal do indoeuropeo nuclear, non moito antes de 2500 a.C. digamos...», que existira nos Balcáns pouco antes do grego micénico.[39]

Deste xeito, parece que na Península Balcánica, xusto no comezo da Idade do Bronce, cando os buscadores de minerais estaban a piques de saír por mar en dirección oeste desde Albania ou das zonas veciñas da costa dálmata en busca de metais ó longo da

---

[35]Ibid., pp. 159-160. A importancia do aoristo sigmático resultará evidente cando vexamos a exposición de Calvert Watkins sobre o verbo en gaélico irlandés antigo. Cf. Watkins (1962/1969).
[36]Ibid., p. 160.
[37]Ibid., p. 164.
[38]Mallory (1989), p. 33.
[39]Cf. Koch (2013b), pp. 105-106.

Europa Atlántica, parece que estaban presentes diversos grupos que falaban unha versión posterior de protoindoeuropeo lixeiramente distinta, e entre eles, os devanceiros dos pobos de fala celta.

E así, unha vez máis, os fantasiosos relatos de *Lebor Gabála Érenn* e de *Foras Feasa ar Éirinn* sobre as orixes dos diferentes grupos de gaeles que invadiron Irlanda sucesivamente desde os Balcáns – desde «Grecia», «Tracia», «Escitia», etcétera— poden ter certa base.

Buscadores Balcánicos de Minerais na Península Ibérica

Volvendo á arqueoloxía, sigamos estes navegantes que procuraban metais no oeste ata as costas da Península Ibérica, evitando os ben armados e ben fortificados iberos da costa mediterránea. Que clase de lingua trouxeron con eles? Podemos supoñer que, igual có grego micénico, era bastante próxima ó indoeuropeo nuclear tardío. Pero, xa comezara a desenvolver características celtas distintivas?

Se cremos que os devanceiros dos celtas-P, incluídos os falantes de dialectos que posteriormente se converterían no lepóntico e no galo, xa estaban avanzando terra a dentro en dirección noroeste, rodeando os Alpes, a través do sur de Alemaña e da Galia e na dirección xeral de Gran Bretaña, debemos supoñer que levaron con eles os xermes do protocelta ou non compartirían innovacións lingüísticas celtas cos seus curmáns celtas-Q, que navegaban en dirección á Península Ibérica.

Se o protocelta se desenvolveu totalmente na Península Ibérica, os celtas-P non poderían compartir as innovacións que caracterizan o celta común. Dito doutro xeito, se se postula unha expansión do galo desde o norte de España, subindo polos ríos do occidente francés ata a Galia central, onde deixa iso o lepóntico, unha lingua celta-P aniñada confortablemente no lado italiano dos Alpes?

Non hai evidencias lingüísticas dese período da Prehistoria na Península Ibérica, claro, pero comézanse a acumular evidencias case 1.500 anos despois. Koch ten algunhas cousas interesantes que dicir sobre a diferenciación lingüística entre as linguas indoeuropeas do centro e do occidente da península. En primeiro lugar, pola evidencia arqueolóxica, parece que as linguas indoeuropeas se expandiron cara ó interior desde a área costeira atlántica (tipificada polas culturas do grupo Vilavella-Atios) despois de 1300 a.C. aproximadamente, ata incluír todo o que os romanos coñeceron posteriormente como a Hispania Celtica, a enorme área caracterizada por topónimos co elemento *–briga*, na que se inclúen as inscricións do suroeste, arredor de Tartesos. Esta expansión estaría completada en 1100 a.C. aproximadamente, e marcaría o Bronce Final Atántico.[40]

En canto ás linguas individuais, o lusitano parece ser claramente indoeuropeo, pero non celta, evidentemente, xa que aínda conserva o son /p/ protoindoeuropeo. Polo contrario, os seus veciños celtiberos e tartesos perderon o /p/, e esa perda é unha destacada característica das linguas celtas. Tanto os celtiberos como os tartesos lindaban co territorio dos iberos, que falaban unha lingua non indoeuropea que non tiña o son /p/, polo que é posible que as linguas celtas desenvolvesen esa característica a través da «exposición prolongada ó sistema sonoro ibero».[41]

[40]Ibid., p. 124.
[41]Koch (2012), p. 294.

En canto ás diferenzas entre tarteso e celtibero, «as afinidades do galo (e do goidélico e do britónico) co tarteso contrastan co carácter conservador e relativamente illado do celtibero», tan apartado das rutas marítimas do Atlántico. «Sen acceso ó mar e apertado entre [linguas non indoeuropeas] e os Perineos, o celtibero estaba idealmente situado para quedar illado das innovacións que afectaban as outras linguas celtas».[42] É posible que tamén existise unha diferenza importante nos sistemas sonoros das dúas linguas, pero volveremos a iso posteriormente.

En canto ós celtas-P, ó norte dos Perineos, se algunha vez perderon o /p/ por algunha razón[43], como volveron reincorporar o /p/ ó seu sistema sonoro? Koch ten unha resposta:

> «Ó outro lado dos Perineos, o celta sen *p* íase atopar en contacto co itálico e o xermánico e outras linguas con *p*. Foi alí onde o celta desenvolveu, ou restaurou, un sistema sonoro máis parecido ós dos seus veciños centroeuropeos: o * k^w herdado pasou a ser articulado como *p*, a característica definitoria dos celtas-p». [44]

A Chegada a Irlanda dos Buscadores de Metais da Península Ibérica

Avanzando en dirección norte desde a Península Ibérica, intentemos seguir a suposta ruta dos buscadores de cobre e os seus descendentes ata Gran Bretaña e Irlanda. Se seguimos a ruta bosquexada anteriormente, chegamos á zona de cobre da Ross Island, no suroeste de Irlanda, lugar da revolución tecnolóxica que, co estaño de Cornualles, introduciu a Revolución do Bronce nas Illas Británicas e na parte norte da Europa Atlántica. Segundo a tradición irlandesa, tamén foi no suroeste de Irlanda, en Inbhear Scéine, onde desembarcaron os fillos de Míle Spáinne.

Despois de desembarcaren, con quen se atoparían? Deixando a un lado os seres míticos que gobernaban Irlanda daquela, os Tuatha Dé Danann, poderiamos dicir con seguridade que atoparon celtas-P en Irlanda, sen mencionar outros posibles grupos, incluídos falantes de linguas non indoeuropeas como os vascos ou os saami.

A razón pola que menciono os celtas-P especificamente é que as tradicións irlandesas falan dun grupo chamado os Cruithne, no nordés de Irlanda, e ese é o mesmo etnónimo que tamén utilizaron os irlandeses para os pictos do nordés de Escocia. A forma gaélica reconstruída dese nome é **Qritani* e a forma britónica reconstruída do mesmo nome é **Pritani*. O nome romano dos britanos era *Britanni* e o nome de Gran Bretaña en galés medieval é *Prydain*. Así que parece que temos un nome nativo (derivado do celta-P) para Gran Bretaña e os seus habitantes, e unha versión celta-Q do mesmo etnónimo para os seus parentes en Irlanda.

Deste xeito, no amencer da historia escrita en Irlanda e en Gran Bretaña, atopamos celtas-P no nordés de Irlanda e no nordés de Escocia, dúas das áreas máis remotas da Europa continental. Se as poboacións representan poboacións indíxenas nesas zonas, esas poboacións falan linguas celtas-P, non celtas-Q. Os celtas-Q parecen ser intrusos tardíos – con toda certeza en Gran Bretaña. A súa invasión das illas escocesas e do oeste de Escocia comeza cando o Imperio Romano empeza a colapsarse, e esa invasión está ben rexistrada na tradición irlandesa.

---

[42]Ibid., pp. 294-295.

[43]Se non había presenza ibera ó norte dos Perineos, que veciños inducirían os celtas locais a perder o son /p/? Influirían neles os aquitanos non indoeuropeos? Non temos ningunha resposta satisfactoria para isto.

[44]Ibid., p. 295.

Temos algunhas probas de grupos irlandeses asentándose en Gran Bretaña na Prehistoria e de grupos británicos asentados en zonas do sur de Irlanda, pero isto chama pouco a atención na tradición irlandesa. Co colapso do Imperio Romano, asentáronse grupos irlandeses en diversas partes de Gales e, como xa mencionei, expandíronse ata o oeste de Escocia. A súa relación cos Cruithne debía ser complexa e establecida había tempo, e nela incluiríanse alianzas e casamentos, así como rivalidade e guerra entre os dous grupos. Os historiadores romanos, por exemplo, observaron que os dous grupos («Picti»/Cruithne e «Scotti»/Gaeles) formaban alianzas para facer incursións conxuntas no norte de Gran Bretaña, ó sur das murallas romanas. Recordemos tamén a rápida cristianización da Escocia picta, levada a cabo pouco despois por Colm Cille e os seus compañeiros, os misioneiros irlandeses, e a unión do reino gaélico e o reino picto baixo Cínaed Mac Ailpín a mediados do século IX. Toda esta actividade conxunta suxíreme amplas alianzas, matrimonios mixtos e bilingüismo entre dous grupos distintos.

A miña resposta a por que non se expandiron antes os irlandeses estaría relacionada coa forza dos grupos britanos en Gran Bretaña en épocas prerromanas. Coa destrución do poder militar deses grupos polos romanos e o posterior colapso do poder romano en Gran Bretaña, os irlandeses atoparon un oco ó que podían desprazarse, pero fixérono conxuntamente cos seus aliados Cruithne en Escocia.

Así que a imaxe que teño dos celtas-P e dos celtas-Q nas Illas Británicas é a dos celtas-P chegando a Gran Bretaña (e quizais a Irlanda) desde o continente (como seguían facendo os Belgae na época na que César conquistou Gran Bretaña), e os celtas-Q chegando ó suroeste de Irlanda na mesma época, aproximadamente, ou posteriormente, desde a Península Ibérica. Ámbolos dous grupos serían xa distintos lingüisticamente – polo menos ata certo grao.

Pero o problema actual é que, como xa mencionei moito antes, ó examinarmos hoxe os descendentes dos dous grupos orixinais, atopamos unha enorme fenda lingüística entre as dúas linguas en Irlanda e en Escocia, por un lado, e en Gales e enArmórica polo outro. Para preguntar *Cómo estás?*, por exemplo, un falante de gaélico irlandés do sur diría *Conas atá tú?*, mentres que un falante de galés diría *Sut wyt ti?* Un castelán falante pode intuír unha conexión entre a frase gaélico-irlandesa e a frase castelá *Cómo estás*?, pero non estou seguro de que extraese moito significado da frase galesa.

Evidencia da Prehistoria nas Linguas Vivas

Examinemos estas linguas máis atentamente, extraendo información non só de formas máis antigas, senón tamén de formas modernas, xa que as linguas vivas poden conservar material moi antigo, a miúdo con formas sorprendentemente inalteradas.

Algunhas linguas, xeralmente nas zonas máis remotas, só cambiaron dun xeito mínimo durante longos períodos de tempo, conservando gran parte do seu antigo carácter. O islandés moderno cambiou pouco en mil anos e o lituano moderno conserva, como mínimo, unha boa parte do protoindoeuropeo tardío.[45] Pero incluso unha lingua que cambiou tanto como o inglés moderno pode conservar formas lingüísticas moi antigas. Por exemplo, na frase *I am a European*, o inglés conserva a forma *am* inalterada desde o período do

[45]O Prof. William R. Schmalstieg referiuse ó lituano como un «dinosauro lingüístico» na súa introdución a Zinkevičius (1996).

protoindoeuropeo. Comparemos as formas cognadas: irlandés antigo *am*, albanés *jam* e a forma *em* en armenio.[46]

Ás veces, non é só unha forma lingüística a que nos chama a atención, senón a súa posición nunha construción lingüística. En castelán, dise *¡Siénte**se**!* (Sente!), pero para formar o seu equivalente negativo, dise *¡No **se** siente!* (Non sente!). Por que pasa obrigatoriamente a partícula reflexiva *-se-* a un lugar entre a partícula negativa e o verbo na construción negativa? Que eu saiba, non se dá ningunha explicación para esta inusitada regra gramatical.

Atopamos unha posible explicación no lituano, no que unha partícula (como a partícula negativa *ne-*) anteposta ó verbo atrae á partícula reflexiva *–si-* automaticamente, e así salta desde o seu sitio detrás do verbo ó lugar que hai entre a outra partícula e o verbo. Para dicir «Siéntese!» en lituano, dise *Sėskite**s*** (= *Sėskite-**si***) e para dicir «No se siente!», dise *Ne**si**sėskite!* (= *Ne-**si**-sėskite!*). A miña explicación para esta estraña coincidencia sería que estas dúas linguas vivas, separadas por moitos quilómetros desde hai miles de anos, comparten unha regra gramatical herdada do protoindoeuropeo ancestral.

A importancia dos Paradigmas Verbais

Observemos que estes dous sorprendentes exemplos de aparente conservación de formas e construcións lingüísticas ó longo de miles de anos implican verbos. Os verbos, que decote son complexas construcións lingüísticas, son fundamentais para o significado dunha frase en calquera lingua. E en anos recentes, a lingüística histórica e a comparativa mostraron un grande interese non só polos cambios nas formas verbais dunha lingua co paso do tempo, senón tamén na forma dos paradigmas verbais completos durante a súa evolución nesa lingua ó longo do tempo.

Xeralmente, os paradigmas verbais son bastante estables ó longo do tempo. Naturalmente, en situacións pouco usuais como a crioulización dunha lingua, os paradigmas poden cambiar dun xeito espectacular en tan só unha ou dúas xeracións pero, normalmente, os paradigmas verbais evolucionan bastante lentamente. No caso da lingua grega, hai textos escritos que nos permiten seguir a evolución dos seus paradigmas verbais e mostran unha «extraordinaria continuidade e estabilidade ó longo duns 3500 anos».[47]

Neste artigo imos examinar detalladamente os paradigmas verbais, e o concepto clave que debemos ter presente ó facelo é que os paradigmas verbais, normalmente, non cambian moi rapidamente, e non cambian sen unha causa. Son moi estables.

Calvert Watkins, ó analizar a evolución dos paradigmas do sistema verbal celta, salientou a importancia de ver «a historia da lingüística como unha sucesión de sistemas lingüísticos» que leva a «unha comprensión da totalidade da lingua no seu desenvolvemento [e non en] centrar ... a atención en formas lingüísticas illadas». Na súa opinión, isto débese a que:

> «As categorías formais e funcionais dunha lingua cambian, desenvólvense e desaparecen a unha velocidade menor cás formas individuais que as comprenden en calquera momento. Por esta razón, foron recoñecidas como unha guía máis segura para a reconstrución da historia da lingüística cá manipulación de formas léxicas illadas». [48]

[46]Cf. Beekes (1995), p. 144.
[47] Joseph (1990), p. 412.
[48]Cf. Watkins (1962/1969), p. 3.

Comezando co paradigma do verbo castelán *venir*, centraremos a atención nos tempos do indicativo: o presente, o pretérito (pasado simple), o imperfecto (pasado habitual) e o futuro. Tamén incluiremos o modo condicional por razóns que axiña serán evidentes, pero deixaremos a un lado o modo subxuntivo (presente e pasado) e o modo imperativo.Ademais, só examinaremos as formas da terceira persoa do singular, para podernos centrar totalmente na forma do verbo en cada tempo.

Venir («Vir»)

vendrá	(«virá»)	vendr**ía**	(«viría»)
viene	(«ven»)		
vin**o**	(«veu»)	ven**ía**	(«viña»)

O verbo *venir* é irregular, pero mostra a organización interna dos paradigmas doutros verbos, regulares e irregulares. Se comezamos co tempo presente, vemos que a forma *viene* ten unha leve irregularidade: a vogal da raíz debería ser **e**, e non **ie**. Se fose así, as raíces das formas dos tempos presente e imperfecto serían idénticas, como o son en moitos outros verbos casteláns.

O que é máis importante é a forma do tempo pretérito (pasado simple), porque, ademais do cambio da vogal (de **e** a **i**), a vogal final non leva acento, que é moi importante para distinguir as persoas e os tempos dos paradigmas en castelán.[49] Non obstante, como veremos, as formas do tempo pretérito, normalmente, mostran irregularidades nas linguas.

O que é moi interesante é a maneira de formar a forma condicional *vendría*. O tema da forma futura (*vendr-*) está unida ó morfema flexivo *–ía* do imperfecto (pasado habitual) para producir a forma condicional *vendr-ía*. (Aquí non é importante que o tema do futuro fose tomado prestado da forma infinitiva *venir*). Isto é razoable, xa que, tipicamente, o tempo condicional representa un suceso futuro visto no contexto do pasado. Por exemplo, *Dijo el mes pasado que vendría ayer* (*«Dixo o mes pasado que viría onte»*).

Examinemos agora o paradigma do verbo «vir» en gaélico irlandés moderno. Veremos unha organización idéntica do paradigma verbal, aínda que o contido do paradigma é diferente.

Tar («Vir!»)

tiocfaidh	(«virá»)	*thiocf**adh***	(«viría»)
tagann	(«ven»)		
tháinig	(«veu»)	*thag**adh***	(«viña»)

Como vemos, os tempos son idénticos en ámbalas dúas linguas, e as relacións internas dos pares de formas dentro do paradigma verbal tamén son idénticas.

[49] Obsérvese, por exemplo, a diferenza entre as formas verbais *hablo* («falo») e *habló* («falou»).

Neste paradigma, a forma pretérita *tháinig* é moi irregular. Os tempos presente e imperfecto (pasado habitual) comparten a mesma raíz (*tag-*), aínda que a raíz da forma imperfecta mostra a lenición da consoante inicial que distingue a tódalas formas do tempo pasado. O tempo futuro distínguese polo seu inusitado tema (*tiocf-*), que inclúe o morfema que marca o tempo futuro, *-f-*. Ó formar o tempo condicional, o tema do futuro retén o morfema *–f-*, pero sofre a lenición da consoante inicial cando o tema do futuro se combina co sufixo *–adh* do tempo imperfecto, como sería de esperar.

Para poder aclarar como funciona este método de construción do tempo condicional, empreguemos o verbo gaélico-irlandés regular **scríobh** («Escribir!») como exemplo.[50]

Scríobh («Escribir!»)

scríobhfaidh	(«escribirá»)	*scríobhf**adh*** («escribiría»)
scríobhann	(«escribe»)	
scríobh	(«escribiu»)	*scríobh**adh*** («escribía»)

Se nos centramos na formación da forma do tempo condicional, veremos que co sufixo do imperfecto *–adh* e o tema do futuro *scríobhf-* creamos a forma do tempo condicional *scríobhfadh.* Iso podémolo representar como unha fórmula:

*scríobh**adh*** /skrʲi:**v**ax/ + ***scríobhf**aidh* /skrʲi:**f**a/ = *scríobhfadh* /skrʲi:**f**ax/.

Tódolos verbos regulares mostran este modelo de paradigma verbal en gaélico irlandés, con tódalas súas relacións internas entre formas. Os verbos casteláns regulares mostran o mesmo tipo de paradigma, coas mesmas relacións entre formas, especialmente a formación do tempo condicional con elementos tomados prestados das formas dos tempos futuro e imperfecto. Os lingüistas observaron as estrañas similitudes entre o sistema verbal gaélico-irlandés e o sistema verbal castelán, pero non tiveron explicación ningunha.

Vemos un sistema idéntico en linguas romances de fóra da Península Ibérica — en francés e en italiano, por exemplo. Pero só nas linguas romances localizadas na rexión italo-céltica. En romanés, ó leste, este sistema non existe. Tampouco existe nas linguas xermánicas ó norte – en inglés e en alemán, por exemplo. E, sorprendentemente, parece que tampouco existe nas linguas celtas-P — en galés e en bretón.

En realidade, existe en galés, pero está oculto por moitos acontecementos posteriores. Vémolo na variante da forma condicional do verbo «ser» *byddwn i.* Así, utilizando o sufixo *–wn i* da forma do imperfecto *roeddwn i* («era») e o tema *bydd-* da forma do futuro («serei...»), obtemos *byddwn i* («sería...»).[51]

A existencia anterior desta maneira de construír as formas do tempo condicional nas linguas celtas-P en Gran Bretaña e na Galia axudaría a explicar a formación posterior das formas verbais do condicional nas linguas galo-romances. Pero os moitos desenvolvementos

[50]Este é un verbo tomado como préstamo do latín.
[51]Cf. *Gramadeg Cymraeg Cyfoes: Contemporary Welsh Grammar* (1976), pp. 32-35.

posteriores nas linguas celtas-P, especialmente a proliferación de construcións verbais progresivas no sistema de tempos, escureceron esta pauta en gran medida.[52]

Deste xeito, entre as linguas non romances do norte de Europa, o paradigma verbal como o atopamos nas linguas romances occidentais só existe en gaélico irlandés. En lituano existe un paradigma cunha disposición similar dos tempos, e isto permítenos conxecturar a posible antigüidade do paradigma, pero en lituano non se atopan as mesmas claras relacións entre pares de formas no paradigma, especialmente a creación das formas do condicional con elementos das formas do futuro e do imperfecto. Este paradigma verbal concreto parece ser unha clara innovación lingüística na zona ocupada anteriormente polas linguas celtas en Europa occidental.

A alternativa a ver este paradigma como un fenómeno de substrato na formación do latín vulgar é imaxinar que, dalgunha maneira, evolucionou a partir do paradigma existente no latín clásico, pero unha ollada rápida ós tempos e modos do paradigma verbal do latín clásico revelará decontado que non puido ser a orixe do paradigma verbal do romance occidental.

Ser / Estar e os seus Equivalentes nas Linguas Gaélicas

Pasemos agora a outro fenómeno das linguas romances da Península Ibérica — a división do verbo «ser» en dous verbos, *ser* e *estar*. Estes dous verbos xogan papeis gramaticais moi distintos. Resumindo, o verbo *ser* emprégase para expresar permanencia e o verbo *estar* emprégase para expresar condicións temporais, situación, etcétera.

O verbo *estar* herdouse do protoindoeuropeo, pero parece que nesta lingua o seu significado era o dun verbo normal que só expresaba o concepto de «permanencia», igual có cognado inglés *stay*. O uso do verbo *estar* como parte do verbo *ser* parece ser unha innovación nas linguas ibero-romances, polo que non se atopa nas linguas galo-romances nin en ningún outro grupo de linguas indoeuropeas[53], agás en gaélico irlandés, onde vemos un sistema case exactamente igual funcionando ó longo de liñas paralelas.

Examinemos o uso dos verbos *ser* e *estar* en castelán e o seu equivalente en gaélico irlandés:

Es hombre. («É un home»)
Is fear é.

Es joven. («É un home novo»)
Is fear óg é.

Está en la casa. («Tá na casa»)
Tá sé sa teach.

Está cansado. («Tá canso»)
Tá sé tuirseach.

Está hablando. («Tá a falar»)
Tá sé ag caint.

[52]Cf. Watkins (1962/1969), p. 109, e a súa referencia a «...a case total abolición de morfoloxía verbal primaria complexa nas linguas británicas, na época das nosas primeiras crónicas extensas...». As linguas británicas foron moito menos conservadoras cás linguas gaélicas na súa morfoloxía verbal.
[53]Cf. Green (1990a) e (1990b), pp. 251-252.

Observemos o mesmo uso dos verbos en ámbalas dúas linguas – co uso do verbo *ser* e *estar* en castelán coincidindo co uso dos equivalentes irlandeses representados polas formas verbais *is* e *tá*. Só no derradeiro exemplo atopamos unha lixeira diferenza. En castelán úsase o xerundio para describir unha acción en progreso, mentres que en irlandés se usa o substantivo verbal *caint*.

En protoindoeuropeo existían tanto substantivos verbais como xerundios, e posteriormente, nas linguas fillas, xurdiron formas infinitivas a partir dos substantivos verbais. En gaélico irlandés xa non existen os xerundios e nunca se desenvolveron formas infinitivas. No seu lugar, emprégase o substantivo verbal precedido da preposición *ag* (= «a») para formar construcións progresivas. Ese tipo de construción significa literalmente «estar a piques de facer algo».

É posible que esta construción irlandesa tivese ese sentido literal nalgún momento do pasado, pero hoxe só quere dicir «estar a facer algo». Por iso, en irlandés dise *Tá sé ag caint* para dicir «está a falar», pero para dicir «está a piques de falar» dise *Tá sé chun caint* ou *Tá sé le caint*, empregando outras preposicións.

En canto ó galego, úsase unha construción case idéntica á construción irlandesa para expresar «está falando»: *(es)tá a falar*. Por suposto, en galego non se emprega o substantivo verbal, porque nas linguas romances o infinitivo substituíu ó antigo substantivo verbal do protoindoeuropeo.

Incluso o islandés, unha lingua xermánica, ten unha construción similar, pero faise co verbo «ser» normal, o equivalente do verbo *ser* castelán.

Paradigmas Verbais en Galego Moderno e en Gaélico Irlandés Antigo: Unha Conexión Moi Inesperada

Volvendo ó galego, examinemos máis atentamente as formas verbais do verbo *estar*[54]. Se as comparamos coas formas do seu equivalente en irlandés antigo,[55] a forma de gaélico que se falaba pouco despois da introdución do cristianismo, levaremos unha agradable sorpresa.

Poñamos as formas do tempo presente do verbo «estar» en irlandés antigo e en galego unhas a carón das outras, incluídas as formas galegas reducidas.[56] Observemos que, en irlandés antigo, tamén había formas reducidas («formas conxuntas»), que se empregaban cada vez que unha partícula prefixada, como a partícula negativa, aparecía antes do verbo.[57]

Comecemos coas formas completas en ámbalas dúas linguas:

Irlandés antigo	**Galego**
atáu ~ ató	*estou*
ataí	*estás*
atá	*está*
ataam	*estamos*

[54] O verbo galego *estar* ten unha forma reducida, *tar*, que é a variante normal usada no galego falado.
[55] Cf. Thurneysen (1946/1993), p. 477.
[56] Cf. a entrada *tar* en Acevedo e Fernández (1932).
[57] Por exemplo, *ní-n-tá* (= literalmente, «Non existe para nós», i.e., «Non o temos».)

ataaid (etc.)	*estades*
ataat	*están*

E agora as formas reducidas:

Irlandés antigo	**Galego**
-táu ~ -tó	*tóu*
-taí	*tás*
-tá	*tá*
-taam	*tamos*
-taaid (etc.)	*táides*
-taat	*tán*

Observemos que en irlandés antigo as formas son case idénticas ás formas galegas, algo moi estraño. O galego non é unha lingua celta, non obstante, mostra un paradigma completo de formas verbais moi similares ás do irlandés antigo. Parece que os falantes dunha lingua celta local moi similar ó irlandés antigo incorporaron o paradigma cando se aculturaron lingüisticamente á forma local de latín vulgar.

Normalmente, a influencia do substrato implica a conservación dalgúns elementos léxicos ou dalgunhas pautas sintácticas herdadas da lingua de substrato, pero non a incorporación dun paradigma verbal completo. Se isto é o que ocorreu, daquela, na miña opinión, isto suxire que a lingua celta local coexistiu co latín vulgar recentemente introducido durante un período de tempo moi longo e que houbo un amplo bilingüismo na comunidade local.

Tamén suxire que a lingua celta falada en Galicia probablemente fose moi similar – polo menos en certos aspectos – ó irlandés antigo. Isto reivindica, unha vez máis, a tradición irlandesa repetida por Geoffrey Keating na súa obra *Foras Feasa ar Éirinn*, que os milesios e os galegos falaban a mesma lingua.[58]

Nos dialectos de gaélico moderno, as formas mostradas neste paradigma cambiaron radicalmente. Hoxe en día, xunto coas formas flexivas, hai moitas formas analíticas. Ou sexa, en lugar de usar formas verbais conxugadas, agora é normal usar formas invariables dos verbos con diferentes pronomes, p. ex., *tá mé* («estou...»), *tá tú* («estás...»), etcétera.

Explicacións sobre o Fenómeno *Ser* / *Estar*

Resumamos os argumentos relacionados coa división funcional do verbo «ser» en dous verbos, *ser* e *estar*, e intentemos explicar a orixe do fenómeno. Paréceme que o argumento máis sólido é manter que esta innovación concreta ocorreu en tempos moi

[58] Cf. Keating, *Foras Feasa ar Éirinn*, Parte XIX.

remotos entre os celtas da Península Ibérica – moi probablemente entre a poboación celta de Galicia, que comerciou durante toda a Idade do Bronce coas rexións celtas do norte.

Cando os celtas de Galicia partiron para asentarse en Irlanda, levaron consigo esta innovación a Irlanda. Na Península Ibérica, as linguas celtas locais conservaron a innovación. Cando os romanos chegaron á Península Ibérica moito despois, a innovación, aínda en uso nas linguas celtas locais, foi conservada no latín vulgar da península como un trazo do substrato. A poboación ibera do leste de España, xunto cos seus parentes vascos nos Perineos, funcionaron como unha barreira constante que bloqueou a expansión desta innovación, impedindo que chegase ata os celtas-P, ó norte dos Perineos.

Os italianos só adoptaron moi timidamente o uso do verbo *estar* – probablemente debido á influencia da lingua castelá cando España gobernou certas rexións de Italia durante os séculos XVI e XVII.

Nas Illas Británicas, os galeses xamais aceptaron esta innovación dos gaeles irlandeses. En galés, a construción progresiva úsase amplamente, pero só o equivalente do verbo *ser* se emprega co substantivo verbal. Os gaeles de Irlanda e de Escocia son os únicos da rexión do Atlántico Norte que usan o seu equivalente do verbo *estar*.

Outras Similitudes entre as Linguas Gaélicas e o Galego

Pero hai máis: nos dialectos do gaélico irlandés moderno, a construción de frases verbais e o uso do verbo para responder a preguntas parécense moito a certos usos do galego. Debido a isto, algúns aspectos da sintaxe da frase verbal tamén amosan similitudes notables entre ámbalas dúas linguas.

Por exemplo, a orde dos compoñentes da frase verbal en gaélico irlandés é VSO (verbo – suxeito – obxecto) e esta orde é obrigatoria. O mesmo é certo do galés, pero non do bretón, que segue a orde SVO (suxeito – verbo – obxecto). Polo tanto, semella que o galés tomou prestada a orde VSO do gaélico irlandés e non ó contrario.

Aquí, na Península Ibérica, obsérvase esta mesma orde de palabras, especialmente no uso de pronomes enclíticos en galego. Se comparamos primeiro a frase «compreilles libros» en gaélico irlandés, galego e castelán, as tres linguas parecen non ter moito en común en canto á orde dos pronomes na frase verbal.

Gaélico irlandes: *Cheannaigh mé leabhair dóibh*

Galego: *Comprei-**lles** libros*.

Castelán: ***Les** compré libros*

Pero se só empregamos os pronomes obxectos, tanto directos como indirectos, vemos que a orde dos pronomes en gaélico irlandés coincide exactamente coa orde dos pronomes en galego, mentres que a orde das palabras na frase castelá é bastante diferente, aínda que a orde dos pronomes, uns con respecto ós outros, permanece igual nas tres linguas.

Gaélico irlandés: *Cheannaigh mé **dóibh iad**.*

Galego: *Compréi-**lle-los.***

Castelán: ***Se los** compré*.

Observemos que a forma *dóibh* en gaélico irlandés («para eles») é unha forma contracta, como os pronomes do galego, pero o gaélico irlandés contrae a preposición e o pronome obxecto indirecto. Por outra banda, o galego contrae os dous pronomes obxecto (directo e indirecto).

Por exemplo, para dicir «Dámo!», en castelán dise *¡Dámelo!,* sen formas contractas. Non obstante, en galego, dise *Dámo!* (= *Dá-**m**-**o**!*), cos mesmos pronomes, ***me*** e ***lo***, contraídos ou fusionados. Así e todo, en gaélico irlandés dise *Tabhair **dom** é!* (*Tabhair **do**-**m** é!*), co mesmo pronome obxecto indirecto reducido, ***-m***, pero o pronome reducido está contraído coa preposición ***do***, e non co pronome obxecto directo ***é***.

Outra peculiaridade sintáctica común entre o gaélico e o galego é o uso da forma verbal para responder a preguntas cuxa resposta sexa *si* ou *non.* Imaxinemos que alguén pregunta «Quen foi ó mar?». Para contestar en gaélico irlandés poderíase dicir:

Chuaigh Seán (chun na mara).

En galego, o equivalente sería: *Foi Xan (ó mar).*

(Observemos que tanto en gaélico irlandés como en galego, o verbo precede a frase nominal do suxeito).

Por outro lado, para responder se Seán foi ó mar ou non, o falante de gaélico irlandés respondería *Chuaigh!* (se foi) ou *Ní dheachaigh!* (se non foi). O galegofalante respondería do mesmo xeito: *Foi!* ou *Non foi!*. En gaélico irlandés non existen as palabras simples *si* ou *non*. Débese responder coa forma apropiada do verbo. Que eu saiba, este xeito de responder non existe noutras linguas de Europa.

Así e todo, hai unha diferenza clara entre ámbalas dúas linguas. No que respecta á frase gaélico-irlandesa *Conas atá tú?* e ó seu equivalente *Como tás (tú)?* no galego de Lugo, vemos que en galego hai a posibilidade de empregar os pronomes independentes ademais das formas flexivas do verbo. Isto non está permitido nas linguas gaélicas.

Resumindo, os dialectos gaélicos están pasando lentamente do uso de formas flexivas (ou conxugadas) do verbo («formas sintéticas») ó uso dunha forma invariable do verbo cun pronome independente como o suxeito («formas analíticas»). O uso destas formas flexivas do verbo depende do dialecto ou do individuo, pero con estas formas conxugadas non se poden usar pronomes independentes como pronomes suxeito.

En canto ás formas fonéticas de verbos individuais en gaélico irlandés e en galego, hai verbos en ámbalas dúas linguas que se parecen moito, pero é difícil dicir se esas semellanzas son fortuítas ou non. Por exemplo, cando se expresa o futuro do verbo *dicir* en castelán e en galego, dise *dirá* e en gaélico irlandés dise *déarfaidh.* Ademais, no tempo presente dise *dice* en castelán e *di* en galego, e en gaélico irlandés dise *deir*. En galego a forma arcaica do infinitivo *dicir* é *dir*. Teñen algo que ver os compoñentes *déar-* e *deir* do gaélico co compoñente *dir-* da palabra *dirá* e coa forma arcaica do infinitivo *dir* en galego? Paga a pena explorar estas cuestións. [59]

[59]En canto ás formas arcaicas do verbo aínda en uso no século XX, cf. Acevedo e Fernández (1932).

A antigüidade do «verbo substantivo» en gaélico irlandés antigo.

Volvamos ó equivalente en gaélico irlandés do verbo ibero-romance *estar*. Os eruditos irlandeses coñecen este verbo como «verbo substantivo». Pola complexa morfoloxía e irregularidade do verbo en gaélico irlandés, está claro que mesmo no século VII d.C. ese paradigma verbal non era unha innovación recente. Bastan dous exemplos de formas negativas do verbo.

Primeiro, para dicir «non estou na casa», dise *Ní-m-fil isin tig*, o equivalente de «non se me ve pola casa». Isto é un estraño xiro da frase, porque a forma negativa do verbo é unha forma supletiva tomada do verbo «ver», empregado dun xeito impersoal e invariable, de maneira que o que un falante moderno de gaélico irlandés ve como suxeito da frase era orixinalmente o obxecto directo non «visto» polo suxeito impersoal![60]

Segundo, como xa vimos anteriormente nunha nota de pé, existe a forma *ní-n-tá*[61]. A forma pronominal *–n-* representa un equivalente abreviado do pronome *nós* en galego, e aquí, unha vez máis, o pronome non é un pronome suxeito. Aquí, non obstante, representa un pronome obxecto indirecto, e neste contexto restrinxido, é un dos poucos exemplos que existen en gaélico irlandés de pronomes indirectos herdados do protoindoeuropeo que non están contraídos cunha preposición.

De calquera xeito, esta preposición non significa «non estamos (nun lugar, etcétera)», senón que significa «non o temos» (literalmente, «non existe para nós».) Así e todo, distínguese claramente da construción *ní-n-fil...* («non estamos [nun lugar, etcétera] / non se nos ve...») polo uso da forma regular do verbo *-tá* en lugar da forma verbal supletiva *-fil*.

O arcaísmo da morfoloxía verbal do gaélico irlandés antigo: a conexión cos Balcáns

Estas son irregularidades profundamente arraigadas – e só son algunhas das moitas irregularidades da morfoloxía verbal do gaélico irlandés antigo. Calvert Watkins, no seu estudo clásico da morfoloxía do verbo gaélico irlandés antigo, ilustra a maneira na que estas irregularidades do sistema verbal gaélico irlandés antigo conducen directamente ás capas máis antigas do protoindoeuropeo.[62]

Unha ilustración do arcaísmo do sistema verbal do gaélico irlandés antigo é o emprego da sentencia conectiva *nu* do hitita antigo, aínda na posición inicial da frase como en hitita, pero utilizada en irlandés antigo como un elemento comodín ó que se poidan anexar pronomes proclíticos: ***no-m-charat*** («quérenme»).[63]

Anticipándose á énfase de Graham Isaac sobre as conexións lingüísticas das linguas celtas coas linguas *satem* da zona oriental indoeuropea e ás ideas de John Koch sobre os dialectos do indoeuropeo nuclear na zona dos Balcáns, Watkins escribiu hai medio século:

---

[60]Cf. De Vries (2013), p. 162. O gaélico irlandés moderno transforma esta frase en *Níl mé sa teach* («Non estou na casa»), unha construción negativa sintaticamente paralela á construción afirmativa *Tá mé sa teach* («Estou na casa»). Por conseguinte, a orixe da raíz supletiva xa non é evidente para os gaélicofalantes actuais.

[61] Thurneysen(1946/1993), p. 477.

[62]Cf. Watkins (1962/1969).

[63]Ibid., pp. 113-114. Cf. tamén Thurneysen, op. cit., p. 348.

> «Na estrutura temporal do sistema aspecto-temporal, o verbo celta é moito máis próximo ó grego e ó indoiranio có itálico ou ó xermánico. Este feito deberíase ter en conta co que sabemos das migracións do leste ó oeste dos pobos de fala celta en tempos históricos ou de finais da Prehistoria.»[64]

Como vimos anteriormente, Graham Isaac pon unha grande énfase no «xurdimento e xeneralización do aoristo sigmático [protoindoeuropeo], como se ve en grego, indoiranio, eslavo e celta», afirmando que é só nesas linguas nas que «... o aoristo sigmático se converteu na formación produtiva por excelencia para tódolos novos verbos, ademais de ser xeneralizado en moitos casos para verbos vellos cuxas formacións herdadas do aoristo estaban moribundas».[65] Para Isaac, esta é unha característica clave que vincula as linguas celtas coas linguas *satem*.

De feito, a obra clásica de Calvert Watkins sobre as orixes indoeuropeas do verbo celta céntrase nesta característica. Segundo Watkins, o celta común transformou o aoristo sigmático protoindoeuropeo en tres novas formacións: o subxuntivo con **s**, o pretérito con **t** e o pretérito con **s**.[66]

No seu exame do subxuntivo con **s** en irlandés antigo, enumera tódolos exemplos de verbos fortes que forman o subxuntivo con **s** en irlandés antigo – hai 51 raíces verbais en total. Nas linguas britónicas, encontra un total de só catro raíces que conservan o subxuntivo con **s**.

Caracteristicamente, en irlandés antigo conservouse unha cantidade impresionante de raíces verbais que mostran un desenvolvemento directo a partir do aoristo sigmático protoindoeuropeo, «pero no galés medio estas formas xa eran soamente restos fosilizados», xa que as linguas britónicas pasaron a desenvolver un tipo de subxuntivo distinto – unha innovación.[67]Isto exemplifica a opinión de Watkins que vimos anteriormente – que mentres que o irlandés antigo conserva características moi arcaicas, as linguas britónicas xeralmente eliminan «os arcaísmos irregulares e illados», o que dá como resultado «... a abolición case total de morfoloxía verbal primaria complexa nas linguas britónicas».[68]

Tendo presentes estas impresións da natureza arcaica do irlandés antigo e a natureza innovadora das linguas britónicas, non debería sorprendernos que pareza non haber rastro ningún do verbo substantivo nas linguas britónicas. Para nós, a pregunta é se chegou a haber un verbo substantivo nas linguas britónicas nalgún momento da Prehistoria.

Entrementres, ante a falta de calquera evidencia clara da súa existencia nas linguas britónicas, vémonos obrigados a buscar a orixe desta antiquísima forma lingüística na dirección da Península Ibérica – unha forma que parece estar restrinxida ás linguas celtas-Q e ás linguas ibero-romances.

[64]Watkins, op. cit., p. 121.
[65]Isaac (2012), pp. 159-160.
[66]Watkins, op. cit., p. 109.
[67]Ibid., pp. 128-131.
[68]Ibid., p. 109.

Pistas sobre a Prehistoria Celta nos Sistemas Sonoros de Linguas Vivas

Volvamos agora a un tema de gran interese para os sociolingüistas, a fonoloxía das linguas celtas cos seus detalles fonéticos. Isto axudaranos a clarificar máis a prehistoria das dúas ramas principais das linguas celtas vivas.

O aspecto máis notable do sistema sonoro do gaélico irlandés é a súa división das consoantes en dous grupos contrapostos, unha serie de consoantes palatalizadas e unha serie de consoantes velares, p. ex., *bó* «vaca»/ *beo*, «vivo», *bí* «ser!»/ *buí* «amarelo», *lá* «día»/ *leá* «fundente», *lí* «cor»/ *luí* «xacer», etcétera.[69] Este sistema de fonemas contrapostos xoga un papel importante na morfoloxía, p. ex., *éan*, «ave», *éin*, «aves», etc.

O aspecto máis notable do sistema sonoro galés é que este sistema de fonemas contrapostos parece non existir e nunca se demostrou que existise. Para ser dúas linguas situadas a uns poucos quilómetros de distancia, que se supón que descenden do mesmo nódulo lingüístico – o celta insular, é moi estraño ver que un sistema completo de fonemas contrapostos desaparecese sen deixar rastro.

Poderíase pensar que este sistema foi inventado recentemente polos gaeles irlandeses e que non tivo tempo para estenderse ós celtas británicos. Pero este sistema remóntase ó gaélico irlandés antigo. Semella non existir en inscricións feitas co alfabeto Ogham, pero o alfabeto Ogham estaba baseado directamente no alfabeto latino, que non ten este sistema de fonemas contrapostos.

Non obstante, se miramos atrás, á costa occidental da Península Ibérica, levaremos unha sorpresa. O sistema de escritura tarteso, o *abekatu*, ten unha estraña duplicación de vogais no seu sistema de escritura. Cada unha das consoantes oclusivas (b, k/g, t/d) está representada por unha serie de símbolos silábicos que representan esa consoante seguida dunha serie de vogais (a, e, i, o, u). Este símbolo silábico está seguido, unha vez máis, polo signo para unha vogal simple da mesma calidade, representando aparentemente o son da vogal normal nesa sílaba da palabra.[70]

Como indica Koch, o *abekatu* parece ser un sistema de escritura alfabética ben deseñado que capta o principio do fonema. Daquela, por que a estraña redundancia na escritura das vogais? Koch cre que os símbolos silábicos que representan as oclusivas cos sons das vogais que as acompañan expresan a calidade da consoante, igual que ocorre nas ortografías das linguas gaélicas modernas.

Polo tanto, no sistema de escritura, «unha consoante anticipa a calidade articulatoria da vogal seguinte», e os deseñadores do sistema de escritura deberon sentir a necesidade de facer tales distincións ortográficas.[71] De feito, a ortografía segue, aproximadamente, os mesmos principios cá ortografía das linguas gaélicas de hoxe, aínda que as ortografías gaélicas non usan os símbolos silábicos. Así, por extensión, os falantes de tarteso xa debían estar empregando un sistema sonoro con consoantes palatalizadas e velarizadas contrapostas.

---

[69]A situación é máis complexa en gaélico escocés. Isto poderíase deber a influencias de substrato das linguas británicas que, presumiblemente, se falaban en Escocia antes da chegada dos celtas gaélicofalantes. Ademais, a forte preaspiración das consoantes xordas media e final foi incluso atribuída a un posible substrato de saamifalantes que chegaron nun período moi temperán da Prehistoria. Finalmente, a ocupación das Illas Occidentais por nórdicofalantes durante varios séculos na Idade Media podería ser a orixe dunha importante influencia de adstrato.

[70]Cf. Koch (2012), pp. 204-205.

[71]Ibid., p. 205.

Pero, que tipo de sistema sonoro trouxeron con eles os protoceltas que chegaron á Península Ibérica procedentes orixinalmente dos Balcáns? Aquí pódenos ser de axuda o sistema sonoro do lituano moderno. O lituano é unha lingua báltica. Recordemos que Graham Isaac enumera as linguas bálticas como un dos grupos lingüísticos en contacto cos devanceiros dos falantes de linguas celtas, ó redor de 2000 a.C., xusto despois de que os dialectos do protoindoeuropeo comezasen a separarse. Recordemos tamén que John Koch sitúa todos estes grupos falando formas de indoeuropeo nuclear na área xeral dos Balcáns.

A lingua lituana moderna ten unha fonoloxía que é sorprendentemente fácil para que a domine un falante de gaélico irlandés. Ten consoantes palatalizadas e velarizadas moi similares ás do gaélico irlandés moderno, con palabras tales como *laukas* «campo» e *liauka* «glándula», que constitúen pares case mínimos con consoantes iniciais contrapostas.[72]

As vogais e os ditongos do lituano son, unha vez máis, sorprendentemente similares ós do gaélico irlandés. Por exemplo, as raíces dos adxectivos co significado «vello» en lituano e en gaélico irlandés *senas* e *sean,* respectivamente, son case homónimos, coa vogal longa idéntica [æ:] na raíz. As consoantes iniciais só se diferencian en que a consoante inicial irlandesa ten una forte palatalización, como no nome galego *Xan*.

En canto ós ditongos, os dous ditongos de vogais curtas que atopamos nas palabras lituanas *laukas*, «campo», e *laikas*, «tempo», teñen equivalentes idénticos nas palabras gaélico-irlandesas *fabhra*, «pestana» e *fadhb* «nó (na madeira)», respectivamente.

Sempre presentín que ámbalas dúas linguas conservaban sistemas fonolóxicos arcaicos na periferia do mundo indoeuropeo, pero era difícil conectalas – ata o traballo de Graham Isaac sobre as innovacións no indoeuropeo tardío e a obra de Koch sobre o indoeuropeo nuclear na rexión dos Balcáns. E agora parece que o sistema sonoro arcaico do gaélico irlandés proporciona unha conexión directa que nos leva ó oeste da Península Ibérica arredor de 700 a.C., e ós Balcáns a comezos da Idade do Bronce, arredor de 2000 a.C. Os sistemas sonoros do gaélico irlandés e do lituano parecen facerse eco do tipo de sistema sonoro en uso na Península Balcánica entre falantes dos dialectos indoeuropeos emerxentes.

Unha hipótese como esta – que sistemas sonoros moi antigos poidan ser conservados ó longo de milenios e aparecer maiormente intactos nos sistemas sonoros de linguas modernas – pode parecer inverosímil, pero lembremos que os expertos en lingüística comparativa indoeuropea empregan dialectos lituanos vivos para reconstruír o sistema acentual do protoindoeuropeo desde os tempos de August Schleicher, e hoxe existe unha ampla aceptación da posibilidade de que as consoantes glotalizadas dos dialectos armenios modernos sexan a clave para reconstruír o sistema tripartito de oclusivas no protoindoeuropeo.[73]

Volvamos agora ó galés, que non mostra indicios desta oposición entre sons palatalizados e velarizados no seu sistema sonoro. Seguindo centrados nas consoantes, moitos dos sons pódense conectar con equivalentes presentes ou pasados nas linguas gaélicas, aínda que moitos poden ser relacionados tamén con linguas xermánicas veciñas, como o inglés.

[72]Cf. Ambrazas (1997), pp. 35-36.
[73]Cf. Baldi (1990), p. 48.

Así e todo, un par de sons destacan inmediatamente por non ter equivalentes nos sistemas sonoros gaélicos pasados ou presentes. Son as alveolares oclusivas /t/ e /d/, idénticas en pronuncia ós sons que encontramos nas palabras inglesas *too* e *do*. Acusticamente, son moi distintas ós seus equivalentes dentais, característicos dos dialectos gaélicos, que atopamos en palabras como *tú*, «tu», e *dún*, «fortaleza», «castro», que son moi similares ás consoantes iniciais das palabras castelás *tú* e *duro*. Poden ser as oclusivas alveolares galesas unha asimilación do sistema sonoro inglés?

Pero o sistema sonoro galés mostra poucos indicios de asimilar sons ingleses e as áreas nas que o galés sobrevive hoxe son as áreas que están máis illadas xeograficamente das áreas de fala inglesa. Ademais, os galeses mostraron unha resistencia moi forte á lingua inglesa desde os tempos das invasións anglosaxonas.

Axuda Útil desde África Oriental

Así e todo, un sociolingüista sempre é sensible ás lixeiras diferenzas nos sons e á historia social que xace detrás dos cambios nos sistemas sonoros. Lembrei a miña experiencia de campo no oeste de Kenya hai moitos anos. Na pequena vila ferroviaria na que fixen a miña investigación, había catro grupos étnicos principais e todos falaban suahili, unha lingua bantú, ademais das súas linguas tradicionais.[74]

Non obstante, destacaban dous grupos con respecto á maneira na que pronunciaban o suahili. Ó contrario dos outros grupos étnicos, que pronunciaban o son /t/ do suahili como un /t/ alveolar, como no suahili estándar ou en inglés, algúns membros destes dous grupos usaban un /t/ dental, como nos dialectos gaélicos ou en castelán, para pronunciar unha palabra suahili como *tu*, «só».

Un destes grupos era kipsigis, trashumantes montañeses locais que falaban unha lingua non bantú. O outro grupo era kikuyu, falantes dunha lingua bantú, e eran agricultores migrantes orixinarios das zonas de montaña ó leste do Gran Val do Rift. Preguntábame por que usaban os kikuyu o /t/ dental e non o /t/ alveolar, cando tódalas outras linguas bantús, incluído o suahili, empregaban o /t/ alveolar.

Unha posible resposta son as influencias de substrato. Os devanceiros dos kipsigis e doutros pobos kalenjin, están reflectidos nos cazadores-colleiteiros okiek que aínda se atopan nas selvas máis altas das montañas occidentais. Son un pobo que aínda fala unha forma arcaica de kalenjin.

Se algúns parentes deste grupo étnico estivo vivindo nas selvas da montaña ó leste do Gran Val do Rift, poderían ser os devanceiros dos kikuyu, que, cando aculturaron os pobos bantús dos arredores, conservaron a pronuncia da súa lingua ancestral, polo menos, no que respecta ó /t/ dental.

Tendo isto presente, intentemos resolver a cuestión do /t/ e o /d/ «ingleses» no galés. Unha das máximas da dialectoloxía é que, cando atopemos algo inesperado, procuremos obter unha perspectiva máis ampla. Neste caso, centrámonos no continente europeo.

Unha conexión coa Galia Belga?

O francés e o alemán estándar non nos son útiles, xa que os dous teñen /t/ e /d/ dentais. Pero o holandés ten /t/ e /d/ alveolares[75], igual có seu parente xermánico próximo,

[74]Cf. Duran (1974).
[75] Cf. Kooij (1990), p. 142.

o inglés. E os holandeses (e os seus parentes flamencos de Bélxica) viven xusto na zona na que vivían os *belgae* dos tempos de César.

Sabemos que os *belgae* eran grandes aliados dos pobos británicos de Gran Bretaña na época na que César conquistou a Galia e que tiñan unha presenza moi grande no sueste de Gran Bretaña. É posible que o asentamento celta en Gran Bretaña, en xeral, procedese orixinalmente da área da Galia belga e non da Galia central?[76]

Lembremos que César consideraba a Galia belga distinta á Galia celta (a Galia central) e a Aquitania, en canto a lingua, costumes e leis. Lembremos tamén que a Galia belga era unha área grande que se estendía desde os ríos Sena e Marne cara ó norte, ata a parte baixa do Rin. Os *belgae* estaban en guerra constante cos seus veciños xermánicos, pero tamén estaban emparentados con eles.[77]

Se isto fose así, non agardariamos que os pobos británicos en Gran Bretaña tivesen unha orixe común cos seus veciños gaélicos en Irlanda. E iso explicaría a característica lingüística do noroeste xermánico compartida non só cos ingleses e cos holandeses, senón cos islandeses. É posible que a súa relación cos seus veciños xermánicos datase, como mínimo, de comezos da Idade do Bronce, cando os celtas-P avanzaban cara ó norte e ó oeste, a través do continente, procedentes da Península Balcánica. A fin de contas, quen estaba levando a cabo o próspero comercio entre Escandinavia e a costa atlántica, chegando polo sur ata España e Portugal, na Idade do Bronce?

Neste caso, todo o nódulo «celta insular» da ramificada árbore das linguas celtas podería moi ben desaparecer. De feito, o lingüista comparativo Matasovic argumenta a favor desta resolución para a cuestión.[78] Na súa opinión, non hai ningunha evidencia firme de que tal unidade lingüística existise nunca. Polo contrario, argumenta a favor de influencias lingüísticas mutuas entre as linguas británicas e as linguas goidélicas durante un longo período de tempo – igual que ocorreu na *Sprachbund* balcánica, onde nunha ampla rexión incluso linguas non emparentadas exercen profundas influencias unhas sobre outras ó longo do tempo.

Deste xeito, en lugar de falantes de «celta insular», temos falantes de celta británico temperán entrando en Gran Bretaña desde a Galia belga, quizais a comezos da Idade do Bronce, mentres que falantes dunha forma temperá de goidélico chegaban desde a Península Ibérica polo suroeste, preto de Ross Island.

Unha lingua franca celta na Idade do Bronce Atlántica?

Tras avaliar os movementos dos celtas-Q e dos celtas-P desde comezos da Idade do Bronce en adiante e de botarlle unha ollada ó amplo sistema de comercio que se estendía desde o oeste da Península Ibérica a Escandinavia no apoxeo da Idade do Bronce, centrémonos un pouco máis nos tipos de linguas que serían necesarias para a comunicación entre os pobos celtas espallados ó longo da Europa Atlántica.

John Koch ve as «clases profesionais peripatéticas dos celtas (*aes dáno*, 'xente artesá')» como algo vital para a expansión da lingua celta e a súa rica tradición cultural

[76]Todo o asunto do papel dos belgas no continente e en Gran Bretaña é tratado extensamente en Oppenheimer (2007) e en Cunliffe (2001).
[77]Cf. Oppenheimer (2007), p. 317, citando a César, «... a maior parte dos belgas descendían dos alemáns...»
[78]Cf. Matasovic (2008).

transmitida oralmente, enraizada nas capas máis antigas da cultura indoeuropea.[79] Polo contrario, Barry Cunliffe pon a énfase na necesidade práctica dunha *lingua franca* para unir as comunidades comerciais da rede atlántica.[80] Máis recentemente, solicitou perspectivas desde outras partes do mundo sobre «o desenvolvemento doutras *linguas francas* marítimas como o suahili e o malaio.[81]

De feito, o suahili non é realmente unha *lingua franca* marítima, pero a súa expansión está ben documentada e creo que ofrece a oportunidade de comprender mellor a xeolingüística da Europa Atlántica durante a Idade do Bronce e despois.

En primeiro lugar, a expansión do suahili cara ó interior desde a costa africana foi moi repentina – quizais como o comezo da metalurxia en Ross Island, en Irlanda. Os comerciantes suahilis, interesados en conseguir escravos e marfil, avanzaron cara ó interior desde a costa oriental africana próxima a Zanzíbar a mediados do século XIX, provistos de armas de fogo adquiridas recentemente e financiadas por fontes exteriores no mundo musulmán.

Chegaron rapidamente ó leste do Congo e causaron o caos co seu desenvolvemento do comercio de escravos. Operaban a través da lingua suahili, unha lingua bantú que estaba relacionada lingüisticamente coa abraiante masa de linguas da África central e meridional. Falaban unha versión *koiné* de suahili, unha auténtica *lingua franca*, pero os líderes falaban o dialecto KiUnguja de suahili, que era o dialecto de Zanzíbar, e que eles consideraban unha versión máis pura da lingua. Ademais, por ser musulmáns, tiñan certo coñecemento de arábico, e algúns falábano con fluidez, pero esta era unha lingua de uso exclusivo entre este grupo.

Coas súas armas de fogo tiñan certa superioridade militar, pero houbo algunha áreas nas que o seu impacto foi mínimo. Onde había reinos bantús poderosos e ben organizados, os comerciantes só podían operar como convidados, comerciando pacificamente. Ademais, nas áreas ocupadas por grupos trashumantes que non falaban bantú, non había «diálogo» literalmente entre os dous grupos. Para chegar ó Congo, os comerciantes de escravos e marfil tiveron que abrirse paso loitando continuamente a través de exércitos ben organizados de lanceiros Maasai, que non se rendían ante os mosquetes.

(Déronse pautas moi similares cando os viquingos intentaron asentarse en Irlanda[82], pero polo de agora deixamos esa discusión a un lado)

Aplicando as perspectivas africano-orientais ó mundo da Idade do Bronce da Europa Atlántica, imaxino que os metalúrxicos que comezaron a explotar os depósitos de cobre de Ross Island estaban interesados, principalmente, en extraer o metal. Entre eles, como lingua de grupo, falarían unha forma moi temperá de celta-Q traída desde o oeste da Península Ibérica. Quizais non tivesen moito interese en comunicarse cos habitantes irlandeses locais, alén de satisfacer as súas necesidades máis inmediatas como colonos, pero preocuparíanse por manter o contacto coa súa patria ibero-celta do sur.

Posteriormente, ó medrar a súa comunidade e aumentar a súa interacción coa poboación irlandesa local, casarían entre eles, e a través dos seus fillos bilingües comunicaríanse facilmente coa poboación local irlandesa. Pero a lingua dos colonos da Península Ibérica sería a lingua de prestixio e, gradualmente, espallaríase entre a poboación irlandesa do

[79]Koch (2012), p. 209.
[80]Cunliffe (2001), pp. 296-297.
[81]Koch e Cunliffe (2013), p. 222.
[82]Cf. Byrne (2005).

norte. Ó espallarse a lingua, adoptaría a forma dunha *lingua franca* entre a poboación local irlandesa.

Deixando a un lado a política de poder que normalmente funciona nas comunidades humanas, este sería a pauta xeral a través de toda Irlanda.

Resulta interesante que iso é xustamente o que mostran as pautas dos dialectos da Irlanda moderna. Temos os paradigmas verbais máis elaborados no sur de Irlanda, especialmente no suroeste de Irlanda, mentres que tódalas áreas ó norte mostran dialectos que teñen o aspecto rudo dunha *lingua franca*, e esta pauta continúa ata á Escocia de fala gaélica. O gaélico manés, falado na Illa de Man, é o exemplo máis extremo.

Non hai dúbida de que os piratas de Niall dos Nove Reféns, que operaban desde o norte de Irlanda, debían ter pouco interese pola poesía mentres saqueaban as costas de Gran Bretaña durante o colapso do Imperio Romano!

Evidencia Xenética

Unha ollada ós datos xenéticos da Irlanda moderna confirmará esta perspectiva.[83] Baseándonos nun estudo de apelidos gaélicos e cromosomas Y, hai tres grupos principais de interese. Un, no sur de Irlanda, está conectado coa dinastía gobernante do sur, os Eoghanachta. Outro, no noroeste, está conectado coa dinastía dos Uí Néill, descendentes de Niall Noígiallach («Niall dos Nove Reféns»). Un terceiro grupo está restrinxido ó nordés de Irlanda.

O grupo do sur mostrou «pouca evidencia de parentesco paterno», pero o grupo do norte, os descendentes de Niall Noígiallach, «estaban unidos por cantidades substanciais de parentesco patrilineal... consistente coa práctica da poligamia cun forte vínculo entre poder e prodigalidade».[84]

Na miña opinión, o grupo do sur representa unha poboación máis heteroxénea nunha área ben poboada de Irlanda, que é o que eu esperaría dunha rexión que absorbeu colonos estranxeiros e que sempre puxo énfase na riqueza e na cultura. Podemos ver o grupo gobernante da zona caracterizado pola *Béarla Féine*, a lingua arcaica dos poetas e dos códigos legais, arraigada na lingua que trouxeron consigo da Península Ibérica.

O norte, polo contrario, mostra o clásico modelo de expansión do poder tribal e das dinastías locais nunha sociedade da Idade do Ferro. Este é o grupo que se expandiu ata Escocia. Este é un grupo que eu asociaría cunha *lingua franca*.

En canto ó terceiro grupo, o do nordés, parece que o suceso de fundación ocorreu contra o 300 a.C., que podería estar vinculado á expansión La Tène desde Gran Bretaña. Os propios xenes pódense vincular á Europa continental. Pódese tratar dos Cruithne, cos seus lazos con Gran Bretaña e coa Galia belga alén de Gran Bretaña?

En canto ó comercio entre o oeste da Península Ibérica, por un lado, e a Galia e Gran Bretaña polo outro, imaxino que ese comercio se levaría a cabo nas linguas gala e britónica. A evidencia arqueolóxica deixa claro que Armórica sería o elo clave na rede comercial. Polo tanto, os comerciantes da Península Ibérica tratarían principalmente cos comerciantes de Armórica, e a través dos matrimonios mixtos e dun bilingüismo estable, podería continuar durante milenios unha pauta moi estable de relacións comerciais. Non obstante, en todas estas relacións comerciais, a institución do acollemento familiar (*géillsine*) consolidaría tamén as relacións entre familias fóra do matrimonio e do parentesco.

---

[83] Cf. McEvoy e Bradley (2012).
[84] Ibid., p. 117.

A Conexión Fenicia

Así e todo, a comezos do primeiro milenio a.C., houbo un período de cambio cultural revolucionario na Península Ibérica. «As conexións comerciais mediterráneas acadaron unha nova intensidade... (e) o ferro acadou un uso regular en Iberia antes de facelo na Galia e nas Illas Británicas».[85] Neste período de orientalización, a costa occidental da Península Ibérica cambiou os seus vínculos comerciais espectacularmente desde a rexión atlántica ó Mediterráneo oriental. Primeiro chegaron os fenicios (despois os seus parentes cartaxineses), logo os gregos, e finalmente os romanos.

As linguas destes pobos que acaban de chegar representarían unha gran riqueza, poder e prestixio. No marco do mundo da África oriental do século XIX do que antes falamos, estas linguas xogarían o papel da lingua arábica. A lingua fenicia, en particular — unha lingua semítica como o arábico, emparentada directamente co hebreo – podería ter unha enorme influencia na *lingua franca* en desenvolvemento na rede comercial celta, xa que os fenicios estiveron moi activos ó longo de toda a costa da península durante uns oito séculos aproximadamente – ata a destrución da potencia cartaxinesa polos romanos no ano 206 a.C.[86], o que proporciona moito tempo para a interacción lingüística.

Os estudios máis recentes tenden a considerar ó dragón, así como ós monstros en xeral, como unha identificación do «Outro», un elemento que pode representar ó que nos é alleo (e, polo tanto, susceptible de converterse nunha ameaza), ou ó instinto que é parte de nós pero precisamos reprimir para vivir en sociedade, de aí a necesidade dun heroe que o derrote para garantir a supervivencia da humanidade (Gilmore, 2003: 11). Porén, semella que por algún motivo precísase tamén da intervención dunha muller en moitos destes episodios, mais non como heroína que derrote ó dragón ou, polo menos, non habitualmente. Pola contra, as rapazas que participan nestes relatos adoitan estar máis ben baixo a influencia do dragón.

MOZAS DE DRAGÓNS

Cando un menciona dragóns e mozas, unha das historias que se propón máis frecuentemente como exemplo é a de San Xurxo. Isto é natural, pois o episodio no que o santo derrota ó dragón e rescata á princesa é un dos máis coñecidos na sociedade occidental, sexa polas numerosísimas representacións artísticas da loita ou pola súa influencia en obras literarias de sona. Sen embargo, é moi probable que o mito de referencia ó que se remonta este recorrente motivo sexa máis ben o de Andrómeda (Andriano, 1999: xvi), aínda por riba da moi coñecida historia de San Xurxo, que parece inspirarse, polo menos parcialmente, no relato clásico. Conta este como Andrómeda, a fermosísima filla dos reis etíopes Cefeo e Casiopea, é entregada ó monstro Ceto, un dragón mariño, para compensar que a súa nai andara esbardallando, fachendosa, de que de a súa filla era aínda máis bela cás Nereidas, as ninfas do mar. A ira do deus Poseidón foi tal que enviou a Ceto a atacar as costas etíopes, causando tales estragos que Cefeo viuse obrigado a tomar unha terrible decisión, a de sacrificar á súa filla Andrómeda, pois chegárase á conclusión de que só unha ofrenda verdadeiramente excepcional aplacaría ó monstro e ó deus. O resto da historia é ben coñecida e moi a miúdo representada na historia da pintura: Andrómeda, encadeada

[2] Varias árbores sagradas están custodiadas por dragóns ou serpes. O exemplo máis achegado á nosa cultura é o da árbore do Edén, por suposto, pero tamén compre mencionar outros casos próximos, coma o do dragón Ladón, encargado de vixiar a maceira do xardín das Hespérides, que daba mazás douradas que proporcionaban a inmortalidade, ou o mito escandinavo do Yggdrasil, a árbore da vida que ameaza constantemente a serpe Níðhöggr, que roe as súas raíces. Probablemente haxa que buscar a orixe desta conexión nas propiedades ctónicas da serpe, como mediadora entre o mundo dos vivos e o outro, que tamén representan estas árbores cósmicas. Nótese, por certo, que no caso da árbore do Edén a serpe está vencellada a Eva, a muller.

a una pedra á beira do mar, estaba a piques de ser devorada pola serpe cando chegou Perseo, cabalgando sobre Pegaso, e rescatouna (*Encyclopedia Mythica*).

Certo é que este é o mito clásico máis habitual que se menciona como base para o episodio de San Xurxo e o dragón, pero non podemos esquecer que non é, nin moito menos, excepcional, xa que se poden atopar paralelos en outros mitos gregos, coma o de Pitón e Letona ou o de Heracles e Hesíone.

A historia de Hesíone é moi semellante á de Andrómeda. No século I A.C., Diodoro Sículo recolle esta fazaña do heroe na súa *Bibliotheca Historica:* Hesíone era a filla de Laomedón, rei de Troia, nunha época de grandes penurias para os troianos, xa que, igual que pasara en Etiopía, o deus Poseidón mandara un *ketos*, un monstro mariño, a arrasar as súas costas. Decidiuse entón que, como medida desesperada, Hesíone sería sacrificada ó monstro mariño. Igual que pasara con Andrómeda, a princesa troiana foi encadeada a un outeiro da ribeira a agardar a súa funesta sorte. Afortunadamente para ela, coincidiu que o heroe Heracles viaxaba xusto daquela pola rexión e decidiu intervir no conflito. O monstro foi derrotado e a moza, liberada (Simpson, 2001: 27).

En canto a Letona, ela foi, como sabemos, unha das moitas amadas de Zeus, así como a nai dos xemelgos divinos, Apolo e Artemisa. Hera, indignada e furiosa, complicoulle o embarazo todo canto puido a Letona, ata o punto que, xusto cando a deusa estaba a piques de dar a luz, Hera mandou ó dragón Pitón a perseguila, para que Letona non puidese deterse nin un só intre para encargarse do seu parto. Logo, Apolo logo matou ó monstro que tantos apuros lle fixera pasar á súa nai (*Encyclopedia Mythica*).

Por suposto, o motivo do dragón e a doncela non é en absoluto exclusivo dos relatos clásicos europeos, e podémolo atopar en culturas próximas, coma a exipcia. En Exipto, precisamente, nun dos episodios nos que figura Set, o deus do caos, cóntase que perseguiu a Isis coa intención de devorar a Horus en canto nacese, nun claro paralelo co mito de Letona e Pitón (*Encyclopedia Mythica*). Outros dragóns parecen máis interesados en conquistar ás doncelas, máis que telas apuradas, pero o que desde logo permanece é que o elemento feminino está presente de maneira habitual: en Burma (Myanmar), no templo de Tãgaung gárdase a efixie en madeira do dragón que seduciu á raíña de Tãgaung e foi logo derrotado polo príncipe Pauk Tyaing (Brown, 1921: 92-3). A gran distancia de alí, en Nova Zelanda, as lendas tradicionais falan dos Taniwha, deus gardiáns que poden adoptar a forma de de baleas, quenllas, serpes ou lagartos alados, e que teñen unha tendencia acusada a secuestrar doncelas, que logo teñen que ir rescatar os guerreiros (*Te Ara: The Encyclopedia of New Zealand*). En Hawai, parece ser que existe tamén unha lenda similar, a do dragón Moo-Kuna, que secuestrou á deusa nai Hina e levouna á súa cova. Maui, fillo de Hina, acudiu a rescatar á súa nai e enfrontouse a Moo-Kuna nunha batalla tan excepcional que a terra tremeu e os volcáns entraron en erupción (*Linkmesh*). En Norteamérica, os indios da tribo dos Tamoroa contaban que un monstro acudía cada primavera e que desataba o caos na zona e non marchaba ata que lle entregaban en sacrificio unha doncela da tribo, que era escollida ó azar. Cando a sorte sinalou á filla do xefe, o mellor guerreiro da tribo, que a amaba, decidiu intervir. Acudiu ó lugar no que a rapaza agardaba ó monstro, encadeada a unha pedra, enfrontouse a el e venceuno (Henson, 1957: 406). Todos estes exemplos serven para testemuñar que a combinación do dragón e a moza é, se non universal, si que está tremendamente estendida.

De tódolos xeitos, debemos reiterar que probablemente un dos relatos máis doadamente recoñecibles ó falarmos de dragóns e doncelas sexa a haxiografía de San Xurxo. Na *Legenda*

Aurea, redactada por Voragine no século XIII, inclúese en detalle o episodio do dragón. Nel cóntasenos como os habitantes da cidade de Silene vivían tempos escuros baixo a ameaza constante dun dragón, ó que non lle chegaba con envelenar os campos de cultivo co seu fétido alento, senón que ademais demandaba a entrega ocasional dunha vítima que devorar. As demandas do dragón foron en aumento e, onde inicialmente chegaba con deixarlle dúas ovellas diarias, pouco tempo despois xa había que entregarlle un home e unha ovella. Co paso do tempo, a situación volveuse tan insoportable que xa facía falta botar a sortes entre tódolos cidadáns quen sería o seguinte en ser sacrificado. Un día a fortuna sinalou á mesma filla do rei e este tivo que entregar á princesa, aínda que pouco desexaba cumprir cunha norma que el mesmo impuxera. Mais, por suposto, o pobo non lle permitiu eludir o seu deber e, pasados oito días, o rei fixo que a súa filla se engalanase como unha noiva. Logo de bicala e bendicila, conduciuna ó lugar habitual do sacrificio e deixouna quedar, agardando a súa sorte. Como ben sabemos, a súa sorte foi que xusto cadrou a pasar entón por alí un soldado, de nome Xurxo, que insistiu, primeiro, en saber que facía unha moza soa nun lugar tan deserto e, despois, en asistila e defendela coa súa espada. Pouco despois desencadeáronse os acontecementos que se ilustran na meirande parte das representacións do santo: o dragón chegou, atopouse co guerreiro e comezou unha loita cruenta que rematou coa derrota do monstro. Menos coñecido é o que pasou despois disto: a princesa sacou o cinto e, atando con el ó dragón, levouno ata a Silene, mansiño coma un año. De volta na cidade, Xurxo cortoulle a cabeza ó dragón e mandou que os seus restos fosen empregados para estercar os prados[3] (Caxton, 1483).

Esta última parte da historia na que a rapaza leva ó dragón amarrado co cinto, coma se fose un canciño, sorprenderá a algúns, pero non ós que están familiarizados con, por exemplo, a vida de Santa Marta.

Atribúese a Rabano Mauro[4] unha das referencias máis antigas á haxiografía de Santa Marta. Nela cóntanos como un grupo de discípulos de Xesús viaxaron de Palestina a Francia, coa intención de estender a súa doutrina. Entre eles atopábanse María e Marta, as irmás de Lázaro (Gutch, 1952: 193). A *Legenda Aurea* cóntanos tamén que os galos rendéronse axiña a Marta, que, ademais de ser moi fermosa, tiña unha fala tan cortés que engaiolaba a cantos a escoitaban.

En certa ocasión, Marta foi informada de que un enorme dragón que habitaba no río Ródano estaba a facer moito mal na comarca, afundindo todo barco canto pasaba por aquela parte do río. En canto escoitou tales horrores, Marta, que era moi afouta e tiña plena confianza na protección divina, botou a andar cara alí, disposta a poñerlles fin. Quixo a sorte que non tivese que chegar nin ata o río, pois ó atravesar un bosque atopouse de súpeto co dragón mesmo que andaba a buscar, que estaba nese mesmo momento entretido en devorar un home. A sempre decidida Marta, no canto de fuxir arrepiada, achegouse, erguendo a cruz que levaba con ela, e botou auga bendita por riba da serpe. O resultado desta acción foi que o monstro abandonou o seu banquete e achegouse á santa,

[3] Frazer (1966: II: 163-4) recolle unha interesante tradición en Furth (Bavaria, Alemania) que recorda enormemente esta parte do episodio: o domingo despois de Corpus facíase unha representación de San Xurxo e o dragón na que o cabaleiro alanceaba ó dragón atravesando unha vexiga chea de sangue de touro que ía dentro da figura. Os espectadores achegábanse entón e empapaban trapos nese sangue, que logo deixaban nos seus campos para asegurar que deran unha boa colleita.

[4] Arcebispo de Mainz (Alemania) no século IX e autor de varios tratados, entre eles, o *De Rerum Naturis* (http://www.britannica.com).

pero non para devorala a ela, como cabería agardar, senón coa testa baixa en sinal de sumisión. Ela sacou o cinto e amarrou ó dragón con el. Logo, levouno con ela ata a vila, onde os veciños o mataron[5]. A raíz de acontecementos tan prodixiosos, a vila cambiou de nome e desde entón coñécese como Tarascón, en lembranza do dragón, que era coñecido como *Tarasque*. Deste gardouse en Aix a cabeza, aínda que hoxe sábese que se trata dun fósil de dinosauro (*English Encyclopedia*).

A semellanza entre o procedemento de Marta e o da princesa do episodio do dragón de San Xurxo podería levar a pensar que o maxín popular remataría por identificar ás dúas mulleres como a mesma. Sen embargo, non foi Santa Marta, senón Santa Margarida, a receptora desta atención. Tampouco é de estrañar, pois Margarida tamén é unha das máis insignes vencedoras de dragóns da relixión cristiá.

De Santa Margarida cóntannos as haxiografías que era filla de Teodosio, patriarca pagán da cidade de Antioquía, que a repudiara cando se convertera ó cristianismo contra a vontade paterna. Cando Margarida tiña quince anos, Olibrio, un rico prefecto romano, pediuna en matrimonio, pero ela rexeitouno. Alporizado ante o desplante, a Olibrio non se lle ocorreu mellor maneira de persuadila para que cambiase de opinión que facela prender e torturar. Unha noite, o demo apareceu na súa cela para convencela, polas boas ou polas malas, de que renegase da súa fe. En troques de coller medo, Margarida retouno a que amosase a súa verdadeira forma. Entón apareceu un enorme dragón e devorouna. Mais, desde as entrañas do monstro, Margarida fixo o sinal da cruz, o dragón rebentou e ela puido saír, sa e salva. Non moito despois, Margarida foi decapitada, pero as súas fazañas xa inspiraran a moitos dos seus veciños a se converteren á nova fe.

Durante a Idade Media, popularizáronse en toda Europa as representacións rituais arredor do episodio de San Xurxo e o dragón, e en moitas delas a princesa recibía o nome de Margarida, ou Santa Margarida, deste xeito fusionando as dúas tradicións. Aínda hoxe, consérvanse numerosos exemplos que sobreviviron a séculos de transformacións políticas, relixiosas e sociais. En España, debemos mencionar, sen dúbida, as representacións de Betanzos (A Coruña) e Redondela (Pontevedra), así como as de Las Hacinas (Burgos), Toledo, Tortosa (Tarragona), Berga (Barcelona), Granada e Xaén, pero teñen tamén moita zona as de Monção (Portugal), Metz e Tarascón (Francia). No Reino Unido, é especialmente interesante a de Norwich, que é a mellor documentada dese país, e da que se sabe que se facía xa no século XV[6]. Moitas destas representacións fanse, ou facíanse, nas festas de

[5] En contra do que poida parecer, non son só as mozas as que usan o cinto, ou outra prenda similar, para levar presos ós seus dragóns. San Bernardo, por exemplo, logo de deter un dragón nos Alpes co signo da cruz, inmobilizouno atándoo co seu manto, que se convertiu rápidamente nunhas fortes cadeas que apresaron ó animal. Os nove peregrinos que acompañaban ó santo aproveitaron entón para matalo (*Internet Sacred Text Archive*). San Pol tamén usou o seu manto para amarrar con el un dragón que andaba pola illa de Batz (Bretaña, Francia) e ó que logo mandou que se tirase por un acantilado («Saint Pol et le dragon»). O santo escocés San Xermano, seguindo os pasos de Pol, entrou na cova dun dragón, sacouno atado co seu pano e levouno arrastro ata un profundo pozo, onde o zapateou (*Internet Sacred Text Archive*). San Marcelo foi un pouco máis benévolo: en París, un dragón aparecera preto da tumba dunha muller que levara unha vida *desordenada*. Para librar ós parisinos da ameaza, Marcelo deulle tres croques na testa coa cruz, atouno polo pescozo co manto e levouno fóra das portas da cidade. Alí, liberouno, logo de facerlle prometer que non volvería facer mal nunca máis (Colburn, 1826: 506).

[6] A referencia máis antiga na que se fala da cofradía de San Xurxo e a representación da loita co dragón en Norwich é do 1408. Consérvase ademais un *snap* (dragón procesional) de finais do século XVIII en Norwich Castle Deep (Simpson, 2001: 105).

Corpus, pero tamén eran comúns noutras datas, como na Ascensión, en Pentecostés, en San Xoán e, como non pode ser doutro xeito, na festa de San Xurxo. Nalgúns lugares tiñan lugar, en cambio, na festa de Santa Margarida, o que testemuña o nivel de sincretismo de dous episodios que son inicialmente independentes[7].

Como diciamos, a meirande parte delas facíanse na honra de San Xurxo, aínda que nalgúns casos conmemoraban os feitos dalgún outro santo, lenda local ou batalla histórica (Simpson, 2001: 109). Como parte da celebración, empregábanse efixies de madeira e vimbio, representando ó dragón. Os dragóns modernos fanse principalmente de cartón pedra, pero o seu labor na festa segue a ser o mesmo: participar nunha procesión ou teatralización na que se representa a historia que a festa conmemora. O dragón recibe distintos nomes, como é natural, dependendo do lugar. Así, os dragóns ingleses reciben habitualmente o nome xenérico de *snap, snap dragon* ou *hobby dragon.* En Francia, o de Metz é o monstro *Graouilly*, o de Troyes, o *Chair-Salée*, e o de Tarascón, a *Tarasque.* Tarascas son tamén moitos dos dragóns españois, mentres que o s portugueses reciben o nome xenérico de cocas. *Coca* é tamén o de Redondela, e fórono os desaparecidos de Santiago de Compostela, Allariz, Verín, Lugo, Mondoñedo, Baiona, A Coruña, Ourense, Tui e Pontevedra[8] (González Pérez, 2003: 89). O de Ribadavia, en troques, é a *Becha* e, o de Betanzos, o *Camelo*, ó parecer porque as dúas chepas da figura recordaban a este animal. O que teñen en común estes dragóns é que todos eles son representacións do demo, que o heroe ou santo debe vencer.



John D. Batten, The Laidly Worm of Spindleston Heugh. *Ilustración para o libro de Joseph Jacobs* English Fairy Tales *(1890) [http://en.wikisource.org/wiki/English_Fairy_Tales/The_Laidly_Worm_of_Spindleston_Heugh. Consulta de 27-05-2014].*

Como mencionabamos, en moitas destas procesións, ademais do heroe e o dragón, represéntase á moza, chámese Margarida ou non. Nalgunhas delas, esta presenza vén reforzada pola existencia dunha lenda local que dá orixe á festa. En Redondela (Pontevedra), atribúese a dramatización á lembranza dun acontecemento histórico: a Coca era un dragón que vivía preto da illa de San Simón, na ría de Vigo, e que devoraba doncelas. Cando lle interesaba, subía polo río Alvedosa arriba en busca dalgunha vítima, preferentemente

[7] Un exemplo era a representación do martirio de San Xurxo que se facía en Bassingbourn (Cambridgeshire, Inglaterra) o día de Santa Margarida, alomenos ata o 1511 (Simpson, 2001: 107).

[8] En España, o costume de facer este tipo de procesións mantívose en auxe ata o século XVIII, pero moitas cocas e tarascas desapareceron cando foron prohibidas pola Real Cédula de Carlos III do 1777.

unha moza, que logo levaba de volta para a súa cova. Neste caso, foron os mozos da veciñanza os que se organizaron para atrapar e matar ó dragón.

Prestaremos agora certa atención ós lugares nos que nos contan estes relatos que se atopan os dragóns e que, como veremos máis adiante, teñen relación coa súa función simbólica. Moitos deles, como se pode ver nos exemplos xa presentados, asócianse á auga: Ceto é un monstro mariño, o dragón de San Xurxo vive nunha braña, o de Santa Marta, nun río, a Coca de Redondela, na Ría de Vigo, etc. Moitas outras historias comparten esta característica. Unha das máis representativas é o conto dos Irmáns Grimm *Os dous irmáns*, no que hai un episodio de loita co dragón: en certa ocasión, un dos irmáns recibe a noticia de que un dragón mariño está a aterrorizar un reino, esixindo cada ano que se lle sexa entregada unha virxe a cambio de non destruír o territorio. Como xa se fixeron varias entregas de mozas, só queda por darlle a filla do rei. O rapaz, valente como non pode ser doutro xeito, derrota ó dagón e salva á princesa. O conto é moi semellante ó de San Xurxo ou ó de Andrómeda, pero tamén a outras lendas recollidas en lugares tan distantes do mar Mediterráneo como son as Illas Órcadas. Alí consérvase o relato do Mester Stoor Worm[9], o maior de cantos dragóns mariños viviron nos mares, tan terrible que era capaz de afundir no mar cidades enteiras coa súa lingua, tan longo que podía envolver o mundo enteiro no seu corpo e tan xigantesco que, cando bocexaba, a terra tremía. Abusando do seu poder, o dragón demandaba que se lle entregasen cada sábado sete mozas virxes, e así se facía dilixentemente, ata que un vello bruxo aconsellou que se debía sacrificar á filla do rei, a princesa Gem-de-Lovely, para aplacar ó Mester Stoor Worm definitivamente. O rei pediu axuda para que algún guerreiro os axudase, pois non quería entregar a súa filla ó dragón, pero ningún dos que acudiron foi finalmente afouto dabondo para loitar cun monstro tan descomunal. Ningún, agás o xove Assipattle, que era un larpán recoñecido, pero un larpán tan valente como para atreverse a matar ó Mester Stoor Worm e tan listo como para argallar un xeito de facelo. Assipattle, navegando nun bote, entrou nas entrañas[10] da serpe mariña cando esta bocexaba e alí prendeulle unha cancharenla no fígado. Xa fóra de novo, puido ver como o Mester Stoor Worm se retorcía de dor ata morrer, e como a conmoción era tan grande que a terra cambiaba de forma con cada un dos golpes da serpe. Nun dos seus estertores, fixo o Mar Báltico; ó caérenlle os dentes, formáronse as Órcadas, as Shetland e as Faroe; e por fin foi morrer ó norte, encollida, e o seu corpo é illa que chamamos Islandia (Marwick, 1974: 139-44, en Simpson, 2001: 151-5; Towrie, 1996-2015).

No mar vivía tamén o culebrón que antigamente aterrorizou a Ría de Muros e Noia (A Coruña). En Esteiro (Muros, A Coruña) recolleuse a lenda dunha moura que se transformou voluntariamente en dragón para fuxir dos cristiáns que a perseguían. Durante moito tempo, o monstro causou graves danos nas embarcacións que navegaban pola ría, e non desapareceu ata que se bendiciu a Illa da Creba, na que habitaba, construíndo nela unha capela (Risco, 1994: 131, en Naval, 2003: 13).

---

[9] Towrie (1996-2015) suxire que o Mester Stoor Worm das Órcadas debe de estar emparentado co mito escandinavo da serpe Jormungandr, xa que o termo *stoorworm* pode ser unha corrupción de *Storðar-gandr*, outro dos nomes que recibe Jormungandr. *Mester* refírese a *master*, (xefe, amo), pois o Mester Stoor Worm era a serpe mariña máis grande de cantas habitaban os mares.

[10] Assipattle seguía aquí a estela de Heracles e de Santa Margarida, que tamén mataron os seus respectivos dragóns desde dentro.

Os dragóns que viven terra adentro tamén tenden a buscar acuíferos, e andan por ríos e fontes. En Angus (Escocia), coñécese unha lenda na que se repite unha estrutura moi similar a de relatos mencionados máis arriba, pero a unha escala máis reducida. Aquí, o dragón non ameaza unha cidade, nin un reino, senón ós habitantes dunha humilde aldea; e non vive nun lago, nin no océano, pero si onda a fonte local. As súas vítimas son as fillas dun veciño, nove irmás malfadadas que van á auga á fonte, unha atrás da outra, e unha atrás da outra van sendo devoradas polo dragón. Tiveron que desaparecer as nove para que os veciños se desen conta do que pasara pero, en canto a nova correu, todos saíron a dar caza ó monstro. Foi Martin, sen embargo, o que se enfrontou a el, cegado pola dor e a ira, pois unha das finadas era moza del (Ellis, 1853: 322, in Simpson, 2001: 38).

Nestes casos, a auga preséntase como hábitat, pero tamén pode simbolizar algunha catástrofe natural, habitualmente unha seca ou inundación. Isto ocorre na lenda de Saint Romain en Rouen (Francia), quen derrotou un dragón que estaba a facer que o río Sena asolagase a rexión, pero tamén en Tarascón e Metz ocorreron sucesos semellantes e, algo máis preto de nós, en Monção (Portugal) ou no río Miño ó seu paso por Lugo; Bouza Brey (1982: 223). Aínda máis a propósito para a presente análise é a pasaxe da Apocalipse na Biblia no que un inmenso dragón vermello persegue á muller embarazada e bota pola boca unha corrente de auga para afogala (Apocalipse, 12:13-17). A imaxinería que presenta este episodio pode parecer curiosa, pero en realidade é tremendamente recorrente en diversas culturas. Xa vimos máis arriba como o motivo do dragón que persegue á muller encinta aparece en outros mitos relixiosos, como os que atopamos nas culturas grega e exipcia. Tamén é habitual a imaxinería do dragón que bota auga pola boca, así como a representación das bocas dos ríos como bocas de dragóns, probablemente debido ó discorrer sinuoso das augas. O río Nilo, por exemplo, represéntase nos xeróglifos como dúas serpes que expulsan auga pola boca, e na Grecia Clásica tamén se representaba de xeito similar ó deus-río Aqueloo, co río saíndo da súa boca (Albright, 1919: 166-8). Unha das formas baixo as que adoita aparecer Aqueloo é, como non podía ser de outro xeito, a de serpe.

Moitos outros exemplos poderiamos presentar para expoñer esta tendencia dos dragóns a relacionárense coa auga, e abofé que tal teima debe ter algún significado, pero antes debemos deternos aínda un pouco máis, pois non son só os mares e os acuíferos os lugares que poden acubillar un destes monstros, senón que o camiñante precavido debe tamén prestar atención a unha serie de elementos da paisaxe que, inicialmente, parecen situarse nun entorno xeográfico diametralmente oposto: numerosas lendas sitúan a gorida do dragón en covas e, moi frecuentemente, en conxuntos líticos que a ciencia identificaría logo como lugares de enterramento antiquísimos.

Os megálitos que se poden atopar en toda a costa atlántica do continente europeo, levantados por un pobo que xa fora esquecido, espertaban a curiosidade e o temor dos pobos veciños na Idade Media, que atopaban nestas insólitas construcións de lousas inmensas ósos e tesouros, e a imaxinación tendía a identificalos como obra de xigantes, habitados por dragóns e protexidos por encantos (Lawrence, 1918: 571). Co paso do tempo, os megálitos adquiriron unha reputación sinistra: neles había goridas de monstros, pedras que se moven soas, xente que se transforma en pedra, encontros co demo... Eran lugares a evitar, sen dúbida. Moitos deles foron cristianizados, a miúdo facendo que algún santo orase neles e escorrentase ós diaños que os habitaban.

Poucos megálitos debe de haber que non teñan asociada algunha lenda, e aquelas nas que figura unha serpe, unha moza, ou un tesouro atópanse entre as máis numerosas. Sen

dúbida, esta debe ser a circunstancia que se atopa na orixe das lendas de dragóns que gardan tesouros fabulosos, e que un heroe debe derrotar antes de ter acceso a eles. Os nosos devanceiros sabían ben que as tumbas antigas agochaban a miúdo obxectos valiosos, pero tamén que estes lugares adoitaban estar ateigados de restricións e encantos. En Cadbury (Devon, Inglaterra), un dito popular dicía que debaixo dos castelos[11] de Cadbury Castle e Dolbury Hill había enterrado un tesouro tan inmenso que, de ser extraído, tódolos ingleses poderían labrar cun arado de ouro[12]. Con todo, ninguén se atreveu xamais a comprobar se era certo, pois o lugar estaba gardado por un dragón (Westwood, 1994: 5). Esta é unha característica que habitualmente asociamos cos dragóns das lendas nórdicas, así como as súas recreacións populares. Os ciclos míticos escandinavos, por exemplo, están ateigados de exemplos deste tipo, aínda que o máis coñecido hoxe en día é, sen dúbida, o *Cantar dos Nibelungos*, en tódalas súas versións (Lerate, 1984: 152). Sen embargo, pódense atopar paralelos en territorios moi afastados das terras do norte de Europa. As cóbregas ou culebróns galegos, e o *cuélebre* asturiano, adoitan gardar tesouros ocultos en castros e dolmens (Álvarez, 2004: 10). Tamén na Grecia Clásica atopamos esta asociación entre o dragón ou a serpe e o tesouro. Os exemplos máis obvios son o da serpe Ladón, que gardaba as mazás de ouro das Hespérides, e o Dragón da Cólquida que custodiaba o carneiro de ouro na *Argonautica* de Apolonio de Rodas (século III A.C.). Se adoptamos, pola contra, unha perspectiva menos heroica, podemos tamén engadir que para o buscador de tesouros de a pé as serpes son especialmente útiles para localizar tesouros soterrados, xunto con outros signos que todo buscador de tesouros coñece, como é, por exemplo, a luz que emanan os agochos de tesouros en certas noites, especialmente na noite de San Xoan (Lindow, 1982: 261-2).

Entre as lendas que recollen polo menos os dous primeiros elementos que se mencionaban (a serpe e a moza), ou mesmo os tres (a serpe, a moza e o tesouros), atopamos varias no noroeste peninsular. En Friol (Lugo), no monte coñecido como Cova da Serpe, contábase como don Lopo das Seixas, un dos señores de San Paio de Narla tiña unha filla, Berta ou Benta, que tiña amores cun baril labrego. O pai da moza alporizouse ó saber dos amoríos da súa filla e os dous mozos fuxiron xuntos e agocháronse nunha cova do monte. Mais a decisión foi malfadada, pois, como nos conta Carré Alvarellos (205-6), ficaron abraiados ao se toparen c'unha grande cóbrega, unha serpe mostruosa, que se dirixía, erguendo a noxente testa cara a Benta. O mozo empuñando un puñal interpúxose e pretendéu cortar a cabeza â cobra que, arredióu o ataque e envolveuse lixeira e destemida en torno do rapás cortándolle o movimento.

Curiosamente, nesta lenda non é o home o que emerxe vencedor, senón a cóbrega, que esmaga ó mozo entre os seus aneis. Só Benta sobrevive ó encontro.

Na lenda da Fonte Formas (Arzúa, A Coruña), atopamos os tres elementos: viviu unha vez preto de aquí unha rapaza, filla un fidalgo local e tódolos mozos da bisbarra andaban atrás dela, pois era moi fermosa. Como o pai non quería casala, foina encantar á Fonte Formas. Mais tivo mala sorte o fidalgo, pois coincidiu que un mozo da vila cadrou a ver como a encantaba:

[11] «Castelo» ten aquí o sentido arqueolóxico, e non medieval. Os *hill forts* ingleses son os equivalentes das fortificacións prehistóricas que se atopan no territorio galego, por exemplo.

[12] If Cadbburye-castle and Dolbury-hill dolven were, all England might ploughe with a golden sheere.

A moza choraba a fío agarrada os brazos do seu pai, pregándolle de xeonllos que non a deixase alí; pero o pai non fixo caso; soamente lle dixo:

-Non teñas pena; quédache con que valerte.

O fidalgo sacou un libro e comezou a ler; ó pouco tempo a moza meteuse polo cano da fonte e seguida-mente os sacos que levaran os criados seguiron o vieiro que levara a moza; quedou fóra o adival, e o fidalgo continuou lendo moito tempo deica que o adival se transformou nunha gran serpe loriga e grosa que foi meténdose polo cano da fonte. Cando ía desaparecendo o home cerrou o libro e díxolle:

-El que te desencantare, nove veces detrás del ca-chazo te ha de besare.

(Fraguas, 1932: 106, en González Reboredo, 1995: 115-6).

Con tan valiosa información, o mozo volveu ó lugar pouco tempo despois. Alí atopou á rapaza, a poucos pasos da fonte e, chea de pena, advertiulle: «Se non tes valor, non me desencantes». Pero o afouto labrego sentou decidido nunha pedra a agardar polo culebrón, que axiña se presentou. O rapaz, tal e como o fidalgo indicara, bicouno tras da cabeza en tres ocasións, e de cada vez a cóbrega saía máis mansiña cá anterior, ata que, coa terceira, caeu no chan convertida nun adival. Xa desencantada, a moza marchou co rapaz para a parroquia deste, onde casaron, e viviron desafogados cos sacos de ouro que levaron do agocho que gardaba a serpe. Unha lenda moi semellante foi recollida en Sada (A Coruña) e conta como no castro de Samoedo un mouro encantou á súa filla atándolle unha corda ó pescozo, co que a converteu en serpe (Álvarez Peña, 2004: 12).

A pesar destas referencias ós territorios e megálitos atlánticos, o dragón que habita un mundo subterráneo non é nin moito menos exclusivo deste territorio, senón que se pode atopar en moitas culturas. Entre outras, a sumeria, a persa ou, por suposto, a grega[13]. O subterráneo, nestas tradicións, relaciónase co sobrenatural, co mundo dos mortos e dos deuses. Neste contexto, a presenza da serpe (ou do dragón na súa versión extrema) ten un claro simbolismo ctónico, sen dúbida debido á súa conexión biolóxica coa terra (pois repta) e a inmortalidade (pois «renace» con cada muda de pel). De feito, era frecuente que os oráculos empregasen serpes vivas, como representantes dos devanceiros, da inmortalidade, da curación e da profecía (Simpson, 2001: 26). No universo mítico sumerio xa atopamos este simbolismo: Gilgamesh[14], trala morte do seu amigo Enkidu, acode a Utnapistim para coñecer o segredo da inmortalidade. Utnapistim, o único home que sobreviviu ó Diluvio Universal e é o gardián das augas da vida, indícalle a Gilgamesh que, se quere acadar a inmortalidade, debe conseguir a planta da vida, que medra no fondo dun lago. Gilgamesh somérxese no lago ata atopar a planta e sácaa a terra firme, pero o seu desexo de non se ve cumprido, pois, cando vai coller a planta para completar as instrucións de Utnapistim, atopa no seu lugar a pel dunha serpe que comera a planta, condenándoo a el á mortalidade. Esta historia, que ten uns 5000 anos, explica a suposta inmortalidade das serpes, crenza compartida por numerosas culturas. No tocante ás covas, é probable que foran lugares de práctica de rituais de paso ó Outro Mundo e que nestes rituais se empregasen serpes vivas, o cal sen dúbida contribuiría a que a serpe se incorporase á

[13] Por exemplo, podemos destacar, da cultura sumeria, ó dragón Mušhuššu; da persa, as historias de Aþi Dahâka e Malik Mohammad; e, da Antiga Grecia, a Tifón.

[14] Esta é unha das obras literarias máis antigas que se conservan. Redactouse no século XIX A.C. e relata a vida de Gilgamesh, semideus Sumerio e rei de Uruk (hoxe, Iraq), onde a tradición di que reinou durante 126 anos (*Encyclopedia Mythica*).

imaxinería habitual da morte, como gardiá simbólica da tumba, do tesouro soterrado co morto e, finalmente, da porta ó mundo dos mortos. A cova pode ser tamén símbolo do útero e, como tal, unha referencia á fertilidade e a unha deusa nai. Útero e túmulo son dúas caras dun mesmo simbolismo, e a cova e maila tumba poden ser tanto o corredor que nos leva á nai terra coma ó mundo dos mortos. Como tal, o dragón é o gardián que impide o paso ós vivos (Dempster, 1888: 243). En canto ós dragóns acuáticos, nesas imaxes atopamos de novo unha simboloxía similar á explorada cando falamos do hábitat subterráneo. De xeito semellante, a auga representa o alén, xa que o río procede de debaixo da terra, e a fertilidade, pois é fonte de irrigación.

Aínda nos relatos cristianizados, como o de San Xurxo, este potencial do dragón para a fertilidade está presente, aínda que sexa de xeito velado. Nesa historia, por exemplo, logo de morto o dragón, empréganse os seus despoxos para aboar os campos próximos á cidade. Entre os mitos gregos atópanse tamén episodios que apoian esta idea, como pode ser a experiencia de Cadmo como fundador mítico da cidade de Tebas: Cadmo, seguindo instrucións recibidas no oráculo de Delfos, fora atrás dunha vaca, coa intención de fundar unha cidade alí onde o animal se detivese. Unha vez completada esta misión e xa determinado o lugar de fundación da cidade de Tebas, Cadmo achegárase a buscar auga á fonte sagrada de Ares, que estaba custodiada polo dragón Ismenos. Heroe e dragón enleáranse nunha loita da que saíu vitorioso o primeiro. Logo, Cadmo sementou os dentes de Ismesnos, e deles xermolaron guerreiros[15] (*Encyclopedia Mythica*).

Tanto neste mito coma no de San Xurxo inclúese un compoñente de fertilización que non podemos deixar de advertir, no que o dragón é o elemento fertilizador. Pero aínda se pode rastrexar noutros exemplos, como o costume de alimentar serpes e dragóns para propiciar as colleitas. Isto facíase en Roma na primavera, cando os mozos levaban agasallos para as serpes de Xuno Sospita, e deixábanllelos nas covas nas que moraban. González Pérez (2003: 10) considera esta práctica como indicio de que a orixe dos dragóns procesionais debe de ser precristiá, pois isto mesmo facíase tamén nas destas da Ascensión na vila de Troyes, en Francia. O *Chair-Salée*, o dragón procesional que as presidía, paseábase polas rúas, e os veciños alimentábano con biscoitos, como rogativa polo bo froito das colleitas do ano. Outro tanto se lle facía ó *Graouilly* na cidade de Metz, e á Coca de Redondela, ata a segunda metade do século XIX (González Pérez, 2003: 9). En Chanctonbury (Sussex, Reino Unido), os rapaces botaban moedas á boca do *hobby-horse*[16] o día da festa, e outro tanto pasaba co *snap* de Norwich (Simpson, 2001: 103-4, 113).

Seguindo con esta teoría sobre a simboloxía do dragón, é posible sinalar que a inclusión da moza a miúdo tende a reforzar esta mesma noción de fertilidade, pois en moitas das historias conservadas a rapaza identifícase, en certo modo, como *noiva* do dragón. No episodio de San Xurxo, por exemplo, o rei fai que a súa filla se engalane como se fose casar co dragón, máis que para ser devorada por el. O relato persa do dragón Aþi Dahâka conta

[15] Este motivo dos dentes do dragon que o heroe sementa e do que xermolan soldados atópase tamén no poema *Argonautica*, composto por Apolonio de Rodas no séc. III A. C. (http://www.britannica.com).
[16] O *hobby-horse* é un cabalo procesional que, á maneira das cocas, sae en determinadas celebracións como parte dun desfile. No Reino Unido atópanse exemplos de cabalos procesionais coma este de Chanctonbury, pero tamén de outros animais, como touros, ovellas e cervos. O seu uso está sempre vinculado a algunha festividade concreta e todos eles funcionan como elementos propiciatorios da fertilidade (Simpson, 2001: 116).

que o dragón tiña cativas a dúas fermosas damas con el no seu castelo debaixo da terra, igual que os tres dragóns que derrotou o heroe Malik Mohammad, que tiñan cadansúa moza humana. Na Grecia Clásica tamén podemos atopar outro exemplo moi obvio, concretamente na confrontación entre Heracles e Aqueloo, o deus da auga doce da Anatolia, que tiña forma de serpe, pola man da fermosa Deianira. Sen marchar de Grecia, debemos recordar que nalgunhas biografías de Alexandre Magno cóntase que era en realidade fillo de Zeus, que seducira á súa nai, Olimpia, baixo a forma dun dragón (*English Encyclopedia*). No poema *Gilgamesh* existe tamén unha referencia, aínda que escura, a esta práctica de empregar rapazas como ofrenda sexual para aplacar dragóns, concretamente no episodio no que o heroe e o seu amigo Enkidu se enfrontan ó dragón Humbaba, un dragón que gardaba o Bosque de Cedro, territorio dos deuses, desde tempos inmemoriais. Para enganalo, Gilgamesh propúxolle entregarlle ás súas propias irmás como esposas e, cando Humbaba estaba considerando a proposta, baixou a garda e foi atacado e vencido polos dous heroes.

Frazer (1966: I: 155) propón que quizais estes relatos apunten a antigos costumes de sacrificios humanos ós espíritos das augas, presentados como serpes, e que serían sancionados polos deuses deste xeito. Curiosamente, nun estudio recente sobre lendas e tradicións da illa de Jersey, Bois (2010) cóntanos que noutros tempos era habitual que as mozas se achegasen en certas épocas do ano a unhas covas nas que se dicía que vivía un dragón, e deixasen como ofrenda leite e tamén os primeiros froitos da colleita (Bois, 2010: 44). O autor matina que os contos de sacrificios de mozas ó dragón deben de ser o recordo dun ritual no que a muller era a encargada de oficiar algún tipo de ritual de fertilidade no que se apelaba a unha entidade cun potencial de devastación enorme (Bois, 2010: 244), é dicir, ó dragón.

MOZAS-DRAGÓN

Ocasionalmente, o dragón e a doncela fúndense nun, e aparecen criaturas coma os dragóns femia, as deusas-dragón e as donas encantadas como culebróns, lamias ou melusinas.

Dos dous primeiros tipos, debemos comezar por mencionar o *Enuma Elish*[17], o poema épico babilónico que recolle o mito de creación de Marduk e Tiamat, e que exemplifica varios dos conceptos que fomos vendo nestas páxinas: Marduk é un deus celeste, do raio e da tormenta, herdado da civilización mesopotámica, que se atreve a desafiar a Tiamat, unha deusa-dragón, señora da terra, as augas e a fertilidade. Tiamat goberna na escuridade e no caos primixenio. O mito de Marduk e Tiamat é un exemplo do dualismo na relixión, pero tamén un relato moi habitual nas cosmogonías, segundo o cal o deus debe derrotar ó dragón antes de proceder á creación do mundo. Neste caso, como é de esperar, Marduk vence a Tiamat, atacándoa con sete ventos que ela traga e matándoa logo. Trala morte da deusa, Marduk divide o seu corpo. Cunha metade, crea o ceo; coa súa pel, forma a constelación do dragón; e, coa outra metade, a terra (Lyon, 1895: 134-5).

[17] A versión máis antiga do poema *Enuma Elish*, no que se conta como o deus Marduk matou á deusa Tiamat, é de arredor do 1700 A.C. (*English Encyclopedia*). O *Enuma Elish* ten versións sumerias, asirias e hititas, e a súa influencia chega ata a mesma Biblia, onde se evoca en varios episodios, coma cando o profeta Daniel mata ó dragón que adoraban os cidadáns de Babilonia, e que era o animal sagrado de Bel. Bel é Marduk, herdado a través do sincretismo da cultura mesopotámica coa sumeria.

O dragón femia, ou a deusa-dragón, figura tamén en diversos relatos clásicos. Os monstros femininos gregos Estixia, Niké, Equidna e Medusa, por exemplo, teñen trazos draconianos. Suhr (1969) defende que probablemente Medusa fose na súa orixe unha deusa-dragón, coma Tiamat, pero que un novo orden no panteón a relegaría ó seu coñecido papel de monstro, e que Palas Atenea non sería senón outra faceta desta antiga deusa, transformada en filla de Zeus pero sen perder completamente os seus trazos orixinais (Suhr, 1969: 4). De aí, probablemente, a súa éxida con escamas de serpe e que o dragón sexa un dos seus animais identificativos. De aí, tamén, o seu papel no mito de Medusa.

Se nos apeamos dos relatos divinos, atopamos que nas lendas e contos tradicionais tamén abondan as mozas-dragón. Son femininos os dragóns, ou *peists*, dunha das aventuras irlandesas dos tres fillos de Toraliv, sobriño do rei de Dinamarca, e Fionabhartagh, filla dun nobre Tuatha de Danann[18]. Nunha ocasión, os tres xoves loitaron e venceron un dragón femia chamado Farbagh, que non era senón unha de tres irmás monstruosas (Dabran, Farbagh e Cathach). Cada unha das irmás habitaba nun lugar diferente, pero as tres vivían preto da auga. Farbagh, a protagonista desta lenda, habitaba concretamente nun lago (Hackett, 1853: 307).

Xa se mencionou tamén o caso da moura que se metamorfoseou en dragón na Illa da Creba e que durante moito tempo afundiu barcos pola ría de Muros e Noia adiante. Neste caso, a transformación foi causada pola propia vontade da moura, pero este non é o procedemento máis habitual, polo menos entre as lendas conservadas, pois xeralmente estas mozas que se converten en dragóns están baixo un encanto imposto por unha forza allea e que só a intervención dun mortal poderá desfacer. Unha das lendas deste tipo máis coñecidas en Europa é a de Kemp Owyne, recollida a finais do século XIX na balada homónima. En *Kemp Owyne*, a protagonista é encantada pola súa madrasta, que a converteu nun *laidley worm*, é dicir, nunha serpe monstruosa. A condición para a súa liberación é que o príncipe Kemp Owyne a bique tres veces baixo a súa forma de serpe. Outra balada escocesa, *The Laidley Worm of Spindleston Huegh*, presenta unha premisa similar: Margaret, a rapaza, foi encantada tamén pola súa madrasta e convertida en serpe, e só se verá libre libre do encanto se o seu irmán, o Child of Wynd, a bica tres veces. En ambas obras a moza consigue librarse da súa terrible sorte coa axuda dun mozo valente, reforzando a idea de que a intervención masculina é precisa na práctica totalidade destes relatos. Un pouco máis ó norte, en Dinamarca, a historia de Sir Jenus conservouse na balada *Jomfruen i Ormeham*, en manuscritos dos séculos XVI e XVII: unha noite, mentres dorme, Sir Jenus recibe a visita dunha moza encantada. Esta relátalle que só pode aparecer coa súa forma humana durante unha parte do día pero que, en canto o reloxo dá a medianoite, transfórmase en serpe. A dama promételle a Sir Jenus grandes agasallos se a axuda, pero o cabaleiro durminte non é consciente das súplicas da aparición á beira da súa cama. Afortunadamente para a doncela, o seu paxe si que está esperto e é testemuña do sucedido. Pola mañá, logo de escoitar o relato da extraordinaria visita nocturna, Sir Jenus sae a cabalo á procura da serpe. Unha vez que a atopa, bícaa e a serpe vólvese transformar en dama. Semellante é, en Islandia, a saga de Áslól e Hjálmtèr, que conta como unha muller malvada transforma ós seus tres fillastros (dúas rapazas e un rapaz) en monstros. A maldición que lle cae a unha

[18] Os Tuatha Dé Danann son unha raza lexendaria de deuses da mitoloxía irlandesa, que foron desprazados do poder polos milesios (*Encyclopedia Mythica*).

das rapazas, Áslól, ten a particularidade de que só se romperá se o príncipe Hjálmtèr a bica. Áslól convénceo prometéndolle regalarlle a cambio unha poderosa espada. As lendas de mozas convertidas en serpe aparecen en varias outras obras literarias, moitas delas medievais. Entre estas, podemos destacar o *Lanzelet* alemán (séc. XIII), o valenciano *Tirant lo Blanc* (séc. XV), e as producións italianas *Carduino* (séc. XIV), *Ponzela Gaia* (séc. XV) e *Orlando Innamorato* (séc. XV).

Como se pode ver, a promesa dalgún tipo de tesouro é habitual tamén nestas historias, como tamén o é o bico como medio para romper o encantamento, ou algunha variante con connotacións igualmente sexuais, como pode ser facer sangrar á serpe feríndoa cun coitelo, coller unha flor que leva na boca ou, nalgúns casos, cuspíndolle na boca como alternativa ó bico. Isto é o que se lles pide ós valentes que queiran desencantar á serpe da Lagoa da Serpe en A Veiga (Ourense): nas noites de lúa chea, a serpe convértese nunha fermosa moza de longuísimos cabelos negros. Ó longo da noite, pódese ver á rapaza, sentada nunha pedra, cos seus ollos cheos de tristura, e, nas noites de San Xoan, peitando os seus cabelos ata que chega o amencer. A belida agarda a que algún mozo bravo se atreva a romper o seu encantamento e conta a lenda que unha vez estivo a piques de ser liberada. Un mozo de Xares falara con ela, e ela explicáralle como tiña que facer para romper o encantamento: só tería que buscala cando estivese baixo a forma de serpe, achegarse a ela e cuspirlle na boca, e ela a cambio entregaríalle unha enorme fortuna, ademais da súa man en matrimonio. O mozo, engaiolado pola súa beleza, aceptou e, á mañá seguinte, presentouse á beira da lagoa á hora acordada. Alí estaba o culebrón, xigantesco e horrible, e cando viu ó rapaz, achegouse a el nadando de vagar, para non asustalo. Mais as súas precaucións foron vans, pois o mozo non puido soportar o horror e fuxiu do lugar sen atreverse a cumprir coas instrucións da fermosa moza nocturna. Quizais siga alí, ou quizais non, pois existe outra versión desta lenda, na que se conta como noutra ocasión a rapaza conseguiu falar con outro mozo, este, veciño de Ponte, e que tivo o valor preciso para aturar a fealdade da serpe e conseguir desfacer o encanto (Reigosa, 2005-2015).

En Vilar de Ortelle, no concello de Pantón (Lugo), Cuevillas e Fraguas recolleron fai agora setenta anos a lenda da serpe do Castro de Amboade, na que podemos atopar outra variante do bico para desfacer o encanto. No castro viviron noutros tempos os mouros e que ten un encanto na adega que se di que hai baixo do castro. Unha vez houbo un señor que ía tódolos días a aquela adega e «ó entrar subíalle polo corpo unha gran serpe, que mesmo ó tocar-lle a cara se volvía unha moza» (Cuevillas, 1955: 304-5, en González Reboredo, 1995: 105).

De tódolos xeitos, o bico segue a ser o método máis habitual para desencantar unha dama convertida en serpe:

En San Vicencio de Vigo (Carral, A Coruña) recolleuse unha lenda que recolle o tropo do bico, así como outras características habituais destes encontros que xa foron mencionadas. Alí, un mozo viu como un mouro, á beira do río, dicíalle a unha fermosa rapaza: «O que te desencantar, tres bicos tenche que dar». Tras estas misteriosas palabras, ambos desapareceron por enriba do río. Á mañá seguinte, o rapaz volveu ó mesmo lugar e alí agardou. Ó pouco, escoitou un asubío que viña do río e, ó mirar cara alí, estarreceu:

Era a cóbrega mais grande e mais fea que endexamais viran ollos de home, e avantaba por riba da auga coa cabeza ergueita, os ollos regalados, botando e recollendo un ferrete grande coma o dedo dunha man, con perdón. O rapaz gañou medo, mais emporiso, soubo ser home e agardou terne que terne, con firmidía; a cóbrega fuxiu coma un lóstrego, batendo a auga co rabo, e asubiando, ó pouco voltou outra vez, e tamén fuxiu coma antes,

e ó vir por terceira vez, e terlle dado o terceiro bico o rapaz, a có-brega perdeu aquel seu feitío para se trocar de novo na belida rapaza que caeu a chorar entre os brazos do arris-cado rapaz (Carré Alvarellos, 1968: 364-5, en González Reboredo, 1995: 109-10).

Logo de desencantala, marcharon xuntos para a terra da que viña era, levando con eles os tesouros do mouro.

Na lenda do Castro de Barán, recollida na provincia de Lugo, o resultado é moi diferente. Esta conta como un pastor atopou unha vez unha fermosa muller que lle explicou que estaba encantada e como debía facer el para liberala do encanto: presentaríase ó día seguinte en forma de cobra, e subiría polo rapaz arriba, pero que non debía temer nada. Porén, aínda que el acudiu á cita tal e como acordaran, ó subir por el a cobra, Botou a correr para a casa, cheo de medo. Aínda máis, a familia e veciños do rapaz aconselláronlle que non se deixara enganar pola belida, pois con toda seguridade quedaría el mesmo encantado con ela (VVAA, 1972: 206-8, en González Reboredo, 1995: 111-4). O resultado foi que a dona quedou sen desencantar.

Similar sorte correu a dona do castro de Santa Tegra[19] (A Guarda, Pontevedra). Neste caso foi outra muller, unha señora chamada Bieita, a que recibiu as instrucións para desencantala. Bieita tiña que levarlle á dona un bolo de pan quente, pero cando chegou ó castro, o bolo xa arrefriara, co cal o desencanto non funcionou (Álvarez Peña, 2004: 11).

Mellor sorte tivo a señora do Castro Alegre (Salvaterra, Pontevedra), co rapaz ó que lle deu instrucións para desencantala cando a atopou peiteándose cun peite de ouro:

-¡Ai, señora se me dera ese peite con que se peitea! - díxolle o rapaz.

-Dareiche o peite e dareiche moito máis aínda ata facerte rico se fas o que che eu diga e non te acanas.

E díxolle ó rapaz que lle levase ó día seguinte unha cunca de leite bendito, e que non se acaase co que sucedese, pois mentres ela bebía o leite, el tiña que ter man da cunca (Cuevillas, 1929: 142, en González Reboredo, 1995: 111-4).

Así o fixo o mozo. Por suposto, non foi a moza a que saíu a beber o leite[20], senón unha enorme cobra, pero el tivo tino de dar conta da cunca mentres o monstro bebía e, ó que rematou, converteuse na señora e deulle as riquezas prometidas.

Xa en xaneiro de 1938 a *Administración Oficial del Estado* organízase en departamentos ministeriais e o *Ministerio de Instrucción Pública* pasa a denominarse Ministerio de Educación Nacional. O día 31 do mesmo mes noméase a Pedro Sainz Rodríguez como ministro. Sostén Cámara Villar (1984) que o novo ministerio dedícase a continuar o labor desempeñado pola *Comisión de Cultura y Enseñanza*, intensificando o proceso depurativo do persoal docente e concretando as bases políticas, ideolóxicas e relixiosas ás que tería de axustarse o sistema educativo.

Morente Valero (1997:29) descríbenos a traxectoria de Sainz Rodríguez e a súa filiación política até o nomeamento como ministro:

> El Ministerio de Educación Nacional (nuevo nombre de Instrucción Pública y Bellas Artes) recayó en Pedro Sainz Rodríguez, historiador, catedrático de universidad y antiguo adversario de la dictadura, pero que, desde los inicios de la República, se había significado como uno de los más conspicuos miembros de la extrema derecha alfonsina; diputado en las tres legislaturas republicanas, fue uno de los principales animadores del grupo Acción Española, y un aplicado conspirador antirrepublicano.

Segundo Gervilla Castillo (1990), algunhas das ideas que formaban parte da ideoloxía de Sainz Rodríguez eran:

-A necesaria loita contra o liberalismo e o marxismo.

-A oposición ao monopolio educativo e á liberdade de ensinanza.

-A persecución da escola laica.

-O dirixismo pedagóxico: consideración de que o home é malo por natureza, por tanto debe ser orientado pola educación co fin de acadar metas predeterminadas.

Ademais, baixo o seu mandato anulouse o poder dos Reitores e as obrigacións destes pasaron a ser competencia da *Jefatura del Servicio Nacional de Primeira Enseñanza.*

1.1.3. Tomás Domínguez Arévalo, Ministro interino

Despois da dimisión de Pedro Sainz Rodríguez (que só aceptara o cargo até a fin da guerra) en 1939, Tomás Domínguez Arévalo (ministro de Xustiza até ese momento) pasa a encargarse como ministro interino do *Ministerio de Educación Nacional* na paréntese comprendida entre os meses de abril e agosto dese mesmo ano. Explica Cámara Villar (1984), que a política educativa deste non gardaba diferenzas significativas respecto á aplicada polos anteriores ministros. Algunhas das novas ordes provenientes do Ministerio nesta época foron:

-A celebración obrigatoria do mes de María nos centros e de conferencias patrióticas.

-A creación do *Patronato de Cultura Popular* en substitución do *Patronato de las Misiones Pedagógicas.*

-A reorganización do *Museo Pedagógico* atendendo ao ideario do réxime.

-A creación de *Juntas Provinciales de Primera Enseñanza* e de *Juntas Municipales y Locales.*



Imaxe 2: José Ibáñez Martín.

1.1.4. O Ministerio de Educación Nacional de José Ibáñez Martín

En agosto de 1939 fórmase o *Segundo Gobierno de Franco* e a carteira de Educación Nacional pasa a mans de José Ibáñez Martín, catedrático universitario de xeografía e historia e militante de *Falange*. O novo ministro mantiña con todas as forzas vencedoras unha boa relación e soubo compaxinar a influencia da Igrexa e da *Falange*, reducindo os conflitos entre estes. Cámara Villar (1984: 110), fálanos del nos seguintes termos:

> Ibáñez sabía conjugar con habilidad las pretensiones y demandas de ambos sectores y seguir profundizando en la política pro-eclesial, a pesar de todo, en un momento en que, en este ámbito como en otros muchos, los diversos intereses de la Iglesia Católica estaban ya considerablemente arraigados y satisfechos.

Morente Valero (1997:110) relátanos o desenvolvemento profesional e político de Ibáñez Martín:

> Ibáñez Martín procedía, al igual que Saínz Rodríguez, de las filas monárquicas, si bien sus trayectorias políticas habían sido bastante diferentes. Mientras Sainz se opuso – aunque solo fuese firmando manifiestos – a la Dictadura, Ibáñez Martín fue miembro de Unión Patriótica, teniente de alcalde del Ayuntamiento de Murcia, y presidente de la Diputación Provincial. Procedía también (otro más entre los responsables de la educación nacional) de la Asociación Nacional de Propagandistas (fue sercretario del centro de Murcia entre 1924 y 1928); en 1928 obtuvo la cátedra de Geografía e Historia del Instituto San Isidro de Madrid y, en los comienzos de la República, participó en la creación de Acción Nacional, siendo miembro de su dirección política, y resultando elegido diputado en Cortes por Murcia en las listas de la C.E.D.A. en las elecciones de 1933. También fue miembro del grupo Acción Española, e incluso pasó algunos meses en la cárcel tras la *Sanjurjada*.

Durante o mandato de José Ibáñez Martín institúense novos organismos dentro do Ministerio. É o caso do *Consejo Superior de Investigaciones Científicas*, creado o 24 de novembro de 1939, e do *Instituto de Pedagogía San José de Calasanz*, fundado o 29 de marzo do mesmo ano para substituír ao *Museo Pedagógico Nacional* e coa función de investigar en historia da educación, organización escolar e métodos pedagóxicos (Peralta Ortiz, 2012).

Xa no 1940 xorde, o 13 de agosto, o *Consejo Nacional de Educación.* Tratábase dun organismo central de carácter consultivo do Ministerio con función técnica e asesora e encargado de organizar e supervisar os distintos *Consejos* a nivel local ou universitario.

En xullo de 1945 concrétanse os proxectos iniciados por Sainz Rodríguez e continuados por Ibáñez Martín na *Ley de Educación Primaria.* Segundo Puelles Benítez (2010), esta reunía todos os grandes temas propios do nacional-catolicismo, con especial atención aos dereitos da familia, e rexíase fundamentalmente por principios relixiosos, outorgándolle un poder moi significativo á Igrexa en relación á creación de escolas de ensinanza primaria. Respecto a esta grande influenza da Igrexa na *Ley de 1945*, Palacio e Ruiz (1993:69) explican que:

> La ley de Enseñanza Primaria de 1945 vino a consolidar la política de protección de la escuela privada, esencialmente católica, concediendo a la Iglesia la posibilidad de crear escuelas y de inspeccionar los centros tanto públicos como privados en cuestións de moralidad y costumbres, así como de organizar la enseñanza en sus aspectos didáctico y administrativo.

Por outra banda, e para evitar conflitos coa Igrexa polo control da educación, a formación cívica, política e física en todos os contidos da ensinanza quedou en mans da *Falange.* Palacio e Ruiz (1993:29) fálannos dos cometidos desta:

> Junto a la Iglesia, en el reparto de poderes, la Falange asumió determinadas competencias en la enseñanza de materias como la Educación Política, Física y Deportiva de los jóvenes y en lo relativo al ocio y actividades extraescolares, tomando a su cargo también la dirección ideológica del total de la sociedad, a través del control de prensa y propaganda, dirigiendo y controlando cualquier manifestación al margen de la escuela.

1.1.5. O Ministerio de Joaquín Ruiz-Giménez: pequenas mostras de apertura

O 19 de xullo de 1951 José Ibáñez Martín era cesado no seu cargo e substituído por Joaquín Ruiz-Giménez Cortés. Segundo Gervilla Castillo (1990), o novo ministro tiña un talante máis aberto, liberal e progresista que os seus predecesores. Destaca Puelles Benítez (2010) que baixo o mandato de Ruiz-Giménez tivo lugar un brote de flexibilidade e unha diminución do nacionalismo exaltado, aínda que se mantivese a confesionalidade da ensinanza. Ademais, coa chegada deste novo ministro reactivouse a creación de escolas coa *Ley de Construcciones Escolares* de 1953 (Escolano Benito, 2006). Puelles Benítez (2002:338) fálanos da política educativa de Ruíz Giménez e das mudanzas acontecidas durante o seu ministerio:



Imaxe 3: Joaquín Ruiz-Giménez en 1959.

> El periodo de 1951-1956 ha sido considerado la primera apertura del régimen, si bien frustrada, obra de Joaquín Ruiz Giménez, ministro de Educación Nacional durate esos años. Se trata ahora de sustituir una política de uniformidad cultural, basada en los viejos patrones del nacionalcatolicismo, por otra más permeable a mentalidades y tendencias europeas y modernas. No debe entenderse con ello, sin embargo, que se tratara de desplazar, de dejar de lado al viejo nacionalcatolicismo, sino de temperarlo y modernizarlo, o, en otras palabras, de buscar una síntesis entre lo que Ruiz Giménez consideraba los mejores ideales del Movimiento, procedentes en parte de la llamada «Falange liberal», y un catolicismo más abierto.

1.2. A organización escolar

Durante os anos de guerra foi difícil lograr unha normalización da situación escolar. A causa da situación excepcional e da falla dunha normativa xeral previa, o novo réxime viuse obrigado a ir lexislando día a día, segundo as dificultades e circunstancias que ían xurdindo (Peralta Ortiz, 2012).

Na época en que a educación estaba a cargo da *Comisión de Cultura y Enseñanza* non se estipulou ningún currículo. A maioría das decisións foron tomadas atendendo sempre á exaltación da formación relixiosa e patriótica. Deste xeito, dispúxose que todas as escolas fosen dotadas con un *Libro de España*, o cal se trataba dun compendio sobre a historia, o carácter e os costumes españois que debía servir como guía ao mestre para transmitir o fervor patriótico.

Tamén se atoparon con moitos problemas debido á grande escaseza de mestres, que eran insuficientes por causa das baixas na guerra e do estrito proceso depurativo comezado contra eles. Este dilema foi solucionado, como explica Peralta Ortiz (2012), na Orde do 15 de xullo de 1939. Esta dispoñía que as prazas de mestre en poboacións de cincocentos habitantes ou menos poderían ser rexentadas por sacerdotes. Deste xeito foi remediada a cuestión ao mesmo tempo que aforraban en salarios, pois o sacerdote cobraba dúas mil pesetas anuais mentres que o mestre cobraba catro mil.

Xa en 1938, a Circular do 5 de marzo será a única disposición pola que se poidan guiar os mestres até a promulgación da *Ley de Educación Primaria de 1945*. Esta circular dispoñía que o labor educativo se debía asentar sobre catro piares básicos: a educación relixiosa, a educación cívica, a educación patriótica e a educación física.

Nese mesmo ano elaboráronse os programas escolares adaptados ao medio rural que tiñan en conta as características do entorno para fixar os contidos e a metodoloxía. Deste xeito, a ensinanza agrícola foi o eixe central destes programas co obxectivo de impulsar o desenvolvemento económico das zonas rurais. Tamén se establecía a tipoloxía das escolas do rural, que era a seguinte:

-Unitarias mixtas: comprendían alumnos de todas as idades e de ambos sexos.

-Unitarias de nenos: alumnos de todas as idades de sexo masculino.

-Unitarias de nenas: alumnas de todas as idades de sexo feminino.

-Graduadas incompletas de nenos: nelas se dividía aos alumnos masculinos por idade, mais non contaban con todos os niveis da educación primaria.

-Graduadas incompletas de nenas: o mesmo caso aplicado ás nenas.

-Graduadas completas de nenos: dividían aos alumnos por idade e contaban con todos os niveis para completar a educación primaria.

-Graduadas completas de nenas: o mesmo caso que a anterior mais aplicado só a alumnas.

Coa *Ley del 6 de diciembre de 1940* creábase o *Frente de Juventudes*, unha sección da *Falange* que tería de encargarse de adoutrinar aos xoves españois segundo os principios do *Movimiento Nacional*. Como explica Peralta Ortiz (2012), outras funcións que se lle asignaron foron a



Imaxe 4: Cartel de 1936 das organizacións xuveniles vinculadas á Falange.

organización de colonias de verán, a educación física nas escolas e a vixilancia e cumprimento das consignas do *Movimiento*. Ademais, todos os alumnos de primeira e segunda ensinanza de centros públicos ou privados tiñan a obrigación de pertencer a esta organización.

No 1945, coa promulgación da *Ley de Educación Primaria*, aparecen por primeira vez os Grupos Escolares, que tiñan unha organización máis complexa e estaban dotados con un maior número de unidades. Alén diso, xorden as *Escuelas Hogares* para os núcleos de escasa poboación.

Cámara Villar (1984) expón que os distintos niveis educativos foron delimitados individualmente, cada un deles con obxectivos propios, aínda que en todos os graos se procuraba, mediante a ideoloxización dos máis novos, contribuír para a permanencia e reprodución do réxime político. A instrución técnica carecía de importancia para o *Movimiento.* Isto reflíctese nos obxectivos xerais fixados pola *Ley de 1945*:

-Proporcionar unha cultura xeral obrigatoria e formar a vontade, a conciencia e o carácter do neno de acordo cos ideais do réxime.

-Infundir no espírito do alumno a lealdade e o servizo á Patria.

-Orientar profesionalmente para a vida do traballo agrícola, industrial e comercial.

Peralta Ortiz (2012) concreta que os niveis educativos establecidos pola *Ley de 1945* eran os seguintes:

Idade	Nivel educativo
1	**PERÍODO DE INICIACIÓN.** Escolas maternais
2	
3	
4	Escolas de párvulos
5	
6	**PERÍODO DE ENSINANZA ELEMENTAL.**
7	
8	
9	
10	**PERÍODO DE PERFECCIONAMENTO.**
11	
12	
13	**PERÍODO DE INICIACIÓN PROFESIONAL.**
14	
15	

Canto ás materias de ensinanza no nivel elemental, Peralta Ortiz (2012) establece que foron organizadas do seguinte xeito:

Instrumentais	Lectura interpretativa Expresión gráfica Cálculo	
Formativas	Formación relixiosa Formación do espírito nacional Formación intelectual	Lingua nacional Matemáticas
	Educación física	Ximnasia Deportes Xogos dirixidos
Complementarias	Iniciación nas ciencias da natureza Música, canto e debuxo Traballos manuais, prácticas de taller, labores femininas.	

1.3. As aulas no primeiro franquismo

Durante os anos nos que se centra o estudo, as aulas foron mostra dos intereses que rexían os actos do réxime, centrándose este en propagar as súas consignas a través do sistema educativo. Así pois, neste punto preténdese afondar nos aspectos e características que definiron a educación daquel tempo tendo en conta os variados temas que a continuación se expoñen.

1.3.1. A influencia relixiosa, o patriotismo e o tradicionalismo: o nacional-catolicismo nas aulas

Desde o alzamento de 1936, o totalitarismo político sería imposto en España polo bando nacional. Sostén Puelles Benítez (2010), que as características principais deste eran:

-Exaltación do Estado.

-Antiparlamentalismo e antiliberalismo.

-Exaltación da figura do Caudillo, na que converxen todos os poderes.

-Proclamación dunha verdade oficial do Estado.

-Configurar un patrimonio único a través do decreto de unificación de 1937.

-Configuración dunha elite política que constituirá a liña de mando.

-Control dos medios de comunicación de socialización (entre os que cabe destacar a escola.)

Cámara Villar (1984:43) recolle nas súas palabras a situación política do momento:

> Católicos, monárquicos y tradicionalistas acopiaron su fervoroso españolismo, su mística del imperio, y sus tesis de la Anti-España (comunismo – masonería – separatismo). Falangistas y fascistas aportan la idea del partido único, gerarquía, corporativismo fascista, democracia orgánica, caudillismo, sindicato vertical y tercerismo utópico (ni capitalismo, ni comunismo). Finalmente, los partidos y grupos católicos aportan los elementos religiosos, las tesis de la armonía social y el equilibrio de clases y su corporativismo católico en el que juega un papel decisivo la concepción de la familia.

Segundo este mesmo autor, os argumentos básicos desta unión ideolóxica eran:

-Fronte á dispersión do separatismo, unidade e totalidade.

-O Século de Ouro español como ideal a imitar: autoridade, aristocracismo, disciplina, violencia, deberes fronte a dereitos e valores relixiosos e militares.

-Nacional-catolicismo como identidade.

-Negación da liberdade, da igualdade, da democracia, dos dereitos do home, da revolución, da burguesía, do capitalismo e do liberalismo.

-Represión das ideoloxías contrarias ao seu ideario.

Pola súa parte, a Igrexa pretendía recuperar o poder perdido durante a II República, o que a levou a participar activamente na Guerra Civil apoiando ao bando vencedor e lexitimando moralmente o alzamento na declaración colectiva do episcopado español en 1937. O novo réxime devolveulle este favor derrogando a lexislación republicana antieclesiástica, proporcionándolle vantaxes económicas e restaurándolle o papel de institución reguladora dos valores, o que lle concedeu poder sobre a educación (Puelles Benítez, 2010).

Deste xeito, a educación promovida desde o bando nacional vitorioso comprendía tanto os valores que definían o seu ideario político como a relixiosidade e o catolicismo que impoñía a Igrexa na súa ostentación de poder sobre as escolas. A educación pasa a estar totalmente politizada e é entendida polo novo goberno como un asunto cuxa competencia corresponde a toda a sociedade, intervindo somentes o Estado como guía neste labor.

Canto ao poder da Igrexa sobre a escola, Gervilla Castillo (1990) establece que as repercusións educativas da adhesión do sistema eclesiástico ao alzamento nacional foron:

-Destrución de todo o creado durante o período republicano.

-Configuración dos contidos ideolóxicos do novo réxime en íntima colaboración coa Igrexa.

-Aplicación dos contidos máis integristas da fe católica como obxecto de estudo de catecismos e libros escolares.

-Inspección por parte da Igrexa de todos os centros e niveis.

-Adoutrinamento respecto da concepción do comunismo como inimigo acérrimo dos valores a seguir.

-Unha escola xerárquico-autoritaria na que o pluralismo é imposible. Non existe lugar para a creatividade.

Xa desde 1936 queda clara a nova orientación educativa imposta polo goberno de Franco e mostra disto son as Ordes Ministeriais do 21 de setembro e 9 de decembro deste ano, nas que se dispón a obrigatoriedade da ensinanza da doutrina cristiá e da historia sagrada e a recepción dos santos sacramentos para os nenos (Puelles Benítez, 2010).

No 1937, como explica Gervilla Castillo (1990), establécese a obriga de que en todas as escolas estea presente a imaxe dunha virxe (preferibelmente a da Inmaculada Concepción) e ordénase o exercicio do mes de María ante esta imaxe. Alén diso, mentres durase a guerra, os mestres debían facer todos os días unha invocación á virxe rogándolle polo feliz fin da contenda.

En anos seguintes, a circular do 5 de maio de 1938 que fai referencia ao currículo da ensinanza primaria mostra que, alén das horas semanais que son dedicadas á educación relixiosa na escola, os nenos deben ser educados nun ambiente cristián que os forme como cidadáns de ben. Sinálanse os seguintes medios para acadar este obxectivo:

-Obrigatoriedade de asistencia a misa co mestre.

-Lectura e explicación do evanxeo cada domingo.

-Aproveitamento das lecturas sobre calquera tema para extraer a ensinanzas morais e relixiosas.

-A educación social da Igrexa contida nas Encíclicas *Rerum Novarum* e *Quadragésimo Anno* (Peralta Ortiz, 2012).



Imaxe 5: Portada de El muchacho español de José María Salaverría.

López Bausela (2011:165) fálanos da importancia que se lle concede á relixión nos seguintes termos:

La metodología propuesta para alcanzar tan ambicioso objetivo abarca desde la lectura del Evangelio hasta la asistencia obligatoria de niños y maestro a misa en los días de precepto, recalando en las encíclicas Rerum Novarum y Cuadragésimo Anno, cuyo contenido ha de servir a los maestros para inculcar en los niños la idea del amor y confraternidad social hasta hacer desaparecer el ciego odio materialista, disolvente de toda civilización y cultura.

Tamén se fai referencia nesta circular á educación patriótica e resáltase nela a relevancia da ensinanza da historia como medio para cultivar o patriotismo. O coñecemento de todo o español debe ter como finalidade inculcar o amor a España e o mestre debe valerse de todos os medios posíbeis (cantos populares e patrióticos, biografías de persoeiros destacados, xornais, acontecementos do momento etc.) para lograr

sementar o nacionalismo español nas novas xeracións. Recoméndanse, así mesmo, aos mestres lecturas como *El muchacho español* de José María Salaverría e a organización de festas escolares que poñan de relevo algunhas figuras nacionais de referencia para o réxime como Calvo Sotelo ou José Antonio Primo de Rivera (Peralta Ortiz, 2012).



Imaxe 6: Sala de aulas nos anos do franquismo cos retratos de Franco e Primo de Rivera e o crucifixo.

Canto á educación cívica, a circular de 1938 comeza a concretar o que máis tarde virá a ser a educación política. O obxectivo principal desta é que o neno perciba que o sacrificio, a loita, a disciplina e a austeridade deben ser a guía dunha vida exemplar.

Establécese a obrigatoriedade de izar a bandeira nacional todos os días na escola mentres se canta o himno. Co fin de que a inspección puidese revisar se se levaban a cabo estas tarefas, as alumnos debían facer exercicios escritos e ilustrados nos seus cadernos de traballo.

Despois de izar as bandeiras, concretan Palacio e Ruiz (1993), explicábase a consigna semanal (que permanecía anotada na taboleiro durante toda a semana e servía para sintetizar as ensinanzas prácticas en relación coas leccións de formación político-social) e rezábanse as oracións matutinas. O Caudillo debía ter un retrato en todas as salas da escola e nos domingos e festivos a figura da bandeira luciría no balcón.

Ademais, tamén eran obrigatorias outras actividades como:

-Educación física: xogos, ximnasia e nocións premilitares todos os días durante media hora.

-Formación político-social: polo menos durante unha hora á semana.

-Elaboración de xornais murais e estudo de leccións conmemorativas e cantos: dúas horas á semana.

As palabras de López Bausela (2011:166) son ben esclarecedoras respecto do papel da ensinanza cívica na circular do 5 de maio de 1938:

> La educación cívica, por su parte, procurará que el niño perciba que la vida es milicia, o sea, sacrificio, disciplina, lucha y austeridad». Arriar e izar la bandera todos los día lectivos, entonar el himno nacional, la presencia de la enseña nacional ondeando en las escuelas domingos y festivos, el retrato del general Franco presidiendo las aulas junto al crucifijo y la elaboración diaria de un ejercicio escrito e ilustrado de un tema religioso, patriótico o cívico constituirán algunas de las actividades y manifestaciones externas más representativas del ámbito de una educación cívica que no olvida hacer una clara distinción de sexos, ordenando que en las escuelas de niñas brille la feminidad más rotunda, procurando las maestras, con labores y enseñanzas propias del hogar, dar carácter a sus escuelas, tendiendo a una contribución práctica a favor de nuestro glorioso ejército.

Como deducimos deste texto, a educación feminina era totalmente diferente da masculina e os obxectivos dunha e doutra diferían notabelmente. Sostén Gervilla Castillo (1990), que as escolas femininas cumprían unha función aínda máis ideolóxica que as masculinas, pois se encargaban de preparar ás nenas para a súa futura vida familiar (como nais e esposas), inculcándolles valores relixiosos, morais e patrióticos. A consecuencia



Imaxe 7: Cartel franquista contra os inimigos do réxime.

disto foi que a ideoloxía machista era implantada na actitude das alumnas que acababan dependendo totalmente do home e sendo excluídas de toda participación social.

Canto ao tema das múltiples identidades nacionais, o novo goberno tamén era tallante ao respecto. A defensa da unidade de España e do nacionalismo español como única posibilidade tamén se reflectía na escola de aquel tempo. Costa Rico (2004:1070) explícanos a situación nos seguintes termos:

> A proclamación do nacionalismo español fronte ao «separatismo»; o nacional identificado co católico, coa conseguinte sacralización xerárquico-autoritaria da vida social; e a visión corporativa da sociedade, trasladábanse á visión dunha escola «netamente española», illada do conxunto de influencias renovadoras sentidas anteriormente na educación.

Así pois, calquera manifestación cultural ou lingüística diferentes das españolas eran consideradas prexudiciais e ameazadoras para a unidade de España e, por conseguinte, foron eliminadas sistematicamente da vida oficial (inclusive a escolar) aínda que en moitos fogares se continuasen a empregar as distintas linguas propias dun xeito exclusivamente oral e privado.

O caso galego non era unha excepción. Na Galiza comezou unha forte represión contra a cultura propia, prohibindo nas escolas o emprego do galego e reducindo as manifestacións culturais só ao folclore máis inxenuo, no que os novos gobernantes non vían unha ameaza para a integridade do seu réxime. Esta situación de bloqueo intelectual e cultural derivou co decorrer do tempo nunha autoxenreira que centraba o seu desprezo no propio e xenuinamente galego. Costa Rico (2004: 1071) descríbenos este proceso:

> Entre tanto aos poucos íase instalando na conciencia dos galego-falantes, a inmensa maioría da poboación, o sentimento de dúbida ante o posíbel valor do galego, falado pero non escrito, falado pero sen norma culta, moi rico lexicamente para as referencias do mundo agro-mariñeiro, pero expresivamente pobre ante as novas referencias urbana se científicas. Un sentimento de dúbida, avivado por prexuízos e polo desprestixio social do galego, o que a miúdo chegaba a transformarse en complexo de inferioridade social e cultural.

Así pois, a escola daquel período constituía unha fonte de reprodución ideolóxica moi valiosa que o novo réxime centrou en expandir o ideario que o definía, o cal estaba formado por catro piares básicos que se deducen de todo o exposto até o momento: catolicismo, nacionalismo español, tradicionalismo e totalitarismo.

O verdadeiro obxectivo da escolarización, que debe ser a procura da aprendizaxe dos alumnos nos diferentes eidos do saber e a preparación destes para a vida, quedou relegado a un segundo plano perante os intereses políticos e a obsesión dos diferentes poderes dominantes (axuntados todos no que se veu denominar nacional-catolicismo) de controlar e homoxeneizar ás novas xeracións baixo os seus dogmas.

1.3.2. Os mestres: o proceso depurativo

Desde os primeiros meses de guerra comeza por parte do bando nacional o desmantelamento sistemático da obra educativa republicana. Este proceso centrouse en varios obxectivos como os libros de texto, o material didáctico ou as bibliotecas. Mais as verdadeiras vítimas desta causa foron os docentes e, incluso, os alumnos de maxisterio. O novo goberno vía neles un potencial inimigo, pois de non seren afíns ao réxime podían encargarse de espallar ideas revolucionarias que prendesen nas novas xeracións. Sostiñan que o sector docente estaba monopolizado por ideoloxías e institucións disolventes en aberta oposición ás tradicións nacionais que convíña erradicar para afastar dos nenos ideas da *Institución Libre de Enseñanza* que consideraban anárquicas e antipatrióticas.

Puelles Benítez (2010) define a depuración como un proceso que atinxiu a todo o profesorado, que á forza tiña que probar a súa hostilidade contra a República.Alén disto sufrían exames e cursos de orientación profesional para seren capaces de inculcar nos alumnos o espírito nacional.

A persecución dos mestres comeza coa Orde do 19 de agosto de 1936, na cal se establecían as normas de depuración. Nela dispoñíase que os alcaldes debían ser os encargados de manter informado ao *Rectorado* acerca das orientacións dos docentes do seu concello. De existir algunha manifestación sospeitosa por parte destes, os reitores debían encargarse de substituílos por interinos. Este procedemento debía ser feito o máis rapidamente posíbel para que as aulas puidesen retomarse o día 1 de setembro (Peralta Ortiz, 2012).

É de resaltar que o método elixido non foi en absoluto efectivo, pois algúns alcaldes informaban dunha forma subxectiva, acusando de esquerdistas a mestres que en realidade eran conservadores e encubrindo a outros que verdadeiramente tiñan tendencias de esquerda.

Canto ás sancións dos mestres, existían diferentes graos atendendo ao contido dos informes:

-Informes totalmente desfavorábeis: se se informaba de que o mestre tiña unha conduta amoral e antipatriótica, este era inmediatamente suspendido de emprego e salario e o seu nome facíase público a través do *BOE.*

-Informes dubidosos: o *Rectorado* debía interrogar aos veciños co fin de obter información esclarecedora. Se as respostas obtidas eran desfavorábeis, o castigo era o mesmo que o do anterior grupo exposto e se a dúbida persistía o reitor podía suspendelo de emprego e salario de un a tres meses ou de emprego e medio salario até seis.

-Informes favorábeis: os mestres quedaban ratificados no seu cargo.

Seguindo a Peralta Ortiz (2012), coa constitución da *Comisión de Cultura y Enseñanza* o 1 de outubro de 1936 a depuración afinouse e os motivos de sanción pasaron a ser máis concretos (como, por exemplo, ter pertencido ou simpatizado con algún dos partidos que formaban o *Frente Popular*).

As sancións impostas con anterioridade polos reitores consideráronse provisionais e foron revisadas polas comisións, que eran constituídas en cada provincia con este fin.As comisión estaban formadas por un director de instituto de segunda ensinanza, un inspector de primeira ensinanza, o presidente da *Asociación de Padres de Familia* e dúas persoas consideradas de máxima confianza e de moralidade incuestionábel.

Estas comisións víronse comprometidas nun arduo traballo, pois cada vez que unha nova zona quedaba anexionada ao territorio nacional todos os mestres desta eran suspendidos de emprego e salario até que fosen revisados os seus expedientes. Podían ser propostos dous tipos de sanción, ben o traslado para os que tivesen simpatizado con partidos nacionalistas ou a separación definitiva do cargo para os que tivesen militado ou

simpatizado coa *Frente Popular.* Tamén se consideraba razón de sanción a pasividade perante o conflito dos que podían terse posicionado e colaborado co bando nacional (Cámara Villar, 1984).

As comisións dependían así mesmo da *Oficina Técnico-Administrativa* (creada para acelerar o proceso), pola que pasaban todos os expedientes dos mestres do estado. Todas as decisións das comisións depuradoras eran revisadas pola *Oficina Técnico-Administrativa*, que en moitas ocasións tiña de chamar a atención a este organismos por excederse nas súas funcións e suspender a mestres de emprego e salario sen que fose ditado polo ministerio (Peralta Ortiz, 2012).

O 22 de xaneiro de 1938 sae unha Orde que contempla a posibilidade de que os mestres que tivesen perdido o dereito á súa praza por causas non graves puidesen recobralo. Isto é facilmente explicábel, pois a escaseza de mestres despois da grande purga fixo que o réxime tivese que moderar as súas medidas se quería cubrir as prazas vacantes.

Alén do proceso depurativo, o novo goberno tomou outras medidas para asegurarse de que os mestres do estado estivesen sobradamente formados para poder inculcar con efectividade o ideario nacional nos alumnos. Deste xeito organízanse cursos de formación para aqueles docentes que tiñan sido considerados idóneos. Segundo a Orde do 17 de xullo de 1937, estes cursos terían lugar en cada capital de provincia durante as vacacións estivais. Estarían organizados polos reitores, que seleccionarían a catro profesores para impartilos.

A asistencia a estes cursos non era obrigatoria, aínda que se consideraba un importante mérito profesional. Os temas centrais ao redor dos cales de organizaba o temario eran a relixión, a patria, o home e o mestre e o obxectivo principal, alén de preparar aos docentes, era propiciar unha educación contraria á levada a cabo pola *Institución Libre de Enseñanza* durante a República.

1.3.3. *A Inspección de Primera Enseñanza*

A depuración no ámbito educativo foi un proceso complexo que non só afectou aos mestres. Os inspectores de primeira ensinanza tamén se viron envoltos nesta purga sistemática e moitos deles foron afastados dos postos que viñan desempeñando até a guerra. Peralta Ortiz (2012) apunta que foron consecuencia disto a multitude de prazas vacantes que levaron ao novo goberno a nomear inspectores provisionais cuxo expediente estivese libre de toda sospeita.

A función destes novos inspectores tiña un dobre carácter que consistía en orientar aos mestres a cerca das dúbidas que puidesen xurdir e, sobre todo, en relación ás boas prácticas relixiosas e patrióticas e tamén en manter informado ao Ministerio, vixiando así que se cumprisen todas as obrigacións escolares e se seguisen as consignas do réxime.

Establecéronse unhas normas concretas para as funcións da inspección:

-Facer un mínimo de 100 días de visitas ao ano.

-Elaborar un roteiro de visitas de modo que todas as escolas fosen visitadas polo menos unha vez no curso.

-Exaltar o espírito patriótico e relixioso durante as visitas.

-Implantar o caderno de clase, que recollía o labor diario dos alumnos, e o caderno de rotación, no que se tomaba nota da significación das datas relixiosas, da biografía dos heroes da patria e da conmemoración das festividades relixiosas. Os mestre tamén debían escribir un caderno de preparación das leccións atendendo aos consellos do inspector

-Fomentar a práctica de traballos manuais como a carpintería, a arboricultura...

-Vixiar que se eduque correctamente á muller de cara ao seu futuro como ama de casa e fomentar na educación feminina os labores do fogar como a costura, a xardinería etc.

A reforma da inspección demorará varios anos en completarse. Aínda que no 1942 se constitúe a *Inspección General de Primera Enseñanza* non se acaban de concretar as súas atribucións e o seu funcionamento dentro do mecanismo da Administración. Deste xeito a provisionalidade e as deficiencias no funcionamento da inspección permanecerán até a *Ley de Educación Primaria de 1945.*

1.3.4. Os libros e o material escolar

Coa vitoria e chegada ao poder do bando nacional, foron retirados das escolas boa parte dos materiais pedagóxicos e dos libros empregados durante o período republicano. A exaltación do valor relixioso será condición indispensable para escapar da destrución e o *Boletín Oficial* servirá como instrumento determinador do uso ou prohibición de libros para a escola.



Imaxe 8: Portadas das enciclopedias Álvarez, usadas en moitas das escolas primarias no franquismo.

Como explica Peralta Ortiz (2012), a Orde do 4 de setembro de 1936 xa dispoñía que fosen retiradas das escolas todas as obras de matiz comunista. Os encargados de levar a cabo este labor eran os alcaldes, que contaban coa axuda dos inspectores de ensinanza, os cales eran responsábeis de que as obras empregadas nas escolas fosen as axeitadas seguindo as directrices establecidas polo goberno.

Palacio e Ruiz (1993) defenden que «desde los libros de texto hasta las pautas de conduta, todo, minuciósamente planificado, conducía a la infancia a una aceptación exaltada de los valores tradicionales, patrios y cristianos, que se ha venido a denominar Nacional-Catolicismo (p. 23).»

Así pois, as obras que se empregaban nas escolas foron escollidas segundo os intereses do réxime. Cámara Villar (1984) apunta a varios temas que eran comúns na maioría de libros e textos seleccionados para o seu uso pedagóxico:

-Nacionalismo exacerbado no que España é presentada como centro e modelo do mundo. Mistifícase a espiritualidade da patria española fronte á demonización das nacións que non axudaron ao réxime.

-Insistencia no valor da unidade de España.

-Establecemento da familia burguesa tradicional e patriarcal como base da sociedade.

-Transmisión dunha concepción xerárquica e autoritaria da realidade social.

-Identificación do nacional co católico.

Explica Gervilla Castillo (1990) que se procedeu tamén, seguindo estes ditados, á eliminación das bibliotecas ambulantes ou escolares que contivesen obras de matiz comunista ou socialista. Este foi un labor encomendado aos gobernadores civís, alcaldes e delegados gobernativos, que dirixiron desde os seus postos a queima de libros considerados inimigos do réxime. O 18 de agosto de 1938 foi publicado o listado de libros que quedaban prohibidos nas escolas.

Despois da eliminación e prohibición de multitude de obras, era necesario publicar libros novos, que foron encargados ao *Instituto de España* (aínda que finalmente foron as editoras comúns as que os elaboraron).

O ministro Pedro Sainz Rodríguez creou unha *Comisión Dictaminadora de libros escolares de Primera Enseñanza.* Todas as casas editoriais debían entregar dous exemplares que a comisión tiña de cualificar positivamente para a súa posterior publicación e utilización nas aulas. Esta comisión tiña en conta o contido moral, relixioso, patriótico, pedagóxico, literario, tipográfico e o prezo de venta á hora de establecer o seu ditame.

A Igrexa tamén interviña neste control, tendo a última palabra sobre a validez ou retirada dos exemplares que aludían a cuestións morais ou relixiosas. Considerábanse sospeitosos todos os libros publicados antes de 1936, os cales foron modificados en moitos casos, engadindo ou eliminando parágrafos de acordo coa ideoloxía oficial para o seu emprego.

Levouse a cabo pois, unha profunda ideoloxización dos textos escolares. Gervilla Castillo (1990), define este concepto como a transmisión do conxunto de ideas fundamentais que caracterizan o pensamento dunha persoa, colectividade, época, movemento cultural, relixioso ou político. Coa axuda dos libros pretendían transmitir aos seus destinatarios un contido acorde á concepción do home, do mundo e da sociedade que eles defendían.

A esta finalidade ideoloxizadora non escapaban nin as materias máis científicas, como podían ser as matemáticas ou a física, pois nos enunciados e exemplos empregados sempre se incluían referencias que aludían á relixión ou ao patriotismo, perseguindo así a inculcación ideolóxica dos alumnos. Nalgúns casos este contido era totalmente explícito e noutros estaba oculto detrás de toda a temática do libro.

Gervilla Castillo (1990:340), resume coas súas palabras as razóns que motivaron este profundo proceso depurativo dos libros e do material:

> La letra ejerce una poderosa influencia sobre el individuo y la sociedad. Y esto de un modo muy especial si se trata de libros de texto escolares, ya que la influencia de estos se concreta en el nivel primario de la educación, al que se incorpora, con carácter obligatorio, un sector amplio de la población, cuyos conocimientos y formación básica se consideran imprescindibles para la integración en la sociedad.

Alén da introdución da ideoloxía do nacional-catolicismo nos textos escolares, era de obrigado tratamento nas aulas o catecismo, texto fundamental para a formación relixiosa. Este foi asumido polo *Estado Nuevo* como unha tarefa compartida entre o mestre e o sacerdote, xa que, como ben se encargaban de recordar a Inspección de*Primera Enseñanza*, a base da educación debían ser as ensinanzas que a relixión transmite.

Os catecismos máis populares e de emprego máis común nesta época eran os escritos a finais do século XVI polos xesuítas Jerónimo de Ripalda e Gaspar Astete, que seguían unha estrutura de preguntas e respostas breves que facilitaban a súa memorización.

2. AS *ESCUELAS NACIONALES DE PRIMERA ENSEÑANZA* EN BETANZOS (1936-1951)

Este segundo capítulo céntrase no tema principal da investigación, que pretende dar a coñecer a situación das escolas primarias públicas na vila de Betanzos durante o período comprendido entre o comezo da guerra, no 1936, e a apertura ideolóxica do Ministerio de Primera Enseñanza co nomeamento do ministro Joaquín Ruiz Jiménez no 1951.

2.1. A situación de Betanzos nos anos de posguerra

Betanzos, situado na zona noroccidental da provincia da Coruña e sendo a cabeceira da súa comarca, contaba naquela altura e conta na actualidade cunha superficie de 24,19

km^2. A actividade económica maioritaria do concello por aquel entón era a agricultura e tiña no seu haber unha poboación que creceu desde os 8.910 habitantes do ano 1930 até os 10.827 do ano 1950.

A vila de Betanzos tiña sido, durante os anos correspondentes ao período republicano, un importante foco de actividade política e sindical. A presenza de organizacións de esquerda era altamente destacábel e conformaba, xunto coas cidades da Coruña e Ferrol, un eixo que supoñía para a Galiza daquel tempo unha das máis importantes iniciativas de renovación política.



Imaxe 9: Praza do Campo ou praza García Hermanos nos anos 40. Foto: Selgas, AMB.

Precisamente estas grandes manifestacións sindicais tiñan provocado a reacción da dereita, que se foi organizando rapidamente co obxectivo de botar abaixo o réxime vixente. No caso de Betanzos, o concello estivo gobernado nos últimos meses da República polos socialistas, que tiñan levado a cabo unha importante actividade modernizadora (Grandío Seoane, 1998).

Este mesmo autor, Grandío Seoane (1998:292), explica como se desenvolveu o*Alzamiento Militar* na Galiza:

> O golpe de estado en Galicia ten máis de movemento cuarteleiro que de enfrontamento da sociedade política civil. Nesta circunstancia foi determinante a actitude pasiva do goberno do Estado nos primeiros momentos, tras coñecerse a nova situación, á hora de mandar aos distintos gobernadores civís que entregasen armas para a defensa das súas respectivas provincias e cidades. Isto provocou en numerosos casos que a mobilización espontánea da sociedade de esquerdas en camións e outros vehículos desde localidades como Vigo, Lousame ou Noia co obxectivo de defender as cidades simbólicas do poder republicano, lles collera a contra pé. Cando estes chegaron xa se atopaban baixo o control dos militares sublevados.

Como se pode deducir destas palabras, Galiza non viviu un período de guerra propiamente dito, xa que aos poucos días todo o territorio galego estaba baixo o poder das forzas rebeldes. O caso de Betanzos non foi diferente:

> Na cidade de Betanzos, o dominio dos militares levouse adiante uns días despois da toma da cidade da Coruña, cun enfrontamento na ponte de acceso á capital brigantina, que se solventou a favor dos sublevados de xeito rápido. O control militar estableceuse de xeito inmediato a partir do 22 de xullo, momento no que chega a columna militar, que no día seguinte recorre os concellos limítrofes de Abegondo, Sada e Oleiros. O mando da praza brigantina queda en mans do tenente González (Grandío Seoane, 1998:293).

Máiz Vázquez (2002:311) resume o resultado da revolta apuntando que «o mesmo 20 de xullo comezou a represión. Quince días despois a única oposición aos sublevados estaba nas cadeas, no exilio ou nos montes.»

Grandío Seoane (1995) sostén que a causa de que a cidade fose tomada tan facilmente por parte do bando nacional se atopa na desunión existente entre os sectores da esquerda. Mentres que a dereita deixaba a un lado as pequenas diferenzas ideolóxicas e axuntaba forzas para garantirse a vitoria, a esquerda non era quen de saltar as fendas que os conducirían á perda do control.

Por outra parte, era ben importante para os rebeldes facerse co control de Betanzos debido á súa posición estratéxica, a medio camiño entre a *Capitanía General de La Coruña* e a Base Naval de Ferrol. De feito, a rápida perda desta dúas cidades a mans do exército, foi decisiva para que os sublevados acadasen o control da Galiza.

Durante as primeiras semanas o novo goberno, coa axuda da *Comisión Gestora* presidida polo Delegado Gubernativo Militar Ángel González Vázquez, dedicouse a levar a cabo a chamada «pacificación» da vila, que consistía en eliminar ou afastar ás persoas que eles consideraban inimigas, ben mediante o fusilamento ou ben co seu ingreso na prisión. Aínda así, o asañamento cos perdedores foi moito menor do que noutras zonas da Galiza.

Torres Regueiro (2006:274) fai referencia ao número de vítimas betanceiras da depuración:

> Pódese dicir que durante moitos anos, poucas persoas foron conscientes en Betanzos da magnitude total da traxedia. É dicir, que nada menos que 34 betanceiros foran vítimas directas (asasinados con subterfuxio «legal» ou sen el) da represión que se desatou a raíz da sublevación militar fascista do 18 de xullo de 1936.

Xa no mes de outubro dese mesmo ano, a *Comisión Gestora* aproba os presupostos para 1937. O apartado de *Obligaciones Generales* levábase a partida máis importante, mais cabe destacar que en segundo lugar, con 37.970'25 pts, se encontraba a *Instrucción Pública.* Vemos pois que desde un primeiro momento, a educación era unha das materias que máis interesaban ao novo goberno.

2.2. As *Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza* no Concello de Betanzos

Segundo recollen os abondosos documentos do Arquivo Municipal de Betanzos, existiu neste concello, xa desde o século XVI no que se fundou o *Colegio de Huérfanas*, unha preocupación salientábel pola educación que probabelmente non existía noutras vilas máis pequenas e cunha situación máis illada. Mostra disto é a consagración do aludido edificio á acollida e ensinanza básica de nenas orfas e sen recursos.

A ensinanza en Betanzos quedou reflectida, sobre todo a partires do s. XIX, en múltiples documentos que reforzan a afirmación de que neste concello sempre se tentaron cubrir as necesidades educativas da infancia (excepto en momentos conflitivos, como é o caso da posguerra). Xa entrando no período republicano a estatística escolar, sobre todo a referida ás escolas públicas, aparece detalladamente descrita e, alén diso, consérvanse os expedientes fundacionais de moitas destas escolas.

Así pois, sábese que no ano 1932 existían 15 escolas públicas (7 na vila e 8 nas aldeas) e 4 escolas privadas no concello[1]. A maioría destas foron creadas no período republicano a petición dos veciños das distintas parroquias, que eran conscientes da necesidade de escolarización dos seus pequenos (como así consta nas diferentes actas fundacionais).

[1] Estatística Escolar, 922 Estadística Escolar (1839-1954), Arquivo Municipal de Betanzos (A.M.B.), 1932.



Imaxe 10: Grupo escolar de nenos en Betanzos a finais dos anos 40. AMB.

Atendendo aos documentos referentes a estatística escolar de 1932, neste ano acudían a aulas 2150 alumnos:

Cadro 1: Alumnos das escolas públicas primarias no Concello de Betanzos no 1932 clasificados por idades.

Idades	Nº de Alumnos
0 - 6	704
6 - 8	415
8 – 10	385
10 -12	387
>12	259

Documentación do rexistro 922 Estadística escolar do Arquivo Municipal de Betanzos. Elaboración propia.

Existe tamén un documento do 18 de maio de 1934 que ofrece unha relación detallada de escolas que era preciso construír nos vindeiros anos. Dedúcese que estes planes quedaron totalmente paralizados polo estalido da guerra en 1936[2].

É destacábel que o número de escolas non aumentou durante os anos do franquismo nos que se centra este estudo. As únicas modificacións consistiron no desdobramento dalgunhas das escolas que tiñan sido mixtas, como é o caso da escola de Infesta que pasou a ter sección de nenos e de nenas. Ademais de non fundar novos colexios, moitos

[2] Relación detallada de escolas unitarias e graduadas de construción urxente, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 18-05-1934.

dos xa existentes pasaron por penosas dificultades derivadas da guerra, como se detallará en vindeiros apartados.

Os documentos relativos á estatística escolar na posguerra non son tan minuciosos como os que se cubrían durante a II República, pois neles non se fai referencia ao número de alumnos matriculados. Isto impide que se poida facer unha comparación da escolarización no concello entre un período e o outro, o cal sería moi interesante á hora de tirar conclusións relacionadas co alcance da educación entre a poboación.

No seguinte cadro especifícase o número de escolas públicas que existían no concello no ano 1936[3], as súas características, o lugar onde estaban situadas e a súa tipoloxía:

Cadro 2: Escolas primarias públicas do Concello de Betanzos no 1936

Nome	Localización	Sexo	Tipoloxía	Condicións (referidas polo mestre).
Piadela	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen vivenda para o mestre.Sen patio.Mobiliario e material escasos.
San Martín de Brabío (Barallobre).	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escasos.Retrete sen auga.
Infesta	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario
S. Pedro das Viñas	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material suficiente.Con servicios.
Juan Rozo	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escaso.Con servizos.Con habitación para o mestre.
S. Martín de Tiobre.	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escaso.Sen servizos.
Guiliade - Piadela	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Material insuficiente.Sen servizos.Con habitación para o mestre.
Tiobre	Rural	Mixta	Unitaria	Casa alugada a particular.Sen patio.Mobiliario e material escaso.Con servizos.Con habitación para o mestre.
S. Francisco nº1	Casco Urbano	Nenos	Unitaria	Local municipal.Con patio.Material insuficiente.Sen servizos.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº1	Casco Urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal.Con patio.Material insuficiente.Con servizos.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº2	Casco Urbano	Nenos	Unitaria	Local municipal.Sen patio.Sen servizos. Mobiliario e material suficiente.Sen vivenda para o mestre
S. Francisco nº2	Casco urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal.Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº3	Casco urbano	Nenos	Unitaria	Local municipal. Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Sen vivenda para o mestre.
S. Francisco nº3	Casco urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal. Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Sen vivenda para o mestre.
Huérfanas Nº1	Casco urbano	Nenas	Unitaria	Local municipal. Sen patio. Sen servizos. Mobiliario e material escaso.Habitación para o mestre.

Documentación do rexistro 922 Estadística escolar do Arquivo Municipal de Betanzos. Elaboración propia.



Imaxe 11: Nenos de diferentes idades nunha das escolas de Betanzos nos anos 40. AMB.

Como se pode deducir, aínda que o número de escolas públicas era bastante destacábel, as condicións hixiénicas e pedagóxicas non eran as máis idóneas para o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. A maioría das escolas se encontraban implantadas en edificios alugados polo concello a propietarios particulares, o que facía que estas edificacións non estivesen pensadas coa finalidade de acoller a ensinanza e carecesen dos elementos necesarios e desexábeis.

No arquivo de Betanzos gárdanse na actualidade moitos documentos que dan conta da precaria situación de moitos dos edificios que albergaban escolas. Abundan as cartas dos mestres ao concello queixándose da ruinosa e, nalgúns casos, perigosa situación destas construcións. Son especialmente anecdóticas a carta da mestra da escola da Piadela[4] ao alcalde, datada do ano 1949, na que reclama que lle arranxen coa maior rapidez posíbel o chan, cheo de buratos polos que collían incluso os rapaces, ou outra na que a mestra da mesma escola, desta vez no 1943, se queixa do mal estado das xanelas, carentes de cristais que os protexan do duro inverno. Mesmo nalgún caso chegaron a producirse incidentes graves e mostra disto é a carta da mestra de Tiobre[5] en 1946 reclamando unha indemnización polo accidente sufrido en horario de aulas, e consecuente intervención cirúrxica, a causa das malas condicións da casa na que estaba albergada a escola.

Alén diso, non existía no concello ningunha escola pública graduada. Durante a República planeábase dotar de grados ás escolas situadas en San Francisco, pero esta iniciativa quedou totalmente paralizada pola guerra. Esta situación non facía máis que

[3] Estatística escolar, 922 Estadística Escolar (1839-1954) (A.M.B.), 1936.
[4] Carta da mestra da Piadela ao alcalde, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 20-07-1943.
[5] Carta da mestra de Tiobre ao alcalde, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 6-12-1946.

complicar o proceso educativo, pois o mestre debía enfrontarse a clases nas que os nenos eran de variadas idades e niveis. De Gabriel Fernández (2006:178) resúmenos nas súas palabras os conflitos e dificultades propios dunha escola unitaria:

> El principal problema metodológico radicaba en como distribuír los esfuerzos del profesor entre el conjunto de alumnos, dando por supuesto que debido a la heterogeneidad del grupo no podía dirigirse a todos al mismo tiempo. Una primera solución consistió, simplemente, en prescindir, a efectos instructivos, del conjunto de la clase y centrar su atención en cada uno de sus componentes. El maestro se aproximaba a su mesa, asignando al resto, mientras tanto, la realización de determinadas tareas en sus puestos respectivos.

Como se pode supor, este método non daba grandes resultados, acentuando, previsibelmente, as diferenzas de nivel entre os distintos alumnos e retrasando o proceso de ensinanza-aprendizaxe ao ter o mestre que levar un seguimento individualizado de todos os alumnos en todo momento.

Por outra banda, a situación da ensinanza privada, en contraposición, era totalmente diferente, como ben se pode ler nos informes dos propios mestres que traballaban neste tipo de escolas. É ben salientábel o caso das escolas fundadas polos irmáns García Naveira[6]. Os documentos que fan referencia a elas deixan constancia da idoneidade das súas instalacións para a ensinanza. Estas escolas dispoñían de un patio propio de recreo, onde os estudantes podían desfrutar do ar libre; de servizos con auga corrente e de abundante mobiliario e material didáctico. Eran, ademais, escolas graduadas e eran as que máis estudantes aglutinaban no concello (475 alumnos segundo os datos estatísticos de 1932). Contaban con aulas para adultos e aulas especializadas de debuxo.

Así pois, aínda que, como xa se dixo con anterioridade, a educación era un dos temas preferentes para o réxime de Franco polo seu valor propagandístico, as precarias circunstancias económicas do país despois da guerra e nos anos inmediatos impedían que se puidesen realizar grandes avances na materia educativa, converténdose así a penosa situación dos colexios no reflexo da devastada e famenta sociedade.

2.2.1. O *Consejo Local de Primera Enseñanza* e a influenza do goberno de Franco na educación en Betanzos

A rápida vitoria dos nacionais en territorio galaico tería moitas consecuencias en todos os aspectos da vida social e política. Os cambios sucedéronse entrementres a obra da II República se esborrallaba dun xeito veloz baixo as consignas, prohibicións e ideas impostas polo novo réxime.

A cuestión educativa non sería unha excepción. Tan pronto como o acadaron o triunfo os rebeldes, en agosto de 1936, constitúese o *Consejo Local de Primera Enseñanza* en Betanzos. Como se pode ler na acta constitutiva, os membros convocados eran os seguintes:

> Convócase a D. Ricardo Garrido Vidal, como maestro nacional de la escuela de niños de Infesta, de más antigüedad en el escalafón; a D. Manuel Rivera Vázquez, cura párroco de Santa María de Azogue, de posesión más antigua en este pueblo, y a los padres de familia D. Francisco Javier Teijeiro Bugallo y Dª Araceli Corral Castro, para que concurran a esta

[6] Estatística Escolar, 922 Estadística escolar (1839-1954) (A.M.B.), 1932.

> Casa Consistorial a las 12h del día 2 del entrante mes de septiembre. Lo mandó y firma el sr . Delegado civil, del que yo secretario accidental certifico [7].

Como facilmente se deduce, os compoñentes do *Consejo Local de Primera Enseñanza* non eran elexidos ao chou nin moito menos democraticamente. Son ben significativas a presenza do cura, que se encargaría de velar porque os asuntos relixiosos e os cultos se cumprisen sen falla en todas as escolas, e a do mestre de máis antigüidade do concello, feito que garantía que non fora depurado e que, por tanto, fose con certeza afín ao réxime.

Os pais de familia elixidos para formar parte do *Consejo* tamén eran, sen dúbida algunha, persoas de confianza para o poder. Debían pertencer a unha familia de tradición católica e que tivese mostrado sobradamente a súa afiliación ao ideario franquista, como así estaba estipulado. Todos eles estaban presididos polo alcalde que, obviamente, formaba parte da nova organización política.

A primeira reunión do convocado *Consejo* tivo lugar, pois, o día 2 de setembro de 1936. Un dos primeiros temas a tratar foi o seguinte:

> La presidencia trajo al Consejo múltiples copias de la Orden de la Junta de Defensa Nacional, fecha 29 de agosto de 1936, cuya señala como ha de orientarse la enseñanza en todas las escuelas y se dispuso que dichas copias fueran enviadas por la secretaría a todos los señores maestros nacionales y privados de este término municipal [8].

A Orde en cuestión (véxase Anexo 1), deixaba ben claro que a ensinanza en todas as escolas tiña de orientarse seguindo os preceptos que a continuación se enumeran:

1. Responder ás convencións nacionais.
2. Os xogos obrigatorios debían estar orientados ao patriotismo.
3. Prohibíase toda manifestación oposta «a la patriótica actitud del Ejército y pueblo español, que siente España grande y única, desligadas de conceptos antiespañolistas que solo conducen a la barbarie[9].»

Vese claramente que o novo goberno estaba realmente preocupado por manter á poboación baixo control e por suprimir calquera vestixio dos ideais progresistas que durante a II República se tiñan espallado. A educación para o goberno de franco era, ante todo, unha potente ferramenta ideolóxica que podía contribuír a perpetuar ou destruír un réxime embrionario aínda por aquel entón.

Os aspectos puramente educativos, didácticos e pedagóxicos quedaban á marxe. Non era realmente importante que o neno aprendese a ser competente nas diferentes facetas da vida ou que adquirise a cultura precisa para desenvolverse. O primordial era o control da sociedade.

Outra das primeiras medidas levadas a cabo no tocante a educación, foi encher todas as escolas de símbolos da ideoloxía dominante e de retratos de diversos personaxes relevantes para o bando nacional elevados ao grao de heroes.

Na reunión do *Consejo* do 24 de febreiro de 1937, entre moitos outros asuntos, déixase constancia na acta de que en todas as escolas da vila se tiña levado a cabo a instalación do mastro para colocar a bandeira española: «También el Consejo hace constar que por la

---

[7] Expediente instruído para a constitución do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), agosto de 1936.

[8] Acta de Constitución do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), 2-09-1936.

[9] Circular Junta de Defensa Nacional dispoñendo orientacións escolares, 935 Oficios Diversos (1936-70) (A.M.B.), 29-08-1936.



Imaxe 12: Retrato escolar tomado nunha das escolas de Betanzos nos anos 50. Destacan os elementos relixiosos como a presenza dunha representación da virxe. AMB.

Delegación fueron dotadas las seis escuelas del casco de astas grandes provistas de soportes de hierro con sendas cuerdas para izar y arriar las banderas, siendo con cargo al presupuesto municipal los gastos ocasionados, como así colocarlos en los frontispicios[10].»

A finalidade destas instalación non era outra que os alumnos puidesen realizar todos os días de aulas o exercicio patriótico de izar e arriar a bandeira española entrementres entoaban o himno, como se explicou neste traballo no capítulo relativo ao nacional-catolicismo nas aulas, que era obriga en todos os colexios.

Continuando coa reunión do 24 de febreiro de 1937, nese mesmo día faise manifesto o poder da Igrexa sobre o tema educativo. O cura, pertencente ao *Consejo*, fai unha proposta que deixa ver claramente o interese do sistema eclesiástico en que a súa doutrina chegue a todos os nenos escolarizados, sen importar as crenzas e os ideais persoais de cada un:

> El vocal eclesiástico sr. Rivera, dirige un ruego a la presidencia en el sentido de que sean sancionados con el duplo de la multa los alumnos que faltasen a sus respectivas escuelas aquellos días en que les correspondiera dar las asignaturas de Historia Sagrada y el Catecismo de la Doctrina Cristiana, pues varios maestros le han manifestado que dichos días no asistían, existiendo al parecer una confabulación entre los padres y sus hijos, en vista de lo cual la presidencia dice que se oficiará al magisterio para que al remitirle los partes quincenales reglamentarios de asistencia del alumnado señalen los que hubieren dejado de concurrir los días en que les correspondieran aquellas disciplinas [11].

Así pois, as sancións impostas por faltar a clase, que se tiñan acordado nunha reunión anterior como posíbel remedio ao alto absentismo escolar no concello, serían dobradas en caso de os nenos faltaren nos días en que as materias eran de corte relixioso. Cabe destacar aquí a sobrevaloración deste tipo de materias, das cales se dá a entender que son de maior importancia que o resto.

Por outra banda, é destacábel a confabulación dos mestres cos curas en todo este proceso adoutrinador, xa que eles eran os que informaban destas faltas, apuntando ademais a que as familias non enviaban aos seus fillos a propósito. Era esta unha grave acusación, considerando os delicados momentos que a poboación atravesaba por aquel entón, que podía ter consecuencias funestas para as familias sinaladas.

Na reunión dese día aínda se tratou tamén o tema da xa anteriormente mencionada neste traballo *Fiesta del Árbol*, que se acordou celebrar no día seguinte, 25 de febreiro. Todos os colexios debían participar neste evento obrigatoriamente.

---

[10] Reunión do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), 24-02-1937.
[11] Ibidem.

Na seguinte xuntanza do *Consejo Local de Primera Enseñanza*, celebrada o día 24 de abril de 1937, trátase un tema derivado da celebración desta festa. A mestra de Piadela non tiña acudido e o *Consejo* disponse a comunicar as medidas dictadas polo *Rectorado* respecto deste asunto: «También se ha informado del oficio recibido cuyo tuvo entrada el día de hoy bajo el nº 122, por el cual el Rectorado dispuso se instruyera expediente gubernativo a Doña Mercedes Taboada Nóvoa, maestra de Piadela, por su inasistencia a la obligatoria Fiesta del Árbol [12].»

O goberno de Franco era ben estrito no referente ás obrigas, incluso as festividades eran obrigatorias. Os mestres e alumnos non tiñan ningunha liberdade para decidir se querían participar ou non, e os que non colaboraban de bo grado enfrontábanse a graves consecuencias.

En Marzo de 1937 chegaba a mans do *Consejo* outro asunto relacionado co impulso da relixión na ensinanza, esta vez destinado ao Reitor da Universidade de Santiago de Compostela:

> La Circular de la Comisión de Cultura y Enseñanza, del 1º del actual, encomienda a los Rectores la misión de resucitar la antigua costumbre que intensificaba durante el tiempo de Cuaresma, la enseñanza de la doctrina de los niños de las Escuelas. A este fin, el Rectorado acuerda: - Sin perjuicio de la enseñanza, en la Escuela, de la Religión e Historia Sagrada, durante el tiempo que falte hasta la terminación de la Cuaresma, los Sres. Maestros de pondrán de acuerdo con los Sres. Curas párrocos, con el fin de que aquellos, al frente de sus alumnos, asistan dos veces por semana a la iglesia a una conferencia de instrucción religiosa. Si no fuese posíble ó conveniente que esta tuviese lugar a hora distinta de la jornada escolar podrá autorizarse la reducción de esta en una hora como máximun [13].

Esta carta é outra mostra da importancia que se lle concedía á relixión fronte ás outras materias. A *Comisión de Cultura y Enseñanza* establecía que se perdesen horas lectivas con tal de que os nenos acudisen á igrexa, menosprezando as múltiples áreas do saber e favorecendo os intereses eclesiásticos que eran tamén, en boa medida, os do goberno.

Xa en xaneiro de 1943 ten lugar outro feito que ven a destacar o poder da outra vertente que integraba o goberno, a *Falange Española Tradicionalista y de las J.O.N.S.* Entre os papeis que se conservan referentes aos asuntos do *Consejo Local de Primera Enseñanza*, destacan os relacionados co incautamento do edificio que acollía a escola de Tiobre por parte da *Falange.* Este fora alugado ao concello ante a falta de un lugar axeitado no que levar a cabo as aulas na aldea, pola *Sociedad de Obreros Federados* e pola *Sociedad de Agricultores de Tiobre*, que tiñan a súa sede neste local.

Ao consideraren desde a *Falange* este edificio como un ben marxista pola súa pertenza a organizacións sindicais vinculadas coa esquerda, podían proceder a apoderarse del amparados polas novas leis:

> Diose cuenta de una comunicación suscrita por el Delegado Comarcal Sindical de Falange en que se interesa se libre a su favor la renta que venía satisfaciendo el Ayuntº por el alquiler de la casa donde está instalada la escuela de S. Martín de Tiobre, de acuerdo con lo dispuesto en la Ley de 29 de Sepbre. De 1939, que ordena que los edificios de bienes marxistas pasen a disposición de las Organizaciones Sindicales [14].

---

[12] Reunión do Consejo Local de Primera Enseñanza, 3278 Actas (A.M.B.), 24-04-1937.

[13] Carta da Inspección de Primera Enseñanza ao Reitor da USC, 935 Oficios Diversos (1936-70) (A.M.B.), 9-03-1937.

[14] Carta da Falange ao concello reclamando o aluguer da escola de Tiobre, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 15-01-1943.

Alén de apropiarse do edificio, pretendían tirar partido económico da situación cobrando o aluguer ao concello por teren alí instalada unha escola pública.

Como se deduce atendendo a todo o exposto até o de agora en referencia ao *Consejo Local de Primera Enseñanza*, en Betanzos a situación da ensinanza mudou coa implantación do franquismo, converténdose así nunha ferramenta da que os principais poderes, a Igrexa e a *Falange*, tentaban apropiarse co fin de obter beneficios tanto económicos como, sobre todo neste caso, de control e alienación da poboación.

2.3. As *Escuelas Nacionales de Primera Enseñanza* na vila de Betanzos

Unha vez feito este repaso pola situación administrativa e organizativa da ensinanza no concello de Betanzos, centrarase este apartado só nas escolas públicas de Primeira Ensinanza situadas no casco urbano. Estas escolas instaladas no centro da cidade eran, por número de alumnos, as de maior importancia da contorna e nelas, a diferenza do que no resto, os alumnos estaban divididos por sexos. Constitúen, pois, unha mostra ben significativa da educación daquel tempo cuxa análise aportará luz á comprensión e estudo deste período histórico tan relevante.



Imaxe 13: O Colegio de Huérfanas na actualidade. Foto: Sara Rodríguez.

2.3.1. O *Colegio de Huérfanas*

O *Colegio de Huérfanas* nace o 24 de novembro de 1629 da unión de dúas fundacións. A primeira delas tiña sido unha iniciativa de Juana Díaz de Lemos e encargábase de establecer dotes para doncelas orfas. O capital desta estaba formado por dúas láminas de 32.000 e 4.500 ptas.[15]

A outra fundación estaba encabezada por Úrsula Menéndez de Tejada e o seu cometido era recoller a nenas orfas nun edificio construído con esta finalidade. O obxectivo era instruír ás nenas en diferentes materias que lles puidesen axudar a gañarse a vida. Menciónase nun documento referente a esta fundación que as nenas aprendían a coser para, polo menos, teren roupa propia coa que vestírense dignamente.

O colexio foi construído nunha esquina da praza coñecida actualmente como Irmáns Gracía Naveira, formando actualmente un emprazamento histórico singular xunto con outros edificios destacábeis da arquitectura betanceira como pode ser o Liceo ou EdificioArquivo.

No século XIX a escola atravesou serios problemas. Existe un documento do 18 de agosto de 1820 que explica que nesa altura o colexio estaba totalmente en ruínas por causa da ocupación das tropas francesas. Durante a guerra da Independencia, alén da parcial destrución do edificio, o Estado incautou e vendeu a maioría do capital da fundación, deixando o colexio nunha situación complicada.

Xa a principios do S.XX o concello faise cargo do local, que se restaura e converte en escola pública unitaria de nenas, e paga por este servizo un aluguer á Fundación do

[15] Explicación de la unión de las Fundaciones para formar el Colegio de Huérfanas, 920 Colegio de Huérfanas (A.M.B.).

Colegio de Huérfanas. Realízase, nesta altura, outra importante modificación no edificio co fin de instalar unha biblioteca.

Durante os anos que ocupan este estudo, o *Colegio de Huérfanas* era unha *Escuela Nacional de Primera Enseñanza* para nenas. Acollía nas súas instalacións a redor de 50 alumnas de variadas idades. Son frecuentes as queixas das diferentes mestras durante este período a respecto da escaseza de material e mobiliario e da pobreza do cuarto que estaba destinado á docente. Consérvase, así mesmo, rexistrado un pleno no Concello en 1941[16] no que se discute acerca das queixas da mestra desta escola, que demandaba obras urxentes para dotar de servicios o edificio e se lamentaba do constante cheiro provinte das cortes que se encontraban emprazadas na planta baixa. Resolveuse solucionar a situación e, grazas ás reclamacións da mestra, nese mesmo ano foron instalados os servizos na escola, mellorando notabelmente a situación hixiénica que era bastante precaria ao acoller animais na planta baixa.

Alén disto, cabe destacar que, aínda que o edificio fora deseñado xa de inicio para acoller no seu seo unha institución educativa, non contaba cos elementos indispensábeis para un local deste tipo. Aínda que si estaba equipada con cuarto para a mestra, a diferenza da maioría das escolas do concello; non estaba dotada con patio para que as alumnas puidesen desfrutar de momentos ao ar libre.

Así pois, o *Colegio de Huérfanas*, o edificio educativo con máis historia e tradición de Betanzos, sufría nos anos da posguerra as mesmas carencias que o resto das escolas nacionais. A catastrófica situación económica e social repercutía negativamente nos colexios, que debían sobrevivir día a día con escasísimo material e ruinosas instalacións.

Na actualidade foi restaurado e da construción orixinal só se conserva a fachada e o balcón frontal. Fai as veces de biblioteca e centro sociocultural. Como curiosidade cabe dicir que este edificio ten unha réplica exacta no *Pueblo Español* de Barcelona en representación da vila de Betanzos.

2.3.2. As escolas San Francisco nº1 ou escolas Jesús García Naveira

As escolas Jesús García Naveira, tamén coñecidas como San Francisco Nº1 polo seu emprazamento, foron construídas grazas a unha doazón de 50.000 pts que Jesús García Naveira deixou ao Concello de Betanzos coa condición de que servisen para construír unha escola nun dos terreos municipais. O promotor destas escolas morreu atropelado no 1912 en Bos Aires, mais o proxecto seguiu adiante e Rafael González Villar foi o arquitecto encargado de deseñar o edificio, de estilo modernista e cunha superficie de 1536 m^2.



Imaxe 14: As escolas San Francisco Nº1 ou escolas Jesús García Naveira en 1917. AMB.

O día 17 de agosto de 1917 púxose a primeira pedra e comezouse a obra, rematada no mesmo ano.

[16] Acta do Pleno no concello no que se discute o problema do estado do Colegio de Huérfanas, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 17-05-1941.

As escolas Jesús García Naveira acollían no seu interior dúas salas de aulas independentes mais situadas dentro do mesmo edificio, unha de nenos e outra de nenas, ambas as dúas unitarias.

Segundo os documentos que se conservan no Arquivo Municipal de Betanzos[17], a comezos dos anos 30 a clase de nenas tiña 62 alumnas e a de nenos 48. Impartían, ademais, nesta época, clases a 32 adultos.

Xa nesa altura os mestres que cubrían os documentos de estatística escolar se queixaban de que, aínda que o estado do edificio era bo e gozaban de dous patios, o material e o mobiliario eran insuficientes. Esta circunstancia dificultaba aínda máis o labor dos docentes, xa de por si complicado ao terse que enfrontar a unha clase unitaria[18].

Non contaban, ademais, nin con vivenda para os mestres, co cal estes moraban noutra casa de aluguer que lles pagaba o concello e debían desprazarse todos os días até o seu lugar de traballo, nin con servizos, nin con auga potable. Até o 1938 non se levaría a cabo a instalación, como así o mostran varios documentos que detallan o presuposto da obra necesaria[19].

Posteriormente, coa chegada ao poder do bando nacional na Galiza, producíronse nas escolas Nº1 varios ceses de mestres que, se ben non están demasiado claros nos documentos que se conservan, poderían estar relacionados co proceso depurativo do persoal docente. En agosto de 1936, poucos días despois do alzamento, ten lugar o cese provisional e suspensión de emprego e salario do mestre da escola de nenos[20]. Os interinos vanse sucedendo a partir de entón neste posto e só se aclara que o mestre propietario continúa afastado da escola até que nos 1942 toma posesión do cargo un novo mestre propietario[21].

Na escola de nenas tamén hai algún caso que podería estar relacionado coa depuración. Consérvase un documento do 2 de xullo de 1938 que dá conta do cese da mestra propietaria. Nesta dilixencia só se especifica que «... participando por orden de la *Jefatura del Servicio Nacional de Primera Enseñanza*, fecha del 15 citado, había sido declarada en situación de jubilación forzosa, debiendo cesar, en consecuencia, en el servicio activo de la enseñanza[22]...»

A man do novo goberno deixouse sentir tamén noutros asuntos que atinxían ás escolas. No 1937, nun intento de agradar ás autoridades e de mostrar o seu patriotismo e respecto polas figuras que o goberno glorificaba, tenta mudarse o nome desta escola e das Nº2 e Nº3. Aínda se conserva o expediente[23] instruído atendendo a unha moción da Alcaldía na que se acorda trocar os seus nomes orixinais por Mola Vidal, Calvo Sotelo e José Antonio Primo de Rivera, denominación que se acorda lle corresponda ás escolas Nº1.

Este feito dá lugar a un suceso anecdótico que non fai máis que mostrar novamente a precariedade das escolas daquel tempo. Os alumnos e alumnas das escolas Nº1, coñecedores da nova denominación, deciden xuntar cartos para mercar dous retratos de

---

[17] Estatística escolar, 922 Estadística escolar (A.M.B.), 1932.

[18] *Ibidem.*

[19] Presuposto do concello para instalar auga potable en San Francisco Nº1, 2999 Enseñanza Primeira expediente y documentales (A.M.B.), 3-08-1938.

[20] Diligencia de cese provisional maestro escuela de niños Nº1, 3278 Actas (A.M.B.), agosto de 1936.

[21] Toma de posesión del maestro provisional propietario de la escuela de niños Nº1, 3278 Actas (A.M.B.), 1942.

[22] Diligencia de la cesación de Dª. Eugenia Soto Menlle del destino de maestra de la escuela nacional de niñas Nº1, 3278 Actas (A.M.B.), 2-7-1938.

[23] Expediente instruído en virtud de una moción de la Alcaldía-Presidencia a fin de acordar dar el nombre a varias escuelas de esta ciudad de los sres. Mola Vidal, Primo de Rivera y Calvo Sotelo, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 07-1937.



Imaxe 15: Grupo de alumnos e mestre das escolas Nº1 no curso 56/57. AMB.

Primo de Rivera (costa crer que esta iniciativa partise dos rapaces e non fose suxerida polos mestres) e, como non conseguen o diñeiro suficiente, escriben dúas cartas ao concello para pedirlles que lles merquen os retratos (véxase Anexo 2). As palabras dos alumnos son ben significativas:

> No se nos olvidó recurrir a nuestra querida Profesora, pero reconociendo los cientos de pesetas que tuvo que adelantar en libros para poder estudiar no nos atrevemos a molestarla, pues no dudamos que si tuviese dinero ya lo tendríamos, como nos hizo con la Virgen y la fotografía del Generalísimo Franco que no regateó y los tenemos presidiendo la escuela [24].

Como se pode ler, os mestres tiñan que adiantar o diñeiro para poder comprar os libros necesarios e gastar os seus propios cartos en conseguir os retratos para a clase, até este punto chegaba a indiferenza das autoridades polas escolas públicas.

Finalmente, a resolución acordada no pleno do 17 de febreiro de 1938[25] e atendendo ao sentido común, foi non mudar o nome das escolas San Francisco Nº1 porque tiñan sido doadas por Jesús García Naveira e aparentaba unha falta de respecto tirar o nome deste para pór o de Primo de Rivera.

---

[24] Cartas dos alumnos escola Nº1 ao alcalde pedindo cartos para un retrato de J.A. Primo de Rivera, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), outubro de 1937.

[25] Resolución referente á nova denominación das escolas Nº1, 2999 Enseñanza primera expediente y documentales (A.M.B.), 17-02-1938.



Imaxe 16: As escolas Jesús García Naveira na actualidade. Foto: Sara Rodríguez.

Por outra parte, semella que no concello de Betanzos estaban máis interesados neste tipo de exaltacións patrióticas que no verdadeiro beneficio e progreso da ensinanza. Proba disto é unha carta do *Gobernador Civil de La Coruña* dirixida ao Alcalde de Betanzos[26], datada do 22 de setembro de 1942, na que ameaza con clausurar as escolas Nº1, Nº2 e Nº3 (amén de algunha outra das que se atopaban nas aldeas) se non se levaban a cabo rapidamente obras de rehabilitación nos edificios, que comezaban a representar un risco para a saúde dos alumnos e dos mestres debido ao seu mal estado de conservación. No caso das escolas Nº1, a ocupación no 1939 durante uns meses dos edificios por militares da Compañía 9ª do Grupo de Zapadores[27] só contribuíu a deteriorar aínda máis a construción.

Vese, pois, que os anos que comprende este estudo foron difíciles para esta escola e para os seus mestres, que tiveron que lidar con clases unitarias, posíbel depuración docente, precariedade, falta de material, mal estado da edificación e variadas consecuencias da guerra e do cambio ideolóxico.

Actualmente, o edificio proxectado por Jesús García Naveira continúa a cumprir coa función para a que o seu promotor o concebiu: a educación. Hoxe en día foi restaurado e recebe o nome de Gardaría Municipal Jesús García Naveira.

2.3.3. As escolas Nº2 da praza García Hermanos



Imaxe 17: A praza García Hermanos nos anos 40. AMB.

As escolas San Francisco Nº2 estaban situadas na praza García Hermanos, no centro da vila de Betanzos. O edificio que as acollía, o Liceo ou Edificio Arquivo (nomeado así porque estaba destinado a ser Arquivo do Reino de Galicia aínda que nunca chegou a cumprir esta función), data do século XXVIII e é unhas das máis ilustres construcións da vila.

As escolas Nº2 comprendían dúas salas de aulas neste edificio, unha de nenas e outra de nenos, as dúas unitarias. Segundo os documentos que o mestre cubriu para estatística oficial[28], en 1932 a construción se atopaba en bo estado e contaban con suficiente material e mobiliario, aínda que non estaba equipado con servizos nin auga corrente. Tampouco tiña patios nin

[26] Carta do Gobernador Civil ao alcalde ameazando con clausurar varias escolas, 2999 Enseñanza primera expediente y documentales (A.M.B.), 22-09-1942.
[27] Telegrama dando conta da ocupación das escolas Nº1, 935 Oficios diversos (A.M.B.), 12-07-1939.
[28] Estatística Oficial, 922 Estadística escolar (1839-1954) (A.M.B.). 1932.

habitación para os docentes, que vivían nunha casa de aluguer pagada polo concello, tal e como estipulaba a lei que se procedería cos mestres das escolas nas que non houbese vivenda.

Xa en agosto de 1936, no comezo da guerra civil, césase á mestra propietaria da praza da escola de nenas que é substituída o día 28 do mesmo mes, como figura na acta de toma de posesión da nova mestra[29] que se conserva no Arquivo Municipal de Betanzos. Ao igual que acontece coa maioría das actas relacionadas con ceses e tomas de posesión dos mestres, non se explica a razón deste procedemento, se ben podería estar relacionado co proceso depurativo levado a cabo polo bando nacional.

No 1937 as escolas San Francisco Nº2 vense envoltas no proceso de enxalzamento dos heroes nacionais mediante o nomeamento de varias escolas públicas cos nomes destes. Ao igual que as escolas Nº1 e Nº3, o nome das escolas Nº2 foi substituído[30], neste caso polo de General Mola, en homenaxe a Emilio Mola, que tiña sido un dos directores da sublevación militar de 1936 e que viría a morrer en xuño dese mesmo ano nun accidente de aviación.

Aínda que a proposta seguiu adiante e estas escolas adoptaron oficialmente a denominación General Mola, parece ser que o novo nome non tivo moita aceptación na sociedade betanceira, xa que en todos os documentos continuaron referíndose a elas co nome habitual de escolas praza García Hermanos Nº2.

Nese mesmo ano, nestas escolas había un grave problema de sobrecargo de alumnos, ao que o profesor se refire nunha carta dirixida á inspectora profesional:

> Limitación en la matrícula, ya que ha llegado a un número excesivo por la persistencia de los padres de los niños, interese de quien corresponde la creación de nuevas escuelas nacionales o municipales, se autorice la división en dos sesiones de los niños asistiendo unos por la mañana y otros por la tarde, se proceda a la redistribución de la población escolar entre todas las escuelas del distrito en otra fórmula que permita atender a tan creciente población escolar [31].

A partires do ano 1937 non se conservan máis documentos que fagan referencia a estas escolas, só existe unha lista do 1946 na que aínda figura en activo. No seguinte listado das escolas do concello, do 1952[32], as escolas Nº2 xa non aparecen. Non se conserva ningún documento que deixase constancia dos motivos do seu peche ou dun posíbel traslado.

2.3.4. As escolas San Francisco Nº3

As escolas San Francisco Nº3 estaban situadas fronte ás escolas Jesús García Naveira, moi perto do convento de San Francisco. O edificio no que foran instaladas, cunha superficie de 427m2, pertencía ao concello e contaba con vivendas para os mestres, ademais de estar equipado con servizos xa no ano 1932. Os documentos de estatística que se conservan deste mesmo ano[33] reflicten que os mestres estaban conformes co material e o mobiliario co que contaban e sinalaban que o estado do edificio era bon. Acollían por aquel entón a 40 alumnas e 38 alumnos, en clases separadas. Tamén impartían aulas a 17 adultos.

---

[29] Acta de posesión de Dª María de la Concepción Arenas Aller como mestra da escola Nº2 de nenas, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 28-08-1936.

[30] Sesión no concello para acordar os novos nomes das escolas, 2999 Enseñanza primera expediente y documentales (A.M.B.), 2-08-1937.

[31] Comunicación de D. Antonio Castro Maseda, mestre das escolas Nº2, á inspectora profesional, 2999 Enseñanza primera expediente y documentales (A.M.B.), 1937.

[32] Listado de escolas do Concello de Betanzos, 935 Oficios Diversos (A.M.B.), 1952.

[33] Estatística escolar, Estadística escolar (1839-1954) (A.M.B.), 1932.



Imaxe 18: Rúa de San Francisco na actualidade en: http://www.rottodigital.com/vistas_betanzos.html

No ano 1937, igual que as escolas Nº1 e Nº2, o concello mudou de nome ás escolas Nº3 San Francisco e pasou a denominalas Calvo Sotelo[34], en homenaxe a José Calvo Sotelo, un dos impulsores do golpe de estado que tiña sido morto o 13 de xullo de 1936 a mans de militantes socialistas e que os novos gobernantes transformaron nun dos mártires do *Movimiento Nacional.*

O cambio de nome foi aprobado mais nunca se usou en ningún documento para referirse a estas escolas, ás que os betanceiros seguían chamando pola súa denominación habitual.

O paso dos anos e a pouca atención e diñeiro que lle dedicaba o concello ás escolas públicas, levaron ás escolas Nº3 a un estado de deterioro alarmante. A situación agrávase ao ser ocupada a clase dos nenos polas forzas de enxeñeiros do Exército en xullo de 1939.

A primeira carta dos mestres á *Junta Municipal de Primera Enseñanza* que se conserva data do 9 de outubro de 1939 e marcaría o comezo dunha longa pelexa por conseguiren recuperar a normalidade nas escolas Nº3 e por lograr que se levasen a cabo as imprescindíbeis obras. Nesta misiva os mestres relataban así a penosa situación:

> Una vez más, tenemos que recurrir a V.S. a fin de que el Exmo. Ayuntamiento de su digna presidencia disponga cuanto antes, que de hecho, se realicen las insdispensables obras de seguridad y reparación en las escuelas y en ambas casas destinadas a vivienda de los consortes que suscriben. Ya que por ahora continúa la sala de la Escuela de Niños ocupada por fuerzas del Ejército, se omite lo que allí sea más preciso hasta que esté libre [35].

A contestación que reciben é que o asunto pasará a mans da *Comisión de Obras* para que desde alí propoñan os cambios que deben realizarse. Porén, o tempo pasa e o conflito non se resolve. Os mestres, desesperados, volven insistir en que a vivenda está inhabitábel e en que non se poden dar aulas aos nenos por continuaren alí instaladas as forzas do Exército. Pola súa parte, a *Inspección Provincial de Primera Enseñanza de La Coruña* tamén presiona ao concello para que se atope unha solución. A carta do Inspector da zona de Betanzos, do 16 de xullo de 1940, ao alcalde, deixaba ben claro que se debía proceder con urxencia:

[34] Expediente instruído en virtud de una moción de la Alcaldía-Presidencia a fin de acordar dar el nombre a varias escuelas de esta ciudad de los sres. Mola Vidal, Primo de Rivera y Calvo Sotelo, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 07-1937

[35] Carta dos mestres consortes de S.Francisco Nº3 ao concello pedindo que se realicen reformas na escola, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 9-10-1939.

> Se ruega a V. S. que tenga a bien, con la máxima urgencia, de ordenar se efectúen las reparaciones demandadas por dichos maestros e esa alcaldía, o de lo contrario se les indemnice por tal concepto de casa habitación conforme a los dispuesto en el artículo 15 del Real Decreto de 1923 18 de mayo, en pleno vigor[36].



Imaxe 19: As antigas escolas San Francisco Nº2 na actualidade. Foto: Sara Rodríguez.

O prazo establecido polo inspector para finalizar as obras terminaba o 1 de setembro dese mesmo ano, xusto cando se retomaban as aulas despois do verán, mais semella que desde o concello non estaban polo labor de inverter diñeiro no asunto e a día 17 de maio de 1941 as cousas seguían igual. A *Corporación Municipal* acorda entón que a *Comisión de Obras* e un aparellador informen dos arranxos necesarios. O informe do aparellador, do día 27 de xuño de 1941, deixa ben claro que a remodelación é absolutamente necesaria, non podendo continuar as aulas debido ao alto grado de degradación do edificio:

> El edificio destinado a grupo escolas Nº3 de niños y niñas, es francamente su estado, semiruinoso y las reparaciones a efectuar serían costosísimas y nunca quedaría el edificio en condiciones a los usos a los que está destinado. Son desde luego indispensables un retejo general, reparación de los retretes que están mal instalados y no desaguan, pinturas y arreglo de cocina, amén de reparaciones en ventanas, pisos, etc, etc[37].

Perante estas evidencias da necesidade dunha solución urxente e atendendo á falta de presuposto, a *Junta Provincial de Primera Enseñanza de La Coruña* toma a decisión máis económica é fácil para despachar rapidamente este molesto conflito: clausurar a escola da mestra, indemnizar aos mestres e trasladar as escolas á Nº1, situada en fronte[38].

Así pois, os nenos das escolas Nº3 pasaron a recibir aulas xunto cos das escolas Nº1, onde eran atendidos por dous mestres e dúas mestras. Algunhas pezas do mobiliario, as que collían, tamén foron levadas ás escolas Nº1. O resto do mobiliario foi recollido polos soldados, que o levaron ao cuartel, e aínda se conserva unha carta dos mestres pedindo que non se danase, pois aínda estaba servíbel para ser empregado.

A última carta referente a este tema[39] data do 12 de xaneiro de 1945 e vai dirixida desde a *Inspección de Primera Enseñanza de La Coruña* ao alcalde de Betanzos comunicándolle que o mestre das escolas Nº3 pode volver ao seu edificio. Pódese consultar detalladamente todo o proceso relativo ás reivindicacións dos mestres no Anexo 3.

---

[36] Carta do Inspector Provincial de Primeira Ensinanza na Coruña ao alcalde pedíndolle que proceda a reparar as escolas Nº3, 2999 Enseñanza Primera expediente y documentales (A.M.B.), 16-07-1940.
[37] Informe do aparellador respecto do estado das escolas Nº3, 2999 Enseñanza primeira expediente y documentales (A.M.B.), 27-06-1941.
[38] Carta dos mestres ao alcalde explicando a resolución da Junta Provincial de Primera Enseñanza de La Coruña, 2999 Enseñanza primera expediente y documentales (A.M.B.), 22-01-1942.
[39] Carta do Inspector Profesional de Primera Enseñanza de La Coruña ao alcalde comunicándolle que o mestre da escola Nº3 de nenos pode volver ao seu local, 3278 Actas (A.M.B.), 12-01-1945.

Como se desprende desta longa loita dos mestres coas autoridades municipais por reclamaren os seus dereitos e teren acceso a unhas instalacións dignas, os anos da posguerra non foron nada fáciles nas escolas Nº3 de Betanzos, afectando, ademais, o problema, ás escolas Nº1, que tiveron que acoller nas súas precarias salas de aulas a outras dúas clases de nenos. Pódese supor facilmente cal sería o nivel de superpoboación e o difícil que sería aprender e ensinar nestas condicións.

Actualmente o edificio que acollía ás escolas San Francisco Nº3 continúa pertencendo ao concello e desenvolve a función de Conservatorio Municipal.

CONCLUSIÓNS

O problema que se presentaba como tema central do presente traballo, coñecer a realidade das escolas públicas primarias da vila de Betanzos durante o primeiro franquismo, é dunha natureza complexa por tratarse dun tema histórico que fai referencia a unha época tan convulsa. As difíciles condicións da guerra e da posguerra tiveron como consecuencia a indocumentación de moitos dos feitos importantes que tiñan lugar, ou a perda desta información no decorrer das incidencias propias dunha época tan conflitiva.

Os documentos que se conservan son escasos, comparados con outras épocas como, por exemplo, a II República e, alén diso, inconexos. A reconstrución da vida escolar daqueles anos e da historia dos edificios que albergaban os colexios foi posíbel só mediante un minucioso estudo dos diferentes rexistros relacionados coa educación que existen no Arquivo Municipal de Betanzos (que leva feito un labor digno de eloxio ao conservar, recompilar e organizar toda a documentación), e, ante algunhas inexactitudes dos escritos, foi mesmo preciso procurar as edificacións no antigo casco da vila para asegurar que o emprazamento referido era o correcto.

A pesar das dificultades xurdidas, propias de calquera investigación de carácter documental na que sexa preciso manexar papeis dunha certa antigüidade, a revisión de toda a información atopada referente aos anos seleccionados para o estudo permitiu que o obxectivo do traballo, que non era outro que facer unha descrición e análise da situación do ensino público en Betanzos co fin de coñecer as consecuencias educativas da chegada do franquismo ao poder, se puidese cumprir ao levar a cabo unha reconstrución da situación da educación e das escolas en Betanzos durante a posguerra.

Este estudo demostra que a toma de poder novo réxime, como resultado do alzamento militar de xullo de 1936, representou para o sistema educativo español unha mudanza ben notábel. A obra educativa da II República, caracterizada pola apertura ás vangardas pedagóxicas europeas, o laicismo, a construción de escolas, o respecto polas diferentes identidades nacionais e unha crecente coeducación, foi totalmente destruída para deixar paso ao escurantismo provinte da nova ideoloxía fascista que viría da man da vitoria do bando nacional.

A educación converteuse entón nunha potente ferramenta ideolóxica que podía servir para garantir a continuidade no poder dos novos mandatarios e, como tal, foi disputada polos dous grandes organismos que conformaban e definían o ideario do franquismo: a Igrexa e a *Falange.*

Transformáronse entón as salas de aulas en verdadeiros campos de adoutrinamento, nos que o peso da relixión e dun exacerbado nacionalismo español afogaron as outras materias, tan importantes na formación dos escolares, e afastaron a mestres e alumnos do verdadeiro obxectivo do proceso de ensinanza-aprendizaxe, que non é outro que preparar aos nenos para que sexan competentes na vida e para que teñan a capacidade de tomar decisións libremente.

O caso de Betanzos non foi diferente. Dedúcese de todo o exposto que as necesidades educativas dos nenos do concello pouco importaban, sempre que cumprisen as obrigas relixiosas e patrióticas que desde as autoridades se impoñían. Dos documentos que se conservan referentes ás reunións e outros asuntos do *Consejo Local de Primera Enseñanza*, sobrenténdese que os intereses da Igrexa, fortemente representada polo cura en complot cos mestres, e da *Falange*, dominaban o proceso educativo. Todo o que atinxía á relixión era prioritario nas escolas, e se era preciso restábanse horas ás outras materias con tal de que os alumnos recibisen a formación relixiosa que desde a Igrexa consideraban ineludíbel.

Todo isto cadra perfectamente co marco teórico exposto na primeira parte, construído a partir da revisión bibliográfica de varios autores. A maioría deles viñan a coincidir en que na época do primeiro franquismo, a educación primaria estaba controlada polas dúas forzas xa nomeadas e, incluso os ministros de educación, eran afíns á Igrexa e velaban polos intereses do clero, promulgando leis que facilitaban o seu control da educación.

Alén do tema ideolóxico, as escolas do casco urbano eran insuficientes para cubrir a demanda educativa e os nenos amontoábanse en salas de aulas demasiado pequenas nas que, ademais, se mesturaban diferentes idades. A situación víase agravada pola ocupación de varias das escolas, unha delas durante moito tempo, por parte do Exército e o consecuente traslado dos alumnos ao colexio máis próximo.


Ademais do problema do número escaso de edificacións escolares, as que había mantíñanse nun estado deplorábel. O concello, responsábel das escolas públicas que se atopaban dentro dos seus límites, non se preocupaba do estado de abandono dos edificios nin da precariedade de materiais e mobiliario coa que os mestres tiñan de lidar. Como ben se reflectiu neste estudo, o deterioro das salas de aulas facía que fose imposíbel dar aulas e mesmo representaba un perigo para a saúde dos que se reunían dentro delas, tendo lugar accidentes perigosos en máis dunha ocasión. Os cuartos nos que habitaban os mestres eran insalubres e, ante a imposibilidade de vivir neles e de reformalos, o concello víase obrigado a indemnizalos para que puidesen pagar o aluguer dunha vivenda independente.

As constantes queixas por parte de moitos dos mestres e as cartas desde a Inspección non conseguían que o concello tomase conta das súas obrigas coas escolas, que seguían ano tras ano na mesma situación, envoltas nun embrollo burocrático que nunca resolvía nada. Os diferentes estamentos do poder pasábanse o problema os uns aos outros prolongando e acrecentando as dificultades dos mestres para levar a cabo o seu labor educativo.

Conclúese por tanto, despois deste repaso polos aspectos máis salientábeis da investigación, que as hipóteses propostas nun principio se confirman, xa que todos os aspectos nomeados nelas (a ensinanza ao servizo dos ideais do réxime, as necesidades educativas non cubertas e a precariedade das construcións escolares), están presentes tanto nas teorías dos diferentes autores como nos documentos revisados no Arquivo Municipal de Betanzos.

Unha vez finalizado este traballo, quedan moitas posibilidades abertas á investigación da educación no franquismo no concello de Betanzos, xa que este é un campo practicamente inédito. O estudo podería ser perfectamente ampliábel de moitos xeitos que, debido ás limitacións espazo-temporais, non puideron ser tratados desta volta. Así pois, sería interesante reconstruír a historia de todas as escolas do concello, e non só das da vila, nesa época. Tamén se poderían incluír todos os anos que comprende a ditadura, posibilitando así a visualización da evolución da educación nas diferentes etapas do franquismo.

Anexos



Por orden de la Junta de Defensa Nacional fecha 29 de agosto de 1936 se dispone que la enseñanza en las escuelas ha de orientarse en la forma siguiente.

a) Responderá a las conveniencias nacionales.

b) Los juegos infantiles obligatorios han de tender a la exaltación del patriotismo sano y entusiasta de la España nueva.


c) Queda terminantemente prohibida toda manifestación de debilidad u orientación opuesta a la sana y patriótica actitud del Ejército y pueblo español, que siente España grande y única, desligada de conceptos antiespañolistas que solo conducen a la barbarie.

¡VIVA ESPAÑA!

Betanzos, 31 de agosto de 1.936.


El Delegado civil

Anexo 1: Circular Junta de Defensa Nacional dispoñendo orientacións escolares, c. 935 Oficios Diversos (1936-70) (A.M.B.), 29-08-1936.



Betanzos 13 de Octubre de 1937

Betanzos



Betanzos 22-Octubre 1937

¡Viva el Excmo. Ayuntamiento!

¡Viva Calvo Sotelo!

¡Viva España!


¡Viva Franco!

Ilmo. Sr. Alcalde de la Ciudad de Betanzos:

Habiendo designado a nuestra querida maestra doña [illegible] el nombre del nuevo bien profesado José Antonio, nos atrevemos a pedirle la fotografía nº 3. en vista de nuestra falta de recursos, pues hemos sido invitados en todas las suscripciones y calderetas de este mes, solamente una cantidad insignificante y no pobremos con nuestros pocos ingresos.

Si es mas abusar recurrir a nuestra querida Profesora, pero recordando los dientes de puntas que tuvo que aguantar en Libros para poder estudiar, no nos atrevemos a molestarla, pues no dudamos que si tuviera dinero ya lo hubiéramos, como nos hizo con la Virgen y la fotografía del Generalísimo Franco que no regateo y los tenemos presidiendo [illegible]

Al terminar la Sra. Profesora que este Escuela lleva el nombre del inmortal José Antonio, no tenemos con ella que no puede faltar un [illegible]



[illegible] la Escuela que lleva su nombre. No dudamos que no Excma. Corporación municipal nuestra petición.


Los niños de la Escuela de José Antonio les agradecen tan importante donativo.


En nombre de todos los compañeros.


Betanzos [illegible] Punta Vargas Conchita Fernandez


¡Viva España!

Anexo 2: Cartas dos alumnos escola Nº1 ao alcalde pedindo cartos para un retrato de J.A. Primo de Rivera, c. 935 Oficios Diversos (A.M.B.), outubro de 1937.












Anexo 3 (esta páx. e a seguinte): Correspondencia entre os mestres das escolas San Francisco Nº3 e as autoridades a causa do mal estado das instalacións escolares e por mor da ocupación militar da sala de aulas dos nenos, c. 935 Ofícios Diversos (A.M.B.) 1939-1945.



Pasamos el que suscribe en la mañana de ayer a esta ciudad con el fin de estudiar el emplazamiento de unos terrenos,existen unos trabajos ejecutados en la planta alta destinados a tal fin,trabajos que han sido suspendidos según manifestación de la maestra del referido grupo,por negarse las autoridades eclesiásticas a permitir la salida de la escalera de desagüe por la Sacristía de la Iglesia.

Pinturas murais da ermida de Nosa Señora de Flores nos anos noventa do século XX e actualmente desaparecidas (Aranga). Imaxes restauradas de Nosa Señora e San Roque procedentes da ermida de Flores e actualmente na igrexa parroquial de San Pedro de Feás (Aranga).

Ten unha situación emblemática na divisoria dos concellos de Coirós e Aranga, ó pé do Castro de Flores. Este castro é coñecido polo achado dun torques de ouro a principios do século XX, que foi publicado por Don Luís Monteagudo como «O Torques de Ois» (Monteagudo, 1952). A xoia castrexa tivo unha historia un tanto accidentada: foi atopado casualmente, e quen o atopou levouno a vender a Betanzos pero de volta para a casa roubáronlle os cartos, posiblemente os mesmos que llo mercaran (González, 1994). O lugar conta con abundante folclore debido á existencia do castro (Veiga e Sobrino: 2001).

No 1607 o Cardeal Jerónimo del Hoyo (1950) fala da igrexa de San Pedro de Feás, que era de presentación do Cabildo de Santiago e fai referencia á ermida de Nosa Señora de Flores.

Actualmente o edificio está completamente abandonado, recuberto de vexetación pero aínda non hai moito podíanse ver parte dos elementos arquitectónicos como a ábsida rectangular ou arco triunfal apuntado. Desapareceron moitas outras cousas que foron levadas para outros lugares coma unha cruz antefixa, unha pía de auga bendita, a campá así como outras pedras que estaban na sancristía, que as levaron ó pouco tempo de caer o tellado.

O interior a ermida estaba decorada con pinturas, probablemente do s. XVI, como noutras igrexas desta zona como Cuiña, San Pedro de Oza, Coirós, Cis, Pontellas ou Santa María de Ois. Nun dos seus lados estaba unha decoración arquitectónica que representaba uns arcos e no outro unha figura dunha anfisbena, ou santo que levaba por unha cadea un animal que semellaba unha pantera que no rabo tiña como unha cabeza de serpe.

Nas inmediacións da ermida facíase feira todos os días oito de cada mes, era coñecida como «*A feira do oito*», que deixou de facerse a mediados do século pasado. Foi tamén neste tempo cando lle caeu o tellado á ermida.

As dúas imaxes existentes na ermida de Flores -A Virxe e o San Roque- consérvanse actualmente na sancristía da igrexa parroquial de Feás (Torres, 2005:32).

SANTA LUCÍA

(Vilarraso, San Lourenzo)

A mediados do século XX aínda quedaban restos desta ermida, situada na proximidade da ponte que hai sobre a autovía, no lugar da Ermida (x:578416, y:4783590).

Temos referencias documentais nos libros de Visitas eclesiásticas realizadas á igrexa parroquial de santa Cruz de Aranga no século XVIII. Nelas dáse conta do mal



estado de varias ermidas da parroquia, ordenándose demolelas, aínda que, como é evidente, varias delas libráronse e seguen en pé na actualidade (AHDS, Fondo Xeral. Libros de Visitas Pastorais, Sig. 1270):

> *Hermita: la de San Esteban de Vilares. San Ciprián de Pousadoiro. Sta. Lucía de Carballo Torto y San Justo de Orosa, se mandaron demoler como ya estaba prevenido por las visitas anteriores*.

A imaxe da santa foi trasladada á parroquial de San Lourenzo de Vilarraso, pero como estaba vella e estragada pola humidade e a couza acabou podrecendo na casa reitoral.

CONCELLO DE BERGONDO

SAN MARTIÑO DE DANS (DAENS OU DÁS) (Bergondo, San Salvador)

A igrexa de San Martiño de Dans é posible que estivese nun sitio próximo ó cruce de San Isidro, no lugar chamado, aínda agora, San Martiño, preto do mosteiro de Bergondo.

Temos noticia desta igrexa nun documento do século X, concretamente no ano 910, publicado por López Ferreiro (1905: tomo II, apéndice nº 29). Trátase dunha escritura de doazón de dous pumares: un en Mariñán e outro en Moruxo. O autor sitúa a igrexa en Santiago de Ois (Coirós).

No século XIII o rei Alfonso IX dona ó mosteiro de San Salvador de Bergondo todo o que lle pertencía nas freguesías de San Martiño de Daens e San Vicente de Moruxo (Vaamonde Lores, 1909: p. 59) (González, 1944, doc. 361):

> *...que ego habeo et habere debeo quocumque modo in cauto dicti monasterii sancti salvatoris videlicet in feligresiis Sancti martini de daens, santi Vicentii de muruiu per terminos que sequntur stabiles atque fixos silices per fontem de outeyro et vadit ad eremit santi iohanis de herenio et inde redit ad petram nigram de monte froyle et postmodum vadit per dictum montem ad molindinus quod extat supra lamas. Et postea dicti termini dimittunt aquas predictas et vadunt per terminus Ville de lamas que est eiusdem monasterii cum omnibus hereditatibus ac iuribus...*



SAN ADRIÁN
(Guísamo, Santa María)

Era unha ermida que estaba no lugar de Loureda en Guísamo (x:559127, y:4793614), próximo a San Paio. O topónimo «San Paio» alude a outra ermida anterior da que non dispoñemos de referencias documentais. Temos, pola contra diversas noticias desta ermida de San Adrián, así aparece inventariada por Jerónimo del Hoyo en 1607 (1950), e posteriormente no século XVIII tamén aparece en varias Visitas parroquiais *(*AHD. Fondo Xeral. Libro de Visitas, Sig. 1265), como a de 1741 que nos dan datos dela:

> *Hai una capilla o hermita en el lugar de Paio ... abocación de San Adrián solo tiene las paredes buenas, el techo está cayendose el retablo carcomido y el santo está en la parroquia...se mando le compusiesen los*

feligreses, o en su defecto la mude a sus expensas a la iglesia o a otra parte…ay un señora que pretende componerla por tener cercana la misa. Mándase que aviendo persona que la quiera componer hagase escritura de ser por devoción, sin pretender jamas patronato, y que no se diga misa en la capilla los dias festivos sin licencia del cura, porque de lo contrario se perjudica el derecho parroquial y bien de almas de los feligreses.

Noutra Visita eclesiástica, esta de 1770 sigue dándose conta do seu mal estado (AHDS, Fondo Xeral, Libros de Visitas Pastorais, Sig. 1270):

La de San Adrian en terminos de la parroquia es de los vezinos exenpta de patronato…está del todo arruinada: mandó S.J. que los vecinos a 4 meses la reedifiquen, y pongan decente, y en defecto se demuela, conduzca la imagen del santo a la yglesia…

Algún dos veciños aínda ten oído falar desta ermida e tamén atopado na leira restos de tellas.

NOSA SEÑORA DO SOCORRO

(Guísamo, Santa María)

Era unha capela particular dentro do pazo de Baldomir, que fora fundada en 1715 (AHDS, Fondo Xeral, Libros de Visitas Pastorais, Sig. 1270):

Hermitas: La del Socorro en el Pazo de Baldomir, en la que fundo don Diego Antonio Rivera una misa cantada el día de la presentacion de nuestra Señora y otra rezada todos los domingos, y dias festivos del año, por su escritura de 23 de noviembre de 1715...la hermita esta decente…

O pazo de Baldomir era un dos máis fermosos da comarca tanto pola feitura do edificio -do século XVIII- como polos fermosos xardíns que o rodeaban. A fachada con boa escalinata e dous escudos con símbolos das familias dos Soutomaior, dos



Capela do pazo de Baldomir.

Torre, Caamaño e Ribera. Na capela aparecen tamén as armas dos Figueroa, Bañales e Fontao que foron estudados pór Martínez Barbeito (1978: 71).

O edificio está hoxe completamente arruinado debido a que ardeu o día 13 de agosto de 1990. Este dato e outros máis da parroquia de Santa María de Guísamo recollémolos dun manuscrito de Natividad Martínez Pan (1998). Foi esta señora quen custodiou na súa casa, ata a súa morte, unha Virxe da Asunción, procedente en orixe do mascaron de proa dun barco, que foi depositada na capela do pazo a mediados do século XIX. Descoñecemos o seu paradeiro actual.

SAN PEDRO FIZ DE VIXOI

(Igrexa parroquial)

O edificio parroquial estaba onde está hoxe o cemiterio, abandonándose nos primeiros anos do século XIX polo seu mal estado. Concretamente foi no ano 1818, en que se decidiu por parte da autoridade eclesiástica levar o sagrario para a capela de San Vitorio (Cuns Lousa, Fenández, Veiga, 1997: 91).

A primeira hora da mañá nun día chuvioso de maio iniciáronse os actos relixiosos cos que se ía cumprir o traslado. Os veciños de San Fiz e Pontellas que non estaban de acordo con esta decisión comezaron a levantar voces en contra do

crego no medio do acto relixioso ata interrompelo. A cousa foi pouco a pouco tomando mal cariz e rematou cunha saída en desbandada do crego da igrexa levando o sagrario entre as mans, que fixo o percorrido entre a igrexa e a capela baixo unha forte choiva. No lugar de Sarra uníronselle seis veciños de Pontellas que armados con machados acompañaron finalmente ó sagrario e ó crego á ermida de San Vitorio.

A mediados do século XIX tentouse facer unha subscrición entre os veciños para facer unha nova pero a colecta non tivo éxito. Ante isto en 1860 o Concello de Bergondo dirixiuse á Raíña solicitando unha subvención dos Presupostos do Estado xa que a igrexa antiga levaba cincuenta anos en ruínas «sirbiendo sus antiguas paredes de albergue a las aves». A raíña non se dignou en contestar, e dende logo nesa época os Presupostos do Estado non estaban como para construír igrexas, máxime cando se fixera había pouco a desamortización. Os veciños de San Fiz seguiron sen igrexa ata hoxe.

Hai referencias antigas á igrexa de San Fiz, como un documento de 1094, publicado por Antonio de la Iglesia (1886: T-III: 63) en que o conde Suario Monnizi e a súa muller Sancia Velaz donan varias propiedades á catedral de Lugo:

> *...in terra Nemidos Sancto Felice de Boio, de Gisamo...*

Aparece tamén mencionada no Tumbo Vermello de Don Lope de Mendoza do ano 1435 (Rodriguez González, 1995: Fol. 48 páx. 64 e 114):

> *«Iten el coto de San Fiins, la quarta parte es del arçobispo e la otra quarta parte del cabildo e la meytad de doña [blanco], mujer que fue de Roy Freyre, e vale de renta CLX maravedís...*
>
> *Iten e no arçiprestadgo de Cerveiro, a medade do couto de San Fiis de Binox* [San Fiz de Vixoi], *e a iglesia toda por presentaçon ...»*

CONCELLO DE BETANZOS

CAPELA DA MAGDALENA

(Betanzos, Santa María do Azougue)

A capela da Magdalena estaba antigamente na metade da costa da Condomiña (x:563316, y:4792649), foi no 1799 cando se trasladou para o sitio actual.

Son varios os traballos publicados referíndose á capela da Magdalena como o de Ares Faraldo (Ares, 1983, p. 39-42) ou máis especificamente o de José Carro Otero, Carlos Fernández Fernández e Rosalía García Cortés (Carro…, 1987, páxs. 51-70) .

Dicíase, aínda que non hai documento ningún que o certifique, que o hospital de lazarados fora feito por Fernán Pérez de Andrade no século XIV. A primeira documentación existente sobre os lazarados remóntase ó século XV (Pardo de Guevara, 1986, p. 26) nun testamento de Lopo Núñez Pardo no 1452, conservado no Arquivo Histórico Nacional:

> *...et mando a os lazarados da Madanela a cada huna huna branca de pan et un maravedi de vino, e a toudos huna perna de baca ...*

Con seguridade pódese dicir que habería tamén unha pequena capela para o culto.

O cambio de trazado do camiño no século XVIII, que despois de moitos problemas optouse por facelo cun trazado máis suave, eliminando do antigo camiño *«unha penosa subida que estaba moi deteriorada»*. Esta penosa subida era a costa da Condomiña, onde estaba situada a capela de San Lázaro.

A desviación do Camiño Real trouxo consigo que os viaxeiros xa non pasasen pola *Costa das Limosnas* como se coñecía popularmente, e mesmo a capela quedaba a desmán coa conseguinte merma económica para os lazarados. Isto deu como consecuencia que uns anos máis tarde, concretamente en



Plano da Condomiña (Betanzos) de 1765 (AGS).





Hermita de San Roque no «mapa» reealizado por Antonio Vázquez con motivo do incendio de 1616 (AHN).

1798, se trasladase para máis abaixo, facéndoa de novo (AMB, Sig. 454).

> *...se debe mudar para mejor comodida y solidez según corresponde a todo e de oficio abajo a la plazuela salida del puente nuevo nombrado la Reja, la que dicha plazuela se acomoda todo el edificio quedando bastante capaz el camino entrando tan solo dos baras al parral de dicha obra pia quedando a favor el que ocupan las otras casetas y lagar.*

Segundo Juan Monterroso Montero (Monterroso, 1997: 239-250), que estudou a pintura do século XVII en Betanzos, o retablo actual sería con seguridade o que estaba na antiga capela e que con algunha reforma pasaría aquí, así como tamén a figura de San Lázaro.

CAPELA DE SAN ROQUE

(Betanzos, Santiago)

Na praza do Campo estaba a capela de San Roque desde o século XVI, santo que por outro lado é o patrón da cidade desde esa época (Bachiller Hungarelo, 1916). A capela foi destruída en 1983 e instalouse no sitio una entidade bancaria. Os retablos foron desmontados e ignórase o seu paradeiro. A figura do San Roque está desde daquela na veciña igrexa de Santo Domingo. A súa desaparición foi tratada polo miúdo e con documentos gráficos por Alfredo Erias no Anuario Brigantino (Erias, 2005:415-426).

MOSTEIRO DE SANTA MARÍA DE DONAS

Quedan escasos restos do antigo mosteiro das Cascas que tivo a súa orixe na Alta Idade Media. Foron numerosos os autores que trataron sobre este mosteiro, desde o manuscrito de Mauricio Carbajo no século XVIII coa súa historia do mosteiro de Sobrado, ata recentemente Santiago Daviña, que publicou en sucesivos números do Anuario Brigantino o Tumbo do mosteiro (Daviña, 1998-2003).



SAN XIAO

(Bravío, San Martiño)

Estaba situada á beira do camiño que vai de Betanzos en dirección ós Caneiros, nun lugar alto preto do lavadoiro de San Xiao (x:565162, y:4791998). O lugar que ocupaba a ermida aínda se coñecía hai pouco como «a leira da Capilla» (Ares Faraldo).

Temos constancia da ermida de San Xiao de Bravío xa en época medieval, así no século X, en que o rei Vermudo II e a súa muller dona Elvira, doan ó mosteiro de Cis as igrexas de San Martiño de Bravío, San Salvador de Colantres, San Vicenzo de Armea e a ermida de San Xiao (Álvarez, 1999: Ext. 3). Hai que dicir que neste documento transcríbese como «ermita de San Cibrao», pero supoñemos que é un erro, xa que en posteriores confirmacións reais deste privilexio como a realizada por Alfonso VI, en 1083 e Alfonso VII en 1133 (Álvarez, 1999: Ext. 7, 10) aparece como a «ermida de San Xiao».

Aparece novamente documentada en 1288, en que Diego Gómez, merino de Galicia e a súa muller, doan ó mosteiro de Cis unhas herdades en San Pedro de Oza, Lesa, Coirós, Bravío, Armea, San Salvador de Colantres e a ermida de «San Xiao do Mar» (Álvarez, 1999: Ext. 83).

Aparece, así mesmo, en varios foros realizados no século XVII, dentro do Tumbo do mosteiro das Cascas, e en concreto nun de 1634 refírense á ermida como mosteiro (Daviña, 2003, doc. 436 r, p.178):

> *…aforaron a Miguel López y para sus herederos, tres leiras de viñas en el monasterio de S. Giao de la feligresía de San Vicenzo de Armea, que solía traer en fuero Juan Porca...*

En 1740 o Visitador eclesiástico aludía a ela do seguinte xeito (AHD. Fondo Xeral. Libro de Visitas Pastorais, Sig. 1265):

> *San Martín de Bravio: Hermita de San Julián, que se va componiendo a expensas de la devozión, que bien lo necesita.*

Noutra visita realizada en 1770 (AHDS, Fondo Xeral. Libros de Visitas Pastorais Sig. 1270):

> *Hermita de San Julian, sita extramuros de esta parroquia hallase entre unas viñas...*

Quen nos da unha descrición máis exhaustiva e Verín (1811):

> *Esta capilla estaba sita en los términos de la parroquial de San Martín de Bravio; y Santiago de la ciudad de Betanzos su principal es la contigua al Norte, de suerte que esta capilla cae al mediodia de la dicha de Santiago, y servia de demarcación para la feligresia de San Vicente de Armea, la que tocaba con la misma pared de dicha capilla, que la tiene por el medio dia, y es su anexo, San Martin de Bravio: este a su fin y a dicho lado la dicha capilla de San Jiao en su territorio, y demarca a Bravio por el norte y a Armea por el Sur.*
>
> *Estaba esta capilla, segun el lenguaje gallego San Jiao, dedicada a San Julián martir esposo de santa Basilisa. Se ignora su primitiva fundación, solo que la piedra fina de que se componía, pudo dar a entender que no era moderna. Hallabase situada sobre el Mandeo distante de ella como un tiro de fusil. Los de la ciudad iban en romería a dicha capilla el dia siete de enero en que la iglesia celebra su festividad.*
>
> *Aun yo la acuerdo, y habrá unos 20 años que se demolió por la ciudad, y su piedra se*

refundó en una casa que se hizo nueva en la Rua Traviesa, cuyo dueño la compró.
Todo el viñedo y huertas de su contorno tienen el nombre de Sanjiao que se da a aquella montería, que parece ser del dominio del Monasterio de San Martín de Santiago, y pudo ser que en otro tiempo fuese algún monasterio, como dicen lo hubo en Espelunca, cuya Yglesia era la que oy existe en el alto del monte.»





SAN PAIO

(Tiobre, San Martiño)

A ermida de San Paio estaba situada no antigo castro de Tiobre (x:564739, y:4793970). Temos referencias documentais dela nunha doazón feita polo conde Suario Monnizi e a súa muller Sancia Velaz á catedral de Lugo no ano 1094 (Iglesia 1886: T-III: 63) e (López Sangil e Vidan, 2011: 257):

...in terra de Pruzios Santo Pelagio de Teobrio...

A principios do século XVII fai mención dela Jerónimo del Hoyo (Hoyo, 1950) nos seguintes termos:

En esta feligresia de San Martiño de Tiobre hay una hermita de San Payo de mucha devoción y en un sitio muy llano y muy apaciible dende el qual se ve tierra y mar. Está esta hermita muy conjunta al sitio donde antiguamente solia estar la ciudad de Betanços o vello

Foi publicado un traballo sobre esta capela por Ares Faraldo (1992:251-254), quen recolleu algúns datos do Libro de Visitas da parroquial de Tiobre, como en 1609 que se dicía o seguinte:

...halló que tiene sus puertas y está cubierta y decente y no tiene renta limosna...halló por hermitaño...a Alonso de Vega el cual tiene una casa que se hizo para la dicha hermita y los hermitaños della... mandó que la campanilla que está dentro de la Iglesia se saque y se ponga encima de la hermita con dos palos como suelen estar en otras hermitas para que se taña y una cerradura a la puerta de las rexas del coro.

Estaba situada como dicía Verín (1811)

distante un tiro de bala de la iglesia parroquial (San Martin de Tiobre), por el extremo del campo de esta hermita aun hay una hilera de piedras puestas en orden, y por donde iba la muralla de la antigua ciudad (Betanzos el viejo), y abajo hay un sitio estrecho entre dos alturas, que va dando la vuelta por detrás de la capilla y hasta cerca de la iglesia parroquial al levante, y en el extremo, o último de este camino o sitio angosto se nota una loma de tierra, que sería acaso algún fuerte de esta ciudad (Betanzos el Viejo) y su vista corresponde al castro viejo.

O Campo de San Paio pertence á parroquia de San Martiño de Tiobre desde

1908, en que se escriturou ante o notario Luis Sánchez, describíndose do seguinte xeito (Ares, 1992: 251):

> *...campo de Sampayo... todo cerrado de sobre si y muy conocida (la capilla) en el país por celebrarse en aquel santuario las renombradas festividades de sus Patronos titulares Santa Ana, San Bartolomé y Sampayo.*

Nos primeiros anos do século XX (Carré, 1936:825) era coñecida tamén como de «San Bartolomé da Ribeira».

Nas paredes da igrexa había restos de pinturas murais (Erias, 1984: 12).

Nestes últimos anos quedaban en pé parte dos muros, que por seguridade foron derrubados. As imaxes xa hai bastantes anos que pasaron á igrexa parroquial.



CAPELA DAS ANGUSTIAS
(Viñas, San Pedro)

O Santuario das Angustias é un edificio do século XVIII, pero a capela antiga estaba situada nun lugar próximo a escasos metros do actual santuario (x:562616, y:4792914), non moi distante do lugar en que se asegura que apareceu milagrosamente a Virxe de pedra, nun punto onde se coñecía como a «Capilla» (Vales, 2006: 110).

Hai noticias dela nun documento atopado por Manuel Ares Faraldo (Ares, 2005):

De la Capilla o Santuario de Nuestra Señora de las Angustias de Illobre, extramuros de la ciudad de Betanzos, es patrono el poseedor de los mayorazgos correspondientes a los Señores Roldán de Betanzos. Sita en la feligresía de San Pedro das Viñas, anexa al curato de Santa María del Azogue. Tiene su origen desde don Alonso de Aguiar, Regidor perpetuo de Betanzos, quien según tradición halló esta soberana imagen en una granja de viñedo propia del mayorazgo de su casa de Illobre, en cuyo terreno y a sus expensas fabricó la primitiva capilla en donde estuvo colocada hasta el año de 1740. Su nieta Juana María de Aguiar edificó, amplio y fundó en el mismo terreno suyo otra capilla y consiguió de Su Santidad algunas gracias e indulgencias. También erigió una cofradía consistente en la expresada capilla, formándose para su gobierno Constituciones con comisión del ordinario de este Arzobispado que establecieron los primeros cofrades en la junta de 1745 en la cual Dª Juana fue tenida por fundadora y tanto ella como su hijo don Vicente Antonio Roldán Aguiar y Seijas, y los más que le sucediesen en la Casa y Mayorazgo de Illobre, por Patronos y hermanos mayores.
El 20 de septiembre de 1740 se dio licencia por parte del Sr. Provisor y Vicario General de Santiago al cura de Santa María del Azogue y San Pedro das Viñas en Betanzos para bendecir la Capilla de las Angustias inmediata a la Casa de Illobre.



SAN PEDRO DAS VIÑAS
(Viñas, San Pedro)

Estaba esta pequena ermida no lugar de Abelares (x:562914, y:4792563), lugar que

por outra parte a xente de idade coñece como «San Pedro». O edificio desapareceu xa hai tempo pero a unha das leiras coñécese como «O Lugar da Ermida de San Pedro». É posible que se debese a ela o nome da parroquia. A construción da actual igrexa das Angustias poido levar a que fose considerada esta como o lugar máis apropiado para ser a igrexa parroquial en detrimento do pequeño edificio anterior.

SAN SALVADOR DE ILLOBRE

(Viñas, San Pedro)

Danos razón desta ermida Vales Villamarín (2006: 110), quen di que a parroquia de San Pedro das Viñas quizás fose sucesora da antiga de San Salvador de Illobre:

> *Hállase enclavado en la parroquia de San Pedro das Viñas -sucesora, seguramente, de San Salvador de Illobre, freguesía que ya se cita en el testamento mayor de Odoario-, de cuya iglesia no queda en la actualidad vestigio alguno, cosa realmente inexplicable, puesto que en 1738 aún estaba en pie.*

O documento ó que se refire é de finais do século IX, no Tumbo vello de Lugo, fol. 28r-30v:

> ... s. *Christophori in terra de Nendos ecclesiam s. Salvatoris de Ilioure, que genitoris nostri regis dñi. Ordonii fuit cum regia familia.*

CONCELLO DE COIRÓS

SAN ROQUE

(Coirós, San Xiao)

Aparece esta capela ou ermida nos Libros Xerais de Visitas Pastorais (AHDS. Visitas Pastorais 1770-1777. Sig. 1270):

> *Hermita. La de San Roque, hallase en el lugar de Coiros de Abajo, ynmediata a la*



> *casa de don Antonio Pardo según se dice es, esta sin uso e indecente, y respecto no hay razon de su ereccion, ni que tenga fondos... se destina a usos profanos: Mando S.J. se haga presente el cura al don Antonio quite inmediatamente retire el retablo, efigies y mas que sirva para celebrar...*

Deducimos que era unha capela anexa ó antigo pazo que a familia dos Pardo tiñan en Coirós de Abaixo (Martínez Barbeito, 1978:141-142).

A antiga casa dos Pardo seguramente sexa a coñecida como «O Caserón», onde teñen oído dicir os veciños que había un antigo mosteiro (x:567218, y:4789040).



ESPENUCA

(Espenuca, Santa Aia)

Está en ruínas esta igrexa construída no século XIX no medio da poboación (x:568137, y:4789787), tentando substituír a ermida do cumio por mandato do arcebispo de Santiago. Faise alusión á súa construción no ano de 1831 (AHDS. Libro de fábrica de Santa Aia de Espenuca):

...cuya cantidad.. la que yo el dicho cura emplee en la obra de la iglesia nueba que por orden y mandato del Exmo. Señor Arzobispo de Santiago estoy edificando en este lugar de Espenuca.



SAN PEDRO

(Lesa, Santa Mariña)

Estaba esta ermida no lugar da «Capilla» en Lesa (x:567976, y:4786931). Temos noticias dela nunha escritura de compraventa da casa nº 14 realizada en Betanzos en 1972 ante o notario Ramiro Prego (dato facilitado por Alfredo Espada) onde se di:

...unido a dicha casa la Capilla de San Pedro, hoy destinada a bodega con paredes de mampostería, que por su exterior mide ocho metros, siete decimetros de largo, por cinco metros, dos centímetros de ancho...

Carré Aldao (1980: T-V, 890) deixa testemuña da existencia a principios do século XX de tres imaxes de castaño -posiblemente góticas- que se conservaban na sancristía da igrexa parroquial de Lesa, e que desapareceron nos anos vinte. Unha delas era unha figura de San Pedro, que quizais procedese desta capela.

SANTA CATALINA

(Ois, Santa María)

Descoñecemos a situación desta ermida, aínda que supoñemos que se trataba da coñecida posteriormente como de Santo Domingo. Dela daba conta Jerónimo del Hoyo na Visita eclesiástica realizada en 1607 (1950: 296):

Hay una hermita de Sancta Cathalina con una imagen muy devota de Nuestra Señora .



SANTO DOMINGO

(Ois, santa María)

Estaba esta ermida no lugar de Xora (x: 571803, y: 4787508), actualmente está formando parte dunha casa particular, e os propietarios son coñecidos como «*Os da Capela*».

Aparece na documentación eclesiástica no último terzo do século XVIII (AHDS. Visitas Pastorais 1770-1777. Sig. 1270):

Capilla la de santo Domingo en terminos de esta parroquia es aniversario de legos con otra misa semanaria, y el dia del patrocinio de Nuestra Señora una cantada... manda se haga atrio alrededor.

Antes de formar parte da casa a ermida tiña un espazo de campo arredor. A imaxe do santo levouna un crego da parroquia arredor de 1920 e descoñécese o seu paradeiro. É posible que esta ermida sexa a de Santa Catalina e cambiase de advocación ó facerse de padroado particular, xa que nas dúas se celebraba o día de Nosa Señora.

CONCELLO DE IRIXOA

SAN XOSÉ E SAN ANTONIO

(Ambroa, San Tirso)

No lugar de Lapido na parroquia de San Tirso de Ambroa, está esta capela particular,



propiedade actual da familia Pena. A pesares de estar aínda en pe decidimos incluíla por non celebrarse ningún acto relixioso nela desde os anos vinte do século pasado.

Da noticia Carré Aldao (1980: T-V, 890) da existencia da ermida de San Xosé e San Antonio na parroquia de santa Eulalia da Viña:

> *Hubo en ella una ermita [en Santa Eulalia da Viña], la de San José y San Antonio, y la presentación del curato es alterna entre la Corona y la familia Maldonado.*

Na Visita Eclesiástica realizada en 1770 dáse noticia do fundador Antonio García e a data, que corresponde ó ano de 1689 (AHDS, Fondo Xeral. Libros de Visitas Pastorais Sig. 1270):

> *Hermita: La de San Joseph y San Antonio que con licencia del ordinario hizo Antonio García en 4 de marzo de 1689... está arruinada de paredes...*

As imaxes e a campá, segundo nos comentaron, está en mans dos propietarios. A capela é usada pola familia como bodega, pero no seu interior aínda se poden ver unhas escaleiras de pedra de acceso ó altar, todo el de boa pedra de cantería. Arrimada a ela unha casa que se edificou con posterioridade, e pertencente tamén á mesma familia dos fundadores.



SAN MAMEDE

(Ambroa, San Tirso)

Actualmente na parroquia de San Tirso de Ambroa hai un topónimo que fai alusión a este santuario, como é «O Cal de San Mamede».

Jerónimo del Hoyo en 1607 sitúa esta ermida á beira do río (Hoyo, 1950):

> *...Hay una hermita de San Mamed questá junto al rio.*

A non ser que se trasladase de lugar en tempo antigo, a ermida aínda estaba algo arredada do río, concretamente en (x:572757, y:4797319), incluso o nome da leira se coñece como «o da ermida».

Segundo testemuñas dos veciños, aquí cando se fixo a concentración parcelaria e se abriron as pistas, nos anos setenta do século pasado, apareceu una pía bautismal, que seguramente pertencería a esta ermida.

A uns cen metros (x:572604, y: 4797123) está a chamada «Fonte de San Mamede», cunha estrutura de pedra e da que mana auga en abundancia.

O lugar de San Mamede foi tradicionalmente propiedade do mosteiro de Monfero, mesmo próxima está unha das penas que facían de límite do mosteiro.



SAN BARTOLOMEU E SAN LUCAS
(Churío, San Martiño)

No lugar de San Paio aínda se poden ver as paredes desta capela que fundaron no século XVIII os irmáns don Bartolomeu e don Lucas Méndez.

Temos noticias dela nos libros da parroquia de San Martiño de Churío, así na Visita de 1772 (AHDS. Libro de Fábrica, nº 1):

> *Capilla de San Bartolomé y San Lucas, sita en el lugar de San Payo, terminos de legos que fabricó y fundó Don Bartolomé y don Lucas Mendez hermanos, con diez y ocho misas rezadas y una cantada el día de San Bartolomé. Es su patrono don Nicolás Mendez vezino del mismo lugar quien asentó, y el cura certificó estar cumplidas dichas misas: La capilla está hermosa fabricada de nuevo con su retablo e imágenes, todo pintado, y dorado, y bien surtida de hornatos y halaxas…*

A capela estaba comunicada coa casa por medio dunha porta. Hai pouco tempo, concretamente no ano 2000, aínda se podían ver no seu interior pinturas na parede da nave compostas de varias cruces de cor azul, zócalos de colores e restos dunha representación de cortinaxe onde estaba o altar.

Na capela, segundo nos contou unha das últimas propietarias (Trinidad Méndez), había dúas figuras: unha Virxe e un San Bartolomeu, que foron para a igrexa parroquial de Churío. Seguramente desapareceron nas queimas sucedidas nesta igrexa en 1934 e 1936, aínda din que se salvou unha imaxe da Virxe.





SAN ANTONIO
(Irixoa, San Lourenzo)

Estaba no monte no lugar de Carboeiro, parroquia de San Lourenzo de Irixoa, ó lado do camiño que unía Irixoa e o Xestal (x:577464, y:4794196). Fora fundada por don Antonio González Noguerol, como se nos di na Visita realizada en 1772 (AHDS, Fondo Xeral, Libros de Visitas Pastorais, sig. 1270):

> *Capilla de San Antonio en el lugar de Carboeiro aniversario lego que fundó D. Antonio Gonzalez Noguerol y doto a la hermita con 12 ferrados de centeno… hallase decente.*

Máis noticias da ermida témolas na época da desamortización, cando o arcebispo de Santiago para evitar o saqueo a que estaba sometido o mosteiro de Monfero, concedeu en préstamo a outras igrexas e particulares algúns obxectos. Couceiro Freijomil (1971:101) da noticia dalgúns obxectos que foron para esta ermida:

> *D. Juan Fernández Pardo, capitán de nacionales en la exclaustración se llevó para su capilla de San Antonio de Carboeiro en Frijos (Irixoa) y procedentes del oratorio del abad, un precioso ornamento de tisú floreado de oro y plata, con su cáliz, alba y*

misal y demás anexos, también la «maristela» de plata del santuario de la Cela.

No lugar de Carboeiro hai unha casa particular que ten o marco de pedra da desaparecida ermida, cunha inscrición moi esvaída no dintel:

ESTA CAPILLA LA IÇO
D. ANTONIO GARCIA…

Segundo nos contaron os antigos propietarios da casa, estas pedras foron trasladadas arredor de 1930 para alí desde o alto do monte, onde estaba a situación orixinaria da ermida.

SANTA EUFEMIA

(Irixoa, San Lourenzo)

Aparece en varios documentos medievais do mosteiro de Monfero, aínda que alude a unha igrexa parroquial, polo que é posible que sexa santa Aia da Viña ou San Lourenzo de Irixoa, e que posteriormente cambiase de advocación. Aparece en varios documentos medievais, entre eles:

En 1137 en que Gutierre Osorio dou ó mosteiro de Monfero toda a parte que tiña na igrexa de Santa Eufemia, Irixoa e Gulfar. (López Sangil, 2002, doc. 7 ou en Códice 259B de AHN, fol. 19-r).

En 1170 en que Vermudo Pérez dona ó mosteiro de Monfero todas as herdades que ten na parroquia de Santa Eufemia e nos vilares de Golfar. (López Sangil, 2002, doc. 88).

En 1277 o mosteiro de Monfero afora unas partes na igrexa de Santa Eufemia de Irixoa (López Sangil, 2002, doc. 433).

SAN PEDRO

(Mántaras, Santa María)

Estaba esta ermida no lugar de Baltar, parroquia de Mántaras, onde aínda existe o topónimo de San Pedro. Os veciños teñen oído falar dunha ermida no lugar e a súa situación sería (x:574412, y:4792442). Nos Libros de Visitas Pastorais, concretamente na de 1770 (AHDS, Fondo Xeral. Libros de Visitas



Pastorais. Sig. 1270) dáse conta do mal estado en que se atopaba naquel tempo a ermida:

Hermita de San Pedro en el lugar de Baltar está arruinada y parte cahida la puerta vieja y sin cerradura no tiene adorno alguno mas que la ymagen del santo, y otra de San Vitorio se asentó hiciera un cura que fue de esta parroquia… se mando demoler...

Na Visita realizada en 1772 danos máis datos da ermida e do seu mal estado (AHDS, Libro de Fábrica de Mántaras):

Hallase en terminos del lugar de Baltar de esta parroquia la hermita advocación del glorioso San Pedro; está arruinada de paredes y techo, la puerta vieja sin cerradura, la mesa de altar sin mas adorno que una caja con la efigie del santo, y otra que se dice que es de San Vitorio, no tiene renta ni patronato, solo tradición que la fabricó un cura que fue de esta feligresia; atendiendo a ello s.J. no haver quien concurra a su reedificacion y que solo sirve de recojerse en ella los ganados; manda que el cura disponga se demuela y arrase llebe a la iglesia las efigies de los santos…y en el sitio de dicha capilla y su altar un crucero.

Un pouco máis adiante da ermida, estaba a «*Fonte Santa de San Pedro*», aínda que non é máis que un manancial, a pesares do que dicía algún dos veciños de Baltar de que si se cavase aparecerían as pedras da fonte. Que se saiba, a fonte nunca tivo pedras.





San Simón na capela de Cela (Irixoa).

SAN SIMÓN

(Mántaras, Santa María)

A ermida de San Simón estaba no lugar de Cela, no lugar que hoxe se coñece como a «Costa de San Simón», nas proximidades do río Zarzo (x:573147, y:4790990). Algún veciño recorda ter oído falar do seu traslado para o lugar actual:

> -*Foi trasladada pedra a pedra para o lugar que ocupa actualmente que está máis próxima ás casas.*

Hai noticias dela nos libros parroquiais, así en 1720 (AHDS, Libro de Fábrica de Mántaras):

> *Ermita de San Simón…está indecente asi en la fábrica como en los ornamentos …mando que a costa de los ganados que tiene la cofradia se aderece la hermita y se hagan ornamentos…*

A Visita pastoral de 1770 danos algún dato máis:

> *Hermita de San Simón en terminos de la parroquia es de cofradía de los vecinos… solo se dice misa en ella el dia del santo… está decente retablo e imágenes.*

SAN BARTOLOMEU

(Verís, Santa María)

Non sabemos o lugar exacto onde estaba esta ermida, aínda que os veciños recordan que era a pouca distancia da igrexa parroquial, creen recordar que no lugar de Adral.

Era propiedade dos veciños, en 1740 na Visita Pastoral estaba en mal estado, polo que o Visitador incídelles na necesidade de arranxala ou senón derrubala (AHD. Fondo Xeral. Visita Pastoral, Sig. 1266):

> *La de Santa Leocadia, Nuestra Señora de Lousada y la de San Bartolome son libres no tienen renta, estan indecentes, componganlas los vecinos de sus respectivos lugares dentro de 6 meses y en su defetcto las demuelan.*





SANTA LEOCADIA

(Verís, Santa María)

Estaba situada a uns douscentos metros máis arriba da igrexa parroquial, onde agora hai un cruceiro (x:576695, y:4790457). Por detrás do cruceiro pódese ver o lugar que ocupaba a ermida que está pechado cun balado de pedra. Os veciños recordan que no lugar había unhas campás no exterior, á maneira das de Espenuca.

Na igrexa parroquial hai documentación da confraría de Santa Leocadia. Con

respecto ás imaxes poida que se levasen para a igrexa parroquial, pero hai algúns anos renováronse e sacouse un pequeno altar, polo que desapareceron.



SAN SALVADOR DE REBÓN

(Verís, Santa María)

Situada no lugar de Rebón, á beira do camiño que ía para «A Xesta» (x:577081, y:4791448). Tirouse a principios do século XX, e moitas das súas pedras foron usadas na rehabilitación da igrexa parroquial de santa María de Verís.

Os propietarios eran da casa dos Golpe, da familia de Matilde Golpe e do seu fillo José Roque Naveira Golpe, coñecido como «el Niño de Oro». Temos noticia da súa fundación como capelanía nun documento particular (xentileza de Manuel Fiaño) da época da desamortización:

D. Andrés Antonio de Leyes, escribano de S.M. número y colegio de esta ciudad de La Coruña y de la Comisión de venta de bienes afectos a establecimientos piadosos
Certifico
Que ante el señor D. Fernando de León Bernardez Correxidor por S.M: en ella, como encargado de la misma Comisión se presentaron los documentos de que hace mérito la instancia siguiente:
«Señor Correxidor: D. José Silvestre Golpe González [clerigo] de menores en la veneración de vida hace presente a Vd. que por el Comisario D. Pedro Golpe en el año pasado de 1651 se fundó una capellanía eclesiástica sita en el lugar de Rebón, parroquia de Santa María de Verines en la ciudad de Betanzos, llamando a su goce a los parientes más inmediatos de las líneas que […] previniendo que el capellán se había de ordenar a título de ella para desempeño de las misas que ha señalado, todo bajo la aprobación del Ordinario Eclesiástico. Este en el año 1654 la aprobó, declaró por bastante […] y sustentación para ordenarse los capellanes de ella y a este fin hizo título de ella y […] institución en favor del capellán D. Francisco Vázquez Golpe, según todo resulta del testimonio dado por el Notario Mayor del Tribunal Eclesiástico de la ciudad de Santiago que exhibo. Vacante esta capellanía por muerte del último capellán D. Juan Roque Golpe se siguió pleito entre el exponente y otros sobre el suceder en aquella que por sentencia dada en el Tribunal de la Nunciatura Apostólica se declaró corresponder al que expone como pariente más inmediato y concurrir en el las cualidades que quiso el fundador a virtud de que se le expidió el conducente título que con los autos de posesión también exhibe en el día siete hizo saber por un comisionado presentase los documentos de esta capilla que son los[…] que la capilla es eclesiástica, que sus […] están espiritualizados y que es de derecho de sangre su sucesión, cualidades que […] una de […] enajenación apostólica a Vs.[…] haber por exhibidos dichos documentos, mandar que el[…] no le moleste y declarar por exentos de la enajenación los bienes de esta Capellanía devolviendo los documentos con testimonio de la decisión en que espera […] de la justificación de V.S. por el suplicante Pedro González».
Mandose sobreseer al […] y que se diese cuenta con la correspondiente Instrucción como tuvo efecto y ha proveído.

Aparece mencionada na Visita Eclesiástica de 1740 (AHDS. Fondo Xeral, Sig. 1266):

Hermitas la de San Salvador de Rebon .. está faiada… le mandaron al patrono pusiese en ella retablo … tiene el patrono 6 ferrados de centeno para su composición, ahora tambien le faltan las puertas…

Nunha posterior Visita, en 1770, dánsenos máis detalles ademais de incidir

de novo na necesidade de poñer retablo (AHDS, Fondo Xeral. Sig. 1270):

Hay una capilla de San Salvador de Rebon en terminos de la parroquia, fundada por el comisario Pedro Golpe…no está muy decente la capilla… mande se haga un retablo nuevo…

SAN XEO

(Verís, Santa María)

Nesta parroquia está o lugar coñecido como «San Xeo». Non temos ningunha noticia, nin alusión a unha hipotética ermida ou capela, unicamente o topónimo nos leva a pensar na súa existencia en tempos remotos coa advocación de San Uxío.

ERMIDA DE SAN PAIO

(Viña, Santa Aia)

Esta ermida nun primeiro momento estaba no lugar da Granxa, no Xestal (San Fiz de Monfero) á beira da Ponte de San Paio e no traxecto do antigo Camiño Real.

Elisa Ferreira Priegue (Ferreira, 1988) no seu estudio dos camiños medievais de Galicia, alude á «Ponte de San Paio» como parte dun camiño antigo, aínda que a autora calificao como «dudoso»:

del puente viejo en Cal de Samed parte un camino por el «porto» da Viña que se comunicaba con otro camino que iba por Donín, Airoa, Pereiro y Chao da Viña a cruzar el Lambre por el puente de S. Payo.

Son numerosas as referencias documentais á ermida de San Paio nesta época medieval, sobre todo na documentación do mosteiro de Monfero:

En 1135 no privilexio de fundación do mosteiro de Monfero por parte de Alfonso VII (AHN Tumbo Monfero, 4-4 Vº).

En 1147 na doazón realizada pola condesa dona Loba Pérez, ó mosteiro de



Pedra con inscrición procedente da ermida de San Paio e actualmente na finca dun particular (Irixoa).

Monfero da metade da igrexa de *«San Paio de Eigón»*, documento que está no Fondo Murguía da RAG (López Sangil, 2002, doc. 24).

En 1158 Suero Menéndez vende ó mosteiro de Monfero unha herdade en «Pelayo de Eigón», a cal di estar xunto ó río Lambre. (López Sangil, 2002: nº 49. RAG, Fondo Martínez Salazar).

Na historia feita por un frade do mosteiro de Monfero e publicada no periódico *El Mendo* dáse algún dato máis (*Fundación del Imperial Monasterio de Monfero*, Biblioteca El Mendo de 27-IX-1890 nº 113):

Beneficio de San Pelayo de Cigón la mitad la dió doña Loba de Trava y la otra mitad el Emperador don Alonso. Estaba esta Iglesia en el lugar de la Heive y por ser corta se agregó a S. Félix.

A día de hoxe, no Xestal, algún dos veciños ten oído falar dela:

-Teño oído decir que arredor de 1800 mercou esta capilla un home de cartos e decían os vellos que a levara pedra a pedra para o lugar de San Paio, xa na Viña.

Así era en efecto. Actualmente o lugar de San Paio está composto por tres casas restauradas e unha en ruínas, esta última era dos Valeiro, que eran os propietarios da ermida. Nunha das casas restauradas conservase unha pedra da ermida no xardín, cunha inscrición na que aparece a data de 1779, aludindo a cando se levantou a ermida no novo lugar:

ESTA CAPILLA
EDIFICO A...
EN SAS...
CONSAGRADA 1779

Esta pedra antes de vir para aquí, hai poucos anos, estivera moito tempo diante da farmacia do Xestal.

Aínda se conservan as bases dos muros da edificación do século XVIII (x: 576711, y:4795032), a pesares de que se colleu moita pedra para o muíño, e tamén para o antigo camiño que subía desde a ponte ata a ermida, cando este foi arranxado.

As imaxes din que foron levadas para a parroquia de San Xulián de Vigo ou para a capela de San Mamede da mesma parroquia, xa que unha das últimas descendentes era desa parroquia, da casa coñecida como das «*Cechas*». En ningunha das dúas vimos a imaxe de San Paio, aínda que é posible que ardesen cando foi queimada esta igrexa parroquial en 1936.

CONCELLO DE MIÑO

SAN ISIDRO

(Callobre, San Xoán)

En Callobre, no actual lugar da Graña (x:568332, y:4796865), fundouse o mosteiro de San Isidro, un dos primeiros mosteiros beneditinos de Galicia, no ano 1088 polo clérigo Sentario. Foron varios os autores que trataron sobre este mosteiro como López Ferreiro (1905:III: 179), Andrade Cernadas (1997: 42) ou recentemente López Sangil (2005:87-100) quen atopou unha copia antiga do documento fundacional, pola que coñecemos a delimitación e a dotación:

Por esta donación va demarcando la jurisdicción y coto redondo de San Ysidoro de Callobre, según en ella se ve, y en esta forma la llebaba el Monasterio antiguamente; pero ahora es toda la propiedad nuestra y la jurisdicción se demarca así: Comienza en la entrada de la Corredoira que biene de Posadoira para las Vigas Vellas en la Bicha y Cruz de Palo, y va por el rego abago circundando la huerta por el muro, de allí circunda la vodega y la hermita y sale por detrás a la esquina del palacio, y toda la heredad que hará un ferrado de pan de sembradura y por aguas vertientes de la casa y era sale a la corredoira de la fonte de la Bicha y Cruz, en donde se empeçó a demarcar.

O mosteiro durou pouco tempo, sendo abandonado pola morte de varios frades en época anterior a 1163. Neste ano o conde don Fernando González de Traba dou ó mosteiro de Monfero a ermida de San Isidro de Callobre (AHN, carpeta 497, nº 8 e RAG Fondo Murguía en López Sangil, 2002: doc. nº 65), pasando a ser granxa do mosteiro de Monfero. De aquí procede o topónimo do lugar «Graña». Esta explotación durou ó longo de varios séculos, e mesmo no s. XVIII temos noticias do seu funcionamento. Actualmente podemos ver no lugar o edificio prioral restaurado (Veiga e Sobrino, 2011).

SAN NICOLÁS

(Carantoña, San Xulián)

Actualmente a capela de San Nicolás está nunha finca particular da familia Etcheverría, que era coñecida antigamente como «A Granxa». Fai mención dela



Jerónimo del Hoyo na Visita Eclesiástica de 1607 (1950: 311), segundo o cal pertencía ó mosteiro de Monfero:

> *Hay una hermita de Sant Nicolás de que goça Monfero la renta.*

A capela é posible que fose trasladada do lugar coñecido como de «San Nicolás» nos montes de Lavandeira (X:567052, Y:4802094). O lugar primitivo sería xusto no cruce de dous camiños antigos, un deles é a ruta do «Camiño inglés» a Santiago de Compostela.

O lugar orixinal da ermida coñecémolo pola relación da documentación medieval do mosteiro de Monfero realizada en 1833, así nun documento de 1142 (López Sangil, 2002: doc. 12):

> *[Regesta]: Rodrigo Muñiz y su esposa Urraca Froylaz donan al abad D. Munio y al monasterio de Santa María de Monfero la porción integra que tenían en el casal de Froyla Teúlfiz, junto con sus bienes de Lavandeira, que es territorio donde ahora está la ermita de San Nicolás de Carantoña, y sus montes...*

Pode ser que a este santo se refira unha copla recollida por Núñez Lendoiro (1990:73):

> Tras de Leiro, Viadeiro
> Trasdoroña, Carantoña,
> Hai un santiño no medio,
> Que non sei que nome lle poña.



Fachada da antiga capela de Santa Ana de Bañobre actualmente incluída nunha casa particular (Miño).

SANTA ANA

(Castro, Santa María)

Estaba esta capela no lugar de Bañobre, ó pe do pazo dos Varela, a quen pertencía (x:564888, y:4800831). Actualmente podemos ver parte dos seus elementos, aínda que integrados dentro dunha casa particular construída no século XX. Os muros da antiga capela serven na actualidade para delimitar o salón-comedor da casa. Conserva a fachada exterior, onde destaca o escudo da familia e a antiga porta de entrada, agora tapiada.

A capela foi fundada por Dona María Figueroa en escritura feita ante Juan Pardo en 1509, dotándoa de varios bens para a súa conservación. Algúns destes datos ofrécensenos nos libros parroquiais (AHDS, Libro de Visitas de Santa María de Castro) como nas Visitas realizadas en 1588 e1592:

> *...fue a visitar la ermita de Santa Ana que esta dentro desta feligresia la qual fundo y erigio Maria de Figueroa en cuyos bienes subcedio Juan Pardo mando el visitador que el tenedor y poseedor de los bienes anejados la dicha capilla y que dejo la fundadora haga la pared que se cae, adereze las vigas y maderamineto y la teje y la tenga limpia y aseada...*
>
> *Hermita de Santa Ana...que doto Maria Ares de Figueroa en esta dicha feligresia y dexo*

para su rreparo un tarreo de los candoreos que lleva renta ferrados de pan de senbradura para que de su rrenta se rrepare la hermita según consto a su merced de una scriptura de donacion que paso ante Juan Pardo escribano su fecha en el año de mill e quinientos e nueve anos…

Hai anos que o pazo foi foi abandonado e a imaxe da santa levouna un dos descendentes da familia para a súa casa en México.

SAN SALVADOR DE LEIRO

(Igrexa parroquial)

Estaba situada onde está agora o cemiterio de Leiro, nun lugar intermedio entre Leiro e Trasdoroña, que eran os que asistían á igrexa parroquial e usaban o cemiterio. Na documentación da parroquia (AHDS, Libro de Visitas), na Visita realizada en 1771 fálase da posibilidade de trasladar a igrexa parroquial para Leiro, aludindo que era necesario situala nun sitio máis céntrico, xa que estaba medio ruinosa e separada das casas:

una total reedificación ..que cuando haya efectos se haga de nuevo mudandola al lugar de Leiro, y cortiña que llaman de entre las casas por ser del iglesario…por el mal transito que hay para vajar a la actual iglesia…

Nun artigo do ano 1913 (La Voz de Galicia, 6-6-1913) alúdese á inauguración do novo edificio:

El próximo dia 15 del actual se inaugurará con toda solemnidad la nueva iglesia parroquial de San Salvador de Leiro, en el ayuntamiento de Castro. El edificio es muy hermoso, y se ha construido en un solar próximo a la carretera de Betanzos a Puentedeume.

Uns días máis tarde outro solto do periódico relataba o acontecemento (*El Correo Gallego*, 17-6-1913):

Se verificó la inauguración del nuevo templo parroquial de San Salvador de Leiro.
El acto fue muy solemne. El párroco D. Manuel Capela Fernández por delegación del prelado, bendijo la iglesia en cuya construcción se emplearon cuatro años, pero hay que tener en cuenta pues solo trabajaron en ella dos canteros, dos carpinteros y dos albañiles.
El edificio es muy hermoso y se halla emplazado cerca de la carretera de Betanzos a Ferrol. Ha sido presupuestado en 27.000 pesetas. Fue construido por D. Lorenzo Ruano…

NOSA SEÑORA DAS DORES

(Leiro, San Salvador)

Estaba contigua á casa reitoral, onde está actualmente o marco de pedra. Foi fundada en 1780 por un crego da parroquia co obxecto de custodiar o Santísimo Sacramento, xa que a igrexa parroquial quedaba un pouco lonxe ó estar onde está actualmente o cemiterio. Da súa fundación temos noticia no Libro de Visitas da parroquia (AHDS), concretamente na realizada en 1791:

Visitó la ermita su advocación de Nuestra Señora de los Dolores que se halla contigua a la casa rectoral: es de los curas de esta parroquia erigida por don Joseph Ramón Legaspi que lo fue de ella…año pasado de ochenta, tienen el privilegio de custodiar en ella dichos parrocos el Santisimo Sacramento para administrar con mas prontitud el viatico a los enfermos, respecto la distancia y pantanos que de dicha casa a la iglesia parroquial se encuentran…

SANTA CATALINA

(Miño, Santa María)

Estaba situada na horta da Pumariega, no que hoxe é a Praza da Fonte. A ermida foi nalgún tempo propiedade do mosteiro de Montefaro.

Na documentación parroquial hai varias referencias a ela (AHDS, Libro de Fábrica de Santa María de Miño), concretamente nas Visitas Eclesiásticas seguintes:

Visita de 1704
... estar muy viexa la puerta habierta de dicha hermita de santa Catalina...

Visita de 1712*:*
Habiendose visitado la capila de Santa Catarina se hallo muy indezente sin ornato de modo que no puede celebrarse en ella, por tanto se manda que el cura de aviso con copia deste auto al Primero ministro y religiosos del convento de Montefaro de la tercera orden de nro señor Francisco que se dize son patronos de dicha ermita...

Visita de 1786
Visitada la capilla de santa Cathalina, y visto el estado en que se halla, que necesita repararse el fallado, blanquarse, y poner con el correspondiente aseo el Altar, e ymagenes, y atendiendo a que los reparos de esta Capilla corren al cuidado de los Rmos Ps de Montefaro, espera su Mrd, que noticiosos de los que necesita los executaran con la posible brevedad...

Visita de 1817
Hallando la capilla de santa Catalina perteneciente al convento de Montefaro inmunda por las aguas que filtran del camino Real en ella la suspende desde ahora hasta que se haga bien firme la calzada que pasa prosima a ella, y se ponga corriente el desague de las aguas que recoge don Benito Mendez; ejecutado lo que la referida comunidad la pondrá limpia y blanca y renovada para que SSY la habilite para celebrar.

O lugar que ocupaba a ermida estaba á beira do Camiño Real, pero había diferentes regatos de auga que hoxe en día a maioría están canalizados, aínda que nalgunha das hortas queda algún que discorre ó aire libre.

SANTA MARÍA DE MIÑO
(Igrexa parroquial)

A antiga igrexa estaba situada na península do Castro de Loios, onde agora está o cemiterio (x:563463, y:4800364). Segundo Carré Aldao (Carré, 1936:871) grandemente poético era o antigo templo dentro da súa humildade, co seu cruceiro, o seu cobertizo ou alpendre, o seu campanil e, a pouca distancia, o seu adro era como un miradoiro á ría. O campanario foi derrubado e da igrexa solo queda algún resto xa que o cemiterio abarcou todo o espazo. O camiño que vai cara ó cemiterio aínda se coñece como «O camiño da igrexa».

O campanario era independente da igrexa (Núñez Lendoiro, 1990:30) e próximo a ela estaba a coñecida como «Fonte Santa» entre rocas nos ribazos da «Robaleira».

A principios do século XX quérese facer unha nova nun sitio máis céntrico sen importar o valor artístico e patrimonial do vello templo, así no lo fai notar un artigo de prensa (La Voz de Galicia, agosto 1901) aludindo ó seu mal estado:

...Posee Miño una iglesia parroquial que data nada menos que del siglo XI, que fue destruida dos veces por el fuego, y cuyo mal menor no sería que el incendio abreviase de nuevo el derrumbamiento que amenaza. Tal como está hoy es una ruina, y ni altares ni santos tiene, todo lo cual unido a su apartamiento del centro del pueblo trae a mal traer a sus feligreses...

A igrexa nova construíuse en 1906 con donativos dos veciños, sendo contratada a obra a D. Jacobo Tejada e Ramón Santos, este último veciño de santa María de Ois, contratista de cantería (AHDS: Fondo Parroquial Santa María de Miño, Serie: Varia nº 1).

Con motivo das obras fíxose un inventario no que se da unha relación das tallas existentes:

La de Nuestra Señora de la Asuncion, patrona de esta parroquia hecha de nuevo y de la cintura para arriba de madera de caoba, de cinco cuartas de alto, con su nube y angelitos sobre su peana. San Pedro, San Antonio, San Roque y San Andres, hay otro San Roque perteneciente a la iglesia que desde el colera estubo y esta en la capilla de San Juan, la Virgen de la purificacion, asi como un grande crucifijo en el altar de animas.





Capela de San Xoán da Area na situación actual en Sombreu (Miño).

SAN XOÁN DA AREA

(Miño, Santa María)

Esta ermida está en Sombreu, o motivo de incluíla no presente traballo, é que a tradición oral dos veciños di que de antigo estaba noutro lugar, concretamente nas inmediacións da Praia da Ponte do Porco.

-La trasladaron unos «Padres Finidores».

-Cando a cambiaron din que trouxeron cousas en burros e que as deixaron na casa de Quiroga, frente á capilla. Din que algunas destas cousas metéronas debaixo das lousas da capilla.

Non dispoñemos de ningunha base documental que nos sirva de testemuña deste cambio, xa que a pesares da inscrición gravada na porta principal: «D. JACOBO GARCIA LA HIZO AÑO 1833», a realidade é que temos noticias dela no lugar de Sombreu a principios do século XVIII, como nos mostra o Libro de Fábrica da parroquia de Santa María de Miño (AHDS):

Visita de 1704

Haviendose visitado la hermita de San Juan, la de Sancto Tome y Santa Catalina, se hallo la de San Juan no tener Ara, ni paños del altar, y llover en ella por los lados de dicho altar, y no tener llave la puerta…

Visita 1712:

Habiendose visitado la capilla de San Juan de Sombreu sita en la dicha parroquia hallo en ella un hornato muy indecente y no tener frontal alguno y el altar está por pintar, para cuio remedio manda que Andres da Riveira…que la dejo por su testamento Juan Antonio Vazquez Patrono que fue della …y pinte el retablo.

SAN AGUSTIÑO

(Perbes, San Pedro)

No «Camiño da Granxa» que vai de Perbes ó lugar de Bolo, na antiga granxa dos Agostiños de Pontedeume (x:564093, y:4803504), na parroquia de San Pedro de Perbes, estaba a capela de San Agostiño. No Libro de Visitas faise mención dela (AHD. Libro de Visitas (1791)Sig. 1273):

Capillas: En el lugar de Bollo feligrasia de San Pedro de Perbes…capilla su advocación San Agustin, que es de los padres aguti-



nos de la villa de Puente deume está decente tiene hornato, y caliz para los santos sacrificios, y este por dorar por lo que mando su merced lo dorasen quanto mas antes para pasado dos meses privada su merced se pudiese celebrar con el.



ROSARIO

(Perbes, San Pedro)

Hai referencia a unha capela no lugar do Río, pertencente ós Agostiños da Coruña, hoxe coñecido como Torre-Bermaño, situada ó pé da casa reitoral de Perbes (x:564256 y:4802240). Tamén era coñecida como de Nosa Señora do Carme, e aínda podemos ver os seus restos á beira da antiga torre de Bermaño, reconstruída no século XVIII (Núñez Lendoiro, 1990:63), actualmente ruinosa.

Hai aproximadamente cincuenta anos aínda se facía romaría neste lugar, e ía a procesión arredor dun vello castaño que desapareceu.

Non dispoñemos de momento de máis noticias debido a que os libros parroquiais de Perbes conservados no Arquivo Diocesano de Santiago están en malas condicións.



SAN ESTEVO

(Vilanova, San Xoán)

Estaba situada non moi lonxe da igrexa de San Xoán de Vilanova, no antigo campo de fútbol do Perbes, no terraplén da vía do tren, que era coñecido como «O campo da Ermida» (x:564873 y:4803512). Cando se realizou o desmonte do campo de fútbol atopáronse restos que poderían pertencer á antiga ermida de San Estevo (Datos facilitados por Lucía Costas e os informantes foron Leonardo Esteiro e José Carlos Infante).

Está documentada esta ermida xa en 1172 segundo se contén nunha copia de 1737 do Tumbo do mosteiro cisterciense de Meira (AHN, Códices, Legaxo 114):

S. Esteban de Pruços era de 1210. El Rey D. Fernando hiço donación (....) y a D. Vidal Abbad de la iglesia de San Esteban de Pruçios, ques un buen coto que lleva el dicho monasterio con sus rentas y medios diezmos y perdió la jurisdicción por haver aforado por mucho tiempo. Después el Rey Don Alfonso hijo del dicho Rey Don Fernando confirmó este privilegio.- era de 1265 pag. 390.

Noutro lugar da mesma copia do Tumbo do dito mosteiro de Meira (AHN. Legaxo 144), ofrécensenos máis noticias da granxa de Pruzos e da ermida de San Estevo, e dáse conta da celebración dunha romaría o segundo día de Nadal, que oficiaba normalmente un monxe de Monfero:

GRANJA DE PRUÇOS. Perves
En el Arzobispado de Santiago junto a las Puentes deume tiene este monasterio una granja que se diçe Pruços, feligresía de Perbes, y en ella ay una hermita de la vocación de San Esteban, y aquel día que es el segundo de navidad Ay Romaje, y suele yr un religiosso de esta casa a decir la missa, o lo encomienda esta casa o el abbad della algun Religiosso de Monfero para que coja la ofrenda que es toda deste Monasterio, aunque el clérigo de aquella feligresía se entromete en quererla llevar y se le ha ympedido y en esto se tenga mucho cuydado: Solía tener esta granja jurisdicción cibil y criminal y por Averla aforado el monasterio por espacio de mas de ciento y cincuenta años a personas poderossas y que tenian jurisdición allí cerca se lebantaron con ella y se perdió y el último foro se hiço de la granja con su jurisdicción cibil y criminal con la hermita, y con todas sus Rentas y lo mas a ella anejo conforme va demarcandose toda la granja en contorno en el dicho foro el año de 1509. a Juana Diaz de Lemos vzª (vecina) de Vetanzos y otras tres voces por cierta renta. Como se vera en el libro 1º fol. 32. y fol. 393 del libro 4º Año de 1513 Xpobal de Andrade hijo de la dicha Juana Diaz presento el foro y se nombro por 2ª voz y se obligó de pagar 700 maravedíes de renta = Año de 1521. Pº (Pedro) Fernández? Escribano vzº (vecino) de la villa de Billalva presento el foro. Y un poder del conde Don Fernando de Andrade tutor y curador de Juana Diaz hija de Cristobal de Andrade para nombrarla por voz y virtud del dicho Pedro Fernandez escribano nombro por tercera voz a la dicha Juana Diaz. Fol. 395. 396 = Año de 1555 a 1556. se apeo fol. 323 del libro 1º de apeos y libro 3. de apeos fol 336= Año de 1564.

Outra documentación desta granxa alude a unha imaxe de San Estevo (AHN. Fondo Clero Secular. Legaxo: 6452, de 1657):

...para que en nombre de dicho Padre Abad fuese a la iglesia de San Juan de Villanueva de esta Jurisdicción de Perbes donde estaba depositada la imagen del glorioso San Esteban y lo colocase a su ermita de su mismo nombre que está en esta feligresía que es de dicho convento de Meira y lo más contenido en dicha orden y comisión, que volví a su poder, al que me refiero en virtud de lo cual dicho Padre Fray Atilano Sánchez fue a dicha iglesia de San Juan e hizo notoria dicha orden al Licenciado Antonio de Villacova, Vicerrector que al presente es de dicha iglesia, el cual, después de haber dicho misa a sus feligreses, se quitó dicha imagen de San Esteban de la capilla mayor donde estaba y se trajo en procesión...

Finalmente, a finais do século XVIII, nunha Visita Eclesiástica de 1770 mencionase esta ermida e sinálase que non está en moi bo estado (AHDS, Fondo Xeral, Libros de Visitas Pastorais, Sig. 1270):

Hermita: la de San Esteban... no está muy decente...

CONCELLO DE MONFERO

SAN ANTONIO
(Monfero, San Fiz)

Esta ermida estaría onde está agora a igrexa parroquial de San Fiz de Monfero. Dise nun documento que a igrexa de San Fiz estaba onde está o mosteiro e levouse a pía bautismal á ermida de San Antonio en 1171 (López Sangil, 2002: doc. 94). Nun preito sobre «diezmos» (ARG, Fondo Vaamonde Lores, sig. 455) de 1811 cítase este documento:

El 1 de junio de 1171 pidió el abad D. Juan Muñiz a su santidad licencia para sacar la pila y feligresía de San Felix del monasterio, porque fuese mayor el retiro y soledad de los monjes para orar y, así con ella la sacaron a una ermita de San Antonio, en donde está ahora...



ERMIDA DAS MADANELAS

(Monfero, San Fiz)

Na parroquia de San Fiz de Monfero, preto do Penedo do Boi (x: 578272, y:4797046), dicían que houbo unha ermida:

> -*aquí houbo unha capela, fai anos aínda se vían algunhas pedras da ermida e había tamén un foso que decían que o fixeran os mouros*.

Non nos apareceu documentación referida a ela.



SAN MAMEDE

(Monfero, San Fiz)

A ermida de San Mamede estaba situada no lugar de Cotillón, relativamente próximo ó mosteiro (x:576256, y:4799958).

Aparece nun documento de 1175, en que Don Oveco Peláez fai doazón ó mosteiro de Monfero da súa herdade en San Mamede de «Cotelón». (López Sangil, 2002: doc. 108, orixinal en AHN, carpeta 497, nº 4, 2v)

Nun documento de 1237, Pedro Pérez de Leiro renuncia á ermida de San Mamede e á herdade de Cotillón, sitas no couto monástico (López Sangil, 2002: nº 266).

En 1238, Pedro Pérez dona ó mosteiro a metade do lugar de Cotillón e a metade da ermida de San Mamede, que fora do convento de monxas bieitas, excepto un cuarto que tiña Aldara Hernández, con quen partiu o mosteiro e deulle por elas uns casares vellos en Vilachá. As outras dúas metades do lugar e da ermida foran doadas ó mosteiro por Obequio Peláez en 1170 (López Sangil, 2002, nº 269. doc. en sig. 256 do ARG, antigo nº 50 do arquivo do mosteiro).

A ermida seguía existindo cando se realizou a Visita Eclesiástica de 1720, aínda que en moi mal estado polo que se ordena tirala e o Visitador doulle o santo a un particular (AHDS. Libro de Fábrica de San Fiz de Monfero):

> *...pasó a hacerla de la hermita de San Mamed, sita en terminos de esta feligresia de San Felix de Monfero y la halló sin puerta y sin ornamentos y hecha una caballeriza, el tejado y paredes maltratadas y solo sobre un foyo que debiera de querer fuese mesa de altar una imagen de un santo vieja y carcomida, por lo cual su Ilustrisima dio la referida imagen a un hombre que la quiso y mando que el cura haga dentro de quince dias demoler dicha hermita, bajando sus paredes hasta el estado de un hombre y zerrando de piedra las puertas, y poniendo una cruz en el sitio donde estuvo el altar y por ningún medio ni titulo se vuelva a reedificar dicha hermita, pues se excusan grandes irreberencias demoliendola...*

VIRXE DA CELA

(Monfero, San Fiz)

Estaba situada no lugar da Cela, na Visura, onde conta a lenda que se apareceu a Virxe e tivo a súa orixe o santuario mariano do mosteiro de Monfero.



No lugar que ocuparía a ermida (x:578531, y:4799405) colocou un particular un cruceiro nunha peneda, que segundo unha inscrición do fuste realizouse en 1886:

IZOSE ES
TE EN ERA
DE Xº NTRO
SR A 1886

A escasos metros do cruceiro existía xa un monumento en forma de fonte adicado á Virxe da Cela, cunha imaxe en pedra da Virxe dentro do seu tímpano. Unha inscrición no seu fronte da conta do ano de realización en 1751.

Un vello libro conservado no Arquivo Histórico Nacional (Sección Códices,sig. 259B) da autoría do Frade Bernardo de Cardillo de Villalpando a principios do século XVII, publicado e transcrito por José Luis López Sangil (1999), titulado *«Tumbo, donación y fundación de este Imperial Monasterio de Monfero y sus cotos y jurisdicciones con las grandezas de dicho monasterio»*. Conta o frade Bernardo referente ó antigo santuario:

> *Entre las cosas de perpetua memoria que tiene este monasterio y de quien hemos tratado y trataremos en el progreso de esta historia, es también una fuente milagrosa, llamada la Fuente de Nuestra Señora de la Cela, la cual está donde estaba su santa ermita antiguamente, de quien adelante trataremos, explicando el puesto en que estaba entre los riscos de los montes. A esta fuente, pues, acuden como a piscina de toda santidad por salud de todos los vasallos y vecinos de este coto, cuando se hallan aflixidos de varias y diversas enfermedades, y bebiendo de sus aguas, quedan libres y sanos de toda lepra, como si fuesen aguas del Jordán: pero que mucho que si estas estuvo el Arca del Testamento detenida cuando la sirvieron de muralla sus corrientes, encima de las de esta fuente milagrosa estuvo la ermita y altar de esta santa imagen desde tiempo inmemorial y bastó para apagar en una ocasión todo el incendio del monte que casualmente se abrasó todo, hasta que llegando el fuego a esta fuente, se apagó como si hubiera acudido con un mar de agua para apagar el fuego*.



Cruceiro e monumento na Cela onde estaba a antiga ermida (Monfero).

O mal estado da ermida foi un dos motivos polos que en 1564 se trasladou a imaxe ó mosteiro, segundo se nos di, sobre os ombreiros dun dos monxes, instalándose nunha capela da igrexa.

O frade Bernardo relata o seu traslado ó mosteiro e a numerosa asistencia de romeiros (López Sangil, Amigos do mosteiro de Monfero, nº 1):

...esta santa imagen estuvo de muy antigüo en una ermita (de quien al presente se ven los fundamentos) en la quiebra que hace una muy grande y empinada montaña, por la cual se despeña un pequeño riachuelo que viene a dar en la cerca del Monasterio de la parte de oriente. Intitulábase la imagen (y hoy día conserva el mismo título) Nuestra Señora de la Cela, por ventura por tener su celda junto a ella un monje de este monasterio, del cual está seis tiros de alcabuz, en tiempos antigüos haciendo allí vida anacoreta. Lo que sabe de cierto es (porque no hay en el archivo papeles ningunos que lo declaren) que la trasladó de la dicha ermita a este monasterio, por ver la poca decencia con que en ella estaba, el muy reverendo Padre Fray Eugenio Guerrero, siendo abad de este monasterio, el año de Cristo de mil quinientos y sesenta y cuatro, trayéndola sobre sus ombros en unas andas con un religioso de este monasterio, llamado Fray Lope Hernández, el cual vive hoy en este monasterio, día de Nuestro Padre Sant Bernardo, en que esribe esto, año de mil seiscientos y diez y ocho, y tiene sesenta años de hábito cumplidos. Pusieron a la santa imagen en una capilla, estofándola y vistiéndola con ricos vestidos que le ofrecieron muchas personas devotas, al lado de la epístola, junto un pilar, cerca del altar mayor...





SAN XIAO DE ARCA

(Monfero, San Fiz)

Estaba dentro da parroquia de San Fiz de Monfero, e o sitio onde estaba aínda se coñece hoxe como *A Capela* (x:579398, y:4803069). Moi próxima a ela hai unha fonte á que lle chama «A Fonte da Capela».

Aparece nomeada nun documento de 1135 (ou 1151), cando Alfonso VII acouta o mosteiro de San Xoán de Caaveiro (Fernández de Viana… 1990: 313 e Fernández de Viana e González Balasch, 1999:107), documento que se conserva no Arquivo Histórico Nacional (Cód. 1.439B, fol. 3, col. 1):

... et per lombum de villa Iohanni, et super lumbum das Corveiras, et inde ad pontem Velosam, et per armadam Sancti Iuliani de Archa, et inde ad Couze de Monte Longo...

Sánchez Belda (1953) opina que este documento é unha falsificación feita sobre

un documento real. En todo caso, pódese asegurar que en plena Idade Media xa existía esta ermida.

En época medieval pasaba por aquí unha vía que ía desde o cruce da Visura, Xestoso e cruzaba pola «Ponte Velosa», seguindo por San Andrés e San Xiao de Arca, ata enlazar co camiño que ía de Pontedeume a Viveiro (Ferreira Priegue, 1988: 202)

Na Visita Pastoral de 1770 a ermida estaba en mal estado:

> *Las de San Julian de Lagares, y San Julian de Arca, estan del todo indecentes…*

Cando se desfixo a ermida as imaxes quedaron nunha casa particular –segundo nos contan - e parece ser que se desfixeron todas porque estaban moi atacadas pola couza. Soamente quedou a imaxe do patrón San Xiao, que foi para a ermida de San Xiao de Lagares, e alí segue actualmente presidindo a ermida do santo veciño. Houbo por alí quen dixo, que os de Arca trocaran a imaxe por unha besta.



SANTA MARÍA DA AZOREIRA

(Queixeiro, San Xurxo)

Estaba esta ermida en Cortizas, na parroquia de San Xurxo de Queixeiro (x:576993, y:4803352). A xente aínda a recorda:

> *-Chamábanlle Santa Mª da Azoreira, tamén había máis santos nela como eran o San Xurxo e a Virxe do Rosario. Fai tempo atoparon moedas antigas no chan da capela que era todo de laxes.*
> *-Miña nai acordábase de ter bailado con zocas no lugar da ermida, daquela aínda se vían cachos de muros, despois arramplaron con todo e colocáronos de firme nun camiño. Os santos leváronos para a iglesia de Queixeiro* (Veiga e Sobrino, 2002).



Imaxe sen restaurar e restaurada de Santa Amalia, procedente da ermida da Azoreira e actualmente na igrexa parroquial de San Xurxo de Queixeiro (Monfero).

Enriba da ermida da Azoreira, e moi próxima a ela, estaba a chamada «Pena Cruzada», que aparece en varias das demarcacións do Mosteiro de Monfero. Aparece tamén citada por Ferro Couselo (1952) no seu estudo dos petroglifos de termo:

> *En la demarcación de S. Fiz de Monfero se hallan dos penas cruzadas, una sobre S. Bartolomé y otra junto a la ermita de la Azoreira, antes del Porto das mestas dos Picos, en el que se juntaban las feligresías de S. Fiz, S. Lorenzo de Grixoa y Santa Juliana.*

As imaxes foron para a igrexa parroquial, na que se conservan, concretamente: unha Virxe do Rosario, un San Xurxo e unha santa Amalia.





Imaxe de Santa Baia (Monfero).

SANTA BAIA

(Xestoso, Santa María)

Esta ermida é agora un edificio moderno, propiedade dos veciños, que está na parroquia de santa María de Xestoso. O motivo de incluílo aquí é debido a que se cambiou a súa situación en dúas ocasións antes de ser construído en 1972-1974 no lugar actual.

O lugar de asentamento orixinal da ermida ata a primeira metade do século XIX foi no lugar de «Porto Lago», á beira do coñecido como «Camiño dos franceses» (x:586325, y:4797532).

Hai alusións á ermida en documentos do século XII publicados por López Sangil (2002: doc. 8, 18, 56 e 107) e conservados no Arquivo Histórico Nacional: un deles de 1145 en que Menendo Peláez e os seus irmáns doan ó mosteiro de Monfero a súa herdade en Santa Baia de Durexa. Outro en 1160 que é nomeada como «Santa Balla en Valdureya», e finalmente outro de 1175 en que Don Bermudo Fortúnez dona ó mosteiro os seus dereitos na igrexa de santa Eulalia de Durexa, co establecemento dunha misa diaria durante un ano.

En documentación máis moderna, conservada no Arquivo Diocesano de Mondoñedo, contamos con datos que nos permiten coñecer a súa antiga situación (AHDM, «Libro sobre la iglesia, capillas, cofradías, etc. de la Parroquia de Santa María de Xestoso (Siglo XIX)»:

> *Hallase otra hermida en el lugar de Santa Balla a la inmediación de Portolago sin rentas, sin patrono al parecer, sin misas de fundación. La casa de D. Ramón Castelo a cuya inmediación se halla es la depositaria de su Ara, caliz y hornatos y ha sido hasta aquí quien la reparó con motivo de haber sacerdote en casa que misaba en ella, mas en la actualidad se halla en estado de abandono… basta decir que se halla sin cerradura, y que entra por consiguiente quien quiere en ella sin obstaculo. No hay dentro alaja alguna, ni tiene campana, y solo hay un retablo con tres imágenes, Santa Eulalia y otras dos desconocidas por las muchas primaveras que cuentan…*





Virxe do Leite, sen restaurar e restaurada, procedente do mosteiro de Monfero na ermida de Santa Baia de Xestoso (Monfero).

Foi a mediados do século XIX cando don Romualdo Vila, da familia dos Castelos con vinculación á familia de Porto Lago, solicítalle ó bispo de Mondoñedo poder trasladar a ermida:

D. Romualdo Vila vecino de Santa Maria de Gestoso del arziprestazgo de su digno mando a V.Y. con la mas reberente submisión espongo que hallandome quieto y pacifico poseedor de muchos años a esta parte po virtud de la vinculación que formó D. Francisco Castelo religioso que fue Franciscano de una capilla llamada de Santa Eulalia terminos de la parroquia de Santa Maria de Gestoso y que pertenece a la casa llamada de Porto Lago de quien deriba hoy el esponente todo derecho, por ser reducida y estar a alguna distancia de dicha casa, el esponente con el fin de conserbarla y darle el realce que sea debido a la mejor ostentación de ella me conbenia fuese por usted permitido poder mudarla al punto de la casa avinculada, y como en ello se recibe un beneficio por dar mejor culto y ostentación a la fundación, aunque la misma no posee ninguna renta sino que procede el cuidado y aseo de ella como hasta aquí se usó, le suplica lo que con miramiento a lo espuesto se sirba concederme la facultad indicada con el fin de proceder a su ensanche, y dar mejor culto una bez lo reducida que es la que existe pues ademas de ser fabor lo recibiria por gracia de su notoria justificación. Gestoso Marzo de mil ochocientos cincuenta y nuebe.

O informe do párroco de Xestoso era favorable a este traslado:

Una vez la gran devoción y miramiento con que el solicitante D. Romualdo Vila y la familia de los Castelos con que está enlazado este Sr. han continuado hasta aquí reparando y sosteniendo la Capilla de Santa Eulalia

en Santaballa terminos de esta parroquia son acreedores a la autorización para su traslado...

A nova ermida realizaríase fronte de onde está actualmente, con maior ostentación que a primitiva, e así na época da desamortización de Monfero trasládase para ela a imaxe da Virxe do Leite (en 13 de novembro de 1869), como nos indica Couceiro Freijomil (1971: 99):

> Capilla de Santa Eulalia de Porto Lago, en Gestoso, propiedad de doña Carmen Castelo, viuda de don Romualdo Vila, quedó depositada, una imagen de Nuestra Señora dando el pecho a su Divino Hijo.

A imaxe da que se fala está actualmente presidindo os cultos na ermida, aínda que o seu aspecto variou.

Recentemente atopouse pegada á ermida unha ara romana que está depositada no Museo das Mariñas de Betanzos, e foi publicada por Antonio Rodríguez Colmenero (2013:75-78).



Imaxe de San Martiño de Xestoso que actualmente está na igrexa de San Martiño de Piñeiro en Xermade (Lugo) (Foto sacada de www.amigosdeaspontes.org).



SAN MARTIÑO

(Xestoso, Santa María)

Estaba no lugar da Ermida (x:588626, y:4802219), arriba do Ferro, e cando se arruinou a imaxe do San Martiño -a cabalo- foi parar á igrexa de San Martiño de Piñeiro, en Xermade (Lugo), onde está actualmente.



SAN PEDRO DE VALDUREIXA

(Val, San Pedro)

Estaba situada esta ermida entre Dureixa e Canedo (x:584711, y:4795520). Temos noticias dela no Arquivo Diocesano de Mondoñedo (ADHM, *«Libro sobre la iglesia, capillas, cofradías, etc. de la Parroquia de Santa María de Xestoso (Siglo XIX)»:*

Capilla de Canedo.
Según relación de D. Antonio Amago y Castrillon tomada del Libro de Aniversarios y dada en 1698 no se conocia ya entonces el fundador o Patrono de la Capilla de San Pedro do Canedo, ni tenia ni en la actualidad tiene misas de fundacion ni renta para sus reparos; de modo que ahora como entonces subsiste y subsistió de la caridad de los fieles del valle de Dureija. Debe ser muy antigua y a regular se hayan enterrado alli los cadaveres en sus primeros años como los dan a entender varios nichos subterraneos que se hallaron en sus escabaciones. Tiene en la actualidad en su retablo antiguo cinco efigies: la de S. Pedro su patrono, Ntra Sra. Del Carmen, Ntra. Señora de los Remedios, S. Antonio y S. Jose…
D. Tomas Couto Patrimonista de la parroquia celebra Misa en esta hermita a los vecinos del valle de Dureija todas las dominicas y dias festivos del año, su estipendio pende de un contrato echo con aquellos fieles. Hubo ya varios reparos sobre la dicha Misa y usurpación de derechos parroquiales con su motivo; pero la necesidad aconseja tolerancia, y que el cura cierre los ojos en atención a la grande distancia de la parroquial, y a los servicios que prestan á aquellos fieles los Presbiteros que la ofrecen, que de algunos lugares no hay menos de dos leguas.
Algunos años hay en la referida hermita tres festividades que consisten en misa cantada sin terno alguno, voladores, gaita gallega y tamboril, y se celebran en 29 de junio, 16 de julio y 15 de setiembre en honor de San Pedro, la Virgen del Carmen y de los Remedios, todo a expensas de algun deboto que hace este sacrificio voluntario que le inspira su devoción hacia alguna de las tres imágenes referidas. La hermita es de muy poca capacidad para la familia que oie misa en ella a pesar de que ya fue añadida en otro tiempo, y de poco a esta parte hicieron un coro en ella en que se acomodan cinquenta personas; pero la estrechez del terreno no permite ensancharla por estar rodeada de tierras de cultivo. El dia de Corpus de Resurreción, y ocho de setiembre no se permite alli misa para que los fieles concurran a la parroquial pero la inclinacion que tienen a ponerse independientes de los vecinos del alto les hace mirar esta privacion por un vidrio de aumento.

Entre 1850 e 1851 construíuse o edificio actual da igrexa realizado a instancias do presbítero, natural do lugar de Canedo, Don Tomas Domingo Couto, que contou coa axuda de seu irmán que cedeu o terreo. Fíxose coa colaboración dos veciños, aínda que parece ser que non co entusiasmo desexado. Parte dos fregueses non estiveron de acordo con esta obra, non sabemos se por realizarse nun momento de grave crise agrícola -como di a autoridade eclesiástica- ou por ser trasladada de lugar:

Capilla nueba de San Pedro de Canedo
Para que pudieran los vecinos del Valle oir misa con comodidad fomenté la idea de hacer nueba capilla decente, y con la estensión necesaria para admitir la gente que se reune en ella, al efecto solicité del Gobernador eclesiastidco licencia para demoler la antigua y aprovechando sus materiales edificarla más capaz en el sitio en que se halla, cuyo terreno cedió Manuel Couto de Canedo, y con su fecha 7 de junio de 1850 se espidió en Mondoñedo el decreto siguiente…
… cabalmente ocurrió esta obra en un año muy escaso, a que se agregó por parte de algunos su dosis de mala fe. Sin embargo pudo ponerse decente para que se bendijese en veinte y ocho de junio de 1851, y se celebrase la Sta misa en ella el 29 del mismo en que caia la festividad de su patron…
[nota do bispo ou delegado Juan María de Piñeiroa: bendicion] …se hallaba en estado de decencia regular procedí a bendecirla en la tarde del sábado 28 de junio del corriente año con asistencia de don Tomas Domingo Couto Presbitero natural del lugar do Canedo, y Patrimonial de esta parroquia director, plenipotenciario, y benemerito de dicha capilla, su hermano Manuel que cedió el terreno para hacerla, Juan hijo de este y un gran numero de vecinos… y al dia siguiente el mismo don Tomas Domingo Couto

celebró en ella la santa misa solemne en honor de San Pedro su patron con regocijo de los mismos que habían promovido el cisma que habia demorado su conclusión, tenemos por una capilla decente y capaz construida a espensas de los vecinos del Valle de Gestoso, que aunque no tiene fondos para sus reparos es de esperar que no dejen arruinarla los descendientes de los mismos que la hicieron en 1850 a 1851 que fueron dos años de hambre en esta parroquia por faltar no solo el pan sino hasta las patatas y verzas en las huertas, de donde emanó alguna oposición que sufrió la obra (Juan María de Piñeiroa).

Moitas das funcións relixiosas pasaron a realizarse na nova capela a partir da súa construción, aínda que habería que esperar ata 1897 para a definitiva división das parroquias do Alto e do Val de Xestoso.



Imaxe da Nosa Señora da Barosa actualmente na igrexa parroquial de San Martiño de Bandoxa (Oza-Cesuras).

CONCELLO DE OZA-CESURAS



SAN SALVADOR DE BAROSA

(Bandoxa, San Martiño)

No lugar de Barosa atópanse restos dos muros da antiga ermida de San Salvador (x:570130.14, y:4784416.60), mesmo os prados que alí hai levan o nome de «prados da capilla».

Foi fundada en 1629 por don Pedro de Moscoso, cura da parroquia de Bandoxa, como se nos di nunha Visita Eclesiástica de 1770 (AHDS. Fondo Xeral. Sig. 1270):

La de San Salvador de Barosa hallase bien y decente en sitio yermo y despoblado, fundola don Pedro Moscoso cura que fue de esta parroquia en 15 diciembre 1629... »asentó el cura que el dia de la Ascensión del Señor ba la procesión desde la iglesia de esta hermita... que los vecinos tienen con ella mucha devocion.

Celebrábase nela a romaría da presentación de María o 21 de novembro. O domingo seguinte ó da romaría era outro día de festa e había moita xente que levaba ofrendas: castañas, mel, queixos e galiñas. Posiblemente debido a que fixeran as poxas ou posturas coas ofrendas, era coñecido como *Domingo das Posturas* (Veiga e Sobrino, 2003).

A imaxe da Virxe está na igrexa parroquial de San Martiño de Bandoxa, e mesmo un veciño conserva a campá da antiga ermida.



SANTA EUFEMIA

(Borrifáns, San Pedro)

Estaba situada no límite entre Borrifáns e Cabrui, na liña divisoria entre a xurisdición da cidade de Betanzos e o mosteiro de Sobrado, ó pé dunha das casas, nas seguintes coordenadas (x:564976, y:4775724).

Unha das referencias documentais que atopamos é precisamente a demarcación do Coto de San Martiño de Cabrui na doazón que fixo del o rei Fernando no 1173 ó mosteiro de Sobrado: (Loscertales, 1976: 50-51):

> *...Stroueos et per uillar de Toheio propter directum de Uillanoua, et quomodo se diuidit villar Ensar et Sancta Eugenia de Borrifanes...*

Aparece tamén inventariada nas Memorias do arcebispado de Santiago de Jerónimo del Hoyo en 1607 (Hoyo, 1950), onde se di:

> *...Hay una hermita de Santa Eugenia de por medio entre esta iglesia y la de San Martiño de Cabroy, en un sitio de fuero de los frailes de Sobrado que tiene un labrador y está derrivada. Llevose la imagen el retor de Cabroy a su iglesia donde está.*

A pesares de estar en tan malas condicións, un século e medio máis tarde, no 1750, aparece a capela nomeada de novo no Catastro de Ensenada como punto de división entre Borrifáns e Cabrui:



Imaxe de Santa Eufemia de Borrifáns (Oza-Cesuras) actualmente na parroquial de San Martiño de Cabrui (Mesía).

> *... de este al marco do franzes de este al de santa eufemia que se halla contiguo al formal de una capilla de este nombre deslindandose por esta parte de la feligresía de San Pedro de Burrifas...*

Era costume estendida na comarca ir á Fonte da Santa, que estaba situada a uns cen metros da ermida, para coller a auga e botala nas leiras. Segundo dicían, era boa para acabar cos vermes e as pragas das colleitas.

Actualmente na igrexa de San Martiño de Cabrui hai unha imaxe desta santa.

SAN ROQUE

(Cuiña, Santa María)

En Callobre había unha capela particular coa advocación de San Roque, fundada por don Antonio Barros e a súa muller dona Josefa González en 1776. No Libro de Fábrica da parroquia de Santa María de Cuiña (Arquivo da parroquia), na Visita eclesiástica realizada en 1792 alúdese a esta capela:

Capilla advocacion del Glorioso San Roque Hállase esta capilla particular situada en terminos de esta parroquia, al sitio nombrado de Callobre, fundacion de Don Antonio Barros Procurador del numero de la real Audiencia de este Reyno, y de Dª Josepha Vicenta Gonzalez de Evia y Ludeiro, vecinos de la ciudad de la Coruña, y residentes al presente en esta espresada parroquia, quienes por instrumento publico que pasó por fee de Joseph Alfeiran Villar de Francos en los siete dias del mes de marzo del año pasado de mil setecientos setenta y seis, cedieron para la decencia y manutencion de la citada capilla particular…varias partidas de tierras labradias, y chousas, que rentan lo suficiente para la manutencion de la espresada capilla, que visitó su merced y halló muy decente, limpia, y aseada, con todo lo necesario para la celebracion del santo Sacrificio de la misa…

Esta capela particular estaba na coñecida como «Casa da Portería». A capela chegou ata os anos corenta do século pasado, e ainda hai pouco tempo había na casa dous cadros que eran dela. Tamén desapareceu unha cruz de cantería, e os da casa dicían que a desaparición da cruz trouxera mala sorte.

SAN ANTONIO OU NOSA SEÑORA

(Filgueira de Traba, San Miguel)

Fai mención dela Jerónimo del Hoyo na Visita Eclesiástica de 1607 (1950:389):

Hay una hermita de Nuestra Señora de Traba; dizen está decente.

O lugar orixinario desta ermida non é o que coñecemos actualmente, senón que



Inscrición do dintel da ermida de San Antonio de Filgueira de Traba (Oza-Cesuras).

estaba situada á beira da fonte que hai a escasos cen metros do Pazo dos Rapela por onde ía o camiño antigo (x:560214, y:4776645). O lugar aínda é coñecido como de *San Antón de Arriba* e ás leiras dos arredores como as *Leiras de Santa María.* Nas inmediacións da fonte cando se fixeron os traballos de achandado do terreo apareceron cantidades de pedra e tella da antiga ermida.

Temos noticias dela nas Visitas pastorais de 1770 a 1777 (AHDS. Sig. 1270):

Hermita

La de Nuestra Señora (vulgo das Leiras) en terminos de la parroquia es de los vecinos exenta de otro patronato, está decente, tiene caliz, hornatos y lo mas necesario para celebrar, y libro de fabrica donde consta su visita. En 13 de febrero de 1725, Gregorio Suarez Mosquera dejo a esta hermita sus bienes con la pensión de 24 misas rezadas cada



Detalle da imaxe de Nosa Señora da ermida de San Antonio de Filgueira de Traba (Oza-Cesuras).

año en dias señalados de que se lleba razon en dicho libro, producen de renta al presente 44 ferrados de centeno, y hay de caudal existente 2691 rs, manda se lastre la hermita hasta el medio, haga atrio cerrado y efectuado lo referido ayude con el sobrante a la parroquial…

No Libro Xeral de Visitas de 1792 hai noticias da intención dos veciños deste traslado (AHDS. Visitas Pastorais, sig. 1271):

Hermita de Nuestra Señora de las Leiras. En terminos de esta parroquia hai una hermita y Santuario con el titulo de Nª Señora de las Leiras que se halla en un agro cerrado, subterranea y en malisima situacion, sin otro adorno que un retablo viejo y mesa de Altar, mal aderezadas sus paredes aunque fayada de nuevo tiene de renta al presente 16 ferrados de centeno…es libre de patronato y propia de los vecinos; y habiendo pedido estos licencia para mudarla a mejor sitio que señalaron, se les concedió y mando comprar ornamentos y lo mas necesario para celebrar en ella las misas que hay de fundación de su renta.

No dintel da porta de entrada da ermida está a inscrición da data do seu traslado:

HIZOSE SIENDO CURA DON SIMON MOSQUERA Y PARFIA ANO DE 1808

Existe unha lenda no lugar segundo a cal a ermida trasladouse nunha noite, porque ó santo parecíalle mal se o vía facer de día.

Non sabemos se ó final lle pareceu mal ó santo, pero o caso é que ó ano seguinte sufriu a parroquia un dos seus episodios máis crueis na historia da comarca dos últimos séculos como foi a represión do exército francés en 1809 (Veiga, Sobrino, 2015).

NOSA SEÑORA DO ENXERTADO

(Parada, San Estevo)

Esta ermida está agora no Enxertado, no lugar coñecido popularmente como «As Capillas», debido a que hai dúas practicamente pegadas: unha a da Natividade e outra da Virxe do Carme (Veiga, Sobrino, 2013).

O motivo de incluír a ermida da Natividade é que o seu lugar primitivo estaba nos antigos montes comúns ó outro lado da estrada actual, aínda que non puidemos situala exactamente.

Cando Jerónimo del Hoyo en 1607 fixo a visita pastoral, na parroquia de San Estevo de Parada había solo unha ermida:

…Hay una hermita de Nuestra Señora del Engertado sin dotación ninguna.

Na Visita Eclesiástica de 1770 ofrécesenos máis datos (AHDS. Fondo Xeral. Sig. 1270):

Hermitas: La de la Natividad de Nuestra Señora llamada del Engertado libre de todo patronato, hallase fabricada de nuevo... por haverse mudado del sitio en que se hallaba a otro con licencia de ordinario…censo de los montes del Engertado... se ponga pequeño retablo ymagenes y hornatos, reforme atrio cerrado.

O motivo deste cambio de situación quizais fose debido a terse variado naquel momento o trazado do Camiño Real.




Foto aérea de 1956.

SANTA CATALINA E SANTA CRISTINA (Porzomillos, San Pedro)

Seguramente estaba situada nas inmediacións da ponte existente entre Porzomillos e Colantres sobre o río Mendo (x:566178, y:4788507), de feito coñécese como a «Ponte da Ermida».

Danos referencias dela Jerónimo del Hoyo en 1607, aínda que a sitúa na parroquia de santa Cruz de Mondoi (Hoyo:1950):

Santa Cruz de Mondoi. ***…****Hay una hermita de Santa Catherina y Santa Cristina.*

Ninguén da xente de idade consultada recorda a existencia de esta ermida.

ERMIDA DA REGUEIRA

(Regueira, Santa María)

No dicionario de Pascual Madoz (1845:V, p. 1123) recollese unha alusión a esta ermida, seguramente baseada na tradición oral do lugar:

…hubo una ermita en donde se dice existió un convento de templarios.

Xoán Carlos Pereira (1995: 18) faise eco deste apunte.



Imaxe de San Ciprián da Corte do Mato queimado en parte e actualmente na ermida de Belén na parroquia de Santa María de Rodeiro (Oza-Cesuras).

SAN CIPRIÁN

(Rodeiro, Santa María)

Estaba esta ermida no lugar de Corte do Mato. Dannos referencias dela Carré Aldao (1980: T-V, p. 900), e tamén Madoz (1845: T-V, p. 1156), quen a sitúa «*en el lugar de Rodeiro de Arriba y en despoblado*». Hai noticias anteriores dela nos libros de Visitas Pastorais de 1770-1777 (AHDS. Sig. 1270):

El de San Ciprian cuia cofradia se celebra en ella ey el primero dia de Letanias mayores, que ba alli la procesion desde la liglesia y para todo ello sirven hornatos de esta por

no tener algunos la hermita. Necesita mesa de altar...

Nun lugar próximo apareceu xa hai algúns anos a estela funeraria romana de Mazarelas.

O San Ciprián era tido por milagreiro na comarca (Veiga e Sobrino, 2008):

-unha vez o lume ía cara ó lugar de Martín, entón colocaron o santo nos prados diante do lume é este apagouse. O San Ciprián quedou queimado por un lado, aínda hoxe pode ollarse así».
-O Santiño era bo para todo, pero máis para os animais. Na romaría traíanlle exvotos de cera, dábanlle limosnas, cartos, queixos, poñíanse velas e tamén traíanse as sedas (rabos de vacas e bestas). Despois puxábase todo, aínda recordo que Manoliño compraba as sedas pois con elas facíanse colchóns .

Actualmente o San Ciprián está na ermida de Belén, onde hai dúas imaxes do santo: unha antiga de madeira que se saca en procesión coa da Virxe de Belén e San Andrés, e outra máis pequena, de poñer o santo, que está na parte alta do retablo. Esta última é á que se refire o episodio do lume, xa que un dos seus lados está queimado.



SAN VICENTE
(Salto, Santo Tomé)

No cumio do monte da parroquia de San Tomé de Salto aínda quedan os restos das paredes da ermida de San Vicente, na beira do antigo camiño que ía de Betanzos a Curtis (x:565223, y:4785042).



Imaxe de San Vicente actualmente na igrexa parroquial de Santo Tomé de Salto (Oza-Cesuras).

Temos noticias da ermida nunha Visita Eclesiástica de 1640, onde aparece a Confraría do Señor San Vicente, e noutra realizada en 1770 alúdese á ermida (AHDS. Fondo Xeral. Sig. 1264 e 1270):

...está con bastante decencia, pintado de nuevo el retablo...

Celebrábase aquí a romaría do santo o vintetrés de xaneiro, que tiña algunha cousa curiosa como era a procesión: como o santo estaba na parroquial cando era o día da súa celebración levábase ata a ermida e o traxecto facíase polo medio dunha casa particular –

Os da Fraga- e pola Fonte do Santo, que está ao pé do monte.

A fonte, que antigamente era só unha sinxela canaleta, ten agora un antiestético depósito cunha billa que, por certo, cando estivemos a visitala non tiña auga.

Non se sabe porque pasaba a procesión pola casa, deixou de pasar no 1920 ou 1921. O cura daquel tempo dixo que era o mesmo que pasase pola casa coma pola eira. Cando pasaba por dentro os da casa poñían unha vela nunha mesa na cociña (Veiga e Sobrino, 2007).

-Os da casa non vían con bos ollos que pasase por alí a procesión e privaronlles o paso, dándose a casualidade que ese ano morreron dúas persoas da casa: o tío Farruco e a tía Estrella.

A figura de San Vicente conservase na igrexa parroquial de Santo Tomé.

CONCELLO DE PADERNE



SAN PEDRO

(Obre, San Andrés)

Esta ermida estaba situada no lugar de «San Pedro», fronte das actuais casas, e á beira dun carreiro que unía o lugar de San Pedro e a Gurita (x:566659, y:4793189), no antigo camiño que ía de Vilalba a Betanzos.

Faise mención dela en 1411, nun documento en que Elvira Fernández, muller que foi de Juan Fernández, veciño de Betanzos, traspasa a Elvira Eanes, o casal e herdades de Vilar de San Pedro, nas freguesías de San Xiao de Cela e San Andrés de Obre, que pertencen ó mosteiro de Cis (Lucas Álvarez, 1999: Extracto 167 do mosteiro de Cis).

Hai tamén noticias dela na Visita Eclesiástica de Jerónimo del Hoyo en 1607 onde se di que era do mosteiro de San Martiño de Santiago (Hoyo, 1950):

…Hay una hermita de San Pedro, es del monasterio de San Martín de Santiago: tiene muchas heredades en entorno dadas a fuero…

Contamos con máis noticias en sucesivas Visitas, como a realizada en 1770 (AHDS. Fondo Xeral. Sig. 1270):

Hermita: la de San Pedro en terminos de esta parroquia tiene una misa rezada el dia del santo, mandase facer un retablo frontal…

Vinte anos máis tarde, en 1791 (AHD. Fondo Xeral, Sig. 1273):

Ermita de San Pedro: Hallase en este mismo lugar de obre la ermita de San Pedro, o capilla lega a su advocacion, que es del monasterio de San Martin de santiago anexa a lugares que en dicha feligresia tiene y llevan varios colonos en foro con la obligacion entre otras de mantener dicha capilla y mandar decir en ella una misa rezada el dia de la advocación, no tiene hornatos… está dicha ermita decente solo por enlosar su pavimento…

Posiblemente coa chegada da desamortización a ermida foi desatendida e desapareceu completamente. Houbo que buscar unha persoa do lugar como Paca de Lagares, con 91 anos (en 2013), que recordaba ver en pé as paredes da ermida. Había alí tres casas, que eran os de Cortés, que testaban mesmo coa capela e despois a casa de Lagares e a de Rente.

CAPELA DO HOSPITAL DE GUENDE
(Souto, Santa María)

Estaba á beira do Camiño Real entre Betanzos e Pontedeume. No memorial realizado polo arcebispado da igrexa de Santiago en 1570-1572 faise mención desta capela (AHDS, Fondo Xeral, Sig. 1262, publicado en «cronistadebetanzos.com»)):

En la feligresia de Santa Maria de Souto, arciprestazgo de pruzos, ay un hospital que se intitula de Guende no paresce fundacion ninguna, declaro el Retor de la feligresia y el hospitalero que tiene pension cada año tres misas, la una dia de San Bartolome y la otra dia de San Anton y otra dia de San Sebastian, tiene al prinçipio un soportal con su capillita con su rexa de madera al camino real…



Imaxe procedente da capela de San Vicente Ferrer e actualmente na igrexa parroquial de San Salvador de Vilouzás (Paderne).

SAN VICENTE FERRER
(Vilouzás, San Salvador)

Construíuse esta capela en 1873 no lugar de Sas pegada a unha casa particular. Dounos noticias dela José Fernández (1986), quen di xa nese ano que estaba en ruínas:

Una capilla (hoy derruida) de San Vicente Ferrer 1873. Se levantó adosada a un gran edificio.Unacapilla(hoy derruida)de San Vicente Ferrer 1873.Se levantó adosada a un gran edificio. Robaron la campana. Hay una imagen de la Virgen (desenclavo) de esta capilla en la iglesia parroquial, en la base o peana los nombres del matrimonio que la donó»Robaron la campana. Hay una imagen de la Virgen (desenclavo) de esta capilla en la iglesia parroquial, en la base o peana los nombres del matrimonio que la donó

Efectivamente, na igrexa parroquial está esta Virxe que conta no seu pé coa seguinte inscrición:

Donación a la parroquia de Villozás, su pueblo natal por Dn Pedro da Pena Torres y su esposa Dª Antonieta Salinas Romero, residentes en Valencia año 1919.

CONCELLO DE SADA



CASTRO E PUNTA DE SAN MAMEDE
(Carnoedo, San Andrés)

Actualmente a capela de San Mamede está no centro de Carnoedo no Chan da Aldea, pero o seu lugar orixinal estaba na península de San Mede(x:558922, y:4803838), xusto onde estaba situado o castro. A actual foi construída por iniciativa dun particular e con donativos dos veciños arredor de 1926. Na tradición oral aínda se

conservan noticias desta antiga ermida e da romaría que alí se celebraba:

> -*A antiga ermida estaba no Ismo da península de San Mede. Era alí no sitio máis estreito onde estaba situada, aínda se pode ver un promontorio máis alto. Miña avoa contábame que ían alí á romería. Tamén había unha fonte do Santo que vai a auga parar ó regato que pasa por abaixo. Aquelo non era como o vedes agora, que estaba todo traballado e por onde está o regato eran todo prados* (Manuela de Campo da Cruz).

A romaría deixou de facerse alí á beira do mar polos anos vinte do século pasado, cando se fixo a capela actual.

Da ermida temos algunha referencia nos Libros de Visitas Pastorais de 1770-1777 onde se da conta do seu mal estado (AHDS. Sig. 1270):

> Hermita. La de San Mamed esta del todo arruinada

SAN XIAO DE SOÑEIRO

(igrexa parroquial)

A igrexa foi trasladada do seu lugar orixinal á beira do cemiterio para o lugar actual a mediados do século XIX. En 1850 dáse conta do mal estado en que se atopaba no Libro de Fábrica (AHDS. Fondo parroquial de San Julián de Soñeiro):

> *La iglesia parroquial se halla en un estado deplorable de derrota y ruina, es antiquísima, pues en el año mil seis cientos y treinta ya existía…*

> En 1858 decídese construír unha nova igrexa *«en el sitio que fuese mas central y comodo para la administración de los sacramentos… ha de construirse en una pieza de terreno que en la actualidad se halla a labradio sito en la Agra Pequeña de Sar… »*

Para a súa construción contratáronse os servizos do arquitecto da Real Academia de San Fernando, don Faustino Dominguez, que tamén fixo o cárcere e xulgado de Pontedeume así como o proxecto de cárcere de Betanzos, que non se realizaría.

SAN XOSÉ

(Mondego, San Xiao)

Estaba esta capela no Pazo de Mondego, que pertencera a don José Cornide e que foi destruído a finais dos anos setenta do século pasado (Martínez Barbeito, 1978:245-246).

> *Capillas.*
> *La de San Joseph junto a la casa de don Joseph Andres Cornide y Saavedra vecino de la ciudad de la Coruña, no tiene fundacion alguna es para el uso y regalia de ohir misa los dueños de la casa quando estan en ella.* (AHDS. Visitas Pastorais 1770-1777. Sig. 1270).

SAN MATEO

(Mondego, San Xiao)

Menciona esta ermida Jerónimo del Hoyo en 1607 (Hoyo, 1950: 268) na parroquia de San Xiao de Mondego:

> En Mondego hai una capilla de San Matheo con altar.

Descoñecemos onde estaría.

SAN ROQUE

(Sada, Santa María)

Situada na antiga Praza de San Roque en Sada, desde o ano 2009 está adicada a uso cultural. Segundo consta na inscrición da fachada, foi reconstruída no ano 1885 sobre os restos doutra edificación anterior (memoriadesada.com).

SAN ROQUE

(Sada, Santa María)

No pazo de Santa María de Sada, situado na rúa Posse á saída de Sada a Veigue, que pertenceu á familia Posse sufriu un incendio desaparecendo a capela do pazo. Quedou iso si, un retablo que Dona Emilia Pardo

Bazán, familiar do propietario, Don Francisco Posse Nicolich, lle pediu a este para o pazo de Meirás, onde foi instalado (*memoriadesada.com*).

SAN PEDRO

(Veigue, Santa Comba)

De antigo hai referencias a unha ermida e confraría de San Pedro, así no Libro de Visitas da parroquia de Santa Comba de Veigue en data 1637-1640 alúdese á confraría (AHDS):

> *..Visitose una cofradia del Señor San Pedro no tienen renta ninguna tiene de alcance 136 reales mandose hacer hordenanzas…*

Era nun primeiro momento dos veciños, aínda que un século máis tarde aparece cun patrono, como se di nos Libros de Visitas Pastorais de 1770-1777 (AHDS. Sig. 1270):

> *Hermita. La de San Pedro de que es patrono don Vicente Villar de Francos vecino de San Martin de Dorneda, está arruinada de paredes y techo, sin mas adorno que la imagen del santo en una caja, que sirve de retablo, y la puerta sin cerradura; no hay copia de la fundación. Asentó el cura solo se dice misa en ella el dia de San Pedro y para la que lleba el Patrono los hornamentos, mandaron S.J. a este que a 30 dias entregue a dicho cura copia de la fundación y arreglado a ella disponga el cumplimiento de sus cargas; y a seis meses reedifique la hermita y la asegure, haga retablo, y adorne de todo lo necesario de modo que se pueda celebrar en ella con la devida decencia…y mientras no se proceda, no se haga misa en ella.*

Non puidemos situar esta ermida, aínda que é de supoñer que estaría nas inmediacións da praia de San Pedro.

CAPELA DO VIÁTICO

(Veigue, Santa Comba)

Non podemos dar co lugar da antiga capela do viático á que se facía referencia nunha Visita de 1792 (AHDS):

> Manda se amañe *«…como tambien la capilla donde se lleva el veatico a los enfermos lo que ara en termino de quinze dias, y pasado se priba su huso, y se allane la iglesia, enbutiendo la unica piedra que se encuentra en ella, que es de una sepultura «doctada» anibelandola al pabimento… »*

CONCELLO DE VILARMAIOR



SANTA LUCIA (Doroña, Santa María)

Temos noticias desta ermida de santa Lucía na Visita Eclesiástica realizada á parroquia de santa María de Doroña o ano de 1715. Nela dise que era propiedade dos veciños e que estaba situada á beira do Camiño Real (AHD, Libro de Visitas Eclesiásticas. Fondo Xeral):

> *…en los terminos de dicho beneficio una hermita advocacion de santa Luzia cuya situazion della se alla en paraxe yermo y en vereda Real para diferentes partes del reyno la qual allo su merced indecente y faltosa de todo lo necesario y aviendo informado de la causa se le respondio por el cura que por diferentes veces avian excalado la referida hermita y de ella avian llevado algunos ornatos que de ordinario asistian en ella para celebrar el santo sacrificio del almisa y otras alaxas, y por este motivo no ponian en ella cosa alguna por la poca seguridad y que para hevitar semexantes hescalos y los ynvonvenientes que de ello puede resultar thenia yntencion dcho cura mudar la rreferida hermita al campo de Rieiro, en cuyo sitio se hallan muchos vecinos dese dicho beneficio, y para que no se pierda la devocion deste*

dicho santuario, manda su mercedque el cura aga mudar la rreferida hermita al sitio referido y conpela y obligue por todo rigor a los vezinos y feligreses de dicho beneficio y a cada uno dellos que agan los acarretos de los materiales para la dicha fabrica y a que concurran con lo necesario para ella, y a los que fueren omisos y no concurrieren con la puntualidad que se requiere les multara a cada uno por la primera vez a dos reales y por la segunda en quatro y aste respecto las demas los quales aplicara para dicha obra y ara cerrar el sitio donde se allava la referida hermita con muro alrrededor y en el medio Ara se ponga un cruzero de madera…

É posible que a súa situación orixinal estivese próxima ó castro. O traslado realízase arredor de 1727 para o lugar de Rieiro (x:570388, y:4802109). Segundo di a documentación, foi pagada polo cura párroco, don Jacobo Suarez de Ponte. Este cambio de propiedade vai levar a unha serie de problemas administrativos, ó final solventados coa renuncia dos veciños a este padroado en favor do cura, quen a dota de bens para o seu sostemento, entre os que destaca a súa propia casa situada ó nordés da súa situación a onde foi trasladada.

Da ermida de Rieiro temos noticias na celebración do último día de «Caneiros» das festas de San Ramón en 1930 (El Pueblo Gallego de 31-8 de 1930):

...se celebrará la tradicional fiesta de los «Caneiros» en el campo de la capilla de Rieiro. Habrá cucañas, «naumaquias» y otros juegos acuáticos en el «Río d´ Crego»...

Actualmente desapareceu todo rastro da ermida de santa Lucía en Rieiro, quedou unicamente a celebración da advocación da santa na igrexa parroquial.

CAPELA DE SARANDELOS

En Sestelo, no espazo que ocupa actualmente o pallar de Racha, segundo se di no blog de José Manuel Couce había unha antiga capela (osestelo.blogspot.com.es)



Interior da capela do Perpétuo Socorro de Torres (Vilarmaior) (Foto da autoría de Alberto López).

PERPETUO SOCORRO

(Torres, San Xurxo)

Anexa á casa reitoral –coñecido tamén como pazo Goián- de San Xurxo de Torres. Na historia oral da xente da parroquia dise que esta capela construíuse coas pedras de San Cremenzo que se trouxeron en carros (Grupo de Arqueoloxía da terra de Trasancos, 2002: 88-102). Aínda que non hai referencias documentais a este feito, é evidente que as pedras dos muros da capela foron reutilizadas.

No catastro do marqués de Ensenada de mediados do século XVIII con respecto a Güimil dise que no edificio da parroquia estaba o «campanario viexo de San Clemente», o que viría a confirmar o desmantelamento do edificio na primeira metade do s. XVIII (pares.mcu.es/Catastro).

Pertencían a esta capela a figura de San Antonio que está na igrexa parroquial de San Xurxo de Torres (repintado de novo) e unha imaxe do Socorro.

SAN CREMENZO

(Vilamateo, Santiago)

Na ribeira do río Lambre pola parte de Santiago de Vilamateo estaba situado un pequeno edificio sobre rocha natural



Restos do mosteiro de San Cremenzo de Vilamateo no río Lambre realizadas polo Grupo de Arqueoloxía da Terra de Trasancos en Anuario Brigantino de 2002.



Imaxe de San Cremenzo na igrexa parroquial de San Xurxo de Torres (Foto Alberto López).

(x:571575, y:4797173), con nave rectangular e ábsida semicircular orientada ó leste. Sacouno á luz o Grupo de Arqueoloxía da terra de Trasancos (2002: 88-102).

Está situado á beira do río nun lugar de difícil acceso no que nace a auga no medio dunhas rochas. Isto explicaría a advocación, xa que San Clemente é un santo de culto antigo, que segundo a lenda abriu unha fonte na rocha para aliviar aos seus compañeiros de martirio.

É posible que a orixe do mosteiro fose anterior ó século X, así nunha referencia dun documento conservado no Arquivo Histórico Diocesano di que xa en 983 era anexo de Cis. Aparece nun documento de 1236 en que Pedro Pérez vendeu ó mosteiro una herdade en Güimil, xunto a «*San Clemencio*», preto do río Lambre (López Sangil, 2002: doc. 252).

Hai moito tempo que o mosteiro foi abandonado, así o Padre Yepes no 1559 facía mención del e comentaba o seguinte:

> *...en una profundidad extraña, riberas de un riachuelo, dos leguas de Betanzos. Bájase allí con mucha dificultad... llegando abajo se ve una ermita y una casa pegada a ella, que si bien las paredes estan en pie y el ventanaje, pero las piedras estan ya desencajadas, y los mismos robles gruesos, metidos en las paredes, las tienen Descompuestas.*

Jerónimo del Hoyo en 1607 tamén comentaba:

> *...hermita muerta con quien toda la tierra tiene mucha devoción y junto a ella nasce una fermosa fuente de la avertura de un peñasco.*

Había unha pequena figura de San Cremenzo que andaba de casa en casa e que

era moi avogosa da choiva. A figura do santo, que aínda recordan os veciños, desapareceu a finais do s. XX nalgunha das casas de Vilamateo e descoñécese o seu paradoiro.

Unha das últimas referencias a este mosteiro é no Catastro de Ensenada (1752) como límite parroquial:

...siguiendo la corriente de este hasta un marco que se halla en el sitio que llaman do Paibelo, desde este dividiendose por la feligresia de Goimil hasta el sitio da Fonte Vella de Gulfín, y Porto da Panda, y a la croa do Castro y de allí sigue al sitio do Espigón de San Clemente y desde este sigue río arriba, dividiendole de la feligresía de Ambroa hasta el sitio de Louseiros...

Moitas das pedras desta ermida foron levadas para facer a capela de Nosa Señora do Perpetuo Socorro en Torres.



SANTA MARIÑA

(Vilarmaior, San Pedro)

Situada no monte de Santa Mariña (x:567973, y:4799025), na liña divisoria entre as parroquias de San Pedro de Vilarmaior e santo Tomé de Bemantes. Algún dos actuais veciños teñen oído falar desta ermida e incluso existe un lugar coñecido popularmente como «A Capilla». Próximo estaba tamén o marco de pedra que separaba as dúas parroquias (Asociación de Veciños a Armonía, 2007: 69-73).

A ermida estaba xa construída na segunda metade do século XVI, posto que en 1601 era necesario facer reparacións importantes a costa das dádivas. Outro aspecto a destacar era o carácter laminal da ermida, tanto era así que o Visitador non sabia moi ben a que parroquia adxudicarlla (Libros de Visitas da parroquia de Vilarmaior, recollido no libro da Asociación de Veciños a Armonía, de Vilarmaior (2007: 69-73):

...continuando su visita la hermita de la bienaventurada Santa Marina, sita en esta feligresía de San Pedro de Villarmayor y en la de Veemantes.
Hallóla mal reparada y no tiene rentas ni bienes muebles ningunos, salvo las mandas y limosnas que dan y mandaron.
Mando ... al procurador de la iglesia de San Pedro de Villarmayor que abran las mandas y limosnas que dicen que ay que mandaron desta hermita y limosna entre las personas... compren la teja y la madera necesarias y la retejen bien, y aderecen y reboquen en cal el altar al lateral del lado del evangelio y lo pongan decente y aderecen las puertas de la esta hermita y le pongan sus trancas y cierres por del adentro, y a la puerta de la mano de la epistola le pongan su cerradura y cerrojo y llave, por que no entre el ganado ni gente mal a profanarla.
Y para que puedan hacer oración los vecinos hagan un postigo ... en la puerta principal y aseguren y reboquen en cal las paredes por junto del ...
Año de 1604 ... falta de acabar de retejar la hermita y rebocar las paredes. Y lo demás se cumplió y se gastó en ello lo que habia de limosnas y de mandas, y que se deben y hay guarden en Villarmayor en poder del procurador y hay tambien en Veemantes otras limosnas que se juntaron...

No século XVIII os veciños de Bemantes tentan obter privilexio para a creación dunha feira de froitos e gando no monte de Santa Mariña os días seis de cada mes (Núñez Lendoiro, 1990):

...el 11 de Octubre de 1767 los feligreses de San Tomé de Bemantes se reúnen en el sitio de la iglesia» según acostumbran hacerlo

para las cosas del Real Servicio», con el fin de conseguir privilegio para la creación de una feria de frutos y ganados en monte de SantaMarina, donde habían construído una capilla a sus expensas, y sitio del crucero, el día 6 de cada mes, exenta de derechos los cuatro primeros años para mayor afluencia de gentes.

Non se conserva a imaxe da santa nin na igrexa parroquial de Vilarmaior nin en Bemantes. Cando se fixo a traída de auga, nos anos oitenta do século pasado, apareceron restos de tellas e pedras.

Bibliografía

ÁLVAREZ, Lucas (1999): *El Archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*. T- II. (San Nicolás y San Salvador de Cinis). Seminario de Estudos Galegos. Ediciós do Castro, Sada. Ext. 3.

ANDRADE CERNADAS, José Miguel (1997): *El monacato benedicitino y la sociedad de la Galicia Medieval: (siglos X al XIII)*. Sada.

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS A ARMONÍA VILARMAIOR (2007): *Vilarmaior no tempo*. Betanzos.

ARES FARALDO, Manuel (1983): «Apuntes sobre el Barrio de la Magdalena hace dos siglos», *Anuario Brigantino,* nº 6.

-(1992): «Nostalgia por San Paio», *Anuario Brigantino*, nº 15.

-(2005): La Angustia, *Anuario Brigantino* nº 28 de 2005. Betanzos.

BACHILLER HUNGARELO (1916): *«La capilla de San Roque», Betanzos en el quinto centenario del Voto a su glorioso San Roque*. Betanzos. [Juan Gómez Navaza].

BARRIO GOZALO, M (1982), *Estudio socioeconómico de la Iglesia de Segovia en el siglo XVIII*, Segovia.

CARRÉ ALDAO, Eugenio; CARRERAS CANDI, Francisco (dir)(1980), *Geografía del Reino de Galicia*, Edición facsimile da de 1936.

CARRO OTERO, José; FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, Carlos e GARCÍA CORTÉS, Rosalía (1987): «Reedificación, en 1789, de la capilla del antiguo «Hospital de Lazarados», extramuros de la ciudad de Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº 10.

CASTRO ÁLVAREZ, Carlos e VÁZQUEZ ARIAS, Juan Carlos (2003): *La iglesia de Santiago de Pontedeume: Historia y patrimonio artístico.* Deputación de A Coruña.

CATALÁN MARTÍNEZ, Elena (1999), El precio del purgatorio, *Obradoiro de Historia moderna*, nº 8.

COSTAS, Lucía e MACEDO, Carola (2010), «A ermida de San Roque de Pontedeume e a súa confraría a través do libro de cabidos: As festas do santo», *Cátedra: Revista eumesa de estudios*, nº 17, Pontedeume.

COUCEIRO FREIJOMIL, Antonio (1971): *Historia de Puentedeume y su comarca*, Puentedeume.

DAVIÑA SÁINZ, Santiago (1998), «Tumbo del Monasterio de las Cascas (Betanzos)». *Anuario Brigantino* nº 21 de 1998.

-(1998-2003): «Tumbo del Monasterio de las Cascas (Betanzos)». *Anuario Brigantino,* nº 21, 22, 23, 24, 25 e 26.

-Aranga. Manuscrito sin publicar.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1984): «Tres asuntos mariñáns: 1) «O Berce», ara romana de Vilacova; 2) «Alfonso de Carballido», un mercador betanceiro do s. XV, cabecilla dos irmandiños; 3) a inscrición da Porta da Ponte Nova de Betanzos». *Anuario Brigantino*, nº 7 de 1984.

FERNÁNDEZ CAÑÁS, Beatriz (1999), «A Nosa Historia: Figueroa, terra de marqueses», *Ave-gondo: Revista informativa do Concello de Abegondo*, número de marzo e abril.

-(2000), «Montouto e a súa historia», *Ave-gondo: Revista informativa do Concello de Abegondo*, número de

FERNÁNDEZ DE VIANA; GONZÁLEZ, María Teresa; DE PABLOS, Juan Carlos, (1990): «El Tumbo de Caaveiro». *Cátedra: Revista Eumesa de estudios*, nº 3.

FERNÁNDEZ DE VIANA, José Ignacio; GONZÁLEZ BALASCH, María Teresa; CASTRO ÁLVAREZ, Carlos de (1999), *El monasterio de San Juan de Caaveiro*, Deputación Provincial da Coruña, Coruña.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, José, (1986) *La destrucción del patrimonio arquitectónico rural de la iglesia en la provincia de la Coruña*, Servicio de Publicaciones de la Asociación Ataroa.

FERREIRA PRIEGUE, Elisa (1988): «Los caminos medievales de Galicia», *Boletín Auriense*, Anexo nº 9. Museo Arqueolóxico Provincial.

FERRO COUSELO, Xesús (1952) *Los petroglifos de termino y las insculturas rupestres de Galicia.* Ourense.

FERRO RUIBAL, X. (dir.): Dicionario dos nomes galegos, Vigo, Ir Indo, 1992.

GONZÁLEZ ÁLVAREZ, Xosé R. (1994): *A encrucillada na Torre*, Galaxia, Vigo.

GONZALEZ, Julio (1944), *Alfonso IX*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas Instituto Jerónimo Zurita. Madrid.

HOYO, Jerónimo del (1607): *Memorias del arzobispado de Santiago de Compostela*. Edición de 1950 preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jacome, Porto y Cia editores, Santiago de Compostela.

IGLESIA, Antonio de la, 1886: *El Idioma gallego:su antigüedad y vida*, Latorre y Martínez editores, La Coruña

LINAGE CONDE, Antonio (1973): *Los orígenes del monacato benedictino en la Península Ibérica,* Centro de Estudios e Investigaciones San Isidoro, León.

LÓPEZ, Jesús (1890): «La romería del Coves», *El Eume* (número de 20 de xullo). Pontedeume.

LÓPEZ FERREIRO, A (1905): *Historia de la S.A.M. Iglesia de Santiago de Compostela*, V, Compostela, 1905.

LÓPEZ SANGIL, José Luis (1997): «Índice de la documentación en pergamino que se conservaba en el archivo del monasterio de santa María de Monfero en el año 1833». *Cátedra*, nº 4.

LÓPEZ SANGIL, José Luis (2002): «Relación de la documentación del monasterio de Santa María de Monfero», *Estudios Mindonienses*, nº 18.

LÓPEZ SANGIL, José Luis (2005): «Uno de los primeros monasterios benedictinos en Galicia: San Isidro de Callobre», *Anuario Brigantino*, nº 20. Betanzos.

LÓPEZ SANGIL, José Luis e VIDÁN TORREIRA, M (2011): «Tumbo Viejo de Lugo (Transcripción completa)», *Estudios Mindonienses*, nº 27.

LOSCERTALES DE GARCÍA DE VALDEAVELLANO, P, 1976, T*umbos del monasterio de Sobrado de los Monjes*, Madrid.

LUCAS ÁLVAREZ, Manuel (1999): *El Archivo del monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela.* T- II. (San Nicolás y San Salvador de Cinis). Seminario de Estudos Galegos. Ediciós do Castro, Sada, n. 50.

MADOZ, Pascual (1845): *Diccionario geográfico-estadístico-histórico de España y sus posesiones de Ultramar*.

MARTÍNEZ BARBEITO, Carlos (1978): *Torres, pazos y linajes de la provincia de la Coruña*, Diputación Provincial de la Coruña.

MARTÍNEZ PAN, Natividad (1998): «Guísamo, su historia y su arte» (manuscrito sen publicar).

MILLÁN GONZÁLEZ-PARDO, Isidoro (1982), «Inscripciones medievales de SanEstebo de Vivente y de San Marcos de Muros», *Anuario Brigantino*, nº 5 de 1982.

MONTEAGUDO, Luis (1952): «Torques castreños de alambres enrollados», *Archivo español de arqueología*, t. 25.

MONTERROSO MONTERO, Juan M. (1997): «Un capítulo en la pintura brigantina: el santuario de Nuestra Señora del Camino y Fernando Reymondez Figueroa», *Anuario Brigantino*, nº 20.

NÚÑEZ LENDOIRO, José Raimundo (1990) *Miño, apuntes históricos y guía del municipio*, Fundación Caixa Galicia.

RODRÍGUEZ NÚÑEZ, Clara Cristela (1993): «La colección documental de Santa Clara de Santiago (1196 a 1500)». *Liceo Franciscano: Revista de Estudio e Investigación*. nº 136-138 Enero-Diciembre, Año XLV (2ª Epoca). Santiago.

PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, Eduardo (1986): «Los Pardo de Cela en el siglo XV», *Anuario Brigantino*, nº 9.

PARIS, Mercedes; GARCÍA, Blandino; PARÍS, Iria; MEIZOSO, Jesús, (1998), «Contos e lendas da parroquia de Montouto», *Esculca: organo da Sociedade Cultural Museo das Mariñas dos Frades*, nº 5.

PEREIRA MARTÍNEZ, Xoán Carlos (1995), «A encomenda de Betanzos da Orde do Temple», *Anuario Brigantino*, nº 18.

RESPINO GONZÁLEZ, María José (2002): «Arquitectura relixiosa da parroquia de Soñeiro», *Boletín Académico/Escola Técnica de Arquitectura de Coruña*, nº 26.

REY, Maxi (2004): «Referencias documentais ó concello de Abegondo durante a Alta Idade Media», *Anuario Brigantino*, nº 27.

ROCHA CARRO, X.X., 1996 *Abegondo un curruncho das Mariñas*, A Coruña.

RODRÍGUEZ COLMENERO, Antonio (2014): «Una dedicatoria a COHVE PROBONO en Alto Xestoso (Monfero, A Coruña)», *Anuario Brigantino* nº 36 de 2013.

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Ángel (1995): «O tumbo vermello de don Lope de Mendoza», *Cuadernos de Estudios Gallegos* Anexo XXIII. Santiago de Compostela.

SÁNCHEZ BELDA, L. (1953): «Documentos reales de la Edad Media referentes a Galicia». *Revista Estudios Gallegos*, nº 182.

SÁNCHEZ PARDO, José Carlos, 2006, *Análisis espacial de un territorio altomedieval: Nendos (La Coruña, <http://digital.csic.es/bitstream/10261/32909/1>.*

TORRES REGUEIRO, Xesús (2005): «Polos camiños da terra: A capela do castro de Flores», *A Nosa Terra*, nº 1.162 do 3 ao 9 de febreiro.

VAAMONDE LORES, Cesar: Colección de Documentos históricos III., *Boletín de la Real Academia Galega*.

-(1909) *Ferrol y Puentedeume*. Coruña.

VALES VILLAMARÍN, Francisco (2006): Ligera ojeada sobre las principales sendas santiaguistas del territorio brigantino (1º, 2º y 3º itinerarios). Vales Villamarín Obra Completa. Briga Edicións.

VEIGA FERREIRA, Xosé María; SOBRINO CEBALLOS, Juan (1997): «O noso patrimonio: Santa María de Guísamo, *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*,nº 4 (2ª Época).

-(2001): «O noso patrimonio: Flores*», A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 11 (2ª Época).

-(2002) «O noso patrimonio: As mámoas de Galiñeiro: Da ermida da Ascensión (Monfero) á de San Vitorio (Cambás)», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 12 (2ª Época)

-(2003) «O noso patrimonio: San Martiño de Bandoxa», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas,* nº 16 (2ª Época).

-(2007) «O noso patrimonio: «Santo Tomé de Salto», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 24 (2ª Época).

-(2008) «O noso patrimonio: Santa María de Rodeiro», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 25 (2ª Época).

-(2011): «O noso patrimonio: San Xoan de Callobre», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 32.

-(2013): «O noso patrimonio: «San Esteban de Parada», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 35 (2ª Época) Primavera 2013.

-(2013): «O noso patrimonio: San Martiño de Orto», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 36.

-(2015): «O noso patrimonio: San Miguel de Filgueira de Traba», *A Xanela: Revista Cultural das Mariñas*, nº 39.

VERÍN Y GONZÁLEZ DE HEVIA, Manuel Antonio (1811): Historia de la fundación de la ciudad de Betanzos antigua y moderna con varias notas y adiciones de las personas ylustres y nobles… (Manuscrito sin publicar).

Documentos electrónicos en liña:

visorgis.cmati.xunta.es/cdix/mapa.html
ovc.catastro.meh.es
pares.mcu.es
cronistadebetanzos.com
memoriadesada.com
osestelo.blogspot.com.es
pares.mcu.es/Catastro
digital.csic.es/bitstream/10261/32909/1
www.amigosdeaspontes.org

Agradecementos:
Para a realización do presente traballo contamos coa axuda desinteresada de numerosas persoas, entre elas: Alberto López, Ramón Infante, Lucía Costas, Manuel Ares Faraldo, Alfredo Espada, Evaristo Mallón, Francisco Meijide, Natividad Martínez Pan, Celestino Fernández, Elias Martínez, Ermita Rodríguez, Alfredo Erias, Pilar Vázquez Ares, Fernando Fiaño, Julia Saavedra, Paca de Lagares, Beatriz García Veiga e Manuela de Campo da Cruz.




Pintura mural desaparecida da capela de Flores (Feás, Aranga).



Camiño Mariñán

de peregrinación



ALFREDO ERIAS, JOSÉ FRANCISCO CASTRO, EDUARDO MUÑOZ (DA ASOCIACIÓN DE CUSTODIA DO PATRIMONIO CULTURAL «VEDOREIRA») E JOSÉ SOTO (DA ASOCIACIÓN «REFUXIOS DO RÍO MANDEO»)
Fotos e debuxos: Erias

Arredor de 1950, don Francisco Vales Villamarín pensou que era necesario facer un estudio, aínda que fose rápido, dos camiños xacobeos que pasaban por Betanzos, xa que ninguén escribira nada ó respecto.

Dividiu o traballo en 4 itinerarios.

O primeiro sería o que podemos chamar CAMIÑO MARIÑÁN e iníciase no porto de Fontán en Sada, pasa polas terras de Bergondo e chega a Betanzos.

O segundo é o CAMIÑO INGLÉS que parte dos portos de Mugardos, O Seixo e Ferrol e pasa por Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño e Paderne para chegar ó santuario de Nosa Señora do Camiño en Betanzos.

O terceiro é o CAMIÑO DO NORTE que parte de Oviedo, pasa por Ribadeo, Mondoñedo e Vilalba e desde aquí conflúe co CAMIÑO INGLÉS no popular e xa mencionado santuario de Nosa Señora do Camiño, ou dos Remedios, en Betanzos.

E, finalmente, o cuarto é o que, unidos os tres anteriores, parte de Betanzos cara a Santiago de Compostela.

Estes traballos, máis un específico sobre o santuario dos Remedios, de Betanzos, uniunos todos don Francisco nun longuísmo discurso que leu en 1955 na súa entrada como membro da Academia de Belas Artes Nosa Señora do Rosario da Coruña.

Sen embargo, non os publicou xuntos. Empezou polo Santuario dos Remedios no 1968. Seguiu polo cuarto itinerario no 1975, na revista *La Coruña, paraíso del turismo*. E o traballo que nos importa agora, o primeiro itinerario, xunto co segundo e terceiro, perdeuse.

Pasou o tempo e o seu fillo José-Domingo, que, sendo neno, fixera varias viaxes con el por este CAMIÑO MARIÑÁN, atopou a parte perdida e aínda recordo a súa ledicia cando me chamou para dicirmo. Publicouse no *Anuario*

Brigantino 2002, vinte anos despois do falecemento do autor. Pero, hoxe, todos estes traballos están no *Anuario Brigantino* e, polo tanto, poden consultarse e baixarse en Internet.

Aínda que non o pareza, 1950 era outro mundo. Dicíame José Domingo que fixeran varias viaxes a distintos puntos do camiño no autobús Sada-Betanzos dun tal Don Elías. E recordaba que este simpático señor, cando subía unha señora, dicía: *¡caballeros, una señora!* E se ninguén lle deixaba o sitio, engadía: *¡señora, no hay caballeros!*

Resulta moi gratificante ver que un traballo de investigación, feito hai algo máis de medio século por un esforzado e non subvencionado investigador, xa está tendo efectos positivos sobre a recuperación dun camiño antigo, xacobeo, e todo o que iso supón. De feito, a inmensa maior parte das investigacións que se fan en Ciencias Sociais en Galicia, son custeadas romanticamente polos autores, que simplemente queren poñer en valor a riqueza patrimonial da nosa terra. Polo tanto, o noso recoñecemento a todos eles, hoxe representados na figura entrañable do vello mestre Vales Villamarín, creador no 1948 do *Anuario Brigantino*, que aínda hoxe sale puntualmente, ano tras ano.

Fagamos algunha reflexión sobre os camiños de peregrinación.

Primeiro é a idea e necesidade dos camiños e despois por eles pasan, século tras século, todo tipo de xente con intereses moi diferentes.

En Galicia, un paraíso antigo, productor de xente que, por presión demográfica está emigrando desde a Prehistoria (digamos que desde o final das glaciacións, polo 8000 aC) os camiños máis antigos son, polo menos, da Idade do Bronce e serían continuados e aumentados polos romanos.

Naturalmente, por eses camiños había peregrinos moito antes do cristianismo. Eran peregrinos a santuarios concretos en diversos lugares, pero o que nos importa agora é o gran camiño de peregrinación a Occidente. Ese camiño afunde as súas raíces no máis íntimo da historia das comunidades humanas do Hemisferio Norte. Descubrímolo a nivel iconográfico nos numerosos deuses solares que atravesan o ceo nunha barca (como en Exipto), pero sobre todo nun carro, tirado frecuentemente por cabalos, pero tamén ás veces por cervos. Vemos carros solares na India (levando a Surya), en China, en Mesopotamia, en Grecia e Roma (con Helios e Apolo), no mundo celta…

E a pregunta é: a onde van todos eses carros? Pois todos veñen cara as costas atlánticas, cara os finisterres, porque todos siguen o camiño do Sol e teñen claro que aquí, na nosa Galicia ancestral, especialmente, é onde se acaba o mundo, a terra. E desde este fin do mundo é onde se pode ver afundirse o Sol no mar, morrer.

Si, porque o Sol morría, pero tamén resucitaba ó día seguinte. Ese era o gran misterio e ese era o camiño que as almas, despois da morte, querían seguir para resucitar o mesmo que o Sol, collendo aquí, nas nosas praias galegas, entendidas como 'areas do paraíso', a barca que as levaría ás Illas dos Benaventurados.

Este é un mito potentísmimo que, con matices varios, atravesa as culturas antigas de Eurasia e norte de África. Sobre ese entarimado, baseado nunha xeografía mítica, constrúense os elementos básicos de numerosas relixións que procuran resolver o gran problema: o da esperada vida despois da morte, a resurrección. E nese problema non hai mellor metáfora que a do Sol, morrendo e resucitando todos os días ou declinando en Inverno, cando a xente morre máis, e resucitando en Primavera cando as plantas e a vida toda renace.

O Zodíaco, nas culturas antigas era unha maneira de explicar o cambio das doce constelacións ó longo do ano. E explicábase a través de doce escenas teatrais celestes, xeralmente de loita. No mundo griego e despois romano, esas doce escenas foron os famosos doce traballos de Hércules, un heroe deus solar. E sabemos que algúns dos últimos traballos, como non podía ser doutra maneira, teñen lugar no extremo occidente, en Galicia: 10º, roubar o gando de Xerión; 11º, roubar as mazás de ouro do xardín das Hespérides; e 12º, capturar ó can Cerbeiro e sacalo do Inframundo.

No caso de Xerión, un deus de tres cabezas, como o deus celta tricéfalo, dá a impresión que é unha escena na que se amosa ó heroe-deus da cultura vencedora aniquilando ó deus celta dos vencidos onde hoxe está a Torre de Hércules.

Pero o importante é que existiu un camiño documentado nos escritores clásicos, chamado Camiño de Aníbal, Vía Exterior... e no ano 124 Polibio denomínaa VÍA HERCÚLEA que, segundo parece costeaba gran parte do Mediterráneo e como VÍA HERACLEA coñecemos a máis importante calzada que percorría Hispania e que comunicaba Italia coa Península Ibérica.

Paralelamente, César dinos que o deus máis importante das Galias é Mercurio, protector dos camiñantes, psicopompo, é dicir, acompañante das almas ó Máis Aló. Porque o porto ó Máis Aló estaba nas praias e santuarios atlánticos das costas europeas. ¿É este o nome do camiño de peregrinación a occidente máis antigo? Pois non, porque resulta que Claudio Eliano, un autor romano do s. II-III di literalmente:

> Aristóteles afirma que as columnas que hoxe chamamos de Heracles, antes de recibir este nome tiñan o de Columnas de Briareo. Pero cando Heracles purificou a terra e o mar, converténdose no benfeitor indiscutido da humanidade, na súa honra, deixaron de conceder importancia á memoria de Briareo e deron ás columnas o nome de Heracles (Claudio Eliano, *Historias curiosas*, V, 3) (PENA & ERIAS , *Anuario Brigantino 2006*): «O ancestral Camiño de peregrinación ó Fin do Mundo: na procura do deus do Alén, Briareo / Berobreo / Breogán / Hércules / Santiago...».

Polo tanto, xa temos un camiño anterior ó Heracleo, este camiño de Briareo, que viña por terra, pero tamén por mar. E resulta que no Facho de Donón apareceron varios centos de aras en forma de estelas funerarias co nome de «Berobreo», que consideramos é o mesmo deus Briareo. Isto que significa? Pois que os gregos, desde as primeiras viaxes que fixeron a Galicia na procura de estaño, ademais do metal levaron elementos culturais, como este deus celta ligado ó paso ó Mais Aló; digamos, un deus das portas, similar ó Xano romano ou ó San Pedro cristiano.

Teñamos en conta que no porto exterior da Coruña o que parecía que era un castro, agora destruido, pero publicado (Cano, Gómez, *Anuario Brigantino 2010*), era en realidade unha factoría de fundición de bronce e de plomo, en plena actividade antes da existencia dos castros en Galicia, entre o s. IX e o VI aC. Quere iso dicir que na Arqueoloxía galega, falta de criterio e de prioridades, deberíase priorizar o estudio dos santuarios, factorías e asentamentos costeiros, porque explicarían relacións culturais insospeitadas e axudarían a comprender isto que chamamos Europa. Chegariamos moi probablmente a ver que, ademais do estaño para facer bronce, Galicia influiu na conformación da arquitectura mental mediterránea que logo sería europea, de Asia Menor e norteafricana cos romanos. Lembremos que aquí estaba o río Lethes ou río do esquecemento, probablemente o Limia (ó que se negaban a atravesar as tropas de Décimo Xunio Bruto). Galicia era para os mitos clásicos non só o Fin do Mundo, senon o Outro Mundo en certa maneira.

As relixións nacen, medran e desaparecen como todo: son produtos culturais humanos. Pero tenden a reproducirse dalgún xeito: resístense a desaparecer. Por exemplo, se preguntamos se hai nalgures quen faga culto ó deus creador solar romano Xano ou a Helios ou a Apolo, diremos que ninguén. Pero se pensamos que Xesucristo se define como Sol de Xustiza e se ollamos as claves de bóveda de igrexas e catedrais medievais, comprobaremos que están poboadas de referencias solares. Mesmo en Santa María do Azougue en Betanzos, a clave de bóveda da ábsida, enriba do sacerdote que di a Misa, ten a imaxe do deus romano Xano, coas dúas caras: un Xano rodeado de raios solares que á súa vez está enmarcado por un cordón franciscano, porque San Francisco asimílase a Cristo. Todo se une aquí, o Sol, Xano, Cristo e San Francisco.

A partir destas referencias antigas, xa sabemos o que di a lenda xacobea que se forma arredor do s. IX e que se compón de tres mitos esenciais en un: 1) a predicación en Hispania; 2) a *«translatio»* do seu corpo desde Galilea a Galicia; e 3) a revelación da súa tumba en Compostela. Desde ese tempo, pasan os séculos e peregrinos de todo o mundo, pero sobre todo europeos, volven percorrer o Camiño de Occidente, o do Sol, o da Resurrección. Esta vez a meta é Compostela.



O CAMIÑO MARIÑÁN. En verde, o estudiado por Francisco Vales Villamarín arredor de 1950. En ocre, a proposta de Vedoreira. E en azul, unha alternativa cara o pazo de Mariñán.

NA PROCURA DO «CAMIÑO MARIÑÁN»

Para recoñecer este camiño hoxe, tivemos que percorrelo varias veces. Deste xeito, tendo en conta o proposto por Vales Villamarín, podemos considerar alternativas puntuais que poden resultar particularmente interesantes desde o punto de vista patrimonial.

Empecemos por ver o percorrido de Vales Villamarín:

> *Comenzaba uno de estos itinerarios en el cercano puertecito de* ***Fontán****, lugar fortificado a principios del siglo XVIII, d****onde desembarcaban numerosos contingentes de peregrinos extranjeros, especialmente ingleses e irlandeses****. Seguía por la industriosa y risueña villa de* ***Sada*** *-cuya localidad, perteneciente un tiempo a la jurisdicción de Miraflores, en las Mariñas dos Condes, sería utilizada también como etapa final de la ruta marítima- y por la llamada* ***Costa de Ouces****, en la carretera que pasa por Armuño...*
> *Continuaba el camino por las aldeas de* ***Mesoiro****, el* ***Casal*** *y* ***Río****..., perfilándose a cierta distancia el "altivo e forte"* ***castro da Fragachán o de Reboredo****... A* ***Areosa*** *seguidamente, con el idílico rinconcito de* ***Bergondiño****... a mano derecha, y a la izquierda, el* ***castro de Bergondo*** *o* ***"Monte do Frade"****... Pasa la calzada bordeando el atrio o compás de la* ***iglesia parroquial de San Salvador de Bergond****o -Burgundium en los documentos medievales-, monumento de extraordinario valor arqueológico, que formó parte, como se sabe, del desaparecido monasterio benedictino de igual nombre y que tan magistralmente estudió y describió, en diferentes ocasiones, nuestro ilustre presidente, señor Del Castillo, considerándolo, con gran acierto, "como uno de los ejemplares más completos e importantes, en su tipo, de la arquitectura románica gallega"...*

Prosigue la senda a lo largo del muro anterior del antiguo cementerio bergondense, y salvando, a pocos pasos, la ***carretera de Santa Marta de Babío****, intérnase en el lugar de* ***Leiras****, recibiendo aquí la denominación de* ***"Camiño dos mouros"****. Próximo a éste y hacia la izquierda, álzase otra prerromana fortificación, perfectamente acusada, divisándose a la misma mano y como a un tiro de fusil, el* ***castro de Montecelo****, peremne vigilante de esa ría de ensueño, cual es la brigantina, a cuyas tranquilas aguas, pleno de gozo y ufanía, se asoma con su barroco ropaje, el venerable Pazo de Mariñán, recoleta morada tiempos atrás de muy significadas familias galaicas.*

De la aldea de Leiras pasaba la famosa ruta a ***Carrio****, y de aquí al sugestivo caserío de* ***Miodelo****, siguiendo en este último tramo el trazado de la* ***actual carretera de Sada a Betanzos****. Desde dicho punto torcía hacia la derecha, penetrando en la feligresía de* ***Santa María de Pontellas****, perteneciente al municipio brigantino, después de cruzar el ...* ***río Randulphi****, de muy exiguo caudal en este lugar. En terreno elevado y no muy lejos del camino, encuéntrase el templo correspondiente a la citada parroquia, humildísimo, de estilo románico rural, alterado en gran parte por las reformas llevadas a cabo en diversas épocas. Es de indudable interés una imagen de la Virgen titular, medieval, tallada en madera y policromada...*

Salvado un ligero repecho, entraban los romeros en la ancha y umbrosa vereda de ***Illobre****, columbrándose a su diestra el alteroso* ***castro de Pontellas****, de espléndido horizonte, y en cuyas proximidades uno de los condes de Taboada -si no nos equivocamos- hubo de levantar en el pasado siglo magnífica residencia estival, torreada, donde se custodian los retratos de algunos de sus más caracterizados deudos... Contiguo a ella álzase el santuario de* ***Nuestra Señora de las Angustias****, construido en el segundo tercio del siglo XVIII con el producto de limosnas, al igual que el de los Remedios.*

A partir del santuario, la vía francígena desciende por los ubérrimos agros de la ***Condomiña*** *o Condomiñas -Condominia de Ilioure, en escritura del primer tercio del siglo XI- hasta el* ***barrio de la Magdalena*** *-casi ya a las puertas de la urbe brigantina-, donde, entre típicos alfares, de noble solera, se alza la modesta capillita de ese nombre, de fines del XVIII y notablemente modificada en la pasada centuria, resto único del desaparecido hospital de lazarados contiguo a la misma y del cual eran patronos los miembros de la corporación municipal.*

Esta leprosería gozó durante mucho tiempo del privilegio de percibir, "libre e pacíficamente", como limosna, de todos cuantos navíos o fustas entrasen con sal en la ciudad de Betanzos o en su término y jurisdicción, una fanega de dicho producto, para su mantenimiento, merced confirmada por Enrique IV de Castilla en el año 1457 y por los Reyes Católicos en 1480.

VALES VILLAMARÍN, Francisco, (2002): «Las antiguas rutas jacobeas del territorio brigantino (1º, 2º y 3er itinerarios): Ligera ojeada sobre las principales sendas santiaguistas del territorio brigantino». *Anuario Brigantino.*

Este camiño de Vales Villamarín planea todo o posible e resulta axeitado para transporte de tracción animal. É, por iso, a ruta máis curta, pero non a máis interesante patrimonialmente, con criterios actuais.



Empezamos o camiño. Desembarcamos no porto deportivo de Sada e subimos as escaleiras. Visitamos o CASTELO DE FONTÁN e a súa CALA.

1º TRAMO: DE FONTÁN Á COSTA DE OUCES

Hoxe en día, se viñeramos en barco, empezariamos no porto deportivo de Sada e non en Fontán, como en tempos de Vales. Chegariamos ao lugar de inicio do camiño en Fontán baixo as escaleiras de madeira, elemento vistoso, visible na paisaxe e doado de atopar. Enriba, viramos á dereita para facerlle unha visita ás ruínas do Castelo de Fontán e á pequena cala aos seus pés.





En Fontán aínda podemos ver algunhas casas populares antigas e un fermoso hórreo.

Desandamos este pequeno paseo e atravesamos Fontán cara a Sada.

Fontán é un típico pobo mariñeiro, único na Reserva da Biosfera e só comparable a Redes na outra punta da Ría de Betanzos. Aínda podemos ver casas populares antigas que nos lembran a vida desta xente décadas atrás.

O vello e precioso hórreo recórdanos que xunto á pesca estivo sempre a agricultura na que era fundamental o cultivo e ulterior conservación dos cereais, que debían gardarse secos, pero aireados e defendido dos ratos. O seu propietario merecería unha axuda para a súa conservación.



En «Sada Darriba», con fermosas vistas, atopamos un cruceiro, unha igrexa moi reformada e unha casa cun escudo.

Cruzamos a estrada a Lorbé e chegamos a «SADA DARRIBA».

Pasamos diante da igrexa, escasa en valores patrimoniais e completamente reformada.

Desde o cruceiro temos unhas vistas marabillosas da Ría.

Á esquerda quédanos unha casa brasonada.







Vistas aéreas de Sada. Na de abaixo, o tesouro ecolóxico das BRAÑAS.

Xa en «Sada Dabaixo» podemos seguir á esquerda polo centro da vila, ver a capela de San Roque (santo peregrino), hoxe municipal, facer unha pequena pausa, disfrutar da gastronomía local, visitar a famosa Terraza ou ir á praia.







Vista aérea de Sada e o seu edificio máis emblemático: a TERRAZA modernista. Foto: https://commons.wikimedia.org. Saíndo da vila, ruinas do pazo de Oureiro.

Tamén poderiamos seguir de frente e ir disfrutar das Brañas.

En calquera caso, á saída da vila e antes de subir a Costa de Ouces, está o pazo de Oureiro, á esquerda, na estrada de Armuño.



2º TRAMO: DA COSTA DE OUCES A S. SALVADOR DE BERGONDO

Aquí desviámonos da ruta de Vales e baixamos por A Lagoa e Ouces nun tramo con vellas casonas e antigos pazos, nos que asombran os espectaculares xardíns cheos de árbores exóticas.

E para afirmar o sentido xacobeo do camiño, atopamos na entrada dun destes pazos, convertido en hostal, uns relevos en pedra non moi antigos polo que parece, coa imaxe do rei David, imitando ó da porta de Praterías da catedral de Santiago, e unha escena da *translatio*.

Antes de chegar a San Xoán de Ouces, vemos ó lonxe o castro de Reboredo.

Logo enfiaremos o camiño cara a Bergondo.





LA LAGOA
s. XVII


H











Chegamos a San Xoán de Ouces.



Detalles do exterior da igrexa de San Xoán de Ouces. Ese e outros bancos de pedra que alí hai recórdannos o lateral de laudas sepulcrais de Betanzos, Monfero e Sobrado da primeira metade do s. XV. ¿De onde proceden?



Sepulcro monumental do crego Fernán Pérez de Ouces (1287).

Na igrexa de Ouces atopamos o sepulcro monumental do seu promotor, o crego Fernán Pérez de Ouces que sigue modelos composteláns do s. XIII (catedral, Santa María do Sar): E(ra) : MCCCXXV AQ(u)I IAZ : FERNAN / P(ére)Z : DE O(u)CES : Q(u)I FECIT : ISTAM : ECLE/SIAM : PVLA SV ALMA : PATER : NOS(ter). É dicir: 'era 1325 [ano 1287], aquí xace Fernán Pérez de Ouces, que fixo esta igrexa; un Pai Noso pola súa alma' (Erias, 2014, *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos...*).



Santiago Peregrino sedente na igrexa de San Xoán de Ouces. Sigue modelos moi difundidos na primeira metade do s. XVIII.



Sepultura do filósofo e gran erudito Xoán Vicente Viqueira no cemiterio civil da igrexa de San Xoán de Ouces.



Igrexa e mosteiro benedictino de San Salvador de Bergondo.



Porta principal, porta norte e porta sur que dá ó mosteiro.

A igrexa e mosteiro abacial de San Salvador de Bergondo (*Burgundium*) xa existía en 1138, cando rexía o abade Recendus. Alfonso X é o seu protector desde 1256. No 1328 arde o mosteiro e destrúese parte da igrexa. No 1370 o conxunto pasa a formar parte da xurisdición de Betanzos. No 1380 Juan I ordena a Fernán Pérez de Andrade que libere o couto do mosteiro; sen embargo, por esas datas, Andrade reconstruiu os edificios, como se demostra na igrexa (algúns capiteis e arcos característicos, similares os das igrexas góticas de Betanzos) e no mosteiro que, a xulgar por unha basa que alí se conserva e por restos de columnas pareadas, tivo un claustro similar ó de San Francisco de Betanzos. Falta saber onde están as demais basas e capiteis.



Capelas absidais románicas (s. XII) con rosetón e cruz sobre o porco bravo da reforma de Fernán Pérez de Andrade (s. XIV).



Interior da igrexa de San Salvador de Bergondo.



Dous capiteis románicos (s. XII) e un gótico da época de Fernán Pérez de Andrade (s. XIV).



Basa e columnas pareadas do claustro do mosteiro, construido por Fernán Pérez de Andrade na segunda metade do s. XIV. E porta gótica (s. XV) do mosteiro.







Diversos sepulcros na igrexa de San Salvador de Bergondo.

É espectacular a lauda dun abade da segunda metade do s. XIV ou primeira do XV, situada no chan da ábsida, lado do evanxeo.

A lauda que presenta un cáliz, flanqueado por dúas espadas, dátase en 1472.

Sepulcro, baixo arcosolio, con escudos (s. XV) e sen representación do finado.









Despedímonos de Bergondo, ollando dous peregrinos dun retablo, quizais do s. XVIII (Santiago e San Roque), e mollando os dedos nas singulares pías de auga bendita: unha delas imita á vieira xacobea.





As marismas da Ría de Betanzos vistas desde os xardíns do Pazo de Mariñán cara a Betanzos.

3º TRAMO: DE BERGONDO A MIODELO

Vexamos primeiro a **ruta azul** como alternativa.

Saímos da igrexa e mosteiro de San Salvador de Bergondo e imos cara a igrexa de San Cidre, pasando así por diante das panaderías e dos establecementos hostaleiros da zona para non perdernos as súas delicias gastronómicas.

Logo de cruzar a estrada da Coruña, seguimos a de Betanzos para baixar ata o pazo de Mariñán, sorprendernos cos seus incribles xardíns de estilo francés e coa riqueza natural que podemos ver por todas partes á beira da Ría de Betanzos e en especial desde o Observatorio Ornitolóxico.

Aquí a ruta azul conecta co **Roteiro Mariñán**, bordeando as marismas do Mandeo, integradas na **Reserva da Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo**. E así seguimos ata Miodelo.



En calquera momento nos atopamos coa marabillosa vista do elevado «Castro» (en Illobre, San Pedro das Viñas) e mesmo da capital da antiga provincia de todas estas terras que vimos atravesando: Betanzos.

A **ruta amarela** en lugar de atravesar leiras vai polo **Camiño dos Mouros** (que cita Vales Villamarín), así chamado polo lugar dos **Castros**, un típico poboado fortificado da Idade do Ferro que ben vale a pena visitar.

Cruzamos a estrada Sada-Betanzos e seguimos por zona verde entre corredoiras frondosas. E así chegamos a Miodelo.







4º TRAMO: DE MIODELO A BETANZOS

Despois de descansar á beira da fonte e do rigueiro de Miodelo, subimos cara a Castro-Pontellas por un camiño cheo de vexetación e de maxia, con vistas marabillosas ao lonxe cando menos o esperamos. A Ría e Betanzos pódesenos aparecer en calquera momento.

Cando chegamos á igrexa románica de Santa María de Pontellas, é bo mirar cara atrás para ver a Ría de Betanzos e a vida que nela se desborda. Logo quizais haxa quen queira ollar a igrexa e especialmente a Virxe románica (repintada de xeito inxenuo) que nela hai. Despois, continuaremos o camiño cara a Illobre.



A medida que nos achegamos ao Santuario da Angustia as vistas son tan fermosas e máxicas que nos deixan sen fala. Betanzos chama por nós.



Santuario neobarroco da Quinta Angustia en Illobre (San Pedro das Viñas, Betanzos).





Desde a Angustia baixamos polo fondo en antigo Camiño da Condomiña, que tamén se chamou Camiño Real, que ía cara a Coruña antes de que se cambiase o trazado principal no s. XVIII.


Imos deixando algunha fermosa escaleira de pedra á dereita, que sube ás leiras, e á esquerda atopámonos cunha serie de casas de fonda raigame: trátase das «casetas» do Hospital de Lazarados, fundado por Fernán Pérez de Andrade no s. XIV e que aínda funcionaba no s. XIX. E esa xente afastada vivía aquí, á beira do camiño, porque se sustentaba das esmolas dos viandantes.



Pasamos por diante das «casetas» do antigo Hospital de Lazarados. Aínda hoxe se venera ó apestado San Lázaro (foto: Veiga) na capela do barrio.









A **«Fábrica de Curtidos La Magdalena»**, da Famila Etcheverría, funcionou boa parte do s. XIX e ata 1914. Na Guerra Civil de 1936-1939 foi **campo de concentración** e alí estiveron moitos presos políticos vascos e cataláns, sobre todo; entre eles, **Vicente Ferrer** (foto de autor descoñecido). No medio de tanta ruína aínda vemos o pouco que queda do antigo edificio do **lagar** do Hospital e, logo, do barrio obreiro.




Procedente do desaparecido mosteiro de San Francisco, consérvase no Museo das Mariñas esta xoia: un Santiago Peregrino do s. XIV que remite á imaxe dos pobres e peregrinos das *Cantigas* de Alfonso X (s. XIII).



Santiago Peregrino (s. XIV), formando parte dun apostolado da ábsida de San Francisco.



Peregrino e peregrina nun capitel da parede norte, debaixo do coro, da igrexa de San Francisco (arredor de 1498).



Andrade entre *green men*. Porta occidental da igrexa de S. Francisco.







Green men ou homes verdes, positivos e negativos, na igrexa de San Francisco.







Nun capitel da ábsida da igrexa de Santiago vemos o cabalo do Apóstolo e a el representado de dúas maneiras: como cabaleiro (detrás) e como peregrino (diante). Á dereita, a impresionante porta occidental. Debaixo, peregrino entre a tentación e o Paraíso nun capitel da mesma igrexa.





Os peregrinos antigos cruzaban a Porta Sur ou do Perdón da igrexa de Santiago e cando miraban cara atrás vían este extraordinario tímpano do s. XIV coa imaxe de Cristo resucitado detrás do sepulcro (no que se representan os instrumentos da Paixón), á beira da Virxe, de María Magdalena e de outras mulleres *(Erias, 2014, Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos...)*.



Nun capitel da porta occidental da igrexa de Santa María do Azougue un peregrino quítalle a espiña dun pé a outro. É unha versión dun tema clásico: aquel en que o deus Pan lle quita a espiña a un sátiro. Agora xa podemos seguir camiñando cara a Santiago polo Camiño Inglés onde nos atoparemos con **castros**, **igrexas**, **pazos** e coa imaxe de numerosos galegos da Idade Media no **Mesón-Museo Xente no Camiño** de Presedo (Abegondo).

Informe sobre o escudo heráldico municipal de Betanzos

ALFREDO ERIAS MARTÍNEZ*

(se non se advirte, os debuxos, fotos e escaneos son do autor)

Sumario

Informe sobre a historia do escudo heráldico municipal de Betanzos con aporte de documentos, imaxes e unha proposta final.

Abstract

Report on the history of the municipal heraldic shield of Betanzos with input of documents, images and a final proposal.

Betanzos, unha das capitais de provincia do Antigo Reino de Galicia, conta con numerosas representacións do seu escudo municipal desde o século XV, tanto en pedra como en madeira, cemento, bordados en bandeiras e reposteiros, debuxos sobre papel, pinturas, gravados, etc.

OS PRIMEIROS ESCUDOS EN PEDRA

Hai coincidencia xeral en que o primeiro escudo municipal de Betanzos é o que está labrado en baixorrelevo na zona oriental do intradós do arcosolio do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez, na igrexa de San Francisco (figs. 1-2ab), datado no s. XV. Falaríanos ese escudo do oficio público («REGEDOR : DESTA : CIDADE») do persoeiro que ten ó outro lado do intradós o escudo familiar dos Reimóndez (sobre campo liso, un dragón). O que máis chama a atención é a carencia de roeles, bezantes ou tortillos, como se denominarán máis adiante.

Cronoloxicamente (primeiras décadas do s. XVI), o seguinte escudo é o que se labrou na pedra orixinal dos canos da Fonte dos Ánxeles (fig. 3ab). Tampouco ten roeles, bezantes ou tortillos. No outro extremo da pedra está o escudo do arcediano Pedro de Ben (morto en 1525 e enterrado nunha espectacular capela funeraria renacentista da igrexa de Santiago), que debeu pagar a obra desa fonte, loxicamente en estilo tamén renacentista. Na actual edificación, quizais máis ben unha reforma (unha obra de 1834), reutilizouse esta pedra ubicándoa na parte superior frontal cunha función meramente decorativa, pero na que aínda se ven, ben disimulados, os buratos tapados dos seus dous canos na parte inferior central.

A mediados do s. XVI, pola política de propaganda imperial e quizais polos enfrontamentos xudiciais de Betanzos co conde Fernando de Andrade, parece haber unha auténtica febre por marcar con escudos determinados aspectos: 1) o carácter de cidade de realengo e mesmo imperial con escudos de Carlos V no Concello, na cárcere e no hospital da Anunciata, ademais do moi político retablo do arcediano Pedro de Ben, con retratos dos emperadores Maximiliano e Carlos V, sen contar as innumerables bocachaves das

* **Alfredo Erias Martínez** é doutor en Historia da Arte pola Universidade de Santiago de Compostela, director do *Anuario Brigantino*, do Museo das Mariñas e arquiveiro-bibliotecario municipal de Betanzos.

portas das casas populares, derivadas dese escudo e que aínda hoxe podemos atopar; 2) o carácter de capitalidade provincial no reino de Galicia (escudo de Galicia no Concello, escudos da Porta da Vila; e 3) o carácter de capitalidade xurisdicional e municipal. Todo aparece a favor dunha cidade DE REALENGO e moi ligada á política REAL e IMPERIAL do momento, por contraposición ás ambicións dos nobres.

No que respecta ó escudo municipal, loxicamente debeu abrir esta etapa o do zaguán do Concello (figs 4-5) nas «casas de consistorio» (quizais dúas unidas) construidas en tempos de Carlos V e rematadas arredor de 1550 (Erias & Veiga, 2002) por Juan de Bergantiños, o mesmo que fará os escudos da Porta da Vila. Nel aparecen por primeira vez os seis bezantes (chamados tamén por diversos autores, roeles ou tortillos), de maneira similar a como se vían en escudos da época da familia Castro (figs. 6-8). A utilización pouco rigorosa de cores na segunda metade do s. XIX (como tamén se fixo na igrexa de Santa María), confundirá a don Francisco Vales Villamarín.

Os seguintes escudos deben ser os dous que están na *Torre do Reló* (fig. 9), tamén previsiblemente de arredor de 1550. Con algunha variación, o concepto e o estilo son semellantes ó do escudo do zaguán do Concello.

O escudo da Porta da Vila deriva conceptualmente dos do zaguán do Concello e dos da *Torre do Reló*, pero é máis estilizado e non se visualiza a bóveda que cubre a torre. Hai que subliñar que forma parte dun conxunto de tres, Reino de Galicia, Reino de España e Betanzos, de tal maneira que a lenda inferior que corre sobre eles di: LAS [armas]: DEL : REINO E LA : CIBDAD.

Moi similar, aínda que algo máis esquemático e sen marcar os sillares de ponte e torre (fig. 6), é o escudo do hospital da Anunciata (desde finais do s. XVII, convento de agustinas recoletas), que comparte espazo con outro imperial de Carlos V e outro máis, inacabado. Debe datar, por tanto, do inicio das obras dese hospital, a partir de 1550 (García Oro, 1988).

Arredor de 1780 constrúese o Colexio de Orfas e remata a súa fachada un escudo de Betanzos en forma de óvalo, adornado á maneira barroca cunha palma e unha rama de loureiro, ademais de froitas varias que nos recordan as guirnaldas e os caduceos de sabor clásico. É o primeiro en pedra que aparece con coroa, aínda que esta foi destruida ó parecer na Primeira República. No debuxo reconstrúese tomando como referencia a do reló da torre de Santo Domingo, rematada no 1715.

No s. XIX destacan dous escudos: 1) o do Cuartel de Milicias de Betanzos (Museo das Mariñas), de 1818 (figs. 26-27); e 2) o da Ponte das Cascas (fig. 40), de 1846.

AS PRIMEIRAS DESCRICIÓNS

Joseph Vañales de Bourbon e Caio Hacha de Patiño

Nun traballo de Xosé Antón García Ledo (1985) reprodúcese un interesante documento, con gravado incluido, do Arquivo Municipal da Coruña, e datado no 1781. Trátase dunha carta, escrita por don Joseph Vañales de Bourbon a don Caio Hacha de Patiño, escribano da Intendencia e do Concello da Coruña:

> *Betanzos Junio 21 de 1781*
> *Amigo y señor: Remito a su merced diseñado el escudo de Armas y Blason de esta ciudad, que es su* ***fondo de Azur****, un* ***Castillo de Plata almenado de tres torres****, sobre un* ***Puente de Plata afianzado de 5*** [no gravado, figs. 17-18, aparecen catro] ***arcos*** *o ojos, que dan passo*



Betanzos despois do incendio do 18-09-1616. «Mapa» de Antonio Vázquez. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

> *a un **Rio**, cuias márgenes son de Sinople = al mismo fondo de Azur **6 Rodeles de oro**, tres a cada lado del Castillo, puestos en Pal = **Coronado el Escudo** a Lisses y Ponlas; orleado a Capricho: Vealo su merced diseñado, aunque con la equivocación de haverse figurado el fondo de Sinople, debiendo ser azur.*
> *Y vea su merced en que mas puede complacerle su afectisimo amigo y ser vidor.*
> *Joseph Vañales Bourbon* [Rúbrica]

Como nota ó gravado que adxunta, engade don Joseph Vañales:

> *El campo del escudo, está equibocado, pues figura Sinople ó Verde y no es, ni debe ser sino azul, ó azur, hablando con propiedad del Blasón.*
> *Los **Roeles**, o Rodeles son de **oro**; el **castillo de Plata, como el Puente**. El fondo baxo de la Corona es de Sable, ó Negro.*

No mesmo traballo aínda se presenta outro gravado do escudo de Betanzos, deseñado por don Caio Hacha de Patiño e que sigue os mesmos criterios. Ó pé dise o seguinte:

> *Su **fondo azur**, en el primer quarteron un **castillo de plata almenado de tres torres** sobre un **Puente de plata afianzado de 5 Arcos*** [o debuxo ten 4] *que dan paso a un **Rio cuias margenes son de Sinople**, al mismo fondo Azur **6 roeles de oro**, el **escudo coronado a lises**, **y perlas**, orleado a capricho.*

Analizando estes deseños compróbase que a existencia de escudos en pedra desde o s. XV marca os elementos principais, se ben estes autores se exceden ó poñer enriba da ponte, en vez dunha torre, un ***«castillo de Plata almenado de tres torres»***. Este elemento que, a pesares de denominarse «castillo», soamente se distingue da torre que coñecemos polo remate en tres pequenas torres, é claramente unha invención destes señores e non



A Torre Municipal ou do Reló *xunto á igrexa de Santiago, no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).*

terá fortuna, pero as cores e metais si, sendo a referencia documental máis antiga coa que contamos; de feito, non variarán ata a proposta de don Francisco Vales Villamarín, publicada no *Anuario Brigantino 1948*. Inventaron estes señores as cores e metais ou, como no caso dos demais elementos, limitáronse a poñer por escrito e en deseño algo que xa existía? Evidentemente as cores e metais xa tiñan unha historia como os demais elementos e Vañales e Hacha de Patiño, en liñas xerais, non fixeron máis que refrendalos. De feito, o pendón real, de orixe medieval, xa se documenta no noso Concello na última década do s. XVI, sendo levado e tremolado polo *Alférez Mayor* (Núñez, 2003) en cantas ocasións solemnes saía en procesión, como no caso da proclamación de reis.

Verín y Seijas

Pola súa banda, a *Historia de la Ciudad de Betanzos* (ano 1892) de don Manuel Martínez Santiso, recollendo a opinión de outra *Historia de Betanzos* de Verín y Seijas (inédita, data de 1812 e está no Arquivo Municipal de Betanzos) di ó respecto (páxs. 314-316):

> *Estas armas, según se describen en la Historia del señor Verín Seijas, se componen de* ***campo ó fondo azul****; un* ***puente de tres arcos*** *y* ***un castillo sobre él al medio, de dos cuerpos, de plata ambas piezas****, y* ***seis redondeles, tres á cada lado del castillo, de oro*** *;* ***un río del color natural por debajo del puente****, una* ***cabeza de dragón en lo más alto del escudo y sobre ella la corona ducal****. La explicación de estas armas según el mismo autor, es como sigue: «Ese rio es el* ***Mandeo*** *y ese puente y castillo es el* ***Puente viejo****, que está sobre él y tenía en otro tiempo una torre que fué demolida en el primer tercio de este siglo [s. XIX] ; los* ***seis redondeles dorados significan seis castros*** *ó sitios elevados que rodean al pueblo, entre los cuales se halla el antiguo* ***castro de Unta, representado en el puente y castillo*** *;* ***la cabeza del dragón alude al tiempo de los suevos****, pues este animal era la divisa de aquéllos, y* ***la corona ducal da á entender la antigua categoría de la ciudad****, equivalente á las primeras dignidades del feudalismo; y así como éstas tenían delante de sus castillos el símbolo jurisdiccional, así también Betanzos tenía delante de sus murallas el mismo símbolo, llamado rollo, ó sea el instrumento del suplicio, y aún se llama calle del Rollo á la que conduce al sitio donde aquél se hallaba, extramuros del pueblo.*
>
> ***El fondo azul del escudo, igual al de Galicia con el Santísimo Sacramento, indica que Betanzos es una de las antiguas ciudades de este reino****.* ***En el año de 1735 se añadieron las banderas, cañones y atributos de guerra, en atención á que aquel año se creó el Regimiento provincial de esta ciudad****.*

Verín afianza as cores que xa vimos no s. XVIII, fixa sobre a Ponte Vella (que a representa, por motivos puramente estéticos, como *«puente de tres arcos»*) un *«castillo... al medio, de dos cuerpos»*, copiando a Torre Caramona que aínda el poido ver, e explica a natureza

dos *«seis redondeles»* como alusión a *«seis castros ó sitios elevados que rodean al pueblo, entre los cuales se halla el antiguo castro de Unta, representado en el puente y castillo»*. Esta explicación dos castros resulta crible e é moi probable que remita formalmente ó escudo da poderosa familia Castro (figs. 6-8), que adoitaba ter presenza destacada no Concello do s. XVI. Mesmo é lóxico que fose algún dos seus membros quen lograse introducir os seus seis roeles no escudo municipal, por máis que logo se transmutasen en bezantes de ouro. Quizais un antecesor no cargo do poderoso don Fernando Ruiz de Castro, que sería nomeado *Alférez Mayor* (polo tanto, encargado do pendón e demais símbolos da cidade) o 9-12-1591 (Núñez, 2003).



O edificio do Concello construido en tempos de Carlos V, no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

Sen embargo, Verín aporta novidades que soamente se poden entender lendo a súa *Historia de Betanzos...* (1812) na que dá un protagonismo especial ó tempo dos suevos: ***«una cabeza de dragón en lo más alto del escudo y sobre ella la corona ducal».*** Ningún dos dous elementos se pode documentar suficientemente en tempos anteriores a Verín, a menos que se consideren ducais as coroas de Vañales de Bourbon e Hacha de Patiño arredor de 1781 que, en todo caso, serían unha pura ocorrencia, non explicada, destes autores (figs. 17-20).

Verín aínda documenta outros elementos que no seu tempo coñeceu, pero que a nós nos chegarán moito máis tarde e a través dos selos municipais: as ***«banderas, cañones y atributos de guerra»***, engadidas en 1735, ano de creación do *Regimiento Provincial de Betanzos.*

Vales Villamarín

O primeiro traballo importante que sobre o escudo se fixo atópase no *Anuario Brigantino 1948*, na «Heráldica Brigantina (I)» de don Francisco Vales Villamarín. Presentou alí unha serie de documentos e conclusións que iluminaron a historia do escudo e dos seus elementos. A súa proposta, tomando como base incontestable o *«Blasón de la ciudad existente en el vestíbulo de la Casa Consistorial»* (cores incluidas) era como sigue:

> *«En campo de azur, un puente de plata, de cuatro arcos, con sus correspondientes apartaderos y tajamares, sobre aguas de río, al natural, sumado de una torre de dos cuerpos almenados, también de plata, aclarada de sable,* ***mazonada****, como el puente, de lo mismo,* ***cubierta de gules*** *y flanqueada por* ***seis tortillos****,* ***igualmente de gules****, tres a cada lado, puestos en pal».*

Moitos anos máis tarde, este mesmo traballo, convertido en informe, foi enviado polo Concello á *Real Academia de la Historia*, co obxecto de que ratificase a proposta e a convertise en oficial. O informe de don Dalmiro de la Válgoma, secretario da Real Academia de la Historia, foi aprobado en sesión de 8 de marzo de 1974 e publicado no *Boletín de la Real Academia de la Historia* de 1975, t. 172, p. 527. Di o seguinte:

BETANZOS (LA CORUÑA)
El Ayuntamiento de Betanzos (Coruña), inicia expediente que le faculte para ostentar -rehabilitar o confirmar- su blasón municipal.
Con propósito tal, el Concejo interesado aduce expresivo opúsculo del Cronista Oficial de dicha localidad brigantina, en el que, con profusa y elocuente documentación, se acredita cuál es y era antaño la heráldica local.
Queda patente ahí que el aludido blasón es como sigue: de azur [azul]***, puente de plata, de cuatro arcos, sobre ondas de plata y azur, sumado de torre de dos cuerpos, almenados también de plata, aclarado de sable*** [negro] ***y mazonado, acompañado de seis tortillos de gules*** [vermello]***, tres a cada lado puestos en pal. Al timbre corona real abierta.***
Como también acertadamente se propone (y según aprecian los mismos promotores de esta armería), obsérvanse la irregularidad heráldica de que los «tortillos», de gules, cargan sobre el campo de azur, pareciendo conveniente que dichas piezas aparezcan **fileteadas de plata**, bien que semejante arbitrio pueda tener difícil realidad gráfica en sellos y otras estampaciones de pequeña proporción, habituales en esta suerte de casos.
La Real Academia, no obstante, resolverá como entienda más oportuno.
Madrid, 26 de febrero de 1974.
DALMIRO DE LA VÁLGOMA.
(Aprobado en sesión de 8 de marzo de 1974.)

A don Francisco Vales Villamarín, convencido de que os «tortillos» tiñan a cor vermella desde antigo, esta fórmula do fileteado de prata non lle gustou nada e ó Concello (quizais por non contradicir ó seu cronista) tampouco. De calquera xeito, estaba claro que o fileteado era un artificio contrario ó sentido común: non facía falta ser experto, posto que tal cousa non aparecía en ningún dos escudos antigos. Como consecuencia, o Concello limitouse a utilizar o escudo proposto polo cronista, ignorando o fileteado de prata arredor dos «tortillos». Algún exemplo dese fileteado pode atoparse (fig. 95), pero é excepcional.

Hai que concluir, por conseguinte, que nalgunha parte do proceso de oficialización houbo unn erro que provocou outros máis.

O erro principal, do que se derivaron outros secundarios, foi considerar que as cores do escudo municipal que está no zaguán do Concello eran orixinais: *«A nuestro juicio* [di don Francisco Vales], *el mentado escudo es el primero que recibió en Betanzos los colores heráldicos, conservándolos hoy casi en su integridad, pues las retauraciones que sufrieron hace algún tiempo determinados elementos de aquél, no alteraron esencialmente las características del emblema local».* E dando, con esta escasa base, por pechado o asunto, aínda sigue o razoamento, agora en clave lírica: *«¿Querrían los regidores betanceros dar a los aludidos tortillos la coloración rojiza que por el otoño presentarían los viñedos del contorno, para que quedase patentizada en el emblema local la principal actividad agrícola del término concejil, destacando, radiante, luminosa, sobre el campo de azur, símbolo del purísimo cielo mariñán?»*

Antes das festas era corrente que se pintasen os edificios públicos e, neste senso, está documentado para 1868 (actas capitulares), por poñer un exemplo, o encargo de *«retocar y pintar los camafeos o bustos que se hallan en el frente de la entrada interior de la casa Consistorial y retocar los rótulos de la misma...»* (nesa zona está o escudo en cuestión). Por outra parte, sabemos que no 1889 se pintou a igrexa de Santa María do Azougue, cousa que horrorizou a moita xente, en especial a don Calixto Leis Ponte, que fai unha crítica moi dura ó respecto (*Galicia Diplomática* 3-02-1889 e 31-03-1889), especialmente cando se refire ó tímpano da porta norte *«que nunca había sido profanado»*

e do que di, *«excita la hilaridad, ¡tan grande es la indignación que produce!»*: parte desas cores espantosas aínda perduran, por certo.

Pois ben, visto o caso de Santa María, que valor podemos dar ás cores dos escudos de Betanzos, de Galicia e do Imperial de Carlos V no zaguán do Concello? Está claro que hai que velos con todas as prevencións e, desde logo, non hai nada que indique que foron cores antigas nin postas con rigor, máxime se temos en conta que se documentan bezantes de ouro desde 1781 sen interrupción, como se demostra no apéndice gráfico e documental.

Don Francisco era por riba de todo un poeta e o seu amor por Betanzos desbordáballe o corazón; resultoulle daquela inspirador ligar os seis *«tortillos»* coas monterías agrícolas, que son sete, por certo, aínda que el une dúas. Foi tan teimudo con este asunto que non lle deu a importancia que merecía ó espléndido gravado de F. Pardo de 1824 que, curiosamente, no seu traballo se publicaba por primeira vez e no que se simbolizaban as cores e os metais perfectamente, cousa que se vía tamén no pendón municipal, que tantas veces el levou, e que data de 1815, a principios da primeira restauración de Fernando VII. Esta estética coñecíaa Vales ademais pola medalla da proclamación de Fernando VII en Betanzos no 1815 e con máis claridade (perfectamente visibles os símbolos de cores e metais) pola medalla da proclamación de Isabel II en Betanzos no 1933. Pero, aínda así, na nota 4 do seu traballo non dubida en dar por feito o seguinte:

> *Representan estos tortillos las seis monterías o lomas que rodean la ciudad, para las que antiguamente se nombraban guardas pertenecientes al gremio de San Antonio Abad o de los labradores, a cuyo cargo estaba la vigilancia de los sembrados y viñedos en ellas situados. Estas monterías, en un acuerdo municipal de 1568, señalando los días y lugares en que debía verificarse la vendimia, se designan del siguiente modo: Cacabelos; Mandeu; Gimerás y Loureiros; Sarra; Ribalta, y Abelares. Hállanse, pues, en un* ***craso error*** *aquellos cronistas que nos hablan de los seis* ***castros que circundaban el de Untia****, cuando no seis, sino más de una docena de estas prerrománicas [sic.] fortificaciones podemos citar en las cercanías de Betanzos, dignas todas ellas, por su excelente posición estratégica, de figurar en el blasón brigantino. Y tampoco están en lo cierto quienes aseguran que las referidas seantes [sic.] hacen* ***alusión a los Castro****, condes de Lemos, que poseyeron -dicen- el señorío de la ciudad, interpretación inadmisible, por cuanto dichos nobles nunca, que sepamos, ejercieron dominio sobre la misma y, además, porque usaban por armas roeles de azur en campo de plata, y nuestro escudo, como hicimos notar, luce sobre campo de azur tortillos de gules.*

É certo que os Castro usaban seis roeles de azur en campo de prata, segundo Crespo Pozo (1957-1965), tamén é verdade que os condes de Lemos (que herdarían a moi famosa casa de Andrade) nunca foron señores da cidade, pero, aínda así, o apelido Castro é moi importante o mesmo que a significación antiga desa palabra, presente na rúa e «plaça del castro», documentada polo menos desde o s. XV (Erias, 1984), sen contar as pezas heráldicas que sobre eles hai na cidade e comarca (figs. 6-8). Polo tanto, non é ilóxico pensar que por diversas razóns, entre as que están as puramente estéticas, se adoptasen en tempos de Carlos V os roeles dos Castro, pero personalizándoos: convertéronse en bezantes de ouro, suavizados nos bordes, precisamente para parecerse máis ás fortificacións castrexas. Ten sentido e abalaría a posterior explicación de Verín. O feito de que haxa máis ou menos castros arredor da cidade non ten importancia, posto que se fusionarían os seis roeles dos Castro coa idea xenérica de moitos castros rodeando a cidade como castro principal (o de Untia), subliñando ademais o seu carácter, xa mítico, de antigüidade. De tódolos xeitos, tamén se poden sinalar doadamente seis castros neste contexto: Untia (enriba do que está



A Ponte Nova sobre o río Mendo na primeira metade do s. XX. AMB.



A Ponte Nova no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

a cidade de Betanzos); Tiobre (moi alterado, onde está a igrexa románica e desde onde veu a poboación de «Betanzos o Vello» para o castro de Untia arredor de 1219, logo *Vila Nova de Betanzos*); «Castro Vello» ou da Xerpe; Obre; Xan Rozo e Castro (na parroquia de San Pedro das Viñas, popularmente a Angustia).

Pero estas non foron as consideracións que fixo don Paco Vales e, perfectamente impermeable a calquera idea que atacase os seus *«tortillos de gules»*, pasa por alto que tivesen que ver coa idea de castros, como dixera Verín.

A partir daquí, a torre ***«cubierta de gules»*** non é máis que un erro derivado, que se aumenta pola incomprensión da múltiple perspectiva que aplica o escultor á ponte e á torre. Vese que o individuo encargado de repintar os «camafeos», e probablemente os escudos, para a festa, non debía estar no segredo de dourar e decidiu pola súa conta substituír o ouro (sempre máis caro) pola cor vermella. A menos que esa cor vermella fose o típico bol arménico que ía debaixo das láminas de ouro no dourado tradicional, láminas que finalmente non se puxeron. En calquera caso, ninguén lle debeu dar moita importancia ó asunto e os anos pasaron. Da pouca categoría deste pintor da fe a súa interpretación do remate da torre.

Ninguén reparou no feito de que a representación escultórica da Ponte Vella e da Torre Caramona presenta simultanemente catro puntos de vista, con obxecto dunha maior claridade, que, finalmente, devén en escuridade.

Por unha parte, o conxunto está visto **de fronte** (ponte e pretil próximo, fachadas frontais do primeiro e segundo corpo da torre). Logo, vese **desde a esquerda**, e tamén **desde a dereita**, de tal maneira que así podemos contemplar con claridade os arcos de entrada e saída da propia torre, polos que atravesaba a xente e os carruaxes sobre a calzada da ponte. Aquí, o escultor creou xa unha confusión, porque, nun primeiro vistazo, semella que a torre era exagonal, ou mesmo octogonal, cando era en realidade cadrada. Outro punto de vista é **desde arriba**: con el o escultor quixo facer visible a calzada da ponte e o pretil posterior. Ademais, esta visión de paxaro tamén lle permitía amosar a parte superior do ameado das torres. E aquí chega a seguinte confusión, porque no cumio, o que sería o teito de pedra da torre (parece unha cúpula semiesférica), ten unha certa semellanza formal cos «tortillos», aínda que é moito máis grande. E o pintor, posto a poñer vermello, tamén o puxo aquí: é, evidentemente, unha arbitrariedade sen ningún sentido. Esta é a razón de que don Francisco Vales vise alí unha ***«cubierta de gules»***.

OS ELEMENTOS DO ESCUDO



A Ponte Vella sobre o río Mandeo a finais do s. XIX. Foto: F. J. Martínez Santiso. AMB.



A Ponte Vella, coa porta da muralla do mesmo nome, no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

O río, a ponte e a torre

A existencia de pontes é connatural a unha cidade como Betanzos rodeada polos ríos Mendo e Mandeo. Por iso, no documento de traslación de 1219 xa se fala da *«ponte de illas Cascas»* e das *«pontes de Untia»* (Veiga, 1998).

Cando as representacións nos amosan unha ponte de máis de tres arcos, non hai dúbida: trátase da Ponte Vella. Así ocorre no escudo da Fonte dos Ánxeles (figs. 3a-b), o primeiro do s. XVI, aínda sen bezantes; no do zaguán do Concello (figs. 4-5), o segundo do s. XVI e o primeiro con bezantes; nos dous da *Torre do Reló* (fig.9), tamén do s. XVI; no do antigo Hospital da Anunciata (fig. 14), da segunda metade do s. XVI, hoxe convento de agustinas recoletas; nos deseñados arredor de 1781 por Joseph Vañales Bourbon e Caio Hacha de Patiño (figs. 17-20); no do cuartel de milicias (figs. 26-27), de 1818; no selo da *«Protección y Seguridad Pública de la Comisaría del Distrito de Bertanzos»* (fig. 39), de 1844; no da Ponte das Cascas (fig. 40), de 1846; no reposteiro dos anos 40 do s. XX (fig. 64), etc.

Logo hai outros nos que aparecen tres arcos e isto levou a confusión, posto que a medieval Ponte Nova tiña tres arcos apuntados (un deles aínda sobreviviu ata a súa destrución total no 1969) e tamén unha torre defensiva (que cambiou de ubicación na mesma ponte), así mesmo chamada «Caramona» (Núñez e Rivadulla, 1986; Veiga, 1998). Entre estes escudos sobresae o primeiro de todos: o que aparece no arcosolio do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez (figs. 1-2a-2b), que era «REGEDOR : DESTA : CIDADE» e que podería referirse á Ponte Nova, pero o parecido da torre co escudo da Fonte dos Ánxeles, do s. XVI (o segundo escudo en pedra coñecido) lévanos á dúbida, posto que neste caso a ponte, de catro arcos de medio punto, é inequivocamente a Vella. Hai outros con tres: o da Porta da Vila, aínda que se adiviña que ten máis arcos (figs. 10-11); o do Colexio de Orfas, de finais do s. XVIII (fig. 16); o dos selos do*«Regimiento Provincial»* (figs. 22, 34); o da medalla de «Regidor» (fig. 23); o do Cuartel de Milicias de 1818 (figs. 26-27), etc. E logo hai unha serie de escudos con ponte de tres arcos que

empezan na medalla de proclamación de Fernando VII (1815, fig. 21) e no pendón (1815, figs. 24-25) e siguen co gravado de F. Pardo (1824, figs. 28-29) e outros máis como o da caixa dos bandos (figs. 35-36), o de outro pendón (fig. 37), o dos sombreiros dos maceiros (fig. 38), etc.; pero se cabía algunha dúbida de que se trata en todos da Ponte Vella, resolve este problema o selo da *«Protección y Seguridad Pública de la Comisaría del Distrito de Betanzos»* do 24-07-1844 (fig. 39) que, mantendo o mesmo deseño, presenta unha ponte con cinco arcos, sendo por tanto a Ponte Vella.

A conclusión é que a ponte que se representa sempre ou case sempre no escudo de Betanzos é a Ponte Vella, teña o número de arcos que teña. Calquera outra imaxe, como o caso do primeiro escudo, adoita ter carácter excepcional, ademais de dubidoso.

Neste senso, polo tanto, Verín tiña razón, porque aínda que el di que a Ponte ten tres arcos (unha mera opción estética do seu tempo), logo engade que está enriba do río Mandeo: *«Ese rio es el **Mandeo** y ese puente y castillo es el **Puente viejo».***

En canto á torre, denominada ás veces «castillo», remite á da Ponte Vella. Tiña base aproximadamente cuadrangular e dous corpos ameados. O feito de querer amosar nos escudos os arcos de entrada e saída pode producir o efecto de ser exagonal ou mesmo octogonal, pero é unha ilusión óptica. Alí almacenouse a pólvora do *Regimiento Provincial de Betanzos* e da *Real Hacienda*. No 1572-1581 reconstruiuse a Ponte Vella e en 1693 un documento describía a súa torre Caramona así:

> *Una torre con sus almenas y armas reales a modo de castillo, con dos arcos y una bóveda de cantería por donde se pasa, con bivienda ariva. Tiene sesenta pies de alto y de ancho beynte y quatro* (Vales, 1948).

Por este mesmo documento que cita Vales (1948), sabemos que na mesma data de 1693 *«existía una construcción semejante en el Puente Nuevo».* Xa Veiga (1998) desmontou absolutamente a afirmación de Núñez e Rivadulla (1986) de que a Caramona era en exclusiva a torre da Ponte Nova; logo, aínda persevera no erro Núñez (1997) que considera que a Ponte Vella non tiña torre antes das obras de 1572-1581. Porque Veiga (1998) documenta que as dúas pontes tiñan sendas torres en 1554 e eu engado que no escudo da Fonte dos Ánxeles da época do arcediano Pedro de Ben (morto en 1525), que a debeu pagar (porque pon o seu escudo á beira), a ponte é a Vella e ten torre defensiva (figs. 3ab). Por tanto, conclúo con Veiga que as dúas pontes tiñan torres e que estas proceden da Idade Media; quizais, como el suxire con lóxica, do s. XIV, da época de Enrique II (e o seu vasalo, Fernán Pérez de Andrade) que nunha provisión real do 8-02-1372 (Vales, 1949, 1996) di: *«... mas queremos e mandamos e otorgamos, por acreçentamiento de la dicha villa e para fornimiento e mantenimiento de los muros e çercas della...».* A Caramona da Ponte Nova poido ser destruida (Veiga, 1998) no 1763-1769 con motivo da construción do camiño de acceso a Galicia proxectado por Carlos Lemaur. A torre Caramona da Ponte Vella, en cambio, resistiu ata o Trienio Liberal, cando se propón o seu derrubamento no 1821 e se consigue no 1823 (Martínez Santiso, 1892: 434).

Por outra parte, Veiga atopa que as dúas pontes aparecen unhas veces nos documentos como «Carmona» e outras como «Caramona». Matínez Santiso (1892: 434) dixo que o nome de «Caramona» debíase a que tiña enriba a *«cara de un animal mitológico o heráldico»*, pero non parece que ese sexa o motivo da confusión que xa se dá no s. XVI e Veiga conclúe con dúas hipóteses: 1) a primeira, plausible, que adoptaron ese nome as torres, consturidas en época de Andrade en recordo da última gran praza conquistada por

Enrique II a Pedro I, a vila de Carmona; e 2) quizais algun tipo de relación especial co *«Magistrado Señor Licenciado Carmona Teniente de Corregidor e Justicia»* de 1549-50 (anos de tantas obras). Fose como fose, logo a nivel popular cambiaríanse os nomes a «Caramona» (Veiga, 1998).



A Porta da Vila tal como debeu quedar despois das obras (cos escudos, aínda que aquí non aparezan) de mediados do s. XVI no «Mapa» de Antonio Vázquez, de 1616. AHN, Consejos, 43581 (Barreiro / Rey, 2010).

Roeles, bezantes ou tortillos, cores ou metais?

Roel é unha peza circular. Cando é de metal denomínase bezante e se é de cor pode chamarse tortillo. Xa se dixo bastante sobre estes seis elementos, tres a cada lado da torre, postos en pal. Vémolos por primeira vez no escudo do zaguán do Concello. Parece claro que representan castros para dar sentido de antigüidade á cidade, asentada sobre o castro de Untia. Para dicilo heraldicamente é lóxico que para significar «castro» adoptasen os roeles da familia Castro, aínda que personalizándoos: suavizaron os bordes e cubríronos de ouro. Neste senso, por conseguinte, ó ser de ouro, a súa denominación debe ser a de **bezantes**, posto que o termo «tortillos», que podería parecer axeitado pola suavización dos bordes dos roeis, soamente se aplicaría, como se dixo, se os roeis levaran cor.

A coroa

Verín fala dunha *«cabeza de dragón en lo más alto del escudo y sobre ella la corona ducal»*, aspectos os dous moi dubidosos e dos que non temos imaxes. Non sabemos se houbo algún deseño así ou se era unha proposta.

Non vemos coroa algunha ata as últimas décadas do s. XVIII, no escudo do Colexio de Orfas, no deseño de don Joseph Vañales Bourbon de 1781 (figs. 17-18) e no de don Caio Hacha de Patiño (figs. 19-20). Nestes dous últimos casos semella unha coroa real aberta e unha pechada, respectivamente. Despois, o escudo sen coroa é excepción: o dun selo de 1844 (fig. 39); o da Ponte das Cascas de 1846 (fig. 40), ano da sublevación de Solís; o dun banco do Concello (figs. 41-43), quizais do Sexenio Revolucionario; o do selo da República Federal de 1873 (fig. 50); o do «Libro de Oro» (1973), deseñado por José Veiga Roel; o da homenaxe arxentina ó republicano Andrés Beade Dopico (fig. 95) e quizais algún otro.

Desde logo, a coroa real pechada, que xa tiña presenza simbólica desde a chegada dos Borbóns no s. XVIII, colle carta de natureza nos dous períodos da restauración absolutista de Fernando VII (1814-1820 e 1823-1833) e a súa influencia posterior é moi grande.

Así, pois, tendo en conta o devir histórico, hoxe o Concello pode optar por tres solucións ó respecto: 1) **un escudo sen coroa**, baseándose en que non a tiña na Idade Media nin na época dos Austrias; 2) **un escudo con coroa real pechada** que, con escasas excepcións, está presente desde o s. XVIII, cos Borbóns, ata hoxe; e 3) **un escudo con coroa mural**

indicativa de «cidade» (título desde 1465) e ademais amurallada (na Primeira e Segunda Repúblicas e nos selos de 1937-1967, aproximadamente).

Orlas

Ó longo do tempo constatamos que o escudo de Betanzos tende á sobriedade. Sen embargo, a ornamentación tamén aparece e ás veces de maneira xenerosa. Don Joseph Vañales Bourbon represéntoo no 1781 sobre un pergameo que se enrola e desenrola (figs. 17-18), seguindo un modelo xeral que se iniciou no s. XVI e que tivo moita fortuna en Heráldica.

No escudo do Colexio de Orfas (fig. 16) vemos por primeira vez a palma e loureiro triunfais unidas ós símbolos da fertilidade agrícola, algo propio da Ilustración do s. XVIII. Sen embargo esta mesma palma e loureiro, que aparecen reiteradamente na época das dúas restauracións de Fernando VII, cambian aquí de significado e deben entenderse como símbolo de propaganda política, de triunfo dos absolutistas sobre os liberais (figs. 24-31, 35-38).

No selo da *«Protección y Seguridad Pública de la Comisaría del Distrito de Bertanzos»* (fig. 39), de 1844, xógase coa cartela, de tanta presencia nas nosas tres igrexas góticas.

As armas e bandeiras, que Verín data desde a creación do *«Regimiento Provincial de Betanzos»* en 1735 soamente as vemos a partir de mediados do s. XIX en selos do Concello (figs. 45-49). Por outra parte, o gorro frixio que, a maneira de timbre, substitúe brevemente nos selos á cabeza do mítico rei Brigo (nun documento do 25-11-1873, *«ALCALDIA REPUBLICANA FEDERAL DE BETANZOS»*, fig. 50) non debe considerarse ornamentación, senon un elemento sustancial dentro da simboloxía republicana da época.

A ornamentación do escudo sube de nivel, cualitativa e cuantitativamente, co artista Francisco Javier Martínez Santiso. Vémolo xogar co rei Brigo, coas armas e bandeiras en escudos dos primeiros anos do s. XX (figs. 52, 53, 56, 61) ata culminar no impresionante de 1909 (fig. 54), onde utiliza como marco o renacentista arcosolio do sepulcro do arcediano Pedro de Ben, da igrexa de Santiago. Pero non rematou aquí, porque no seu deseño da marabillosa Fonte de Picachá de 1911, flanquea o escudo uns estilizados peixes (fig. 55). E no 1912 deseña un dos escudos máis repetidos da Historia de Betanzos no que teñen protagonismo especial as armas e bandeiras, ademais da cabeza do rei Brigo; un escudo que será versionado por Antonio Núñez Díaz (fig. 63), pero sobre todo por Emilio de la Iglesia Caruncho na portada do *Anuario Brigantino 1948*, polo escultor José Juan González (figs. 65-66-66a), etc. Precisamente, a importancia que nestes escudos se dá á figura do rei Brigo (que o vemos en selos desde mediados do s. XIX) cobra outra dimensión no moi orixinal deseño de Camilo Díaz Baliño para a portada do programa de festas patronais de 1934 (fig. 85), un artista (o pai de Isaac Díaz Pardo) que será asasinado no 1936 e que probablemente xa deseñara no 1915 a Bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos (figs. 70-71), onde a orla que bordea o escudo, con formas xeométricas, non ten precedentes.

Rematan os grandes deseños de F. J. Martínez Santiso co que fai en xuño de 1929 para a *«Insignia del Alcalde de la Ciudad de Betanzos»* (fig. 76), onde une o concepto de pergameo do s. XVI, coas formas ondeantes das follas do acanto clásico, dando como resultado unha estética barroca na que o timbre é a coroa real aberta diante do bastón vermello. Este deseño levaríase á realidade moito despois, en tempos do alcalde Manuel Lagares Pérez.

O pergameo, por certo, vímolo tamén no programa de festas de 1927 (fig. 74) e chegará á súa máxima expresión na placa que o pobo lle dá a don Juan García Naveira no 1929 (Museo das Mariñas, fig. 75), enmarcando un escudo que se herda dos tempos de Fernando

VII, concretamente da medalla da súa proclamación en 1815 e tamén da que se fixo para a proclamación da súa filla, Isabel II, no 1833.

Se falamos de ornamentación hai que pensar na necesaria pegada da *art nouveau*, co seu gosto pola vexetación e especialmente polas flores. Vemos isto claramente na guirnalda que sostén os dous escudos idénticos das *«Escuelas Jesús García Naveira»*, de 1917 (fig. 69), deseñados por Rafael González Villar. Pero este arquitecto soamente é algo orixinal no adorno, porque o escudo é copiado dos varios que existen da época de Fernando VII, incluido o do pendón da cidade.

Onde si é máis orixinal González Villar é nos dous escudos idénticos que deseña para a fachada da Casa Núñez no 1923 (fig. 72). A palma e o loureiro son substiuidos por guirnaldas florais; enriba da coroa real aberta vemos, a maneira de timbre, o caduceo de Mercurio, símbolo do Comercio; a ámbolos dous lados dos escudos, sendos espectaculares loros tropicais (acaso estaban na casa), que subliñan a relación familiar dos Núñez con América e en especial con Uruguay; e como base, un recipiente clásico cheo de vexetación e flores que é un símbolo máis de riqueza que os Núñez, sen dúbida (cun banco, un gran centro comercial para a época, unha industria de produción de electricidade, etc.), querían amosar. Realizados en cerámica, as cores siguen vivas e marabillosas como o primeiro día.

CONCLUSIÓN E PROPOSTAS

O escudo municipal de Betanzos non foi alleo ós avatares da historia e, neste senso, hai que subliñar dúas épocas fundamentais nas que agroman por todas partes os símbolos municipais como elementos de propaganda política: 1) a de Carlos V coa súa insistencia na importancia do *Sacro Imperio Romano Germánico*, e a de Fernando VII (recórdese que na Sala Capitular do concello hai un retrato con balazos deste rei realizado por Esteve, un discípulo de Goya) en favor da tradición absolutista e en contra dos liberais.

Curiosamente, na época de Carlos I de España e V do *Sacro Imperio Romano Germánico*, chamado nas actas capitulares de Betanzos *«Ynbitisymo Çésar»* (Erias & Veiga, 2002), o escudo nunca leva coroa: a coroa resérvase en exclusiva para o escudo imperial (no concello, na cárcere e no hospital da Anunciata) ou para o escudo de España (na Porta da Vila, coas armas de Castela e León). Tampouco o escudo de Galicia leva coroa (o do zaguán do Concello e o da Porta da Vila).

Moito máis tarde, nas primeiras décadas do s. XIX e máis aló, o Antigo Réxime, querido polos absolutistas, represéntase pola lenda do tempo de Fernando VII: *«LA M(uy) N(oble) L(eal) Y R(eal) ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS».* Unha lenda que tería a súa contraposición nos períodos liberais nesta breve, sobria e contundente lenda, que veremos, sobre todo, nos selos do Concello: AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL DE BETANZOS. Obviamente, a palabra «CONSTITUCIONAL» marca a diferencia.

A modo de exemplo das alteracións simbólicas que se producían cos cambios políticos no s. XIX, a mañá do 14-07-1823 as tropas de Angulema entran en Betanzos para acabar co Trienio Liberal e inmediatamente borraron as inscricións *«Plaza de la Constitución»* e outras relativas a Quiroga e Agar. Serán substituidas por *«tres escudos con sus coronas y mas adresos correspondientes, el uno con las Armas de este Reino de Galicia, el otro con la inscripción de Plaza Real, y el otro con las armas de esta M. N. Ciudad»* (Erias, 1995). Aínda hoxe a fachada do Concello garda memoria esvaída destes escudos varias veces repintados, coas conseguintes alteracións (como a determinada por Vales Villamarín).



Escudos do reino de Galicia, do reino de España e de Betanzos na fachada do Concello, que xurden coa chegada o14-07-1823 das tropas de Angulema para acabar co Trienio Liberal. Teñen, polo tanto, orixe absolutista e foron repintados e alterados en varias ocasións.

Todo o demais (deseños varios en edificios, publicacións, vehículos, Globo, etc.), son avatares interesantes para unha catalogación exhaustiva, pero innecesarias agora.

Chegados a este punto, simplemente proponse volver ás orixes, partindo do escudo do zaguán do Concello, pero rectificando a chapuza que fixo o pouco informado pintor do s. XIX. Isto significa eliminar a ***«cubierta de gules»*** enriba da torre e cambiar de vermello a ouro os bezantes (que, por isto mesmo, xa non se poden denominar «tortillos»). Tampouco parece moi estético (porque a Estética tamén xoga en Heráldica) facer caso ó pintor mantendo de «sable» (negro) arcos, portas e fiestras. En canto á coroa, como xa se dixo, hai tres opcións que se poden xustificar historicamente: **A) sen coroa**, como no século XV e no tempo dos Austrias (en especial, do rei Carlos I de España e emperador Carlos V do Sacro Imperio Romano Xermánico); **B) con coroa**, como na época dos Borbóns (desde o s. XVIII ata hoxe coas excepcións da Primeira e Segunda República e da etapa que vai de 1937 a 1967 aproximadamente); e **C**), **con coroa mural**, indicativa de «CIBDAD» (como se le debaixo dos escudos da Porta da Vila, de mediados do s. XVI), unha cidade con título desde 1465, amurallada ademais e con tradición de levar o seu escudo esa coroa(nos selos) polo menos na etapa que vai de 1937 a 1967, aproximadamente.

Opción A, sen coroa (fig. 99):

En campo de azur, ponte de prata de sillería, de catro arcos, cos seus correspondentes apartadeiros e tallamares, sobre augas de río, ó natural, sumada dunha torre, tamén de sillería, de dous corpos ameados, así mesmo de prata, flanqueada por **seis bezantes de ouro**, tres a cada lado, postos en pal.

Opción B, con coroa borbónica (fig. 100):

En campo de azur, ponte de prata de sillería, de catro arcos, cos seus correspondentes apartadeiros e tallamares, sobre augas de río, ó natural, sumada dunha torre, tamén de sillería, de dous corpos ameados, así mesmo de prata, flanqueada por seis bezantes de ouro, tres a cada lado, postos en pal. No timbre, coroa real pechada.

Opción C, con coroa *muralis* (fig. 101):

En campo de azur, ponte de prata de sillería, de catro arcos, cos seus correspondentes apartadeiros e tallamares, sobre augas de río, ó natural, sumada dunha torre, tamén de sillería, de dous corpos ameados, así mesmo de prata, flanqueada por seis bezantes de ouro, tres a cada lado, postos en pal. No timbre, coroa mural indicativa de cidade amurallada.

BIBLIOGRAFÍA

BARREIRO MALLÓN, Baudilio y REY CASTELAO, Ofelia (2010): «El incendio de Betanzos de 1616». *Anuario Brigantino*.

CRESPO POZO, José Santiago (1957-1965): *Blasones y Linajes de Galicia*. Editorial de los Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela.

DOMÍNGUEZ GARCÍA, José Manuel (2010): «El «Colegio de Niñas Pobres» de Betanzos, heredero del antiguo «Colegio de Huérfanas»: Algunos apuntes sobre la enseñanza elemental en Betanzos durante el siglo XIX». *Anuario Brigantino*.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo (1984): «Tres asuntos mariñáns: 1) "O Berce", ara romana de Vilacova; 2) "Afonso de Carvallido", un "mercador betanceiro do s. XV, cabecilla dos irmandiños; 3) a inscrición da Porta da Ponte Nova de Betanzos». *Anuario Brigantino*.

-(1995): «Evolución dos nomes das rúas nunha cidade antiga de Galicia: Betanzos». *Anuario Brigantino*.

-(2014): *Iconografía de las tres iglesias góticas de Betanzos: San Francisco, Santa María do Azougue y Santiago*. Briga Edicións e Xunta de Galicia, Betanzos e Santiago de Compostela.

ERIAS MARTÍNEZ, Alfredo, VEIGA FERREIRA, José Mª (2002): «Betanzos y su provincia en la época del Emperador Carlos V». *Anuario Brigantino*.

-(2003): «Francisco Javier Martínez Santiso (I): «inteligente de obras»». *Anuario Brigantino*.

-(2006): «Francisco Javier Martínez Santiso (II): «inteligente de obras»». *Anuario Brigantino*.

GARCÍA LEDO, Xosé Antón (1985): «Descripción do escudo de Betanços no século XVIII». *Programa de festas patronais de San Roque*.

GARCÍA ORO, José (1988): «Hospitales y médicos en Betanzos durante el siglo XVI». *Anuario Brigantino*.

MARTÍNEZ BARRAL, Rosina (1983): «Francisco Javier Martínez Santiso (1868-1934)». *Anuario Brigantino*.

MARTÍNEZ SANTISO, Manuel (1892): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Sucesores de Castañeira (editores e impresores), Betanzos.

-(1892/1987): *Historia de la ciudad de Betanzos*. Edición facsímile da Deputación Provincial da Coruña, dirixida por Alfredo Erias Martínez, a quen se debe tamén a introdución.

NAYA PÉREZ, Juan (1983): «Una bandera histórica de Betanzos en el Museo de la Real Academia Gallega». *Anuario Brigantino*.

NÚÑEZ LENDOIRO, José Raimundo y RIVADULLA PORTA, José Enrique (1986): «El Puente Nuevo y la Caramona representados en el blasón de Betanzos de los Caballeros». *Untia: Boletín do Seminario de Estudios Mariñáns*.

NÚÑEZ-VARELA Y LENDOIRO, José Raimundo (2003): «Insignias jurisdiccionales de la ciudad de Betanzos de los Caballeros». *Programa de festas patronais de San Roque*.

VALES VILLAMARÍN, Francisco (1948): «Heráldica brigantina (I)». *Anuario Brigantino*.

-(1949), «El sepulcro de Andrade «o boo»». *Anuario Brigantino*.

-(2006): *Vales Villamarín: obra completa*. Briga Edicións, Betanzos.

VEIGA FERREIRA, Xosé Mª (1998): As torres da Caramona ¿ou «de Carmona»? *Anuario Brigantino*.

VERÍN Y SEIJAS, Manuel Antonio (1812): *Historia de la fundación de la Ciudad de Betanzos antigua y Moderna con varias Notas y adiciones de las Personas Ylustres y Nobles con que fue condecorada, Privilegios Reales y otras Fundaciones pías que en ella se Notan, Capillas, Hospitales, etc. que hubo y oy hay. Ynclúyese y se añade a esta historia la vida de Santo Toribio de Liébana, natural de la antigua Ciudad de Betanzos, un breve compendio de la vida de San Martín de Tours, Patrono que oy día es de la Feligresía de Tiobre, y la de su fervoroso Devoto San Martín de Dumio. Con otras varias curiosidades dignas de saberse extractadas de varios Autores, y vestixios que aun oy se conservan en dicha Feligresía y Lugar de Betanzos o bello*. Manuscrito inédito no AMB (Arquivo Municipal de Betanzos).

Apéndice Gráfico e Documental




Fig. 1.- Sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez, «REGEDOR : DESTA : CIDADE» (s. XV, igrexa de S. Francisco). Con el vemos o primeiro escudo de Betanzos.



Fig. 2a.- Detalle do primeiro escudo de Betanzos no arcosolio do sepulcro do rexidor Jácome Mouro Reimóndez (s. XV). Os puntos que se ven na amea central ben poideran ser a pegada dunha estrela hexalfa, imaxe dun rosetón e, por conseguinte, de Deus-Luz como no pomo da espada de Fernán Pérez de Andrade e dun irmán seu no Museo das Mariñas.




Fig. 2b.- Primeiro escudo de Betanzos labrado en pedra na zona oriental do intradós do arcosolio que alberga o sepulcro do rexidor Jácome Mouro Reimóndez (s. XV) no extremo sul do cruceiro da igrexa de San Francisco. Aparentemente representa a Ponte Nova, que por ese tempo tiña tres arcos góticos (un deles aínda o vimos cando se destruiu toda ela no 1969 polo MOPU) e contaba cunha torre defensiva chamada «Caramona» (Veiga, 1998). O problema está en que a Ponte Vella tamén tiña unha torre defensiva (iso si, de dous corpos) e leva a confusión, porque ó longo do tempo será a Ponte Vella a que máis se represente e ás veces figúrase, por razóns puramente estéticas, con tres arcos, cando tiña máis. De tódolos xeitos, os arcos de medio punto e os apartadeiros, xunto coa torre de dous corpos ameados, serán sinais claras de que se representa a Ponte Vella. Por conseguinte, esta imaxe do primeiro escudo de Betanzos e da Ponte Nova (con dúbidas) nel é un caso raro. Sublíñese que aínda non ten os roeis, bezantes ou tortillos, cousa que terá no s. XVI. Por outra parte, a posible estrela hexalfa da amea central (parece poder reconstruirse a partir dos puntos) falaría (por imitación do pomo da espada de Fernán Pérez de Andrade e dun irmán seu) da imaxe dun rosetón que, á súa vez, é símbolo de Deus-Luz, quen iluminaría o porvir da cidade ó tempo que a cidade o invocaría permanentemente. En calquera caso, esta posible estrela non tería futuro.






Fig. 3a-3b.- Segundo escudo de Betanzos (primeiro cuarto do s. XVI) na pedra orixinal dos canos da Fonte dos Ánxeles, hoxe máis elevada (utilizada como mero ornamento), e coa lenda que indica a súa reutilización no s. XIX cando se fixo a obra ou reforma que chega ata nós: POR EL AIUNTAMIENTO DE 1834. No outro extremo está o escudo do arcediano Pedro de Ben (morto en 1525), que debeu pagar esa fonte renacentista. A torre Caramona ten bastante semellanza coa do primeiro escudo, o que nos levaría a pensar na Ponte Nova, pero os catro arcos de medio punto son inequivocamente da Ponte Vella, o que alimenta a dúbida de cal é realmente a ponte do primeiro escudo (o do sepulcro de Jácome Mouro Reimóndez).






Fig. 4-5.- Terceiro escudo de Betanzos en pedra no zaguán do Concello. É do tempo do anterior edificio (de época de Carlos V) e fai conxunto co escudo imperial, co escudo de Galicia e cos medallóns renacentistas. Debe datar da década de 1540 ou quizais de un pouco antes de 1549, que é cando Juan de Bergantiños fai os escudos da Porta da Vila (Erias & Veiga, 2002). A utilización pouco rigurosa de cores (vermella en lugar de ouro nos bezantes) na segunda metade do s. XIX, como tamén se fixo na igrexa de Santa María (Erias, 2014), confundiu a don Francisco Vales Villamarín, que as creu orixinais. Por outra parte, inicia a representación da ponte (Vella) e da torre desde varios puntos de vista.



Fig. 6.- Escudo dos Castro (s. XV) na casa nº 45 da Rúa Travesa (Betanzos) cos característicos seis roeles.



Fig. 7.- Cabaleiro cun escudo (s. XV) probablemente da familia Castro (aínda que soamente tren tres roeis) nun capitel dunha capela da igrexa de Santiago (Betanzos).



Fig. 8.- Dous cabaleiros con escudo dos Castro enfróntanse, un con lanza a un porco bravo e outro, con espada, a un grifo (igrexa mosteiral de Cines). Foto: Salgado.




Fig. 9.- Un dos dous escudos de Betanzos idénticos da *Torre do Reló*, tal como a coñece a xente. Como os do concello, os da Porta da Vila e o imperial que estivo no edificio da cárcere (Erias & Veiga, 2002), deben datar de arredor de 1550 e probablemente tamén foron labrados por Juan de Bergantiños. Seguindo o modelo do escudo do zaguán do concello, represéntase desde varios puntos de vista: de fronte (ponte), lateral para ver as frontes da torre (que tiña catro lados) e desde arriba para a calzada cos apartadeiros e a cúpula da torre, que non é un «mazonado» como creu don Paco Vales (1948). Os bezantes tamén son roeis suavizados.




Fig. 10.- Escudo de Betanzos da Porta da Vila labrado por Juan de Bergantiños en 1549, ano en que pasa o recibo correspondente (Erias & Veiga, 2002). Herda do escudo do zaguán do concello a visión da ponte e da torre Caramona desde varios puntos de vista, pero diferénciase en que non aplica a visión superior á cúpula da torre, o que resulta ser unha proba definitiva de que a torre non tiña ningún «mazonado de gules» como supuxo don Francisco Vales. Como no caso do escudo do zaguán do concello e dos da *Torre do Reló*, os bezantes aparecen suavizados nos bordes, a maneira de brisura dos roeis clásicos dos Castro. Polo demais, a torre de dous corpos ameados, o tipo de ponte de arcos de medio punto e os apartadeiros, remiten á Ponte Vella.



Fig.11.- Escudos da «Porta da Vila» (Galicia, España, representada polas armas de Castela-León, e Betanzos), tal como deberon estar colocados orixinalmente. Lenda: LAS [armas]: DEL : REINO E LA : CIBDAD. Sen dúbida era unha maneira de deixar claro diante das intrusións de nobres como Diego de Andrade e outros máis, que Betanzos era cidade de realengo con xurisdición propia e capital ademais dunha das cinco provincia do Reino de Galicia. Pouco antes, arredor de 1525, figuráronse na capela do arcediano da igrexa de Santiago os retratos do vello emperador, recentemente falecido, Maximiliano, e o novo, Carlos V (Erias: 2014): unha época de desmesurada propaganda imperial que aínda se herda hoxe en escudos de pedra e mesmo en «espellos» de ferro de bastantes portas de casas, que se non son desa época, transmiten o seu eco.



Fig.12-13.- Carlos V e o seu avó Maximiliano na capela do arcediano da igrexa de Santiago.




Fig. 14.- Escudo de Betanzos, na parede que dá á rúa da Fonte de Unta, do antigo hospital da Anunciata (desde a segunda metade do s. XVII, convento de Agustinas Recoletas). Por estar á beira doutro de Carlos V, debe datarse nos anos finais do seu reinado. Copia o escudo da Porta da Vila e demostra unha vez máis (xa o demostraran os escudos do zaguán do concello e da *Torre do Reló*) que a ponte representada é a Ponte Vella.



Fig. 15.- Escudo de Betanzos (marca de auga), datado en 1764, tomado dunha información de nobreza. Foi publicado por Vales Villamarín (1948) quen interpreta equivocadamente que a torre está mazonada. A torre simplemente remata en cúpula, cousa que xa vimos no s. XVI nos escudos do zaguán do concello e da torre do Reló.




Fig. 16.- Escudo de Betanzos no antigo colexio de Orfas, construido entre 1770 e finais dese século (Domínguez, 2010). Aínda que a ponte ten tres arcos, remite á Ponte Vella o mesmo que a súa torre Caramona, que se figura con tres puntos de vista: frontal, lateral dereito e lateral esquerdo. Os bezantes non teñen os bordes suavizados como nos escudos do s. XVI. Por primeira vez en pedra vemos a palma e o loureiro triunfais, ademais de froitas e outros ornamentos que remiten á fertilidade da terra betanceira, moi en liña co gosto clásico polas coroas triunfais, as guirnaldas e as cornucopias.

E tamén por primeira vez vemos a coroa, destruida na Primeira República




Fig. 17-18.- Escudo heráldico de Betanzos proposto por don Joseph Vañales Bourbon no 1781 (García Ledo, 1985). Á dereita traduzo a cores o boceto, corrixindo o fondo de sinople (verde) por azur (azul), tal como di o autor ó pé do deseño.



Fig. 19-20.- Escudo heráldico de Betanzos proposto por don Caio Hacha de Patiño no s. XVIII, arredor de 1781 (García Ledo, 1985). Á dereita tradución a cores desta proposta.



Fig. 21.- Medalla conmemorativa: *«EN LA AUGUSTA PROCLAMACION DE FERNANDO VII AÑO DE 1815»*. Reverso: *«LA M(uy) N(oble) L(eal) Y R(eal) ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS»* (Vales, 2006: 682). O deseño deste escudo terá amplo percorrido nas dúas restauracións de Fernando VII (1814-1820 e 1823-1833). Probablemente foi deseñada por F. Pardo, que fará un gravado magnífico no 1824, a menos que Pardo sexa soamente o gravador e se nos agoche o autor do deseño.



Fig. 22.-Selo do «[REGIMIENTO] PROVINCIAL DE BETANZOS» nun oficio do 12-08-1816 (AMB, VV-21-9). É moi esquemático, non ten bezantes, como os dous primeiros escudos coñecidos, cousa rara neste momento, e, curiosamente, sigue as directrices de don Caio Hacha de Patiño, arredor de 1781, no que se refire ó ***«castillo de plata almenado de tres torres»***, un elemento heráldico que soamente de maneira moi lonxana e imprecisa remite ás torres Caramona das pontes Vella e Nova. Mesmo as bases laterais alzadas desta esquemática e impersoal ponte permitirían pintalas de «sinople» (verde) como prescribían don Joseph Vañales de Bourbon e don Caio Hacha de Patiño.



Fig. 23.- Antiga medalla de ouro de «Regidor» de Betanzos (Museo das Mariñas). O emprego de dúas ramas de loureiro remite ó escudo do antigo colexio de Orfas (arredor de 1780), alí con palma e loureiro. Por outra parte, a ponte recórdanos a do selo do «[REGIMIENTO] PROVINCIAL DE BETANZOS» no oficio do 12-08-1816, pero tamén pode haber un eco xeral do estilo das dúas restauracións de Fernando VII. Por conseguinte, sendo como é unha peza rara, cabería datala arredor de 1800 e de xeito máis amplo, entre 1780 e 1833.



Fig. 24-25.- O escudo de Betanzos e o Real no pendón máis antigo que se conserva da cidade. De orixe medieval, xa se documenta no s. XVI, pero este que vemos, logo da destrución dos invasores franceses (xaneiro de 1809) debeu confeccionarse para a proclamación de Fernando VII en 1815 e logo arranxarse para a de Isabel II no 1833. No 1906 substituiuse a deteriorada tea de damasco e no 1979 foi restaurado de novo (datos de Núñez, 2003). Inspirado no do Colexio de Orfas (aínda que engade a cúpula que se vía no s. XVI), é un estilo que se repite con insistencia na época de Fernando VII e despois.




Fig. 26-27.- Escudo do Cuartel de Milicias de Betanzos (Museo das Mariñas). Lenda: QUARTEL DE MILICIAS. SE REEDIFICO EN EL AÑO DE 1818. REINANDO EL SEÑOR D(o)N FERNANDO VII SIENDO YNSP(ect)OR GENERAL EL EXMO. SEÑOR MARQUES DE VILLANUEBA DE DUERO CONDE DE VILLAVIEZO. A coroa foi destruida na Primeira República. Sobre marco ovalado de raíz clásica como o do Colexio de Orfas, resulta máis sobrio nos adornos, pero en xeral inspírase nel. A ponte remite á Ponte Vella (aquí con cinco arcos, tres evidentes e dous que se inician, aínda que sen figurar os apartadeiros). A torre, de dous corpos, resuta tamén moi similar, pero coa vantaxe de representarse con só dous puntos de vista (frontal e lateral dereito) co que gaña en idea de perspectiva e resulta máis comprensible. Os bezantes tamén aparecen como tales e non como roeis suavizados.






Fig. 28.- Extraodinario gravado de F. Pardo, de 1824, tomado dun nomeamento de sarxento do corpo de *«Fieles Voluntarios Realistas de Betanzos»* e publicado por Vales (1948), que di o seguinte: *«Campo, azul. Nótese la forma alomada del puente. No se indica el mazonado. Flanqueando la torre -que es de plata como el puente-, bezantes de oro en lugar de tortillos de gules. Circundan el blasón los muy honrosos títulos que, con legítimo orgullo, ostenta la ciudad, hallándose timbrado de corona real cerrada. Como ornamentación, ramas de palma y laurel, aperos de labranza y diferentes frutos»*. Cando Vales subliña que a torre non está mazonada e que os bezantes son de ouro en lugar de «tortillos» de gules (vermellos), non fai máis que deixar patente o erro que cometeu ó dar por boas e orixinais as cores do escudo do zaguán do concello, da primeira metade do s. XVI. Porque este gravado subliña todos os elementos que viñan do pasado, incluidas as cores e metais que se documentan no 1781. E como é lóxico, traduce o escudo do pendón de 1815 (fig. 24).



Fig. 29.- Tradución a cores do gravado de F. Pardo de 1824 (liñas horizontais = azur; branco = prata; puntos = ouro). Debeu de ser, xunto coa medalla da proclamación na cidade de Fernando VII en 1815, a referencia principal para numerosos escudos do futuro. Sen embargo, como símbolo utilizado polos *«Fieles Voluntarios Realistas de Betanzos»*, é, sobre todo, unha imaxe da segunda restauración do absolutismo, co retorno final de Fernando VII, logo da caída do Trienio Liberal. ***«La Muy Noble Leal y Real»*** é unha declaración absolutista de fidelidade a Fernando VII por parte do Concello, que no 1825 tira a espada de Quiroga ó Mandeo desde a ponte (Vales, 1948). Desaparecida a Constitución de Cádiz, empeza a Década Ominosa (1823-1833). Os liberais que non lograron fuxir foron reprimidos polos Cen Mil Fillos de San Luis. Riego foi aforcado en Madrid. Expulsáronse milleiros de funcionarios, sobre todo mestres. Estableceuse unha estricta censura e un plan de estudios universitarios reaccionario. Instauráronse as *«Juntas de Fe»* (a de Valencia executou ó último herexe, un mestre de escola). E desconfiando o rei do exército, creou os corpos de *«Fieles Voluntarios Realistas»*, organizados en batallóns, que dependían dos concellos...





Fig. 30-31.- Bandeira de seda morada do *«Regimiento de Milicias de Betanzos»*, sen dúbida dos *«Fieles Voluntarios Realistas»* de Fernando VII (Museo da Real Academia Galega). Lenda: MILICIA NACIONAL DE LA PROVINCIA DE BETANZOS 4º BATALLON. No centro, o escudo de España. Nas catro esquinas, o de Betanzos (Naya, 1983). Está emparentado coa medalla da proclamación de Fernando VII en Betanzos no 1815 e co gravado de F. Pardo de 1824. A orixe destes corpos de cidadáns fóra do Exército data da Guerra de Sucesión, pero empezan a regularse na Constitución de Cádiz (1812), no contexto da Guerra da Independencia. Neste caso, é un corpo que se crea o 10-06-1823 para represaliar ós liberais na chamada Década Ominosa (1823-1833).




Fig. 32.- Nesta medalla de prata, conmemorativa da proclamación de Isabel II en Betanzos no 1833 (imaxe de Vales Villamarín), vemos repetido o deseño (mellorado tecnicamente) da medalla de proclamación de Fernando VII en Betanzos no 1815 e tamén o do gravado de F. Pardo de 1824 (incluidos os símbolos de cores e metais). A lenda de fidelidade ó rei por parte da cidade repítese: *«LA M(uy) N(oble) L(eal) Y R(eal) ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS».*



Fig. 33.- De novo vemos a estética da medalla da proclamación de Isabel II na publicación do *Quinto Centenario do Voto a San Roque* (1916).



Fig. 34.- Selo do *«REGIMIENTO PROVINCIAL DE BETANZOS»* nun oficio do 20-09-1833 (AMB, VV-21-9). Sigue a estética das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833), e máis do gravado de F. Pardo (1824), aínda que rematada por unha coroa real aberta que, por outra parte, semella tamén unha «real» flor de lis.





Figs. 35-36.- Escudo de Betanzos na caixa ou tambor dos bandos (Museo das Mariñas). Lenda: *«LA MANDO CONSTRUIR PA(ra) SUS FUNCIONES EL AYUNTAMIENTO DE LA CIUDAD DE BETANZOS EN EL AÑO 1844»*. Sen as ferramentas alusivas ó traballo e á industria, é unha copia case literal do gravado de F. Pardo de 1824, incluidos os símbolos cromáticos (liñas paralelas horizontais para azur, puntos para **ouro**) e das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833). Xa de vello dábanse os edictos e os bandos (que se fixaban na fachada do concello e portas da cidade) a «toque de pífano y caja» (oficio en libro de actas de 29-01-1824).



Fig. 37.- Escudo de Betanzos de prata noutro pendón real da cidade. Tipoloxicamente forma parte do mesmo contexto (a Década Ominosa, 1823-1833, de Fernando VII) en que se producen outros máis. Polo tanto, debeuse facer para preservar o pendón de 1815 (figs. 24-25), quizais deteriorado polos avatares políticos o mesmo que o retrato de Fernando VII, que recibiu uns balazos.



Fig. 38.- Escudo de Betanzos nun vello sombreiro do traxe de maceiros (saen en parella) do Museo das Mariñas. Herdeiro das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833), e máis do gravado de F. Pardo (1824), pode datarse, por coherencia de estilo e de simboloxía, na Década Ominosa (1823-1833), pero tamén pode ser dun tempo posterior, previo sempre ó Sexenio Revolucionario (1868-1874). Delimita os sillares da torre como a medalla de Isabel II e utiliza dúas palmas (que non ata con lazo) en vez da palma e loureiro do gravado de F. Pardo. Outra variación con respecto a esta medalla e gravado está no feito de non marcar os puntos simbólicos do ouro nos roeis, porque probablemente estivo pensada esta peza para levar esmaltes.



Fig. 39.- Selo da *«PROTECCION Y SEGURIDAD PUBLICA DE LA COMISARIA DEL DISTRITO DE BETANZOS»* que aparece nunha licencia para usar unha escopeta, o 24 de xullo de 1844. É unha evolución do escudo das medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833) e máis do gravado de F. Pardo (1824), pero ampliando os arcos da ponte e demostrando que unha ponte de tres arcos nun escudo de Betanzos non ten por que referirse á Ponte Nova (AMB, c. 1067). Estamos na Década Moderada (1843-1854) cando se crea a Garda Civil (1844), se proclama a Constitución de 1845, se promulga unha lei electoral para un réxime oligárquico (1846), etc.




Fig. 40.- Escudo da Ponte das Cascas. Lenda: «*POR EL AYUNTAM(ien)Tº DE 1846*». No ten coroa: é o ano da sublevación do coronel Miguel Solís, que en Galicia remataría cos fusilados «mártires de Carral». Xa destruida a torre Caramona da Ponte Vella no 1823, queda memoria de que tiña dous corpos ameados, unhas fiestras nos dous corpos, pero non se figuran os arcos a pesar desa mal construida doble visión lateral da ponte que intenta recordar a múltiple do s. XVI, sen conseguilo. Por outra parte, a cúpula redonda orixinada no s. XVI e que se mantén no tempo de Fernando VII aquí semella un tellado, que quizais tamén tivo.




Fig. 41-43.- Escudo de Betanzos no respaldo dun banco, atopado por quen suscribe en 1981 na carpintería municipal (hoxe Conservatorio de Música) e levado para o Arquivo Municipal de onde pasou ó Museo das Mariñas. Ten un certo parecido co escudo da Ponte das Cascas, pero o feito de faltarlle as ameas pode ser indicativo de que data dos anos do Sexenio Revolucionario ou da Primeira República cando as ameas eran signo de Antigo Réxime. Arriba, debuxo; abaixo, o escudo orixinal (Museo das Mariñas) e unha magnífica versión do escultor Luis Otero para o tímpano do templete de entrada ó museo. A torre ten visión frontal e doble visión lateral e sigue a amosarnos o tellado, o que reforza a posibilidade da súa existencia nalgún momento.








Fig. 44- Oficio dirixido desde o Concello ó *«Gefe Político de esta Provincia»* o 6-08-1849: *«Este Ilustre Ayuntamiento para distintibo de las demás autoridades de la Ciudad, cuando todas a la par asistan con el mismo a los actos públicos que tienen lugar en ellas y otros de su servicio, … acordó la construción de una* ***medalla de plata*** *para cada cual de los individuos que componen la Corporación, con las* ***Armas de la Ciudad****, y la inscripción de* ***«Ayuntamiento Constitucional de Betanzos»****…* (AMB, c. 54).

Noutra páxina dise que cada concelleiro pagará a súa.





Figs. 45-46.- A estética dos motivos centrais deste selo ten a súa lonxana orixe na primeira (1814-1820) e segunda (1823-1833) restauración absolutista de Fernando VII. Sen embargo, estes selos son moi posteriores. O primeiro data do 30-04-1850 (AMB, c. 915) e di, *«ALCALDIA CORREGIMIENTO DE BETANZOS»*. O segundo é do 23-07-1873 e di, *«ALCALDIA CONSTITUCIONAL DE BETANZOS»*. De similar estética, o primeiro ten dúas espadas ós lados da cabeza do rei Brigo, mentres que o segundo ten dous fusiles con baionetas caladas. Di Vales (1948) ó respecto dunha imaxe similar á primeira: *«Como timbres, la cabeza coronada del rey Brigo -legendario fundador de Betanzos-, diversas armas, el pendón municipal, la enseña de la nación y las dos banderas de nuestro antiguo Regimiento Provincial».*








Figs. 47, 48, 49.- Escudo nun selo do *«INSTITUTO DE 2ª ENSEÑANZA LIBRE DE BETANZOS»* (27-05-1873). Outro do *«JUZGADO MUNICIPAL DE BETANZOS»* nun oficio do 24-07-1888 e outro máis no libro de actas do 11-01-1902. A pesar da distancia temporal non hay cambios significativos.




Fig. 50.- Selo moi raro nun oficio do alcalde Mateo Cereijo do 25-11-1873, correspondente á brevísima etapa da Primeira República Española (do 11-02-1873 ó 29-12-1874). A lenda, «*ALCALDIA REPUBLICANA FEDERAL DE BETANZOS*», é indicativa de que na nosa cidade, nese momento, adáptanse os republicanos á vía federal (cantonal) triunfante e non á unitaria que representaría máis tarde o goberno de concentración (constitucionais, radicais e republicanos unitarios, excluindo ós federais) presidido polo xeneral Serrano, último presidente da Primeira República (do 3 de xaneiro ó 29 de decembro de 1874). Neste escudo o elemento máis singular é o **gorro frixio** que na arte antiga simboliza ós asiáticos; utilízano os deuses Attis e Mitra e tamén o empregan os libertos e os asasinos de César. É emblema de Liberdade e Republicanismo na Independencia de Estados Unidos e na Revolución Francesa, acentuando esta función no s. XIX. En Betanzos aínda o veremos máis tarde, en 1932, nunha proposta gráfica de Francisco Javier Martínez Santiso (fig. 79) que, por esta e outras razóns (fig. 73), se pode calificar de republicano.









Figs. 51-54.- Escudos nos programas de festas patronais de 1900 (L. Álvarez), 1903, 1906 e 1909 (estes tres de F. J. Martínez Santiso). Vese no 1909 que a ponte é a Vella.





Fig. 55.- Escudo de Betanzos na Fonte de Picachá, deseñada por Francisco Javier Martínez Santiso. En estilo esquemático, os bezantes non teñen os bordes suavizados. A ponte é a Vella.



Figs. 57-60.- Escudo deseñado polo arquitecto Julio Galán nas farolas modernistas da Porta da Vila (1911). De novo vemos os bezantes cos puntos que indicarían ouro, mentres a ponte de catro arcos soamente pode remitir á Vella. O mesmo pasa coas farolas do Campo e as que flanquean a escalinata do Edificio Arquivo, datables despois da primeira década do s. XX.








Fig. 56.- Escudo de Francisco Javier Martínez Santiso que aparece nos programas de festas patronais de 1915 e 1920.






Fig. 61.- Arriba, escudo deseñado por Francisco Javier Martínez Santiso para o programa de festas patronais de 1912: M(uy) N(oble) M(uy) L(eal) REAL Y ANTIGUA CIUDAD DE BETANZOS. Timbrado co mítico rei Brigo. Bezantes de ouro sobre fondo azul. Ponte Vella (arcos de medio punto e apartadeiros) de prata. Atributos militares (armas, bandeiras, trompetas; delfíns e áncoras derivados dos engadidos en 1735 cando se creou o «Regimiento Provincial de Betanzos».

Fig. 62.-Baseándose no deseño de F. J. Martínez Santiso de 1912, Emilio de la Iglesia Caruncho deseñou a portada do primeiro *Anuario Brigantino* de 1948 na que desaparecen as trompetas e os delfíns (substituidos simbolicamente por unha gran áncora inferior), así como os puntos indicativos do ouro nos bezantes.



Fig. 63.-Un anuncio co escudo de Betanzos, deseñado por Antonio Núñez Díaz (1916) para o seu establecemento: «Baules de lujo Armazón privilegiada Patente nº 49.400». Vémolo na publicación de 1916: *En el Quinto Centenario del Voto a su Glorioso Patrono San Roque*.






Figs. 64-65-66.- Sobre o redeseño de Emilio de la Iglesia Caruncho (a partir do de Martínez Santiso de 1912), e con poucas diferencias (a máis importante, a desaparición da áncora inferior, substituida por un pergameo que recorda o deseño de M.S., farase máis tarde un reposteiro, un selo do Concello (o que vemos é dun documento do 26-08-1976) e unha talla na fronte da mesa presidencial da Sala Capitular nos anos 40 do s. XX.



Fig. 66b.- O 2-11-1943 a cidade concédelle a Franco a primeira medalla de ouro e o marco co diploma correspondente contén un escudo moi similar ó da mesa presidencial da Sala Capitular, polo que podemos pensar que é posible que o escultor fose o mesmo, o coruñés José Juan González, e a datación das dúas obras rondase o 1943.





Figs. 67.- O *«Consejo local de los Exploradores de España en Betanzos»* creouse en xullo de 1915 e no 1916 xa había arredor de 100 *scouts*, alentados polo alcalde Antolín Sánchez Valeiro.



Figs-68ab.- Escudo de «LOS EXPLORADORES DE ESPAÑA TROPA DE BETANZOS» (Museo das Mariñas). Pode datarse en 1915. Siguen os bezantes de ouro e a cúpula da torre que xa se indicaba no s. XVI e se perpetuou na época de Fernando VII e máis aló.






Fig. 69.- Escudo das *«Escuelas Jesús García Naveira»*, de 1917, deseñado polo arquitecto Rafael González Villar en clave ornamental *art nouveau*, pero mantendo interiormente a estética da época de Fernando VII.



Figs. 70-71.- Escudo da cidade na bandeira das Irmandades da Fala de Betanzos, de 1917-1918 (bezantes de ouro), probablemente deseñada por Camilo Díaz Baliño. Museo das Mariñas.



Fig. 72.- Un dos dous escudos de Betanzos idénticos da fachada da casa Núñez (hoxe CIEC), deseñados, o mesmo que a casa, no 1923 por Rafael González Villar con estética postmodernista e detalles *art nouveau*. Siguen os seis bezantes de ouro.



Betanzos y S. Roque de 1927.

Continuamos, dicen, bajo la "Dictadura Civil", que es como si fuese "militar", con ella el gobierno de los pueblos es tan malo como con el régimen constitucional y los impuestos son más crecidos que antes. La centralización también es mucho mayor. No se ve que el país mejore, ni crezca en riqueza ni en bienestar, sino tan solo los ricos y los poderosos: se aumentan los monopolios y las grandes ciudades resultan favorecidas; el campo, los pobres y la pequeña industria perjudicados; el favoritismo y el dinero siguen pesando en la balanza de la justicia administrativa. La prensa sigue amordazada y además mintiendo como antes. El país en general está metalizado, solo le duele el bolsillo. Continúan también los caciques, los viejos han perdido mucho, como era natural, ya que hay que repartir con los nuevos, pero en la administración municipal y en la provincial aquellos están eliminados, salvo los que se pasaron al nuevo gobierno.

En Betanzos, después de unos alcaldes deplorables de corta vida, llegamos a Emilio Romay, joven muy listo y con excelentes condiciones para el cargo y superior a los habidos desde el tiempo de Calixto Leis, de grata recordación.

Gracias al extremoso ingreso de dineros en las arcas municipales y a las excesivas facilidades que el nuevo régimen proporciona para emplearlos se han llevado a cabo muchas mejoras locales, aunq. no siempre con exceso de acierto, ni de economía. El adoquinado de la carretera general y de la Ribera y Puente nuevo, obra costosa, que hizo el Ayuntamiento, cuando la hubiera hecho, sin costarle nada la Admón. del Estado y que ahora resulta está mal hecho pues los adoquines quedaron mal centrados y habrá que proceder a su renovación ante de cumplir el año de su asiento.

El alumbramiento de aguas en la fuente de la Reina y renovación de la cañería por la Rúa Traviesa, obras también de excesivo gasto y que no quedarán bien. Atravesando el atrio o cementerio de Sta. María, donde aparecieron restos humanos.

El embaldosado de sillería de la Rúa Traviesa, todavía en construcción, hecho mal el proyecto, que hubo que variar, con bastante desprecio de los intereses particulares.

La erección de un kiosco para la banda de música sobre el rocalo antiguo de sillería que se repicó sin necesidad, pudiendo utilizarse.

El ensanche del Cantón Pequeño, obra todavía en ejecución.

Además otras obras convenientes que para servir intereses muy particulares se emprendieron al parecer, como la reforma del encachado de la Plaza del Campo; pero afortunadamente de poca importancia y que cesaron pronto.

Respecto a las fiestas peores que el año anterior a lo que contribuyó el mal tiempo que mandó Dios este año en que no hubo verano sino lluvia, viento y mas lluvia, sin lucir el Sol.

El mismo día 16, puesta la fachada y árboles de fuego en la velada, comenzó a llover y para utilizar tanta pólvora se quemó todo precipitadamente a primera hora. El globo grande no se elevó siquiera.

El 18 día de Caneiros vino gente forastera pero el tiempo infernal de lluvia y frío aquí tal fiesta completamente.

Hubo que consolarse con que el día 14 se inauguró el paseo de la muralla (un paseo con poca de vistas) por la banda municipal, repozada, que está muy afinada.

El 15, día de la Asunción pudo salir la procesión, pero con mal tiempo también.

Hoy (20 de agosto) parece que ha comenzado la instalación del Reloj y campanas ya citados.

Una de las cosas, que preocupan en el estado económico general: el ganado bajo de precio y fué acometido de muchas enfermedades, las cosechas todas malas, lo mismo el trigo que el maíz, alivio que poco prometen. De Cuba vuelve mucha gente en la miseria por falta de trabajo. El 15 he visto una reunión en que los vecinos de Paderne protestaban contra el impuesto de cédulas. (Ya han protestado muchísimos Ayuntamientos.)

En este mes de Agosto se terminaron felizmente dos casas en la acera de la Soportales del campo (antigua Rúa de Herradores) quedando, después de muchísimos años de espera, completada dicha acera. Estas casas están después de la 2ª calleja y contribuyen al ornato de la Plaza, tantísimo tiempo deseado.

También se realizaron y están realizando muchas obras de particulares en diversos lugares del pueblo, pero no tantas como fuera de desear. El principio de este año pudo considerarse terminada la casa que los Hijos de A. Núñez, banqueros, construyeron, renovando la antigua en la antigua calle del Castro ó Plaza de la Constitución.

En este agosto, creo que el día 11, llegaron á Betanzos, el Reloj y Campanas, que para la torre nueva de Santiago regala el "Rico de Oro" D. José Roque Naveira Golpe, archimillonario argentino, hijo único del Sr. Naveira, que ordenó y fundó el asilo de Sordomudos y ciegos de la carretera de Castilla, y de su esposa Dª. Matilde Golpe.

Fig. 73.- Crítica de F. J. Martínez Santiso no 1927 ó réxime da Restauración e á Ditadura de Primo de Rivera (1923-1930), o que xustifica a súa querencia polo republicanismo, manifestada no seu deseño do escudo de 1932 con barretina (fig.79), inspirado no de 1873 da *«ALCALDIA REPUBLICANA FEDERAL...» (fig. 50).* AMB, c. 4394.



Fig. 74.- Escudo no programa de festas patronais de 1927.





Fig. 75.- Placa de prata ofrecida polo pobo de Betanzos a don Juan García Naveira cando cumpriu 80 anos: *«1849 16 MAYO 1929 Al Excmo. Sr. D. Juan García Naveira En el octogésimo aniversario de su nacimiento. Con todo el cariño, gratitud y respeto á que sus grandes merecimientos le hacen acreedor. Por el Patronato José Baños Noya, Antonio Núñez Díaz. Las Escuelas García Hermanos, por el profesorado, Mª de los Dolores Espadas, Luis Soto López. Por los alumnos, María Núñez Edreira, José Souto Naveira»* (Museo das Mariñas). A pesar do tempo transcorrido, este escudo é un *revival* dos que vimos nas medallas de Fernando VII (1815) e Isabel II (1833), do gravado de F. Pardo (1824), etc. Por intermediación de don Jaime Lafora, foi doada ó Museo das Mariñas polos bisnetos de don Juan García Naveira, dona Mª del Rosario e don Ricardo González Rodríguez, o 21-10-2013.





Fig. 76.- «*Proyecto de distintivo, divisa ó Insignia del Alcalde de la Ciudad de Betanzos formado por F. Javier Martínez Santiso. Betanzos Junio de 1929*». AMB, c. 4394.



Proyecto
de distintivo, divisa ó
Insignia del Alcalde
de la
Ciudad de Betanzos.

La medalla y el bastón de mando son las insignias oficiales de la primera autoridad local; pero estos distintivos, propios de actos solemnes, para estos casi exclusivamente se reservan, y como en gran numero de otros oficiales y oficiosos no es costumbre ni comodidad el uso de los distintivos reglamentarios se hace necesario que la persona investida con el supremo cargo municipal se distinga fácilmente a primera vista por alguna señal inequivoca.

Acusámonos de no haber invertido tiempo alguno en hacer investigaciones de los antecedentes que acerca de tales distintivos pudieran existir en los Archivos locales, ni de pedir noticia á otras poblaciones, por parecernos que las reglas de la Heraldica bastan para resolver el problema.

Se propone para ostentar sobre la solapa sujetándola en su ojal el uso de una pieza de orfebreria que claramente rememora la dignidad de Alcalde de esta Ciudad.

El distintivo está formado por el escudo de armas de la Ciudad y tras él, en pal, el emblemático bastón. Los blasones se figuran sobre cartela del siglo XVIII, por ser la última genuina forma de las heráldicas que podemos considerar como más moderna del florilizado arte del blasón que tan rudos embates soporta en los siglos XIX y XX. Este estilo ó estilos del XVIII, están muy en boga actualmente como puede comprobarse en la orfebrería y hasta en los marcos de los cuadros.

De las piezas, esmaltes y timbres del escudo nada indicamos por aceptar lo generalmente admitido por los más acreditados tratadistas locales.


No hay, que sepamos, color determinado para la caña del bastón, hallándose blancas, negras, verdes, carey, &: optamos por el rojo, primero porque armoniza los esmaltes locales, segundo porque siendo un color tan llamativo atrae hacia sí la atención, tercero por ser uno de los propios de la bandera española y único que falta en la divisa, y en fin porque dadas las multiples significaciones que tiene en la Heráldica concuerda con el cargo.

Para la presentación consideramos indicado pintar una acuarela a doble tamaño del natural, que es la parte principal de este proyecto. Aunque este género de pintura meramente efectista no parezca por su vaguedad el más adecuado, creemos que lo es, pues fija las normas al esmaltador, determina la

forma general con exactitud suficiente en las proporciones y en los pormenores esenciales, dejando al artífice en libertad de interpretación y de ejecución, no en las piezas heráldicas, pero sí en la cartela. Así, por ejemplo, puede hacer algo más gruesos de lo figurado los cordones de las borlas; puede labrar la empuñadura del bastón y aún la contera decorándolas con dibujos de la época.

Bajo la punta del escudo se ha figurado una plaquita oval donde, grosso modo, aparece la leyenda "Alcaldía // 1929." Este letrero es ó no necesario; pero optamos por incluirlo. Constituye un rastro remanente de algunos de los numerosos diseños formados al efecto, en que la rotulata era mayor ya en filacteras, ya de otros modos.


Respecto a la torre ó castillo de dos cuerpos debe modelarse con las ochavas ó caras laterales bien perceptibles y en su parte baja las puertas de arco. En la parte superior hay un remate que según unos es la cabeza de un león coronado y para otros un dragón: el orfebrista está disculpado con un remate en consonancia con tales ideas. El castillo y el puente son de plata en Heráldica; pero como la plata se sulfura y ennegrece fácilmente puede platinarse si se quiere. En los términos del blasón se dice que tal ó cual pieza es "fabricada" cuando se acusan las juntas de los sillares indicando el aparejo ó corte de las piedras: en



nuestros blasones no consta que la torre y el puente sean fabricados, ni de que color (el color de la raya ó junta); pero en una información de nobleza del año 1764 (que es de la época que fingimos) en un sello sobre oblea con las armas de esta Ciudad el puente está fabricado, por tanto adjuntamos un dibujo por separado en la inteligencia de que las rayas ó juntas se han de traducir en orfebrería por líneas hundidas, sin color alguno, ó sea "fabricado en blanco". Si el artista orfebre entiende que dichas piezas, puente y castillo, están mejor sin raya alguna, puede evitarlas, pues sin ellas está el escudo más antiguo, del siglo XV.

Así como consideramos que la magnitud de la joya sería excesiva quizá adaptándose al tamaño del modelo acuarelado, que alcanza unos once centímetros de altura, creemos que si se hace más pequeña que su mitad, no solo resulta imperceptible para la acuidad visual de muchas personas, sino que se confundiría con ciertas divisas, hoy muy empleadas que corresponden a entidades de escasa significación social.

Respecto a los materiales lo preferible sería utilizar los metales preciosos y esmaltes de toda calidad y lucimiento, prescindiendo de toda piedra costosa, que ni acusa el lujo, puede hacer agravio a la austeridad de un cargo cuyo mérito principal



estriba en ser popular.

Betanzos 29 de Junio de 1929.

J. Javier Martínez Santiso.


Notas:

I. Puestos los esmaltes correspondientes no procede que se labre ni adorne en modo alguno la superficie del fondo, ni tampoco la de los bezantes; pero bajo el puente deben figurarse unas ondulaciones para representar las aguas.

II. Cortando el bastón más abajo de las borlas, la divisa pasa a serlo de los ex-alcaldes.

III.

J. JAVIER MARTINEZ
BETANZOS


ALCALDIA
1929
Proyecto de Insignia del Alcalde de Betanzos.
— Junio de 1929 —



Figs. 77-80.- Bocetos varios do escudo de Betanzos por F. J. Martínez Santiso. O republicanismo do autor sublíñase no emprego da barretina nun deles, inspirándose no selo da *«ALCALDIA REPUBLICANA FEDERAL DE BETANZOS» de 1873 (fig. 50). Siguen os bezantes de ouro, término que emprega o erudito autor (fig. 76). AMB, c. 4394.*



Figs. 81-82.- Este selo e escudo (AMB, c. 55), aparte da súa magnífica definición (estaba recén feito, vémolo desde o 1929), resulta interesante por aplicarse na Segunda República, concretamente o 14-06-1931, en tempos do alcalde Víctor Montoto Arias. Esta é, sen dúbida, a imaxe máis resistente do selo ou escudo municipal, posto que se mantén desde mediados do s. XIX ou antes ata a Segunda República e máis aló. Nesta etapa seguímolo vendo idéntico, coa cabeza coroada do rei Brigo, nos libros de actas, aínda que noutros documentos detectámolo tamén coa cabeza cortada (mesmo xa antes no 1929, aínda que seguramente posto *a posteriori* na Segunda República). E cando chegamos á Guerra Civil e á era de Franco, este selo sigue aparecendo inmutable, aludindo ó *«AYUNTAMIENTO CONSTITUCIONAL»* polo menos ata a acta do 2-08-1940, trasladando a vella terminoloxía liberal do s. XIX.



Figs. 83-84.- Este selo sen coroa e coa sinatura do alcalde Ramón Beade Méndez documentámolo no expediente de xuño de 1933 relativo ó *«Homenaje a D. José García Acuña»*. Sen embargo, no mesmo expediente convive con outros selos con coroa. Aínda máis, este mesmo selo xa o vemos no expediente de marzo-xullo de 1929 *«instruido con motivo de haberle sido concedida por S. M. el Rey (q. D. g.) a Doña Matilde Golpe Brañas, viuda de Don Manuel Naveira González, vecina de Buenos Aires, la Cruz de primera clase de la Orden civil de Beneficencia»* (AMB, c. 73). Resulta demasiado sorprendente ver a sinatura do alcalde accidental Raúl Fernández Meás á beira deste escudo mutilado, posto que este home se presentará no 1931 ás eleccións municipais por «Unión Monárquica», liderada por Emilio Romay Montoto. Por iso é razoable pensar que ese selo foi posto *a posteriori* en plena Segunda República (AMB, c. 73).



Figs. 85.- Escudo de Betanzos deseñado por Camilo Díaz Baliño (pai de Isaac Díaz Pardo) para o programa de festas patronais de 1934. Escritor, escenógrafo e artista gráfico, foi asasinado a noite do 13 ó 14 de agosto de 1936.



Fig. 86a.- Este selo aparece no *«Expediente instruido con el fin de colocar una placa en la casa en que vivieron los benefactores hijos de esta ciudad Excmos. Sres. D. Jesús y D. Juan Mª García Naveira, tributándoles el homenaje a que sus constantes beneficios a la ciudad, les hizo acreedores»*. Empeza o 2-08-1937 e remata o 3-04-1939, data na que o selo está á beira da sinatura do alcalde Juan Jesús García Iribarne, fillo de don Juan García Naveira. Nas actas capitulares vemos este selo desde o 19-08-1940 e chega nos documentos ata 1967 polo menos. É unha versión do anterior, onde o cambio máis importante consiste na substitución da cabeza coroada do mítico rei Brigo por unha coroa *muralis* (mural), probablemente alusiva ó carácter de cidade amurallada de Betanzos, pero que curiosamente se popularizara en toda España na Primeira e na Segunda República. Resulta tamén sorprendente que en plena guerra o bando nacional siga utilizando o escudo republicano, coa conseguinte coroa mural (AMB, c. 73). Iso sí, desaparece despois de máis dun século a alusión á Constitución, sendo substituida pola máis aséptica, EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS - ALCALDIA-. Este selo, coa coroa mural, aínda se seguiría empregando á altura de 1967.



Fig. 86b.- Impresión a partir dun selo que se conserva no Museo das Mariñas. Debe datar de arredor de 1939-1940.



Fig. 87.- Escudo de Betanzos coa coroa mural no programa de festas patronais de 1943.



Figs. 88-89.- Medalla de prata e de ouro baseadas no deseño de José Veiga Roel, realizado para dar a primeira medalla de ouro ó *«Generalísimo»* Francisco Franco, por acordo do concello do 2-11-1943 (Museo das Mariñas).



Fig. 90.- Diploma dado pola corporación municipal ó pai franciscano Francisco Blanco como fillo adoptivo da cidade de Betanzos. Foi deseñado por Emilio de la Iglesia Caruncho no 1959 e leva xa a cor vermella nos «tortillos», tal como prescribiu don Francisco Vales Villamarín no *Anuario Brigantino 1948*, aínda que non o sigue na cuberta de gules da torre (convento franciscano de Betanzos). Mantén a orla de ramas de loureiro que, xunto á palma, como símbolos de triunfo, tanto se desenrolaron na época de Fernando VII, aínda que xa tiñan precedentes a finais do s. XVIII no escudo do Colexio de Orfas.





Fig. 91.- Detalle do escudo de Betanzos no diploma dado pola corporación municipal ó pai franciscano Francisco Blanco como fillo adoptivo da cidade de Betanzos. Deseño de Emilio de la Iglesia Caruncho no 1959 (convento franciscano de Betanzos).



Fig. 92.- Escudo de Betanzos deseñado por Emilio de la Iglesia Caruncho no Programa de festas patronais de 1949, Aquí os bezantes semellan de prata, pero a este mesmo deseño, datado antes, en 1947, e publicado por Vales (1948), engadíronselle as liñas verticais simbólicas da cor vermella.



Ayuntamiento de BETANZOS Provincia de LA CORUÑA

Año 19 73

NEGOCIADO

Expediente relativo a la REHABILITACION o CONFIRMACION del ESCUDO HERALDICO de esta ciudad.

AYUNTAMIENTO DE BETANZOS
SALIDA
N.º 2094

XCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

En relación con su escrito nº 1312 (Sec. 3ª), tengo el honor de remitir a V.E. expediente instruído para la rehabilitación del escudo oficial del Municipio, a efectos de lo ordenado en los arts. 300 y siguiente del R.O.F.
Betanzos 27 de nvbre.de 1.973.
El Alcalde,

Registro General 3 DIC. 1973 2080

3-12-73

Excmo. Sr. Ministro de la Gobernación MADRID

PROVINCIA DE LA CORUÑA

AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

BLASON MUNICIPAL

M E M O R I A

El Ayuntamiento de Betanzos, en cumplimiento de las disposiciones vigentes, solicita de la superioridad le sea confirmado su secular escudo de armas, cuya organización es la siguiente:

En campo de azur, puente de argent, de cuatro arcos, con sus correspondientes apartaderos y tajamares, sobre aguas de río, al natural, sumado de torre de dos cuerpos almenados, también de argent, aclarada de sable, mazonada, como el puente, de lo mismo, cubierta de gules y acompañada de seis tortillos, igualmente de gules, tres a cada lado, puestos en pal. (Véase dibujo adjunto.)

No es posible precisar aquí la fecha exacta de creación del referido emblema, ya que, lamentablemente, no existe antecedente alguno en el archivo concejil; pero consta con toda evidencia que tuvo su origen en el Medievo, a juzgar por una muy interesante piedra heráldica que campea en la llamada Puerta de la Villa, labrada antes de la conquista del reino granadino por los ejércitos cristianos.

Son armas, al parecer, de las denominadas de "atribución", como sucede en numerosísimos blasones hispanos.

Respecto a los esmaltes empleados en el distintivo de referencia, así como a la interpretación de las diferentes figuras que integran el mismo, la Corporación municipal acepta plenamente el criterio expuesto por el cronista oficial de la ciudad en la documentada monografía que lleva por título "El blasón de Betanzos de los Caballeros", publicada en esta localidad hace algunos años y de la que se acompaña un ejemplar.

Don Enrique Rodriguez Cabirta, Secretario titular del Excmo. Ayuntº de Betanzos.

C e r t i f i c o: Que el precedente dibujo-proyecto fué aprobado por el Ayuntº Pleno en sesión celebrada el 25 de septiembre de 1.973.

Vº.Bº.
El Alcalde,

Fig. 93a.- Copia do «Expediente relativo a la REHABILITACIÓN o CONFIRMACIÓN del ESCUDO HERÁLDICO de esta ciudad» (1973-1974). AMB. c. 2342.

DON ENRIQUE RODRIGUEZ CABIRTA, Secretario titular del Excmo. Ayuntamiento de esta ciudad.

C E R T I F I C O: Que el Ayuntamiento Pleno en sesión celebrada el día 25 de setiembre de 1.973 adoptó el siguiente acuerdo:

"Visto un escrito de la Dirección General de Administración Local de fecha 22 del pasado mes de mayo que literalmente dice: "Examinado el expediente tramitado por ese Ayuntamiento, para la adopción de un Reglamento de concesión de Honores y Distinciones, y teniendo en cuenta que entre las mismas figure la creación de la Medalla de la Ciudad, en cuyo anverso ha de ostentar el Escudo Oficial del Municipio, es requisito previo y necesario que se tramite en primer lugar, el expediente de adopción o, en su caso, rehabilitación, del Escudo heráldico Municipal conforme a lo establecido en los artículos 300 y siguientes del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Corporaciones Locales". ----------

Vista la Memoria de la Alcaldía-Presidencia en la que se describe con exactitud el secular blasón municipal, de acuerdo con la Monografía del Cronista Oficial de la Ciudad titulada "El blasón de Betanzos de los Caballeros" (1.968), unida al expediente, ----------

Visto el dibujo del blasón de la ciudad de Betanzos, y ----------

Con la asistencia de ocho Concejales de los once que de hecho y de derecho forman la Corporación, SE ACUERDA POR UNANIMIDAD: -------

Primero.- Rehabilitar o confirmar el Escudo de la Ciudad utilizado desde hace siglos por el Ayuntamiento brigantino en la forma en que se describe en la Memoria de la Alcaldía-Presidencia y en la Monografía del Cronista Oficial de la Ciudad, arriba citada. ----------

Segundo.- Aprobar el dibujo del viejo blasón municipal. ----------

Tercero.- Exponer al público lo acordado, por plazo de un mes." --

Y para que conste y con la salvedad determinada en el art. 321 del R.D.F., expido la presente que será visada por el Sr. Alcalde, y que firmo en Betanzos a veintisiete de setiembre de mil novecientos setenta y tres.

Vº. Bº.
El Alcalde,

AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

En sesión plenaria de 25 de setiembre último, se acordó rehabilitar o confirmar el Escudo de la ciudad, aprobando la memoria y el dibujo del viejo blasón municipal.

De conformidad con el art. 300 y siguientes del R.D.F. se expone al público el expediente instruído al efecto, pudiendo presentarse reclamaciones contra el mismo durante el plazo de un mes.

Betanzos 3 de octubre de 1.973.

EL ALCALDE,

Diligencia

La pongo yo Secretario para hacer constar que el precedente anuncio estuvo expuesto al público en el tablón de edictos de la Casa Consistorial durante el plazo de un mes contado a partir del día siguiente desde la aparición de otro similar en el B.O.de la Provª nº 235 de fecha 16 de octubre del presente año.

Betanzos 26 de nvbre.de 1973.

El Secretario,

DON ENRIQUE RODRIGUEZ CABIRTA, Secretario titular del Excmo.Ayuntamiento de Betanzos (La Coruña).

C e r t i f i c o: Que no se ha presentado reclamación alguna durante el plazo de un mes en que fué sometido a información pública el expediente instruído para la rehabilitación del escudo heráldico municipal, según anuncio publicado en el B.O. de la provincia nº 235 de 16 de octubre último, y en el tablón de edictos del Ayuntamiento.

Y para que conste y surta los efectos reglamentarios, de orden y con el visto bueno del Sr. Alcalde expido la presente que firmo en Betanzos a veintisiete de noviembre de mil novecientos setenta y tres.

Vº. Bº.
El Alcalde,

MINISTERIO DE LA GOBERNACION
DIRECCION GENERAL DE ADMINISTRACION LOCAL

Sección 3ª Núm.- 935

AYUNTAMIENTO DE BETANZOS
ENTRADA
Nº 333
20 ABR 1974

Recabado de la Real Academia de la Historia el preceptivo dictamen en relación con el expediente tramitado por ese Ayuntamiento para la rehabilitación de su Escudo heráldico municipal, lo emite,- con fecha 25 del pasado mes de marzo, en la forma siguiente:

"En relación al oficio nº 42 de esa Dirección General de Administración Local, de fecha 3 de enero de 1.974, al que se acompaña expediente que promueve el Ayuntamiento de BETANZOS, de la provincia de La Coruña, en solicitud de aprobación de un boceto de Escudo heráldico municipal, y enviado a nuestra Corporación para su informe, esta Real Academia de la Historia, en su sesión celebrada el día 8 del corriente mes de marzo, aprobó el siguiente dictamen:.- " El Ayuntamiento de Betanzos (Coruña), inicia expediente que le faculte para ostentar -"rehabilitar o confirmar"-su blasón municipal. Con propósito tal, el Concejo interesado aduce expresivo opúsculo - del Cronista Oficial de dicha localidad brigantina, en el que, con profusa y elocuente documentación, se acredita cuál es y era la heráldica local.-Queda patente ahí que el aludido blasón es como sigue:.- De azur, puente de plata, de cuatro arcos, sobre ondas de - plata y azur, sumado de torre de dos cuerpos, almenados tambien, de plata, aclarado de sable y mazonado, acompañado de seis tortillos de gules, tres a cada lado, puestos en pal. Al timbre, Corona Real - - abierta.- Como tambien acertadamente se propone (y según aprecian - los mismos promotores de esta armería), obsérvase la irregularidad heráldica de que los "tortillos", de gules, cargan sobre el campo - de azur, pareciendo conveniente que dichas piezas aparezcan filetedas de plata, bien que semejante arbitrio puede tener difícil realidad gráfica en sellos y otras estampaciones de pequeña proporción,- habituales en esta suerte de casos".

Lo que se traslada a V.S. para su conocimiento y el de la Corporación, a efectos del trámite de audiencia que le concede el párrafo primero de la Ley de Procedimiento Administrativo, significándole la conveniencia de que ese Ayuntamiento hiciera suya la sugerencia formulada por la Real Academia de la Historia respecto a que los "torillos" aparezcan filetesadas de plata, por los motivos que - en dicho dictamen se indican, adaptando el diseño a la misma.

A tal efecto, se le devuelve el expediente.

Dios guarde a V.S. muchos años.

Madrid, 16 de Abril de 1.974

EL DIRECTOR GENERAL,

Sr. Alcalde-Presidente del Ayuntamiento de BETANZOS (La Coruña)

Enterado del informe emitido con fecha 25 del pasado mes de marzo por la Real Academia de la Historia en relación con nuestro blasón local, me interesa poner de manifiesto que procede, por parte del Excmo. Ayuntamiento de su digna presidencia, solicitar de aquella docta y prestigiosísima Corporación la rectificación del mencionado dictamen en el sentido de que tenga a bien aceptar la confirmación plena de la aludida armería, tal como ha sido descripta en el expediente elevado en su día a la Superioridad, ya que filetear de plata los "tortillos" que campean en el escudo en cuestión, situando, además, el puente "sobre ondas de plata y azur", constituye, a mi juicio, una evidente alteración del emblema que el Concejo brigantino creó hace varias centurias -concretamente, en el siglo XV- y que sigue utilizando sin modificación alguna en la actualidad. En mi monografía "El blasón de Betanzos de los Caballeros", publicada años atrás, puede verse amplia y documentada información acerca de este extremo.


Por todo lo expuesto, espero fundadamente que el regio Instituto referido habrá de acceder, sin el menor reparo, a la petición que sobre el particular se le formule, por ser un caso de verdadera justicia.

Dios guarde a V.S. muchos años.

Betanzos, 23 de abril de 1974.

Cronista oficial de la ciudad.

Sr. D. Julio Romay Beccaria, Alcalde-Presidente del Excmo. Ayuntamiento.




DON ENRIQUE RODRIGUEZ CABIRTA, Secretario titular del Excmo. Ayuntamiento de la ciudad de Betanzos.

C e r t i f i c o: Que el Ayuntamiento Pleno en sesión trimestral ordinaria celebrada el 5 de este mes de julio de 1.974 adoptó entre otros, el acuerdo que copiado literalmente dice así:

"Acto seguido se da lectura a un escrito de la Dirección General de Administración Local de fecha 16 del pasado mes de abril, en relación con el expediente instruído para rehabilitar el escudo heráldico municipal, y visto el informe del Cronista oficial de la ciudad, = Se acuerda por unanimidad: Solicitar de la Dirección General de Administración Local la rehabilitación del escudo heráldico municipal en la forma en que ha sido aprobado por el Ayuntamiento Pleno, pues estima que la modificación que se pretende introducir (tortillos fileteados de plata y puente sobre ondas de plata y azur), supone una importante alteración del emblema, que desde el siglo XV viene utilizando ininterrumpidamente el Municipio brigantino."

Y para que conste y surta los efectos reglamentarios expido la presente que visará el Sr. Alcalde y que firmo en Betanzos a nueve de julio de mil novecientos setenta y cuatro.

Vº. Bº.
El Alcalde,



La Coruña, 29 de abril de 1974.

Excmo. Sr. D. Dalmiro de la Válgoma y Díaz-Varela,
Secretario perpetuo de la Real Academia de la Historia.
MADRID

Mi caro y admirado amigo:

He visto el informe emitido recientemente por esa Academia en relación con el blasón betanzero y debo manifestarle con toda sinceridad que me ha producido gran pesadumbre. La introducción en nuestro multisecular emblema de determinados elementos -fileteado de "tortillos" y "ondas de plata y azur"-, constituyen, a mi juicio, una manifiesta alteración de la verdadera armería local, ostentada con la máxima fidelidad por el Concejo brigantino desde la fecha de creación de la misma -que se remonta, como usted no ignora, a la décimoquinta centuria- hasta nuestros días.


Efectivamente, existe una infracción heráldica al figurar en el escudo de referencia el gules de los "tortillos" sobre el azur del campo; pero así lo establecieron nuestros antepasados -conservemos, por fortuna, una antigua piedra armera, policromada, que acredita este extremo- y alguna razón tendrían para proceder de tal guisa. Sabemos muy bien que éste no es caso único. Ejemplo de ello, entre otros, el blasón de la ciudad de Toro, que luce en sus cuarteles sable sobre sinople y oro sobre plata. Inadmisible, sí, señor, mas la Historia y la tradición, como vemos, se han impuesto aquí. En cuanto a las ondas aludidas, debo advertir que en ningún escudo betanzero aparecen; sólo sí, aguas de río, al natural, motivo éste que encontramos también en los blasones de Orense, Pontevedra, Puentedeume y en tantos más.

Yo creo que sólo caben modificaciones en escudos de nueva creación -siempre, claro está, que ello fuere necesario-; pero nunca en aquellos que se hallen consagrados por los siglos.

El Ayuntamiento de Betanzos, por indicación mía, se propone solicitar, con el respeto debido, la rectificación del expresado dictamen, en el sentido de que esa regia Corporación -de la cual es usted digno miembro- tenga a bien confirmar el blasón municipal, tal como ha sido descrito en el expediente elevado en su día a la Superioridad, petición que presumo habrá de ser estimada, por las razones que acabo de exponer a usted. Ruégole, pues, muy encarecidamente influya en el ánimo de sus ilustres compañeros para que la pretensión de mis paisanos tenga una favorable acogida. En sus manos, entrañable Dalmiro, está todo. Busque una fórmula que satisfaga cumplidamente los justísimos deseos del pueblo que me vio nacer, gentileza que éste, sin ningún género de duda, sabrá agradecer eternamente.

Pidiéndole mil perdones por la molestia, le envía un fuerte y fraternal abrazo su viejo amigo y colega, que no le olvida,

Por el marqués de Figueroa me entero de su completa recuperación, lo que celebro extraordinariamente.



EL SECRETARIO PERPETUO
DE LA
REAL ACADEMIA DE LA HISTORIA

(Particular)


Madrid, 30-V-974.

Ilmo. Sr. Don Francisco Vales Villamarín.

Mi querido amigo: Siempre me produce satisfacción recibir sus cartas, aunque con menos "grados" aquella para la que leí el 2 del actual. Cuando pasó por la Academia el expediente heráldico promovido por el Ayuntamiento de Santiago, su resolución tuvo prolongado trámite, al fin resuelto a tono con cuanto ardorosamente apetecían los munícipes compostelanos. Fué para mí un motivo de preocupación como lo es hoy el que ustedes me originan, ya que de los innúmeros expedientes de esta índole, de que nuestra Corporación debe entender, solo por excepción surgen reclamaciones de los concejos interesados -con los cuales, por cierto, huelga aclararlo, nunca mantiene este Instituto comunicación directa-; y cuente usted cuánto tiene que disgustarme que, de Galicia, precisamente, sea de donde surjan las discrepancias aludidas, claro está que mantenidas en el marco de una verdadera cordialidad. El monfortino ponente de tantas veces dentro de la Comisión de Heráldica operante en nuestra Academia siempre pone, si cabe más acentuadamente, un mayor propósito de acierto y colaboración en esos blasones civiles, procedentes de Galicia.

-Yo no he dicho, como usted escribe, querido Don Francisco, que el escudo de Betanzos venga "fileteado de tortillos" porque esto es un disparate descomunal. Dije -y repito en estas líneas estrictamente particulares- que, al cargar tales piezas, de gules, sobre el campo, de azur, se producía una licencia heráldica manifiesta, fácil de eludir-arbitrio simplísimo, previsto de siempre-, fileteando aquellos de "sable", innovación elemental, que en nada se oponía al natural y grato respeto a un blasón tradicional, traído desde imprevistas, viejas edades. El que otros ayuntamientos hispanos caigan en éste o parejo yerro, permítame usted, admirado amigo, que le añada que no puedo estimarlo argumento válido. Y respecto a las "ondas" que debamos para el bello y secular blasón de referencia, considerábamos también que, por una rigurosa preceptiva -ineludible en uno de atender-, han de expresar aguas -fluviales o no-, porque si aparecen "al natural", se cae en lapsus, lapsus no único -bien sé-,

Fig. 93b (complemento).- Ata aquí os documentos da copia do «Expediente relativo a la REHABILITACIÓN o CONFIRMACIÓN del ESCUDO HERÁLDICO de esta ciudad» (1973-1974). Sen embargo, no arquivo persoal de Vales Villamarín (AMB, VV-46-2) aínda podemos seguir a polémica entre don Paco e don Dalmiro de la Válgoma.



contribuyendo entonces a que los escudos aludidos tengan más de paisaje que de escueto simbolismo.
-Escribiéndole,fechas atrás-y con idéntico caracter privado que tiene la presente carta-, al alcalde de Betanzos,quien,como usted sabrá,se dirigió a la Academia en igual sentido que usted,le indicaba que esta Corporación no vuelve a entender en expedientes ya vistos por ella,salvo cuando se aduzcen argumentos nuevos por parte del ayuntamiento promotor de aquellos;Y ahora sigue estimando lo propio,bien que ajena a considerarse infalible,máxime en materia proclive al "resbalón".El hermoso escudo de Betanzos no cambia de significación y se conserva fiel a su vetusto trazado,aunque se introduzcan en él las leves modificaciones anotadas,que no son de índole simbólica,sino meramente gráfica,y tan tenue que no altera la organización de semejante armería(A ustedes queda,si les apetece,olvidarse de las"ondas"heráldicas y seguir pintando las aguas"al natural",si es que la pretendida rectificación mella cualquier sentimiento local,en el cual jamás nos cabía previsión alguna,ni remota ni próxima.Lo grave,por su parte,sería modificar a capricho piezas y figuras del escudo,que todos queremos continúen,tras siglos y siglos de ostentarte ahí,en su singular y dilecto paraje.
-Juan Figueroa me vió,en efecto,muy mejorado,pero continúo todavía con un bastón ortopédico,y sometido a duro tratamiento,de recuperación muscular,en la pierna cruelmente dañada,y que estuvo a punto de perder.
Y con la efusiva esperanza de ver a usted este verano, se reitera suyo inalterable y cordialísimo amigo,q.e.l.e.b.

Dalmiro de la Válgoma y Díaz-Varela

P/ Sr. Académico le tendremos en respondencia a Vd. Todavía no está mozo...

EL SECRETARIO PERPETUO
DE LA
REAL ACADEMIA DE LA HISTORIA

-Particular-

Ilmo. Sr.Don Francisco Vales Villamarín.

Amigo Francisco:Recibo su cordial,pero discrepante nueva carta.Creo que resulta ocioso -y estéril- un nuevo diálogo.Particularmente estimo que no se hundiría el mundo si ustedes dejasen las cosas como estaban, máxime siendo nímia -entiendo- la pretendida modificación sobre la que uno opinaba.Ya se l insinuaban a usted mis letras precedentes,escritas con el vivo afecto de siempre hacia el eruditísimo Cronista de Betanzos y mis admiraciones hacia esa localidad,lujo de Galicia.

D.de la Válgoma

Madrid, 11-VI-74

La Coruña, 7 de junio de 1974.

Excmo. Sr. D. Dalmiro de la Válgoma y Díaz-Varela,
Secretario perpetuo de la Real Academia de la Historia.
MADRID

Queridísimo Dalmiro: Mucho lamento el disgusto que le ha producido mi última carta. De todo corazón lo digo, créame. El propósito, al dirigirme a usted, no era otro que el de significarle, de la manera más respetuosa, la contrariedad del Consejo brigantino -y la mía, naturalmente- por los términos en que se halla concebido el dictamen emitido por ese regio Instituto en relación con el escudo de Betanzos, rogándole encarecidamente, al propio tiempo, se dignase gestionar la rectificación del mismo en el sentido de que fuese confirmada la referida armería tal como se solicitaba en el expediente elevado por la Municipalidad a la Dirección General de Administración Local.

Ahora veo, según usted me manifiesta en su atenta carta, que nuestra pretensión es inaceptable, ya que la Academia "no vuelve a entender en expedientes ya vistos por ella, salvo cuando se aducen argumentos nuevos por parte del Ayuntamiento promotor de aquéllos". Teniendo esto en cuenta, es de suponer que el Consistorio de mi ciudad natal desista del proyectado recurso. Realmente no procede otra cosa. Pero yo sigo sosteniendo -y, ¡por Dios!, perdone mi insistencia- que la introducción del filete o perfil en los tortillos, así como la distinta representación de las aguas, constituyen una alteración de nuestro multisecular emblema. Y conste, que me causa verdadero pesar esta discrepancia.

No quiero molestarle más. Deseándole cordialmente un rápido restablecimiento y todo género de venturas, le envía un fortísimo abrazo su siempre agradecido amigo y apasionado admirador, que muy de veras le estima,



Fig. 94.- A estas alturas, don Dalmiro de la Válgoma estaba farto e dou por rematada esta disputa epistolar. Se soubese que a reclamación sobre os «tortillos de gules» tiña tan pouca base e que en cambio os bezantes de ouro contaban con antigüidade e ampla documentación...

Fig. 95.- Este é un dos poucos exemplos nos que parece haber (que non é seguro) un certo intento de adaptación do escudo ás prescripcións da *Real Academia de la Historia*. Diploma do *«Centro Betanzos de Buenos Aires»* a *«Don Andrés Beade Dopico...»* (5-12-2000). Museo das Mariñas.



Fig. 96.- Iluminación sobre pergameo do Libro de Ouro, realizada gratuitamente por don José Veiga Roel. O concello no Pleno do 5-11-1973 agradeceulle este *«magnífico servicio prestado al Municipio de Betanzos»*: *«EXCMO AYUNTAMIENTO DE LA MUY NOBLE, LEAL, REAL Y ANTIGUA CIUDAD DE Betanzos de los Caballeros Casas Consistoriales, Junio de 1973»* (asinado: J. Veiga Roel).



Fig. 97.- Neste detalle do Libro de Ouro vemos o escudo de Betanzos (curiosamente sen coroa) deseñado por don José Veiga Roel, seguindo as pautas dadas por don Francisco Vales Villamarín no seu traballo do *Anuario Brigantino* de 1948. Reproduce, por tanto, o erro dos «tortillos de gules» en vez de bezantes de ouro, e pinta de gules a cima da torre, ó non comprender que se trata da cúpula vista desde un plano superior. Nótase claramente ademais que Veiga (o mesmo que Vales), que coñecía os escudos do s. XVI, non detectou a cuádruple visión dos mesmos: frontal, lateral dereita, lateral esquerda e superior. Iso explica que nas frontes laterais do corpo baixo da torre non figuren os arcos de entrada e saída. En canto ós apartadeiros, represéntoos desmochados tal como estaban no 1973, pero antes de arredor de 1900 estaban intactos e chegaban á calzada.




Fig. 98.- Escudo realizado por José Ramón, que sigue os criterios de Vales Villamarín (non os da *Real Academia de la Historia*), no diploma de nomeamento de Fillo Predilecto de Betanzos a don José Veiga Roel no 1980. Curiosamente, no deseño da ponte aínda queda a pegada da época de Fernando VII, alterada, iso si, polos gules da cima da torre.





Fig. 99.- Proposta «**A**» de escudo oficial, sen coroa, a partir do existente no zaguán do Concello, datado na primeira metade ou a mediados do s. XVI.

Fig. 100 (abaixo, esquerda).- Proposta «**B**» de escudo oficial, con coroa real pechada borbónica, por tradición desde a chegada desta dinastía no s.XVIII.

Fig. 100 (abaixo, dereita).- Proposta «**C**» de escudo oficial, con coroa mural indicativa de «cidade» (título desde 1465) e ademais amurallada.





Ricardo Vilanova, pintor de cámara en época de Isabel II

JOSÉ HERVELLA VÁZQUEZ*

Sumario

Se analizan dos obras conservadas del pintor Ricardo Vilanova en el Santuario ourensano de Nuestra Señora de los Milagros, en el Monte Medo (Baños de Molgas).

Abstract

We analyse two works by the painter Ricardo Vilanova kept in the Sanctuary of Nuestra Señora de los Milagros in Monte Medo (Baños de Molgas) in Orense.

I.-LOCALIZACIÓN

El Santuario de Nuestra Señora de los Milagros se encuentra situado en el Monte Medo, centro geográfico de la comarca de Maceda. Pertenece como ermita-santuario a la parroquia de San Juan de Vide (Baños de Molgas-Ourense). De fácil acceso desde Ourense capital, basta tomar la carretera nacional 120 de Ourense a Ponferrada y desviarse a la villa de Maceda a la altura del Alto do Couso. Desde Maceda se llega al Santuario por una carretera comarcal.

II.- CONTEXTO HISTÓRICO-ARTÍSTICO

Tratando de encajar en un necesario contexto el tema de este trabajo, se hace necesario una breve introducción histórico-artística. Es coincidencia unánime de los diversos autores señalar una leyenda que trata de explicar el origen de este santuario. Dicha leyenda es como sigue:

> … A fines del siglo IX los Condes de Castro Caldelas y de Pena tuvieron varias diferencias que determinaron resolver por la fuerza de las armas. El de Pena superaba en mesnadas al de Caldelas. La batalla más sangrienta se dio en Marrubio en donde el de Candelas venció a su contrario, que replegado presentó de nuevo batalla en el Monte Medo. El Conde de Caldelas acudió a la Virgen haciéndole el voto de levantarle allí una ermita si alcanzaba la victoria. Derrotado su enemigo, el de Caldelas cumplió su voto y mandó construir en el Medo la ermita que advoca de Nuestra Señora de la Defensa….

La tradición sigue señalando que la ermita «… quedó oculta por la maleza y olvidada por las gentes del contorno. Sin embargo, cierto día una pastorcita de Outeiro, del lugar de Froufe, parroquia de San Juan de Vide, se internó con sus rebaños en el Medo y dio con la imagen de la Virgen María resguardada en un hueco del tronco de un roble. Las ruinas

---

* **José Hervella Vazquez**, profesor de instituto, es doctor en Historia del Arte por la Universidad de Santiago de Compostela. Su línea de investigación gira en torno a la escultura barroca gallega incidiendo en la ourensana. Estudia también los diversos tratados de Emblemática, tratados que tanto influyeron en la Historia del Arte.



«... Asegura la tradición que llevada la imagen en andas, al llagar a La Chaira, desaparecía y de nuevo reaparecía en el hueco del roble, todo lo cual decide la construcción definitiva de la ermita del Medo...»

de la primitiva ermita apenas aparecían. La pastora comunicó el feliz acontecimiento y descubrimiento al cura-abad de Vide, además de indicarle que era deseo de la Virgen y que así se lo había indicado, le reedificasen la ermita. Comprobada la veracidad del hallazgo, se intenta trasladar la imagen de la Señora a la iglesia de Vide. Asegura la tradición que llevada la imagen en andas, al llagar a La Chaira, desaparecía y de nuevo reaparecía en el hueco del roble, todo lo cual decide la construcción definitiva de la ermita del Medo, que es atendida por el cura-abad de Vide…» (Fotografía nº 1).

Sin entrar en discusiones de cómo sería la ermita levantada y reedificada, hay sin embargo constancia documental de su existencia en el siglo XVII y en el sentido de que a la Virgen allí custodiada acuden devotos, peregrinos y caminantes, que imploran favores ante la Señora. Asi:

1602. Bartolomé Hidalgo, vecino de la feligresía de Lamamá (Baños de Molgas-Ourense), encarga diez misas en la ermita del Medo. En 1632 visita esta ermita el Obispo de Ourense Diego de Zúñiga. En 1646 y en el testamento de Martín Gómez, capellán de Santa María de Santirso, se indica se digan cuatro misas en Nuestra Señora del Medo.



Curación milagrosa de Dª Clara Losada y Gayoso, de la villa de Maceda, y de una hija (1750).

Por lo tanto crece la fama de esta ermita y su fiesta. Sin embargo, durante el primer cuarto del siglo XVIII decae mucho su culto y la ermita aparece desmantelada (1).

Precisamente a partir de aquí comienzan a acontecer milagros, que con las limosnas de los fieles y demás circunstancias hacen que se construya la ermita de nuevo.

III.- MILAGROS

En 1750, sucede en esta ermita un milagro. De ello queda constancia en un cuadro exvoto hecho y firmado por Ricardo Vilanova el año de 1853. En la inscripción que se acompaña, se señala en letras capitales:

> … Dª Clara Losada y Gayoso de la villa de Maceda, esposa de Dº Alejandro Vazquez de Novoa, hallándose, en el año de 1750 completamente desacciada (sic) por los facultativos, tanto que no dandole mas vida que tres horas, se le administro la unción a toda prisa,

(1).- En la actualidad la fiesta-romería de Nuestra Señora de los Milagros, es la mayor de Galicia al decir de Otero Pedrayo. Pueden consultarse más datos sobre esta romería, en:
HERVELLA VÁZQUEZ, Jose, 1989, «La colección de cuadros exvotos del Santuario de Nuestra Señora de los Milagros del Monte Medo (Ourense)». Ourense, *Porta da Aira* nº 2, páginas 109 y ss.
HERVELLA VÁZQUEZ, José, 1991, «Las novenas como fuente documental indirecta para el conocimiento de la Historia del Arte Ourensano». Ourense, *Porta da Aira* nº 4, páginas 53 y ss… (ambas publicaciones con amplia bibliografía).

imploro por ella su tio Dº Antonio de Novoa, abad de dicho Maceda los auxilios de la Virgen Santisima de los Milagros por medio de una importante oferta, y al momento la enferma recobró alivio. En el mismo año de 1750 una hija de la Dª Clara padecio la enfermedad de viruelas, que por ser muy malignas los facultativos la desacciaron (sic), mas por intercesión de Nuestra Señora de los Milagros, a quien su madre la ofrecio, quedo perfectamente sana y sin lesión. Ricardo Vilanova lo pinto. Se pinto siendo administrador de este santuario de Nuestra Señora de los Milagros del Monte Medo el Señor Don José Benito Conde. Año de 1853… (Fotografía nº 2). (2).

En 1852 un nuevo milagro se sucede: la curación de Doña Ildefonso Gutiérrez, vecina de Cacabelos, en el Bierzo. De él queda constancia en la correspondiente inscripción. El cuadro fue pintado a su vez por Ricardo Vilanova en 1853. En la inscripción y en letra capital, se señala lo siguiente:

…Dª Ildefonsa Gutierrez esposa de Don Ignacio Garrido, pasiega de nación y vecina de Cacavelos (sic) en el Vierzo (sic), hallandose en coma gravisimamente enferma, imploro desde alli con la mayor ternura, la efectiva protección de la Virgen soberana de los Milagros, y sin embargo de que los medicos la habian desahuciado recobro milagrosamente la salud, y para recuerdo de este prodigio, que sucedió en el año 1852, la enunciada pasiega mando de su cuente pintar el presente cuadro. Ricardo Vilanova lo pinto. Se pinto siendo administrador de este Santuario de Nuestra señora de los Milagros del Monte Medo el Señor Don Jose Benito Conde. Año de 1853… (Fotografía nº 3). (3).

IV.- ANÁLISIS DE AMBOS CUADROS

En ambos cuadros preside la imagen de Nuestra Señora de los Milagros, vestida y tal cual la contemplamos en la actualidad en su retablo-baldaquino de la capilla mayor. Está esta imagen en una habitación de una casa rica, lo que desprendemos por los objetos y muebles que la acompañan. En un primer caso (fotografia nº 2), el pintor representa el doble milagro. A la izquierda está la señora acostada en la cama, mientras que a la derecha la misma señora totalmente recobrada y vestida con sus mejores galas, –preciosismo del pintor-, o agradece la curación de su hija a la Virgen, o la suya propia. Igualmente, la niña duerme en una cuna del mismo estilo que la cama, representada a la izquierda. Ventanas y paisajes recrean la escena del dormitorio-habitación.

En el cuadro de la fotografía nº 3, se repite en términos generales lo que hemos visto en el cuadro de la fotografia nº 2, si bien la señora de Cacabelos viste el traje de su región.

Interesa pararse a analizar la cama y la cuna del primer milagro. Ya se ha señalado que cama y cuna aparecen representadas en el mismo estilo. Ambas camas son representativas de unos muebles característicos de una casa noble en la Galicia de la época y además la cama tiene dosel. Indudablemente se está haciendo referencia a una habitación de un *pazo* (palacio), residencia de gente importante. Cama y cuna de balaustres recuerdan las que

(2).- Pintura sobre tabla. Medidas 116x85 cm. Estado de conservación, bueno. Se conserva el cuadro en el Museo del Santuario de la Virgen en los Milagros.

Indudablemente, doña Clara pertenece a la poderosa familia de los Novoa, patrones y dueños de la iglesia y del castillo-fortaleza, ambos de la villa de Maceda, que está cercana al santuario.

(3).- Pintura sobre tabla. Medidas 114x78 cm. Estado de conservación bueno. Se conserva el cuadro en el Museo del Santuario de la Virgen de los Milagros.



Curación milagrosa de Dª Ildefonsa Gutierrez, «pasiega de nación y vecina de Cacavelos (sic) en el Vierzo (sic)» (1852).

podemos observar en las casas pudientes de las ciudades gallegas. Son representativas de aquellas habitaciones que Otero Pedrayo sitúa en torno a un patio central, que estructura la casa y al que llegan unas escaleras, que permiten el acceso a los pisos respectivos.

V.- EL PINTOR RICARDO VILANOVA

Alfredo Cid Rumbao en su obra *Historia de Allariz, villa y corte romanica* (4), señala que Ricardo Vilanova Fernández era natural de Allariz y pintor de cámara de Isabel II. Indica que sus obras son de difícil localización y señala que «… era sordo y tenía muy mal genio. En los últimos años de su vida vino a Allariz a restaurar el retablo renacentista de Santiago, la talla de la Expetación de Juni, etc… Como policromista es admirable… aparte seguramente que su especialidad pictórica fue el de la decoración…»

Cid Rumbao, cuando en su momento escribió su obra, fue fiel a la historiografía de su época y no señala cita alguna que permita la localización documental del artista. Es verdad que los diccionarios al uso, tipo Cean Bermudez, no citan a Vilanova, quizá por ser pintor-decorador. Sea como fuere, tenemos aquí un artista nuevo, que ha dejado parte de su obra en este Santuario de la Virgen de los Milagros y al que no descartamos encontrarle más obras.

(4).- CID RUMBAO, Alfredo, 1984, *Historia de Allariz, villa y corte románica*». Ourense. Las obras de Vilanova que cita Cid Rumbao (retablo renacentista de Santiago y talla de la Expectación de Juni), se conservan en la actualidad.



Arriba, Dª Clara Losada y Gayoso, y una hija (1750) y abajo, Dª Ildefonsa Gutierrez (1852). Composición de Alfredo Erias a partir de los cuadros de Ricardo Vilanova.

Santos profilácticos e curativos de diferentes doenzas do gando na provincia lucense

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO*

Sumario

Neste artigo distingo dúas partes:

Na primeira fago alusión a aqueles santos avogosos do gando doméstico como San Antón Abade, San Antón de Padua, San Cidre, San Cosme e San Damián, San Adriano etc.; a súa influencia queda reflitida en rituais ligados coa bendición do gando e noutras promesas.

Na segunda analizo unha serie de símbolos profilácticos que teñen como finalidade afastar as influencias maléficas da facenda. Así fago mención a unha serie de símbolos naturais, relacionados coa auga, co lume e coa terra; ademais aludo a un conxunto de obxectos relixiosos, como escritos e estampas, e tamén, a outros que están ligados ao sagrado como os exvotos de cera.

Abstract

In this article I distinguísh two parts:

In the first part I make reference to those saints advocates on domestic livestock, such as St. Anton Abade, St. Anton de Padua, St. Cidre, St. Cosme, St. Damian and St. Adrian etc.; its influence is reflected in rituals connected with the blessing of livestock and other promises.

In the second part I analize some of the prophylactic symbols which aim to ward off evil influences from the farm. So I make mention of a serial of natural symbols which are related, water, fire and earth. Besides I refer to a set of religious objects such as written papers and prints, and also to other things which are linked to the sacred area such as votive wax.

Dende sempre, no medio rural viviuse nunha forte dependencia dos animais, da auga, da terra, etc. Polo tanto, non resulta estraño apreciarmos como as persoas que viven neste medio tentan buscar unha resposta na relixión, cando algún destes elementos sufre unha alteración de índole negativa.

Esta relixiosidade baséase en boa medida nun mutuo intercambio de favores materiais, a saber, protección, boas colleitas, saúde etc., a cambio dunha serie de rituais e ofrendas, que poden levarse a cabo no intre do pedimento ou logo de ser concedida.

Este traballo pretende ser unha resposta a esta actitude que, aínda no momento actual, realiza o campesiño lucense. Isto motiva que analicemos unha serie de contidos ligados con todo aquilo que contribue dalgunha maneira á profilaxe e sandación de todo tipo de males vencellados ao gando desta provincia.

I. ENTIDADES SAGRADAS PROTECTORAS E SANDADORAS DO GANDO

Na provincia lucense encontramos diferentes divindades vencelladas a igrexas parroquiais e santuarios que levan a cabo o seu poder benefactor e curativo sobre un bo número de doenzas animais.

---

* **José Manuel Blanco Prado** e doutor en Historia pola Univ. de Santiago de Compostela. Publicou os libros: *Romaxes da Terra Chá*; *Religiosidad popular en el municipio de Begonte*, e tamén, *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses*. É coautor das obras: *Cruces e Cruceiros do concello de Begonte*; *Begonte: Pasado e Presente*, e *Tempos de Festa en Galicia*. É autor de numerosos traballos de antropoloxía cultural, etnografía e historia en revistas especializadas.

As máis importantes son:

O San Antón Abade, que conmemora a súa festividade o 17 de xaneiro, e o SanAntón de Padua, que a celebra o 13 de xuño.

A coincidencia de nome entre ámbolos dous santos deu lugar a que, malia a distancia no tempo, – San Antón Abade (séculos III e IV d.d.C.) e San Antón de Padua (séculos XII e XIII d.d. C.) – houbese unha mestura entre ambos, que propiciou que algunhas actitudes do San Antón Abade fosen atribuídas tamén ao San Antón de Padua, como é o caso do costume do «porco do San Antón», atribuido en moitos lugares a San Anton de Padua. Este costume, que aínda se leva a cabo en Espasante (Ortigueira) (A Coruña), consiste en que os ramistas da festa do próximo ano mercan un cocho que será alimentado pola comunidade susodita ata os meses de marzo ou abril, intre no que se vende a un prezo estipulado, empregándose o seu importe na festa adicada o 13 de xullo a SanAntón de Padua[1]. Segundo José Luís Ponga este costume celebrouse en Mayorga de Campos (Valladolid), en San Román de Hornija (Valladolid), e na Comarca de los Oteros (León)[2]

A interferencia de actitudes dámbolos dous santos a expresa Vicente Risco do seguinte xeito: *«Tamén hai trabucamento entre San Antón Abade e San Antón de Padua. A xente di que o San Antón verdadeiro é o dazaseite de xaneiro, e o San Antón mintirán o día trece de San Xoán, mailo certo é que o portugués herdou do exipcio o ser abogoso dos porcos e do gando, que lle levan a bendicir o mesmo ó aun máis que ó outro»*[3].



Devota ofrecendo un exvoto de cera animal ao San Antón da Rigueira (Xove).

Noutrora a festividade do San Antón Abade celebrábase en tódalas freguesías da provincia lucense o 17 de xaneiro. Os rituais básicos baseábanse nunha misa solemne; nunha ofrenda en especie,consistente dun xeito preferente en partes do cocho; e, como remate, «nunha poxa» dos productos ofrecidos. Esta ofrenda en especie tiña e segue tendo un gran valor simbólico na subasta xa que, ao estar en contacto co sagrado, quedaba impregnada de sacralidade, de aí que os devotos ao San Antón Abade amosasen un gran intérese en mercala.

O dezasete de Xaneiro se celebra na cidade de Lugo a festividade do San Antón Abade, máis coñecido como «San Antón lacoeiro». Os actos relixiosos son organizados na igrexa da Soidade pola Orde seglar franciscana. Nese recinto sacro un monxe franciscano oficia unha misa ás oito da tarde á que asisten bastantes devotos, algúns deles con animais de compañía: cans, gatos, páxaros…, que van a ser bendecidos individualmente polo monxe franciscano ao rematar a función relixiosa. Logo, o viceministro da Orde seglar - ***Ubaldo Urbano***- «impón a imaxe do Santo» aos devotos que o estiman axeitado. A pregaria que usa, mentres cunha imaxe pequena do Santo fai o sinal da cruz por riba da cabeza do devoto, é a seguinte: *«Por intercesión de San Antonio Abad /, el Señor te bendiga /. En el nombre del Padre / del Hijo y del Espíritu Santo. Amén»/*. Paralelamente a estes actos a « Asociación Protectora de animais», organiza no interior da Praza de Abastos, ou no Palco da música da praza de España «un novo ritual de bendición de animais de compañía a cargo do mesmo monxe e, logo, leva a cabo «unha poxa» de diferentes productos alimenticios doados por algunhas empresas comerciais da cidade. Tamén o mesmo día, o comendador da Orde Mercedaria en Sarria (Lugo), Ricardo Sanlés Olivares, realiza no mosteiro da Madalena, sito nesta vila, o ritual da bendición dos

animais domésticos: cans, patos, páxaros, años etc. Acoden un bo número de devotos, que participan dunha rifa para acadar «o porquiño do San Antón».



Devota bicando o manto do San Antón da Xestosa (Muras).

Entre algúns lugares de culto a ámbolos dous santos distinguimos os seguintes:

O San Antón de Vilabexe (As Nogais); festividade: o 17 de xaneiro e o 13 de xuño. O San Antón de Corvelle (A Pastoriza). O San Antón de Denune (Felmil) (Begonte); festividade: o domingo máis próximo ao 13 de xuño. O San Antón do Padornelo (Pedrafita); festividade: o 13 de xuño. O San Antón de Cortapezas (Portomarín); festividade: o 17 de xaneiro. O San Antón de Hospital (Quiroga); festividade: o sábado posterior ao 17 de xaneiro. O San Antón de Caspedro (Quiroga); festividade: o 17 de xaneiro. O San Antón da Cubela (Torbeo) (Ribas de Sil); festividade: o 17 de xaneiro. O San Antón de Trabada; festividade: o 13 de xuño. O San Antón da Rigueira (Xove); festividade: o 13 de xuño. O San Antón de Abeledo (Abadín); festividade: o 13 de xuño . O San Antón da Xestosa (Muras); festividade: o sábado e domingo non posteriores ao 13 de xuño etc.

Preto da capela de San Antón da Xestosa encontramos un libro metalizado, colocado por riba dunha pena de cantería. Nel, aparece un romance adicado ao San Antón da Xestosa, realizado por ***José María Núñez*** o 13-6-2000. Dí o seguinte:

A S. Antón da Xestosa / anxo, patrón, vixía./.
Nesta parroquia nosa / alumas y eres guía/.
Non te esquezas de nós./ Tampouco das colleitas ./
Os gandos serán bós./ Non haberá desfeitas/.



O San Cidre de Paradela.

No lado esquerdo do devandito libro figura en partitura a muiñeira de San Antonio da Xestosa coa seguinte inscrición:

Honoris causa Antonio Pereira. 3-6-97. Xosé Lois Foxo.

Ademais do San Antón, na súa dobre variante, hai outros santos avogosos de doenzas de animais, como o San Cosme e o San Damián de Galgao (Abadín); do Cadramón (O Valadouro); de Bretoña (A Pastoriza) etc. O San Bento de Palermo (Carballo) (Friol); de Valdomar (Begonte); de Francos (Outeiro de Rei) etc. O San Vitorio de Damil (Begonte); de Baralla; de Sáa (Poboa de Brollón) etc. O San Bernabé de Martín (Baleira); de Queizán (O Corgo); de Paradavella (Fonsagrada), de Meilán (Riotorto), etc. O San Urbano (Goá) (Cospeito). O San Wuintila (Carballedo). O San Cidre de Seixosmil (Meira); de Saldaxe (A Pastoriza); da Milagrosa (Lugo), de Paradela; de Sarria[4]…

Tamén encontramos algunhas advocacións de Cristo, como os Eccehomos de Arcos (Outeiro de Rei) e o de Cadoalla (Becerreá).

Finalmente, hai algunhas advocacións marianas, como a Nosa Señora do Leite (Sambreixo) (Palas de Rei); a Virxe do Faro (Requeixo) (Chantada); a Virxe do Ermo (Carlín) (Friol); a Nosa Señora dos Remedios (Oirán) (Mondoñedo); a Nosa Señora de Penarredonda (Paradela); a Virxe do Cebreiro…

II. SANTUARIOS VINCULADOS Á PREVENCIÓN E CURACIÓN DO GANDO

A devoción popular tenta buscar unhas relacións simples co divino, directas e rendibles. Isto motiva o seu contacto coa plástica simbólica en contraposición ao abstracto. Polo tanto, as expresións relixioso-populares son a manifestación da emotividade persoal e responden ao desexo e á necesidade da intimidade co ser sagrado.

Este tipo de devoción implica a miúdo unha actitude antiintelectualista e, súa vez a creación doutras linguaxes máis achegadas ao seu mundo e á súa mentalidade[5].

Por outra banda, os devotos nas súas relacións co sagrado adoptan unha postura utilitarista, de tal xeito que a percura dunha serie de prestacións perante o divino segue a ser un dos trazos básicos da relixiosidade popular. De aí que non resulte estraño facer mención dos santuarios como un dos xeitos básicos de proxección deste tipo de relixiosidade.

Estes recintos de veneración quedan claramente reflectidos nunha capela, ermida ou igrexa parroquial aos que adoitan acudir devotos pertencentes a diversas comunidades parroquiais, coa intención de pregar da entidade sagrada a concesión dunha serie de peticións de índole material:

a. Que os animais e persoas recuperen a saúde.
b. Que as terras teñan boas colleitas.
c. Que a casa esté ben protexida de influencias de carácter negativo.

Ademais, é mester aludir a outro tipo de rogacións de carácter puramente espiritual.

Polo tanto, estes espacios sagrados caracterízanse preferentemente pola devoción da xente e non por uns trazos artísticos e históricos inherentes ao edificio ou institución[6]. Deste xeito, cando as súas imaxes de devoción foron amosando un carácter propiciatorio ante diferentes rogos, foi o intre no que os santuarios adquiriron unha devoción popular.

Na actualidade, a perda de calquera animal, ligado dun xeito preferente co gando equino e vacún, segue sendo aínda un importante revés para a economía do campesino. Polo tanto, non resulta estraño apreciar como os labregos no intre actual seguen acudindo á Virxe e a outras entidades sacras, como intermediarios ou mediadores perante Deus, para acadar por medio da súa intercesión a curación da doenza. Sen embargo, ás veces da a sensación que estes mediadores teñen un poder primario, é dicir autónomo e autosuficente para outorgar aquilo que se lles pide.



Ritual de «poñer o Santo» (Arcos - Outeiro de Rei).

Por outra banda, as peticións ás diferentes deidades reproduce dun xeito claro o sistema social vixente, no que polo xeral se moven as relacións humanas en canto ao sentido de reciprocidade pragmática e na actuación de intermediarios que teñen como obxectivo primordial acceder a certas metas a cambio dunha posterior prestación cando chegue o intre axeitado. En consecuencia, mantense a idea do cumprimento xusto e proporcionado entre as partes dentro do estricto sentido xurídico que se lles concede ás transaccións do tipo *«do ut des»* («concedo para que me concedas»)[7].

Este principio básico das interaccións sociais queda tamén reflectido nun importante número de santuarios galegos. Un deles é o santuario de San Antonio de Agualada (Coristanco) (A Coruña), onde o trece de xuño se leva

a cabo unha concentración de animais no adro do santuario pedindo os seus donos a bendición do gando[8].

Polo que respecta á provincia lucense podemos aludir a unha serie de santuarios que teñen como un dos seus obxectivos primordiais a prevención e curación de doenzas de tipo animal. Así, podemos distinguir, entre outros, os seguintes:

O San Antón da Xestosa (Muras) e o da Rigueira (Xove). O San Cosme de Galgao (Abadín), o de Bretoña (A Pastoriza) e o do Cadramón (O Valadouro). O San Bernabé de Martín (Baleira), o de Castrillón (O Corgo), e o de Meilán (Riotorto). O Eccehomo de Arcos (Outeiro de Rei) e o de Cadoalla (Becerreá). O San Adriano de Lourenzá, de Goiriz (Vilalba) e de Pacios (Begonte). O San Bento Negro de Valdomar (Begonte) e de Carballo (Friol). O San Pedro Fiz de Vilarmide (A Pontenova). O da Nosa Señora da Leite (Sambreixo) (Palas de Rei). O San Alberte (San Breixo) (Guitiriz). O San Estevo da Balsa (Vilapedre) (Vilalba). O San Vitorio de Baralla, de Sáa (A Poboa de Brollón) e de Damil (Begonte). A Nosa Sra. do Faro (Requeixo) (Chantada), a Virxe do Ermo (Carlín) (Friol), a Nosa Señora dos Remedios (Oirán) (Mondoñedo), a Nosa Señora de Penarredonda (Paradela), a Nosa Señora do Leite (Sambreixo) (Palas de Rei), … etc.[9]

Nestes santuarios empréganse unha serie de rituais, dos que vou a reflectir aqueles, que teñen máis sona de cara aos romeiros, que adoitan vir case tódolos anos e, tamén, daqueles que aínda non habendo acudido teñen referencias claras do que ocorre nos mesmos.

Pois ben, os romeiros ao chegaren a algúns destes espacios sagrados recén nomeados adoitan efectuar unha serie de cerimonias ou rituais. Uns, acordes coa liturxia oficialista, como oír unha misa; participar na procesión; entregar esmola en metálico; confesar; comulgar etc. Outros, máis propios da devoción popular como «poñer o santo»; realizar o ritual de circunvalación ao redor do santuario; tocar o manto da entidade sagrada respectiva; nalgúns realizar ofrendas de exvotos de cera, que simbolizan ao animal atendido; levar a cabo o ritual da bendición do gando; tamen, levar auga da fonte da entidade sacra, así como outros obxectos ligados á mesma. Finalmente, nuns poucos, realizar «a poxa» de certos productos levados como ofrenda á divindade.

Estes rituais, que posibilitan o contacto entre o mundo cotiá e o relixioso, son acto de tipo comunitario que se levan a cabo en espacios comúns festivos e sagrados onde acoden fregueses de comunidades parroquiais máis ou menos lonxanas segundo o poder benefactor da respectivia deidade[10].

Por outra banda, unha das prácticas ritualísticas máis relevantes no mundo animal é, como xa vimos, o da bendición dos animais domésticos, que no ámbito rural refírese case sempre ao gando equino e vacún.

1. O RITUAL DA BENDICIÓN DO GANDO

En varios santuarios da provincia lucense preferentemente os ofrecidos ao San Antón, San Cosme, San Bento e San Adriano, celebrábanse, na véspera da festividade do santo, unha serie de rituais que ían destinados á cura e protección dos animais. Nese día, abondos campesiños, que vivían no ámbito de influencia do santuario, acudían con cadansúas reses para cumprir coas seguintes cerimonias:



Ritual de bendición do gando no Cadramón (O Valadouro).

1ª. Ao chegar ao santuario, levaban a cabo o ritual de circunvalación, consistente en percorrer cos animais o perímetro do recinto sacro unha ou máis veces.

2ª. Logo oían unha misa e ao seu remate participaban no ritual da bendición dos animais, que realizaba o crego encargado do santuario, usando a pregaria do Ritual romano *«Benedictio animalium peste vel alio morbo laborantium»*[11] que di o seguinte:

Adjutórium nostrum in nómine Domini./ Qui fecit caelum et terram./ Dómine, nos secúndum peccáta nostra fácias nobis./ Neque, secúndum iniquitátes nostras retribuas nobis./ Hómines et juménta salvábis, Dómine./ Quemádmodum multipliscasti misericordiam tuam, Deus./ Aperis tu manum tuam./ Et imples omne ánimal benedictione./ Dómine, exáudi orationem meam./ Et clamor meus ad te véniat./ Dóminus vobiscum./ R) Et cum spíritu tuo./
Orémus
Deus, qui labóribus hóminum étiam de mutis animálibus solátia subrogásti; súpplices te rogámus; ut, sine quibus non álitur humána conditio, nostris fácias, úsibus non perire. Per Christum Dóminum nostrum. R) Amén.
Orémus
Misericórdiam tuam, Dómine, súpplices exorámus: ut haec animália, quae gravi infirmitáte vexántur, in nómine tuo, atque tuae benedictiónis virtúte sanéntur. Exstinguátur in eis omnis diabólica potéstas; et ne ultérius aegrótent, tu eis, Dómine, sis defensio vitae et remédium sanitátis. Per dóminum nostrum Jesum Christum filium tuum: Qui tecum vivit et regnat in unitáte Spiritus Sancti Deus, per ómnia saecula saeculorum R)Amén.
Orémus
Avérte, quaesumus, Dómine, a fidélibus tuis cuncta propitius flagélla: et morbórum in animália saeviéntium depélle perniciem; ut, quos mérito plectis, fóveas tua miseratióne corréctos. Per Christum Dóminum nostrum.R) Amén.

Tradución ao galego[12].

Axúdanos no nome do Señor./ Que fixo o ceo e a terra./ Señor, non nos xulgues segundo os nosos pecados./ Nin nos retribúas segundo as nosas iniquidades./ Ós homes e ós animais sálvanos, Señor./ Así como multiplicáche-la túa misericordia, Deus / Abres ti a túa man / e levas a todo animal a bendición./ Señor, escoita a miña pregaria e chegue a ti o meu clamor / O Señor estea convosco / E co teu espírito
Preguemos
Deus, que aliviáche-los traballos dos homes coa axuda de moitos animais, pregámosche humildemente que fagas que non perezan estes que coa súa axuda favorecen a condición humana. Por Cristo o Noso Señor. Amén.
Preguemos
Humildemente suplicamos da túa misericordia, Señor, que estes animais gravemente doentes sanden polo teu nome e en virtude desta bendición +. Que desapareza neles todo poder diabólico, e para que non volvan enfermar, se ti, Señor defensa da súa vida e remedio da súa saúde. Polo noso Señor Xesucristo, teu Fillo, que contigo vive e reina na unidade do Espírito Santo e é Deus polos séculos dos séculos. Amén**.**

Esta pregaria reflicte a orixe diabólica da doenza e a invocación que se fai a Deus pai e a Deus fillo para acadar a saúde.

Contra o 5 de Outono, festividade do San Froilán, celebrábase unha procesión en Ferreiros de Balboa (Becerreá), na que o santo levaba a cabo unha bendición do gando. Debido ao mal tempo a procesión suspendeuse, e nos tempos actuais adoitan sacar ao

santo na procesión que se celebra o 15 de Agosto, acompañando á Virxe[13].

No santuario do San Alberte (San Breixo) (Guiritiz), a principios da década dos noventa do século pasado, aínda contábase coa presencia física de animais de raza cabalar, malia que xa non se empregaba o ritual de bendición.

No último lustro do século pasado, os fregueses da parroquia do Cadramón (O Valadouro) adoitaban traer dunhas 40 a 50 reses, de gando cabalar, caprino e vacún preferentemente ao santuario do San Cosme (O Cadramón) (O Valadouro), onde o párroco da freguesía impartía a bendición ao gando denantes de oficiar a misa solemne[14].



Ritual da bendición do gando na Rigueira (Xove).

Hoxendía non pasan de dez as reses que os devotos traen para ser bendicidas.

O ritual de bendición do gando consta das seguintes fases:

1ª. Emprego da fórmula sagrada: *«En el nombre del Padre, del Hijo y del E. Santo. Amén»*

2ª. Cántico relixioso.

3ª. Pequena explicación sobre o siñificado da bendición dos animais.

4ª. Lectura e comentario breve sobre un aspecto do Xénese.

5ª. Preces de invocación e louvanza ao Señor.

6ª. Pregaria da bendición dos animais, segundo a normativa oficial da igrexa.

7ª. Bendición dos animais con auga bendita.

Por outra banda, no santuario do San Antón da Rigueira (Xove), o párroco segue levando a cabo a bendición do gando os días doce de xuño e o segundo sábado de xullo ao remataren a misa do mediodía. Iníciase este ritual coa saída en procesión da cruz parroquial, dos fieis, da imaxe de Santo Antón e do crego da comunidade. Ó chegaren á altura do pórtico, os portadores da imaxe do santo detéñense e o crego adiántase uns metros ata se colocar fronte ó gando cabalar e aos seus donos. A continuación, cun hisopo bendice ao gando e reza a seguinte pregaria:



Devotas oíndo misa con exvotos de cera como ofrenda (A Rigueira, Xove).

> *Oh Dios¡, autor y dador de todos los bienes que has hecho. Que también los animales sirvan de ayuda al hombre en sus necesidades y en trabajo. Te pedimos, por intercesión de San Antonio, que utilicemos debidamente estos seres, necesarios para nuestra subsistencia. Por Jesucristo, Nuestro Señor. Amén.*

Por outra banda, tanto nas casas da comunidade parroquial, como nas dos devotos do santo, cando se perde algún obxecto, ou se extravia ou enferma algún animal da facenda, adoitan recitar o ensalmo do santo tres veces, sen se equivocar. Este, empregado en moitas comunidades devotas do Santo, amosa a mesma reiteración tripla da estrofa de *«El mar sosiega su ira...*[15]

V. Si buscas milagros, mira / Muerte y error desterrados,/
Miseria y demonio huídos,/ Leprosos y enfermos sanos.
R. El mar sosiega su ira, / Redímense encarcelados,/
Miembros y bienes perdidos / Recobran mozos y ancianos./
V. El peligro se retira / Los pobres van remediados,/
Cuéntenlo los socorridos. /Digánlo los Paduanos./
R. El mar sosiega su ira…
V. Gloria al Padre, gloria al Hijo
Gloria al Espíritu Santo.
R. El mar sosiega su ira…
V. Ruega a Cristo por nosotros,
Antonio divino y santo.
R. Para que dignos así
De sus promesas seamos. Amén

Tamén adoita recitarse a seguinte oración, que xurdiu na propia comunidade da Rigueira.[16]

S. Antonio venturoso,
seguidor de Xesucristo,
fuches sempre pobre e humilde
e dos máis pequenos amigo.

Axúdanos cada día,
nas labouras do campo.
Danos abundantes colleitas,
e protexe o noso gando.

Nas dificultades diarias
fortalece os nosos esforzos,
fai medra-la esperanza
e a colaboración entre todos.

Amparo dos máis pobres,
compañeiro dos que sofren,
bendice a toda a xente
dende a Rigueira de Xove.

O día 24 de maio celébrase en Oirán (Mondoñedo) a festividade da Virxe dos Milagres. Un dos rituais caracteristicos é o da «bendición dos animais» –gando equino e vacún-, que se celebra as 10, 30 da mañá no adro da igrexa. O párroco cun hisopo bendice aos animais, mentres recita a seguinte oración:

Oh Dios, que todo lo hiciste con sabiduría, y que después de crear al hombre a tu imagen, le diste con tu bendición el dominio sobre todos los animales. Extiende tu mano con benevolencia y concédenos que estos animales nos sirvan de ayuda y nosotros, tus servidores, ayudados con los bienes presentes busquemos con más confianza los frutos. Por Jesucristo Nuestro Señor. Amén.

Asi mesmo, na parroquia do San Adriano (Lourenzá), conmemórase o 16 de Xuño a festa do Santo Patrón. Dende primeiras horas da mañá acoden devotos de toda a comarca por mor de doenzas, tanto humanas como animais. Ao chegaren ao santuario oen unha misa e, logo, denantes do mediodía, participan na procesión que vai ata un cruceiro, situado nun pequeño outeiro. Alí, o párroco da comunidade reza un rosario cos devotos e fregueses que o acompañan, e leva a cabo unha bendición simbólica do gando. Algúns fregueses aínda seguen levando actualmente cabalos.

A bendición do gando era un ritual moi usual en bastantes santuarios da provincia de Lugo debido a que nos medios rurais se vivía nunha forte dependencia da terra, dos animais, da auga etc. Polo tanto as persoas que vivían nestes medios tentaban buscar

resposta na fe e na relixión, cando algún destes elementos sufría algunha alteración de signo negativo.



Ritual da terra no San Alberte (San Breixo, Guitiriz).

III. SÍMBOLOS PROFILÁCTICOS DO GANDO DOMÉSTICO

Dende sempre o ser humano conscente da súa finitude veuse obrigado a usar símbolos protectores na súa doble variante de amuletos e talismans, para procurar os alimentos; acadar a saúde; e buscar solucións aos problemas de índole familiar e social. Aínda que ámbos os dous úsanse como sinónimos e, polo tanto, empréganse indistintamente, sen embargo dende unha óptica teórica amosan algunha diferencia. Así, segundo ***Calros Solla***, o amuleto foi escolleito polo ser humano do medio natural, atribuíndolle a propiedade de presevar ao ser posuidor da doenza e de infortunios; pola contra o talismán foi elaborado polo ser humano utilizando materiais e rituais diversos, asignándolle a virtude de propiciar a fortuna, a saúde e a prosperidade do seu detentor. Finalmente, as pedras da fartura son amuletos de natureza pétrea aos que o ser humano lles atribuiu a propiedade de alonxar a escaseza e garantir a abastanza; en definitiva que houbese comida[17].

No ámbito da relixiosidade popular o uso e utilización dos diferentes elementos naturais – auga, lume, e terra- asi como de obxectos ligados en maior ou menor medida co sagrado foi algo constante. Estes elementos tiveron unha grande incidencia e proxección de cara á protección e sandación do gando bovino, caprino, equino e ovino.

1. SÍMBOLOS NATURAIS

1.1. AUGA

1.1.1. A auga das fontes santas

No Santuario do San Alberte (San Breixo) (Guitiriz) algúns devotos levan en botellas auga da «fonte do Santo» para botala nas hortas e estábulos cunha doble finalidade: acadar boas colleitas e previr doenzas de animais[18].

No Santuario do San Bento de Palermo (Baldomar) (Begonte) aínda hai romeiros que levan en botellas auga da «fonte do Santo» para as súas casas cunha finalidade profiláctica e benéfica de todo o que abrangue a facenda[19].

1.1.2. A auga do Sábado Santo

O Sábado Santo durante a Vixilia Pascoal, os párrocos, que dirixen as diferentes freguesías lucenses, bendicen a agua, que se encontra depositada normalmente nun ou máis recipientes. Ao rematar o acto litúrxico, un bo número de fregueses de cada comunidade leva para cadansúa casa a agua bendita, usándoa de diferentes xeitos: para a administración dos Santos Óleos, cando sexa preciso; como símbolo protector da casa, campos e cortes do gando de cara a aqueles axentes externos á comunidade, que poidan producir diferentes alteracións de signo negativo.

Esta práctica ritual segue utilizándose na meirande parte das comunidades parroquiais galegas. «Nenos e mulleres acoden á eirexa por recoller unha pouca de auga que gardan en pías de auga bendita pra barrufar co ela, casas, campos e cortes co fin de alexar maleficios..»[20]. Pola súa parte, *Lisón Tolosana* manifesta *«que en muchas aldeas,el día en que el párroco bendice el agua -casi siempre en Sábado Santo-van las mujeres a la iglesia con recipientes que llenan y guardan en casa. Los usos y fines de la misma son múltiples.»*[21]. Asi mesmo, «a botella de auga bendita o día de Sábado Santo traése para a casa, onde se garda e serve para bendecir e purificar a casa, a xente, as cortes,e aos animais...»[22].

A auga bendita é un poder benéfico que se emprega para preservar á comunidade parroquial daqueles axentes negativos -climatoloxía adversa, entes maléficos- que poden alterar a súa orde. Equilibra os antagonismos e envexas locais reinstalando a orde moral na comunidade parroquial.



O Lume, como elemento profiláctico.

1.2. O LUME

Na véspera do San Xoán veciños dalgunhas parroquias da Chaira colocan nas ventás, e portas das casas «milicroques» (estalotes) como medida profiláctica e preventiva ante calquera axente maléfico, que puidese alterar a facenda. Tamén, pola mañá cedo do día 24 de Xuño (festividade do San Xoán) facíase pasar aos animais domésticos: cabras, eguas, ovellas, vacas e xatos por riba das cinzas da fogueira, feita na noite anterior, como medida profiláctica da cabana animal. Este ritual faise extensivo a outras comunidades da provincia lucense e de Galiza en xeral.

1.3. A TERRA

1.3.1. A terra do San Alberte (San Breixo, Guitiriz)

No interior do santuario do San Alberte (San Breixo) (Guitiriz) había ata hai uns cinco anos unha pequena cavidade de forma rectangular e pouca fonda, emprazada na parte inferior do muro dereito. Esta, días antes da festividade, énchíase de terra, que era bendicida polo crego encargado do santuario. Algúns devotos collían terra desa cavidade e levábana canda eles en bolsas para as súas casas, onde a botaban en terras de labranza, cortes e cortellos, coa finalidade de que os animais non sufriran ningún dano e que as terras desen boas colleitas[23]. Un ritual con certas semellanzas ao descrito tiña lugar no santuario de Santa Mariña de Coucieiro (Muxía) (A Coruña), onde os devotos levaban para as súas casas terra recollida nos arredores do santuario que se empregaba logo nos estábulos cunha finalidade protectora[24].

1.3.2. Os ramallos de teixo de Conforto (A Pontenova)

O día 8 de setembro, festividade da Virxe de Conforto (A Pontenova), hai devotos que traen para as súas casas uns ramallos de teixo, daqueles que se atopan no adro da igrexa parroquial, e conservanos ata que se deterioran como prevención de todo aquilo, que abrangue a facenda: terras, animais, e humanos[25].

Preto do santuario do San Estevo en San Cosme (Barreiros) hai unha fraga, que leva o nome do santo, na que algúns romeiros o día da festividade – o primeiro fin de semana do mes de xullo- cortaban varas das árbores, que alí se atopaban, e levábanas para as súas casas, usándoas preferentemente co gando vacún. Actualmente aínda hai mostras deste ritual, que presenta certo paralelismo co dos santuarios ofrecidos ao San Xurxo, onde os devotos pasan pola imaxe do santo unhas varas parecidas ás que utilizan para conducir o gando[26].



As ramas de teixo do santuario de Conforto (A Pontenova) protexen a facenda familiar.

1.3.3. As espadanas

A espadana é una planta vivaz dun a dous metros de altura, talo arbustivo e follas lineares, chás, que sobrepasan ó talo. Amosa espigas, contiguas ou apenas espaciadas. A espiga é cilindrica, de dous a tres cm.de diámetro, de cor pardo escura ,e o estigma lanceolado-espatulado. Florece entre xuño e agosto e se cría en zonas do litoral, en cañaverais de ríos ou lagoas[27].



O Milicroque, símbolo protector da facenda.

O uso de espadanas aínda é común nalgunhas comunidades galegas «Pro paso da procesión enfeitaban as rúas. O costume actual de botar no camiño da procesión fiuncho, espadanas, follas e frores, era empregado xa entón,e antes con seguranza…»[28].

Antano, tanto na celebración do Corpus como doutras festividades, poñíanse polos adros das igrexas da provincia espadanas e outros vexetais, que quedaban sacralizados ao paso das diferentes entidades sagradas. Isto motivaba que algúns fregueses, ao rematar a procesión, adoitaban levar para as súas casas algunhas espadanas. Estas colocábanse nalgún lugar das casas e dependencias anexas como cortes, estábulos, cunha finalidade protectora ante todo aquilo, que puidese causar algún dano á facenda familiar. Este ritual seguíase utilizando ata hai ben pouco tempo nalgunhas freguesías dos concellos de Begonte, Outeiro de Rei, Friol, Portomarín, con motivo da conmemoración do Corpus.

1.3.4. As cruces de loureiro

Antano, o Venres Santo, día no que se venera á Santa Cruz, bastantes fregueses de moitas comunidades da provincia e doutras veciñas, construían cruces con loureiro bendito o Domingo de Ramos. Logo, o tres de maio, día de exaltación da Santa Cruz, denantes de saír o sol adoitaban llevar as cruces a aquelas fincas, que foran sementadas de trigo ou centeno.

A cruz é o símbolo que protexe as colleitas non só dunha climatoloxía adversa - como treboadas, pedrazo, xeadas, etc -, senón tamén de todos aqueles axentes maléficos, que puidesen transitar pola comunidad parroquial. Na actualidade, puiden comprobar como aínda quedan pervivencias deste ritual en diferentes parroquias dos concellos de Begonte, Friol, Guitiriz e Vilalba, non eludindo a posibilidade de que aínda poida seguir existindo noutros concellos da provincia.

Esta práctica ritual queda reflectida tamén noutras comunidades galegas. *«Los sebos de loureiros, muros vegetales que protegían la intimidad del centro doméstico, eran los que proporcionaban las ramas que se llevaban a bendecir a la iglesia el Domingo de Ramos...y que después, servían para confeccionar, el día de la Santa.Cruz, cruces para colocar en las leiras,y ante la puerta de la casa»*[29]. Os chamados deuxes da vegetación, as máis das veces están simbolizados baixo a forma de árbores. Cómpre lembrar a aciñeira sagrada de Zeus en Dodona, o loureiro de Apolo en Delfos, a oliveira silvestre de Herakles en Olimpia[30]. Polo tanto, a fecundidade e a saúde están concentradas nas herbas e nos árbores.



Bendición simbólica dos campos.

1.3.5. O ritual da bendición dos campos

Na vila de Portomarín, remata o ciclo de maio o primeiro domingo de xullo coa celebración da Santa Isabel. Esta festa foi descrita polo profesor *Gonzalo Paz* do seguinte xeito: *«Una fiesta un tanto curiosa es la de Santa Isabel, por la tradicional costumbre de adornar las puertas y ventanas de la planta baja de las viviendas con grandes ramas de árboles, sin que hayamos podidos averiguar el origen de esta vieja costumbre, que no hemos observado en otros lugares de Galicia, y probablemente se trate de la cristianización del remoto culto al árbol practicado por los celtas, ya que este día es también conocido por el de «a festa do folleto»*[31].

No novo Portomarín esta tradición foi recuperada polo concello a mediados da década dos oitenta. O día da festividade, moi cedo, un importante número de veciños da vila vai recoller as ramas de diferentes árbores: bidueiro, ameneiro, chopo e salgueiro, coas que ornamentan as portas e ventás da planta baixa das casas, que están situadas ó longo da praza do concello e da rúa principal. Tamén colleitan fiúncho e espadanas para enfeitar o pavimento da praza e da rúa central, por onde vai pasar a procesión. Esta, logo da misa do mediodía, sae da igrexa parroquial, vai ata o remate da rúa principal e retorna ó punto de partida. A distribución dos diferentes elementos, que interveñen nela, lévase a cabo da seguinte maneira: 1º. Tres fregueses da comunidade parroquial, normalmente rapaces, portan a cruz parroquial e dous ciriais. 2º. Catro devotas da vila levan nas andas a imaxe de Santa Isabel. 3º. Como remate, o párroco da vila acompañado dun bó número de devotos, colocados sen distinción de idade e sexo. Ó final da rúa maior está colocado un pequeno altar, provisto dunha pequena imaxe de Cristo e algunhas flores, que ornamentan dito espazo. Alí o párroco leva a cabo a bendición dos campos, rezando a seguinte oracion:

Deus providente / pai de todos / preocúpase garimosamente / polos seus fillos / mantenos e protexeos / bendicindo a terra / para que desa os froitos / que sustentan ó home./ Invoquémolo / con espírito filial / dicindo: / Escoitanos Señor//... / Ti que bendice-la terra / e a enriqueces sen medida / fai que os nosos campos / coa túa bendición / produzan alimento / que precisamos /. Escoitanos Señor//...../ Ti que multiplica-lo trigo / co que nos da-lo / noso pan de cada día / e o alimento da Eucaristía / concédenos colleitas abondosas / co rocío do ceo / e a fertilidade da terra/ Escoitanos Señor//...

2. OBXECTOS RELIXIOSOS

2.1. ESTAMPAS

As estampas e outros obxectos semellantes constituen un gran apoio para a piedade popular. Trátase de importantes recordatorios. *«Si quisieramos reconstruir la historia religiosa de un pueblo encontraríamos en las estampas, medallas y objectos de culto doméstico los principales elementos. Se trata de signos claros de religiosidad popular..»*[32]. Estes apoios de piedade popular exercen sobre moitos unha influencia máis fonda e duradeira que as pláticas dominicais. Isto é debido a que éstas, as máis das veces, son mal comprendidas.



SAN BENITO DE PALERMO
QUE SE VENERA EN LA IGLESIA DE CARBALLO (FRIOL)
SU FIESTA SE CELEBRA EL 3 DE MAYO

Algunhas estampas ligadas á devoción popular nesta provincia, están vinculadas a santuarios, outras son propiciatorias dende antano ao culto popular. Así, distinguimos, entre outras, as seguintes: A estampa do San Cosme e San Damián, ligada ao santuario de Galgao (Abadín.) A da Virxe dos Milagres, relacionada co recinto sagrado de Saavedra (Begonte). A do San Bento de Palermo, propia do espacio sagrado de Carballo (Friol). A da Nosa Señora da Leite, vinculada co santuario de Sambreixo (Palas de Rei). A do San Antón de Padua, unida ao recinto sagrado da Rigueira (Xove)…



SAN COSME DA MONTAÑA
GALGAO - Abadín (Lugo)

Antano había estampas, que estaban relacionadas coa existencia de confrarías, como a da Virxe do Carmio, do Pilar, de Santa Rita, do San Roque etc.


Tamén as había que estaban asociadas á predicación de misións por parte de órdes relixiosas. É o caso dos capuchinos que fomentaban o culto a San.Antón de Padua; os pasionistas, á Pasión de Cristo;os franciscanos, á San.Francisco....

A meirande parte das estampas adoitan ter no anverso o símbolo relixioso ao que están adicadas, e no reverso unha pregaria á santidade correspondente. Neste punto cómpre termos en conta a do San Antón de Padua, que amosa no reverso o importante responso ao santo, que aínda é utilizado con bastante asiduidade para recuperar animais e obxectos perdidos.

2.2. OS ESCRITOS

Son uns fragmentos escritos en latín, castelán ou en ámbalas dúas lingoas, que se utilizan a nivel persoal e familiar. Cando o uso é persoal os individuos lévanos colgados do pescozo, pechados en bolsas. Pola contra, cando se empregan na facenda, adoitan pegalos no interior das casas e dependencias anexas como alpendres, cortes e estábulos cunha finalidade protectora perante axentes maléficos.

Os escritos poden ser específicos, dirixidos contra o mal de ollo, as treboadas, o demo etc, ou contra calquera tipo de mal en xeral, empregándose mesmo para a protección e curación do gando[33].


ARANGA

Recuerdo de la Sta. Cruz de Aranga

que se celebra el día 3 de mayo y domingo siguiente

Cristo murió en la Cruz para ganarnos la Salvación para todos. Nosotros en la Santa Misa, que es la renovación del Sacrificio de la Cruz, hacemos nuestra esa Salvación que Cristo nos da.

Si vives la Santa Misa, vives el Sacrificio de Cristo en la Santa Cruz.

No ámbito lucense empregáronse, dun xeito preferente, dous tipos de escritos:

2.2.1. Os escritos de Aranga

Trátase de escritos en castelán, que se conseguían no santuario de Aranga(A Coruña), onde o tres de maio se celebra a festividade da Santa.Cruz. .

Estes colocábanse no interior das casas e dependencias anexas como cortes, estábulos cunha finalidade protectora contra todo aquilo que puidese perturbar o espírito da unidade doméstica. Non se poñían pechados nunha bolsa, como os escritos de Cotá (Friol), senón que se pegaban abertos sobre unha parede, porta ou viga. Actualmente, case non se utilizan nesta provincia, apreciándose pervivencias moi escasas nalgunhas comunidades de Friol e Guitiriz.

2.2.2. Os escritos de Cotá

Reciben esta denominación xa que o encargado de vender os escritos reside en Cotá, (Friol). Estes conteñen nunha folla impresa de 22* 26cm. unha cruz latina situada no centro da súa metade superior, e dous tipos de texto .Un en latin e castelán realizado en letra de imprenta; e outro,en castelán, feito cunha pluma ou cun bolígrafo polo encargado de manter a tradición no intre de ser entregado ao solicitante**.** (J.A. Fidalgo Santamariña, 1988: 203**)**. Os escritos son usados como protección da estancia familiar e dependencias anexas, contra todo tipo de males e infortunios que pudiesen producir desequilibrios de diferente índole.

As persoas que compran os escritos teñen que darlle ao que manten a tradición, e ao mesmo tempo encargado de vendelos, os seguientes datos:

1. Nome e apelidos do destinatario do escrito.
2. O obxecto de protección, que pode referirse a persoas, cousas, animais da unidade familiar,ou ben a todo en xeral.

Os escritos entréganse dobrados polo vendedor e, logo, o depositario colócaos do mesmo xeito, ben cravados ou pegados na parte superior dunha viga, parede ou porta das distintas dependencias da estancia familiar.

Por outra banda, estes escritos constan, como xa indiquei, dun dobre texto.

TEXTO EN CASTELÁN E LATIN

É o texto impreso pola imprenta. Na parte superior hai unha cruz , figurando ó seu redor a fórmula do exorcismo, iniciada co habitual *«Christus vivit, Christus regnat, Christus imperat».* Nesta primeira fórmula ordénase aos demos para que abandonen a criatura na que están introducidos, así como todo lugar e casa na que estivesen, e nos que estes



I.N.R.I.

Cru†cem

Ecce V. R. S. Momini

C. S. S. M. + N. D. S. M. D.

N. S. M. V. S. M. Q. L. I. V. B.

RADIX DAVID ALLELUYA

VICIT LEO DE TRIBU JUDA

Eugiti par- tes aversae

CHRISTUS † vivit. Cristus † reg- nat. Christus † imperai, Christus ab

ommi malo, te Dei Creoturam, defen- dat Amén Maledicte Dae mones in

virtute istorum Sanctorum Dei nomi- nun Messias Emmanuel Soter Sa-

baoth, Agios o Theos, Ischiros, Athanatos, lehovach, Adonai et-

Tetragrammatos, vos constringimos et separamos a creatura ista et ab

ommi loco et domo; ubi haec Nomina scripta fuerin: et ligamun vos, ut non

possitis ullo modo nocere ei Ite, male- dicti, insiagnum ignis siva ad loca

a Deo vobis asignata. Imperat vobis Deus † Pater imperat vobis Deus

Filius, imperat vobis Deus, † Spiritus Sanctus † imperat † vobis Sancti,

ssima † Trinitas Unus Deus. Amén

y tus ganados y tu casa

OREMUS

Accipiat Domine Deus nester. bene † dictenen tuam creatura tua ista qua et corpere salvetur et mente: congrumque tibi exhibeat servitutem, atque tua semper propiatones beneficia inveniat. Per Christum Dominum Nostrum. Amen.

en esta hacienda y tu familia

Qui † Verbum caro factum est, et habitavit in nplis, narcens ex Maria Virgine, pet inffabilim peitatem et misericordiam suam piisiman et per intercesionem Betae Mariae Virginis Sanctorum que omnium, et maxime Apostolorum et Evangelistarum; ipsum quaeceso ut dignetur te creaturam ejus liberare, et illaesam conservare ab omni infestatione satanae et ministrorum ejus Qui cum Padre, et Spiritu Sancto vivit et regnat in saecula saeculorum. Amen. Fiat. Fiat.

todo da nuestra tue isla amen

EXPLICACIÓN DE LAS LETRAS DE LA CRUZ

Vade Rétro Santana Nunquan Suadeas Mihi Vana, Sunt Mála Qúae Líbas; ipsum Venenum Bibas Crux Sancta Sit Mihi Lux. Non Draca Si Mihi Dux.

Con la aprobación Eclesiástica

Advertencias - Al conceder el Excmo. y Rvdmo. Sr. Arzobispo de Santiago autorización para la circulación de estos ESCRITOS por decreto de 11 de Junio de 1894 se ha digando disponer lo siguiente:

"Tenga presente los fieles que el llevar con reverencia esta CRUZ y jaculatoria es un acto de devoción, pero el *atribuirles un efecto infalible*, o usar de ellas para malos fines, es un acto de suspersión y por lo mismo un pecado" Son de ningun efecto, sin la competente bendición.

Escrito de Cotá do ano 2007.

santísimos nomes foran escritos, intimidándoos para que non pudiesen causar dano ao poseedor desta oración.

A cruz latina amosa unhas siglas no seu interior e que siñifican o seguinte:

No brazo vertical: *V.R.S.(Vade Retro Satana)*. Afástate Satanás. *N.S.M.V. (Numquam Suadeas Mihi Vana)*. Endexamais me aconselles cousas vans. *S.M.Q.L. (Sunt Mala Quae Libas)*. As libacións que fas son malas. *I. V. B. (Ipsum Venenum Bibas)*. Ogallá bebas do mesmo veleno.

No brazo horizontal *C.S.S.M.L.(Crux Sancta Sit Mihi Lux)*. A cruz santa e luz para min. *N.D.S.M.D. (Non Draca Sit Mihi Dux)*. Non sexa o meu guía o dragón.

Tamén mostra unhas siglas no seu exterior e que teñen o seguinte siñificado:

Na parte superior: Ecce Crucem Domini. Aquí está a cruz do Señor.

Na parte inferior: *RADIX DAVID ALLELUYA*. A linaxe de David, aleluia. *VICIT LEO DE TRIBU JUDA*. Venceu o león da tribo de Xudá.

Polo tanto, as siglas que aparecen no brazo vertical son invocacións para que Satanás se retire e para que non persuada á persoa a facer o mal e que sexa Satanás o que tome o seu propio veleno. Nas siglas do brazo horizontal, pídese que a cruz santa sexa para a persoa que ten o escrito, e que o dragón (Satanás) non sexa quen lle guíe.

Pola parte exterior da cruz hai baixo a inscrición *INRI* as seguintes frases: Aquí está a cruz do Senor.A Raiz é David. Aleluia. Venceu o león da tribo de Xudá. Logo, invócase á Virxe, aos santos e aos apóstolos para que liberen á persoa e a conserven ilesa de toda influencia satánica..

Como remate, hai una serie de advertencias escritas en castelán para o correcto uso dos escritos.


Loizaola, Fermín

Vade Retro.
Numquam Suadeas
Sunt Mala
Ipse Venena
Crux Sancta
Non Draco

Sathana.
Mihi Vana.
Quae Libas
Bibas.
Sit mihi Lux
Sit mihi Dux

Christus vincit, Christus regnat, Christus ab omni malo te defendat. Maledicti et excommunicati daemones, in virtute interum sanctorum. Dei altissimi: Messias, Emmánuel, Sotor, Sábaoth, Agios, Ischeros, Athánathos, Jehovæ, Adónay et Tetragrámmaton, vos constringimus, et separamus a creatura, ista

et ab omni loco et domo, ubi fuerint haec nómina, et signa Dei, et praecéptores vobis atque ligámus vos, ut non habeátis potestátem, nec per príncipem, nec per aliquod quodcúmque maleficium, nocere ei, neque in ánima, neque in córpore. Ite, ite, ite maledicti in stagnum ignis, sive ad loca vobis a Deo assignáta. Imperat vobis Deus † Pater, imperat vobis Deus † Filius, imperat vobis Deus † Spíritus Sanctus, imperat vobis Sma. Trinitas unus † Deus: Amén.

OREMUS

Accípiat, quaesumus, Dómine Deus noster, bene † dictiónem tuam creatúra tua ista, quae córpore salvétur et mente, congruámque tibi exhibeat servitútem, atque tuae propitiatiónis beneficia semper inveniat. Amen. Postulas Deus † Pater, Sapientia Dei Fi † lii, et Virtus Spíritus † Sancti liberet, et sanet te, creatúra Dei, ab infirmitate lumbricórum. Amen. In nómine Jesu Christi Nazarèni conjuro vos Ascárides, ut convértas te aquam recedátis a córpore isto, in honórem Dei, et devotórum SS. Benedicti, et Bernardi atque Antónii de Padua, qui orent pro nobis. Amen. Per signum Sanctae Crs † cis, quo signo te effúderis somus ab omni infirmitáte, et vermes isti pessuli monasterii, et exeant a córpore tuo, ut in Dómino gaudéntes dicámus: dum appropiant super te nocentes, ipsi infirmáti sunt et cecidérunt. . . Amen.

"KUTTUNE" de los utilizados por los pastores de la zona de Altzania y Aizkorri, para protegar a su rebaño de maleficios. Se sacaban en el antiguo convento de San Bernardo de Barría (Araba -1967)

Escrito do País Vasco.

TEXTO EN CASTELÁN

Trátase do texto escrito pola persoa encargada de vendelos. O texto amosa os seguintes elementos en canto a súa estructura.:

1º. Námbolos dous lados da parte superior e inferior aparece debuxada unha cruz pequena para darlle un carácter sacro.

2º. Na parte superior e námbolos dous lados da cruz aparecía o nome do destinatario. No intre actual non se fai alusión a ningún nome.

3º. Na parte central e media, o obxecto de protección:*»y tus ganados y tu casa en reses, hacienda y tu familia».*

4º. Na parte inferior, o remate do ensalmo*:»tota da nuestra tua es /.Amén.*

No reverso aparecía a data na que foi concedido o escrito. Pola contra, na actualidade, non é costume poñela[34].

Estes fragmentos preséntanse dobrados por parte de quen os vende, para que non se poida ver o seu contido interno. Únicamente pódese apreciar o seu contido externo, no que se mostra a data de concesión do escrito que é valido para un ano.

Así mesmo, é mester ter fe neles para acadar un efecto positivo. Ademais convén non romper «o tabú» do escrito, coñecendo o seu contido, xa que nese caso a eficacia podría ser nula.

Finalmente, estes escritos seguen aínda usándose preferentemente nos concellos coruñeses[35] e lucenses[36] máis próximos ao de Friol, de onde é orixinario o escrito.

3. OBXECTOS LIGADOS CO SAGRADO

3.1. A GRAVATA DO SANTO ESTEVO (VILAPEDRE, VILALBA)

No santuario do San Estevo (Vilapedre) (Vilalba), lévase a cabo o ritual de colocar unha gravata na gorxa do Santo. Segundo a tradición hai varios motivos para impoñer este obxecto:

1º. Antano, os mozos da parroquia, cando ían á guerra civil, poñíanlle ao santo unha gravata sen nó. Ó volver, facíanlle o nó e deixabanllo posto.

2º. Cando se perdía un animal, colocábanlle unha gravata cun nó ao santo. Se o animal non aparecía, entón acudíase de novo á capela e anoábase un pouco máis, e así sucesivamente.



A Gravata do San Estevo (Vilapedre, Vilalba).

3º. Segundo Josefa Orosa, veciña da parroquia, os homes ofrecían este don ao santo coa finalidade de casar no ano que ía pasar ata a próxima romaría.

Pola contra, María Roca, dínos que esta prenda poñíanlla ao santo aquelas mozas que querían casar denantes da próxima romaría (Diario «O Progreso de Lugo», 9-10-05).

3.2. OS GUIZOS DE CADOALLA

Na freguesía de Cadoalla (Becerreá), onde se venera ao Eccehomo, algúns devotos de diferentes comunidades do contorno levan da porta de entrada do recinto sagrado «uns guizos» para as súas casas como profilaxe da facenda.

A auga, as gravatas, os guizos da porta, as espadanas, a fraga, os ramallos de teixo e a terra son elementos ligados aos respectivos santuarios e polo tanto están sacralizados. Por iso os devotos utilízanos como símbolos protectores das facendas contra todo aquilo, que puidese orixinar alteracións nas mesmas.

3.3. OS EX-VOTOS DE CERA

Naqueles santuarios onde había unha presencia física de animais, esta foi substituída actualmente, agás algunha excepción xa vista, por ex-votos de cera. Estes, no caso que nos ocupa, son obxectos artesanais, que simbolizan a algúns corpos de animais: cabras, ovellas, porcos,vacas e xatos, que os devotos levan aos santuarios en testemuña do seu agradecemento pola influencia positiva e benéfica, exercida polos seres sagrados na cura dunha doenza animal ou para solicitar a súa protección no decurso da vida.



Devotos levando exvotos de cera arredor do santuario.

Na antigüidade xa se empregaban estes exvotos, aínda que eran de materiais diferentes. Así, no museo de Pontevedra hai unha sertie de terracotas procedentes do santuario itálico de Calvi, situado na Campania, onde se ofreceron moitos exvotos aos deuses itálicos ao longo de varios séculos. Hai que distinguir varias cabezas de homes e mulleres, así como algúns animais, como cochos e vacas. As máis destas terracotas, construídas con molde, estiveron policromadas, sendo interesante comprobar a súa semellanza cos exvotos de cera.

Na actualidade estas figuras de cera fannas cereiros, que por medio de moldes reproducen diversos corpos de animais: cochos, ovellas, xatos e vacas, así como o corpo humano ou mesmo diversas partes súas. Estes artesáns, que no intre actual empregan parafina e non cera de abellas seguen traballando coa mesma finalidade e elaborando algo funcional que o pobo segue pedindo e consumindo[37].

Por outra banda, estes exvotos de cera aínda se seguen empregando como ofrenda nun bo número de santuarios da provincia, logo de que as diferentes entidades sacras atendesen os rogos daqueles devotos, que ofreceron aos seus animais por algunha doenza. A abundancia de cochos e vacas estanos reflectindo a importancia destes animais na economía rural galega polo que é mester facer alusión, entre outros aspectos, a evolución que se leva a cabo na vaca ligada coa súa cambiante funcionalidade na vida cotiá[38].

Na actualidade este tipo de ofrenda séguese realizando na provincia lucense do seguinte xeito:

1º. A través da venda directa levada a cabo no interior do santuario. É o modelo máis usual, xa que se utiliza en moitos santuarios, que teñen aínda este tipo de ofrenda. É o caso dos santuarios do San Bernabé en Martín (Baleira) e Castrillón (O Corgo); do San Pedro Fiz en Vilarmide (A Pontenova); do Eccehomo en Arcos (Outeiro de Rei); do San Adriano en Goiriz (Vilalba); do San Xián en Baltar (A Pastoriza); do San Estevo en Vilapedre (Vilalba), do Santo Anxo de Anseán (O Corgo), do San Bernabé de Castrillón (O Corgo); de Martín (Baleira); de Meilán (Riotorto) etc.

2º. Por medio dos postos ambulantes de cera, situados a carón do recinto sagrado.

Actualmente este modelo é pouco usado. Só puidemos aprecialo nos santuarios da Nosa Señora do Faro en Requeixo (Chantada), da Virxe dos Milagres (Saavedra) (Begonte), da Virxe dos Desamparados nos Vilares (Guitiriz), do San Alberte en San Breixo (Guitiriz), do San Bento en Carballo (Friol).



Exvotos de cera representando a diversos animais (O Cadramón, O Valadouro).

3º.A través do santuario e dos postos ambulantes de cera. Teóricamente é o modelo máis competitivo, xa que os devotos que acoden por primeira vez adoitan mercar nos postos, mais aqueles que xa viñeron outras veces fano no interior do santuario, onde soen ser máis baratos. Isto podémolo apreciar aínda nos santuarios do San Bento en Carballo (Friol), do San Cosme en Galgao (Guitiriz), do San Antón da Rigueira (Xove) etc.

Os devotos, logo de mercar esta ofrenda teñen por costume realizar o ritual de circunvalación ao redor do santuario e oír unha misa no mesmo recinto. Ao rematar o oficio relixioso, adoitan participar na procesión, que normalmente percorre o perímetro do santuario.

Esta ofrenda queda no interior do recinto sagrado, logo de que os romeiros cumprisen as promesas polas que estaban encomendados. No santuario do Eccehomo de Cadoalla (Becerreá), aínda que deixou de usarse este tipo de ofrenda, sen embargo bastantes devotos seguen pagando unha cantidade estipulada polo párroco da freguesía por ofrecerse por unha vaca, cocho etc.

IV. A OFRENDA EN ESPECIE

Esta ofrenda lévase a cabo preferentemente naqueles santuarios aos que acoden devotos ofrecidos por doenzas de animais. Principalmente consiste en queixos, cereais e algúns productos do cocho, como poden ser unllas, linguas, cachuchas ou lacóns. No interior do santuario do San Adriano de Goiriz (Vilalba) hai un sartego, onde algúns romeiros seguen depositando nun buraco, que dá á parte exterior do recinto sagrado, as crinas dos cabalos; algúns devotos adoitan coller algunha crina do cabalo e levala para as súas casas cunha finalidade profiláctica. Este tipo de ofrenda séguena levando ademais algúns devotos nos santuarios do San Cosme en Galgao (Abadín), do San Alberte en San Breixo (Guitiriz) e do San Antón na Xestosa (Muras).



Devota deixando a crina do cabalo no sartego (Goiriz, Vilalba).

A ofrenda en especie é poxada por un sancristán ou fregués da parroquia na que se atopa o santuario. Este pon un prezo de saída ao producto que se vai a poxar, a partir do cal as distintas persoas, que participan na poxa, van ofrecendo diferentes cantidades polo producto, ata que ninguén ofrece máis, obtendo o producto a persoa que fixo a derradeira oferta. Este proceso vaise continuar con tódolos demais productos que se sacan «a poxa». Este ritual celébrase normalmente ao rematar os oficios relixiosos da mañá, sen embargo nalgúns santuarios lévase a cabo noutros intres:

1º. A poxa realízase dúas ou tres veces pola mañá a medida que hai productos para facela. Isto sucede no santuario de Sambreixo (Palas de Rei), onde os devotos ofrecen queixos dabondo o segundo ou terceiro domingo de setembro, festividade da Nosa Señora do Leite, tamén coñecida como a Nosa Señora da Nai de Deus do Leite. A crenza popular menciona que a Virxe do leite é avogosa das mulleres, que van parir e tamén dos animais do leite. Polo tanto, é habitual que lle ofrezan queixos[39].

2º. A poxa lévase a cabo o domingo seguinte, logo da misa parroquial. Isto acontece no santuario do San Bento de Carballo (Friol), onde os devotos aínda levan ofrenda en especie o mesmo día da poxa. No ano 1998, poxáronse neste santuario, os seguintes productos: 4 cachuchas, 2 lacóns, 45 lingoas, 18 queixos e 40 unllas, varias espigas de millo, algo de manteiga, e algunhas ducias de ovos[40]. Nestes últimos anos, a ofrenda en especie foi diminuíndo ata a metade aproximadamente, sendo sustituida por esmola en metálico, misas, velóns etc.

Ás poxas acode un bo número de persoas, que amosan intérese por mercar algúns productos, que tiveron relación coa imaxe sagrada do santuario, xa que o seu contacto converteunos en reliquias[41].



Ritual da poxa (Meilán, Riotorto).

Por outra banda, nalgúns santuarios, dedicados tanto ao San Antón Abade como ao de Padua, bastantes devotos levan de ofrenda productos derivados do cocho, queixos, cereais e, ás veces, as crinas dos cabalos. Esta ofrenda en especie, que é poxada, ten un sentido específico, xa que estes santos están considerados a nivel popular como dos máis protectores da cabana animal.

Na actualidade aínda podemos apreciar que a vida económica do campesiño depende en boa parte do azar. Esta inseguridade, esta dependencia de factores externos non controlables (treboadas, xeadas, doenzas do gando...), motiva que busque a axuda de poderes sobrenaturais. Daquela, a relixiosidade baséase en boa medida nun mutuo intercambio de favores materiais: boas colleitas, saúde, etc. a cambio dunha serie de ofrendas, que poden ser realizadas no momento en que se leva a cabo a petición ou logo de que foi concedida.

Como remate ao presente traballo, convén ter presente que as manifestacións da relixiosidade popular foron decrecendo polo impacto da nova eclesioloxía, xurdida do Vaticano II, e polo cambio social, que foi alterando a consistencia das comunidades locais portadoras de tradicións e formas de expresión relixiosa colectiva. De tódolos xeitos e malia destes cambios compre dicir que a espiritualidade baseada nun Deus abstracto, que non podemos visualizar nin tocar, posibilita un rexeite e un distanciamento para moitos devotos. Polo tanto é mester volver a unha comunicación co transcendente mediante actos e actitudes concretas, públicamente recoñecibles e privadamente gratificantes[42].

NOTAS

[1] A mediados do mes de maio do ano 2007, a Corporación Municipal de Ortigueira (A Coruña) inaugurou unha escullltura de bronce adicada ao « porco do S. Antón» para conmemorar esta tradición antiga. Este ritual lévase a cabo tamén nalgunhas localidades de Castela como a Alberca (Salamanca).

[2] ALONSO PONGA, José Luís.: « Manifestaciones populares en torno a San Antón en algunas zonas de Castilla y León», en Rev. de Folklore, Caja España, t. 01ª, rev. nº 2, 1981, páx.5.

[3] RISCO, Vicente.: « Etnografía. Cultura Espiritual», en Historia de Galicia dirixida por Ramón Otero Pedrayo. T. I. Ed. Akal. Madrid. 1979,

[4] Nas vilas de Paradela e Sarria, O San Cidre sae en procesión nun carro tirado por dous bois ou vacas e, guiado por un labrador do lugar. Vai acompañado por outros carros de vacas e xinetes.

[5] CACHEDA VIGIDE, Eduardo.: La Religiosidad Popular en Galicia. El Municipio de Arzúa (A Coruña) : Santiago de Compostela, 1991,páx. 289.

[6] CHRISTIAN, W.A.: « De los Santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días, en Temas de Antropología, obra dirigida por Carmelo Lisón Tolosana. Akal, Madrid, 1976, páx. 86

[7] GONDAR PORTASANY, M.: Crítica da razón galega, Vigo: A Nosa Terra, 1993, páx. 153.

[8] CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago), Santiago: 1982, páx. 136.

[9] Simplemente fago mención dunha serie de santuarios lucenses que teñen como función básica a prevención e sandación do gando ovino, porcino e vacún preferentemente.

[10] VÁZQUEZ VARELA, José Manuel.: Introdución á Antropoloxía da veterinaria popular en Galicia. Ourense: Deputación Provincial, 2003, páx. 113.

[11] SOLANS, J.: Manual litúrgico. Barcelona: 1897, páxs. 307-308.

[12] Tradución ao galego realizada por Xosé Antón Pombo Mosquera.

[13] RUIZ CASTRO, Xaime. «Historia de Ferreiros de Balboa (1643-2003). 360 anos da vida dun pobo», en www.terra.es / personal3 / frpablos/historia galego.pdf/.
[14] O 27 de Setembro do ano 2004 bendicíronse a unha da tarde unhas cincoenta reses (10 vacas, 35 cabalos e 5 cabras).
[15] VÁZQUEZ VARELA, José Manuel.: Introdución á Antropoloxía da veterinaria popular en Galicia. Ourense: Deputación Provincial, 2003, páxs. 119-120.
[16] Traballo de campo do autor.
[17] SOLLA CALROS.: « Amuletos, talismáns e pedras da fartura. Obxectos de poder da Galiza tradicional, en Actas da VII Xornada de Literatura de Tradición Oral. Amuletos e reliquias. Usos e crenzas. Aelg (Asociación de Escritores en Lingua Galega), Vigo, 2014, páx. 75.
[18] BLANCO PRADO, José Manuel.: Religiosidad popular en el municipio de Begonte. Lugo: Diputación provincial, 1991, páx.
[19] BLANCO PRADO, José Manuel.: Ob. cit., Lugo: Diputación provincial, 1991, páx.
[20] TABOADA CHIVITE, Xesús.: Ob. cit., , 1972, páx. 65.
[21] LISÓN TOLOSANA, Carmelo.: Antropología cultural de Galicia. Madrid: Ed. S. XXI, 1971,páx. 153.
[22] MANDIANES CASTRO, M.: Antropología dunha parroquia galega. Loureses. Vigo: Galaxia, 1984, páx. 84.
[23] BLANCO PRADO, José Manuel.: Ob. cit.,. Lugo: Diputación provincial, 1991, páx.105
[24] VÁZQUEZ VARELA, José Manuel.: Introdución á Antropoloxía da veterinaria popular en Galicia. Ourense: Deputación Provincial, 2003, páx. 131.
[25] BLANCO PRADO, José Manuel.: Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses. Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 142.
[26] CEBRIÁN FRANCO, Juan José.: Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago), Santiago: 1982, páx. 82
[27] Palabra «Espadaña». G. Enciclopedia Galega. T. 10, páx. 193.
[28] RISCO, Vicente.: « Etnografía. Cultura Espiritual», en Historia de Galicia dirixida por Ramón Otero Pedrayo. T. I. Ed. Akal. Madrid. 1979, páx. 666.
[29] FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A.: Antropología de un viejo paisaje gallego. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas. Ed. Siglo XXI, 1984, páxs. 143-144.
[30] ELIADE, Mircea.: Tratado de Historia de las Religiones. Madrid: Instituto de Estudios Políticos, 1954.
[31] PAZ LÓPEZ, Gonzalo.: Portomarín. Monografía geográfica de una villa medieval. Premio Menéndez y Pelayo, 1953, Zaragoza, 1961, páxs. 147-148-
[32] ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo.: La Religión del pueblo. Madrid: B.A.C. 1976, páx. 24.
[33] VÁZQUEZ VARELA, J.M. Palabra «Escritos». Gran Enciclopedia Galega. T. 10, páx. 107.
[34] Escrito de Cotá mercado do ano 2007.
[35] Aranga, Sobrados dos Monxes, Teixeiro, Toques…
[36] Begonte, Guitiriz, Lugo…
[37] FUENTES ALENDE, X.: « Testimonios de la cultura material en los exvotos pintados de Galicia», en Cuadernos de Etnología y Etnografía de Navarra. IV Congreso de Antropología Aplicada. Pamplona. Año XXXI, nº 73, 1999, páxs. 431.
[38] GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: « Ofrendas, exvotos y recuerdos en Galicia», en La Religiosidad Popular y Almería. Actas de las IV Jornadas. Vol. II. Instituto de Estudios Almerienses. Diputación de Almería, 2005, páx. 793.
[39] BLANCO PRADO, José Manuel.: Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses. Lugo: Deputación Provincial, 1996, páx. 129.
[40] Traballo de campo do autor.
[41] MARIÑO FERRO, Xosé Ramón.: Las Romerías / Peregrinaciones y sus Símbolos . Vigo: Ed. Xerais, 1987, páx. 277.
[42] GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: Guía de Festas Populares de Galicia, Vigo: Galaxia, 1997, páx. 136.

BIBLIOGRAFÍA

ALONSO PONGA, José Luís (1981): «Manifestaciones populares en torno a San Antón en algunas zonas de Castilla y León». *Rev. de Folklore,* Caja España, Fundación Joaquín Díaz, t. 01ª, rev. nº 2.

ALONSO ROMERO, F.: «As romarías de Galicia». En *Galicia. Antropoloxía.* Coord: X.M. González Reboredo. Hércules de Ediciones. A Coruña. T. XXVII, páxs. 376 y ss.

ÁLVAREZ GASTÓN, Rosendo (1976): *La Religión del pueblo.* B.A.C., Madrid:

ARRIBAS ARIAS, Fernando; BLANCO PRADO, José Manuel; e SAAVEDRA PÉREZ, Mario (2007): *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos, Cruces e Esmoleiros de Abadín.* Ed. do Castro, Sada (A Coruña).

BLANCO PRADO, José Manuel (1991): *Religiosidad popular en el municipio de Begonte.* Diputación provincial, Lugo.
-(1996): *Exvotos e Rituais nos Santuarios Lucenses.* Deputación Provincial, Lugo.
-(2002): «As promesas por animais nos santuarios da provincia de Lugo e noutros recintos sagrados». En *Pontenova. Revista de novos investigadores*. Nº 7. Deputación Provincial de Pontevedra, páxs. 57-62.
CACHEDA VIGIDE, Eduardo (1991): *La Religiosidad Popular en Galicia. El Municipio de Arzúa (A Coruña)*. Santiago de Compostela.
CEBRIÁN FRANCO, Juan José (1982): *Santuarios de Galicia (Diócesis de Santiago).* Santiago.
-(1989): *Guía para visitar los santuarios marianos de Galicia.* Ediciones Encuentro, Madrid.
CHRISTIAN, W.A. (1976): «De los Santos a María. Panorama de las devociones a santuarios españoles desde el principio de la E. Media hasta nuestros días, *en Temas de Antropología*, obra dirigida por Carmelo Lisón Tolosana. Madrid, Akal.
-(1978): *Religiosidad popular. Estudio antropológico de un valle español.* Tecnos, Madrid.
DURKHEIM, E. (1992): *Las formas elementales de la vida religiosa.* Akal, Madrid.
ELIADE, Mircea (1954): *Tratado de Historia de las Religiones.* Instituto de Estudios Políticos, Madrid.
FERNÁNDEZ DE ROTA, J. A. (1984): *Antropología de un viejo paisaje gallego.* Centro de Investigaciones Sociológicas, Ed. Siglo XXI, Madrid.
FIDALGO SANTAMARIÑA, Fidalgo (1988): «Antropología de una parroquia rural». Orense: *Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropoloxía Social*. Serie Galicia Campesina 1. Caja Rural de Orense.
FRAGUAS, A. (1988): *Romerías e santuarios.* Galaxia, Vigo.
FUENTES ALENDE, X. (1996): «Exvotos de cera. Tecnoloxía e funcionalidade». *En Tecnoloxía tradicional. Dimensión patrimonial. Valoración antropolóxica.* Actas do Simposio Internacional in memoriam Xaquín Lorenzo. Coords: A. Fraguas / X.A. Fidalgo Santamariña. Consello da Cultura Galega, Santiago, páxs. 227 y sucs.
FUENTES ALENDE, X. (1999): «Testimonios de la cultura material en los exvotos pintados de Galicia», *en Cuadernos de Etnología y Etnografía de Navarra.* IV Congreso de Antropología Aplicada. Pamplona. Año XXXI, nº 73, páxs. 431 y ss.
GONDAR PORTASANY, M. (1993): *Crítica da razón galega.* A Nosa Terra, Vigo.
GONZÁLEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de Festas Populares de Galicia,* Vigo: Galaxia, 1997.
-(2005): «Ofrendas, exvotos y recuerdos en Galicia». En *La Religiosidad Popular y Almería.* Actas de las IV Jornadas. Vol. II. Instituto de Estudios Almerienses. Diputación de Almería.
-(2006): «Pastoreo y celebraciones ganaderas en una sociedad rural». En *La Ganadería, tesoro de Galicia.* Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.
LISÓN TOLOSANA, Carmelo (1971): *Antropología cultural de Galicia.* Ed. S. XXI, Madrid.
-(1974): *Perfiles simbólicos-morales de la cultura gallega.* Akal, Madrid.
MANDIANES CASTRO, M. (1984): *Antropología dunha parroquia galega. Loureses.* Galaxia, Vigo.
MARIÑO FERRO, Xosé Ramón (1987): *Las Romerías / Peregrinaciones y sus Símbolos*. Ed. Xerais, Vigo.
-(2000): *Antropoloxía de Galicia.* Ed. Xerais, Vigo.
PAZ LÓPEZ, Gonzalo (1961): *Portomarín. Monografía geográfica de una villa medieval.* Premio Menéndez y Pelayo, 1953, Zaragoza.
RISCO, Vicente (1979): «Etnografía. Cultura Espiritual». En *Historia de Galicia*, *dirixida por Ramón Otero Pedrayo.* T. I. Ed. Akal. Madrid.
RUÍZ CASTRO, Xaime: «Historia de Ferreiros de Balboa (1643-2003). 360 anos da vida dun pobo». En: *www. terra.es / personal3/ frpablos/ historia galego. pdf/.*
SOLLA CALROS (2014): «Amuletos, talismáns e pedras da fartura. Obxectos de poder da Galiza tradicional En: *Actas da VII Xornada de Literatura de Tradición Oral. Amuletos e reliquias. Usos e crenzas.* Aelg (Asociación de Escritores en Lingua Galega), Vigo.
TABOADA CHIVITE, Xesús (1972): *Etnografía Galega. Cultura Espiritual.* Ed. Galaxia, Vigo.
VÁZQUEZ VARELA, J.M. (1974): Palabra «Escritos» en *Gran Enciclopedia Gallega.* T. 10. Santiago, páx. 107.
-(1991): «Aproximación a un proyecto de antropología aplicada a la veterinaria en Galicia». En V Xornadadas de Estudio, en *A Sanidade Animal en Galicia. Cadernos da Área de Ciencias agrarias*. 11. Publicacións do Seminario de Estudios Galegos. Santiago de Compostela.
-(2003): *Introdución á Antropoloxía da veterinaria popular en Galicia.* Deputación Provincial, Ourense.
-(2006): «La Veterinaria Popular en Galicia». En: *La Ganadería, tesoro de Galicia.* Museo do Pobo Galego, Santiago de Compostela.

Juegos Florales de Galicia (IV):
Juegos Florales de Betanzos (1946)

JOSÉ-DOMINGO VALES VÍA*

Sumario

En esta cuarta entrega se ofrece una nueva aportación sobre los Juegos Florales celebrados en nuestra ciudad, el 19 de agosto del año 1946, organizados con motivo de las fiestas patronales, en su quinta edición.

Abstract

This fourth edition includes a new contribution about the Juegos Florales that was celebrated in our city on the 19th of August in the year 19 46, organized to take place during the fifth city's edition of the festival.

19 de agosto de 1946

Habrían de pasar veintiocho largos años desde la realización de aquellos debatidos *Juegos Florales* del dieciocho, realizados por la *Irmandade da fala,* hasta que, nuevamente Francisco Vales Villamarín, en esta ocasión como Cronista Oficial de la Ciudad, ideaba y proponía al Ayuntamiento la organización de un nuevo Certamen Literario, que tanto podía significar en el ámbito local, así como una magnífica proyección histórica y cultural en otras latitudes.


JUEGOS FLORALES

ORGANIZADOS POR EL

EXCMO. AYUNTAMIENTO DE BETANZOS

CON MOTIVO DE LAS

FIESTAS PATRONALES

QUE SE CELEBRARÁN EN DICHA CIUDAD

EN EL MES DE AGOSTO DE 1946


Imagen 1. Portada del folleto de convocatoria de los Juegos Florales.

Desde principios de aquel año de 1946 -puedo recordar su ilusión por este evento-, comenzó a planear los temas que serían propuestos, a contactar con los posibles jurados y a solicitar de diferentes autoridades la donación de premios, procurando realzar con estos apoyos la solemnidad que proyectaba recrear.

A partir del mes de mayo y aprovechando la amistad con diversos periodistas de la prensa regional, desde el Ayuntamiento, comenzaron a enviarse diferentes notas informativas relacionadas con los «próximos Juegos Florales de Betanzos», para su publicación y difusión. Las reseñas y referencias, no sólo salían a la luz, transcribiendo literalmente las condiciones y los temas señalados para la

---

*** José-Domingo Vales Vía** es militar retirado. Diplomado en Heráldica y Vexilología. Fue galardonado en los *Juegos Florales* «Liceo Recreativo de Betanzos», en el año 1961, con motivo de su primer centenario; laureado con la Flor Natural, por la Asociación «Hogueras de San Juan», de La Coruña y, asimismo, en los *Juegos Florales* organizados por los «Caballeros de María Pita», recibiendo idéntica distinción. Coordinó la *Obra Completa de Francisco Vales Villamarín*, su padre, que fuera Cronista Oficial de la Ciudad brigantina. Es autor de los libros *Enrique García Asensio, biografía incompleta; No regazo da noite estrelecida* (Biografía de Francisco Vales Villamarín), *Nuestros símbolos* (Escudo y bandera del Ayuntamiento de Valmojado, en la provincia de Toledo) y *El manuscrito apócrifo de Elviña.*



COMISIÓN DE FIESTAS

Presidente:
D. Tomás Dapena Espinosa

Vocales:
D. Daniel López Varela
D. José Ares Freire
D. Manuel Suárez Castro
D. José Vasco Seijo
D. Alvaro Juan Cayón Valenciano
D. Jacobo Caldelas Núñez.

JUEGOS FLORALES

CONSEJO DIRECTIVO

Presidente honorario:
Excmo. Sr. D. Antonio Martín-Ballestero Coalla, gobernador civil de esta provincia.

Vicepresidente honorario:
D. Emilio Romay Montoto, presidente de la Excma. Diputación provincial.

Presidente efectivo:
D. Tomás Dapena Espinosa, alcalde de esta ciudad.

Vocales:
D. Salvador Sánchez García Limiñón, jefe comarcal de F. E. T. y de las J. O. N. S.
D. Manuel Alvarez García, abogado y presidente de la Ilustre Colegiata de la Concepción.
P. Higinio Albernás, O. F. M., escritor.
D. Ramiro Prego Meiriño, notario y delegado comarcal de Educación Popular.
D. Javier Tejeiro Bugallo, escritor.
D. Francisco Vales Villamarín, académico y cronista oficial de la ciudad.

Secretario:
D. Benito Sánchez Valeiro, secretario de la Excma. Corporación municipal.

Reina de la Fiesta:
Agueducha González García.

Corte de Honor:

Srtas. Yoni Sánchez Fernández
Cuca Caldelas Núñez
María Luisa Ramírez de Arellano
Merceditas Fernández Rodríguez
Berta Cayón Valenciano

Srtas. Cherolas Núñez Fernández
Lolita Núñez Rodríguez
Merceditas Barreiro Ereño
Lucita Leis Bugallo
Araceli Núñez Corral.

Pajes:
Javierito Tejeiro Vidal
José Antonio Veiga Sánchez.

Imagen 2. Comisiones y designación de Reina y Damas de honor.

participación -doce en total-, sino que incluían -*motu proprio-,* su felicitación al Ayuntamiento, por haber «tenido el acierto de organizar unos Juegos Florales que serán la nota de cultura y sentido artístico en el programa de fiestas de la simpática ciudad del Mandeo»[1].

La tarea no fue fácil de llevar a cabo. Mientras en los anteriores *Juegos Florales*, era un «bon fato de rapaces ateigados de fondo amor á Terra», quienes habían acometido aquella convocatoria a la sombra de la «Yrmandade da Fala de Betanzos», ahora, Vales Villamarín, se enfrentaba solo al evento, con el único apoyo moral de quienes habían atendido su petición, pero sin mucha colaboración humana, ni tampoco mucho calor moral por parte de las instituciones oficiales.

Muy pronto se hizo correr y propagar el temario y las bases, así como la cuantía de los premios y las personalidades y organismos que los otorgaban, dándose a conocer, no solamente a través de la colaboración periodística, sino de los impresos confeccionados en la imprenta de Villuendas (Imagen 1), único taller tipográfico y máximo colaborador, no sólo del concejo municipal, sino por atención -en muchas ocasiones- a Vales. Un total de siete mil quinientas pesetas de premio, repartidas entre los doce apartados previstos y que ahora enunciamos.

Convocatoria

I. *Canto a Betanzos*. Poesía escrita en castellano, con libertad de metro. Premio: FLOR NATURAL y mil pesetas, donadas por el Excmo. Sr. Gobernador Civil de la Provincia.
II. *Elogio de la mujer betancera*. Tríptico de sonetos en lengua gallega. Premio: Quinientas pesetas.
III. *Novela breve de carácter histórico y ambiente local*, en gallego o castellano. Premio: Quinientas pesetas.
IV. *Estudio biobibliográfico del ilustre catedrático y publicista don Salvador Cabeza León, hijo de Betanzos*. Premio: Quinientas pesetas.
V. Artículo de propaganda turística de la ciudad, para su publicación en la Prensa española. Premio: Quinientas pesetas.
VI. *¿La fiesta de los Caneiros guarda alguna relación con la Vinilia Rústica que celebraban los romanos?* Premio: Quinientas pesetas.
VII. *Normas para el establecimiento de un matadero industrial en Betanzos* . Premio: Mil pesetas, donadas por el Excmo. Sr. Presidente de la Diputación.

1 *La Voz de Galicia*, 21 de mayo de 1946.

VIII. *Estudio urbanístico de la ciudad*. Premio: Mil pesetas.
IX. *Página musical sobre motivos populares de la comarca*. Premio: Quinientas pesetas.
X. *Pintura o dibujo con asunto brigantino*. Premio: Quinientas pesetas.
XI. *Colección de fotografías artísticas de Betanzos*. Premio: Quinientas pesetas.
XII. *Boceto de monumento dedicado a los antiguos gremios de la localidad*. Premio: Quinientas pesetas, de la Delegación Comarcal de Sindicatos.



Imagen 3. José María Díaz Castro, premiado con la Flor Natural. (Fotografía publicada en el Anuario Brigantino, *en 1948).*

A excepción del segundo apartado, que especificaba su presentación en lengua gallega, así como el tercero -«Novela breve…»-, que admitía ambas lenguas, hemos de resaltar que, el resto, no mencionaba idioma preferente.

La totalidad de trabajos presentados ascendió a sesenta y seis, destacando sobre los demás, el primer apartado, al que concurrieron veinticinco poemas, de los que solamente un tercio estaban escritos en gallego.

Formaron parte de los diferentes jurados, los siguientes miembros: Sebastián Martínez Risco, Julio Rodríguez Yordi, Joaquín Freyre de Andrade, Leandro Carré Alvarellos, Manuel Casás Fernández, Tomás Dapena Espinosa, Ramiro Prego Meirás, Manuel Álvarez García, Fernando Cortés Bugía, Alfonso Rey Teijeiro, Víctor Pariente Herrejón, Rvdo. P. Francisco Blanco de la Rosa, José Veiga Roel y Javier Teijeiro Bugallo.

El día 11 de agosto, bajo la presidencia del Sr. Alcalde, se reunía el Consejo directivo de los Juegos -Imagen 2-, acordando, por unanimidad, aceptar las propuestas de los respectivos jurados y galardonar los trabajos siguientes:

Premiados

Premio de honor y flor natural, al poema de D. José María Díaz Castro, de Villagarcía.
Segundo premio de honor, a la composición de D. Manuel Barbeito Herrera, de La Coruña.
Tercer premio de honor, al canto heroico a Betanzos, de D. José Antonio Ochaíta, de Madrid.
Accésit, a la poesía del P. Luis Martínez, de Betanzos.
Premio al tríptico de sonetos de D. José María Díaz Castro, de Villagarcía.
Premio a la novela de D. Ramón Villar Ponte, de La Coruña.
Premio al «Estudio biobibliográfico de don Salvador Cabeza León», cuyo autor es D. Enrique Fernández Villamil, de Pontevedra.
Premio al artículo de D. Alejandro Barreiro Noya, de La Coruña,
Accésits a los artículos de don Manuel Rabanal, de Santiago, y D. Manuel Monteagudo, de La Coruña.
Premio a la monografía de don Luis Monteagudo, de La Coruña.
Premio al trabajo de D. José Mosquera Nocelo, de Canido (Vigo).
Premio a la página musical presentada por D. Manuel Fernández Amor, de La Corona.
Premio de pintura, a D. Emilio de la Iglesia Caruncho, de La Coruña.
Accésit a D. Manuel Méndez Pena, de La Coruña.
Menciones honorificas a D. Luis Quintas Goyanes y D. José Ramón Villar Chao, ambos de La Coruña.



Imagen 4. Diploma entregado por la Reina de los Juegos Florales al poeta premiado con la Flor Natural.

El fallo se dio a conocer por medio de la prensa con la debida oportunidad, habiéndose notificado igualmente a todos los autores de los trabajos galardonados, a quienes, al propio tiempo, se invitó para asistir a la solemne entrega de premios y diplomas.

Todavía, entre mis recuerdos de infancia, mantengo viva la estampa en la que la Corporación Municipal, «bajo mazas», acompañada de las gentiles señoritas que formaban la *Corte de Amor* de aquellos quintos *Juegos Florales* brigantinos, se deslizaba por la actualmente denominada Rúa do Castro -antes, Sánchez Bregua-, camino del desaparecido «Gran Cine Capitol», en donde había de tener el acto poético-literario. Encabezaba la señorial y noble comitiva, la reina de los Juegos, Agueducha González García, a quien daba el brazo don Juan Contreras y López de Ayala, marqués de Lozoya (Imagen 6) y, en aquella memorable jornada, mantenedor del evento, mientras la danza de marineros brincaba de arriba a abajo, al ritmo marcado por los compases que la Banda Municipal hacía sonar, bajo la escrutadora mirada de su impertérrito director, Víctor Pariente[2].

Desarrollo

Tal como se había anunciado en los diferentes medios de comunicación de carácter provincial y regional, así como en el *Programa de Fiestas* que habitualmente se editaba y continúa editándose, con motivo de las fiestas «en honor al Patrono tutelar de la Ciudad, el glorioso San Roque», los actos dieron comienzo poco antes de las ocho de la tarde, cuando se organizó en el Ayuntamiento la brillante comitiva que habría de trasladarse al Cine Capitol, pues a causa del mal tiempo el solemne acto no pudo celebrarse al aire libre, en la Plaza de los Hermanos García Naveira, como estaba anunciado en el citado programa de festejos. (Imagen 5).

El día amaneció borrascoso y muy pronto, se decidió trasladar el acto previsto para otro lugar, a cubierto y suficientemente amplio para acoger al numeroso público asistente. Durante la mañana de ese día hubieron de trabajar afanosamente, carpinteros, electricistas, jardineros y el personal del propio Cine Capitol, para adornar y enriquecer el escenario que habría de dar cabida y noble marco a la Reina de los Juegos con su encantadora Corte de Amor, autoridades y autores premiados. Finalmente, después de una improvisada y laboriosa jornada, el recinto apareció magníficamente engalanado con guirnaldas de flores y reposteros, presentando un aspecto vistosísimo.

A la hora prevista, ante el portal del Ayuntamiento formaron los «mómaros», gigantes y cabezudos, acompañando a los grupos de danzas gremiales. En una parte loscircunspectos

1 *No regazo da noite estrelecida* (Biografía de Francisco Vales Villamarín), escrita por José-Domingo Vales Vía y editada por el Ayuntamiento de Betanzos, en 2012.

representantes de la hermandad de labradores -sobrios y estáticos-, frente a los «mareantes» o danza de marineros que, con sus pintados arcos de listas rojas y azules sobre fondo blanco, alineaban un polícromo y zarandeado palio, bajo el que pasarían la Reina, sus damas, los miembros del Concejo y personalidades invitadas. En ese preciso momento, la banda municipal, dejaría oír los graves y majestuosos compases del himno nacional. Mientras, en lo alto de la «torre municipal», recias y veteranas manos harían lanzar a los cuatro vientos el ronco sonido de su ancestral campana, mezclándose con los ecos de la bulliciosa gente que, curiosa, contemplaba la salida de la comitiva.



A las ocho de la tarde, dará comienzo la anunciada solemnidad de los

JUEGOS FLORALES,

en los que actuará como Mantenedor una ilustre personalidad. Poco antes de la hora indicada, saldrá de la Casa Consistorial la Corporación municipal, organizadora del certamen, con la Reina de la Fiesta y su Corte de Amor, dirigiéndose a la Plaza de los Hermanos García Naveiro, donde tendrá lugar dicho acto. La banda de música y danzas gremiales tomarán parte de esta brillante comitiva.

A las diez,

GRAN VERBENA-PARK Y CENA AMERICANA,

en los jardines municipales, organizadas por la sociedad «Liceo Recreativo de Artesanos», en honor del Mantenedor del torneo literario, poeta premiado con la flor natural, Reina y damas de la Corte de Amor. Este festival será amenizado por la orquesta «La Piña», luciendo el recinto una sorprendente iluminación eléctrica y a la veneciana

A la misma hora,

BAILES POPULARES

Imagen 5. Anuncio del acto, inserto en el Programa de Fiestas.

En la Plaza se había congregado una nutrida multitud, la cual acogió con grandes aplausos y cariñosas muestras de simpatía la aparición de la Reina de aquellos Juegos, señorita Águeda González García con su esplendoroso cortejo.



Imagen 6. Excmo. Sr. D. Juan Contreras y López de Ayala, marqués de Lozoya, mantenedor de los Juegos Florales.

Al estruendo de «potentes bombas de palenque», la comitiva inició su desfile hacia el lugar del acto. En dicho séquito figuraban, escoltando el pendón municipal, los miembros de la Corporación, presididos por el alcalde, don Tomás Dapena Espinosa, a quien acompañaban el presidente de la Diputación Provincial, don Emilio Romay Montoto, el oficial mayor de la subsecretaría de Educación Popular, don Nicolás Arias Andreu; el inspector general de los servicios de las Delegaciones Provinciales de Educación Popular, don Juan Díaz Martínez, y otras destacadas personalidades, según relacionaba al siguiente día la prensa coruñesa. Daban escolta a la Reina, dos pajes de honor, alguaciles y veedores.

El pueblo en masa y oleadas de avisados visitantes presenciaban el colorista cortejo que, lentamente, avanzaba al son del repique de la campana de la torre municipal y de las alegres composiciones musicales interpretadas por la banda, bajo el continuado y atroz estampido de cohetes y ruidosas bombas. Al llegar a las inmediaciones del teatro, los componentes de la danza de marineros, cubrieron un techo con sus coloreados arcos para dar paso a la Reina quien, del brazo del mantenedor, hizo su entrada en el teatro, acompañada de su Corte y el resto de personalidades.



Imagen 7. Reproducción de la página en la que el primer número del Anuario Brigantino, *publicado en 1948, hacía referencia a los actos celebrados con motivo de los* Juegos Florales *del año 1946.*

Vales Villamarín, Cronista de la Ciudad, promotor y organizador de aquellos *Juegos Florales*, con anterioridad, había pedido al Músico Mayor, Víctor Pariente, que ensayase para este preciso momento -ofrecida como sorpresa-, la desusada *Marcha procesional del Antiguo Reino de Galicia*, a lo cual no ofreció el director inconveniente alguno. La sorpresa, en un instante muy acariciado por el lúcido Cronista, fue escuchar el Himno Nacional, siempre utilizado en los solemnes acontecimientos, pero no acorde con las circunstancias que el momento requería, además de haberlo previsto y dispuesto como coordinador y responsable del evento y su desarrollo.

Magnífica y solemne fue la velada literaria que tuvo lugar en el mencionado cine, con asistencia -además de los premiados- de escritores, pintores y poetas de la diversidad cultural gallega, quienes realzarían con su presencia el magistral acto. El local, completamente abarrotado de público, prorrumpió en los más cálidos aplausos al aparecer la reina de la fiesta, Agueducha González García[3], y las señoritas que componían su Corte de Amor, las cuales resplandecían por su notable belleza. Componían este ramillete de blanco resplandor, las señoritas Lolita Núñez Rodríguez (1), Berta Cayón Valenciano (2), Merceditas Bíurrun Eraña (3), Cherolas Núñez Fernández (4), Merceditas Fernández Rodríguez (5), Yoni Sánchez Fernández (6), Araceli Núñez Coral (7), Lucita Leis Bugallo (8) y María Luisa Ramírez de Arellano (9). (Imagen 8). Sus magníficos vestidos realzaban la belleza de todas ellas. Como pajes intervinieron los niños Javier Teijeiro Vidal y José Antonio Veiga Sánchez.

1 Curiosamente, su madre, Águeda García Iribarne -doña Águeda, como era reconocida en Betanzos-, en 1901, también había sido distinguida como Reina de los *Juegos Florales*, organizados por la redacción del periódico local *El Progreso*. (*Anuario Brigantino*, nº 33. Año 2010. Página 409).

Discurso del mantenedor

Terminada la entrega de premios, el mantenedor de los *Juegos Florales*, marqués de Lozoya, pronunció una bellísima pieza oratoria en la que glosó los tres temas peculiares que los representan: Patria, Fe y Amor.

Inició su elocuente discurso, agradeciendo la invitación «a tomar parte en esta fiesta de alta espiritualidad y delicada poesía», y haciendo un sutil y bellísimo elogio de nuestra tierra.



Imagen 8. Reproducción de la página del Anuario Brigantino*, del año 1948, en la que aparece la Reina de los Juegos Florales, rodeada de su Corte de Amor, (Véanse sus nombres en el texto de esta misma página).*

> Hoy entre estas piedras venerables de Betanzos, entre estas iglesias y conventos, entre estos palacios blasonados, creo haber realizado el sueño de aquel arqueólogo del cuento de Andersen, que consiguió dar marcha atrás al reloj del tiempo y revivir su época preferida que tanto le enamoraba en sus lecturas. Hoy me parece hallarme lejos de la caótica y confusa Europa actual, en una corte del siglo XIII, acaso, la del rey Alfonso el Sabio, el enamorado de las estrellas, el rey criado en Galicia y que cantó en gallego sus amores […]. Estamos en esta vieja ciudad de Betanzos, en la gentil Galicia; en la ciudad del espíritu delicado que sabe celebrar esa fiesta única de los Caneiros, combate naval en que no se emplea otra metralla que flores y risas sobre el misterio incomparable de la ría color de esmeralda. Hemos oído el canto delicadísimo de los vates y es tiempo en que un viejo caballero, curtido en lides de poesía, levante su voz para ser mantenedor de la fiesta. Heme aquí dispuesto a cumplir con mi deber.
>
> Bien quisiera poder hablar vuestra dulce lengua gallega, la de los trovadores medievales que tan suavemente componían sus cantares de amigo, la de Alfonso X y la de Rosalía de Castro y Curros y Enríquez, porque entre las lenguas de nuestra España solamente la gallega tiene el número cadencioso, la armonía apacible que son precisas para hablar de amor

Después de entonar un panegírico sobre las excelencias de la recuperada España de aquel entorno -paso obligado en la época-, conjugando el don de la diversidad con la unidad esencial, como un «juego entre estos dos factores antitéticos, unidad y diversidad, esencial para comprender la geografía, la historia y la cultura de España», habló, con palabras de enamorado, de la rica diversidad de las regiones españolas y de su fuerte trabazón histórica.



Imagen 9. Reina de los Juegos Florales *dando el brazo al mantenedor, en la comitiva que se dirigía al lugar de la celebración.*

¿Cuál es el medio de encontrar un equilibrio entre estas fuerzas contrapuestas? No será el intentar destruir esta variedad innumerable que es la principal riqueza de nuestra España. Amemos las lenguas vernáculas en que se han dicho y se han escrito tan bellas cosas, las costumbres y el hogar de cada una de las comarcas en que España se repartió, pero propongámoslo un ideal tan alto, tan fuerte, tan bello, que aúne todas las voluntades y gane todos los corazones en un esfuerzo común. Esta fue la política de nuestros grandes reyes. Nada destruyeron los Reyes Católicos de la diversidad de cada uno de los países que constituían su Imperio; pero abren ante ellos rumbos de grandeza infinita en las rutas oceánicas. Ni Felipe II intentó en lo más mínimo extender sobre la Península un rasero unificador; pero propuso a los españoles, castellanos o gallegos, catalanes o navarros, la lucha por el catolicismo en Europa, la defensa de la Cristiandad ante el peligro eterno del Oriente, la extensión del Reino de Cristo por países remotos, y el alma hispánica vibró una siempre.

En su excelente pieza oratoria, el marqués de Lozoya, ensalzó las maravillas de España y, sobre todo, de Galicia, significando que en la formación de los ideales de la varia y diversa España era en gran parte obra de los gallegos.

Según la tradición, fue en Galicia donde se encendió primeramente la llama de la Fe […]. A tierras gallegas arribó aquel venturoso navío que conducía el cuerpo del Apóstol, que fue el foco espiritual que iluminó nuestra Cristiandad […] y así desde Roncesvalles hasta Compostela se fue formando el «camino francés», […] viejo itinerario para uso de los peregrinos, como el «Codex Calixtinus» […]. Cuando los hombres malvados atacaban a los viajeros indefensos para robarles, algunos caballeros se agruparon para defender a los peregrinos y así surgió la Orden Militar de Santiago, de tan gloriosa historia en la Reconquista. A lo largo del «camino francés», se fue formando el arte románico, el que fue capaz de construir estas iglesias de Betanzos: Santiago, San Francisco, Santa María del Azogue, y que vino a ser el arte oficial de la Cristiandad. Por el camino de Santiago vinieron los cantares de gesta, que luego se descomponen en nuestro riquísimo romancero.

Y a esta gran nación que así se iba formando a lo largo del Camino de Santiago, fue Galicia quien la enseñó a cantar. Acaso la poesía lírica fluye en esta tierra gallega en que todo, el rumor constante del mar, la música del follaje de las arboledas, la plácida corriente de arroyos y fuentecillas, enseñan a cantar. […] Fue Galicia, os digo, la que enseñó a cantar a España y como se estimó que la lengua castellana era demasiado ruda y que no podía expresar con todos sus matices las sutilezas del amor, los trovadores aprendieron a hablar en gallego. Así en el siglo XV escribía el magnífico señor de los Proverbios, don Iñigo López de Mendoza, marqués de Santillana: «…non ha mucho tiempo cualesquier decidores e trovadores destas partes, agora fuessen castellanos, andaluces o de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega o portuguesa...». Y así en gallego compone sus poemas el Santo Rey Fernando y sus cantigas maravillosas el Sabio Rey Alfonso y los trovadores en la corte del rey don Juan.

El marqués de Lozoya, en este discurso, de gran brillantez literaria, tuvo para Galicia, su cultura, su paisaje y su folklore, palabras elocuentísimas y muy sentidas.

> Quiero acabar diciendo solamente que no he venido a dar, sino a recibir en Betanzos, lecciones de cual sea el verdadero sentido de estas tres divinas palabras: Fe, Patria y Amor. A poco de entrar en vuestra ciudad, me recogí en la iglesia de San Francisco, y en aquel amplio recinto, sumido en una delicada penumbra, no había piedra que de Fe, Patria y Amor no me hablasen. Toda la iglesia, en cada una de sus piedras labradas y de sus altares, es un poema escrito por la fe de nuestros mayores, aquella fe recia hasta hacer milagros y que en Betanzos tiene una voz de inefable poesía en el rumor de las campanas de sus iglesias de Santiago, Santa María y San Francisco, que es ciertamente el alma mística, profundamente espiritual, cristiana hasta los huesos y hasta la médula, de la vetusta ciudad. Y pensaba en la Patria contemplando en su sepulcro, dormido, con su gesto fijo sobre la cruz de su espada, a Fernán Pérez de Andrade, el Bueno. […] Pues bien, este gran patriarca, fiel servidor de sus reyes, ha sido un gran bienhechor de su Patria. Él fue fundador de iglesias, de conventos famosos, que son todavía lo permanente y lo eterno de Betanzos, y que eran en el siglo XIV recintos de piedad y de cultura en que se iba formando el alma de Galicia y el alma de España. Y ante los sepulcros de hidalgos y de nobles damas, que apoyan los pies en un perrillo, pensaba en el único amor santo de la tierra, que es el que aspira a ser eterno. No hay amor verdadero sin este concepto de eternidad.
> Fe, Patria y Amor: Betanzos me ha dado, yo os lo aseguro, de estos tres sublimes conceptos, la más bella lección[4].

El discurso del Director General de Bellas Artes, don Juan Contreras y López de Ayala, marqués de Lozoya, gustó muchísimo y produjo honda impresión.

Fin de fiesta

Terminada la intervención del mantenedor, que fue larga y entusiásticamente aplaudida, el Alcalde dio por terminados estos *Juegos Florales*.

El inmenso gentío que llenaba la Plaza de los Hermanos García Naveira, siguió la lectura de los trabajos premiados y el discurso del marqués de Lozoya por medio de una magnífica instalación de altavoces, tributando ensordecedoras y efusivas ovaciones.

Con la misma ceremonia y orden que a su llegada, volvió a formarse la brillante comitiva para regresar al Ayuntamiento, donde la Reina de la fiesta, con su Corte de Amor, autoridades y personalidades, presenció desde el balcón, una magnífica exhibición a cargo del conjunto de danzas gremiales, la cual resultó muy lucida. Todos los presentes, tanto poetas, como autoridades, así como la bellísima Reina de los Juegos y su corte, se deshicieron en calurosos elogios por la elegancia de los pasos y movimientos y la tradición artística que se conserva en el pueblo brigantino[5].

Por la noche, en el Liceo, se celebró una cena, que fue presidida por la Reina de los Juegos, acompañada por su corte y el marqués de Lozoya.

El esplendor de estos *Juegos Florales* fue muy grande, llegándose a vivir un inolvidable día y constituyendo un brillante índice de cultura y espiritualidad para la Ciudad de Betanzos de los Caballeros.

---

4 Publicado íntegramente en el tercer número del *Anuario Brigantino*, en el año 1951.
5 Extractado de la prensa coruñesa, publicado al día siguiente.



Imagen 10. Portada del primer número del Anuario Brigantino.

Lamentablemente, poco eco o casi ninguno, tuvo en la prensa regional este solemne acto, contrariamente a otras ocasiones anteriores, pues nada más que los periódicos coruñeses ofrecieron amplia reseña del acto. Por su parte, la «Revista de Galicia mensual ilustrada», *Finisterre*, en su número de octubre, dio información que revelamos en las siguientes líneas.

En Betanzos, la vieja y luminosa ciudad serpenteada por el azogue de su ría transparente, en la que se miran las afiladas torres que surgen de la urbe como mástiles de velero para registrar los acaecimientos de infinitas singladuras; en la ciudad empinada, de portadas y de capi teles románicos, se han celebrado *Juegos Florales*, en los que actuó de mantenedor el Excmo. Sr. Marqués de Lozoya. Ofrecemos instantáneas de este solemne acto y nos honramos en reproducir la composición literaria que ha merecido el segundo premio de honor[6].

Anuario Brigantino

Desde mucho antes de estos *Juegos Florales* anidaba en la cabeza del Cronista brigantino, Francisco Vales Villamarín, la idea de fundar una revista que transmitiese los acontecimientos anuales del pueblo, acompañados de documentos históricos relacionados con el municipio -«escondidos» en el batiburrillo del archivo municipal-, así como otros trabajos ocasionales fruto de la pluma, de los pinceles o la cámara fotográfica, de muchos vecinos betanceiros amantes de las artes y las letras.

Pero fue a raíz de este certamen literario, cuando decidió materializar su proyectado sueño. En principio, tuvo como propósito dar publicidad solamente a los discursos, artículos literarios y poemas premiados en dicho certamen. Con él intentaba resucitar aquel fascículo de infortunado recuerdo que, editado por la *Irmandade da Fala,* de Betanzos, había recopilado cada uno de los trabajos galardonados en los *Juegos Florales* del año dieciocho. Éste, a su vez, pretendía seguir la huella transmitida por «el ilustre patricio D. José Pascual López Cortón», editor en glorioso volumen, del *Álbum de la Caridad. Juegos Florales de La Coruña en 1861.* En él se recogen todos los escritos, en verso y prosa, premiados en el certamen de la ciudad herculina y al cual, algunos aduladores, han dado en designarlos como «primeros Juegos de Galicia», cuestión discutible, a la vista de lo expuesto en nuestro anterior trabajo editado en estas mismas páginas[7].

Pronto afianzó Vales su objetivo, perfeccionando la primitiva idea y acoplando ambos propósitos. Su nuevo proyecto sería la edición de un folleto en el que se dieran a conocer tanto los acontecimientos anuales de carácter local, como los trabajos premiados en los citados *Juegos Florales* y otro tipo de aportaciones documentales relacionadas con la Historia Local, la Etnografía, Bellas Artes, Administración Municipal y cualquier otro motivo de trascendental interés para el pueblo.

6 «Finisterre», dirigida por su fundador, Emilio Canda. Año IV. Número 31. Editada por «Gráficas reunidas, S.A.» Madrid.

7 Juegos Florales de Galicia (I). Anuario Brigantino, número 32. Año 2009. Página, 433.

Así nació en 1948, el hoy afamado *Anuario Brigantino* (Imagen 10), bajo el capital patrocinio del Ayuntamiento, que -como bien expresaba en su momento, el periódico *Faro de Vigo*- «publica a sus expensas esta obra, en la seguridad de que con ella se hace una buena siembra que quisiéramos ver fructificando en otras corporaciones de la región. Nos va en ello el conocimiento de la propia historia y la divulgación de nuestros valores de eternidad».

Alfredo Erias Martínez, sucesor en la dirección del citado libro, plasmó en acertadas y concretas palabras, la erudita función de esta publicación investigadora, y que se recogen en un folleto dedicado a la figura de Francisco Vales Villamarín, titulado *Lembranza no centenario do seu nacemento*, editado con motivo de la inauguración de la Sala «Cronista Vales Villamarín», en el Archivo Municipal.



Ayuntamiento de Betanzos

Núm. 1946-44

La Corporación municipal que me honro en presidir, en sesión del día de hoy, ha acordado, por unanimidad, remitir a V. su expresivo y sincero voto de gracias por haberse dignado prestar su valiosísima y desinteresada cooperación a los Juegos florales recientemente celebrados en esta ciudad, con motivo de las fiestas patronales.

Lo que me complazco en comunicarle para su satisfacción.

Dios guarde a V. muchos años.

Betanzos, 30 de agosto de 1946.

El Alcalde,

Sr. D. Francisco Vales Villamarín, Académico y Cronista oficial de la Ciudad.

BETANZOS

Imagen 11. Oficio del Alcalde dirigido al Cronista Oficial de la Ciudad.

> O día 10 de agosto de 1948 rematouse de imprimir nos «talleres gráficos de Manuel Villuendas» a que probablemente sería a súa obra de maior trascendencia: o ANUARIO BRIGANTINO. Estaba editado polo Concello de Betanzos e saiu baixo a dirección de Don Francisco os anos: 1948, 1949, 1951 e, logo de trinta de silencio, volveu no 1981, cando as forzas e a propia vida do mestre tocaban ó seu fin. Pero esta obra non morreu con el, posto que desde esa data aparece ininterrumpidamente.

La imaginada y novedosa publicación de Vales mantendría el objetivo final, complementando la serie de trabajos premiados con la intención de dar a conocer muchos otros relacionados con los monumentos, las tradiciones betanceiras y su bisbarra mariñana.

Un proyecto editorial tenazmente concebido que llegaría a expresar, por sí mismo, la voluntad manifiesta de quienes, posteriormente, fueron dándole su apoyo y cuyo espíritu proclamaba la independencia de la investigación y exposición histórica respecto de la propia conciencia del autor, único responsable de sus teorías.

Efectivamente, tal y como tenía previsto, en el primer número publicaría tres de los trabajos premiados: *El cántico de la ciudad,* poema premiado de José María Díaz Castro; *Betanzos de los Caballeros* (Semblanza moderna de un pueblo secular), original de Alejandro Barreiro Noya[8], y *Normas para el establecimiento de un matadero municipal en Betanzos*, de José Mosquera Nocelo.

En el *Anuario Brigantino* del año 1949, fueron publicados los siguientes: *Gentil anticipo*, de Manuel Rabanal; *Canto heroico a Betanzos* (en diez axiomas de fe), de José Antonio Ochaíta; *Mandéu*, cuento de Ramón Villar Ponte, y *Madrigal de la doncella*, soneto de Manuel Barbeito Herrera.

8 Este artículo fue publicado en la revista del Centro Gallego de Buenos Aires, en 1947, según figura en una nota manuscrita de Vales Villamarín.

Por último, en 1951 -el año anterior, por circunstancias económicas, no fue publicado el *Anuario*-, se dieron a conocer en sus páginas, *¿La fiesta de los Caneiros guarda alguna relación con la Vinilia Rústica que celebraban los romanos?*, monografía de Luis Monteagudo; *Nascida d'un sono* (tríptico de sonetos en lengua gallega), de José María Díaz Castro, y *Admirarte y callar*, soneto de Manuel Barbeito Herrera[9].

Todos estos trabajos habían sido premiados, como ya hemos mencionado oportunamente, en los *Juegos Florales* celebrados en Betanzos el día 19 de agosto de 1946.

Reconocimientos

Todos los premiados, así como la Reina de los Juegos, su Corte de Amor, pajes y miembros del jurado calificador, fueron distinguidos con diplomas conmemorativos y acreditativos de su participación en los mismos, semejante al que insertamos en la imagen 4, cuyo diseño y realización fue obra del distinguido dibujante coruñés y miembro de la Real Academia de Bellas Artes de La Coruña, Emilio de la Iglesia Caruncho.

Curiosamente, el organizador del evento, Vales Villamarín, recibió un oficio firmado por el Alcalde de Betanzos, en el que se le agradecía su colaboración. (Imagen 1l).

> La Corporación municipal que me honro en presidir, en sesión del día de hoy, ha acordado por unanimidad, conceder a V. un expresivo y sincero voto de gracias por haberse dignado prestar su valiosísima y desinteresada cooperación a los Juegos florales recientemente celebrados en esta ciudad, con motivo de las fiestas patronales.
> Lo que me complazco en comunicarle para su satisfacción.

Fuentes consultadas

Bibliografía

Erias Martínez, Alfredo (1991): *Vales Villamarín: lembranza no centenario do seu nacemento.* Concello de Betanzos.
Vales Vía, José-Domingo (2012): *No regazo da noite estrelecida*. Concello de Betanzos.
Vales Villamarín, Francisco (2006): *Obra completa*. Briga Edicións. Betanzos.

Hemeroteca

Anuario Brigantino. Betanzos
Centro Social Betanzos. Buenos Aires
Finisterre. (Revista de Galicia mensual ilustrada). Octubre, 1946.
Ideal Gallego, El. La Coruña.
Programa Fiestas Patronales de San Roque. Betanzos, 1946.
Voz de Galicia, La. La Coruña.

Archivos y Bibliotecas

Archivo familiar. Toledo.
Archivo municipal. Betanzos.
Biblioteca municipal. Betanzos.
Biblioteca Nacional. Madrid.
Real Academia Gallega. La Coruña.
Sala Cronista Vales Villamarín (Archivo municipal). Betanzos.

9 Los dos sonetos que se citan de este autor -publicados en 1949 y 1951, respectivamente-, forman parte de los seis que, bajo el título general *Pregón de Betanzos de los Caballeros*, fue galardonado con el segundo premio de honor, correspondiente al tema primero de los anunciados en las Bases.

Obra poética de Salvador Cabeza de León

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Sumario
Este traballo achega información sobre a vida e a obra poética de Salvador Cabeza de León.
Abstract
This article aims to provide essential information related to the live and the poetry of Salvador Cabeza de León.

A imaxe de Galicia a finais do século XIX e no primeiro terzo do século XX é a dun lugar atrasado onde a única perspectiva de progreso económico e social resulta ser a emigración. Mais tamén é certo que entre os anos 1900 e 1936 se produce unha tendencia para a modernización das estruturas socioeconómicas do país; e nestes anos a cultura galega experimenta un desenvolvemento e esplendor extraordinarios que nos levan a considerar este período como unha segunda idade de ouro despois da primeira localizada na idade media.

En gran parte dos movementos, institucións e publicacións importantes destes anos participaron activamente personaxes nados en Betanzos ou no seu entorno. Figuran entre os nomes importantes na historia de Galicia Salvador Golpe, Xohán Vicente Viqueira e Salvador Cabeza de León. Hai que destacar o importantísimo papel destes homes e do seu precursor Antolín Faraldo no galeguismo desde o seu inicio.

No ano no que as letras galegas celebran a figura de Filgueira Valverde non sería ousadía reclamar un ano tamén para don Salvador Cabeza de León quen formou co erudito de Pontevedra un bo equipo; eles constituíron o motor que impulsaba moitas das actividades e traballos de investigación do Seminario de Estudos Galegos. Este traballo trata de situar a vida e a obra poética en galego do humanista partindo, na biografía, de diversas informacións como a proporcionada por Xosé Ramón Barreiro Fernández na *Historia de Galicia*, a de Lidia Fontoira Surís e Carmen García Rodríguez na *Enciclopedia Gallega*, e as que aportan publicacións galegas como *A Nosa Terra*, *Nós, Boletín de la Academia Gallega* ou *Raza Celta* de Montevideo.

Salvador Cabeza de León naceu en Betanzos o 4 de febreiro de 1864. Cando tiña dous anos seu pai foi trasladado como mestre a Santiago de Compostela cidade da que sería alcalde en 1911 e onde residiría toda a súa vida agás as vacacións de verán que pasaba en Rianxo e Vilaxoán. Na Universidade de Santiago comeza estudando ciencias, carreira que deixa no primeiro ano para matricularse en dereito, estudos nos que destaca de tal maneira que en 1882 concédenlle a Cruz de Caballero de la Orden de Isabel la Católica coa que se premiaba o mellor alumno. Doutor en dereito, desempeñou o posto de profesor auxiliar de

* **Concepción Delgado Corral**, betanceira, é doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e catedrática de Lingua e Literatura do instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

Dereito Mercantil e Internacional desde o ano 1887, gañando a cátedra en 1903. En 1918 foi elexido Decano da Facultade. En 1919 encárgase tamén da catedra de Dereito Canónico.

Participou activamente nas institucións máis importantes do seu tempo. Foi secretario da Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago, constituída en 1784 polo máis selecto do clero e por intelectuais que loitaban por unha Galicia próspera, e máis tarde arquiveiro da mesma. Formou parte do Ateneo León XIII, institución moi unida á universidade. Foi nomeado correspondente das Academias de la Historia, Bellas Artes, Española de la Lengua. Pertenceu ao Instituto Histórico do Minho de Viana do Castelo e á Sociedade Martins Sarmento, de Guimarâes. Sucedeu a Armando Cotarelo Valledor como presidente do Seminario de Estudos Galegos. Foi un dos primeiros académicos que en 1905 formaron parte da Real Academia Galega presidida por Murguía, ocupando o sillón 7.

A súa actividade cultural foi intensa destacando como prosista e orador, con discursos, ensaios e traballos de investigación. Foi mantedor do Certame Histórico organizado polo concello de Santiago en 1909 para celebrar o centenario da guerra da Independencia; do Certame da Virtude e do Traballo celebrado en 1923 na cidade do Ferrol en honra do Marqués de Amboaxe, e en 1924, da Festa da Lingua Galega, organizada pola Liga de Amigos de Santiago e pola Sección de Artes e Letras do Seminario de Estudos Galegos na que Eladio Rodríguez González recibiría o premio de honra.

Participou activamente no Rexionalismo seguindo con entusiasmo a Alfredo Brañas e formando parte con el da Asociación Rexionalista Galega nada en 1889 en Santiago e presidida por Murguía; aquí sairía a organización dos primeiros Xogos Florais de Tui celebrados o 24 de xuño de 1891 dos que Cabeza de León foi secretario e onde Murguía pronunciou un discurso de fervor rexionalista en galego. Con Brañas colaborou na redacción das Bases do movemento e nas campañas rexionalistas. Participou no sindicalismo de signo católico formando parte do Círculo Católico fundado en 1896 en Santiago. Formou parte tamén da Liga Gallega, organización rexionalista que recoñecía o galego como idioma oficial xunto co castelán, e que fora fundada na Coruña en 1897, despois de que o rexionalismo organizado ficase reducido a un grupo de intelectuais case todos da Coruña; a fundación da Liga tivo lugar na «Librería Regional» de Euxenio Carré Aldao, local situado no número 16 da rúa Rego de Auga coñecido como «Cova Céltica», presidida por Murguía e da que Salvador Golpe, outro betanceiro, fora mentor. Acabado o rexionalismo, don Salvador seguiu cos seus ideais pero nunca estivo na política no primeiro plano.

A promoción da lingua foi, como bo rexionalista, un obxectivo primordial, pero el vai máis alá utilizándoa en calquer actividade, como orador, ensaísta e poeta. É moi significativa a actuación como secretario dos Xogos Florais celebrados en Tui en 1891, declaradamente galegos e nos que se reivindica o uso público da lingua; o discurso pronunciado polo presidente Manuel Murguía, enteiramente en galego, foi seguido da memoria pronunciada polo secretario, de menor extensión, pero dunha corrección no uso da lingua e œa esperanza no futuro da mesma. E como mantedor da Festa da Lingua Galega, organizada en 1924 pola Liga de Santiago e pola Sección de Artes e Letras do Seminario de Estudos Galegos. Durante a súa presidencia no Seminario acórdase a creación da Sección de Filoloxía Galega onde se investigará sobre lexicoloxía e se traballará na creación dun *Diccionario Gallego* e, algo que lle preocupaba moito, a elaboración dunhas normas.

O traballo pola lingua galega foi inmenso pero aínda lle corresponde a gloria de ser, como afirma o profesor Carvalho Calero, o máis antigo no uso científico do galego, á par dos homes máis novos da Xeración Nós cos que traballaba, e aínda dos máis novos como Filgueira, Tobío ou Carvalho.

Na Sección de Historia do Seminario de Estudos Galegos, dirixida por el, fanse traballos sobre textos medievais como a transcrición do *Codex Calixtinus* ou a *Crónica Gallega de Iria* demostrando amor pola lingua e tamén pola literatura.

O liberal humanista abarcaba moitos campos do saber e destacaba como investigador, orador e ensaísta. Tamén, amante da literatura, exercía moitas veces de crítico literario con certeiras análises sobre obras como *O porco de pé* de Vicente Risco ou sobre a nova poesía galega.

É autor dun libro de creación literaria composto de composicións en prosa e poesía en castelán e en galego titulado *Primicias* e publicado por Andrés Martínez Salazar na Biblioteca Gallega en 1892 na Coruña; algunhas pezas apareceron publicadas anteriormente en revistas e xornais, outras son inéditas. Xa no prólogo o autor manifesta capacidade para o humor e a ironía, procedementos que aparecen tanto na obra en prosa como na poesía en galego. Ocuparémonos neste traballo da obra poética en galego.

No libro *Primicias* hai catro composicións en galego: «A unha» poema que aparecerá publicado na *Revista Gallega* o 25 de marzo de 1900, «A Alberto García Ferreiro», «Na morte de Rosalía» e «Xovellanos». Pero compuxo outros poemas como «Falar craro» que aparece na publicación *Galicia* 1892-1893 e tamén en *El Eco de Galicia* o 20 de maio de 1909; «¡Bon remedio!» publicado en *El Regionalista* o 30 de xullo de 1893; «Romance» publicado en *El Eco de Galicia* o 30 de setembro de 1901; o poema sen título publicado en *Almanaque Gallego* de 1911 e que empeza co verso «Eiquí é; nesta volta». As estruturas en forma de diálogo manifestan os valores dramáticos da súa poesía, a obra «Camiño da vila», cadro lírico en verso e prosa musicado por Antonio García Jiménez, é un exemplo da súa capacidade para o teatro. En 1891 traduciu do catalán o poema de Rubio y Ors «A la memoria de Na Rosalía Castro de Murguía».

Carvalho Calero sitúa a Cabeza de León como poeta entre os que denomina «epígonos», autores que continúan, sen ningunha aportación esencial a obra dos Mestres do século XIX. Poetas que viron nacer o Modernismo na poesía castelá pero que non incorporan á poesía en galego nin o cosmopolitismo nin o parnasianismo ou o decadentismo dos modernistas. Cabeza de León fai unha poesía tradicional descritiva, costumista, sentimental ou de circunstancias con toques realistas e románticos. O semanario satírico *Café con gotas* critícao como poeta afirmando que é autor de romances que fan chorar. Aínda que a temática non aporta nada novo demostra que é un bo versificador o que se pode ver tamén na obra poética en castelán co cultivo de formas como o soneto ou a temática da elexía en ton elevado. Destaca polo cultivo da ironía e o humor no tratamento dos temas do gusto popular sobre todo no amoroso, e pola lingua rica e coidada. A temática relixiosa que aparece varias veces na poesía en castelán está ausente na galega.

O primeiro poema que aparece no libro *Primicias* é «A unha» de temática amorosa, de amores non correspondidos. O amante rexeitado no pasado, ri hoxe pola situación da amada sen amor e compara o seu interior cun «fangal»:

A unha
Inda me lembro ben daqueles días
que tanto supliquei,
mentras ti te bulrabas
do meu tolo querer.

Hoxe -¡tempo era xa! -mal que che pese
a min me toca rir,
ó ver como a color che vira, sempre
que pasas xunto a min.

Se eu fora vingativo ¡miña xoya!...
pero non temas, non;
ninguén ha de saber porque me río:
solo ti, eu e Dios.

E non falo daquel!.. ... ¿sabes? que tivo
a culpa do teu mal;
ese no ha de decilo, ¡pois non poden
os defuntos falar!

Vive tranquila, si; engana a eito
ós que levados pola limpa lus
dos teus ollos de ceo
crean na túa virtú.

E engana sin temer que che conozan:
¿quen ha de adiviñar
baixo a serea e transparente auga
o asqueroso fangal?

O segundo poema que aparece no libro é dedicado aAlberto García Ferreiro, director e propietario de *La Defensa de Galicia* onde Cabeza de León publicou traballos como «Regionalismo» en outubro de 1893. Fai aquí unha crítica social atacando a todos aqueles que falan moito e cando están no poder non fan nada. Ao final pide a Deus que nos libre desta xente ou que os faga nacer sen lingua:

A Alberto García Ferreiro
¡Canto falan, meu Dios, pra que sepamos
que no hay no mundo enteiro,
un povo máis filis que o noso povo,
que dende aquí... ó ceo!

Todos o mesmo son; mentras empuxan
pra botar ós de enriba,
soilo disgracias ven e falcatrúas,
soilo atopan morriña.

Mais dempois que alá chegan ..... ¡minha Virxe!
¡non che hay como el milagre!
acabáronse xa tódalas penas,
xa é rico o miserabre!

Todos falan, meu Dios, e soilo falan .....
¿cando sabrán os necios
deixar as súas parolas de maricas,
trocar ditos en feitos?

Libértanos, Señor, desta pauliña
de todas a máis fera;
¡e que á xeneración que agora nasce,
nasza, meu Dios, sin lengoa!

O terceiro poema do libro é un canto elexíaco pola morte de Rosalía de Castro. Deus enviou a un pobo galego morto este reiseñor para convertilo en grande e vivo. O reiseñor non pechou para sempre o seu pico, regresa a Deus cantando os encantos da terra galega:

Na morte de Rosalía de Castro
O parleiro reiseñor
que cos seus chíos docísimos
dou consolo ás nosas coitas,
e ás nosas bágoas alivio,
deixou de cantar pra sempre,
pra sempre pechou seu pico!
¿Habrase esquencido xa
da terra galaica que foi seu cariño?

Non: o doce reiseñor
non esquence o chan bendito,
que tantas veces cantou,
nin dos carballos e pinos
as valentes melodías,
as brandas cadencias, os ledos sospiros .....

Mandou-no Dios a esta terra
a insiñar do ceo os trinos,
e a trocar un povo morto
noutro povo grande e vivo.
E comprida a súa encomenda
chamou-no Dios, e ó seu niño
retornou o reiseñor
cantando da terra galaica os feitizos!

O poema catro, leuse na inauguración da estatua de Xovellanos en Xixón. Destaca esta figura nun tempo de reis parvos e o poeta agradece a Asturias o feito de enxalzar a este sabio, político honrado e poeta:

Xovellanos
¡Foi, abofellas, un home!
Nun tempo de reises parvos,
de menistros ben cativos,
de mancebas e de escravos:
naquel tempo de vergonzas
en que Luísas e Calros,
poñían a patria ós pés
de un Godoy, de un mal soldado,
tan soilo un antre todos,
tan soilo un antre tantos,
conservou súa frente limpa
e deixou seu nome honrado.
¡Ben fas en erguerlle estautas
Asturias, a Xovellanos!
Ben fas en honrar a quen
puxo teu nome tan alto,
que si outro honor non tiveras
bastárache ese gran sábeo,
pra ser un povo grorioso,
pra ser un povo invidiado.
Honrando-o a el, faste dina
das coroas e de os lauros
que hoxe teces pra o teu fillo .....
¡ben merece Xovellanos
eso e máis, pois todo é pouco
pra laudar seu nome craro!
¡Groria ó sábeo e ó poeta,
groria ó pulítico honrado,
que en todo tempo mostrouse
dino de ser asturiano!

Na publicación *Galicia* (1892-1893) aparece o poema «Falar craro» que recollerá *El Eco de Galicia* o 20 de maio de 1909. Estrutúrase na forma dun diálogo sen resposta do amante coa amada, laméntandose das mentiras que din del e recoñecendo como cousa normal a súa propia infidelidade:

Falar craro
¡Vaite, nena, cas túas
sabidurías!
¿Onde, diaños, deprendes
tanta mintira?
Eu non acerto
quen te mete na cholla
tales enredos.

Por máis que me devano,
non fago mentes
de quen tan mal, Carmela,
poida quererme.
E ti, rapaza,
¿pra que fas nunca caso,
desas argallas?

¿Quéresme, ou non? Pois boeno
baste de istorias:
deixa que os argalleiros
de envexa morran.
¿Non son bastantes
meus saloucos e bágoas,
pra te calmaren?

¿Quen che ha querer de cote
como eu che quero?
¿Quen ha de namorarte
con tanto xeito?
Ou, miña prenda,
xa sei que si che esquenzo
morres de pena.

¿Si te son fiel?... Ruliña
deixa esas lerias:
¿non me tes ó teu lado?
¿que máis desexas?
¿Pra que perguntas
o que no hei de decirche
de certo, nunca?

Diálogo do namorado con Xoana que non escoita as queixas de amor até que el nomea a Xan de Treza; agora o que cala é el. Tratamento irónico e humorístico como na composición anterior, neste caso trátase de amores non correspondidos. As dúas son composicións longas de versos curtos:

¡Bon remedio!
¡Canto me alegro Xuana,
de verche diante,
pois fai tempo que teño
queixas que darche;
e xa que atopo
ocasión tan directa
escoita un conto!
Non torzas o fociño
nin te esfurriques,
que anque fagas e fagas
ti has de oírme.
¡Demo ca nena!
¡Moito entende de bulras;
pouco de queixas!
O que quero decirche,
é que xa onte
supen que ti e outras tolas…
¿pero non oyes?
Mira non marches,
que por moito que corras
hei de pillarte.
Bueno, xa que te empeñas
vamos andando.
que anque sea ás carreiriñas
o conto oiralo.
Decía, Xuana ....
¡Carozo, como corres!
¡Rapaza, agarda!
Parecemos dous tales
mais non importa;
eu correndo e falando,
sigo coa hestoria;
e asi hastra a vila
correremos si queres,
por min no hay prisa.
Decíache que onte…
supen de certo…
pero xa, rapariga,
me falta alento.
¡Ti, polas trazas

canto máis dás ás pernas,
máis lista andas!
Pois mira; onte supen
que Xan de Treza ....
¡hola! ¿con que paraches?
¿xa non tés présa?
En che falando
de Xan; rayo, se escoitas!...
pero ahora calo.
Non te molestes, Xuana,
non hay hestoria;
nin a de antes nin esta;
primeiro tolla.
E a Xan de Treza
mamorias, e que teña
conta coas pernas.
Que si tras ti de cote
corre o mostrenco
como eu corrín, percisa
telas de ferro.
¡E adiós Xuana!...
Non me perguntes, nena,
non che sei nada.

No romance dirixido «Ó Señor Presidente do Círculo de obreiros de Santiago Excmo. Sr. Don Joaquín Párraga» felicita a súa chegada a Santiago con ironía e humor nun poema de circunstancias:

Romance
Ó Señor Presidente do Círcolo de obreiros de Santiago
o Excmo. Sr. D. Joaquín Párraga

Voste quizas nono crea
pro como hemos de morrer
andamos case que tolos
fai dúas somanas ou tres.
Todo se volve os obreiros
preguntar e responder
sobre a chegada que esperan…
xa vosté sabe de quen.
-Cando chega o Presidente
sabes ti? –Eu non o sei.
-Din que no mes de San Xoán?
-E que día? -O dezaseis
-Non, o vinte –o vintecatro.
-O sete. -O nove… Abofé

sistivérades calados
millor fora -dice Leis;
e Villar e mais Devesa
contéstanlle: -Razón tés;
ó fin por máis que berremos
no ha de vir máis pronto o tren
donde o Señor Persidente
chegue a Santiago. -Eso é
e ademais que pola arami
hemos todos de saber
o día fixo en que veña...
-¡Craro está!- ¿Pois a que vén
tanto demo de pergunta?
A calar. Veña o papel
que ensayaremos un pouco
na comedia.
E aquí ten,
señor Presidente, as falas
que temos dende… eu non sei
dende cando, pro non baixa
de dúas semanas ou tres.
No mundo ó fin todo chega
e chegou tamén vosté
a Dios gracias, con saudiña
e antre a alegría dos que
lle dan do fondo do peito
un feixe de parabéns,
saudos tan afeutuosos
como sabe, cen e cen,
e deséanlle mil anos
de vida, e canto quixer.
-¿Pedimos pouco? ¿E bastante?
Pois desimule vosté
tantas faltas; e licencia
lles rogo a todos, me den
pra votar un foguetiño...
Ahí vay... coidado: fuchss... ¡Pén!
pouco estalou, foi cativo
¿e como non, si vos e
do Monipodio?... Pois vaya
entón, un viva de ley.
¡Viva o señor Persidente!!
Este si que saleu ben.

Na publicación *Almanaque Gallego* de 1911 aparece un poema sen título que trata da infidelidade da amada a quen o amante encontra con outro, pero resólvese a situación con humor e ironía ao encontrar el consolo nos brazos doutras mulleres:

Eiquí é; nesta volta
que fai o camiño;
ó pé dese rudo cruceiro que ahí preto
amostra o seu Cristo;
un día chuvioso,
un día sombrizo…
falando de amores topeina con outro,
a aquela que centos de veces me dixo:
«nin tempo nin morte, podrán do meu peito
borrar teu cariño».


Daquela moi pronto
morrera eu de fixo,
senón atopara nos brazos das outras
consolos e alivio.

Rosalía de Castro foi un auténtico símbolo para os galeguistas así como tamén a casa de Castro de Ortoño convertida nun lugar simbólico na fundación do Seminario de Estudos Galegos. Como membro importante da Asociación Regionalista Gallega Cabeza de León participou activamente no traslado dos restos mortais de Rosalía de Padrón a Santo Domingo de Bonaval en Santiago. *La Patria Gallega*, órgao da Asociación Regionalista, dá conta pormenorizada de todo o que ten que ver co traslado e converte varios números da publicación nunha auténtica homenaxe á poeta: artigos en prosa, entre os que está o de Salvador Golpe en castelán «Honremos a los muertos» (nº 7), poemas de autores galegos, e tres poemas en catalán, un de Teodor Llorente «A la bona memoria de la poetisa Rosalía de Castro» (nº 5), o de Antón de P. Capmany traducido ao galego por Alfredo Brañas (nº 2), e o traducido por Cabeza de León.

Nunha curta obra poética o autor dedica tres poemas a Rosalía de Castro o que pon de manifesto a devoción pola súa obra, importantísima para a poesía galega e sobre todo polo valor que ten na liña social para o Rexurdimento e Galicia. A composición en castelán é un longo poema de versos de arte maior onde demostra aptitudes dun bo poeta. A traducción ao galego do poema de Capmany leva ao lado a versión orixinal, así podemos comprobar que, aínda que respecta a versión orixinal, segue manifestando a súa capacidade creativa con xiros orixinais e co dominio da rima e do ritmo dun poeta profesional.

Salvador Cabeza de León e Alfredo Brañas, os dous grandes líderes do rexionalismo, unían ao pensamento político o cultivo da literatura na lingua galega. Brañas, autor da obra *El regionalismo*, onde trata tamén de literatura, foi autor de poesía en galego. Cabeza de León, sempre ao servizo de Galiza e da causa rexionalista, cultivou a poesía en galego. Son dous poetas que están a finais do século XIX facendo unha poesía que segue os modelos decimonónicos sen cambios renovadores. O máis eminente da obra dos dous quizais non é a súa poética senón o traballo por restaurar a cultura galega, pero o facer

poesía en galego sen dúbida representa un aporte importante nese traballo. A lingua galega foi para eles apta para calquera actividade e así a utilizaron nos campos da oratoria, do ensaio, da ciencia, e da literatura de creación. Sería importante incorporar as novas correntes da poesía modernista á poesía galega, pero para eles era máis urxente regularizar o uso da lingua galega en todos os ámbitos, seguindo as palabras de Murguía: «Pobo que esquece a súa lingua é un pobo morto… O primeiro, a nosa lingua».



A LA MEMORIA
DE
NA ROSALÍA CASTRO
de Murguía

Ella passá pel mon
Com tortra viuda,
Cantant cansons de amor;
¡Mes ay, quan tristas!

Que l' amor que cantava
No era 'l de nina
Que viu lluny del aymant
Anyoradissa. —

Amor era de patria,
Patria escarnida,
Com de la patria gran
Si no fos filla.

A tal patria li escauen
Sob cansons tristas;
Tristas per só las canta
Na Rosalía.

Per só cada cansó
Del cor li eixía,
Brollant per cada vers
Llagrimas vivas.

Llágrimas que pel geni
¡Ay! recullidas,
Per escriure 'ls servianli
De amarga tinta.

Mes prom no ser aixis,
Si ella sabía
Que qui ab ella plorava
Era Galicia?

Galicia pelr qui ella,
Sa dolsa aymía,
Sa vida hauría dada
Per redimirla,

Galicia pels quals fills,
Ella sa filla,
Tot son cor tela á tela
Donat hauría.

Temps fa já que no plora
Na Rosalía.
De tant plorar que fega
Restá inarcada.

Mes, á Deu gloria dada
Per sempre sia.
Las qu' ella un jorn plorava
Llagrimas tristas,

Si á ella mort, donaren
Vida á Galicia;
¡Galicia ahí tan morta
Y avuy tan viva!

Be fa donch en teixirli
Llors á sa filla...
¡Son tant brillants las qu' ella
Li teixí en vida!

JOAQUIN RUBIÓ Y ORS.

Barcelona 18 de May de 1884.

TRADUCCIÓN AL CASTELLANO

A MEMORIA
DE
ROSALÍA CASTRO
de Murguía

Pasou po-l-o mundo
cal viuda rulliña,
cantando d' amores,
¡qué tristes cantigas!

Non eran amores
de probe xeniña
que lonxe do' nóivo
xalouca é suspira.

Amor fói de pátrea
de pátrea escarnida
cal si d' a outra pátrea
non fose unha filla.

A un póvo así compren
só tristes cantigas;
¡así son tan tristes
as de Rosalía!

As suas cancións
do peito xurdí
en bágoas bañadas,
de bágoas benchidas.

Bágoas que por ela
lógo recollidas,
pra escurrirlle suas coitas
inda Pe servían.

¡Cómo non, si ela
d' abondo sabía,
qu' o-qu' ela choraba,
chorab-o Galicia!

Galicia por quén
á sangue daría,
si á probe con ela
pódés ' redimila.

Galicia á quén tanto
tantó ela quería,
que déra ós gallegos,
gostosa a súa vida.

Xa fai que non chora
á probe rulliña
¡chorón tantas bágoas
que ficou marchita!

¡Mais groria á Dios demos!
ó pensto qu' un día,
á reo, sin tréguas,
chorou Rosalía,

Si á ela malón-na
dóu vida á Galicia,
¡Galicia onte morta
pró hoxe tan viva!

Bén fai en coroas
tecerlle á súa filla...
¡Brillan tanto ás qu' ela
tecéunos en vida!

TRAD. POR S. CABEZA

A la memoria de
NA ROSALÍA CASTRO de Murguía


Ella passá pel mon
Com tortra viuda,
Cantant cansons de amor;
¡mes ay, quan tristas!
Que l´amor que cantava
No era ´l de nina
Que viu lluny del aymant
Anyoradissa
Amor era de patria,
Patria escarnida,
Com de la patria gran
Si no fos filla.
A tal patria li escauen
Sob cansons tristas;
Tristas per só las canta
Na Rosalía.
Per só cada cansó
Del cor li eixía,
Brollant per cada vers
Llagrimas vivas.
Llagrimas que pel geni
¡ay! Recullidas
Per escriure ´ls servianli
De amarga tinta.
Mes ¿com no ser aixis,
Si ella sabía
Que qui ab ella plorava
Era Galicia?
Galicia pelr qui ella,
Sa dolsa aymía,
Sa vida hauría dada
Per redimirla.
Galicia pels quals fills,
Ella sa filla,
Tot son cor tela a tela
Donat hauría.

Temps fa ja que no plora
Na Rosalía,
De tant plorar que fega
Resta marcida.
Mes a Deu gloria dada
Per sempre sía
Las qu'ella un jorn plorava
Llágrimas tristas.
Si á ella mort, donarem
Vida á Galicia;
¡Galicia ahí tan morta
Y avuy tan viva!
Be fa donch en teixirli
Llors á sa filla…
¡Son tant brillants las que ella
Li teixí en vida!



Á memoria de Rosalía Castro de Murguía

Pasou polo mundo
cal viuda ruliña,
cantando de amores,
¡que tristes cantigas!
Non eran amores
de probe neniña
que lonxe do noivo
salouca e suspira.
Amor foi de pátrea
de pátrea escarnida
cal si da outra pátrea
non fose unha filla.
A un povo así cómpren
só tristes cantigas;
¡Así son tan tristes
as de Rosalía!
Así súas canciós
do peito saían
en bágoas bañadas,
de bágoas henchidas.
Bágoas que por ela
logo recollidas,
pra esquirbir súas coitas
inda lle servían.
¿Como non, si ela
de abondo sabía,
que o que ela choraba,
chorábao Galicia?
Galicia por quen
a sangue daría,
si a probe con ela
poidese redimila.
Galicia a quen tanto
tanto ela quería,
que dera ós gallegos,
gustosa a súa vida.
Xa fai que non chora
a probe ruliña
¡chorou tantas bágoas
que ficou marchita!
¡Mais groria aDios demos!
ó pranto que un día,
a reo, sin trégoas,
chorou Rosalía.
Si a ela matou-na
dou vida a Galicia,
¡Galicia onte morta
pro hoxe tan viva!
Ben fai en coroas
tecerlle á súa filla…
¡Brilan tanto as que ela
Teceunos en vida!



Salvador Cabeza de León nun retrato da Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela..

Herba Moura: a historia de tres *«sabichonas garabateiras»*

IRIS GEY LÓPEZ*

Sumario

El objetivo de este ensayo es proporcionar al lector una propuesta de lectura crítica sobre *Herba Moura*, una novela «intelectual» de éxito indudable en Galicia que reflexiona, de manera novelesca e incluso poética, sobre la concepción androcéntrica de la Historia y reivindica el derecho de las mujeres a escribir literatura desde una posición identitaria de género.

Si la Historia, con mayúsculas, la oficial, la que nos llega a los libros, es en realidad un conjunto de luces y sombras en el que brilla no el que quiere o puede, sino el que es electo, la autora de este libro, con sus palabras, escoge y ofrece luz a ciertos personajes relegados por siempre a la oscuridad. En definitiva, es una novela que hace visible el proceso de orfandad intelectual que han sufrido innumerables mujeres a lo largo de la Historia, una historia sobre el silencio.

Abstract

The aim of this essay is to provide the reader with a proposal for critical reading of Herba Moura, an 'intellectual' novel of undoubtful success in Galiza that reflects, in a novelistic and even poetic way, the androcentric conception of History, and it vindicates the right for women to write literature from a gender identity position.

If History, in capital letters, the official one, the one that comes to us from books, is actually a set of lights and shadows in which there shines not the one who wants or can, but the one who is elected, the author of this book, with her own words, chooses and brings light to certain characters that had been forever relegated to obscurity. It is definitely a novel that makes visible the process of intellectual orphanhood to which countless women have been submitted throughout History. It's just a story about silence.

Os homes pensan que son sabios porque eles
fixeron a medida da sabedoría

1. INTRODUCIÓN

O obxectivo deste ensaio é achegar ao lector unha proposta de lectura crítica sobre *Herba Moura*, unha novela «intelectual» de indubitábel éxito na Galiza que reflexiona dun modo novelesco e até poético sobre a concepción androcéntrica da Historia e reivindica o dereito da muller a escribir literatura desde unha posición identitaria de xénero.

Se a Historia, en maiúsculas, a oficial, a que nos chega aos libros, é en verdade un xogo de luces e sombras no que brilla non quen quere ou pode, senón o que é electo, a autora deste libro coas súas palabras elixe e ofrece luz a certas personaxes relegadas por sempre á escuridade.

---

* **Iris Gey López**, licenciada en Filoloxía Hispánica e Filoloxia Galega, por esta orde, na Universidade de A coruña, exerce como profesora de lingua galega e de lingua española onde lle deixan. Afeccionada ao piano, á deltioloxía (coleccionismo de postais) e á escritura (ou iso di), ten gañado algún que outro certame literario, sempre na modalidade de narrativa breve, e é frecuente vela nos bares da cidade herculina ofrecendo a súa voz aos comensais, con maior ou menor éxito.

Embora non sexa unha novela histórica, pois non é fiel a unha realidade que nunca é real, *Herba Moura* dignifica, como veremos, unha serie de feitos e personaxes que, se existiron, nada se soubo deles e, de non existir, ben poderían ter existido ou acontecido.

O título escollido para este ensaio non é casual. A obra está protagonizada por tres esencias femininas invisíbeis nun mundo totalmente masculinizado. O termo «sabichona», que remite ineludibelmente á obra *Les femmes Savantes*, de Jean-Baptiste Poquelin Molière, emprégoo entre aspas para me referir ás palabras dos homes que actúan na novela coma pano de fondo e opinan sobre as aspiracións intelectuais das mulleres que a protagonizan. É esta, por tanto, unha novela que conta ou fai visíbel o proceso de orfandade intelectual ao que se viron sometidas infinidade de mulleres ao longo da Historia. Apenas unha historia sobre o silencio.

2. A AUTORA

María Teresa Moure Pereiro, máis coñecida na Galiza coma Teresa Moure, naceu en Monforte de Lemos (Lugo) en 1962 e é na actualidade profesora de Lingüística na Universidade de Santiago de Compostela. Alén de novelas coma *A xeira das árbores* (Premio Lueiro Rey 2004 e Premio San Clemente 2005), *Herba moura* (Premio Xerais de Novela 2005, Premio Irmandade do Libro á Autora do ano 2005, Premio da Asociación de Escritores en Lingua Galega 2005, Premio Benito Soto á mellor novela do ano 2005 e Premio da Crítica Española 2005), *Benquerida catástrofe* ou *A intervención*, ten escritos tamén ensaios de sociolingüística nos que critica duramente tanto os intereses ideolóxicos da globalización coma o pensamento único, demostrando un verdadeiro compromiso coas linguas minorizadas, a nación (*Outro idioma é posible*, *O natural é político)* ou o pensamento ecofeminista (*As palabras das fillas de Eva).* No 2007 obtivo o premio Rafael Dieste pola súa peza dramática *Unha primavera para Aldara*, levada a escena por Teatro do Atlántico, e recoñecida co premio María Casares ao mellor texto orixinal 2009 e co Premio AELG 2009 a texto teatral. No eido da literatura infantil e xuvenil publicou o conto *Eu tamén son fonte* (2008), ilustrado por Leandro Lamas, e *A casa dos Lucarios*

A súa novela *Herba moura*, da que falaremos a continuación, foi un grande éxito de público e crítica e traduciuse a cinco linguas europeas. Na actualidade, segue aparecendo nas listas como un dos libros máis vendidos en galego.

3. *HERBA MOURA*: UNHA NOVELA DE TESE

Herba Moura é unha obra que, como acontece cos bos libros, é difícil de definir e até de contar; non tanto pola súa complexidade temática como pola súa heteroxeneidade estrutural ou a súa fondura psicolóxica. De feito, non sería errado considerármola unha novela psicolóxica tendo en conta que os pensamentos das protagonistas configuran en boa parte a obra; ou unha novela histórica ou biográfica, pois a trama xira en torno á figura do filósofo Renée Descartes. Tampouco iriamos desencamiñados ao nos referir a ela como novela epistolar, xa que desaparece o narrador como tal e xorde, en troques, a figura da descubridora e compiladora de cartas encarnada na estudante de doutoramento Einés Andrade. Do mesmo modo, a etiqueta de novela social resultaría acaída, pois é posíbel distinguirmos unha protagonista colectiva, que acha nas figuras femininas (Einés, Hélène e Christina) tres locutoras *ad hoc.*

As posibilidades de definición segundo o aspecto no que nos queiramos centrar son, como estamos a ver, moitas. No entanto, unha vez lida a novela, o lector decatarase de que o que destaca non é a trama, nin tan sequera a profundidade psíquica das personaxes (que é moita), senón a actitude ou o posicionamento ideolóxico da autora que agroma nas voces das protagonistas para fiar unha argumentación en toda regra a favor do status simbólico da muller. É por iso que tamén podemos referirnos a ela como unha novela de tese.

Como argumentación, *Herba Moura* (obra poética, ensaística, filosófica, romántica, pero sen caer no sentimentalismo, de boticario, incluso) supón unha crítica contra un proceso de invisibilización cultural e incluso existencial da muller ao longo da Historia. O discurso das tres voces femininas que protagonizan a novela non debe interpretarse, por tanto, coma un canto individual, como nos pode facer crer nun primeiro momento a organización por seccións do libro (*Christina de Suecia*, *Hélène Jans*, *Elas, das que tanto se fala* e *Einés Andrade*), senón coma un berro colectivo fiado pola narradora protagonista Einés Andrade, da que falaremos máis adiante. Como acontece coas personaxes das obras de Rosalía de Castro, hai aquí, en definitiva, certa vontade de solidariedade co lector. Estamos perante tres solitarias solidarias, tres mulleres que non son «tipos», personaxes illadas, casuais e vítimas das súas propias decisións ou emocións, senón vítimas dunha sociedade castradora e recalcitrante que impón ás mulleres un modelo de conduta social.

Como consecuencia deste modelo de imposición patriarcal, as protagonistas, movidas nada máis que polo azo da súa intelixencia, tentarán vivir a súa vida baixo o motor da rebelión. Será esta unha rebelión persoal, interior, (aquí si) solitaria, desprovista de calquera apoio mediático ou institucional, unha rebelión que collerá forma só a través da escritura, dunha escritura íntima e cotiá recollida en cartas.

Neste sentido, non é casual a escolla do formato epistolar por parte da autora. Este xénero foi desde sempre definido como feminino, non tanto pola facilidade que ofrece á hora de expresar o íntimo como por ser a única forma de expresión literaria con que contaron moitas mulleres ao longo da Historia (Arriaga Flórez. 2005: 74). Así, mentres que en moitos casos as cartas dos escritores posuíron un valor auxiliar e documental con respecto á súa obra, as das escritoras constituíronse en moitos casos directamente como obra, como a única forma de expresión literaria posíbel.

A distinción entre carta (como forma de escritura cotiá) e epístola (como forma de escritura literaria,) é, como vemos, neste sentido crucial: nin toda carta chega a ser obra, nin toda persoa que escrebe unha carta chega a ser un autor. Porén, non afondaremos aquí nos requisitos que debe cumprir un texto para se considerar literario nin nas propiedades da literatura como evento comunicativo[1], pois ese é un tema que se afasta dos nosos intereses, mais si convén remarcar o seguinte: a escritura (principal protagonista desta novela que é tamén metanovela) das tres personaxes femininas que integran *Herba Moura* está situada fóra dos circuítos oficiais malia teren as súas autoras a vontade e as capacidades necesarias para se instalar neles. Só Einés, única personaxe feminina do libro enxertada nun marco temporal actual, ten a oportunidade de resituar a súa escrita no ámbito do académico, mais renunciará a este privilexio por lealdade ao seu sexo: a estudante,

1 Para profundizar nestes temas pódense consultar as lecturas *Entre filosofía y literatura*, de M. Foucault, *Pragmática de la comunicación literaria*, de Teun A. Van Dijk ou *Cartas*, de Patrizia Violi, debidamente insertas na bibliografía final.

contravindo o seu tutor, mudará por completo a liña temática da súa tese, pasando dun enfoque plenamente androcéntrico, baseado na figura central do filósofo Descartes, a unha perspectiva xinocéntrica, orientada cara o estudo das mulleres que fixeron de Descartes o filósofo que coñecemos hoxe en día. Isto valeralle a total expulsión do sistema, tal e como ela aclara ao final do libro:

> Eu, Einés Andrade, compuxen esta historia para quen a quixese ler (...) Ao escribir fracasei no meu proxecto. Non serei nunca doutora en filosofía e abofé que o lamento, que sería un posto moi reivindicativo, no que podería escintilar co meu propio brillo, amais de apampar aos asistentes a congresos que buscasen un especialista en metafísica ou en ontoloxía enarborando o xénero feminino. Como teño que gañar a vida, acabo de pedir un crédito. Vou poñer unha herboristaría e conseguir que o arrecendo de Hélène se expanda polo mundo, a ver se varremos dunha vez o cheiro a carne queimada que aínda nos persegue dende a súa morte. (p. 440)

Este proceso de invisibilización obriga as protagonistas do libro a un exilio forzado, xa non só intelectual ou existencial, senón tamén físico. Un exemplo achámolo na decisión da raíña Christina de Suecia de abdicar ao trono e marchar, así, *xenerosamente, da historia, onde podía figurar como a espléndida, auténtica raíña modelo, que fixera da súa corte un templo de sabedoría.*

Estas renuncias, a de Einés ou a de Christina, non deben ser interpretadas, porén, como caprichos ou debilidades de dous espíritos febles, senón todo o contrario.A constante meditación sobre a súa condición feminina, sobre as expectativas que hai depositadas nelas, nada acordes coas que teñen marcadas para si e, sobre todo, a reflexión sobre un código de comportamento feminino que se lles amosa en todo momento tiránico é o que as move a desertar para alcanzar, ao fin, certo grado de liberación persoal, tal e como revelan as seguintes liñas: *Que Christina decidira desaparecer... Chegáralle o tempo de ser, por fin, ela dunha vez.* Velaquí a verdadeira crítica da novela: a emancipación real da muller reside na total renuncia dos seus privilexios sociais.

Algo que é crucial no libro e que contribúe sen lugar a dúbidas a xerar ese ambiente de opresión que asolaga as protagonistas é a constante referencia a unha estereotipia feminina completamente caduca, que toma sempre o masculino coma referente:

> (...) resulta difícil saber se se trata dun home ou dunha muller (...) Non hai reberetes nin volantes que denuncien a dama polo bordo inferior do traxe [...] con semellantes pensamentos, diríase que é un home, que a cabeza dunha muller, xa se sabe, é máis propicia a adornos cá pensamentos, sobre todo se son serios e profundos coma estes. (p. 11)

> É unha muller, non cabe dúbida. E,no entanto, está a ler, E non le relato de amores nin versos procaces, que le unha obra médica (...) Raro é que non ande na fonte a latricar, ou no mercado a rexoubar (...) É unha muller lendo. Tranquilamente, lendo. E logo... será bruxa? Chámase Hélène. (p. 116)

A autora xoga nestas dúas descricións cos tópicos do (que se supón é) feminino e masculino pondo para iso en boca da narradora-protagonista os preconceptos máis frecuentes. A información implícita, as presuposicións e as implicaturas que se extraen dos seus enunciados logran non tanto confundir ao lector sobre a natureza (física, psíquica

e até sexual) das personaxes coma facerlle reflexionar sobre a pertinencia ou adecuación deses clixés na actualidade.

Mais, alén do que puidera parecer, o libro non amosa trazos do discurso prototipicamente feminista. O lector non atopará no libro grandilocuentes discursos militaristas a prol da muller nin heroínas dispostas a se enfrontar violentamente contra a orde establecida; só tres mulleres, tres esencias femininas perfectamente debuxadas deste todos os planos humanos posíbeis tentando encontrar un oco nun mundo que se lles presenta hostil, totalitarista e antinatural. Seguindo coa idea de *Herba Moura* como argumentación, podemos ver, de feito, nestas tres mulleres os argumentos cos que a autora se presenta para rebater a tese da segregación cultural levada a cabo durante séculos por unha sociedade centralizada e patriarcal, unha sociedade que impón unha serie de roles sociais e condena, en consecuencia, o distinto ou ambiguo a unha situación de desamparo e exclusión:

> (...) Mais unha figura tal que esta que se ve hoxe en Stortorget é indefinible, independente, e iso faina molesta. A figura, como sentíndose pouco aceptada polos viandantes, escasos xa a esta hora, vólvese e comeza a andar. (p. 12)

Podemos concluír este apartado suxerindo a presenza dunha contraargumentación na novela fiada sempre pola autora deste libro. Teresa Moure aproveita o seu status de persoa visíbel nos circuítos académicos e rescata a través da personaxe de EinésAndrade a figura de dúas mulleres, Hélène Jans e Christina de Suecia, devolvéndolles así unha presenza escénica roubada xa desde antigo.

4. O TÍTULO: *HERBA MOURA, HERBA DONA, HERBA DE SANTA MARÍA OU UVAS DO CAN*

A elección do título para a novela non é casual. Herba moura (*solanum nigrum*), tamén chamada herba dona, de Santa María, tomate bravo ou uvas do can, é o nome dunha planta que, dependendo da dose administrada, pode chegar a ter propiedades curativas ou tóxicas. Ignorando ou descoñecendo as calidades positivas, na Galiza ten moi mala sona, sendo coñecida principalmente coma planta velenosa. No libro non é mencionada até o final e o seu nome é empregado da man de Einés Andrade para facer unha invitación á vida:

> Aproveitade, pois, o día, e tomade a lectura cunha infusión de framboesa á que debedes botar unha man de herba moura, unha herba de bagas negras que chaman tamén nalgúns lugares tomate bravo e noutro uvas de can, que calma as dores, que é canto podemos facer nesta vida, adormecer a dor, e aproveitar de ter, como a herba moura, mala reputación para facer que as noites de lecer duren máis cos días de traballo. (p. 442)

O nome de «herba moura» é, por tanto, un signo polisémico na novela, que serve tanto para se referir a unha planta como para ilustrar a modo de metáfora a representación social da muller ao longo da Historia (volúbel, tóxica, de mala reputación). Para alén disto, a autora recontextualiza o signo, dotándoo de propiedades positivas e convérteo xa nun símbolo da liberdade humana.

5. UNHA ESTRUTURA FEMININA. ESTRUTURA DE *«PATCHWORK»*

Se reparamos na portada do libro publicado pola editorial Xerais vemos un retallo de tea feito coa técnica do *patchwork*, unha forma de costura ou de arte exclusivamente

feminina que consiste en unir pequenos anacos de tea formando un deseño concreto. Téndomos en conta que *Herba Moura* presenta, como veremos, diferentes niveis de *deseño ou de construción*, tanto a nivel interno como externo, esta imaxe de «sinfonía» ou composición téxtil resulta de todo acaída.

Canto á estrutura interna, xa dixemos que as relacións sociais entre as personaxes históricas do libro (Hélène Jans, Christina de Suecia ou Descartes) teñen lugar a través dunha serie de intercambios epistolares. En certo modo, cada unha destas intervencións son retrincos textuais, anacos discursivos que a estudante de doutoramento EinésAndrade recolle para *remendar* a súa propia historia persoal e tentar ampliar a Historia oficial vertendo luz sobre certos aspectos descoñecidos da vida do filósofo René Descartes. Cómpre destacar que polo seu status de estudante de doutoramento, Einés (*alter ego* da propia autora[2]), ten en principio a oportunidade de dar rigor científico e lexitimar moitos dos retallos da historia natural desvencellados da Historia oficial[3] mais, como xa aclaramos, o seu obxectivo lexitimador queda truncado e pasa a se converter nunha repudiada do sistema: Einés sofre un proceso de orfandade intelectual que empezan xa a tomar forma nos diálogos co seu director de tese, Miguel:

> Si te escoito, Einés, mais non quero que a tolemia esa que che entrou, que soa a feminismo cutre, leve todo por diante (...) É interesante que teñas os datos que calquera pode atopar en Internet mais iso de rescatala do esquecemento... De que esquecemento? Pódesmo dicir? A boa da muller pariu un fillo de Descartes, non? Pois vaian os meus parabéns para ela mais... dende cando iso é un mérito académico (...) Nós facemos fi-lo-so-fi-a, fi-lo-so-fí-a. (p. 409)

> Estou vendo os titulares: «Princesa sueca fríxida atopa príncipe azul na forma de filósofo mundano.» Como investigadores imos cubrirnos de gloria, non é?... Einés, Einés... Estás de brincadeira comigo ou que? (p. 427)

Estes diálogos entre dous personaxes desde todos os puntos de vista antagónicos (el: home, cun capital simbólico importante no eido da investigación; ela: muller, subordinada ao poder simbólico que rexenta Miguel) teñen unha relevancia capital na novela, pois non só se produce neles un enfrontamento entre o feminino e o masculino, senón tamén entre a historia natural (da que Einés é agora portavoz) e a Historia, con maiúsculas, oficial; un enfrontamento entre o que podería ter sido e o que sen ningunha dúbida xa é.

Canto a estrutura externa, o *patchwork* discursivo faise patente nos seguintes aspectos:

1. Hibridación textual. A heteroxeneidade de discursos resulta evidente na novela. A autora dedica capítulos enteiros a poemas (*Diario poético de Einés Andrade*), tratados ou ensaios filosóficos (*Máximas morais da raíña Christina de Suecia, fragmentos da Lingua nova et universalis*), receitas (*Libro de mulleres de Hélène Jans* ou a *Libreta de receitas para o Servizo Social da Srta. Olaia Pereiro*), mails, cartas, simulacións de

2 A información que a autora verte sobre si mesma na *Biblioteca Virtual Galega* coincide coa descrición da personaxe de Einés.

3 A historia natural é aquela que sucede, que está ao marxe da vontade de calquera escriba ou portavoz, mentres a Historia (con maiúsculas) é un conto que depende da subxectividade dun narrador que case sempre se nos presenta como masculino.

conversa oral, etc, converténdoa nun produto híbrido, difícil de definir, como diciamos ao comezo deste ensaio, e, por iso, infinitamente rico.

2. A polifonía. A sinfonía de voces é outro dos aspectos a destacar. As voces das protagonistas son os fíos cos que se tece a novela: entran en escena primeiro en solitario e logo vanse misturando nunha harmoniosa conversación dirixida sempre por Einés, que é a encargada, desde o plano da historia, de manufacturar o tecido novelesco.

Esta disposición heterofónica (Bajtín. 1982: 194)) e multitextual é ordenada pola autora mediante a creación de diferentes seccións e capítulos. Posto que a novela é, en si mesma, un traballo de recolección da propia Einés, estes capítulos e seccións teñen certa autonomía discursiva, mais están enlazados entre si polo propósito compilador da estudante. Temos catro seccións segundo a focalización das personaxes:

2.1. Christina de Suecia. A historia xira en torno a raíña Christina de Suecia e a súa relación con Descartes, malia acharmos tamén varios capítulos dedicados ás receitas da parteira e tamén «meiga» Heléne Jans. No entanto, a voz de Einés como narrador-protagonista emerxe en moitos dos títulos, resaltada nestes casos tipograficamente en cursiva («Do *Libro de mulleres de Hélène Jans* Herba chamada milenrama ou milfollas, herba da rula ou herba dos carpinteiros (Achillea Millefolium)»), e nalgunhas anotacións furtivas que adquiren importancia capitular («Apuntamentos de clase da estudante universitaria Einés Andrade»).

Un aspecto relevante nesta primeira sección é a disposición das receitas de Hélène Jans, pois non parece haber aleatoriedade (polo menos, non sempre) e si certa conexión temática entre a historia principal e elas. Así, por exemplo, cando Christina de Suecia empeza a manifestar os primeiros síntomas de namoramento polo seu convidado, o filósofo Descartes, Einés acrecenta no capítulo seguinte unha receita de Hélène para facer solimán e conseguir, así, atraer os homes.

2.2. Hélène Jans. Nesta sección cóntasenos a vida da parteira, a súa relación con Descartes e a tráxica morte da filla de ambos, Francine, a mans da enfermidade. Inclúense, ademais, intercalados algúns dos poemas do *Diario poético de Einés Andrade* e os primeiros datos sobre a *Lingua nova et universali*s do filósofo René Descartes. A conexión temática entre as palabras de Hélène e os versos da estudante resulta evidente: a existencia dun «nós» feminino e solidario é palpábel nalgúns dos poemas, que están pertinentemente inseridos na trama principal:

> Se alguén nos puxese unha fita baixo os pés,
> unha fita rodante,
> como nas fábricas dos tempos modernos,
> nós, as mercadorías, poderiamos
> ser convenientemente expostas,
> manipuladas
> ofrecidas á mirada allea,
> impudicamente.
> E, por riba da fita, xirariamos en
> círculos concéntricos, espiral eterna
> caracol encaracolado
> e pasariamos, outra vez, polos camiños xa andados.
> E recuperariamos a inocencia. (p. 178)

2.3. Elas, das que tanto se fala . Suxestivo título o da terceira sección que nos leva a formulación do seguinte apotegma: «... E das que tan pouco se escrebe».

Estamos xa ante un diálogo en toda regra. Dunha individualidade discursiva, manifesta na concreción dos nomes das protagonistas (Christina de Suecia, Hélène Jans) viaxamos cara unha pluralidade («Elas») que presaxia xa a existencia dun encontro: a raíña Christina de Suecia, morto xa Descartes e decatándose da influencia que Hélène Jans exercera sobre el, vai na procura desta a lle pregar que continúe o labor de redacción do tratado de *De Lingua Nova et Universalis* que o filósofo esbozara cando aínda estaba vivo. Deste feliz encontro xurdirá unha relación de fervorosa admiración intelectual entre ambas mulleres, próxima ao amor, que terá lugar por medio de cartas. Nesta sección achamos tamén a Carta do filósofo alemán Leibniz á princesa Sofía Carlota, reformulada pola propia Einés no seu libro coma «*(ou de como Hélène Jans engade aos seus múltiples oficios o de preclara vidente de profecías que se cumpren a si mesmas)*». A sección remata coa intervención dun outro protagonista esencial, Miguel, o titor de Einés, que apunta sobre o labor investigador da súa doutoranda o seguinte: Ela, coa súa ignorancia que é sempre tan atrevida, ousou colocar na marxe, con rotulador violeta, a seguinte incomprensible mensaxe: «Benditas as princesas todas que no mundo teñen sido.» Se se deixase de xogar a detective e redactase sequera un relatorio para o próximo congreso de racionalismo! Decididamente, teño que falar con ela. Vou apuntar na axenda: «Solventar o caso Einés.» M. V. (p. 307)

2.4. Einés Andrade. Conta a historia persoal de Einés desde o seu nacemento até a súa renuncia como investigadora de Universidade. Comeza cun feito histórico destacábel, a chegada do home á Lúa, suceso que serve tanto para marcar o contexto extralingüístico no que se está a inserir a narración como para expor o problema da invisibilización histórica da muller:

> «(...) o contrario có Armstrong ese, que mentres el pisaba a Lúa, a saber cantas mulleres no mundo estarían parindo, e con iso daban pequenos pasos para a humanidade». (p. 314)

É, quizais, a sección máis relevante desde o punto de vista da acción narrativa, xa que axuda á descodificar todo o tecido novelesco anterior: o lector sabe ao fin quen é Einés e con este descubrimento a novela é xa reinterpretada coma un diario persoal e non coma un conxunto de retrincos textuais isolados.

Os momentos narrativos de máis intensidade son os protagonizados por Miguel, o titor de doutoramento de Einés, e a propia Einés, relevantes para ilustrar o conflito que dá sentido á obra: el é o portavoz da Historia oficial, o encargado de reproducir e de que se reproduzan os mesmos esquemas masculinizantes no ámbito académico. Ela, tras unha serie de descubrimentos persoais, autoproclámase voceira da historia natural. El di que está a abandonar todo por facer «literatura de mulleres». Ela que vai deixar todo por escribir literatura feita por unha muller.

6. AS PERSONAXES: «ELAS» E «ELES» EN *HERBA MOURA*

Para abordar o tema das personaxes en *Herba Moura* temos de facer unha separación crucial entre dous universos que entran en conflito: por un lado están «elas» (Christina de Suecia, Hélène Jans e a propia Einés Andrade), esencias femininas que loitan en solitario para conseguir certa visibilidade no mundo da cultura; por outro, «eles» (Descartes e

Miguel), homes situados no que o estudoso e crítico latinoamericano Ángel Rama (1983) deu en chamar «cidade letrada», un espazo simbólico habitado por un conxunto de cultos e intelectuais que subalterna calquera forma de expresión artística ou cultural nacida á marxe dos seus dominios, privándoa, así, xa non só de protagonismo histórico, senón tamén de participación sociocultural. Esta xurisdición masculina ten dúas vertentes na novela: por unha parte, Miguel, tutor de Einés, home pusilánime desde todos os planos humanos posíbeis, atractivo e fanfurriñeiro, deslexitima constantemente a decisión de Einés de mudar a dirección da súa tese; esta mostra de violencia simbólica suporá, como sabemos, a morte académica da estudante. Por outro lado, temos o filósofo René Descartes: home volúbel, feble de espírito, escorreguizo, incapaz de afrontar as responsabilidades que lle impón a vida. Malia non ter apenas presenza escénica na obra, a súa relevancia é capital, pois é o motor das redes sociais que se suceden na novela: sen el non tería existido o encontro entre Hélène Jans e Christina de Suecia, tampouco os debates entre Miguel e Einés, non se sabería nada (ou menos aínda do que se sabe) da que gobernou Suecia alá polo 1640, nin da existencia de Hélène Jans. En definitiva, sen el o libro do que estamos a tratar, tese frustrada, persoal, da xa non doutoranda Einés Andrade tampouco tería tido lugar. É a súa, por tanto, unha importancia de fondo, estrutural.

As vidas das tres protagonistas da novelas están, como estamos a ver, inseridas nun mundo de homes. O universo masculino delimita por completo a súa liña de acción, converténdoas nun «infinito singular», termo acuñado pola antropóloga Patrizi Violi para designar a posición social da muller ao longo da Historia: o singular destaca, non é anónimo coma o plural, hai sempre un eu definido fronte un eles que se difumina, unha esencia concreta (Christina de Suecia, Hélène Jans ou Einés Andrade) sobre a que se verten todas as miradas. A consecuencia desta diafanidade escénica é sempre unha valoración constante, a demarcación pexorativa sobre unha esencia que, en vez de se querer diluír nun todo masculino decide escoller un outro vieiro de reafirmación identitaria.

BIBLIOGRAFÍA

ARRIAGA FLÓREZ, Mercedes (2005): «Epistolarios en Italia: un punto de vista teórico sobre un género femenino». En *Epistola i literatura.* Denes, Alicante-Valencia: .
BAJTÍN, Mijaíl (1990): *Estética de la creación Verbal*. Siglo XXI, México.
BOURDIEU, Pierre (2000): *Cosas dichas.* Gedisa, Barcelona.
FOUCAULT, Michel (1994): *Entre filosofía y literatura.* Paidos, Barcelona.
MOURE, Teresa (2005): *Herba Moura.* Xerais, Vigo: .
RAMA, Ángel (2009): *La Ciudad letrada.* Fineo, Madrid.
VIOLI, Patrizia (1991): *El infinito singular*. Cátedra, Madrid.

Unha proposta de lectura de *GRUPO ABELIANO*

MARÍA GARCÍA GONZÁLEZ*

Sumario

El objetivo del presente trabajo es acercarnos a la novela titulada *Grupo abeliano*, del escritor gallego contemporáneo Xosé Cid Cabido. Después de un breve recorrido por la 'bio-bibliografía' del autor, iniciamos el estudio de la obra analizando los elementos paratextuales, así como la estructura externa y la estructura interna. Dentro de esta examinaremos la modalidad narrativa, las unidades narrativas, los personajes y, por último, el espacio y el tiempo. De esta manera, ofrecemos un análisis sintético, aunque lo más preciso posible, de una de las obras más atrevidas, por su peculiar forma de narración, de la literatura gallega contemporánea.

Abstract

The purpose of this article is to approach the novel entitled *Grupo abeliano* of contemporary galician writer Xosé Cid Cabido. After a brief tour of the bio-bibliography of the author, began the study of the novel analysis of paratextual elements, through the external structure until you reach the internal structure. Within this, we will put attention on the narrative mode, in the narrative units, the characters and, finally, in space and time. By this way, we offer a synthetic analysis, although as precise as possible, one of the most daring work, by their peculiar mode of narration, of contemporary Galician literature.

0.

O obxectivo deste artigo é achegármonos á novela titulada *Grupo abeliano* do escritor galego contemporáneo Xosé Cid Cabido. Tras un breve percorrido pola 'bio-bibliografía' do autor comezamos o estudo da obra analizando desde os elementos paratextuais, pasando pola estrutura externa, até a estrutura interna. Dentro desta deterémonos na modalidade narrativa, nas unidades narrativas, nos personaxes e, por último, no espazo e no tempo. Deste xeito, ofrecemos unha análise sintética, aínda que o máis precisa posíbel, dunha das obras máis atrevidas, pola peculiar forma de narración, da literatura galega contemporánea.

1.

Xosé Cid Cabido (Casasoá- A Limia, Ourense, 29 de decembro de 1959) é un narrador e autor dramático que posúe unha das voces literarias máis singulares dos últimos anos. Estuda o bacharelato na cidade de Vigo onde principiará unha intensa actividade política no seo da UPG, PGP e Galicia Ceibe até 1983. Na actualidade traballa como editor nunha editorial viguesa, alén de participar nalgunhas revistas e xornais como *Diario 16 de*

*** María García González, de Oleiros (A Coruña), é licenciada en Filoloxía Galega e Filoloxía Hispánica pola Universidade da Coruña.**

Galicia, *A Nosa Terra* (onde conta cunha columna de opinión semanal) ou *Espiral* e de exercer circunstancialmente como redactor e guionista de programas de televisión para a TVG.

Ofrece unha apreciábel obra literaria marcada tanto pola súa imaxinación narrativa como por unha especial intuición para dosificar habilmente e inxerir o absurdo e o sorprendente no relato do máis cotián e habitual, características máis salientábeis da súa prosa.

Así pois, publicou *O intercepto* (1986), un conxunto de relatos de sorprendente calidade e habilidade técnica para un autor daquela aínda primerizo. A este libro seguiríalle *Foumán* (1987), novela gañadora do Premio Café de Catro a Catro de novela curta en 1987; exercicio literario que se constrúe a través da progresiva superposición de diferentes planos narrativos. A continuación, daría a coñecer *O camiño de Middelharnis* (1988) onde, de novo, entrecruza distintos fragmentos, agás unha primeira parte de baseamento onírico en procura do valor e do significado do absurdo. Tres anos despois publica *Días contados* (1991), Premio Cidade de Lugo, un conxunto de doce relatos homoxéneos e de coidada estrutura que sitúan definitivamente o seu autor no eido dos narradores contemporáneos que contan con máis éxito e fortuna crítica. *Panificadora* (1994), Premio Blanco Amor, é unha ficción literaria que, baixo unha aparencia irónica e despreocupada, céntrase na problemática do capitalismo nas relacións laborais e nas distintas presións que sofren os traballadores na grande empresa. Acércase ao xénero teatral en colaboración con Andrés A. Vila coa obra *Copenhague*, Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais en 1992, brillante sátira marcada pola espontaneidade e o xogo literario que persegue dar a coñecer unha tendencia literaria denominada «evidencialismo». Vinculado ao eido do seu labor profesional foi responsábel da coordinación do volume *Luís Seoane 1910-1979. Unha fotobiografía* (1994). De seguido sairía do prelo un conxunto de relatos titulado *Oralmente pola boca* (1997). En 1999 publica a obra obxecto do noso estudo, *Grupo abeliano*, gañadora ese mesmo ano do Premio Blanco Amor de narrativa. Comezado o século XXI, sae do prelo outro conxunto de relatos, *Fálame sempre* (2003). *Blúmsdei*, publicada en maio de 2006, é unha novela narrada en primeira persoa onde se diserta sobre lingua e literatura galega. A súa última novela publicada é *Unha historia que non vou contar*, do ano 2009, na cal hai unha reflexión metaliteraria sobre as posibilidades e limitacións do escritor á hora de se achegar aos materiais literarios debido á falta de perspectiva pola inmediatez dos feitos narrábeis.

2.

A estrutura alxebraica abstracta definida nun conxunto que teña unha operación (lei de composición interna) cuxas propiedades sexan: asociatividade, existencia dun elemento neutro e existencia de elemento simétrico ou inverso, e que, ademais, cumpra a propiedade asociativa chámase *grupo abeliano.*

O título do noso libro pode levar a engano a un lector carente de coñecementos matemáticos. Saberá que é un grupo, mais descoñecerá o significado do nome adxectivo que o acompaña. Iniciada a lectura atoparáse cun conxunto de persoas (grupo) perfectamente unido cuxas decisións son sempre unánimes sen necesidade de debate ou discusión. Mais non haberá ningunha referencia ao suposto nome adxectivo. Só despois da súa procura nun manual ou dicionario entenderá que ten unhas propiedades matemáticas perceptíbeis no conxunto de persoas da historia.

Deslindado o significado do elemento paratextual, analizaremos a continuación a estrutura da obra, tanto a externa como a interna. Atendendo á primeira, o material narrativo

dispónse en sete capítulos. Esta distribución non é produto do azar, senón que ten unha correspondencia directa co tempo da historia, como veremos máis adiante.

Ao analizarmos a estrutura interna deterémonos, por unha banda, no narrador, nas unidades narrativas e nos personaxes e, por outra banda, no espazo e no tempo.

Nesta obra asistimos ao testemuño anónimo dun «eu» que conta en primeira persoa as accións acometidas por un grupo de persoas do que el é parte integrante. Así pois, temos un narrador que aparece como observador, contando o que fan os demais membros do grupo, describindo aos distintos personaxes que interveñen na historia, etc. e como protagonista, xa que participa directamente nas actividades do conxunto, como evidencia o emprego da primeira persoa do plural *falamos*, *solicitamos*, *sentámonos*, *vimos*, *estabamos*. Voz, visión e personaxe fúndense ao longo de toda a novela.

As unidades narrativas correspóndense con cada un dos sete capítulos, dado que, como veremos ao falarmos do tempo, cada episodio está en relación cun día e cuns acontecementos diferentes. Así, teremos sete secuencias principais dentro da globalidade da acción. A continuación analizaremos de forma esquemática e precisa cada un deses capítulos.

O capítulo primeiro reúne todos os aspectos caracterizadores da novela. Sitúanos xa nun espazo, Goberno Civil, e nunha acción. Trátase dun comezo *in media res*, xa que inicia a narración nun momento posterior ao do inicio da acción, *Solicitamos audiencia co gobernador [...]*. Este comezo anticipa o carácter secundario das descricións dos personaxes principais da historia, de xeito que só serán caracterizados os personaxes secundarios. Por tanto, o «eu» non se presenta ao lector e tampouco presenta o grupo, mais hai unha identificación de carácter numérico, *eramos seis ou sete*, que determina a esencia da historia. Isto é, a non referencia exacta do número de compoñentes (seis ou sete) é unha característica do imprecisa que será a narración, posto que o «eu» non lembra con exactitude nin palabras, nin feitos; calquera intento de concretar datos é anulado a continuación, *agora lembro ben cantos eramos, eramos sete, si, seis ou sete seriamos*. Prescíndese da descrición para se centrar única e exclusivamente na acción. Por conseguinte, os acontecementos principais neste episodio son, en primeiro lugar, o peche do Goberno Civil. Este feito non xera un conflito, como cabería esperar, senón que o gobernador sométese á vontade do grupo sen pelexar dando lugar á primeira mostra da capacidade persuasiva dos personaxes. En segundo lugar, a apropiación dun vehículo no medio da calzada amosa outra vez o seu poder de persuasión. En último lugar, fan uso dos servizos públicos, do restaurante, do cinema e da estación de servizo, sen efectuaren o pagamento oportuno en cada caso. Todos eles son sucesos que están a debuxar desde o comezo o perfil psicolóxico dos protagonistas.

Neste primeiro capítulo iníciansе dúas accións que van ser recorrentes ao longo da novela. Estas son o intento dun deles de se pór en contacto por teléfono coa súa nai e a relación dun mozo do grupo coa dependenta dunha lavandaría. Os rapaces entran nunha lavandaría para se abrigaren do frío e co propósito de non xerar estrañeza quitan os calcetíns e dánllos á dependenta para o seu lavado. Esta é unha das situacións máis absurdas da historia, mais non a única. Son secuencias carentes de significado en si mesmo cuxa función é serviren de enlace do discurso. Así mesmo, as referencias cinematográficas tamén van ser unha constante ao longo da obra desde o primeiro capítulo. O narrador recorre en non poucas ocasións ás técnicas propias da sétima arte para explicar escenas nas cales o relevante son os elementos paraverbais, isto é, a expresión, dentro da cal se inclúen a mímica, o xesto e o movemento, dos personaxes.

O capítulo segundo iníciase coa visita a unhas oficinas sen ningunha finalidade. Esta carencia de obxectivos fai que o grupo vague sen rumbo fixo pola cidade. Como xa dixemos, o narrador fai uso en diversas ocasións das técnicas cinematográficas quer para pechar escenas, quer para describir situacións, mais nesta ocasión a sétima arte materialízase nunha rodaxe que o grupo atopa en plena rúa. Neste episodio a acción central vai ser a trifulca cun dos cámaras do filme trasladándose a acción á sala de espera de urxencias dun hospital. A función desta acción é que o lector asista á coversa dunha moza co seu mozo, posto que a rapaza vai pór en dúbida a credibilidade do narrador ao contar outra versión do acontecido na pelexa. Ademais, esta personaxe desvela o motivo polo cal o grupo foi ás oficinas: a falta de diñeiro. O narrador inicia un xogo co lector ao introducir unha versión que contrasta co seu testemuño dos feitos. É un indicio máis do carácter impreciso de toda a narración e da intención manifesta do «eu» de converter o seu testemuño nunha relación inxustificada de sucesos. O lector non saberá nunca con certeza o que realmente sucedeu, *queriamos purgar o acedume dun mal momento que nos viñera regalado polo cámara, se o agresor era realmente o cámara e a moza da sala de espera non errara tamén nese aspecto da súa versión.*

Remata o capítulo co desaloxo e derrubamento da comisaría da cidade. Primeiro foi o Goberno Civil, agora a comisaría. As institucións que albergan o poder en calquera cidade son o branco deste grupo. A pesar de que o narrador manifesta a carencia dun plan de acción e a falta de obxectivos, a finalidade dos actos do grupo recupera a nitidez con estes feitos, como veremos máis adiante.

O terceiro capítulo será o que introduza o problema do diñeiro, xa insinuado no capítulo anterior. Como grupo que é o *grupo abeliano* ten unha lei, uns principios e a súa máxima vai ser non traballar. Por conseguinte, a solución á miseria será atracar un banco, xa que os métodos que viñan empregando, como o releo e os pufos, non abondan. A imprecisión volta a ser manifesta, mais neste caso non é unha actitude do narrador, senón do propio grupo, *hai ocasións en que non deberiamos abusar ... quero dicir, non é bo estar recorrendo todo o tempo a iso, xa sabedes. [...] Non é bo resolver calquera pequena situación botando man da ... do ... Na comisaría, ou no Goberno Civil si ten sentido usar ... [...].*

Neste capítulo pónse de manifesto a propiedade asociativa que caracteriza a todo *grupo abeliano*. Estas seis ou sete persoas teñen en común o desapego que senten pola sociedade e polos seus costumes, como o traballo, a organización da vida en familia, os compromisos ou a rutina diaria. Este desprezo ás regras de convivencia impostas levounos á desinstitucionalización da cidade coa finalidade directamente deducida polo lector, xa que eles afirman non ter uns motivos concretos, *eu creo que tampouco temos unha concepción global e definida*, de acabaren con todo indicio de autoritarismo. Critican o Estado e os seus inventos para lle sacar o diñeiro á poboación, como a lotaría. Alén diso, reproban a clase alta calificándoa de usurpadora. Están abertamente en contra dunha sociedade capitalista, mais o seu ideal revolucionario non se sostén porque non están dispostos a renunciaren aos praceres da vida, ou mellor dito, ao diñeiro. É neste episodio, case no ecuador da novela, onde os principios do grupo abaléanse pola falta de confianza na súa propia maneira de interpretaren o mundo, de aí que falen de suicidio, mais nunca individual, posto que é un grupo e como tal actúa sempre unido. O suicidio é a escapatoria ao baleiro existencial. O colectivo sabe o que non quere, mais non sabe o que quere. Estas seis ou sete persoas non queren ter unha vida común baseada no traballo, nos compromisos,

na formación dunha familia, ora ben sen estes elementos a súa existencia carece igualmente de sentido, posto que non teñen metas nin desexos. Vagan por unha cidade sen saber que facer, buscando a rutina que eles mesmos condenan.

No seguinte capítulo, o grupo fai que un condutor de autobús desvíe a súa ruta empregando a súa linguaxe engaioladora e sometendo a vontade dos demais ao seu antollo sen lles importaren, como xa dixemos, as regras sociais estabelecidas. Neste episodio, o personaxe enfeitizado cóntalles como é a súa vida en familia. Ao longo da novela aparecen diferentes personaxes que forman parte, en maior ou menor medida, das aventuras do grupo. Todos eles elixiron vivir conforme ás regras da sociedade, isto é, traballan, forman unha familia, teñen compromisos, aceptan a rutina diaria, etc. A función basilar destes personaxes é salientar a decisión dos protagonistas de teren unha maneira de vivir contraposta.

O episodio remata cunha referencia artística, esta é *O berro*, de Munch. A vivencia dos protagonistas seméllase á experiencia na cal se basea o cadro. O personaxe do cadro treme de medo polo berro infinito da natureza, como o narrador treme de medo polo estrondo da tormenta. O grupo, desamparado, sen familia, sen obxectivos nen metas, en definitiva, sen sentido existencial, sente o desexo de se mergullar no mar, é dicir, de retornar ao útero materno, lonxe de perigos, medos e onde ficar eternamente protexido.

O capítulo quinto, coincidindo na liña temporal co quinto día, ábrese cunha conversa entre un vello mariñeiro e a súa muller e os nosos protagonistas. Dita conversa xira en torno á importancia que ten o traballo. De novo, amósasemos a través dos personaxes secundarios o contraste entre a maneira de vivir tradicional e a novedosa do grupo. A visión dos vellos, principalmente a do home, é a esperábel dun mariñeiro afeito ao traballo como sustento da familia. É o arquetipo perfecto do home traballador da clase baixa. Mentres que os rapaces poden prescindir do traballo para sobreviviren, xa sexa porque o procuran mediante mecanismos ilícitos, como xa vimos, ou porque, como aponta a muller, é probábel que sexan mantidos polos seus pais. O punto de vista deste personaxe secundario podería ser válido e explicamos de seguido o porqué desa idea. O narrador fai, en diversas ocasións, alusións á condición da familia dun deles, *o de nós de boa familia*, por conseguinte, é factíbel a opinión de que os demais tamén pertenzan a familias adiñeiradas. De pertenceren á clase media-baixa co que isto conleva, isto é, prescindir de toda clase de luxos, recibir unha educación en base ao esforzo, etc. terían conciencia e, sobre todo, a necesidade de traballaren e non de viviren a costa dos demais, mais de pertenceren á clase alta é máis sinxelo levar a cabo o que se propoñen, xa que no hipotético caso de fracasaren terían o respaldo económico das súas familias. É moi loábel querer defender un ideal de igualdade, sen existencia de clases altas, medias ou baixas, senón «neutras», un país onde non exista a pobreza, mais os métodos subversivos que empregan eles para o alcanzar non son máis que unha variante dos que empregan os empresarios, banqueiros e políticos polos que tanta xenreira senten. Mais isto non deixa de ser unha posibilidade. Os membros do colectivo poden pertencer á clase media ou baixa e defenderen un ideal de abolición da clase alta, e, por tanto, da pobreza, a costa da súa propia sobrevivencia. *Mentres haxa quen vive mal traballando e quen vive coma un rei sen rañala, somos partidarios de manternos á expectativa.*

Neste episodio hai dúas accións principais. A primeira é a volta ao Goberno Civil. Este lance representa o cume do xogo que o eu mantivo co lector durante toda a narración. A «descrición» dos personaxes principais, a indeterminación temporal e espacial e a imprecisión do discurso acadan o clímax coa disparidade no tempo que se produce neste capítulo. A rapaza que vive no Goberno di levar alí *seis ou sete anos* e emprega o pronome persoal de cortesía porque os «rapaces» lle parecen persoas de idade. O eu evade a razón dese desfase temporal dicindo que *no ex- Goberno Civil o tempo parecía ter sufrido serios reaxustes, que a dicir verdade, tampouco non eran da nosa incumbencia*. A outra acción principal é a cea na casa dos pais do de «boa familia» en conmemoración do septuaxésimo aniversario da empresa familiar. Esta acción constitúe o ponto culminante das escasas expresións ideolóxicas do grupo. É o único instante en que o colectivo critica abertamente a sociedade capitalista da época (imprecisa) na cal se desenvolve a historia. Desde o comezo da novela, até case a súa conclusión, o discurso do narrador deixa maior liberdade á imaxinación do lector ao non precisar o motivo polo cal o grupo se comporta fóra da normalidade, entendendo como tal o afastamento das regras sociais estabelecidas, mais neste episodio escóitase a voz disconforme dun *calquera* deles coa sociedade. A sentenza pronunciada por un alto cargo invitado á festa que desperta a voz é a seguinte: *Sempre houbo ricos e pobres e sempre os haberá por moito que cambie o mundo.*

O penúltimo capítulo ten como acción principal o intento de atraco a un banco. Como apontabamos, o grupo vai perdendo confianza a medida que avanzan os días. Os seus ideais perden nitidez a consecuencia do perigo do baleiro existencial, *non sabiamos que facer nin a onde ir*, de aí que o intento de roubo fose un fracaso.

As referencias artísticas aparecen de novo neste lance. Será o director do banco o que faga mención dos cadros do pintor Munch. Non é produto da casualidade, senón da selección, que o director fale duns cadros xa mencionados anteriormente na novela. Existe un interese premeditado en ligar a experiencia máis recente dos protagonistas co que se ilustra nos cadros máis famosos de Munch, como o xa mencionado *O berro* ou *A tormenta*. A alusión ás experiencias en que se basean estes dous cadros dá forma á psique destes personaxes, posto que a narración carece de descricións físicas e psíquicas relativas aos personaxes principais (xa dixemos que os personaxes secundarios si son descritos en detalle). O abandono da casona polas mulleres tapando os ouvidos para non escoitar o estrondo n'*A tormenta,* así como a figura d'*O berro* executando o mesmo xesto para non ouvir o fragor de todo o externo e interno, simbolizan a idea de non querer ouvir nen a vida nen a morte e confrontan co que están a vivir os protagonistas. O abandono da casa materna provoca a inseguridade e o desexo de regreso ao útero, como escapatoria á falta de sentido da vida.

Como diciamos, o atraco foi un fracaso porque o grupo perde a súa capacidade persuasiva e é facilmente enganado polo director do banco. Neste lance introdúcese a última parella de personaxes secundarios, Pucho e Beatriz, tamén chamada a Salvadora de Pucho. Ese personaxe masculino vai ser o único que defina o ideal dos protagonistas como unha utopía baseándose na súa propia experiencia, posto que a súa personalidade é coincidente coa do grupo. Deste xeito explícase o alcume da súa muller, porque foi ela quen o salvou do seu baleiro existencial. É o discurso de Pucho o que devolve a confianza ao grupo na súa maneira de interpretar o mundo. A curva descendente que viñan trazando comeza a ascender acadando a cima no último capítulo, onde se produce o atraco esta vez exitoso grazas ás aptitudes xa recuperadas do colectivo.

Rematada a análise das unidades narrativas, deterémonos a continuación nos personaxes. Estes podémolos dividir en dous grupos claramente diferenciados. Por unha banda, os personaxes principais e, por outra banda, os personaxes periféricos ou secundarios. Os primeiros son esas seis ou sete persoas que actúan como unha unidade. Como xa dixemos en liñas anteriores, o discurso narrativo é impreciso e isto trasládase á caracterización dos personaxes. Os compoñentes do grupo non son caracterizados fisicamente e tampouco teñen nome e/ou apelidos. O único salientábel neles son as súas aptitudes, mais non diferenciadoras, senón pertencentes a calquera deles sen distinción. Así, o nome propio substitúese polo sintagma *un de nós* acompañado de cláusulas de relativo, *que destaca pola súa forza de convicción*; *o mellor de nós que manexa a palabra en momentos de conflito e confusión*; *o de nós máis dotado de autoridade*; *o de nós que mellor conduce*; *o de nós que mellor persuade*, etc. Todas as aptitudes fan referencia a súa capacidade persuasiva e aos seus dotes para o diálogo.

O narrador manifesta o circunstancial das descricións individuais dos membros do grupo en diversas ocasións. *Supoñamos, dixo un calquera de nós, do que non vou molestarme en lembrar nin describir o aspecto, os tics e a indumentaria, detalles como ben se ve completamente superfluos [...]*. A identificación como grupo sólido, indisolúbel e cunha mesma conciencia é a razón de ser destes personaxes e o que fai prescindíbel unha caracterización individual de cada un deles. *Eu creo, dixemos un calquera de nós*; *apuntou un calquera de nós outramente outro sen distinción*; *coa esperanza, iso debiamos pensar todos*; *todos deducimos, sen comentalo sequera*.

A natureza indefinida do grupo, podendo ser eles calquera de nós, contrasta coa caracterización máis detallada dos personaxes periféricos. Todos eles teñen nome e/ou apelidos e son caracterizados física e psiquicamente. Como xa apontabamos, estes personaxes teñen en común a súa aceptación das regras da sociedade. Compórtanse de acordo cos códigos morais estabelecidos e a súa forma de vida é a esperábel, en contraste coa visión reformista e inconformista do colectivo.

En canto ao tempo, asistimos á historia contada por un dos personaxes situado nunha temporalidade diferente á da acción. É dicir, o tempo do discurso é diferente ao tempo da acción. O narrador fala desde o presente (*estou en condicións de afirmar*) acerca de acontecementos pasados, sendo o pretérito o tempo verbal máis empregado na narración. Así mesmo, a orde da narración é lineal, isto é, non se produce analepse nen prolepse.

A novela estrutúrase en sete capítulos identificando cada un deles cun día da semana diferente, comezando cada capítulo na mañá e rematando coa chegada da noite. Mais a indeterminación narrativa afecta tamén a esta categoría, posto que non sabemos que día preciso é da semana. Como é lóxico tampouco se menciona o ano, mais o paso do tempo é medíbel en todo momento. As interminábeis horas e minutos marcan o vagar dos protagonistas que non saben onde ir nen que facer. Tempo morto que pesa na conciencia dos personaxes facendo máis insoportábel o seu baleiro existencial.

En canto ao espazo, os feitos teñen lugar nunha cidade, mais é unha cidade calquera, mantendo a coherencia da imprecisión. O narrador padece de amnesia cada vez que ten de recordar nomes de lugares, mais non sofre esta enfermidade, senón que é unha mostra máis da súa memoria selectiva. *[...] que el non vivía en ... quero dicir, na cidade*. A indeterminación dos personaxes súmase a indeterminación do espazo. Son eles calquera de nós en calquera cidade.

3.

Cid Cabido sumérxenos no absurdo do cotián da man duns personaxes anónimos cun ton marcadamente humorístico e irónico. Estas persoas vagan por unha cidade sen rumbo fixo nen finalidade ningunha. As súas accións son improvisadas, a excepción do atraco ao banco, o cal premeditan e inclusive intentan trazar un plan. Agora ben, detrás deste absurdo constrúese unha dobre crítica ao sistema. O colectivo detesta un mundo sometido a normas ou regras arbitrarias baixo un poder capitalista. Néganse a formar parte dunha sociedade onde os cidadáns sexan as marionetas do poder fáctico e do poder político, onde teña que haber pobres para que haxa ricos. Ora ben, a postura que adoptan pola súa disconformidade é a mesma que critican, posto que cometen o delicto que lles reproban aos poderes públicos: a estafa.

BIBLIOGRAFÍA

BERNÁRDEZ, Carlos L. *et alii* (2001): *Literatura Galega Século XX*. A Nosa Terra, Vigo.
CASAS, Arturo (2005): *Elementos de crítica literaria*. Xerais, Vigo.
CID CABIDO (2000): *Grupo abeliano*. Xerais, Vigo.
GENETTE, Gérard (1998): *Nuevo discurso del relato*. Cátedra, Madrid.
REIS, Carlos (1995): *Comentario de textos. Fundamentos teóricos y análisis*. Colegio de España, Salamanca.
RISCO, Antón, (1991): *A figuración literaria (I)*. Xerais, Vigo.
SILVA, Vítor Manuel de Aguiar (1974): *A Estrutura do Romance*, Livraria Almedina, Coimbra.
TARRÍO, Anxo (1994): *Literatura Galega. Aportacións a unha historia crítica*. Xerais, Vigo.
VILAVEDRA, Dolores (1995): *Diccionario da Literatura Galega. I. Autores*. Galaxia, Vigo.

Berger, Betanzos y mi hijo

CARLOS PENELAS*

No se puede poseer la realidad, se puede poseer
(y ser poseído por) imágenes.
Susan Sontag

Siempre hay ante una obra de arte, una ciudad mítica o un paisaje mágico, la evocación de una experiencia emocional y sensible. Por lo general éste hecho se enfatiza con imágenes. Y a partir de ese momento -las palabras, las voces- pasan a leerse en íconos, en figuras, en emblemas.

Soñamos con posibilidades semánticas, con discursos armados con imágenes. La ensoñación nos sostiene. «Hay que saber producir en el interior mismo de cada gesto un movimiento rítmico primario», sostenía Eisenstein.

Lisandro, mi hijo menor, es actor, profesor de teatro, director. Puso en escena, en Buenos Aires, una adaptación propia de Raymond Carver basado en tres cuentos de este notable narrador.

Emiliano, mi hijo mayor, es director de fotografía, realizador, documentalista, profesor en el Instituto de Cinematografía. Y un lector fino, apasionado, inteligente. Fue él quien me acercó hace más de diez años (por ese entonces el muchacho tenía veintitrés), un primer libro de John Berger. Debo confesar: descubrí a Berger gracias a Emiliano. A partir de ese momento, él y yo leímos todo o casi todo lo publicado por este notable escritor, poeta, ensayista, critico de arte. *Puerca tierra, Una vez en Europa, Lila y Flag, Un hombre afortunado, Fotocopias*, *Aquí nos vemos* son algunos de los libros que Emiliano tiene en su biblioteca.

John Berger nació en Londres en 1926. Su voz es única. Nos acerca al hombre, a una humanidad cargada de emociones, de vértigo, de fascinación. Hay un pensamiento dialéctico en imágenes, sueños y misterios que nos acechan

---

* **Carlos Penelas** nació en Avellaneda, provincia de Buenos Aires, en 1946. Es poeta, escritor y conferenciante. Publicó más de veinte libros de poesía y prosa. Nunca ha dejado de reivindicar sus raíces gallegas y su ligazón emocional con Espenuca.

y nos hacen ver de otra manera. *Modos de ver.* Y una prosa profunda, poética, trascendente; nos guía con ternura y con humor. Éste autor descubrió Emiliano a los veintitrés años. Y me lo hizo amar. Lo compartimos.

«Cierra los ojos para volver a ver» me dijo un día, para siempre, Carlos Fuentes. Uno cierra los ojos y vuelve a ver. El miércoles 8 de octubre dicté una conferencia organizada por el Concello de Betanzos, en el Salón Azul del Liceo; «Literatura y sociedad» fue el título. Allí me presentó el Presidente-Alcalde José Ramón García Vázquez. Estaban mis amigos Pachico, destacado secretario de cultura, y Alfredo Erías, erudito director del Museo das Mariñas y talentoso dibujante. En un momento cité a Gastón Bachelard y a John Berger. Al finalizar, el arquitecto Xosé Manuel Vázquez Mosquera hizo referencia a la visita del escritor británico a Betanzos, a un texto que escribió sobre esta bella, misteriosa y encantadora ciudad medieval. Efectivamente en *Fotocopias* habla de la esperanza, de la vida, de Simone Weil, de Henri Cartier-Bresson, entre otros. Con mirada lúcida y sencilla nos ofrece una viñeta mágica de esta ciudad gallega: «Hombres y mujeres sentados a la mesa». Berger nos ayuda ver, a fijarnos en los ojos de las personas, en las mariposas, en los cafés, en los objetos cotidianos. Describe olores, sonidos, ambientes. Lo leemos con pasión, con la misma pasión que recorro los soportales de esta ciudad, con la emoción de buscar huellas, imágenes, emblemas. Berger dice que recuerda de su vida dos comidas: la primera en el Maxim''s de París; la segunda, en la feria de Betanzos. Compara el lujo del restaurante parisino con la autenticidad de comer pulpo en una caseta con una taza de rosado.

Cuando leemos *Viaje a la Isla de Rügen* de Carl Gustav Carus sabemos que el autor hizo, por encima de todo, un viaje al interior de su alma. Eso es lo que hago cuando leo a Berger, eso es lo que hago cuando camino las callejuelas de Betanzos junto a Rocío. No es mito ni historia, es dimensión y estado del espíritu. En pos de mis raíces me siento conmovido ante sus soportales, ante piedras e iglesias. Este norte no está ni se encontrará en la geografía física sino en la geografía imaginal del alma. Son vestigios de un tiempo pleno, de símbolo, de nostalgia de lo absoluto. El exilio, el hambre, el dolor. También la ternura, las marcas de una temporalidad histórica, de una naturaleza primordial, auténtica. En sus iglesias hay un sentimiento estético pero también de trascendencia, de superación cósmica, abrumadora, indefinible, inexpresable. El estilo románico de transición al gótico, la Iglesia Santa María de Azogue, la Iglesia de San Francisco donde nos emocionamos una y otra vez ante la tumba de Don Fernán Pérez de Andrade y los caballeros que rodean el templo.



John Berger <http://commons.wikimedia.org/>.

Por eso recorro el mercado, los puestos en la plaza, los rostros, las manos, los cajones, las barcas, el puente romano. O esos bares dotados de una dimensión teofánica, de una sacralidad terrenal. Rúa dos Ferreiros, la calle de Lanzós, la alameda, el chorizo, la tortilla, el pulpo, el vino de la tierra, Antolín Faraldo, Pardo de Cela, los hermanos García Naviera, el río Mandeo. *Flavium Brigantium.* Los prados y las nieblas, las meigas que vigilan mi divagar, los

trasnos que acompañan mi mirada en el Principado de Espenuca, los pinos y eucaliptos, los robles, las tumbas de mis antepasados.

Al terminar la conferencia en el Liceo se acerca una señora. Me dice que me conoció en Buenos Aires, que se había sacado unas fotos conmigo y otros amigos cuando estuvo en diciembre de 2000, que me envió una carta que nunca llegó a mis manos, que la trae ahora. La carta está dirigida a Carlos Penelas Abad. Leo: «Betanzos, 24 de enero de 2001. Apreciable amigo…» La recibo con emoción, le doy un beso, la abrazo. La señora se llama Alicia García Pérez Salas. Es betanceira, crea un acto poético, bello. Siento al instante una reticencia noble, una lúcida reserva. Ética y fragilidad, pienso.

Es en Betanzos donde vivo revelación, la leyenda privada, la percepción concreta e inmediata de mis ancestros; veneración y respeto, sensibilidad contemplativa, fineza y discreción, sentido de austeridad. La patria perdida.

Buenos Aires, 28 de octubre de 2014

Berger, otra vez Berger

CARLOS PENELAS*

El toldo rojo de Bolonia es un libro que descubrió Eugenia, la mujer de Emiliano, mi hijo mayor, quien también lee con pasión a John Berger. Entre otros autores y entre otras actividades. Uno de sus libros, Aquí nos vemos, es un libro nómada, con historias aparentemente descolocadas. Pero se encuentran. Se encuentran los vivos y los muertos, los sueños y las utopías, la complicidad del amor y el arte. Se lo recomiendo, desconcertante lector. Es infinitamente mejor que leer o ver cómo actúan los políticos, los negociados inmundos que recorren entre pasillos y bastidores, el humor de una plebe sin salida y enferma. Demagogia, estupidez, trampas.

Leemos en El toldo rojo de Bolonia: *De niño y en la primera adolescencia, solía ir a darle las buenas noches, y muchas veces tenía la impresión de que, por lo menos, estábamos tres en el cuarto, en el cual había una única silla, de respaldo recto (yo siempre me sentaba en la cama cuando me quedaba a charlar con él). La tercera persona o bien era el autor del libro que estaba leyendo o uno de sus personajes favoritos. Fue en esa habitación abarrotada donde aprendí que las palabras impresas pueden conjurar una presencia física.*

Es terrible cómo a lo largo de los siglos el Poder, las castas, los dogmas, el autoritarismo, los templos laicos o sagrados, han intentado destruir lo mejor del hombre. Velos y más velos sobre su sensibilidad, sobre su posibilidad de imaginar, de pensar, de amar.

Wallace Stevens, poeta estadounidense, señaló: «…la maravilla y el misterio del arte, como por cierto de la religión, consisten en la revelación de algo absolutamente otro, gracias a lo cual la inexpresable soledad del pensamiento se quiebra o se enriquece. El poeta, el hombre religioso, ni siquiera sueñan con dictar las reglas del juego: se limitan a andar por el mundo con el amor de lo real (de esa realidad otra) en sus corazones.»

«Hay algo más importante que la lógica: la imaginación» dijo en una ocasión nuestro amado Sir Alfred Hitchcock. Giacometti, suizo y escultor, señaló algo que siempre se supo: «el arte es un medio de ver». «La pasión del amor es amar

---

* Carlos Penelas nació en Avellaneda, provincia de Buenos Aires, en 1946. Es poeta, escritor y conferenciante. Publicó más de veinte libros de poesía y prosa. Nunca ha dejado de reivindicar sus raíces gallegas y su ligazón emocional con Espenuca.

sin medida», escribió San Agustín en sus Confesiones. Y dijo más: «La pasión del amor no puede comprenderla quien no la sienta.»

Vivimos una promiscuidad mental, una promiscuidad física. Tal vez desde siempre. Uno sospechó que en el siglo XXI ciertos temas no existirían. Todo se ha vuelto vulgar y obsceno, banalidad que invade de manera corriente cada gesto, cada nuevo hábito. El deseo no existe, existe el poder, el discurso político, la afectación, la fachada; simulacro, parodia. Sobre eso se montan mitos, leyendas, delirio, saturación, desvergüenza. Vivimos el espejismo de la pasión, de lo otro, charlatanerías prolijas y hasta correctas, pornografía en el arte, en la información, en las estadísticas, en referencias de la vacuidad. Teatralidad y simulación.

«La pregunta sobre el origen del Estado debe precisarse así: ¿en qué condiciones una sociedad deja de ser primitiva?» También reflexiona el autor de La sociedad contra el Estado y Arqueología de la violencia: «…quizás la solución sobre el momento del nacimiento del Estado permita esclarecer las condiciones de posibilidad (realizables o no) de su muerte». Las investigaciones e ideas del renombrado antropólogo y etnólogo Pierre Clastres (1934-1977) sobre las poblaciones primitivas dan una antropología de alternativa. En esas sociedades se trabajaba sólo cinco horas, lo necesario. Ahora todo debe ser explotado. Por supuesto Clastres es un teórico no siempre recordado.

Podemos hablar de polarización crispada, de una cultura oficial materializada en manifiestos, premios o arquitecturas de poses, celestiales. Pero también del esfuerzo desesperado de soñadores, del pensamiento utópico, de una vida plena de poesía, de realidad caótica pero vital.

Otro fragmento de El toldo rojo de Bolonia: *Todas las ventanas tienen toldos y todos son del mismo color. Rojo. Muchos están descoloridos, unos cuantos parecen recién puestos, pero todos son versiones viejas y nuevas del mismo color. Todos encajan perfectamente en el marco de la ventana, y su ángulo se puede ajustar según la cantidad de luz que se desea que entre. En italiano se llaman tende. Su rojo no es el de la arcilla, ni el de la terracota: es un rojo de tinte. Detrás de los toldos se ocultan cuerpos y los secretos de esos cuerpos, que de ese lado dejan de ser secretos.*

«La historia corre mientras el espíritu medita. Pero este retraso inevitable crece hoy en proporción a la aceleración histórica», escribió Albert Camus en 1954. El sentir, el pensar, parecería que no es parte de la ética, de la imaginación, del otro, del diferente. De lo auténticamente humano. La poesía fue comparada en muchas ocasiones con la mística y con el erotismo. Pero el poeta nombra a



Berger - Penelas. Dibujo: Eugenia Limeses, licenciada en Artes Visuales (Escuela Nacional de Bellas Artes Prilidiano Pueyrredón), docente en la Universidad de Buenos Aires.

las palabras más que a los objetos, la experiencia poética es una tonalidad verbal, un clima interior. La palabra es el reverso de la historia, es el reverso de lo cotidiano. Exige, como la mística y el amor, una entrega. Por eso la insensatez del creador, del amante o del místico; lo imaginativo del soñador en un pujante querer decir, un balbuceo permanente de libertad.

«…Pues el encuentro de todos los seres en uno engendra la cesación de ellos y acaba con su nacimiento, pero al desunirse los seres el nacimiento vuelve y se desvanece la cesación. Y este perpetuo movimiento alternante nunca tiene fin, unas veces reuniéndose todos los seres en uno por el Amor, otras separándose todas las cosas arrastradas por la repulsión del Odio. Esta lucha la manifiesta el conjunto del cuerpo humano tan pronto todos los miembros reunidos por Amor en uno se obtuvo un cuerpo, floreciendo la vida en su plenitud; tan pronto

separados nuevamente por funestas discordias andan errantes cada uno por su lado en las rompientes del oleaje de la vida». Esta es la mirada de Empédocles.

El poeta no sabe nunca qué es lo que va a ocurrir. «Lo único que tienes que saber es si mientes o tratas de decir la verdad, ya no te puedes permitir equivocarte en esta distinción…» nos dejó escrito este hombre sin fronteras ni dogmas. De John Berger, hablamos, confundido leedor.

Buenos Aires, noviembre de 2014.

Addendum

El lector podrá descubrir cuando lee a Berger, entre otros temas, la ilusión, cierto pintoresquismo, la crudeza, pero sobre ella el ensueño. Siempre recordaré cuando de joven reparé en aquel aforismo, cínico, de Gide: "Con buenos sentimientos no se hace buena literatura". Esto es lo que podemos encontrar en las páginas del autor de Puerca tierra; buena literatura. Hay entonces ciertas categorías de lo emocional, dosificación del gusto, climas cordiales que hacen amena la lectura.

Mientras camino pienso en los textos de Berger, en los cuentos de Emilia Pardo Bazán (la mejor cuentista de España del siglo XIX), en unos escritos de Michel Houellebecq, en la pintura de Giotto, en la poesía de Enrique Banchs. Intento recordar imágenes, intento planificar ciertas clases, descubrir lo bello y lo crítico en autores que nos intranquilizan, independientemente a veces de su trascendencia.

Días atrás una alumna me alcanzó un texto sobre Mahler, su vinculación con Freud. Pude hablarle de Mann y de Muerte en Venecia, de la Sinfonía Nº 1. Entonces vino el nombre de Celan.

Recuerdo, mientras observo la vidriera de una librería, a Peter Handke, entre otras cosas guionista de Win Wenders, que refleja en su obra la angustia de la soledad y de la incomunicación. Ahora estoy parado frente a una disquería. Escucho la música de Gershwin. Tengo en mi casa una bellísima versión de sus temas interpretados por Chick Corea. Cuando se habla de los otros se habla de sí mismo. "La indigestión es la encargada de predicar la moral al estómago", decía Víctor Hugo. ¿Por qué me vienen estas citas a la memoria? ¿Tal vez sea la manera de pensar y de incorporar aquello que sentimos? "Un hogar sin libros es como un cuerpo sin alma", señaló Cicerón. "Cuando alguien pone el dedo en la llaga, sólo los necios piensan que lo importante es el dedo" leí de joven en Confucio.

Otra ver la mirada de Berger: "Como las palabras, las apariencias pueden leerse también y, de entre las apariencias, el rostro humano constituye uno de los textos más largos". Como en todos los textos trascendentes la lectura nos lleva a otras fuentes, a otros mundos. Su lenguaje, además, está justificado por la pasión, por las metáforas, por la tragedia del hombre moderno.

Buenos Aires, enero 2015.

«Desta imos presos». A miña relación con Carlos López-García

MARGARITA VISO SOTO

Falar das relacións entre as persoas non é para min unha cuestión sinxela. A relación humana é para ser vivida máis que para ser contada ou analizada. Psicólogos ou historiadores teñen interés profesional nas relacións humanas, pero eu non son nin unha cousa nin a outra. Comprendo, non obstante o interés que eses profesionais teñen sobre as relacións humanas e, neste caso concreto, comprendo que é importante a miña testemuña polo interés que poda ter para a historia da música de Galicia. Por eso accedín a participar aquí e falar da miña relación con Carlos López García-Picos, xa que pode contribuir a dar información sobre a súa figura.



Fig. 1.- O seu sorriso.

Como vou falar en primeira persoa, chamaréille Carlos, que era como o trataba eu.

Carlos, si se quer definir nunha sola palabra, era un encanto.

Tiña aquela fala doce cun certo acento arxentino, un sorriso amplio, frecuente, xeneroso e optimista que a chispa dos seus ollos azuis contribuían a iluminar.

De mediana estatura, magro, de movimentos áxiles, foi sempre un home novo, xoven co cabelo branco. Ainda recordo, no seu derradeiro estreno ca Sinfónica, a forma na que baixou –e logo subíu- as escaleiras ata o escenario para saudar: «al trote ligero», e tiña máis de 80 anos.

Dito brevemente, a súa persoa irradiaba vitalidade e optimismo (fig. 1).

Cando chegou de volta da Arxentina, a prensa fíxose eco da noticia, porque en Betanzos os seus amigos ocupáranse diso. Eu conocino, se non me lembro mal, no bar de Maíno que era un dos amigos que lle fixeran a campaña de recibimento.

Non obstante, antes de vir vivir a Betanzos definitivamente, residíu na casa dunha irmá no barrio dos Castros da Coruña.

---

* **Margarita Viso Soto** realizou os seus estudios no *Conservatorio Profesional de Música y Declamación* de A Coruña: de piano con Jeannette Romero, de harmonía e contrapunto con Rogelio Groba. Amplía coñecimentos con Mª Luisa Nache (canto), José Ferrer (trompa), Carlos López García Picos (composición), Eva Alcázar, Edith Picht-Axenfeld e Noemí Novara (piano). Desenvolveu labor como compositora, pianista acompañante, musicóloga e editora de música. Como musicóloga ten investigado principalmente sobre compositores galegos, destacando o seu traballo sobre a figura de Marcial del Adalid. Creou a editorial VISO adicada á publicación de música de autores galegos.




Fig. 2.- Partitura.




Fig. 2b.- Partitura correxida.

Frecuentei muito a Carlos nesta época (aproximadamente os anos 83-84-85) que foi precisamente cando lle pedín que me dera clase de composición.

A nosa xeneración tivera unha experiencia verdaderamente traumática con Rogelio Groba e acababa de rachar con él. De xeito que Carlos apareceu no momento xusto en que nós andabamos necesitados dun mestre que nos guiara nos nosos estudios.

Rematados con Rogelio Groba os estudios de Harmonía, Contrapunto e Fuga (xa digo que o final foi traumático), eu buscaba un Mestre que me aconsellara en materia de orquestración e composición en xeral.

Escribín unha obra para orquestra, á que posteriormente titulei «Tiento» polo seu carácter de «primeiro intento» baixo a súa supervisión. Nas ilustracións pódese ver un detalle das súas correccións. Na parte das cordas él aconselloume «descargar» a textura dos contrabaixos. Na primeira ilustración o escrito por mín ca anotación da súa man, e na segunda ilustración a misma pasaxe escrita por él (figs. 2, 2b).

Todos os que compuñamos o grupo de ex-alumnos do Conservaotiro estabamos afeitos a un ensino que, por ser oficial, tiña unha sistemática e un método progresivo, ainda que Groba era moi particular na súa forma de ensinar. Con él se aprendía non tanto polo seu nulo esforzo en seguir un método, como porque os alumnos tiñamos moita fame de saber e collíamos ao vóo ideas, flashes, etc., que él deixaba caer no medio das súas longas clases. Doutra banda estabamos afeitos a traballar cun profesor investido dunha autoridade absoluta en todos os ámbitos.

Pasar a estudiar con Carlos despois de sair de Groba foi un choque total. Carlos era un amigo, carecía absolutamente, porque sempre escapou diso, da aura escolástica e autoritaria na que nos criaramos. Seguramente foi por iso que houbo moita xente que non acudíu a él na busca dun bo consello en materia de composición. Penso que moitos dos meus compañeiros buscaban dun mestre que tivese un posto social de recoñecemento (profesor dun conservatorio, autoridade musical dalgunha entidade oficial, director dalgunha banda, etc.) que o ubicase «oficialmente» como mestre.

Pero Carlos non era nada diso, nin nunca o buscou. Nese sentido era un fóra do sistema. Deste xeito algúns dos que, nun primeiro momento, puderon ter algún interés no

seu trato, enseguida perderon ese interés ao ver que Carlos non paseaba en limusina nin representaba ningún papel de portador da reserva espiritual.

Esto último non era certo, Carlos tiña clarísimo o que quería facer e, en máis dunha ocasión o dixo, ainda que penso que non foi escoitado. Nunha entrevista que eu lle fixera para o Boletín da AGC que financiaba Javier Etcheverría, volveuno repetir: «Cando marchei de Buenos Aires, o presidente da Asociación de Jóvenes Compositores encomendoume que creara aquí unha asociación». E tamén citaba sempre a Castelao: «Castelao acudía moito a escoitar o coro «Os rumorosos» e nunha ocasión, poucos días antes de morrer, díxome: «Neniño: estudia, estudia, que temos que facer unha Galiza grande; e falade galego, que non é falar mal, é falar diferente».




Fig. 3.- Carta.

Estes dous encargos que Carlos recibíu dos seus devanceiros, él os aglutinou na idea de crear a Asociación Galega de Compositores e, dese modo, dar impulso á creación musical en Galicia. Non obstante, o nacimento da Asociación Galega de Compositores veu precedido do preceptivo «embarazo» que tratarei de resumir aquí.

Nestes anos que van do 83 ao 87, os que foramos alumnos de Groba vivíamos nunha diáspora involuntaria. Todos marcháramos do Conservatorio pola forza e cada ún trataba de ir orientando a súa vida musical como podía. Entre nós non se perdeu a relación e, a chegada de Carlos axudou a aglutinarnos de novo. Eramos moi novos e tiñamos moita fame de música, de facer concertos e de dar a coñecer as obras que xa íamos escribindo. Carlos animábanos continuamente.

Orgánizáronse, en colaboración con intitucións xa existentes coma Agrupación Cultural «O Facho», o semanario «A Nosa Terra», e a financiación de Caixa Galicia, os concellos de A Coruña e Betanzos e a Diputación de A Coruña, varios concertos que é necesario nomear porque neles tiveron lugar os estrenos das nosas primeiras obras, e son anteriores ao nacimento da AGC.

O primeiro foi o do «Quinteto de Viento de A Coruña», o 29 de maio de 1985, na iglesia de Santo Domingo de Betanzos, con obras de Carlos López García-Picos *(Scherzo*, *Preludio y fuga*, *Preludio y Tema con variaciones)* e tamén o primeiro estreno de Juan Durán (*Hiperión*), sendo financiado polo concello de Betanzos.

O segundo concerto foi o celebrado 7 de dicembre de 1985 no Hotel Finisterre de A Coruña, organizado polo semanario «A Nosa Terra» en homenaxe a Luís Seoane con obras de Manuel Balboa (*Ausente cronoloxía*), Paulino Pereiro (*De tanto debagar en luz irreal*) e Juan Durán (*Hiperión*).

Con motivo do Ano Internacional da Música, o Concello de A Coruña organizara tamén en 1985, o «I Ciclo de Jóvenes Interpretes y Compositores Coruñeses» que comprendía oito concertos celebrados no Salón de Actos da Delegación de Cultura de A Coruña, situada daquela na Praza de Pontevedra de dita cidade. Estes concertos tivieron




Fig. 4.- Detalle de carta.




Fig. 4b.- Detalle de carta.



Fig. 4c.- Detalle de carta.

lugar durante os meses de novembro e decembro de 1985 e febreiro de 1986. Nestes concertos xunta a obras do repertorio e de compositores galegos do pasado, interpretáronse obras de Juan Durán (*Intermedios*), Paulino Pereiro (D*úas pezas para frauta soa. O paxaro mecánico* e *Trío*), Manuel Mosquera (*Fotosíntese*) e Jorge Berdullas del Río (*Un tiempo en tres vivencias*).

Ao ano seguinte celebróuse o II Ciclo, continuación dese primeiro, nesta ocasión patrocinado polo Concello de A Coruña e Caixa Galicia. Desenvolveuse ao longo dos meses de outubro, novembro e decembro de 1986 e ,nel, estrenáronse obras de Jorge Berdullas (*Sugerencias a una estructura vacía*), Manuel Mosquera (*Plaint for García Lorca*), e Paulino Pereiro (*Sonata para flauta y guitarra*).

O último dos concertos previos ao nacimento da Asociación Galega de Compositores foi o un recital que o pianista Jean Pierre Dupuy ofreceu o 18 de abril de 1986 no Pazo de Mariñán baixo o título «Oito compositores galegos». Estes oito compositores eran Juan Durán, Fernando Vázquez Arias, Margarita Viso, Xavier de Paz, Paulino Pereiro, Manuel Iglesias, Carlos López García-Picos e Manuel Balboa. Este recital que se realizou gracias ás xestión do poeta Miguel Anxo Fernán Vello foi organizado pola Agrupación Cultural «O Facho».

Teño que aclarar que eu non estiven en ningún destes concertos por razóns de forza maior, xa que precisamente en maio do 85 naceu o meu primeiro fillo e, pouco despois, eu marchei a traballar a Zaragoza. A pesar da miña ausencia física, a miña relación con este grupo resulta clara, especialmente con Carlos que era o aglutinante, xa que me incluíron no derrareiro desde concertos.

A idea de Carlos, como xa dixen antes, era a de crear unha Asociación de Compositores. Pola nosa banda tiñamos a referencia das dúas asociacións de compositores que existían naquel momento en España: a Asociación Catalana e a ACSE (Asociación de Compositores Sinfónicos Españois) con sede en Madrid. Así que, con estas perspectivas e co ánimo que proporcionaron estes concertos, o grupo levou a cabo na miña ausencia, todas as xestións legais para dar de alta a Asociación Galega de Compositores.

Carlos estaba en contacto conmigo e mantíñame informada dos pasos que se ían dando. En abril de 87 o grupo estaba realizando as xestións para a creación da AGC. (Ilustración 3 carta 1 e ilustración 3b carta 1). En novembro dese ano a AGC xa estaba constituída legalmente e Carlos me escribe dándome a composición da xunta directiva e invitándome a darme de alta, cousa que por suposto fixen. (figs. 4, 4b, 4c).

No ano 1987 pois, constitúese a AGC. Mantíñanse moitas reunións nas que el sempre, sempre estaba presente. Eran na Coruña e él, que xa vivía en Betanzos, desprazábase as reunións, ás veces en autobús, máis adiante traído ou levado por algún de nós. Hai que



Fig. 5.- Cuarteto nº 3.



Fig. 6.- Concerto AGC con Carlos López García-Picos.

decir que estas reunións non sempre eran fáciles, sobre todo ao principio. Nós eramos moi novos e xa se sabe: «xente nova e leña verde, todo é fume». A súa presencia, cando os ánimos se encendían era moi importante para reconducir a situación. O curioso, e eso era unha das características da súa forma de ser, era que aparentemente apenas interviña nas discusións, pero a súa presencia cohesionaba ao grupo e axudaba a que todo entre nós fora polo bó camiño.

A situación económica da AGC foi sempre precaria, de tal maneira que a «búsqueda e captura» de subvencións era case unha obsesión. Ademáis, ningún de nós era experto en cuestións económicas e sempre tiñamos unha inquietante sensación de vivir case na ilegalidade. Así que cando se daba o paso de cobrar unha subvención e pagar aos músicos que interpretaban os concertos, os programas de man, etc., sempre había o temor de non facelo ben. Pero tirábamos para diante. «Desta imos presos» decía Carlos, e todos ríamos. Porque a frase tiña moito significado máis aló do económico. El, pola súa biografía, da que todos temos un certo coñecimento, tivo que fuxir en varias ocasións, e nós, criados no franquismo e cunha experiencia vital de total dictadura nos últimos anos do conservatorio tiñamos un medo no corpo que non é para contar. Asi que o temor a que calquera pequena cousa non feita debidamente tivera consecuencias catastróficas, estaba sempre presente. Por eso a frase quedou acuñada entre nós.

Unha pregunta que eu ás veces me facía era:¿Cómo nos vía Carlos a nós? ¿Qué imaxe dábamos diante de él? Pero él nunca expresou a súa opinión sobre nós. A min andábame na cabeza cómo él, cos seus anos e a súa experiencia, se xuntaba con esta pandilla de xente nova que non se sabía moi ben a onde irían a parar. E, para darme ánimos a min mesma, pensaba: Pois si se xunta a nós, él, que ten tanta experiencia en asociacións de compositores, etc., será por algo, non debe ver outra alternativa.

Carlos era unha persona moi afectuosa, para mín ten especial valor a dedicatoria que me fixo por aquela época dun dos seus cuartetos (fig. 5)

A partir da súa creación e ata hoxe, a AGC organizou ininterrupidamente moitos concertos agrupados por ciclos. Pouca documentación gráfica temos destes concertos.



Fig. 6b.- A autora con Carlos.



Fig. 7.- No seu pasamento.

No meu poder só teño unha foto sen máis valor que o testimonial, na que, flanqueados polos membros de cuarteto, estamos Carlos, Mosquera e máis eu. (Ilustración 6). Debe ser de principios dos anos 90. Algúns anos despois, cando Carlos era o presidente e eu a secretaria, viña visitalo ás veces porque sempre había algo que facer da AGC. De feito a AGC tivo o domicilio fiscal na casa del, porque nos saía máis barato no imposto de actividades económicas ter o domicilio fiscal en Betanzos que en Coruña. Él recibía correspondencia fiscal no seu domicilio e de seguido avisábame ou mandábamo para atender o asunto que fose. E, naturalmente, sempre había o encontro do amigo (fig. 6b), mestre e compañeiro. Falábamos da Asociación, de música, de cuestións personais, dos afectos, etc.

A posta en marcha da AGC, e os 27 anos de vida de actividade ininterrupida que ten a día de hoxe, atestiguan que o traballo daqueles 7 fundadores foi algo transcendente. Hoxe a AGC conta con 38 socios compositores vivos, además de Carlos e Viaño falecidos dos que, según os nosos estatutos, a súa obra segue gozando dos mesmo dereitos dentro da AGC.

Os últimos anos de Carlos foron algo tristes porque él xa non estaba no pleno uso das súas facultades, non obstante seguía tendo aquel sorriso e aquel calor humano característico. Acórdome da última vez que o vin antes da caída que o levaría a residencia. Viñçera lle facer unha visita a Betanzos, creo que era inverno pero facía sol. Estiven con él un rato e dimos un paseo A súa memoria xogáballe malas pasadas. Preguntábame como me chamaba porque non se acordaba naquel momento, e, ao pouco preguntábame que tal ían os meus fillos, chamádoos polos sus nomes. Sempre se acordaba dos nenos. Seguía a ter a axilidade física, o sorriso e o continente optimista de sempre.

Despois de ingresar na residencia visitéino varias veces. Nunha das primeiras leveille papel pautado porque alí non tiña e para que poidese seguir escribindo. Empecei a escribir algo (a frauta, a clave de sol, etc.) nos primeiros pentagramas e paseillo a él como para invitalo a empezar unha obra. Captou a miña idea, estivo un momento diante do papel co lápis na man e díxome: «Non podo».

Noutra ocasión, non sei de que lle estaría falando eu, miróume e, co seu sorriso díxome: «Heite levar a Buenos Aires». Fíxome alegrar a súa alegría e rínme con él.

Nas últimas visitas a comunicación era a máis elemental de xestos de cariño.

Carlos morreu o 23 de decembro de 2009. O acto cívico que acompañou as súas cinzas ao río foi precioso e unha mostra do respeto e cariño que todos lle profesamos (figs. 7, 7b, 7c, 7d). Non faltou a música interpretada pola banda de Betanzos dirixida por Raúl Galán, o discurso do presidente da AGC (Paulino Pereiro) e o violín de Vlashi, outro dos seus amigos; no momento de espallar as cinzas no río onde él se bañara de neno e aprendera a nadar.

O 27 de maio de 2012, coincidindo co XXV aniversario da AGC na Aula de Cultura de Betanzos celebrouse un dos concertos do XVII ciclo co que se lle rendía homenaxe a Carlos (fig. 8). En xusto tributo escribín para ocasión unha *Elexía En memoria de Carlos López García* (fig. 9).



Figs. 7b,c,d.- Máis imaxes do seu pasamento.


A Asociación Galega de Compositores, que él contribuíu de forma decisiva a crear e manter, prosegue a súa rayectoria. Sempre o temos presente como non podía ser doutra maneira. E a súa famosa frase «desta imos presos» segue a ter vixencia. Unha das últimas veces que utilizamos a frase foi non hai moito. Creo recordar que foi no pagamento do XV ciclo, no 2010 ou 2011. Este ciclo era ambicioso xa que para un dos catro concertos contratáramos unha agrupación moi grande como era a Banda de Merza. Tiñamos, para financialo, un convenio co Agadic por unha importante cantidade, pero se ve que non léramos con moito detalle as condicións de pagamento. O caso é que Paulino Pereiro e máis eu, naquel momento Presidente e Tesoureira, as dúas persoas con firma autorizada na conta bancaria da AGC, vímonos na situación de ter que pedir un préstamo avalado cas nosas vivendas, para poder afrontar o pagamento que nos permitiría, a posteriori, cobrar a subvención. O día que acudimos ao Banco a asinar o préstamo e, acto continuo, firmar non sei cantas transferencias, Paulino e máis eu mirábamonos e decíamos: «Desta si que imos presos», e botamos a rir. Afortunadamente poucos meses despois todo se arreglou conforme ao previsto e libramos, unha vez máis, do cárcere.

Betanzos, 20-XI-2014



Fig. 8.- O 27 de maio de 2012, coincidindo co XXV aniversario da AGC na Aula de Cultura de Betanzos celebrouse un dos concertos do XVII ciclo co que se lle rendía homenaxe a Carlos.

Fig. 9.- Elexía En memoria de Carlos López García.



Entrega del TÍTULO DE HIJO PREDILECTO y MEMORIAL

en honor y reconocimiento a

SANTIAGO DE LA FUENTE GARCÍA *S. J.*

VICENTE DE LA FUENTE GARCÍA

En la madrugada del 10 de diciembre de 2012 fallecía en Santo Domingo (República Dominicana) el jesuita betanceiro Santiago de la Fuente García. Fue enterrado el día 12 del 12 de 2012 a las 12 horas, en la misma ciudad, por ser su tierra de adopción. Ello era debido a su espíritu de querer encardinarse totalmente con los que en virtud de su vocación, había decidido ejercer su apostolado en las Antillas.





Ya en el Anuario de 1999, la dirección decía de él que «es autor de diversos libros y trabajos, siendo su labor en pro de la cultura pública de Betanzos, enorme y siempre desinteresada, sobre todo en la década de 1980. Desde el Anuario Brigantino queremos recordar sus enormes donaciones de libros a la Biblioteca, la creación del Fondo Local en la misma, la constitución del Grupo Untia -Seminario de Estudios Mariñáns-, su ayuda a D. Francisco Vales Villamarín en el ocaso de su vida; su apoyo decidido a la creación del Museo das Mariñas y de una plaza de archivero-bibliotecario municipal y, ¿cómo no?, su amor por el «Pasatiempo» y por la obra toda de los Hermanos García Naveira, ejemplo de generosidad que él siempre quiso destacar. Por todo ello, al publicar completo el presente trabajo suyo (una parte ya lo fuera en la Gran Enciclopedia Gallega, «García Naveira, Hermanos: Juan y Jesús», en 1980), lleno de datos originales y fechado el 12 de octubre de 1980, queremos desde este su Anuario Brigantino, que también ayudó a recuperar en 1981-82, rendirle nuestro público homenaje de reconocimiento».



Arume

Por acuerdo del Pleno de nuestro Ayuntamiento de Betanzos, de fecha 29 de abril de 2014 se acordó por unanimidad nombrarlo HIJO PREDILECTO en reconocimiento a su labor cultural. La entrega del título correspondiente tuvo lugar en la Sala Capitular de la Casa Consistorial el día 12 de septiembre, en acto solemne presidido por el Alcalde, Ilmo. Sr. D. Ramón García Vázquez, en presencia de la Corporación municipal bajo mazas, y en cuyo acto también estuvo presente el Cónsul de la República Dominicana, D. Emilio Pérez Fontal. Dicho título fue recibido por su hermano D. Vicente de la Fuente García.

Seguidamente, y en el Aula Municipal de Cultura «Xulio Cuns Lousa», se realizó un **MEMORIAL** sobre la figura y obra de Santiago de la Fuente García, así como la presentación de su estudio sobre política hidrográfica en la República Dominicana titulado **EL RIO BAO Y SU ÁREA DE INFLUENCIA**, con las siguientes intervenciones:

Alfredo Erias Martinez, Archivero-Bibliotecario del Ayuntamiento de Betanzos:

«Sr. Alcalde, Sr. Cónsul Honorario de la República Dominicana en A Coruña, demás autoridades, amigos todos:
Debió de ser un día cualquiera del invierno de 1979-80 cuando, al anochecer, apareció por mi casa de Presedo (Abegondo), entonces taberna, mi amigo Eduardo Fuentes, acompañado de un hombre alto, de traje oscuro, camisa gris, alzacuellos, gruesas gafas y amplia sonrisa. Era Santiago de la Fuente, un cura, eso estaba claro.
El tema de conversación, el objeto de sus preocupaciones y la razón por la que quería conocerme era Betanzos.
Yo estaba terminando la carrera y a partir de ese momento establecimos una relación epistolar intensa que creció en el plano directo y personal finalizado el curso.
Me sorprendió algo que no había visto nunca y que no vería tampoco después: tenía una lista de todas las personas con carrera universitaria de la comarca y las visitaba una a una. ¿Por qué? Pues porque consideraba que cualquier cosa que se hiciese, cualquier institución que se crease, cualquier recuperación, puesta en valor o lo que fuese, partía siempre de la


Arume

persona. Sin personas capaces y con el ánimo emprendedor necesario nada se podría hacer por mucho dinero que hubiese para hacerlo.

Ese principio me quedó clavado en mi mente para siempre y es una de las muchas cosas que le debo.

No me olvido que la formación de Santiago es jesuítica y que a ello y a su profunda fe en Dios y en la Humanidad debía su constante e inquebrantable apuesta por la gente y por la sociedad. Era un humanista cristiano de verdad, un hombre de acción, otra manera de ver, de sentir y de actuar de un religioso a lo que no estábamos acostumbrados entonces. Un personaje singular, inquieto e incómodo para algunos, precisamente por eso, porque quería cambiar las cosas, mejorarlas, a través de la Educación y la Cultura como palancas o instrumentos básicos hacia un progreso general. Fue el signo de su vida, la de un betanceiro del que nos podemos sentir todos muy orgullosos y al que desde luego yo nunca le agradeceré suficientemente que cambiase el curso de mi vida.

¿Y qué es lo que Santiago quería hacer en Betanzos?

No edificio Liceo tivo lugar a exposición itinerante «X Concurso de fotografía Xurxo Lobato», organizada pola Asociación de Antigos Alumnos do IES Monelos da Coruña e o Concello de Betanzos.
5 de xullo de 2014
Celebrouse a terceira edición de «Caneiros en Familia», iniciativa do Concello para fomentar os valores tradicionais da romaría dos Caneiros.



César

11-13 de xullo de 2014

Celebrouse a XVII edición da Feira Franca, declarada de Interese Turístico de Galicia, que contou con diversas recreacións históricas realizadas por voluntarios e grupos teatrais: expulsión dos leprosos, tributo das cen doncelas, torneo medieval… A Feira deu comezo coa lectura do pregón a cargo do periodista Toni Silva.

Pregón da XVII Feira Franca Medieval

Veciños das terras de Andrade, visitantes e amigos de Betanzos.

Benvidos ao pasado. Chegou a hora de retrasar os reloxos máis de seicentos anos. Se vos queredes comunicar con alguén, lamento dicirvos que non hai whatsapp, probade mellor cunha pomba mensaxeira. Toca vivir á luz das candeas. Os vehículos máis rápidos serán os vosos cabalos. Esquecede a tortilla de Betanzos: as patacas aínda non saíron de América. E se alguna embarazada se pon de parto nestes tres días, que saiba que non hai epidural.

Pero non só vos quero dar a benvida no tempo senón tamén no espazo. Estades nun templo de pedra de case oito centurias que esta fin de semana maquillouse e puxo as mellores galas pensando en todos vós. Baixo os vosos pés, por debaixo desas lousas adolescentes que pisades, escoitan as vosas vibracións as pedras do castro de untia, a Troia escondida de Betanzos. E a pedra que se exhibe ó aire libre neste recuncho elevado ´unha festa para os ollos. Escollede unha, mirádea fixamente durante uns segundos e imaxinade toda a xente que pasou ante ela, xeracións e xeracións, as escenas domésticas, bélicas ou festivas que ese anaco de granito presenciou ante si. E logo multiplicade esa pedra por un millón, ou por cen millóns… non sei, o resultado é o lugar onde vos atopades agora, a zona histórica, un escenario onde actores e público son a mesma cousa.

O mariño británico John Stucley, se cadra levado polo seu amor a unha muller da comarca de Betanzos, tentou vencellar esta cidade coa Pedra do Destino, ese tótem utilizado en Escocia nas ceremonias de coroación dos reis. Stucley deulle voltas e máis voltas para atopar un nexo entre a cidade dos Cabaleiros e ese bloque de arenisca que se supón utilizou Xacob como almofada no seu soño da Xénese, e que hoxe se conserva no Castelo de Edimburgo. A tese sería fabulosa, pero non precisamos que sexa certa porque Betanzos ten milleiros de pedras do Destino. Percorrede as rúas e igrexas e o veredes que non esaxero. Daredes con pedras tatuadas polos gremios, outras respetadas, pedras regulares e pedras sen arestas, xabaríns de pedra, pedras pequerrechiñas pero vitais para completar un



César

rosetón, cruces de pedra, virxes petrificadas, pedras rachadas, escaleiras graníticas, laxas furadas para aliviar a fonte, equilibrios de pedra que conforman cruceiros, lápidas sabias que falan latín, e sarcófagos, moitos sarcófagos nos que a mayoría dos rostros teñen roto o nariz. Sospeito que o granito nn quere saber nada de partes brandas como cartílagos. Se levantades a vista tamén veredes pararraios estampados en cruces de pedra que foron labradas trescentos ou catrocentos anos antes de nacer Benjamin Franklin.

Tamén poderedes facer a vosa clasificación por cores: pedras ennegrecidas por un incendio do que xa non quedan testigos; pedras vermellas marcadas polo óxido dun vello compañeiro de metal; pedras brandas e verdes descompostas pola humidade. Tamén neste museo chamado Betanzos hai pedras xibarizadas que vomitan auga de chuvia. Escudos laberínticos como o oráculo do Lanzós, cenotafios, tumbas, etcétera.

E nestes case oito séculos de acumulación pétrea, quédome coa lección que nos ensinan as pedras a todos os que entre elas nos movemos. Nada valen de forma illada pero xuntas, grandes e pequenas, son capaces de debuxar ducias de edificios, un escenario tan incrible coma no que hoxe nos atopamos, un espazo que merece ser celebrado cada ano baixo o nome de Feira Franca Medieval. Son as mesmas pedras que emocionaron a Emilia Pardo Bazán cando viña pasar os días á casa da señora Rufina de Souto. Aquela visita invitouna a dicir: «En Betanzos debiera practicarse lo que en Nuremberg: edificar lo nuevo al modo antiguo, respetando nimiamente la originalidad, la variedad fresquísima de las moradas viejas».

Perdoade que non vos falara do pazo de Bendaña, nin da igrexa de Santa María, ou da muralla, pero non son un deses bos historiadores que agroman en Betanzos. O que si sei é que ao igual que non hai corpo sen átomos, non hai monumento sen pedras. Elas nos trouxeron hoxe a quí e elas seguirán contemplando silenciosas o paso do tempo sobrevivindo ás violentas batallas, aos elementos atmosféricos, ás administración durmidas e aos especuladores pacientes. Estas pedras son a nosa historia, pero tamén o noso destino.

Remato par que comece a diversión. Vivide esta festa con intensidade e conciencia de estar celebrando a historia. E aos visitantes vos digo que este museo de pedra que hoxe vos recibe engalanado tamén espera por vós cando toque retirar os estandartes e as pedras queden espidas. Este escenario está aberto todo o ano. E só ten sentido coa vosa presencia.

¡¡¡Feliz feira medieval!!!

16-31 de xullo de 2014

No edificio Liceo puido verse a exposición itinerante «As Mariñas de nunca xamais», do ilustrador betanceiro Luis Galán, organizada polo Consorcio As Mariñas e o Concello de Betanzos. Como complemento á exposición celebrouse un Obradoiro sobre ilustración vectorial a cargo do autor.



16 de xullo a 16 de agosto de 2014

Ó longo destes días as rúas de Betanzos acolleron as obras participantes na *XIV Bienal Balconadas*, organizada polo Concello.

19 de xullo de 2014

No Pleno do Concello celebrado neste día presentou a dimisión como concelleira, Dª María Dolores Faraldo Botana.

22 de xullo de 2014

Faleceu neste día Xulio Cuns Lousa, importante figura cultural da nosa cidade. Destacou en varias facetas: guitarrista, actor, escritor, conferenciante, tradutor, investigador e gran conversador. Fillo predilecto de Betanzos desde o ano 2013, a Aula de Cultura leva o seu nome desde ese momento. A cidade quedou orfa da súa historia máis especial, daqueles contos betanceiros que el contaba como ninguén converténdoos en acontecementos únicos. Desde o *Anuario Brigantino* recordarémolo sempre con agarimo, posto que foi para nós un mestre e sobre todo un bo amigo, ademais do seu secretario.



Veiga

24 de xullo de 2014

No auditorio do Parque do Pasatempo tivo lugar a primeira edición do festival *Roque and Roll*, no que participaron os australianos *Airbourne* e os norirlandeses *The Answer*, así coma os ferroláns *Riff Raff*.

27 de xullo de 2014

Dentro do programa de actuacións do III Festival BetanJazz celebrouse un concerto de Pedro Lamas e Jacobo de Miguel Grupo, na Praza da Constitución.



César

28-31 de xullo de 2014

Desenrolouse ó longo destes días a «XIV Semana Internacional do Cine de Betanzos», organizada pola Universidade da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos, a Secretaría de Medios da Xunta de Galicia, o CGAI, supermercados GADIS e o Corte Inglés. Este ano estivo adicada a Luis Eduardo Aute e o seu cine. Os actos consistiron na proxección de varias películas e traballos que o autor realizou para o cine. Pastora Vega foi a encargada de entregarlle un obsequio conmemorativo no acto de clausura celebrado no cine Alfonsetti.



1 de agosto de 2014

Dentro do programa de actuacións do III Festival BetanJazz organizado polo Concello de Betanzos, tivo lugar na praza da Constitución o Concerto do grupo Ton Risco Trío.

Arume





2-31 de agosto de 2014
Ó longo destes días puido contemplarse no edificio Liceo a exposición de fotografías titulada «Historia de Betanzos en fotografías», da que son autores os betanceiros Ton Pena e Moncho Presedo.

9-10 de agosto de 2014
Celebrouse na Praza da Constitución a II Mostra de Viños e Produtos das Mariñas, con actividades, degustacións, catas, visitas guiadas, obradoiros e actuacións. O obxectivo foi promocionar a Indicación Xeográfica Protexida *Viño da Terra de Betanzos* e as variedades autóctonas da Reserva da Biosfera de produtos de horta, queixos, mel, xeados, cervexa, artesanía, etc.



13 de agosto de 2014
O xurado da Bienal Balconadas e os gañadores. O primeiro premio foi para o artista leonés, Manuel Ángel Serantes Morán. Os accésits foron para Pedro de Miguel García (Pedrezuela, Madrid) e Omar Kessel (A Coruña). As mencións especiais foron para Mariña Etxeverría Morán (San Sebastian), Marcos Manuel Real Rivas (A Coruña), Silvia López Alonso (Madrid) e Lucia López Sánchez (A Coruña).



13 de agosto de 2014
Na igrexa de San Francisco celebrouse o tradicional *Concerto Cidade de Betanzos* coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e Banda Municipal de Betanzos. Estreouse o pasodobre titulado *Alpedrete* da autoría do músico brigantino Paco Casal.



14 de agosto de 2014
Presentouse na libraría Biblos *El convento de San Francisco de Betanzos: un eslabón perdido del Camino Inglés de Santiago de Compostela*, do que son autores os arquitectos Marta Colón e Fernando Fraga.

14 de agosto de 2014

Na praza da Constitución, o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina Catuxa Gómez Teijo. Seguidamente, desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón a cargo da profesora Susana Vázquez Cupeiro. Este acto representou o comezo oficial das festas.



Arume

Pregón das Festas de San Roque

Betanceiras y betanceiros, gentes de lugares cercanos y lejanos que hoy nos acompañáis. Permitidme que comience agradeciendo a la corporación municipal esta invitación, ya que es un honor para mí estar hoy aquí y ser a primera mujer betanceira pregonera de las fiestas patronales en honor a San Roque.

Son incontables los recuerdos que tengo de la infancia, adolescencia y parte de la juventud vivida en Betanzos. Muchas experiencias que guardo cuidadosamente en mi memoria, porque aquí están mis raíces y porque esta tierra es una parte muy importante de lo que hoy soy. Con especial afecto y gratitud recuerdo los años en el colegio y en el instituto, ambos lugares donde sin duda se despertó mi vocación por la educación, la docencia y la investigación; una profesión que hoy desempeño con pasión; pasión que en parte debo a las profesoras y profesores que, con mucha paciencia y tesón, no solo se volcaron en transmitir conocimientos académicos sino que también me dotaron de las herramientas necesarias para afrontar los retos de la vida.

Recuerdo también con especial cariño la invitación a ser dama infantil, una experiencia que más tarde pude repetir como dama de la Reina de las Fiestas el año en que, entre otros muchos acontecimientos, se constituía la Banda Municipal de Música y el entonces presidente de la Xunta de Galicia, Manuel Fraga, leía el pregón. Muchas cosas han cambiado desde entonces, pero la ilusión por estar aquí y compartir estos días de fiestas de marcado carácter religioso y popular permanece intacta.

Betanzos es un lugar donde coexisten pasado y presente; una ciudad viva, en constante cambio y transformación, y no me refiero sólo a cambios urbanísticos o a mejoras en las infraestructuras. Cada vez que paseo por sus tranquilas calles y, como anfitriona la muestro a las personas que quiero y no



Arume

han nacido aquí, descubro nuevos y múltiples matices que sólo se hacen visibles cuando se mira algo con celo; un sentimiento que trato de transmitir a forasteras y forasteros, que terminan dejando algo aquí pero siempre llevándose una parte de esta acogedora ciudad.

Hoy creo que es también un buen momento para recordar el papel, a menudo silenciado, de muchas mujeres de nuestra tierra que además de contribuir a conformar nuestra identidad han hecho posible, de alguna manera, que hoy una mujer lea este pregón. Betanzos, a menudo conocida como la «ciudad de los caballeros», una denominación que le viene del esplendor vivido entre los siglos XV y XVI cuando un gran número de ilustres familias gallegas se establecieron aquí, es también una ciudad donde encontramos mujeres ilustres, inconformistas, rebeldes, generosas y con un agudo sentido de la justicia.

Si nos remontamos al siglo XIII hallamos a María Pérez «a Balteira», una célebre soldadeira de familia noble. El protagonismo adquirido por esta mujer, que frecuentó la corte de Alfonso X el Sabio, la llevó a ser citada en múltiples cantigas medievales. Pocos son los datos que rodean su figura histórica y la María Balteira que conocemos se articula en torno al imaginario de los trovadores, que muestran una mujer con una buena parte de vicios y transgresiones que se condenaban en la época: aficionada al juego, estafadora, blasfema y desmesurada, pero también aventurera, libre, valiente e independiente.

Podemos también recordar a la ilustre benefactora Úrsula Meléndez de Texada que a principios del siglo XVII dejó en testamento sus bienes para la construcción de una casa «Colegio de Huérfanas», doncellas oriundas de Betanzos, un lugar donde recibían sustento, dote y educación, y en cuyo edificio se conserva el escudo de la ciudad. El recuerdo de esta dama de la hidalguía de Betanzos hoy se mantiene vivo a través del premio que lleva su nombre y que fue, creo que muy acertadamente, creado por este consistorio hace unos años para reconocer acciones positivas a favor de la igualdad afectiva entre mujeres y hombres.

A día de hoy muchas son las mujeres que continúan trabajando por y para Betanzos. Mujeres con nombre propio, como Ana Saavedra, que desde hace años realiza una labor encomiable como presidenta de Mirabal, una asociación que ayuda a aquellas que sufren la lacra de la violencia contra las mujeres en Betanzos y su entorno. Pero también mujeres anónimas, agricultoras, ganaderas, empresarias, abuelas, madres e hijas que cada día dedican su tiempo e incansable esfuerzo a cuidar de sus familias, y que sin duda merecen un lugar y un reconocimiento en nuestra ciudad.

Porque además de una ciudad de personas filántropas, viajeras, creativas y emprendedoras, Betanzos es una ciudad de personas agradecidas. Un buen ejemplo de ello es el Globo de San Roque. En Betanzos hay una gran tradición de aeróstatos: el de San Roque, el de los Caneiros o el de Nuestra Señora, cada uno con su técnica especifica de lanzamiento, decoración y contenido, pero siempre de papel, ilustrados y con una barquilla de fuegos de artificio. En honor a San Roque, y desde 1814, fabricamos y lanzamos de manera artesanal el hasta hoy aeróstato de papel más grande del mundo.



Arume

Además de expresión artística que simboliza el esfuerzo y el trabajo colectivo, el Globo representa el agradecimiento al protagonista de nuestras fiestas que, según la leyenda, hace siglos salvo a nuestras vecinas y vecinos de una epidemia de peste que azotó la ciudad.

Una gran emoción rodea este acontecimiento, uno de los más esperados del año. Desde que tras una celosa preparación se cuelga de la Torre del convento de Santo Domingo para ser inflado, hasta que comienza a girar para disfrutemos de sus cuarterones ilustrados y finalmente se eleva y hace su primer y último viaje. Siguiendo una tradición que ha perdurado en el tiempo, este año nuestro globo se acercara al campo santo para mostrar respeto a aquellas betanceiras y betanceiros, de nacimiento o de adopción, que ya no están con nosotros. Y me vais a permitir que aproveche este momento para, además de recordar a aquellas y aquellos que por motivo de salud, familiares o profesionales, no pueden estar hoy aquí celebrando el inicio de nuestras fiestas patronales, tenga un sentido y cariñoso recuerdo para aquellos familiares, amigos y vecinos que se han ido para siempre. Estoy segura de que desde algún sitio nos están viendo y sin duda compartirán con nosotros la magia de estos días.

Me gustaría terminar invitando a aquellas y aquellos que nos visitáis a participar en la tradicional gira fluvial, en la que embarcaciones repletas de romeras y romeros cruzarán engalanadas el rió Mandeo para llegar al campo de los Caneiros. Allí, además de cantar y bailar, vecinas, vecinos y gentes de otros lugares, se encontrarán y reencontrarán para disfrutar de una cita anual donde no faltará el buen beber y los productos del país.

Pasead sin prisas por esta villa que se asienta en la colina donde se encontraba el castro de Unctia, que en algún tiempo fue ciudad amurallada y todavía conserva el esplendor de una de las siete capitales del Antiguo Reino de Galicia. Caminad por sus tranquilas calles empedradas y admirad las casas balconadas. Visitad los soportales de tradición medieval donde antiguamente se establecieron los artesanos; y las galerías acristaladas que antaño fueron balcones corridos de madera y que hacían las veces de hórreos donde secar el maíz y los frutos. No dejéis de descubrir las puertas medievales, los puentes, pazos, templos góticos, conventos y sepulcros, como el monumental sarcófago de Fernán Pérez de Andrade, «O Bo», que perteneció a un linaje que ha marcado la historia de Betanzos. Y por supuesto, adentraos en el recuperado jardín temático del Pasatiempo, donde encontrareis los restos de un Parque Enciclopédico con el que los hermanos García Naviera, ilustres benefactores de la ciudad, quisieron dar a conocer a finales del siglo XIX los conocimientos científicos y monumentos más importantes del mundo; allí nao faltarán los canales, fuentes, estatuas, estanques, grutas y laberintos. Disfrutad de los vinos, aguardientes y de la gastronomía de la zona. Comed y beber. Repartid sonrisas y volved siempre que queráis porque, en cualquier momento del año, seréis bienvenidas y bienvenidos en esta también vuestra ciudad.

Betanceiras y betanceiros, amigas y amigos, desde aquí os convoco a disfrutar y vivir con alegría las Fiestas Patronales de San Roque 2014. ¡Salud y viva Betanzos!



Arume



Arume

14 de agosto de 2014

Fíxose entrega dos premios Garelos 2014: En Educación e Cultura, á Danza de Mariñeiros; en Deporte, ós baloncestistas Jesús Barallobre, Sergio Gómez e Manu Gómez; en Industria, Comercio e Creatividade, ó establecemento de José Vázquez Bonome. Entregouse un Garelo Especial ó Grupo de Voluntarios de Protección Civil.

15 de agosto de 2014

Na praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña Noa Touriño Maceiras, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente, a moza Isabel López Blanco deu lectura ó pregón infantil.



César

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Un ano máis, no día en que o pobo de Betanzos renova a súa fidelidade a ti, cumpro coa tradición e ofrézoche o noso agarimo, o noso compromiso e, ao mesmo tempo, non podo por menos de amosarche as nosas tristuras e as nosas arelas na procura da túa axuda, como nos axudaches en tantas ocasións, especialmente nos escuros e xa afastados días da peste negra.

Cada día o mundo parece máis pequeno, os adiantos técnicos achéganos moito. Coñecemos a terra e mesmo o universo como nunca na historia humana. Parecería que ese coñecemento nos podería unir máis, que esa técnica favorecería a xestión racional do noso mundo. E, non obstante, esa mesma técnica, utilizada por poderes escuros que pasan por riba dos gobernos e dos pobos, fai que as guerras sexan cada día máis brutais, que artefactos como os «drons» sexan efectivos contra calquera e sen ningún risco para os atacantes. E logo está iso que se chaman os «mercados» que se utilizan ás nosas costas sen escrúpulos, arruinando países e mesmo continentes enteiros por moitos anos.

Sei que sempre o mundo foi complicado, mais as perspectivas que temos por diante non aboan o optimismo. O mesmo clima, que debía ser sagrado, foi alterado desde os inicios da revolución industrial aló polo século XVIII e semella que xa non ten arranxo. Camiñamos cara a unha das grandes catástrofes planetarias e toda a humanidade periga. É certo que quizais non merezamos permanecer no Paraíso que desfixemos, pero por iso mesmo, cando aínda hai tempo, pídoche, como o fixemos sempre os betanceiros, que nos axudes a atopar o bo camiño, porque ti que es peregrino sabes dos bos camiños, dos que nos levan á luz e non ás tebras da noite e do esquecemento eternos.



Erias

Este panorama xeral é tormentoso, tamén o é cando falamos da nosa xente, xente con nome e apelidos, xente que quere traballar e non atopa traballo, desprazados por múltiples razóns que veñen e que van, relixións en bandeiras que enfrontan, muros reais e culturais que separan, tristura e dor nas familias... Diante deste panorama danos esperanza, axúdanos a que os nosos nenos e mozos poidan atopar sendas de traballo, de futuro e de ledicia en comuñón co planeta, coa vida toda, como era no mundo antigo e como debe ser. Axúdanos a todos a poder distinguir entre as falsas promesas do consumismo e a verdade sinxela e clara. Axúdanos a ver máis aló. E sendo como foi e como segue a ser Galicia terra de emigración, pídoche hoxe moi especialmente que enchas os corazóns dos galegos espallados polo mundo de ledicia, para que o seu eterno agarimo pola terra se vexa recompensado no seo das súas familias e na comunidade onde fixeron e fan a súa vida. Pido por todos, sexan de Betanzos ou non, porque todos somos irmáns, mais especialmente polos que máis
sofren, polos maiores, polos enfermos. Que volva a ilusión!
José Ramón García Vázquez (Alcalde)

16 de agosto de 2014

O Globo de San Roque, que realizou a familia Pita, iniciou un ano máis a súa viaxe cara ó ceo brigantino diante de numeroso público. Nesta ocasión voou ata Cela na parroquia de Mántaras.

18 e 25 de agosto de 2014

Como é tradicional foron moitas as lanchas engalanadas que subiron río arriba polo Mandeo ata o campo dos Caneiros, para o que se contou cun amplo dispositivo de seguridade. O Concello premiou as lanchas mellor engalanadas. O primeiro premio foi para «Barallocas», de Antonio Suárez Castro; o segundo para «Froján», da Asociación Mariñeiros do Regato dos Mouros e o terceiro para a Asociación *A Esmorga*, representada por Antonio González Suárez.



Veiga



La Voz de Galicia

19 de agosto de 2014

A betanceira Lidia Gómez recibiu na libraría Biblos o premio *Biblos-Casa Grande do Bachao* de novela para autores menores de 25 anos coa obra titulada *Os pantalóns nunca foron cousa boa*.

Agosto-Setembro de 2014

Tiveron lugar ó longo destes meses as distintas actuacións do *Festival Brigamusic*, organizado polo Concello de Betanzos, coa participación dos grupos *Loss Yos* (Betanzos), *Sickeeper* (Betanzos), Vizcaíno (Sarria), Alfredo González (Asturias), Grupo *Seis por oito* e *Los Inesperados* (Betanzos).

Setembro de 2014

Deu comezo o Programa Integrado de Emprego da agrupación municipal dos concellos de Coirós, Paderne e Betanzos, financiado a través do Ministerio de Emprego e Seguridade Social e a Consellería de Benestar.

Setembro de 2014

O Concello asinou neste mes convenios de colaboración con diferentes entidades do concello: Cáritas, Cruz Vermella, Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade e APE, Asociación de Comerciantes e Empresarios (ACEBE), Fundación CIEC, Confraría de Semana Santa, Coral Polifónica, Amigos da Banda, Asociación de Pais do colexio Vales Villamarín, Betanzos CF, Club de Piragüismo, Club de taekwondo, Troula Fútbol Sala, Santo Domingo de Baloncesto, Club Ciclista e o Club Caimanes.



5 de setembro de 2014

Visitou Betanzos o barítono italiano Leo Nucci, quen foi recibido na Sala Capitular polo concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz Pereira.

6 de setembro de 2014

Visitou a nosa cidade o Presidente de Panamá, D. Juan Carlos Varela, quen foi recibido na Sala Capitular polo alcalde, D. Ramón García e a alcaldesa de Bergondo, Dª Alejandra Pérez Máquez. O motivo da súa visita foi a de coñecer os lugares de orixe do seu avó e a varios familiares, que o acompañaron na visita a Betanzos e Bergondo.





César

12 de setembro de 2014

Na Sala Capitular do Concello tivo lugar a entrega, a título póstumo, do diploma de Fillo Predilecto de Betanzos a Don Santiago de la Fuente García sj., que recolleu de mans do alcalde, D. Ramón García, seu irmán, D. Vicente de la Fuente. Posteriormente na Aula de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar un Memorial na súa honra, xunto coa presentación do seu estudo titulado *El Río Bao y su área de influencia* por conta do economista dominicano Juan Manuel Prida Busto. No acto interviñeron a profesora de filoloxía, Dª María Teresa Amado; o rexistrador e ensaísta, D. Jaime Concheiro; o xesuita, D. Joaquín García o profesor e pedagogo, D. Eduardo Fuentes e o arquiveiro-bibliotecario D. Alfredo Erias.

Setembro de 2014

Comezou a funcionar o edificio escolar de Infantil do Carregal, como Aulario do colexio Vales Villamarín.



18 de setembro de 2014

Un grupo de directivos da *International National Trusts Organisation* (INTO) percorreron o Camiño Inglés para a súa promoción, nunha iniciativa promovida pola Deputación da Coruña en colaboración con Tesouros de Galicia. Foron recibidos polo alcalde, D. Ramón García e a concelleira de Turismo, Dª María Barral.



César

20 de setembro

Tivo lugar unha homenaxe ó músico e compositor betanceiro Francisco Casal Espiñeira co descubrimento dunha placa que dá o seu nome á Sala de Ensaios do Conservatorio Municipal de Música «Carlos López» de Betanzos, nun acto presidido polo alcalde, D. Ramón García.

20-28 de setembro de 2014

Desenrolouse nestes días a *III Semana de Custodia do Territorio* organizada por Fragas do Mandeo e GDR Mariñas-Betanzos. O programa incluíu conferencias, actividades de voluntariado e como novidade unha eco-regata para a mellora dos espazos naturais da Reserva da Biosfera.



Arume

26 de setembro de 2014

Tivo lugar na sala capitular a entrega do diploma de Fillo Adoptivo de Betanzos a Don Francisco Javier Etcheverría de la Muela. Este nomeamento recoñece a vinculación e a colaboración persoal tanto a nivel institucional, directamente co Concello, como con familias e empresas de Betanzos ás que ofreceu a súa axuda, sendo presidente do Banco Etcheverría.



Arume

26 de setembro de 2014

Na Aula Municipal de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a presentación do Anuario Brigantino 2013 nº 36. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García, a quen acompañaba Don Francisco Javier Etcheverría de la Muela; o concelleiro de cultura, D. Francisco Díaz e o director da publicación, Alfredo Erias. A presentación correu a cargo da Profesora Titular de Filoloxía Grega da Universidade de Santiago de Compostela María Teresa Amado Rodríguez.

30 de setembro de 2014

No Pleno do Concello deste día tomou posesión como novo concelleiro polo Partido Popular, D. Santiago Mosquera Faraldo. >>>



César

2-15 de outubro de 2014

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada *Óleos rebelados*, do betanceiro Luis Faraldo Velasco (Biscaia, 1970).



3 de outubro de 2014

Celebrouse a vendima infantil, organizada por *Viña Ártabra* e o Concello, na que participaron alumnos dos colexios Vales Villamarín e Atocha.

4 de outubro de 2014

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra *Dura lex* interpretada pola compañía *Volta e Dalle Teatro*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.


4 de outubro de 2014

Na Igrexa de Santa María do Azougue tivo lugar o concerto titulado *Oh, María!* por conta de Mercedes Hernández e Fernando Reyes, dentro do programa *Espazos Sonoros 2014*, organizado pola Secretaría Xeral de Cultura da Xunta de Galicia.

5-12 de outubro de 2014

Celebrouse ó longo destes días a Semana da Tortilla de Betanzos, organizada polo Concello e no que participaron unha vintena de locais. O premio á mellor tortilla recaeu en Casa Miranda.





8 de outubro de 2014

No edificio Liceo tivo lugar a conferencia titulada *Literatura y sociedad* por conta do poeta e escritor arxentino Carlos Penelas, organizada polo Concello de Betanzos.

10 de outubro de 2014

Na Aula de Cultura Xulio Cuns, tivo lugar un concerto por conta do grupo *Ensamble Acordes de Lara* (Venezuela), dentro das actividades do XXV Festival Internacional de Música de Pulso y Púa «Cidade de Cristal» que organiza a *Agrupación Musical Albéniz*, coa colaboración do Concello de Betanzos.

10-12 de outubro de 2014

O Concello e a Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos organizaron un Outlet na Praza do Campo no que participaron 21 establecementos.




César

15 de outubro de 2014

Presentouse en *Casa Castillo* da rúa dos Ferreiros o libro de Xesús Fraga, *Reo* da editorial Galaxia. No acto de presentación participaron o editor, Francisco Castro, o profesor, Xosé Luís Mosquera e o propio autor. O acto contou coa participación da libraría Biblos e dunha demostración de graffiti con *Camborios Art Crew*.

15-18 de outubro de 2014

Celebrouse ó longo destes días un Obradoiro de iniciación ao Teatro Cómico e Clown por conta de Pedro Brandariz. Esta actividade está organizada pola Xunta de Galicia dentro da Rede de Dinamización Lingüística en colaboración co Concello de Betanzos.



17 de outubro de 2014

Presentouse no edificio Liceo o libro de Xabier López López, *Olympia Ring, 1934*, da editorial Galaxia. No acto participaron Xesús Torres Regueiro, presidente da A. C. Eira Vella; Antonio M. Fraga, escritor, e o autor, Xabier López López. O acto contou coa participación da libraría Biblos.

17-30 de outubro de 2014

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada *Imaxes con Fondo*, organizada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e o Concello de Betanzos.

20-22 de outubro de 2014

Desenrolouse no edificio Liceo o *X Festival Internacional de Títeres Consorcio das Mariñas (Galicreques 2014)*, no que participaron os seguintes grupos: *La gotera de Lazotea* (Andalucía), *A Xanela do Maxín* (Galicia) e *Títeres Cachirulo* (Galicia).

Outubro de 2014

Arume Fotografía foi o establecemento escollido como o favorito dos participantes na iniciativa da Consellería de Economía e Industria Centros Comerciais Abertos. Máis que comercio!, que se desenvolveu ó longo deste mes e que ten como obxectivo resaltar os valores do comercio de proximidade, como son a calidade, o trato ao cliente ou a variedade. Entregóuselle un diploma acreditativo nun acto no que estiveron presentes entre outras personalidades, a directora xeral de Comercio, Sol Vázquez, a delegada da Xunta, Belén do Campo, e o alcalde, D. Ramón García.

Novembro de 2014

Neste mes comezaron os traballos de restauración dos dous hórreos do Paseo da Galera,coa colaboración da Deputación Provincial.

1 de novembro de 2014



No Colexio Loyola de Santo Domingo (Rep. Dominicana) tivo lugar unha homenaxe ó xesuita brigantino Santiago de la Fuente García, por parte de alumnos e profesores no que interviñeron D. Juan Manuel Prida, D. Giuseppe Di Vanna e o P. Jesús Zaglul, tamén se leu unha comunicación do alcalde de Betanzos, D. Ramón García. O acto onde se presentou a súa última publicación «El río Bao y su área de influencia» estiveron presentes seus irmáns Vicente, María Victoria e Dª Mabel Lago.

15 de novembro de 2014

Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Rosa de dous aromas» interpretada pola compañía *Teatro Proscrito*, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

20-21 de novembro de 2014



Veiga



César

Celebrouse o Memorial Carlos López García-Picos, organizado polo concello de Betanzos e que foi coordinado polo músico e investigador betanceiro Javier Ares Yebra. Houbo unha Mesa redonda coa participación de Margarita Viso, presidenta da Asociación Galega de Compositores, e Juan Durán, compositor e cofundador da AGC. No concerto homenaxe participaron, ademais de Ares Yebra, Javier Cedrón, Ernesto Riobó, Ricardo Morente e Juanjo Díez. Estreáronse as obras: «Cuarteto de corda con guitarra», de 2003; trío de cordas «Requiem por Gerardo», de 1995; «Allegro festivo» e «Canto Lúgubre», para violonchelo só; así como obras transcritas para guitarra. O cartel anunciador no que participaron artistas do CIEC, foi de Patricia Branco.

21 de novembro de 2014

Celebrouse por Betanzos a «Andaina pola Igualdade e Contra a Violencia de Xénero», organizada polo Consorcio As Mariñas.



Arume



Arume

28 de novembro de 2014

Unha comisión de antigos alumnos celebrou o centenario das Escolas García Naveira rendendo unha homenaxe na praza do Campo diante da súa estatua ós irmáns don Juan e don Jesús García Naveira. Depositouse unha coroa de flores e interpretáronse os himnos arxentino e español. De seguido, na Aula de Cultura «Xulio Cuns» celebrouse un memorial na súa honra no que participaron D. Jaime Lafora, en representación da familia, o alcalde, D. Ramón García, D. Eduardo Fuentes e os membros da comisión organizadora, D. Dario Amor e D. Antonio Couceiro, quen editou un libro recordatorio do centenario.



28 de novembro-8 de decembro de 2014

Ó longo destes días desenrolouse a *IV Semana do Pincho*, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron 19 establecementos, sendo elixido como mellor o pincho do *Bar 1931* cunha crema de bacallau con queixo e algas crocantes.

Decembro de 2014
Ó longo deste mes puido visitarse no edificio Liceo a exposición de fotografía do artista Esteban de la Iglesia titulada «Miradas que falan», organizada polo Centro Pai Menni de Betanzos.

Decembro de 2014
Celebrouse nos fins de semana deste mes no cantón de Claudino Pita o Mercado de Nadal.

1-16 de decembro de 2014
Organizados polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña, celebráronse ó longo destes días nos centros educativos da cidade varios actos pedagóxicos e culturais como obradoiros, concertos didácticos, contacontos, no que participaron os grupos *Catro no Metro* e Xoan Curiel, *Compañía Baobab*, coro *Canta Compaña*, o Mago Dani García e o actor Santi Prego.



6- 27 de decembro de 2014
Desenrolouse na Aula de Cultura Xulio Cuns o *VI Ciclo de Teatro en Familia* organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC. Representáronse as obras seguintes: «Contos mariñeiros» pola compañía *Ghazafelhos*; «Aurora», por *Elefante Elegante*; «A voar!» por *Sarabela Teatro*, e «Martes» pola compañía *Baobab Teatro*.

7 de decembro de 2014
Nas Pistas Polideportivas do Carregal tivo lugar a «Feira da Reciclaxe» organizada por INS3RTEGA coa colaboración do Concello de Betanzos e a Asociación Galega de Vendedores Ambulantes.

7 de decembro de 2014
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a representación teatral da obra «Rosa de dous aromas» interpretada pola compañía Teatro Proscrito, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.



12 de decembro de 2014
Celebrouse un Pleno Infantil, organizado polo Concello de Betanzos en colaboración con UNICEF, o CEIP Francisco Vales Villamarín e o CPR Nosa Señora do Carme-Atocha.

14 de decembro de 2014
Dentro dos actos de Nadal puido visitarse a partir deste día o belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro, situado no segundo andar do edificio Liceo.
14 de decembro de 2014
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo Viva la Zarzuela por conta da Coral Polifónica Santa María de Cambre, organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Cultural da Deputación da Coruña.
14-21 de decembro de 2014
No edificio Liceo tivo lugar a exposición e mercadiño de bordados artesanais realizados polo Centro Ocupacional Pai Menni de Betanzos.
20 de decembro de 2014
No Cine Alfonsetti tivo lugar un concerto solidario para a recollida de alimentos, organizado pola Asociación de Músicos de Betanzos (ASMUBE) e Betanceiros en el mundo.
23 de decembro de 2014
Na Aula Cultura Xulio Cuns tivo lugar o concerto de presentación do último traballo discográfico do grupo *Fiandola* titulado «Volta e media», organizado polo Concello de Betanzos.
26 de decembro de 2014
No Cine Alfonsetti tivo lugar o espectáculo musical destinado a público infantil «Cantigas da Estrela», da man do músico Magín Blanco. Este acto estivo englobado dentro do programa de dinamización Lingüística Nadal en Rede 2014, organizado pola Rede de dinamización lingüística da Xunta de Galicia en colaboración co Concello de Betanzos.
26 de decembro de 2014
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar o espectáculo Nadal en Danza organizado por Danzarte Betanzos SC.
28 de decembro de 2014
Celebrouse a Carreira popular de Nadal organizada polo Concello de Betanzos e o Consorcio das Mariñas.
28 de decembro de 2014
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar a *I Velada de Radioteatro Amateur* por conta dos grupos de Radio Coirós e Betanzos Radio coa autoría e organización do Laboratorio de Radio.
30 de decembro de 2014
Na Aula de Cultura Xulio Cuns tivo lugar un concerto de Fin de Ano por conta do Coro Gaos da Coruña**.**
Decembro de 2014
En todo este mes e parte de xaneiro de 2015 desenvolveuse o programa de festexos de Nadal, organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociación e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo dos irmáns Bruno e Brenda Bortulluri do colexio Vales Villamarín, que resultou gañador do concurso de carteis de Nadal do Concello.



NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

Tema
O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

Publicación
Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traduccións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

Formato e soporte
Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

Extensión e ilustracións
Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.
En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

Idioma
A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

Autor-Autores
Engadirase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servicios, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadirase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

Sumario e *Abstract*
Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

Texto
Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.
Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.
As comiñas simples ' ... ' resérvanse para encerrar significados.
As supresións de texto nas citas indicaranse mediante tres puntos entre corchetes [...].
As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

Citas bibliográficas
Aceptaranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espacio e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñerase o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluirase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Miguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).
Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificalas: (Monteagudo, 2000a)
Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese ponse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...
Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis ponse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indicaranse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación (entre paréntese seguido por dous puntos), *Título do libro en cursiva*. Editorial (Colección se é pertinente) e cidade. P. ex.: CHAMPEAUX, Gérard de, STERCKX, Dom Sébastien (1989): *Introducción a los símbolos*. Ediciones Encuentro (Colecc. *Europa Románica,* v. 7.), Madrid.

Se se trata da **edición dun texto** indicarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.) (2000): Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluirase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza (2000) (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Editorial (Colección), cidade: páxinas. P. ex.: FRADEJAS RUEDA, José Manuel (2000): «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26): 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indicarase o nome do autor (APELIDOS, nome) (ano de publicación): «título do artigo». *Título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábigas, páxinas: MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen (1998): «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad». *Espacio, Tiempo y Forma*, Serie III, Historia Medieval, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espacios á marxe, indicarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.

(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos». *Archivo Español de Arqueología,* XV: 78-108.

Documentos electrónicos en liña, exemplo: <http://hemeroteca.betanzos.net> [Consulta: 30 maio 2010].

Corrección de probas

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.





Óleo de Fernando Fraga da exposición «Almas urbanas», realizada no Edificio Liceo no 2014.

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2014, Nº 37
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 25 DE
XULLO DE 2015



Betanzos desde a «Torre»
(28-07-2009). Foto: Alfredo Erias.